

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULDADE DE FILOLOXÍA

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

O LÉXICO DA VACA.

NOMES BASEADOS NO FÍSICO

O LÉXICO DA VACA.
NOMES BASEADOS NO FÍSICO

Tese de doutoramento presentada no Departamento de Filoloxía Galega, da Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, por D. Xosé Afonso Álvarez Pérez e dirixida polo Prof. Dr. D. Manuel González González.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2008.

Visto e prace. O Director

Xosé Afonso Álvarez Pérez

En quen sempre creu o galego foi na vaca

(Manuel Rivas, *Unha espía no reino de Galicia*, 2004)

“Papà” dissero i bambini, “le mucche sono come i tram? Fanno le fermate? Dov'è il capolinea delle mucche?”
“Niente a che fare coi tram” spiegò Marcovaldo, “vanno in montagna.”
“Si mettono gli sci?” chiese Pietruccio.
“Vanno al pascolo a mangiare l'erba.”
“E non gli fanno la multa se sciupano i prati?”

(Italo Calvino, *Marcovaldo ovvero Le stagioni in città*, 1963)

-¡A miña «Cereija» -incrinouse Valdoviño presentándoa- sí, que é boa vaca! ¡Qué fina, qué señorita é a miña filla máis querida, a joya da miña yalma, o folgo do meu peito, o sangue do meu corazón! ¡Hai que ver o fachendosa que vos vai a miña vaquiña ca rabada pola corba!
Ningunha raíña arrastrou a cola con tanto aire, coma a miña moza! ¡Tén uns ubres máis brancos, repretos e millor levantados que dona do mundo! ¡Peínase ila máis pantaseosa ca peínetas meiga dos seus cornos, que por riba da cabeza lle arborean airosos, abundantes de asta, ben puntados e finos!... ¡Ningunha virxe foi máis fecunda que ila: en cinco anos alumeou sete jatiños coma sete estrelas! ¡Boa mai, tamén é boa leiteira; pois, aleitúa oito cartillos galegos de leite, máis groso e máis sabroso que o mel! ¡E tévovos un sangue máis puro, máis vivo, que lle fai jugo a calquera boi!

(Manuel García Paz, *IV Melodía*, 1935)

Limiar

Segundo o establecido na convocatoria, faise constar que esta investigación contou cun financiamento do Ministerio de Educación e Ciencia a través do programa predoutoral *Formación del Profesorado Universitario*, coa referencia AP2003-3577. Tal circunstancia foi a causa de que boa parte deste traballo se desenvolvese sen ningún tipo de dereitos sociais e laborais, dentro do kafquiano sistema científico do conxunto do Estado español que ignora as recomendacións europeas e nega unhas condicións dignas ós investigadores das primeiras (e segundas, e terceiras, ...) etapas.

Vaia o meu primeiro agradecemento ás persoas que dedican o seu tempo a tentar mellorar esta situación, sobre todo ás integradas en *Precarios Galicia* e na *Federación de Jóvenes Investigadores – Precarios*, especialmente a Marisa Alonso, Andrés Baselga, Elvira Martín, Carola Gómez, Cris Jiménez, Cris Muñoz, Jorge Pérez, Oriol Ramos e Marta Vicente. Unha mención especial merecen Ana Canda e Ignacio Segura, compañeiros en tantas batallas, e moito máis que iso.

Cómpre deixar constancia da gratitude cara ós compañeiros do Instituto da Lingua Galega, pola súa axuda e suxestións de todo tipo, ademais do interese polas peripecias desta tese de doutoramento. Quixera mencionar, polo que supuxeron, a Mónica Ares, David Rodríguez, María Rodríguez, Raquel Rodríguez, Damián Suárez e María Vilasó. Antón Santamarina e Xavier Varela fixeron parte tamén do tribunal que xulgou o TTT que serviu de banco de probas para esta tese e agradezo as súas suxestións. Así mesmo, Xulio Sousa foi un útil e amable asesor para o manexo do programa de cartografía informática co que se elaboraron os mapas deste traballo.

Unha tese de doutoramento acaba sendo un chanzo máis no camiño da vida, unha etapa na que entran persoas, algunhas que veñen e van e outras que quedan e participan tamén na tese e nas vivencias asociadas. Estes anos –e esta tese– non serían iguais sen Sara Pino, José Anido, Alina Scarlat, Anna Ghimenton, Giovanni Depau, Maria Goudi ou Maite Sanmarco, así como sen os compañeiros da Área de Filoloxía Románica, do *Centre de Dialectologie* de Grenoble e do proxecto do *Atlas Linguistique Roman*.

Este traballo é debedor dos atentos e atinados consellos de Mariña Arbor e, por suposto, vaia todo o meu agradecemento ó director deste traballo, Manuel González, introdutor nos fascinantes vieiros da xeografía lingüística. É innecesario mencionar á miña familia, sobre todo meus pais e meu irmán, por tantas horas roubadas, e á Pitufiña, punto de apoio para mover o mundo.

Introducción

Unha versión anterior dos capítulos referidos á cría da vaca e á morfoloxía dos cornos presentouse como Traballo de Investigación Tutelado no seo do programa de doutoramento *Lingüística* na convocatoria de xuño de 2005. Avaliou aquel traballo un tribunal conformado polos Profesores Antón Santamarina Fernández, Manuel González González e Xavier Varela Barreiro. Este material foi revisado integramente para a súa inclusión nesta tese de doutoramento, de tal maneira que a clasificación das respostas e os mapas refixéronse por enteiro.

1. Finalidade da investigación

1.1. Estudo de designacións referentes a certas partes da anatomía e características físicas da vaca

Está fóra de dúbida a importancia que, dentro dun país eminentemente agrícola como Galicia, acadou a vaca, un animal que subministra ós seus propietarios o leite, carne, coiro, etc. e que ascendeu á categoría de tótem da nosa cultura:

A vaca esqueceuse dos cornos e dános o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos pode dar máis [...]. O día que nós emitamos papel-moeda non estamparemos nel o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas; estamparíamos, somentes, a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída. O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa, ergueremos un gran moimento cunha vaca en bronce dourado [...]. O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida¹.

Ó redor do famoso millón de vacas da nosa terra estableceuse unha ampla rede de designacións para denominar múltiples e variados aspectos da anatomía, da reprodución, da cría, do mundo material, etc. deste bóvido. Ademais dos datos recollidos nas páxinas desta tese de doutoramento, son unha boa mostra desta abundancia, tamén na vertente antropolóxica e etnográfica, as investigacións do Dr. Ferro Ruibal, entre as que merece destacarse Benavente/Ferro (1995), que nos ofrece case duascenas páxinas de refráns co noso animal como protagonista².

O feito é que os campos léxicos relacionados coa vaca son dunha riqueza inmensa dentro do galego, moito máis, incluso, cós asociados a outros animais domésticos como o

¹ Rodríguez Castelao (2004: 164-165).

² Pode valer tamén como exemplo unha primeira cata que realicei nos dicionarios galegos clásicos editados por Santamarina (2003), e que devolveu 2546 entradas diferentes referidas á vaca.

can ou o porco, que tamén establecen un vínculo estreito co ser humano. Esta riqueza non se manifesta unicamente no número de subcampos para os que se recollen designacións na fala (só no cuestionario do ALGa aparecen máis de sesenta preguntas referidas exclusivamente á vaca), senón que tamén se mostra na variedade das formas documentadas e na diversidade de procedementos formativos que se rexistran. Será tamén obxectivo deste traballo pór de manifesto toda esta abundancia e facer un traballo preparatorio para quen quixer analizar a conformación do léxico galego.

1.2. Proposta metodolóxica para o estudo de campos léxicos e análise de material procedente de enquisas dialectais

Constitúe un dos obxectivos deste proxecto ofrecer un modelo metodolóxico (en sentido amplo) para a análise dos campos léxicos galegos, con interese especial na súa aplicación a datos procedentes de enquisas dialectais; estes campos poderán, así, ser tratados tamén desde a perspectiva xeolingüística; máis especificamente, preséntase tamén unha proposta para complementar o material presentado polos volumes do *Atlas Lingüístico Galego* que van saíndo do prelo.

O ALGa, como é habitual en atlas lingüísticos semellantes, prescinde nas súas páxinas de calquera anotación etimolóxica, e as referencias de tipo lexicográfico, morfolóxico ou motivacional son case inexistentes. Esta circunstancia comporta inconvenientes notables para a comparación cos resultados doutras áreas lingüísticas –un procedemento de análise que se está manifestando especialmente frutífero, con proxectos internacionais do talle do ALE ou ALiR e múltiples traballos monográficos en revistas–, sobre todo cando o investigador que quere aproveitar estes datos non é experto en dominios lusófonos e se ve obrigado a camiñar sobre areas movedizas para interpretalos, caendo moitas veces en erros que se solucionarían doadamente cunha mínima explicación, por sucinta que fose. A situación é aínda máis incomprendible de termos en conta que, para unha estruturación coherente da lenda (orde das formas, agrupacións, atribución de símbolos, etc.), é imprescindible un traballo preparatorio que atenda á etimoloxía e á historia da palabra. As novas tecnoloxías permiten un espazo virtualmente ilimitado máis alá do formato impreso, polo que nin sequera sería preciso modificar a actual estrutura do ALGa para poñer en papel todas estas anotacións.

Malia que hai recollido moito material de fala viva, son poucos os proxectos que pretendan tirar eses datos do caixón e traballar con eles para quitarlles o máximo proveito

posible, sen que queden como pezas arqueolóxicas cubertas de po no depósito dun museo. É esencial ofrecer esta información para a comparación interlingüística, como se sinalou anteriormente, pero, na situación actual do galego, este labor de estudo de campos léxicos pode ser de utilidade en ámbitos alleos á xeolingüística, por exemplo para a validación ou refutación dalgunhas etimoloxías³, ou o acopio de informacións lexicais serias e probas metodolóxicas que ofrezan bases sólidas para o traballo nun futuro dicionario histórico e/ou etimolóxico do galego.

2. Material empregado

Con respecto ó material utilizado no presente estudo, fago unha división en dous grupos ben diferenciados. Denomino *material primario* a aquelas fontes das que obteño os datos que serán clasificados, representados cartograficamente e comentados. Por contra, o *material secundario* abrangue todos aqueles recursos utilizados para comentar as respostas presentes no material primario; obviamente, en moitos casos para o comentario chamarei en causa formas da fala viva (por exemplo as recollidas no GVGH), pero sempre como material secundario, xa que non serán incorporadas á rede de puntos que se representará cartograficamente.

2.1. Material primario

No momento de planificar esta investigación, optouse por traballar unicamente con material xa recollido, sen realizar novas enquisas, atendendo a diferentes razóns, entre as que cabe sinalar tres como as máis representativas:

En primeiro lugar, cómpre ter en conta a nova realidade sociocultural galega: mentres que, non hai tantos anos, a vaca era un animal presente en case cada casa, actualmente a progresiva mecanización do campo, as políticas agrarias ou o despoboamento e avellentamento do rural provocan unha mudanza radical da situación. Pode valer de exemplo a parroquia nativa do autor deste traballo, Lárez (Pontevedra)⁴: no ano 1973, a *Mutua Gandeira do Castelo e Casal Novo* (unha das catro sociedades mutuas gandeiras que coexistiron na parroquia ó longo do século pasado) tiña aseguradas, só neses

³ Véxase, por exemplo, o comentado no apartado 2.3. do capítulo terceiro, a propósito da voz *caluga*.

⁴ Os datos están tomados de Iglesias González (2001).

dous lugares, 78 reses. No ano 1990 eran unicamente 19 as vacas censadas e, na actualidade, sobran os dedos dunha man para contar as vacas existentes en toda a parroquia. Obviamente, a perda do obxecto leva consigo o esmorecemento e progresiva desaparición do léxico a el asociado, polo que unha eventual investigación hoxe en día seguramente devolvería moita menos riqueza de formas, se superase obstáculos como non ter un referente co que se poida exemplificar no momento da entrevista ó informante.

En segundo lugar, está o feito de existir xa abundante material recollido sobre o campo léxico da vaca, pero que aínda está inédito. Tal e como sinaléi anteriormente, é necesario comezar a estudar sistematicamente o rico tesouro dialectal do que dispoñemos, para tirar del todos os froitos posibles.

En terceiro lugar, pero non menos importante, sitúase a periodización e planificación desta tese de doutoramento. O financiamento obtido para a súa realización abrangue o período 2004-2007 (inclusive), polo que a demora necesaria tanto para a planificación das enquisas (elaboración do cuestionario, establecemento da malla de puntos, ensaios, etc.) coma para a súa realización efectiva significaría irremediabilmente prestar moita menor atención á análise dos datos recollidos, unhas informacións que tampouco serían óptimas, como quedou explicado anteriormente, polo que esta opción de traballo resultaría de todo punto inxustificable.

Veremos, a continuación, as dúas fontes que conforman os 381 puntos de enquisa da nosa rede.

2.1.1. Atlas Lingüístico Galego⁵


Estes datos foron transcritos directamente dos cadernos conservados no Instituto da Lingua Galega que recollen os resultados de 167 enquisas⁶ realizadas entre os anos 1974 e 1976 (agás Z-02, cuberto en maio de 1977) por R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González, baixo a dirección de C. García e A. Santamarina. A relación dos puntos investigados é a seguinte⁷:

⁵ Pódense consultar máis detalles sobre esta obra en González González (1994).

⁶ En realidade, 165, pois non hai cuestionarios de C-30 e de C-35. Están repartidos do seguinte modo: 49 (47, excluindo C-30 e C-35) na Coruña, 39 en Lugo, 31 en Ourense, 33 en Pontevedra, 7 en Asturias, 5 en León e 3 en Zamora.

⁷ Adopto o sistema de clasificación de puntos e a indicación de lugar feitos polos responsables desta obra. Nas pp. 11-22 do vol. I, 1 do ALGa pódese consultar a ficha completa de cada enquisa e a listaxe ordenada por concellos, parroquias ou lugares.

Rede do Atlas Lingüístico Galego



ASTURIAS

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
A-01	Tapia de Casariego	Campos e Salave	Calvario de Salave
A-02	Coaña	Coaña	Coaña
A-03	Veiga, A	Piantón	Porzún
A-04	Boal	Boal	Boal
A-05	Vilanova de Oscos	Vilanova	Vilanova de Oscos
A-06	Pesoz	Pesoz	Pesoz
A-07	Ibias	San Antolín de Ibias	San Antolín

A CORUÑA

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
C-01	Mañón	Mañón	Barqueiro, O
C-02	Cedeira	Cervo	Chimparra
C-03	Ortigueira	San Claudio	San Claudio
C-04	Valdoviño	Bieiteira	Carreira
C-05	Moeche	Moeche (San Xoán)	San Ramón
C-06	Capela, A	Espiñaredo	Espiñaredo
C-07	Ferrol	Serantes	San Cristovo
C-08	Ares	Cervás	Queira
C-09	Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume
C-10	Sada	Carnoedo	Carnoedo
C-11	Coruña, A	Elviña	Mesoiro
C-12	Malpica de Bergantiños	Barizo	Barizo
C-13	Laracha	Caión	Xermaña
C-14	Monfero	Monfero (San Félix)	Xestal, O
C-15	Betanzos	Betanzos	Betanzos
C-16	Ponteceso	Cospindo	Ponteceso
C-17	Laxe	Traba	Cuíña
C-18	Carballo	Sísamo	Sísamo
C-19	Carral	Paleo	Carral
C-20	Aranga	Aranga	Aranga
C-21	Camariñas	Xaviña	Xaviña
C-22	Vimianzo	Bamiro	Seán, O
C-23	Cerceda	Rodís	Rodís
C-24	Muxía	Moraime	Labexo
C-25	Mesía	Xanceda	Xanceda
C-26	Vilasantar	Mezonzo	Mezonzo
C-27	Santa Comba	Grixoa (San Xoán)	Vilar de Cértigos
C-28	Sobrado	Porta	Sobrado
C-29	Dumbría	Salgueiros	Salgueiros
C-30	Val do Dubra	Bembibre	Bembibre
C-31	Oroso	Deixebre	Deixebre
C-32	Toques	Ordes	Lamea
C-33	Mazaricos	Beba	Beba
C-34	Fisterra	Duio	San Salvador

C-35	Santiago de Compostela	Sar	Outeiro
C-36	Santiso	Arcediago	Outeiro
C-37	Carnota	Carnota (San Mamede)	San Mamede
C-38	Outes	Outes	Serra de Outes
C-39	Ames	Ortoño	Ortoño
C-40	Touro	Novefontes	Novefontes
C-41	Noia	Roo	Santa María de Roo
C-42	Teo	Cacheiras	Cacheiras
C-43	Muros	Louro	Louro
C-44	Vedra	Ribadulla (Santa Cruz)	Ribadulla
C-45	Porto do Son	Nebra	Nebra
C-46	Dodro	Dodro	Vigo
C-47	Rianxo	Rianxo	Rianxo
C-48	Boiro	Castro	Cabo de Cruz
C-49	Ribeira	Aguiño	Aguiño

LEÓN

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
Le-01	Candín		Candín
Le-02	Vilafranca do Bierzo		Paradaseca do Bierzo
Le-03	Corullón		Cadafresnas
Le-04	Carracedo		Carracedo de Monasterio
Le-05	Benuza		Pombriego

LUGO

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
L-01	Viveiro	Viveiro	Pelourao
L-02	Cervo-Burela	Cervo	Senra
L-03	Ourol	Ourol	Ourol
L-04	Ribadeo	Rinlo	Rinlo
L-05	Valadouro, O	Ferreira	Ferreira
L-06	Barreiros	Barreiros	San Cosme
L-07	Muras	Muras	Muras
L-08	Trabada	Trabada	Trabada
L-09	Mondoñedo	Lindín	Lindín
L-10	Xermade	Candamil	Candamil
L-11	Vilalba	Goiriz	Goiriz
L-12	Pastoriza, A	Loboso	Melle
L-13	Pontenova, A	Vilarmide	Vilarmide
L-14	Cospeito	Sistallo	Feira do Monte
L-15	Meira	Meira	Meira
L-16	Fonsagrada, A	Trobo, O	Vilarín do Castelo
L-17	Guitiriz	Lagostelle (San Xoán)	Guitiriz
L-18	Castro de Rei	Viladonga	Viladonga
L-19	Negueira de Muñiz	Negueira	Negueira
L-20	Friol	Friol	Friol

L-21	Baleira	Esperela	Cádavo, O
L-22	Lugo	Santa Comba	Santa Comba
L-23	Navia de Suarna	Rao	Rao
L-24	Guntín	Guntín	Guntín
L-25	Baralla	Constantín	Constantín
L-26	Láncara	Pobra de San Xulián, A	Pobra de San Xulián, A
L-27	Becerreá	Ouselle	Ouselle
L-28	Palas de Rei	Repostería	San Cibrao
L-29	Cervantes	Noceda	Lama
L-30	Triacastela	Lamas	Lagoa, A
L-31	Taboada	Carballo	Taboada
L-32	Folgosado do Courel	Savane	Savane
L-33	Incio, O	Trascastro	Ferrería
L-34	Bóveda	Bóveda	Bóveda
L-35	Pobra do Brollón, A	Pobra do Brollón, A	Pobra do Brollón, A
L-36	Carballedo	Lousada	Barrela, A
L-37	Quiroga	Outeiro	Outeiro
L-38	Ribas de Sil	Nogueira	Nogueira
L-39	Sober	Proendos	Pacios

OURENSE

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
O-01	San Cristovo de Cea	Cea	Cea
O-02	Boborás	Brués	Brués
O-03	Rubiá	Veiga de Cascallá, A	Veiga, A
O-04	Vilamartín de Valdeorras	Córgomo, O	Córgomo, O
O-05	Avión	Abelenda	Abelenda
O-06	San Amaro	Beariz	San Amaro
O-07	Pereiro de Aguiar	Prexigueiro	Pereiro de Aguiar
O-08	Larouco	Larouco	Larouco
O-09	Carballeda	Robledo	Robledo de Domiz
O-10	Ribadavia	Regodeigón	San Cristovo
O-11	Montederramo	Vilariñofrío	Vilariñofrío
O-12	Veiga, A	Lamalonga	Lamalonga
O-13	Chandrea de Queixa	Ramal	Acabedo
O-14	Baños de Molgas	Baños de Molgas	Baños de Molgas
O-15	Ramirás	Penosiños (San Salvador)	Calvos
O-16	Allariz	Allariz	Allariz
O-17	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Viana do Bolo
O-18	Vilariño de Couso	Sabuguido	Soutelo
O-19	Padrenda	Crespos	San Roque
O-20	Xinzo de Limia	Xinzo de Limia	Xinzo de Limia
O-21	Gudiña, A	Gudiña, A	Gudiña, A
O-22	Castrelo do Val	Campobeceros	Campobeceros
O-23	Bande	Bande	Martiñán
O-24	Mezquita, A	Mezquita, A	Mezquita, A
O-25	Cualedro	Cualedro	Cualedro
O-26	Entrimo	Entrimo	Terrachán

O-27	Baltar	Baltar	Baltar
O-28	Calvos de Randín	Calvos	Calvos
O-29	Vilardevós	Vilardevós	Vilardevós
O-30	Oímbra	Oímbra	Oímbra
O-31	Lobios	Riocaldo	Bubaces

PONTEVEDRA

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
P-01	Vila de Cruces	Cruces, As	Vila de Cruces
P-02	Agolada	Ferreiroa	Agolada
P-03	Estrada, A	Baloira	Baloira
P-04	Estrada, A	Calobre	Friamonde
P-05	Silleda	Moalde	Moalde
P-06	Catoira	Dimo	Dimo
P-07	Lalín	Santiso	Santiso
P-08	Rodeiro	Rodeiro	Rodeiro
P-09	Moraña	Saiáns	Santa Lucía
P-10	Forcarei	Forcarei	Forcarei
P-11	Dozón	Dozón	Dozón
P-12	Cambados	Cambados	Fefiñáns
P-13	Grove, O	Grove, O	Estonllo
P-14	Cotobade	Carballedo	Chan, A
P-15	Pontevedra	Lérez	Lérez
P-16	Sanxenxo	Nantes	Cancela
P-17	Lama, A	Lama, A	Lama, A
P-18	Bueu	Cela	Cela
P-19	Soutomaior	Soutomaior	Lourido
P-20	Covelo, O	Graña, A	Graña, A
P-21	Moaña	Moaña	Fraga, A
P-22	Mondariz	Lougares	Lougares
P-23	Cañiza, A	Cañiza, A	Cañiza, A
P-24	Vigo	San Pedro de Sárdoma	Moledo
P-25	Ponteareas	Guillade	Guillade
P-26	Porriño, O	Torneiros	Tomeiros
P-27	Arbo	Sela	Sela
P-28	Baiona	Belesar	Sabarís
P-29	Salceda de Caselas	Entenza	Barreiro
P-30	Salvaterra de Miño	Oleiros	Oleiros
P-31	Oia	Oia	Arrabal
P-32	Tomiño	Tomiño	Vilachán
P-33	Guarda, A	Salcidos	Salcidos

ZAMORA

Número de punto	Concello	Parroquia	Lugar
Z-01	Porto		Porto
Z-02	Lubián		Lubián
Z-03	Hermisende		Hermisende

2.1.2. Enquisas de estudantes de *Lingüística Románica*

Agrupo baixo este nome unha serie de enquisas realizadas entre marzo e abril de 1969 por alumnos de C. García da materia *Lingüística Románica* da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase de pequenos cuestionarios (entre 100 e 200 preguntas) que exploran un campo léxico amplo ou varios relacionados; este material, segmentado por campos léxicos, consérvase actualmente no Instituto da Lingua Galega. A diferenza do que acontece nas enquisas do ALGa, non se emprega a notación fonética, senón unha grafía ordinaria.

Para unha maior comodidade na consulta do material, optouse por non facer unha numeración correlativa dos lugares de enquisa, senón que se adscribiron ó punto do ALGa máis próximo. Se había un no mesmo concello, asociábase directamente a este; non sendo así, buscouse o punto veciño de maior afinidade lingüística, procurando sempre que todas as enquisas realizadas nun concello remitisen ó mesmo punto (agás, obviamente, cando a rede do ALGa constaba de dous puntos no mesmo concello).

Como é previsible, ó se tratar de investigadores non adestrados, estas enquisas teñen menos fiabilidade global cós resultados obtidos para o ALGa, pero trátase dun material de traballo interesante que, en varios casos, demostrou a súa riqueza, traendo á luz formas que non aparecen reflectidas na rede do ALGa⁸ e axudando a perfilar as áreas de distribución dunha determinada forma, que quedarían moi inexactas de atender só ós datos do ALGa⁹.

⁸ En non poucos casos, nas enquisas de estudantes aparecen formas sospeitosas de seren erro de enquisa (audición defectuosa, mala explicación ou indicación do referente, pregunta que repite o enunciado e que, por tanto, inflúe no falante á hora de producir unha resposta, etc.), pero tamén achegan formas das que se pode comprobar a súa validez, contrastándoas con outro material de fala viva, lexicográfico, literario, etc.

⁹ Podemos dar algúns exemplos referidos ó capítulo 5 ('espiñazo'). Os datos das dúas fontes serven para delimitar perfectamente a área de *rosario* (apartado 3), que ten tres rexistros na rede do ALGa e cinco na rede de enquisas de estudantes; hai casos de moita maior desigualdade en que se pon de manifesto a utilidade desta visión de conxunto; por citar só un exemplo, as formas do tipo *aranguelo*

Como se pode observar no mapa que se reproduce a continuación, a densidade desta rede de puntos é moi heteroxénea, cunha enorme concentración nos arredores de Santiago, as localidades máis accesibles para os estudantes á hora de facer as súas enquisas. Son un total de 216 puntos, repartidos do seguinte modo: 1 en Asturias, 96 na Coruña, 2 en León, 38 en Lugo, 23 en Ourense e 56 en Pontevedra; nótase unha gran desigualdade nos sexos, pois os informantes son 167 homes e 49 mulleres; a media de idade dos enquisados é lixeiramente inferior ós 55 anos.

Non sempre foi factible identificar con plena seguridade o lugar de realización da enquisa, pois inda que no cuestionario se pedía a identificación do lugar e do concello, non sempre se cubrían eses datos ou facíase con poucos detalles e mesmo erros. Comprobáronse todas estas adscricións e corrixíronse os nomes segundo o nomenclátor oficial. Unha dificultade especial acontece nos frecuentes casos en que coincide o nome da localidade enquisada co do concello: aínda que a priori habería que pensar en que o lugar onde se enquisa sería realmente a capital do concello, ben puidera acontecer que por descoido se dese só o nome do concello, sen especificar máis. Por ese motivo, considerei oportuno marcar cun interrogante (?) as enquisas en que se verifica esta circunstancia, para chamar a atención sobre esa posibilidade, ou, en xeral, cando teño dúbidas sobre a exactitude dos datos. A continuación, reproduzo os puntos de enquisa nun mapa e, a seguir, sinalo a ficha detallada de cada un deles, seguida de cadros de conxunto.

(apartado 2.2.2.) só aparecen unha vez na rede do ALGa, pero teñen dezasete rexistros na rede de enquisas de estudantes (moito máis mesta nesa zona da provincia da Coruña).

Rede de enquisas de estudantes



A-02b : Villaoril - Navia.

Nome do informante: Justo Blanco Suárez (68 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Villaoril. *Natureza do cónxuxe:* Piñera (Navia). *Natureza da nai:* Villaoril. *Natureza do pai:* Coaña.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* por España.

Investigador: Suárez Méndez, M^a José (data de enquisa: abril de 1969).

C-03b : Cariño (San Bartolomeu) [?] - Cariño.

Nome do informante: Ester Cornide (31 anos). *Profesión:* Carniceira.

Natureza do informante: Cariño. *Natureza do cónxuxe:* Cariño. *Natureza da nai:* Mera. *Natureza do pai:* Cariño.

Viaxes: non figura.

Investigador: Fanego Lema, Teresa (data de enquisa: abril de 1969).

C-04b : Meirás (San Vicente) - Valdoviño.

Nome do informante: Vicente Méndez Castro (32 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Meirás. *Natureza do cónxuxe:* Sequeiro (Valdoviño). *Natureza da nai:* Meirás. *Natureza do pai:* Meirás.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Ferrol.

Investigador: Alonso Ferrer, Matilde (data de enquisa: 07/03/1969).

C-04c : Lago (Santiago) - Valdoviño.

Nome do informante: Enrique Freire (52 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Lago. *Natureza do cónxuxe:* Lago. *Natureza da nai:* Lago. *Natureza do pai:* Lago.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Lleida.

Investigador: Doce Lamas, M^a Ángeles (data de enquisa: 01/03/1969).

C-04d : Vilaboa (San Vicente) - Valdoviño.

Nome do informante: Basilio Muíño Hermida (63 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Vilaboa. *Natureza do cónxuxe:* Vilaboa. *Natureza da nai:* Vilaboa. *Natureza do pai:* Loira-Valdoviño.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* A Coruña, Ferrol.

Investigador: Pérez García, Manuel (data de enquisa: abril de 1969).

C-06b : Caaveiro (San Boulo) - A Capela.

Nome do informante: Manuel Porta (59 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: A Capela. *Natureza do cónxuxe:* A Capela. *Natureza da nai:* A Capela. *Natureza do pai:* A Capela.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Ferrol, Coruña e Santiago.

Investigador: Vilariño Seco, Josefa (data de enquisa: 05/04/1969).

C-06c : Roxal - Anca (San Pedro) - Neda.

Nome do informante: Desiderio Salgado Salgado (53 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Sillobre. *Natureza do cónxuxe:* Viladonelle. *Natureza da nai:* Sillobre. *Natureza do pai:* Perlio.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: Balseiro Pose, M^a Dolores (data de enquisa: 08/04/1969).

C-06d : Neda (Santa María) [?] - Neda.

Nome do informante: Consuelo Gómez Prieto (60 anos). *Profesión:* Non figura.

Natureza do informante: Neda. *Natureza do cónxuxe:* Neda. *Natureza da nai:* Neda. *Natureza do pai:* Neda.

Viaxes: Non figura.

Investigador: López Martínez, Óscar (data de enquisa: 08/04/1969).

C-08b : Cervás (San Pedro) - Ares.

Nome do informante: Ignacia Ameijeiros Doral (67 anos). *Profesión:* Non figura.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Cervás. *Natureza da nai:* Cervás. *Natureza do pai:* Cervás.

Viaxes: Non figura.

Investigador: Peinado López, M^a Rita (data de enquisa: 31/03/1969).

C-08c : Cervás (San Pedro) - Ares.

Nome do informante: Antonio López Grela (70 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Dúas a Cuba, de moi curta duración.

Investigador: Felpeto Lagoa, Matilde (data de enquisa: abril de 1969).

C-09b : Laraxe (San Mamede) - Cabanas.

Nome do informante: Ángel Fraga Gato (54 anos). *Profesión:* Xastre e labrador.

Natureza do informante: Laraxe. *Natureza do cónxuxe:* Laraxe. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Por Galicia (pouco).

Investigador: Olivera Santos, M^a Teresa (data de enquisa: abril de 1969).

C-09c : Bemantes (San Tomé) - Miño.

Nome do informante: Juan Couce (79 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Bemantes-Miño. *Natureza do cónxuxe:* Bemantes-Miño. *Natureza da nai:* Bemantes-Miño.

Natureza do pai: Bemantes-Miño.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* 2 anos en Arxentina nos anos 20.

Investigador: López Plaza, Manuel (data de enquisa: 03/04/1969).

C-09d : Vilarmaior (San Pedro) [?] - Vilarmaior.

Nome do informante: Andrés Infante García (48 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* dentro da provincia.

Investigador: López Porca, José (data de enquisa: 29/03/1969).

C-09e : Campolongo - Andrade (San Martiño) - Pontedeume.

Nome do informante: José Paz Fernández (50 anos). *Profesión:* Electricista.

Natureza do informante: Campolongo. *Natureza do cónxuxe:* Pontedeume. *Natureza da nai:* Pontedeume. *Natureza do pai:* Campolongo.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: Rodríguez Horta, Juan J. (data de enquisa: 15/04/1969).

C-13b : Centulle - Lestón (San Martiño) - Laracha.

Nome do informante: Eduardo Varela Varela (72 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Centulle. *Natureza do cónxuxe:* Caión. *Natureza da nai:* Centulle. *Natureza do pai:* Torás (Laracha).

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Arxentina, Uruguai.

Investigador: Caamaño Gabín, Clemencia (data de enquisa: 30/03/1969).

C-13c : Samiráns - Lendo (San Xíán) - Laracha.

Nome do informante: José Caamaño Aldao (Non figura a idade). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Lendo. *Natureza do cónxuxe:* Noicela (Carballo). *Natureza da nai:* Noicela (Carballo).

Natureza do pai: Noicela (Carballo).

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* A Coruña.

Investigador: Queipo Burón, Saturnino (data de enquisa: 24/03/1969).

C-13d : Lañas (Santa Mariña) - Arteixo.

Nome do informante: Albino Martínez Naya (64 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Lañas. *Natureza do cónxuxe:* Lañas. *Natureza da nai:* Lañas. *Natureza do pai:* Lañas.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Pontevedra, Vigo, Lugo, Santiago, Coruña.

Investigador: Vázquez Sánchez, Manuela (data de enquisa: abril de 1969).

C-13e : Suevos (San Martiño) - Arteixo.

Nome do informante: Jaime Calvelo Zas (61 anos). *Profesión:* Mariñeiro-matachín.

Natureza do informante: Suevos. *Natureza do cónxuxe:* Suevos. *Natureza da nai:* Suevos. *Natureza do pai:* Suevos.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Pontevedra-Vigo-Santiago-Ferrol-A Coruña.

Investigador: Castelo Valeiro, Josefa (data de enquisa: 13/04/1969).

C-13f : A Ermida - Culleredo (Santo Estevo) / Celas (Santa María) [?] - Culleredo.

Nome do informante: Manuel García Catrufo (?) (69 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Sésamo. *Natureza do cónxuxe:* Culleredo. *Natureza da nai:* Sésamo. *Natureza do pai:* Celas.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Galicia, Arxentina.

Investigador: Martínez Calvo, Carmen (data de enquisa: 02/04/1969).

C-15b : Donín - Vigo (San Xulián) - Paderne.

Nome do informante: Antonio Pico López (59 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Donín. *Natureza do cónxuxe:* Obre. *Natureza da nai:* S. Estevo de Quintas. *Natureza do pai:* Vigo.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Lugo, A Coruña, Vigo.

Investigador: Fernández Jiménez, M^a José (data de enquisa: 31/03/1969).

C-18b : Oza (San Breixo) - Carballo.

Nome do informante: José Rodríguez López (55 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Oza. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: Muíño Reyes, Ana M^a (data de enquisa: abril de 1969).

C-18c : Razo (San Martiño) - Carballo.

Nome do informante: José Blanco Regueira (72 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Nétoma. *Natureza do cónxuxe:* Nétoma. *Natureza da nai:* Nétoma. *Natureza do pai:* Razo.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Coruña e Betanzos.

Investigador: Vecino Tomás, Fernando (data de enquisa: 02/04/1969).

C-18d : Sofán (San Salvador) - Carballo.

Nome do informante: Pedro Carracedo Docampo (80 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Sofán. *Natureza do pai:* Sofán.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: Rodríguez Carracedo, Jesús (data de enquisa: 06/04/1969).

C-18e : Feixe - Noicela (Santa María) - Carballo.

Nome do informante: Josefa García Coence (65 anos). *Profesión:* Labradora.

Natureza do informante: Coiro (Laracha). *Natureza do cónxuxe:* Suandres (Laracha). *Natureza da nai:* Suandres (Laracha). *Natureza do pai:* Suandres (Laracha).

Viaxes: Coruña, Santiago.

Investigador: Avendaño Gascón, Carmen M^a (data de enquisa: abril de 1969).

C-18f : Carballo (San Xoán) [?] - Carballo.

Nome do informante: Maruja Souto (29 anos). *Profesión:* Criada.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Carballo. *Natureza do pai:* Carballo.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Por Galicia. Madrid.

Investigador: Andrade Olivie, Lourdes (data de enquisa: 20/04/1969).

C-18g : Alborís - Rus (Santa María) - Carballo.

Nome do informante: Encarnación Fernández Cerqueiro (50 anos). *Profesión:* Ama de casa.

Natureza do informante: Alborís. *Natureza do cónxuxe:* Alborís. *Natureza da nai:* Alborís. *Natureza do pai:* Alborís.

Viaxes: Por Galicia.

Investigador: Fernández Vilas, Pilar (data de enquisa: 16/04/1969).

C-18h : Portoquintáns - Valenza (San Pedro) - Coristanco.

Nome do informante: José Rodríguez Varela (69 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: San Pedro de Valenza (Coristanco). *Natureza do cónxuxe:* Cereo-Coristanco. *Natureza da nai:* San Pedro de Valenza (Coristanco). *Natureza do pai:* Ponteceso.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Coruña, Santiago, Carballo.

Investigador: García Piñeiro, M^a del Pilar (data de enquisa: 29/03/1969).

C-19b : O Pazo de Crendes - Crendes (San Pedro) - Abegondo.

Nome do informante: Manuel López Trasende (40 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Crendes. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Crendes. *Natureza do pai:* Andeiro-Cambre.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Vigo, Ourense, Coruña, Lugo.

Investigador: Sánchez Seoane, María Luisa (data de enquisa: 05/04/1969).

C-19c : Francos - Leiro (Santaia) - Abegondo.

Nome do informante: José Pérez Vicites (62 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Francos. *Natureza do cónxuxe:* Cesuras. *Natureza da nai:* Abegondo. *Natureza do pai:* Abegondo.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Betanzos-Coruña-Ferrol.

Investigador: Deive Dapena, Leonor (data de enquisa: 03/04/1969).

C-19d : Pravio (San Xoán) - Cambre.

Nome do informante: Manuel Moris Vieiro (41 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Cecebre. *Natureza do cónxuxe:* Pravio. *Natureza da nai:* Cecebre. *Natureza do pai:* Simiñón.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* non.

Investigador: Del Ortega, Fernando (data de enquisa: 12/04/1969).

C-20b : Seoane - Aranga (San Paio) - Aranga.

Nome do informante: Carmen González Brañas (64 anos). *Profesión:* Labradora.

Natureza do informante: Aranga. *Natureza do cónxuxe:* Aranga. *Natureza da nai:* Aranga. *Natureza do pai:* Aranga.

Viaxes: A Coruña, Betanzos.

Investigador: Sánchez Vigo, M^a Antonia (data de enquisa: abril de 1969).

C-20c : Curtis [?] - Lurdes (Santa María) - Curtis.

Nome do informante: María Calvo Pérez (40 anos). *Profesión:* Ama de casa.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.

Viaxes: Por Galicia (Coruña, Santiago).

Investigador: Martínez Martínez, M^a Rosario (data de enquisa: abril de 1969).

C-20d : O Pereiral - Curtis (Santaia) - Curtis.

Nome do informante: José Seoane García (70 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Pereiral. *Natureza do cónxuxe:* O Campo de Vilarullo (Curtis). *Natureza da nai:* Ciadella (Sobrado dos Monxes). *Natureza do pai:* Pereiral.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Melilla, Pontevedra, Vigo, A Coruña.

Investigador: Penas García, M^a de los Ángeles (data de enquisa: 06/04/1969).

C-21b : Camariñas (San Xurxo) [?] - Camariñas.

Nome do informante: José Armental López (44 anos). *Profesión:* Xornaleiro.

Natureza do informante: Camariñas. *Natureza do cónxuxe:* Camariñas. *Natureza da nai:* Camariñas. *Natureza do pai:* Camariñas.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Ferrol.

Investigador: Rego González, M^a Teresa (data de enquisa: 06/04/1969).

C-22b : Padreiro - Bañas (Santo Antoíño) - Vimianzo.

Nome do informante: Antonio Gándara Sampedro (45 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Vimianzo. *Natureza do cónxuxe:* Vimianzo. *Natureza da nai:* Vimianzo. *Natureza do pai:* Vimianzo.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: Balseiro Pose, M^a Dolores (data de enquisa: 29/03/1969).

C-23b : Cerceda (San Martiño) [?] - Cerceda.

Nome do informante: Antonio Fariña Bello (58 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Cerceda. *Natureza do cónxuxe:* Cerceda. *Natureza da nai:* Cerceda. *Natureza do pai:* Preto de Cerceda.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Estivo 2 anos na guerra.

Investigador: Rojo Sánchez, Guillermo (data de enquisa: 06/04/1969).

C-24b : Oruxo - Moraima (San Xulián) - Muxía.

Nome do informante: Perfecto Leira Martínez (54 anos). *Profesión:* Labrador e gandeiro.

Natureza do informante: Figueiroa. *Natureza do cónxuxe:* Oruxo. *Natureza da nai:* Oruxo. *Natureza do pai:* Oruxo.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Por Galicia.
Investigador: Fernández Ferro, M^a Felisa (data de enquisa: 05/03/1969).

C-24c : Senande - Vilastose (San Cibrán) - Muxía.
Nome do informante: Nélica París Lago (27 anos). *Profesión*: Non figura.
Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Senande. *Natureza do pai*: Senande.
Viaxes: Pontevedra, A Coruña, Camariñas.
Investigador: De la Barrera, Mercedes (data de enquisa: 10/04/1969).

C-25b : Cesuras [?] - Dordaño (Santa María) [?] - Cesuras.
Nome do informante: Antonio Marante (66 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Cesuras. *Natureza do cónxuxe*: Cesuras. *Natureza da nai*: Cesuras. *Natureza do pai*: Cesuras.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non figura.
Investigador: Sánchez Sánchez, Aurora (data de enquisa: 04/04/1969).

C-25c : Castrelos - Leira (Santa María) - Ordes.
Nome do informante: Manuel López Graña (40 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Leira (Ordes). *Natureza do cónxuxe*: Mesón do vento. *Natureza da nai*: Leira. *Natureza do pai*: Leira.
Non fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non figura.
Investigador: Marco López, Aurora (data de enquisa: 08/04/1969).

C-25d : Pardiñas - Poulo (San Xulián) - Ordes.
Nome do informante: José Cao Sánchez (47 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Pardiñas. *Natureza do cónxuxe*: Barbeiros. *Natureza da nai*: Non figura. *Natureza do pai*: Non figura.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Poucos, sempre por Galicia.
Investigador: Veiras Pérez, M^a Jesús (data de enquisa: 02/04/1969).

C-27b : Xallas de Castriz (San Pedro) - Santa Comba.
Nome do informante: José Rodríguez García (75 anos). *Profesión*: Agricultor.
Natureza do informante: Santa Comba. *Natureza do cónxuxe*: Santa Comba. *Natureza da nai*: Santa Comba.
Natureza do pai: Santa Comba.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: A Coruña, Santiago ...
Investigador: Seco Fernández, Ramón (data de enquisa: 07/04/1969).

C-28b : A Corredoira [?] - Arceo (San Vicenzo) [?] - Boimorto.
Nome do informante: Santiago García Vázquez (39 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Angueiro (Boimorto). *Natureza do cónxuxe*: Corneda (Boimorto). *Natureza da nai*: Ánxeles (Boimorto). *Natureza do pai*: Ánxeles (Boimorto).
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non.
Investigador: Ares, Daniel (data de enquisa: 08/04/1969).

C-28c : Filgueira - Boimorto (Santiago) - Boimorto.
Nome do informante: Jesús Castro César (?) (45 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Filgueira. *Natureza do cónxuxe*: Melide. *Natureza da nai*: Melide. *Natureza do pai*: Filgueira.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Santiago, Vigo.
Investigador: Fernández Salmonte, Julia (data de enquisa: abril de 1969).

C-28d : Cardeiro (San Pedro) - Boimorto.
Nome do informante: Luís Seoane Fraga (36 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Cardeiro. *Natureza do cónxuxe*: Lavacolla. *Natureza da nai*: A Mella. *Natureza do pai*: Sendelle.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non.
Investigador: Fraga Liste, Susana (data de enquisa: 05/04/1969).

C-28e : - Sendelle (Santa María) - Boimorto.
Nome do informante: Josefa García (70 anos). *Profesión*: Labradora.
Natureza do informante: Sendelle. *Natureza do cónxuxe*: A Golada. *Natureza da nai*: Folladela. *Natureza do pai*: San Román.
Non fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non figura.

Investigador: Salgueiro Rodríguez, Ana María (data de enquisa: 26/04/1969).

C-28f : Castro do Seixo - Codesoso (San Miguel) - Sobrado dos Monxes.

Nome do informante: Ángel González (64 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Castro do Seixo. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Castro do Seixo.

Natureza do pai: Castro do Seixo.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Burgos, A Coruña.

Investigador: Peteiro García, M^a Ramona (data de enquisa: 05/04/1969).

C-29b : Dumbría [?] - Dumbría (Santa Baía) - Dumbría.

Nome do informante: Federico Capelo Louro (52 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Dumbría. *Natureza do cónxuxe:* Dumbría. *Natureza da nai:* Dumbría. *Natureza do pai:* Dumbría.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Por Galicia.

Investigador: Leis Casanova, Inés (data de enquisa: 05/04/1969).

C-30b : Oleiros - Cabaleiros (San Xíán) - Tordoia.

Nome do informante: María Damas (?) Calvino (85 anos). *Profesión:* Labradora.

Natureza do informante: Oleiros. *Natureza do cónxuxe:* Oleiros. *Natureza da nai:* Oleiros. *Natureza do pai:* Oleiros.

Viaxes: Ordes, Santiago ...

Investigador: Galán Rodríguez, Ana M^a (data de enquisa: 29/03/1969).

C-30c : Niveiro (San Vicente) - Val do Dubra.

Nome do informante: Julio Gándara (53 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Niveiro. *Natureza do cónxuxe:* Niveiro. *Natureza da nai:* Niveiro. *Natureza do pai:* Niveiro.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* non.

Investigador: García Villasenín, José M. (data de enquisa: 27/03/1969).

C-30d : Maxais - Coucieiro (San Martiño) - Val do Dubra.

Nome do informante: Elvira Barca Méndez (87 anos). *Profesión:* Labradora.

Natureza do informante: Maxais. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Maxais. *Natureza do pai:* Maxais.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* non.

Investigador: Arnejo Arango, Luisa F. (data de enquisa: 09/04/1969).

C-30e : Bascuas - Coucieiro (San Martiño) - Val do Dubra.

Nome do informante: Divina Mallón Iglesias (37 anos). *Profesión:* Labradora.

Natureza do informante: Bascuas. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Bascuas. *Natureza do pai:* Bascuas.

Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.

Investigador: De Acosta García, M^a Teresa (data de enquisa: 09/04/1969).

C-31b : Sigüeiro - Oroso (San Martiño) - Oroso.

Nome do informante: José Iglesias Figueiras (45 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Sigüeiro. *Natureza do cónxuxe:* Pedroso (Riós, Ourense). *Natureza da nai:* Sigüeiro.

Natureza do pai: Descoñecida.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Asturias (8 días).

Investigador: Fontoira Surís, M^a Lydia (data de enquisa: 12/04/1969).

C-31c : A Igrexa - Oroso.

Nome do informante: Jesús Sande Couselo (50 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Oroso. *Natureza do cónxuxe:* Oroso. *Natureza da nai:* Gándara (Ordes). *Natureza do pai:* Oroso.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Durante a Guerra.

Investigador: Sandes Fernández, Carlos (data de enquisa: 04/04/1969).

C-32b : Pedrouzos (Santa María) - Melide.

Nome do informante: Manuel Crinda Pumariño (42 anos). *Profesión:* Labrador.

Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Pedrouzos. *Natureza da nai:* Xubial. *Natureza do pai:* Pedrouzos.

Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Coruña, Ourense, Lugo.

Investigador: Rodríguez Peteiro, Jesús (data de enquisa: 02/04/1969).

- C-35b** : A Portela - Figueiras (Santa María) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Un grupo. *Profesión:* Labradores.
Natureza do informante: Portela. *Natureza do cónxuxe:* Portela. *Natureza da nai:* Portela. *Natureza do pai:* Portela.
 Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Galicia.
Investigador: Cajade Miramontes, M^a del Pilar (data de enquisa: 06/04/1969).
- C-35c** : Codesedas - Figueiras (Santa María) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Jesús Barreiro Suárez (40 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Codesedas. *Natureza do cónxuxe:* Codesedas. *Natureza da nai:* Codesedas. *Natureza do pai:* Codesedas.
 Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.
Investigador: Pradas (?) Pérez, M^a Isabel (data de enquisa: 14/04/1969).
- C-35d** : Santiago de Compostela.
Nome do informante: Jesús Cibe Calvo (68 anos). *Profesión:* Gandeiro.
Natureza do informante: Santiago. *Natureza do cónxuxe:* San Marcos. *Natureza da nai:* Santiago. *Natureza do pai:* Negrreira.
 Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Arxentina. León.
Investigador: Domínguez Reboiras, Javier (data de enquisa: 10/04/1969).
- C-35e** : A Lavacolla - Sabugueira (San Paio) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Elías López Castro (42 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Lavacolla. *Natureza do cónxuxe:* San Marcos. *Natureza da nai:* Vigo. *Natureza do pai:* Lavacolla.
 Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Non figura.
Investigador: Marín Suárez, M^a Ángeles (data de enquisa: 09/04/1969).
- C-35f** : O Valado - A Barciela (Santo André) / O Eixo (San Cristovo) [?] - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Manuel Piñeiro Martínez (52 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Balado. *Natureza do cónxuxe:* Balado. *Natureza da nai:* Arca. *Natureza do pai:* Noia.
 Fixo o servizo militar. *Viaxes:* A Coruña, Vigo.
Investigador: Queiruga Sarasquete, M^a Francisca (data de enquisa: 05/04/1969).
- C-35g** : Marzo de Arriba - Grixoa (Santa María) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: José Gigirey Blanco (50 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Grixoa. *Natureza do cónxuxe:* Grixoa. *Natureza da nai:* Grixoa. *Natureza do pai:* Grixoa.
 Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Por Galicia.
Investigador: Miramontes Nieto, Isabel (data de enquisa: 06/04/1969).
- C-35h** : Torrente - Conxo (Santa María) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Carmen Sánchez (76 anos). *Profesión:* Labradora.
Natureza do informante: Torrente. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Torrente. *Natureza do pai:* Torrente.
Viaxes: Non figura.
Investigador: Vázquez Santamaría, Ester (data de enquisa: abril de 1969).
- C-35i** : Lobra - Verdía (Santa Mariña) - Santiago de Compostela.
Nome do informante: Consuelo Cela Otero (43 anos). *Profesión:* Ama de casa.
Natureza do informante: Verdía. *Natureza do cónxuxe:* Non figura. *Natureza da nai:* Verdía. *Natureza do pai:* Verdía.
Viaxes: Santiago, Lugo.
Investigador: Rebollar Quirós, M^a Teresa (data de enquisa: 11/04/1969).
- C-36b** : Traseirexe - Rendal (Santa María) - Arzúa.
Nome do informante: Ramón Vázquez López (81 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Rendal. *Natureza do cónxuxe:* Villadavil. *Natureza da nai:* Rendal. *Natureza do pai:* Rendal.
 Non fixo o servizo militar. *Viaxes:* Asturias e Pontevedra.
Investigador: Hernández Gallego, M^a Araceli (data de enquisa: 07/04/1969).
- C-36c** : Cortobe [?] - Burres (San Vincenzo) [?] - Arzúa.
Nome do informante: José Seoane Regueiro (41 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Cortobe (Burres, Arzúa). *Natureza do cónxuxe:* Cortobe. *Natureza da nai:* Arzúa. *Natureza do pai:* Arzúa.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Coruña, Santiago, Madrid, Bilbao.
Investigador: Rodríguez-Somoza Zas, Isabel (data de enquisa: abril de 1969).

C-36d : San Román (San Pedro) - Santiso.

Nome do informante: Emilio Quintela Regueiro (58 anos). *Profesión*: Labrador.

Natureza do informante: San Román. *Natureza do cónxuxe*: Palas de Rei. *Natureza da nai*: Santiso. *Natureza do pai*: Santiso.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Polo Norte de España, na Guerra.

Investigador: Berciano Nidales, Fortunato (data de enquisa: 06/04/1969).

C-37b : Macciras - Carnota (Santa Comba) - Carnota.

Nome do informante: Manuel Díaz Otero (52 anos). *Profesión*: Non figura.

Natureza do informante: Mariñeiro. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Non figura. *Natureza do pai*: Non figura.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non figura.

Investigador: Carbón López, M^a del Carmen (data de enquisa: abril de 1969).

C-39b : A Baña (San Vicenzo) [?] - A Baña.

Nome do informante: Celestino Vázquez Gesto (63 anos). *Profesión*: Labrador.

Natureza do informante: A Baña. *Natureza do cónxuxe*: A Baña. *Natureza da nai*: A Baña. *Natureza do pai*: A Baña.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Cuba.

Investigador: Aguayo Cobo, Remigio J. (data de enquisa: 24/03/1969).

C-39c : Tapia (San Cristovo) - Ames.

Nome do informante: Miguel Gesto González (28 anos). *Profesión*: Non figura.

Nome do informante: Ángel Villar Blanco (40 anos). *Profesión:* Non figura.
Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe:* Madrileña. *Natureza da nai:* Non figura. *Natureza do pai:* Non figura.
Fixo o servizo militar. *Viaxes:* Galicia.
Investigador: Córdoba Seijo, Rebeca (data de enquisa: 08/04/1969).

P-21c : Cangas [?] - Cangas (Santiago e Salvador) [?] - Cangas.
Nome do informante: José Piñeiro Chapela (53 anos). *Profesión:* Labrador.
Natureza do informante: Cangas. *Natureza do cónxuxe:* Cangas. *Natureza da nai:* Cangas. *Natureza do pai:* Cangas.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: non.
Investigador: Vizcaya Martínez, Concepción (data de enquisa: 29/03/1969).

P-24b : Freixeiro (San Tomé) - Vigo.
Nome do informante: Teodoro González Presa (74 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Freixeiro. *Natureza do cónxuxe*: Tui. *Natureza da nai*: Tui. *Natureza do pai*: Tui.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Castela, Extremadura, Cataluña.
Investigador: Lago Saavedra, José Ramón (data de enquisa: 06/04/1969).

P-24c : Zamáns (San Mamede) - Vigo.
Nome do informante: Carmen Serodio (38 anos). *Profesión*: Labradora.
Natureza do informante: Zamáns. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Zamáns. *Natureza do pai*: Zamáns.
Viaxes: Non figura.
Investigador: Payno Lores, María Soledad (data de enquisa: 08/04/1969).

P-24d : As Barrocas - Valadares (Santo André) - Vigo.
Nome do informante: Adolfo Otero Freiría (56 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Valadares. *Natureza do cónxuxe*: Valadares. *Natureza da nai*: Valadares. *Natureza do pai*: Valadares.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: non.
Investigador: Pedrosa Rúa, M^a Cristina (data de enquisa: Non figura).

P-24e : Valadares - Valadares (Santo André) - Vigo.
Nome do informante: Isabelino Álvarez Figueroa (43 anos). *Profesión*: Ferrador.
Natureza do informante: Valadares. *Natureza do cónxuxe*: Valadares. *Natureza da nai*: Valadares. *Natureza do pai*: Valadares.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: non.
Investigador: Quintas Rodríguez, Gloria (data de enquisa: 02/04/1969).

P-25b : Oliveira (San Mateo) - Pontearreas.
Nome do informante: Humberto Garrido Márquez (62 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: San Mateo de Oliveira. *Natureza do cónxuxe*: Fornelos da Ribeira (Salvaterra?). *Natureza da nai*: Fornelos da Ribeira (Salvaterra?). *Natureza do pai*: Fornelos da Ribeira (Salvaterra?).
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: non.
Investigador: Toscano Novella, M^a del Pilar (data de enquisa: 07/04/1969).

P-25c : Fozara (San Bartolomeu) - Pontearreas.
Nome do informante: Benedicta Antela (54 anos). *Profesión*: Labradora.
Natureza do informante: Non figura. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Non figura. *Natureza do pai*: Non figura.
Viaxes: Non figura.
Investigador: Sánchez Real, M^a Carmen (data de enquisa: 04/04/1969).

P-26b : Mosende (San Xurxo) - O Porriño.
Nome do informante: Manuel Domínguez Alonso (43 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Chenlo (O Porriño). *Natureza do cónxuxe*: Chenlo (O Porriño). *Natureza da nai*: Chenlo.
Natureza do pai: Chenlo.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: non.
Investigador: Pérez Monzón, Juliana (data de enquisa: 29/03/1969).

P-27b : As Neves [?] - As Neves (Santa María) [?] - As Neves.
Nome do informante: Pérez Ubeira, José (48 anos). *Profesión*: Carniceiro.
Natureza do informante: As Neves. *Natureza do cónxuxe*: As Neves. *Natureza da nai*: As Neves. *Natureza do pai*: As Neves.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Brasil, Lisboa.
Investigador: García Solla, María del Carmen (data de enquisa: 27/03/1969).

P-28b : A Ramallosa (San Pedro) - Nigrán.
Nome do informante: Non figura (50 anos). *Profesión*: Carniceiro e muiñeiro.
Natureza do informante: A Ramallosa. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Non figura. *Natureza do pai*: Non figura.

Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Non figura.
Investigador: Charro Temes, M^a del Pilar (data de enquisa: 03/04/1969).

P-28c : Borreiros (San Martiño) - Gondomar.
Nome do informante: María Candén de Rodríguez (73 anos). *Profesión*: Labradora.
Natureza do informante: Borreiros. *Natureza do cónxuxe*: Borreiros. *Natureza da nai*: Borreiros. *Natureza do pai*: Pontevedra.
Viaxes: Vigo.
Investigador: García Plata, Sara María (data de enquisa: 10/04/1969).

P-28d : Morgadás (Santiago) - Gondomar.
Nome do informante: Aurora Rial Márquez (36 anos). *Profesión*: Labradora.
Natureza do informante: Morgadás. *Natureza do cónxuxe*: Morgadás. *Natureza da nai*: Morgadás. *Natureza do pai*: Morgadás.
Viaxes: Non figura.
Investigador: Pérez Alonso, María Jesús (data de enquisa: 06/04/1969).

P-29b : Albelos - Guillarei (San Mamede) - Tui.
Nome do informante: Mercedes Ramírez Gómez (51 anos). *Profesión*: Ama de casa.
Natureza do informante: Albelos. *Natureza do cónxuxe*: Non figura. *Natureza da nai*: Albelos. *Natureza do pai*: Albelos.
Viaxes: non.
Investigador: Martínez Martínez, Manuel (data de enquisa: 29/03/1969).

P-29c : Caldelas de Tui (San Martiño) - Tui.
Nome do informante: Armando Alonso Besada (51 anos). *Profesión*: Carniceiro.
Natureza do informante: Caldelas. *Natureza do cónxuxe*: Caldelas. *Natureza da nai*: Caldelas. *Natureza do pai*: Caldelas.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Galicia e Madrid.
Investigador: Tesouro Franqueira, Pilar (data de enquisa: 07/04/1969).

P-29d : Randufe (Santa María da Guía) - Tui.
Nome do informante: José Rodríguez Pérez (38 anos). *Profesión*: Labrador.
Natureza do informante: Randufe. *Natureza do cónxuxe*: Areas (Tui). *Natureza da nai*: A Guía (Randufe). *Natureza do pai*: Randufe.
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: Coruña, Vigo, Ourense, Madrid.
Investigador: Gómez González, Raquel (data de enquisa: abril de 1969).

P-32b : Taborda (San Miguel) - Tomiño.
Nome do informante: Roberto Zúñiga Núñez (26 anos). *Profesión*: Non figura.
Natureza do informante: Vilachán. *Natureza do cónxuxe*: Taborda. *Natureza da nai*: Vilachán (Tomiño). *Natureza do pai*: Amorín (Tomiño).
Fixo o servizo militar. *Viaxes*: pola provincia.
Investigador: Jamardo González, Nicolás (data de enquisa: 29/03/1969).

Os puntos da rede de enquisas de estudantes, clasificados por concello, son:

ASTURIAS

Concello	Parroquia	Lugar	Punto
Navia		Villaoril	A-02b

A CORUÑA

Concello	Parroquia	Lugar	Punto
A Baña	A Baña (San Vicenzo) [?]		C-39b
A Capela	Caaveiro (San Boulo)		C-06b
Abegondo	Crendes (San Pedro)	O Pazo de Crendes	C-19b

Abegondo	Leiro (Santaia)	Francos	C-19c
Ames	Biduído (Santa María)	Milladoiro	C-39h
Ames	Bugallido (San Pedro)	Quistiláns	C-39d
Ames	Covas (Santo Estevo)		C-39e
Ames	Ortoño (San Xoán)	Sisalde	C-39f
Ames	Tapia (San Cristovo)		C-39c
Aranga	Aranga (San Paio)	Seoane	C-20b
Ares	Cervás (San Pedro)		C-08b
Ares	Cervás (San Pedro)		C-08c
Arteixo	Lañas (Santa Mariña)		C-13d
Arteixo	Suevos (San Martiño)		C-13e
Arzúa	Burres (San Vicenzo) [?]	Cortobe [?]	C-36c
Arzúa	Rendal (Santa María)	Traseirexe	C-36b
Boimorto	Arceo (San Vicenzo) [?]	A Corredoira [?]	C-28b
Boimorto	Boimorto (Santiago)	Filgueira	C-28c
Boimorto	Cardeiro (San Pedro)		C-28d
Boimorto	Sendelle (Santa María)		C-28e
Boiro	Lampón (Santiago)	O Covo	C-48b
Cabanas	Laraxe (San Mamede)		C-09b
Camariñas	Camariñas (San Xurxo) [?]		C-21b
Cambre	Pravio (San Xoán)		C-19d
Carballo	Carballo (San Xoán) [?]		C-18f
Carballo	Noicela (Santa María)	Feixe	C-18e
Carballo	Oza (San Breixo)		C-18b
Carballo	Razo (San Martiño)		C-18c
Carballo	Rus (Santa María)	Alborís	C-18g
Carballo	Sofán (San Salvador)		C-18d
Cariño	Cariño (San Bartolomeu) [?]		C-03b
Carnota	Carnota (Santa Comba)	Maceiras	C-37b
Cerceda	Cerceda (San Martiño) [?]		C-23b
Cesuras	Dordaño (Santa María) [?]	Cesuras [?]	C-25b
Coristanco	Valenza (San Pedro)	Portoquintáns	C-18h
Culleredo	Culleredo (Santo Estevo) / Celas (Santa María) [?]	A Ermida	C-13f
Curtis	Curtis (Santaia)	O Pereiral	C-20d
Curtis	Lurdes (Santa María)	Curtis [?]	C-20c
Dumbría	Dumbría (Santa Baía)	Dumbría [?]	C-29b
Laracha	Lendo (San Xián)	Samiráns	C-13c
Laracha	Lestón (San Martiño)	Centulle	C-13b
Lousame	Lousame (San Xoán)	Croído	C-41d
Lousame	Toxos Outos (San Xusto) [?]		C-41b
Lousame	Vilacova (Santa Eulalia)		C-41c
Melide	Pedrouzos (Santa María)		C-32b
Miño	Bemantes (San Tomé)		C-09c
Muros	Abelleira (Santo Estevo)		C-43b
Muxía	Moraime (San Xulián)	Oruxo	C-24b
Muxía	Vilastose (San Cibrán)	Senande	C-24c
Neda	Anca (San Pedro)	Roxal	C-06c
Neda	Neda (Santa María) [?]		C-06d
Negreira	Arzón (Santo Cristovo)	Porqueira	C-39g

Negreira	Bugallido (San Pedro)	Vilaserío	C-39i
Negreira	Negreira (San Xíán) [?]	Negreira [?]	C-39k
O Pino	Arca (Santaia)	Pedrouzo	C-40d
O Pino	Cebreiro (San Xiao)		C-40b
O Pino	Medín (Santo Estevo)		C-40c
Ordes	Leira (Santa María)	Castrelos	C-25c
Ordes	Poulo (San Xulián)	Pardiñas	C-25d
Oroso	Oroso (San Martiño)	Sigüeiro	C-31b
Oroso		A Igrexa	C-31c
Paderne	Vigo (San Xulián)	Donín	C-15b
Pontedeume	Andrade (San Martiño)	Campolongo	C-09e
Porto do Son	Noal (San Vicente)		C-45b
Ribeira	Carreira (San Paio)	Casalnovos	C-49d
Ribeira	Carreira (San Paio)	Laxes	C-49c
Ribeira	Palmeira (San Pedro)		C-49e
Ribeira	Ribeira (Santa Uxía) [?]	Santa Uxía de Ribeira [?]	C-49b
Santa Comba	Xallas de Castriz (San Pedro)		C-27b
Santiago de Compostela			C-35d
Santiago de Compostela	A Barciela (Santo André) / O Eixo (San Cristovo) [?]	O Valado	C-35f
Santiago de Compostela	Conxo (Santa María)	Torrente	C-35h
Santiago de Compostela	Figueiras (Santa María)	A Portela	C-35b
Santiago de Compostela	Figueiras (Santa María)	Codesedas	C-35c
Santiago de Compostela	Grixoa (Santa María)	Marzo de Arriba	C-35g
Santiago de Compostela	Sabugueira (San Paio)	A Lavacolla	C-35e
Santiago de Compostela	Verdía (Santa Mariña)	Lobra	C-35i
Santiso	San Román (San Pedro)		C-36d
Sobrado dos Monxes	Codesoso (San Miguel)	Castro do Seixo	C-28f
Teo	Calo (San Xoán)	Vilar de Calo	C-42d
Teo	Lucí (Santa María)	A Ramallosa	C-42e
Teo	Teo (Santa María)	Campos	C-42c
Teo	Teo (Santa María) [?]		C-42b
Tordoia	Cabaleiros (San Xíán)	Oleiros	C-30b
Touro	Foxás (San Breixo)		C-40e
Touro	Novfontes (Santiago)	A Capela	C-40f
Touro	Prevediños (Santiago)		C-40g
Val do Dubra	Couciero (San Martiño)	Maxais	C-30d
Val do Dubra	Couciero (San Martiño)	Bascuas	C-30e
Val do Dubra	Niveiro (San Vicente)		C-30c
Valdoviño	Lago (Santiago)		C-04c
Valdoviño	Meirás (San Vicente)		C-04b
Valdoviño	Vilaboa (San Vicente)		C-04d
Vedra	Vilanova (San Pedro)	Sobredo	C-44b
Vilarmador	Vilarmador (San Pedro) [?]		C-09d
Vimianzo	Baiñas (Santo Antoiño)	Padreiro	C-22b

LEÓN

Concello	Parroquia	Lugar	Punto
Folgoso de la Ribera		Folgoso [?]	Le-05c

San Esteban de Valdueza (hoxe pertence a Pongerrada)		Santa Lucía	Le-05b
--	--	-------------	--------

LUGO

Concello	Parroquia	Lugar	Punto
A Fonsagrada	O Trobo (Santa María)	Vilamaior	L-16b
A Pontenova	Xudán (Santa María Madanela)	Pipín	L-13b
Abadín	Abadín (Santa María) [?]	Abadín [?]	L-12b
Antas de Ulla	Antas de Ulla (San Xoán) [?]	Antas de Ulla [?]	L-28c
As Nogais	A Alence (Santa Lucía)	As Cruces	L-27b
Baleira	Cubilledo (Santiago)	Cubilledo [?]	L-21c
Barreiros	Benquerencia (San Pedro)		L-06b
Begonte	Damil (San Salvador)		L-14b
Burela	Burela (Santa María)	Burela	L-02b
Castroverde	Miranda (Santiago)	Miranda	L-21b
Chantada	Merlán (San Tomé) [?]		L-36b
Guitiriz	Parga (Santo Estevo) [?]	A Chantada [?]	L-17b
Guntín	Costante (San Miguel)	A Reguenga	L-24b
Guntín	Vilamaior de Negral (San Lourenzo)		L-24c
Lugo	O Burgo (San Vicente)		L-22b
Meira	Meira (Santa María) [?]	Meira [?]	L-15b
Mondoñedo	Oirán (Santo Estevo)		L-09d
Mondoñedo	Os Remedios (Nosa Señora)	O Formigueiro	L-09c
Mondoñedo	Os Remedios (Nosa Señora) [?] [É a parroquia dos pais]	San Lázaro [?]	L-09b
Monforte de Lemos	Distriz (Santo André)		L-39b
Monforte de Lemos	Monte (Santa Mariña)		L-39c
Monterroso	Penas (San Miguel) [?]		L-28b
Navia de Suarna	A Ribeira (Santo Estevo)		L-23b
O Corgo	Laxosa (Santiago)		L-26b
O Incio	Laiosa (San Martiño)		L-33b
O Incio	Vilarxoán (San Lourenzo)	Leizán	L-33c
O Valadouro	A Laxe (San Xoán) [?]		L-05b
O Valadouro	Frexulfe (Santa Eulalia)		L-05c
O Vicedo	Negradas (San Miguel)		L-01b
Parada de Sil	Parada de Sil (Santa María) [?]	Parada de Sil [?]	L-39d
Quiroga	Cereixido (Santa María)	Feais	L-37b
Rábade	Rábade (San Vicenzo)	Rábade	L-14c
Ribadeo	Cedofeita (Santa María Madanela)		L-04b
Samos	Loureiro (Santa María) [?]	Freituxe [?]	L-30b
Sarria	Ortoá (Santa María)	Barreiros	L-26c
Saviñao	Piñeiró (San Sadurniño)	Villarreme	L-34c
Saviñao	Vilaesteva (San Salvador)	Recón	L-34b
Sober	Refoxo (Santo Estevo)	Viloudriz	L-39e
Taboada	Carballo (San Tomé)	Taboada [?]	L-31b

OURENSE

Concello	Parroquia	Lugar	Punto
A Gudiña	Carracedo da Serra (Santiago)		O-21b

Allariz	Allariz (Santiago) [?]	Allariz [?]	O-16c
Allariz	Os Espiñeiros (San Breixo)	Vilar de Flores	O-16d
Baltar	Baltar (San Bartolomeu) [?]	Baltar [?]	O-27b
Cartelle	Sabucedo de Montes (San Pedro)		O-15b
Cartelle	Sabucedo de Montes (San Pedro)		O-15d
Coles	Melias (San Miguel)		O-07b
Lobeira	Lobeira (San Vicente) [?]		O-26b
Maceda	Zorelle (Santiago)	Bustavalle	O-14b
Nogueira de Ramuín	Faramontaos (Santa María)	Eiradela	O-07c
O Bolo	O Bolo (Santa María) [?]	O Bolo [?]	O-17b
O Carballiño	Cabanelas (San Xoán)		O-06b
O Carballiño	O Carballiño (San Cibrao) [?]	O Carballiño [?]	O-06c
Piñor	Barrán (San Xoán) [?]	Piñor [?]	O-01c
Piñor	Carballeda (Santa María)	O Reino	O-01b
Ramirás	Penosiños (San Salvador)	O Tellado	O-15c
Sandías	Piñeira de Arcos (San Xoán)		O-20d
Taboadela	Torán (Santa María)	Ribó	O-16b
Trasmiras	Vila de Rei (San Salvador)		O-25b
Vilardevós	Enxames (San Xoán)	Enxames	O-29b
Xinzo de Limia	Lamas (Santa María)	Lamas	O-20b
Xinzo de Limia	Piñeira Seca (Santo André)	Piñeira Seca	O-20c

PONTEVEDRA


Concello	Parroquia	Lugar	Punto
A Estrada	A Estrada (San Paio)	Figueiró	P-03b
A Estrada	A Estrada (San Paio)	A Cañoteira	P-03c
A Estrada	A Somoza (Santo André)	Vila de Abaixo	P-04c
A Estrada	A Somoza (Santo André)	A Carballeira	P-04d
A Estrada	Callobre (San Martiño)	Callobre	P-04b
A Estrada	Couso (Santa María)	Couso	P-03d
A Estrada	Lagartóns (Santo Estevo)		P-04e
A Estrada	Ribeira (Santa Mariña)	Vilaboa	P-04f
A Lama	Gaxate (San Pedro)		P-17b
A Lama	Verducido (San Martiño)		P-17c
As Neves	As Neves (Santa María) [?]	As Neves [?]	P-27b
Caldas de Reis	Caldas de Reis (Santa María)	Os Castaños-Tivo	P-06d
Caldas de Reis	Carracedo (Santa Mariña)		P-06c
Caldas de Reis	Saiar (Santo Estevo)	Sequeiros	P-06b
Cambados	Corvillón (San Amedio)		P-12b
Cangas	Cangas (Santiago e Salvador) [?]	Cangas [?]	P-21b
Cangas	Cangas (Santiago e Salvador) [?]	Cangas [?]	P-21c
Cerdedo	Cerdedo (San Xoán)	Meilide	P-14c
Cerdedo	Folgozo (Santa María)		P-14d
Cotobade	Carballedo (San Miguel)		P-14b
Covelo	Barcia de Mera (San Martiño)		P-20b
Cuntis	Cuntis (Santa María)	Fontecova	P-09c
Cuntis	Troáns (Santa María)		P-09d
Dozón	O Sisto (San Xoán)	Sestos	P-11b
Forcarei	Dúas Igrexas (Santa María) / Millarada	Quintelas	P-10b

	(San Amedio) [?]		
Gondomar	Borreiros (San Martiño)		P-28c
Gondomar	Morgadáns (Santiago)		P-28d
Lalín	Anseán (Santiago)		P-07b
Lalín	Cadrón (Santo Estevo)		P-07c
Meis	A Armenteira (Santa María)		P-15e
Moraña	Lamas (Santa Cruz)	A Peroxa	P-09b
Nigrán	A Ramallosa (San Pedro)		P-28b
O Porriño	Mosende (San Xurxo)		P-26b
Ponte Caldelas	Pontecaldelas (Santa Eulalia)	Laxoso	P-17d
Ponteareas	Fozara (San Bartolomeu)		P-25c
Ponteareas	Oliveira (San Mateo)		P-25b
Pontevedra	Mourente (Santa María)	Santa Margarida	P-15b
Pontevedra	Mourente (Santa María)		P-15d
Pontevedra	Xeve (San Andrés)		P-15c
Redondela	O Viso (Santa María)		P-19b
Redondela	O Viso (Santa María)		P-19c
Ribadumia	Ribadumia (Santa Baia) [?]		P-12d
Ribadumia	Sisán (San Clemenzo)		P-12c
Rodeiro	Camba (Santa Baia)		P-08b
Sanxenxo	Noalla (Santo Estevo)	O Tombelo	P-16b
Silleda	Ponte (San Miguel)		P-05b
Tomíño	Taborda (San Miguel)		P-32b
Tui	Caldelas de Tui (San Martiño)		P-29c
Tui	Guillarei (San Mamede)	Albelos	P-29b
Tui	Randufe (Santa María da Guía)		P-29d
Vigo	Freixeiro (San Tomé)		P-24b
Vigo	Valadares (Santo André)	As Barrocas	P-24d
Vigo	Valadares (Santo André)	Valadares	P-24e
Vigo	Zamáns (San Mamede)		P-24c
Vilagarcía de Arousa	Sobrán (San Martiño)	Vilaxoán	P-12f
Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa (San Cibrán)[?]	Vilanova de Arousa [?]	P-12e

2.1.3. Mapa de toda a rede de pontos de enquisa

Puntos de enquisa

- Rede do ALGa
- Rede das enquisas de estudantes



2.2. Material secundario

Todas as formas de material primario son analizadas individualmente procurando achegar datos que as expliquen, complementen e contextualicen, atendendo a diversos puntos de vista de interese para o noso estudo. Obviamente, non se trata de facer a historia completa dunha palabra como se fose unha entrada dun dicionario histórico, senón de dar unha mínima información de referencia que a comente. A atención a estes aspectos permitiunos constatar que mesmo respostas que aparecen nun único punto da grella de lugares de enquisa poden ter unha fortuna destacada na literatura ou incluso noutras fontes de fala viva; do mesmo modo, cando se usa para o comentario algunha obra de tipo dialectal (nomeadamente, o GVGH), temos ó noso dispor outra información xeolingüística que nos axuda a delimitar mellor as áreas existentes na nosa rede, completar baleiros, etc., inda que non sexan representadas no mapa.

Sinalo a seguir algunhas notas que deben considerarse no que respecta ó tratamento do material secundario, sobre todo no que respecta á incorporación das novas tecnoloxías. Os desenvolvementos tecnolóxicos dos últimos anos no panorama lingüístico galego permitiron acceder a ferramentas informáticas en liña e en modo local de enorme potencia, axilizando a consulta dos datos para presentar un volume de información impensable hai anos; pero, á súa vez, estes novos medios implican un cambio importante na metodoloxía de traballo e no manexo das fontes, que cómpre ter presente.

Para a consulta dos dicionarios *clásicos* do galego traballouse fundamentalmente con Santamarina (2003³), que integra 25 contribucións lexicográficas, desde os escritos do Padre Sarmiento no século XVIII ata os volumes publicados nos anos oitenta do século pasado; á hora de sinalar as entradas de cada dicionario ou obra lexicográfica, manteño o criterio do filólogo de San Martín de Suarna, que non sempre coincide coas versións impresas destas obras¹⁰, pensando en que a grande maioría dos lectores que queiran consultar a cita acudirán á versión informática e non á tradicional. Sinalo con “*s.v.*” a entrada en que aparece o texto citado; no caso de que non especifique unha palabra despois de *s.v.*, enténdese que me estou a referir á forma anteriormente mencionada no comentario. As citas literais das obras lexicográficas están tomadas da versión informática, facendo nalgúns

¹⁰ Un exemplo claro son os múltiples traballos de Aníbal Otero; a maioría deles dan como lema non a palabra galega, senón o étimo suposto polo filólogo de Ribeira de Piquín, entrada baixo a que se agrupan as diferentes continuacións galegas. Santamarina transformouno para a versión dixital, de tal modo que cada palabra galega é o lema dunha entrada, e o étimo indícase ó final. Do mesmo modo, Santamarina unifica nunha mesma epígrafe todas as obras de Otero; pola contra, eu cito e recollo na bibliografía individualmente cada obra.

casos leves adaptacións gráficas para as adaptar ó *usus scribendi* que caracteriza este traballo e que se detallará máis adiante. Para unha descrición pormenorizada dos dicionarios pode acudirse ós traballos que Santamarina (2003³) incorpora en formato electrónico.

No que respecta ás primeiras documentacións dunha palabra, acudo sobre todo ós textos galegos do século XVII e posteriores; as referencias ó léxico medieval serán moi limitadas, cinguíndose a aquelas palabras para as que interesa remontarse a esa altura (véxase, por exemplo, o comentado para *terneiro* e *tenreiro* no capítulo segundo desta tese), xa que é imposible afondar tanto na historia de todas as palabras comentadas e tampouco a tipoloxía de textos que conservamos da Idade Media é a mellor para documentar testemuños referentes ós conceptos que estudamos aquí. Moito do léxico ó que acudiremos para os comentarios está tomado do TILGA (recolle textos literarios e non literarios desde o ano 1612 ata a actualidade). Cómpre ter presente que estes textos sufriron na súa incorporación a esta base de datos un proceso de regularización gráfica; eu respecteí esta nova grafía, esencialmente polas mesmas razóns sinaladas no parágrafo anterior (o lector acudirá sobre todo á ferramenta en rede, non a cada unha das obras), pero sempre cito a referencia orixinal, para que quen quixer poida acudir á fonte directa.

3. Estruturación do traballo

O núcleo central desta tese confórmano dezaseis capítulos que estudan diferentes referentes da anatomía externa da vaca, ademais das denominacións para a cría e o animal adulto. A enorme riqueza do campo léxico da vaca fixo imposible abordalo todo no seu conxunto; por iso, procurouse escoller un subcampo homoxéneo para o que existisen suficientes datos e que resultase de interese para as nosas finalidades, anteriormente expostas.

A estruturación de cada un destes capítulos¹¹ é tripartita. Inclúe:

¹¹ O último capítulo, o dezaseis, é, en realidade, un pouco anómalo, porque non trata un único concepto, senón varios, moi ligados entre si: a morfoloxía dos cornos (orientados cara adiante, cara abaixo, cara arriba, etc.). Tal e como se explica na introdución a ese capítulo, a listaxe de formas é independente para cada un dos subcapítulos, mentres que o comentario é único, pois moitas palabras aparecen en varios deles e pareceu máis interesante analizalos en conxunto.

3.1. Listaxe de respostas

Abrindo o capítulo, sinálanse as fontes de onde proveñen os datos e, cando é mester, faise algunha anotación ó respecto (fiabilidade da información manexada, problemas de delimitación de referentes, etc.).

A continuación, ofrécese unha listaxe de respostas, clasificada en grupos segundo a motivación das designacións e a súa vitalidade no territorio, cunha metodoloxía en certo modo debedora dos traballos do ALiR. Unha vez delimitado cada un destes grupos, fanse subdivisións que xa atenden máis á forma (presenza de sufixos, especificadores, etc.), inda que sen excluír anotacións de índole semántica (con notas do tipo “cun especificador que indica a localización anatómica”).

Para non multiplicar innecesariamente o número de apartados dentro da clasificación de formas e, en consecuencia, na representación cartográfica, aquelas respostas que só se recollen nun punto e que, polo seu procedemento formativo, non poden ser adscritas a apartados máis amplos, englóbanse na epígrafe *outras respostas*. Do mesmo modo, agrúpanse baixo a etiqueta *formas problemáticas* aquelas voces que non podemos adscribir a un apartado concreto por falta de información sobre elas ou as que parecen respostas equivocadas (enquisa defectuosa, erro de transcripción, mala delimitación do referente, etc.).

Tratándose dun traballo no que interesa esencialmente o léxico (non só a forma, senón tamén o procedemento de creación), dada a heteroxeneidade do material de partida¹² e para non complicar a xa de por si encerellada clasificación das respostas, realizouse unha regularización fonética das formas, de tal modo que non indicamos nin seseo nin gheada nin as aberturas vocálicas; outros trazos fonéticos, como o rotacismo, próteses, etc. indícanse en nota. En calquera caso, estes trazos fonéticos non implican a separación en apartados das respostas, agás en contados casos de distribución areal ben marcada ou diferenzas relevantes en canto á vitalidade das formas.

Vista a heteroxeneidade das fontes, mantemos en todo momento diferenciadas as formas procedentes do ALGa e as tiradas de enquisas de estudantes (isto é, recóllense dentro do mesmo apartado, pero en dúas seccións distintas). Así, o lector que quixer analizar só unha destas redes pode facelo dun modo rápido e doado.

¹² Mentres que o material do ALGa se transcribe sistematicamente usando grafía fonética, as enquisas dos estudantes de *Lingüística Románica* non indican regularmente nin seseo nin gheada e só moi esporadicamente (non chega ó 2 % das enquisas) sinalan o timbre vocálico. Un material podería ser ordenado atendendo a factores fonéticos, pero outro non, o que complicaría bastante a estrutura deste traballo.

A miúdo fanse anotacións, entre as cales temos que distinguir dous tipos. Aqueles comentarios que se refiren a toda unha (sub)epígrafe indícanse tipograficamente como notas a rodapé. Aqueles comentarios que só afectan a un (ou a varios, pero non á totalidade) punto de enquisa recóllense como nota dentro de cada apartado; é frecuente que unha mesma nota poida ser de aplicación a varios puntos: nese caso, optei por non repetir a nota, senón só a chamada a ela, o que explica que poida haber moitos puntos que remiten a unha mesma aclaración e tamén que a orde numérica das notas non sexa correlativa a medida que avanza a rede de puntos¹³. Normalmente, estas notas conteñen información relevante escrita na marxe dos cadernos de enquisa (case sempre ou delimitacións e aclaracións á resposta principal ou información sobre termos de significado próximo ó concepto estudado nesa pregunta); cando se transcribe literalmente unha desas notas, indícase entre comiñas dobres (“ ”)¹⁴.

3.2. Distribución xeográfica das respostas

As respostas sinaladas na listaxe anterior son representadas cartograficamente en varios mapas do territorio lingüístico galego a través da *suite* informática *ArcGis* (ESRI), versións 8.3. e 9.1. Para a localización dos puntos da rede do ALGa, empregouse unha capa existente desenvolvida para o Instituto da Lingua Galega; no que respecta á rede das enquisas de estudantes, deseñouse unha capa que contén os 216 puntos desa fonte. Cómpre ter presente que, inda que cada punto de enquisa foi colocado na súa situación exacta, ás veces os símbolos poden estar lixeiramente desprazados, para facilitar a súa visión.

Diferentes ensaios previos puxeron de manifesto que a representación nun único mapa de absolutamente todas as respostas non é factible, pois a rede é moi mesta (especialmente no sur da Coruña e norte de Pontevedra), hai solapamentos de símbolos e non se poden distinguir ben as áreas. Para contrarrestar, na medida do posible, estes problemas, adoptáronse dúas medidas básicas no que respecta á representación cartográfica.

Ofrécese un trío de mapas de conxunto, que representan a) os datos de toda a rede, b) só os datos da rede do ALGa e c) só os datos da rede de enquisas de estudantes. Estes mapas mostran todas as epígrafes da listaxe de respostas, pero sen descender a nivel de

¹³ Isto é, podemos atopar treitos como (exemplo ficticio): “P-01¹, P-03¹, P-05², P-18¹, P-23^{1,2}, P-24²”.

¹⁴ Téñase presente que non sempre esa literalidade corresponde ó informante, senón que poden ser precisións ou anotacións dos propios enquisadores.

subapartados, isto é, son os procedementos xerais os que se cartografan, e non cada un dos mecanismos particulares dentro deles.

A continuación, represéntanse mapas de detalle dos diferentes apartados, individualmente ou agrupando varios, segundo o grao de complexidade. Como regra xeral, cada un destes mapas está subdividido en tres (segundo a fonte, como explicamos no parágrafo anterior), pero non sempre, porque pode acontecer que o volume de respostas sexa baixo, circunstancia que xustifica o seu tratamento conxunto, pois é doado adscribir cada forma á fonte de orixe.

Acompañando os mapas, figura un comentario, consistente nunha breve análise da distribución xeográfica das respostas, que pon especial énfase na conformación de áreas léxicas.

3.3. Comentario das respostas

Todas as respostas da listaxe son comentadas individualmente, mantendo a estruturación e numeración en apartados que se fixo en 3.1.¹⁵. Como xa se indicou no punto 2.2., que describe o material secundario da tese –fundamental para o comentario das respostas–, esta análise é sucinta, aínda que procura ofrecer as nocións básicas que expliquen a orixe e fortuna na lingua das formas estudadas e axuden a contextualizar os nosos resultados.

¹⁵ Agás o caso xa comentado do capítulo 16, en que as listaxes de cada subcapítulo son comentadas en conxunto.

Abreviaturas e convencións

Cítanse entre comiñas dobres (“ ”) as reproducións literais dun texto. Representáanse entre comiñas simples (‘ ’) os significados, sen ningún tipo de signo de puntuación separando a palabra e o seu valor semántico. Resérvase a letra *cursiva* para os usos metalingüísticos dunha palabra e para determinadas necesidades da citación bibliográfica (en concreto, citas abreviadas de autores e obras, p.ex: Valladares *inéxito*).

Para evitar malas interpretacións, e dada a diversidade formal das fontes manexadas para este traballo, os diferentes textos citados (dicionarios, obras literarias, etc.) foron remodelados para adaptalos a este esquema tipográfico; como regra xeral, esta modificación realízase automaticamente e non se indica.

Determinada bibliografía de uso frecuente¹⁶ indícase en siglas mediante versais, resolvéndose no apartado bibliográfico que pecha esta tese; no caso das obras lexicográficas, para facilitar a lectura da cita e para non prestarse a equívocos coa datación das obras (por poñer un exemplo, as obras que manexamos de Sarmiento editáronse a finais do s. XX), indícanse con nome abreviado, que se desenvolve na bibliografía¹⁷, as referencias máis habituais¹⁸.

Polo que respecta ás abreviaturas, preferiuse non abusar delas no corpo do traballo, para facilitar a lectura; con todo, a reiteración dalgunhas palabras aconsellou empregalas en determinados casos. As abreviaturas que están inseridas dentro de citas textuais terán que verificarse na súa obra de procedencia, porque o seu significado pode cambiar amplamente dunha a outra.

adx. adxectivo

ap. apartado

c. cuestión, pregunta (para se referir ó cuestionario do ALGa)

cap. capítulo

¹⁶ Por exemplo o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) ou o dicionario etimolóxico de Corominas e Pascual (DCECH). Nestas siglas omito a indicación do ano de edición.

¹⁷ Por exemplo, Sarmiento *Colección* = Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1970): *Colección de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad de Salamanca.

¹⁸ Pareceu conveniente non facelo nas obras de E. Rivas ou de A. Otero, porque existe un número significativo de contribucións pertencentes ó mesmo autor, máis difíciles de confundir se a notación abreviada indica a data.

cf.	<i>confer</i>
ed.	editor, edición
etc.	etcétera
fac.	facultade
lat.	latín
p. ex.	por exemplo
pp.	páxinas
s.	século
s.v.	<i>sub voce</i>
vid.	<i>vide</i>
vol.	volume
xerm.	xermánico

Corpo do traballo

1. O animal adulto (macho)

Para o estudo das designacións referentes ó macho adulto da vaca, batemos cunha dificultade considerable, a indefinición das propias enquisas das que tiramos o material primario. O cuestionario do ALGa establece dúas preguntas para o animal adulto, pero en ningún momento estipula cal é a diferenza entre o referente dunha ou doutra cuestión, e o propio enunciado é moi defectuoso: 1579 – *toro, boi*; 1582 – *buey (boi)*, sen contar con que máis adiante hai outra pregunta referida propiamente ó macho reprodutor: 1585- *toro semental, boi de posto*. Por tanto, é de agardar que entre material moi heteroxéneo dentro de cada unha desas preguntas e que sexa difícil dilucidar o referente exacto.

Esta circunstancia complica máis aínda o que xa é unha situación difícil no que respecta á semántica destas formas, como ben sinalou Telmon (1991)¹⁹, pois normalmente os falantes distinguen dous conceptos ben marcados, dunha banda o animal castrado que se usa para as tarefas agrícolas e doutra o que mantén os seus xenitais e se selecciona para a reprodución; esta división primaria pode encerellarse posteriormente e, de feito, o dialectólogo turinés sinala a propósito de Galicia que “si rivela così un vero e proprio crogiuolo di tipi diversi”²⁰. Seguramente parte deste cruce de designacións veña motivado precisamente por esta diversidade de material á que nos referimos na epígrafe anterior, xa que os datos do ALGa son a base primaria das respostas do ALiR.

A priori, poderíase pensar que a c. 1582 sería a pregunta para o animal capado, dedicado a tarefas agrícolas e a alimentación. Case todas as respostas a esta pregunta son *boi* (*buey* nun punto leonés) e só temos como diferentes *novelo* (2 puntos), *puchbo* (1 punto), *touro* (1 punto), *xato* (en 6 puntos, e con continuidade xeográfica: A-02 ; C-36 ; L-06, L-10, L-17, L-20) e *xatón* (tamén en A-02). Con todo, na c. 1579 non faltan algunhas respostas que indican que están referidas a un animal capado²¹.

Outra dificultade adicional é que, a pesar de que hai unha pregunta específica para o macho que se dedica a tarefas reprodutivas (1585- *toro semental, boi de posto*), a pregunta 1579 está inzada de respostas que son claras referencias a machos reprodutores, inda que non se

¹⁹ E, posteriormente, no seu estudo inserido no vol. I do ALiR.

²⁰ Telmon (1991: 139).

²¹ En concreto, *boi* en O-11 e P-06, que aparece como resposta a esta pregunta, alternando con outra forma. Ademais, hai diferentes alusións a *boi* como animal capado nas informacións adicionais que se recollen á marxe.

especifique en nota tal circunstancia: *boi de puesto*, *boi padre*, etc. e que coinciden formalmente coas respostas que aparecen nesoutra pregunta.

Para complicar aínda máis as cousas, o cuestionario das enquisas de estudantes ten unicamente unha pregunta referida ó animal sen especificar: 2 – *Buey*, que seguramente recolle denominacións para o animal capado, xa que case todas as respostas son *boi* (*buey* nos puntos leoneses), agás catro puntos (*toro*: C-27b e C-45b; *xato*: L-24c, L-28c). Existe tamén unha c. 4 - *Buey semental* (*boi*, *boi marón*) que sería a equivalente á 1585 do cuestionario do ALGa.

Estando así as cousas, é difícil tomar unha decisión que compaxine a necesidade de ofrecer datos fiables e coherentes coa de dar informacións sobre este concepto, xa que parece necesario dar algunha noticia das designacións para o animal adulto cando falemos no seguinte capítulo das denominacións da cría (e nas notas dese capítulo aparecen tamén algunhas referencias ó animal adulto). Vista a disparidade das fontes, optei por tomar como base unicamente a pregunta 1579 do ALGa²², entendendo que se refire esencialmente ó macho que mantén os xenitais, pero insistindo en que os datos teñen que ser analizados con moita precaución e que cumpriría un estudo moito máis detallado e amplo que non podemos emprender agora (tampouco é un capítulo esencial do noso estudo, como se sinalaba anteriormente) para termos datos máis certos.

Listaxe de formas

1. Tipo *boi*

1.1. Sen modificadores

1.1.1. *boi*

A-03, A-07; C-01, C-03, C-04, C-05, C-06, C-08, C-12, C-17, C-19, C-20, C-21, C-24, C-25, C-26, C-27, C-29, C-31, C-32, C-33, C-36¹, C-37² C-38, C-39, C-41, C-42, C-43, C-46, C-48, C-49; L-03, L-06, L-08, L-09, L-10, L-11, L-12, L-13, L-15, L-16, L-17, L-18, L-20, L-21, L-22, L-25³, L-26⁴, L-27, L-28⁵, L-31, L-32, L-34, L-36, L-37, L-38; Le-03⁶; O-01, O-02, O-05, O-06, O-07, O-14⁷, O-19, O-21, O-22, O-24, O-26⁴, O-28, O-29⁸, O-31⁹; P-03, P-04, P-05, P-07, P-08, P-09, P-10, P-11, P-12, P-14, P-17, P-19, P-20, P-21¹⁰, P-22, P-23, P-24, P-25¹¹, P-28, P-30, P-32; Z-03.

¹ Indícase que a forma *boi* é infrecuente e que *toro* designa os que se ven pola televisión.

² Sinálase que as formas *toro* e *boi* son sinónimos.

³ Alternan as formas *toro* e *boi*, sendo esta última a voz menos frecuente.

²² As preguntas 1585 (ALGa) e 4 (enquisas de estudantes) non serán estudadas aquí, pois non parece aconsellable separalas doutros conceptos da vida sexual: ‘vaca que anda ó boi’, ‘poñerse a vaca en celo’, ‘cubrir a vaca’, etc.

⁴ Alternan as formas *boi* e *touro*, sendo esta última a voz menos frecuente.

⁵ Sinálase en nota que “se non serve para semental, segue sendo *becerro*”.

⁶ Alternan as formas *boi* e *toro*, sendo esta última a voz menos frecuente.

⁷ Indícase que *touro* é a designación para o animal máis novo; cando pecha os dentes, xa é *boi*.

⁸ Alternan *boi* e *touro*; úsase *touro* “cando é prá vaca”.

⁹ Alternan *boi* e *touro*; úsase *touro* cando é semental.

¹⁰ *Boi* é o “de puesto”; *toro* “dise menos”.

¹¹ *Touro* aplícase máis ben á cría; *boi* emprégase cando xa está crecido.

1.1.2. *buey*

Le-05.

1.2. Con modificadores que especifican que segue mantendo os xenitais

1.2.1. *boi colludo*

L-24 ; P-18¹, P-27.

¹ Alterna coas formas *toro* (infrecuente) e *boi das vacas*.

1.2.2. *boi enteiro*

L-24.

1.3. Cun especificador referente á súa función reprodutora

1.3.1. *boi das vacas*

P-18¹.

¹ Alterna coas formas *toro* e *boi colludo*; sinálase que a primeira delas é infrecuente.

1.3.2. *boi de puesto*

C-22, C-44.

1.3.3. *boi padre*

P-01¹.

¹ Alterna coa resposta *toro*, que é menos frecuente.

2. Tipo *touro*

2.1.1. Forma galega *touro*

C-02, C-18, C-40; L-12, L-26¹, L-38; Le-04²; O-03, O-06, O-12³, O-14⁴, O-15⁵, O-17, O-18⁶, O-20, O-21, O-22, O-23⁷, O-25, O-26⁸, O-27, O-28, O-29⁹, O-30¹⁰, O-31¹¹; P-17, P-24, P-25¹², P-26¹³, P-31, P-33¹⁴.

¹ Alterna coas formas *toro* e *boi*; *touro* é a voz menos frecuente.

² A forma *touro* recolleuse en Vilaverde, a 4 quilómetros do punto principal de enquisa.

- ³ *Toro* ou *toro* son as designacións para o animal sen capar; o capado é *boi*.
- ⁴ A voz *toro* aplícase ó animal máis novo. Cando pecha os dentes, xa é *boi*.
- ⁵ *Touro* é o estadio de desenvolvemento anterior a *boi do puesto*.
- ⁶ Alternan *toro* e *toro*; *toro* é o animal sen capar.
- ⁷ Especificase que é “boi sen capar”.
- ⁸ A voz *boi* é a máis frecuente.
- ⁹ Indícase en nota que se usa esta forma “cando é prá vaca”.
- ¹⁰ Especificase en nota “o do puesto”.
- ¹¹ Alternan neste punto as formas *boi* e *toro*; desta última dise que é para o semental.
- ¹² Sinálase en nota que *toro* aplícase normalmente a unha cría, mentres que se usa *boi* cando o animal está crecido.
- ¹³ Indícase en nota que é unha resposta dubidosa. Na c. 1582 explícase, tamén en nota, que, cando se capa, o animal inda é *toro*; pasa a designarse *boi* ós dous ou tres anos de idade.
- ¹⁴ Indícase explicitamente en nota que é forma empregada para o semental.

2.1.2. Forma *toiro*

Z-01.

2.1.3. Forma castelá *toro*

A-01, A-02, A-04, A-06, A-07; C-06, C-07¹, C-08, C-09, C-10² C-11, C-12, C-13, C-14¹, C-15, C-16, C-17, C-19, C-22, C-23¹, C-28³ C-34, C-36⁴, C-37⁵ C-42, C-45, C-47⁶; L-01, L-02⁷, L-04, L-05, L-07, L-08, L-13, L-14, L-15, L-16, L-18, L-19, L-21, L-23, L-25⁸, L-26⁹, L-27, L-29, L-30, L-33, L-35, L-36, L-37, L-39; Le-01, Le-02, Le-03¹⁰, Le-04¹¹, Le-05; O-04, O-08², O-09, O-10¹², O-12¹³, O-13¹, O-16², O-18², O-20; P-01¹⁴, P-02⁴, P-04, P-06¹⁵, P-12, P-18¹⁶, P-21¹⁷.

- ¹ Indícase en nota que é designación referida ó semental.
- ² Sen capar.
- ³ Os que se ven na televisión.
- ⁴ *Toro* son os que se ven na televisión. Tamén se recolle a forma *boi*, pero é menos frecuente.
- ⁵ Sinálase que *toro* e *boi* son sinónimos.
- ⁶ Resérvase esta forma para os que son “de puesto” e para os que se ven na televisión.
- ⁷ As formas *xato* e *toro* son sinónimas; *boi* resérvase para o animal capado.
- ⁸ Alternan as formas *toro* e *boi*, que é a menos frecuente.
- ⁹ Alterna coas formas *boi* e *toro*, que é menos frecuente.
- ¹⁰ Alterna coa forma *boi*, que é máis frecuente.
- ¹¹ Recóllese tamén a forma *toro*, pero non na localidade enquisada, senón en Vilaverde, a uns 4 quilómetros.
- ¹² Pouco frecuente.
- ¹³ Para o animal sen capar alternan as formas *toro* e *toro* (non se sinalan especificacións), mentres que *boi* úsase para o capado.
- ¹⁴ Alternan as voces *boi padre* e *toro*, que é a menos frecuente.
- ¹⁵ Alterna con *boi*. *Toro* é o “de puesto”, mentres que *boi* é o capado.
- ¹⁶ Alterna coas respostas *boi das vacas* e *boi colludo*. Sinálase que a resposta *toro* é infrecuente.
- ¹⁷ Obsérvase en nota que *boi* é a forma que se aplica ó “de puesto”, mentres que *toro* ten menor vitalidade.

2.2. Diminutivo *toureco*

O-20.

2.3. Con modificadores que especifican que segue mantendo os xenitais: *toro marón*

L-32.

2.4. Cun especificador referente á súa función reprodutora: *toro do puesto*

A-03; P-15.

3. Tipo *xato*

3.1. Sen especificador: *xato*

A-02; C-36¹; L-02², L-10, L-14, L-39; O-11³, O-13.

¹ Úsase tamén a forma *toro*, pero só para os que botan pola televisión. Rexístrase tamén a forma *boi*, pero marcada como infrecuente.

² *Toro* e *xato* empréganse como sinónimos. Para o animal capado úsase tamén *boi*.

³ Úsase *boi* para o animal capado e *xato* para o sen capar.

3.2. Cun especificador referente á súa función reprodutora: *xato das vacas*

A-05.

4. Outras respostas

4.1. *novelo*

Z-02.

4.2. *pocho colludo*

P-16.

4.3. *semental*

A-07.

5. Sen resposta

C-30, C-35; P-13, P-29.

Distribución xeográfica das respostas


Tal e como se explica na introdución, só consideramos os datos provenientes da pregunta 1579 do cuestionario do ALGa, polo que, evidentemente, non se poden dividir os mapas segundo a orixe dos datos, como será habitual ó longo deste traballo. Xa que a variedade de respostas tampouco é tan grande, considerouse suficiente ofrecer un mapa de conxunto e dous mapas de detalle; á hora de interpretalos cómpre ter en conta o que se comentou anteriormente en canto á indefinición do referente enquisado.

O primeiro mapa de detalle céntrase na distribución das construcións sobre *boi*, coñecidas practicamente en todo o territorio (menor densidade nos puntos do galego exterior e no sueste de Ourense). As outras respostas deste tipo non gardan ningunha distribución xeográfica.

O segundo mapa resulta máis interesante en canto ó reparto das formas. Podemos observar que hai descendentes de TAURU por todo o territorio galego, pero con diferente distribución. Case por toda Galicia (con maior densidade no galego oriental e exterior ou na costa coruñesa) existe *toro*, posiblemente un castelanismo. Por contra, a forma xenuína galega *touro* ten a súa área representativa no sur de Pontevedra e centro-sur de Ourense, con presenza esporádica no resto do territorio; a voz *toiro*, con cambio no ditongo, aparece só nun punto zamorano. A forma *xato* ten só oito rexistros, todos na metade oriental de Galicia, con certa continuidade no norte de Lugo e, sobre todo, entre Lugo e Ourense (Sober, Montederramo e Chandrexa de Queixa), con tres rexistros en cada unha desas zonas.

MAPA DE CONXUNTO


1. O animal adulto. ALGa



MAPAS DE DETALLE

a) Tipo *boi*


1. O animal adulto. ALGa



MAPAS DE DETALLE

b) Outras respostas

1. O animal adulto. ALGa



Comentario das respostas

Véxase tamén Telmon (1989) e, posteriormente, o seu estudo inserido no vol. I do ALiR.

1. Tipo *boi*

1.1. Sen modificadores

1.1.1. *boi*; 1.1.2. *buey*

A forma *boi* procede da voz latina BOVE, que deu o nome científico a esta familia: *Bos taurus*; documentamos, do mesmo modo, a forma *buey* nun punto leonés. Esta voz está desde antigo na lingua; xa a atopamos na lírica profana galego-portuguesa en diferentes ocasións e conta con case dous mil cincocentos rexistros no TILGA, desde 1617: “VI En fin, eu xa teño dito que haxo de vender os bois e ir a Roma despois Padre Santo Bendito e ó Noso Señor o Rei, que manden por una lei que sexas, pois é xusticia, Patrón soo da milicia, de España, contra Mafoma, mentras for San Pedro en Roma, vós Santiago, en Galicia”²³.

Tamén nos dicionarios está amplamente recollida esta forma, inda que os primeiros adoitan dar só a equivalencia en español; non é ata Valladares (s.v. *boi*) que atopamos unha definición por extenso: “*ant. (Bos taurus)*. Buey comun; mamífero perteneciente al orden de los rumiantes con cuernos; animal doméstico bien conocido y compañero de nuestros labradores en sus agrícolas faenas. Hoy no se halla el tipo de esta especie en estado salvaje y, aunque algunos dicen existir en los bosques de Alemania, lo mas probable es que desapareció en el siglo dieziseis, tiempo en que los señores feudales se dedicaron mucho á su caza. Así, no siendo un verdadero buey salvaje nuestro llamado toro, no podemos suponerle tipo del buey comun. *Boi bravo, rego largo. O hòme, onde nace; o boi, onde pace*”.

1.2. Con modificadores que especifican que segue mantendo os xenitais

Habitualmente, a forma *boi* designa o macho castrado, polo que é natural que, cando non é o caso, o falante procure especificar que o animal non foi emasculado.

1.2.1. *boi colludo*

²³ Torrado (1617:12).

Colludo significa ‘dotado de collóns’, nome popular para o testículo. *Collón* procede dun latín vulgar COLĒO, -ONIS, derivado de COLEU ‘bolsa, saco de coiro’; sobre este COLEU crearíase un adxectivo *colludo* (cf. tamén o portugués *colbudo*, sardo *cozudu*, etc.). Esta forma podería significar tamén ‘semental’, ou cando menos así se anota na entrada *colludo* do GVGH: “*adj.* [*colludo*] (Cab.), *culludo* (Gro.) semental; V. *porco colludo*”.

1.2.2. *boi enteiro*

O adxectivo *enteiro*, proveniente do adxectivo latino de tres terminacións INTEGER, -GRA, -GRUM, refírese a que o animal conserva os seus xenitais, e así o comentaba xa a entrada *enteiro* do manuscrito do dicionario de Rodríguez: “Entero, cabal, completo, &.En portugues *inteiro*, por castrar. Seguino, Sarm.”

1.3. Cun especificador referente á súa función reprodutora

1.3.1. *boi das vacas*

Este especificador sinala que é o macho destinado ó apareamento coas vacas. Recolleuse en Caaveiro e Montederramo precisamente para facer referencia ó boi semental (cf. GVGH, s.v. *boi*).

1.3.2. *boi de puesto*

A forma *puesto* (< participio latino POSITU), de morfoloxía castelá, aparece como entrada no dicionario de Valladares, que xa nos ilustra sobre o significado que subxace neste caso: “Casa donde se tienen Caballos, ó Garañones, destinados exclusivamente á padrear. En algunos conventos llaman tambien así á la pieza comun, letrina, ó necesaria”. Trátase dun castelanismo moi difundido, como se pode apreciar no GVGH, s.v. *puesto*: “*m.* (Fea. Raz. Dum. Com. Nov. Val.) cast. por *posto* 1; V. *boi, caballo y porco de puesto*” (a forma galega só a aboa C. García en Compostela, cf. GVGH, s.v. *posto*).

Recolleuse *boi de puesto* en Compostela e Sobrado para denominar o boi semental (cf. GVGH, s.v. *boi*). Para *boi*, véxase o ap. 1 deste mesmo capítulo.

1.3.3. *boi padre*

Este continuador do lat. PATRE por vía culta é unha clara referencia á súa actividade reprodutora. Localizamos tamén construcións semellantes con *pai*, como demostra GVGH, s.v. *porco*: “*porco pai* (Ram.) verraco, cerdo semental”.

2. Tipo *touru*

Formas que proveñen dun lat. TAURU ‘touro, boi’. Inda que normalmente designa o macho adulto, non faltarán casos –como se comprobará no capítulo seguinte– de *toura* para designar a cría da vaca. Atopamos formas do tipo *tauro* xa en documentos de veste latina dos primeiros anos do século X; en 928 lemos “caballos sex, vacas triginta cum suo tauro, iugos de boves quatuor, pecora promiscua numero quinquaginta, porcos triginta”²⁴.

2.1.1. Forma galega *touru*

En documentos galegos, o seu uso como voz común remonta ás *Cantigas de Santa María*, en varios textos (p. ex., na cantiga 47). Documentamos, así mesmo, frecuentes ocorrencias na *Crónica Xeral* e na *Crónica de Castela*, por exemplo “et en outro cabo corriã touros, et os jograres outrosy faziã y o seu”²⁵.

No que respecta ós dicionarios, aparece xa en Sarmiento CVFLG, pero sen definición; en calquera caso, as obras lexicográficas posteriores tampouco se esmerarán nas entradas correspondentes; normalmente aparecerá definido só como *touru*, con alusións puntuais ó carácter de semental.

2.1.2. Forma *toiuro*

Voz documentada nun único punto, en Zamora. Aínda que hai numerosos rexistros desta forma en portugués, non acontece o mesmo no caso do galego, pois os dicionarios non recollen esta forma, que tampouco aparece no TILGA (salvo unha referencia metalingüística moi tardía, que cita precisamente *toiuro* como exemplo da alternancia entre *oi* e *ou* no galego).

2.1.3. Forma castelá *toro*

O castelanismo *toro* é moi frecuente, como se pode constatar na nosa rede de puntos, pero tamén no GVGH, s.v. *toro*: “3. (Sco. Com. Gro. Val. Ced. Ped. Mra. Cal. Gud.) cast. por *touru*”. Seguramente, a retransmisión de corridas de touros en castelán axudaría á difusión léxica desta forma; de feito, en varios puntos hai anotacións nese sentido: *touru* ou *boi* son a designación xenérica, e *toro* só se emprega para os da televisión.

²⁴ Lucas Álvarez / Lucas Domínguez (1996: 259-260).

²⁵ Lorenzo Vázquez (1975: 138).

2.2. Diminutivo *toureco*

Aparentemente, e segundo as anotacións que aparecen no cuestionario, esta forma sufixada co diminutivo *-eco* pode referirse en O-20 (Xinzo de Limia) tanto a unha cría grande coma ó animal adulto. Véxase o capítulo 2, ap. 3.2.2.1. para máis detalles.

2.3. Con modificadores que especifican que segue mantendo os xenitais: *toro marón*

A etimoloxía desta forma é problemática. DRAE, s.v., sinala que é de orixe descoñecida. García de Diego (1985²) anotara unha procedencia do lat. MAS, MARIS ‘macho’, mentres que DCECH, s.v. *morueco*, non entra a debater a fondo a cuestión deste grupo de formas (si doutras semellantes); Meier (1984) parece estar de acordo co académico soriano.

O adxectivo *marón* defíneo Otero (1977, s.v.) como “enteiro”. Máis concreto é o apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez, tamén s.v.: “*adj.* Íntegro, refiriéndose a un animal macho. Ej.: *boi marón, cocho marón* (Láncara). En Lemos, *marondo*”. A nosa forma aparece en Folgoso do Caurel, e o GVGH, s.v., ofrece testemuños similares para puntos próximos: “*m.* (Per. Bur. Sua. Ped. Inc.) animal sin castrar; V. *boi marón y cocho marón*”.

2.4. Cun especificador referente á súa función reprodutora: *toro do puesto*

Véxase o comentado na epígrafe 1.3.2.

3. *xato*

Aínda que tamén pode ser, como neste caso, designación para o animal adulto, é máis normal que se aplique á cría da vaca. Véxase o capítulo 2, ap. 2.2. para máis detalles.

4. Outras respostas

Trátase de formas recollidas nun único punto de enquisa. As dúas primeiras son respostas sospeitosas, pois normalmente designan o animal non adulto.

4.1. *novelo*

Véxase o capítulo 2, ap. 4.2.

4.2. *pocho colludo*

Véxase o capítulo 2, ap. 2.1.4., para a forma *pocho*. Para *colludo*, véxase o sinalado no ap. 1.2.1. deste mesmo capítulo.

4.3. *semental*

Creada sobre *semente* (< lat. SEMENTIS), esta forma designa o animal macho que está destinado a procrear.

O feito de coincidir formalmente co castelán fai que esta voz estea practicamente ausente dos dicionarios clásicos; as referencias no TILGA superan levemente a decena e dátanse a partir da segunda metade do século pasado: “Celme de carne dos celmes de carne chamase a rapaza da miña muller; pola mañán cedo camiña sobre lagoa de leite fresco. Grasa de boi chamase o meu cabalo de batalla; semental de moita barileza, inza a súa estirpe”²⁶.

²⁶ Fernández de la Vega e Piñeiro (trad.) (1952: 41).

2. O animal non adulto

Listaxe de formas

O cuestionario do ALGa establecía, nun principio, tres preguntas diferentes para se referir á cría bovina: c. 1576 – *becerro, cuxo*; c. 1577 – *vitela, ternera*; c. 1581 – *ternero*. A pesar desta división, na práctica, as respostas a esas tres preguntas entrecrúzanse constantemente, con continuas remisións entre cuestións, formas repetidas en dúas ou tres preguntas, etc. É habitual, así mesmo, que non haxa respostas a unha pregunta concreta, senón que en nota á marxe figuren diferentes anotacións para diferentes estadios evolutivos do animal, pero sen asocialo a ningunha cuestión específica. Esta circunstancia vén motivada pola situación normal de enquisa: coméntase toda a evolución da cría, non se vai segmentando en fases; ademais, o normal é que non coincida a división de etapas fixada polo falante en cada punto coa división apriorística realizada polos redactores do cuestionario). Trátase, en todo caso, dun cuestionario problemático, como no capítulo anterior; non hai criterios que delimiten qué referente entra en cada pregunta, segundo foi concebida polos autores, o que explica esta heteroxeneidade.

Como se verá, os criterios dos falantes para decidir cando é que a cría da vaca pasa á seguinte fase evolutiva varían enormemente: hai quen o fai depender do desenvolvemento da dentición, da lactancia, do seu comportamento sexual (e incluso da capacidade de empreñar ou non), quen o fai depender de que teña só tantos meses ou anos, etc. E non son poucos os puntos en que coinciden varias respostas sen que se especifique se son sinónimos perfectos, parciais ou en que consiste a diferenza. Tampouco parece que haxa unha coincidencia destacada á hora de establecer o nome para cada unha das etapas. Só dous exemplos. Mentres que en P-21 (Moaña) o animal máis novo é o *pucho* e meses máis tarde pasa a chamarse *becerro*, en P-25 (Pontearcas, distante algo máis de 30 quilómetros en liña recta) a orde é precisamente a inversa, e *pucho* pode designar incluso o animal adulto. En C-22 (Vimianzo) o animal máis pequeno é o *cucho*, que logo será *becerro*; pero en C-23 (Cerceda, a uns 40 quilómetros) dise que ambas as dúas formas son sinónimos.

Diante deste panorama caótico, considerei máis produtivo tratar todas as respostas nun único capítulo. Indico en nota os frecuentes comentarios á marxe realizados no cuestionario; a mesma nota vai en cada unha das formas documentadas en cada punto, é dicir, que a información que aparece no cuestionario de C-20²⁷ escriboa na epígrafe *cuxo*, en *becerro* e en *xuvenca*. Innda que poida parecer redundante, considerei útil operar deste modo para que se poida observar a estruturación semántica completa que se dá en cada punto sen ter que acudir continuamente ós mapas ou remitir a outras notas.

Nos cuestionarios do ALGa non se anota sempre a distinción xenérica. É certo que na grande maioría dos casos o xénero márcase unicamente a través de desinencias -o/-a, pero tamén acontece ás veces que a un determinado lexema masculino lle corresponde outro distinto para o feminino; por exemplo, en P-12 (Cambados), para un mesmo estado evolutivo do animal temos *boiato* para o macho e *xovenca* (ou *xovenga*) para a femia. Ante o presente estado cousas, e para evitar falsear a imaxe lingüística, reproduzo só as formas que aparecen anotadas expresamente nos cuestionarios, aínda no caso en que parece obvia a reconstrución da designación para o outro xénero. Podíase pensar na oportunidade de desdobrar a cuestión en dous apartados, un para o feminino e outro para o masculino, pero considerei máis enriquecedor facer unha análise en conxunto, porque na maioría dos casos os lexemas son sempre os mesmos para un ou outro sexo. Ademais, integrados nun único corpo de respostas, é posible comprobar facilmente nas notas os casos de diferentes “etapas evolutivas” para o macho e para a femia e incluso os casos nos que a un mesmo estado de desenvolvemento do animal lle corresponden dous lexemas distintos, un para o macho e outro para a femia.

As enquisas realizadas polos alumnos de Lingüística Románica constaban dunha única pregunta: 3 – *ternero*. En comparación co rico material do ALGa estas enquisas non teñen apenas anotacións marxinais, e non son frecuentes as dobres e triples respostas; do mesmo modo, normalmente recóllese só o nome para a cría-macho.

²⁷ De *cuxo/a* (ata 7-8 meses) pasamos a *becerro/a* (ata que cría); a femia pasa a *xuvenca* (ata que pare ou ata os dous anos) e o macho a *almallo* (“becerro novo que empezar a botar ás vacas”).

1. Construcións a partir de *becerro* e derivados

1.1. Sen derivar: *becerro*, *-a*

ALGa

A-01, A-02¹, A-06²; C-01, C-03, C-04³, C-05⁴, C-06⁵, C-08⁶, C-09⁷, C-10, C-11, C-12, C-14⁸, C-15⁹, C-16, C-17, C-19¹⁰, C-20¹¹, C-21, C-22¹², C-23¹³, C-25¹⁴, C-26¹⁵, C-27¹⁶, C-28¹⁷, C-29, C-32, C-33¹⁸, C-36¹⁹, C-38, C-39, C-40²⁰, C-41, C-42, C-43, C-44, C-46²¹, C-48; L-01²², L-02²³, L-03, L-06²⁴, L-07²⁵, L-09, L-10, L-11²⁶, L-12²⁷, L-15²⁸, L-17²⁹, L-19³⁰, L-20³¹, L-22, L-23³², L-24, L-26³³, L-27, L-28³⁴, L-30, L-31, L-32, L-33³⁵, L-34, L-35, L-36³⁶, L-38³⁷, L-39; Le-01³⁸, Le-02³⁹, Le-03⁴⁰; O-01, O-02, O-04⁴¹, O-05, O-06⁴², O-07⁴³, O-10⁴⁴, O-11⁴⁵, O-13⁴⁶, O-14, O-15⁴⁷, O-16, O-20⁴⁸, O-21⁴⁹, O-22⁵⁰, O-23⁵¹, O-24, O-26⁵¹, O-27, O-28⁵², O-30⁵³, O-31⁵⁴; P-02⁵⁵, P-03, P-04, P-05, P-06⁵⁶, P-07, P-09, P-11, P-14, P-15⁵⁷, P-17⁵⁸, P-18⁵⁹, P-19, P-20, P-21⁶⁰, P-22, P-23, P-24⁶¹, P-25⁶², P-26⁶³, P-27, P-28⁶⁴, P-29⁶⁵, P-31⁶⁶, P-32⁶⁷, P-33⁶⁸; Z-02⁶⁹, Z-03⁷⁰.

¹ De *xato/a* pasa a *becerro/a*.

² De *xatín/ía* pasa a *xato*, logo a *becerro/a* (ós 7 meses) e máis tarde a *vaca* (ó empreñar ou ó ano e medio).

³ O macho pasa de ser *becerro* a *ternero* e logo a *xato* (ós 7 ou 8 meses). Temos *becerra* para a cría máis pequena e *xuvenca* para se referir á vaca nova.

⁴ *becerro/a*, *pucho/a* e *xato/a* son sinónimos. Existen outras dúas denominacións para a femia: *cachorra*, entre ‘becerra’ e ‘vaca adulta’, e *xovenca*, cando ten algo máis dun ano de idade. A femia non é *vaca* ata que vai ó boi.

⁵ O macho novo é *becerro*, *xato* ou *cuxo*. A femia é *becerra* ou *xata*; logo pasa a *xovenca* ata que pare, momento en que xa é *vaca*.

⁶ O pequeno é *pucho/a*. O seguinte estado é *becerro/a* (a femia é *becerra* cando a vai cubrir o touro e ata que ten a primeira cría). Outro informante engade a resposta *boi novato* ‘ternero’.

⁷ Só aparece rexistrada a forma masculina.

⁸ Primeiro é *becerriño/a*, logo pasa a *pucho/a* ou *becerro/a*, ata o ano de idade (macho) ou ata que pare (femia). Para esta temos ademais a forma *xuvenca*, intermedia entre *becerra* e *vaca*.

⁹ Indícase que o *becerro* é máis vello có *cuxo/a*.

¹⁰ De *cuxo/a* pasamos a *becerro/a* (3-4 meses). O macho que queda sen capar é *toro*; se se capa, é *almallo* e, máis tarde, *boi*. A femia pasa de *becerra* a *xuvenca* e posteriormente a *vaca*.

¹¹ De *cuxo/a* (ata 7-8 meses) pasamos a *becerro/a* (ata que cría); a femia pasa entón a *xuvenca* (ata que pare ou ata os 2 anos) e o macho a *almallo* (“becerro novo que empezan a botar ás vacas”).

¹² *Becerro/a* e *cucho/a* son sinónimos. O macho pasa a ser *boi* (se se cría para traballar) e a femia *xovenca* (ata que pare).

¹³ O macho pasa de *cucho* a *becerro* (ó vendelo). A femia pasa de *cucha* (ou *cucha mamona*) a *becerra*, logo a *xuvenca* e, por último, a *vaca*.

¹⁴ É *becerro/a* ata os 2 anos; a femia pasa logo a *xuvenca*, ata que cría.

¹⁵ O macho é *becerruco* ata os dous meses, cando pasa a *becerro* (ou *coiso*, que é a voz para chamalo). A femia é *becerruca*, logo *becerra*; ó ano é *xuvenca*.

¹⁶ O *becerro/a* é maior có *cuxo/a*.

¹⁷ De *becerro/a* pasa a *cuxo/a* e logo chámase *xuvenca* ou *xato*.

¹⁸ Anótase *cucha* só para o feminino, mentres que hai *becerro* e *becerra*. Sinálase que a *cucha* é máis pequena cá *becerra*.

¹⁹ Para o macho máis pequeno documentamos só *becerriño*. Para o estadio sucesivo rexístranse *becerrón*, *xato* (menos frecuente) e *cuxo*, como sinónimos. A única forma feminina indicada é *becerra* (na c. 1577 *vitela*, *ternera*).

²⁰ O *becerro/a* é maior có *cuxo/a*.

²¹ De *pucho/a* pasa a *becerro/a* e logo a *novillo/a*.

- ²² O máis pequeno é o *becerro/a* (ata 1 ano de idade). Máis tarde, a femia é *xata* (cando é para cría, ata que despecha) ou *xovenca*.
- ²³ Primeiro é *xatiño/a*, logo é *ternero* ou *becerro*. Existe a forma *xato*, pero xa para o individuo adulto.
- ²⁴ Para o macho máis novo documentamos *xato pequeno*. Despois, ata os sete meses, é *xato* ou *becerro*. A femia pequena é *xata* ou *becerra*; posteriormente, mentres non cerra, chámase *xovenca*. Tamén existe a forma *cuxe*, que din os vellos.
- ²⁵ Ata o ano é *becerro/a*; a partir de entón é *xato/a*, aínda que tamén existe para a femia a forma *xovenca* (“do ano, ano e medio, ata que ten cría”).
- ²⁶ De *becerro* pasa a *xato* (para vender, ós seis meses). A única forma feminina que se rexistra é *xovenca* (“vaca de 1, 2 anos”).
- ²⁷ Só se rexistra a forma masculina.
- ²⁸ *becerro* e *xato* son as respostas á c. 1576 (*becerro, cuxo*); *terneiro, xato* e *xato pequeno* para a c. 1581 (*ternero*) e *terneira, xata pequena* para a c. 1581 (*vitela, ternera*).
- ²⁹ O macho pasa de *becerriño* a *becerro* e logo a *cuxo*; *xato* ou *boi* son as denominacións para o animal adulto. A femia pasa de *becerra* a *cuxa* e logo será *xovenca* (ata un ano de idade, mentres non paira).
- ³⁰ O *xato/a* é o máis pequeno; ós 8 meses xa é *becerro/a*.
- ³¹ O macho máis pequeno é o *becerriño*, despois é *becerro* e posteriormente *boiño*. A femia de 1 ou 2 anos é *xovenca*; existe tamén *vitela* para se referir á vaca fraca, que vale pouco.
- ³² Só se rexistra a forma masculina.
- ³³ O macho máis pequeno é o *cuiso*; logo vén o *becerro* e o *xato* cando é grandote, antes de ser propiamente *boi* (designación para o adulto). A femia pequena é a *cuxa*; a máis grande é a *ternera* ou a *becerra*.
- ³⁴ Ó nacer é *becerriño/a*. Ata os dous anos é *becerro* (pero, se non serve para semental, denomínase sempre *becerro*) ou *xovenca*.
- ³⁵ Para o macho hai *becerro* e *terneiro*. Para a femia, unicamente *becerra*.
- ³⁶ Para o macho atopamos rexistrados como sinónimos *becerro, terneiro* e *xato* (inda que se especifica que este último é máis grande cós anteriores). Para o feminino unicamente temos *xovenca*.
- ³⁷ Para o masculino temos *becerro, xato* e *terneiro*; para o feminino, *vitela* e *terneira*.
- ³⁸ *xato/a* ata un ano de idade. Para o macho existe tamén *novillo*, sen especificar idade. Para a femia documéntanse *becerra* (ata os 3 anos) ou *xovenca*.
- ³⁹ O animal máis pequeno é *xatín/xatiña*. Se se cría para vender é *xato/a* ós seis meses; *becerro/a* ó ano, se se cría para traballar.
- ⁴⁰ Só se documenta a forma masculina.
- ⁴¹ Como resposta a c. 1576 temos *xato* e, con menos frecuencia, *becerro*. Como resposta á c.1577 recóllese *xata* e, como resposta á c. 1581, hai tamén *ternero*.
- ⁴² O macho máis pequeno é o *becerro*; un pouco máis grande, cando xa non mama, é o *xato*; existe tamén *terneiro* (resposta á c. 1581 *ternero*). A femia máis pequena é a *vitela*, cando medra xa é *toura*.
- ⁴³ De *xato/a* pasa a *becerro/a* (ata os 18 meses). Existe *vitela* para a carne.
- ⁴⁴ De *becerro/a* pasan a *touro/a*. As designacións para os animais adultos son: *boi-tòro* ou *vaca*.
- ⁴⁵ O animal é *becerro/a* ata os 6 meses (existe tamén *ternero*, pero non se especifica idade). Logo xa é *xato* (ata os 2 anos de idade, pero segue sendo a denominación para o animal adulto non capado).
- ⁴⁶ O macho máis novo é o *becerro*; cando xa non mama é *xato*, denominación que se mantén aínda despois dun ano e que pode usarse tamén para o individuo adulto. A femia máis pequena é *becerra*; no primeiro ano de idade é *xatiña* e, posteriormente, *xata*.
- ⁴⁷ De *becerriño/a* pasa a *becerro/a* e posteriormente a *touro/a*. O macho adulto é *boi (de puest)*; a femia pasa a ser *vaca* ós 18 meses, cando pare.
- ⁴⁸ O macho máis pequeno é o *becerro*; logo é *novelo* ata que despecha (3 anos) e finalmente *touraco* (que pode ser tamén unha designación para o animal adulto). A femia é *ternera* ata que vai ó boi, momento no que xa é *novela*.
- ⁴⁹ Os máis novos son *becerro* (macho) e *cría* (femias); cando xa teñen 2 anos de idade, chámanse *novelo/a*.
- ⁵⁰ O macho máis pequeno é *xatiño*; ós 3 meses é xa *becerro* e de tres anos é *novelo*. Para a femia temos *vitela* (4-5 meses) e *novela* (3 anos).
- ⁵¹ O *becerro/a* é máis novo có *almallo/a*.
- ⁵² Cando o animal é noviño é *terneiro/a*, logo é *becerro/a*.

⁵³ *Becerrriño/a* é o animal máis pequeno; para o macho documentamos como sinónimos *becerro*, *ternero* e *vitelo*, mentres que para a femia se rexistran *becerra*, *novela* e *vitela*.

⁵⁴ *Becerrriño/a* é o animal máis pequeno; logo é *becerro/a* e *armallo/a* (1-2 anos; pero, se a femia non pare, segue sendo *armalla* independentemente da idade).

⁵⁵ Para o macho pequeno só documentamos *becerro*. A femia máis pequena é *becerra* e, de 7 meses a 2-3 anos, *xuvenca*.

⁵⁶ O animal máis pequeno é o *pucho/a*, logo é *becerro/a*. O macho pasa logo a recibir as designacións do animal adulto, pero a femia antes aínda é *xuvenca*.

⁵⁷ O máis pequeno é *becerro/a* ou *pocho/a*. Cando ten un ano é *novillo/a*. Aparece tamén a forma *xuvenca*, pero como nome propio de vaca.

⁵⁸ Para o macho temos *becerro* ou, menos frecuentemente, *pocho* (ambas as dúas como respostas á c. 1576 *becerro*, *cuxo*); ademais documentamos *boiciño* ou *xuenco* (respostas á c. 1581 *ternero*). Para a femia só se rexistra *xuvenca*.

⁵⁹ O máis pequeno é o *pucho/a*; logo vén o *becerro/a* e, finalmente, o *baiote* e a *xuvenca*.

⁶⁰ O máis pequeno é o *pucho/a*; logo vén o *becerro/a*; o macho pasa xa directamente a *boi* (designación do animal adulto), pero a femia pasa polo estado de *xuvenca*. Documentábase tamén *ternero*, pero sen indicar a idade do referente.

⁶¹ É *becerro/a* ata que cría.

⁶² O *becerro* é máis pequeno có *pucho* (designación que tamén vale para o animal adulto). Para a femia temos *ternera* e *pucha*, sen especificar cronoloxía.

⁶³ *Touro/a* é a forma normal para se referir a calquera estado do animal, aínda que tamén se rexistra, con pouca frecuencia, *becerro/a* para se referir ó animal cando ten uns 4-5 meses. Ó capalo aínda é *touro*, pasa a *boi* ós 2-3 anos.

⁶⁴ É *Becerro/a* ata os 4-5 meses, logo xa é *ternero/a*.

⁶⁵ Só se rexistra a forma masculina, como resposta á c. 1576 *becerro*, *cuxo*.

⁶⁶ Ata que traballan; cando son aptos para o labor xa se consideran animal adulto.

⁶⁷ No primeiro mes chámanse *touriño/a* ou *touro/a*; a partir de entón, documentamos *becerro* para o macho e *toura* para a femia.

⁶⁸ O máis pequeno é *becerrriño/a*; posteriormente é *becerro/a*. Para a femia documentamos tamén *vitela* ou *becerra grande*.

⁶⁹ Para os máis pequenos rexistramos *becerrriño/a* ou *becerro/a*; máis grande é o *xato/a*. Para a femia existe tamén *vitela* (sexa para o animal vivo, sexa para a carne).

⁷⁰ Para o macho temos *becerro*, *bouxo* ou *vitelo*; para a femia, unicamente *vitela*.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c⁷¹, C-04d, C-06b, C-06d, C-09b, C-09c, C-09d, C-20c, C-20d, C-21b, C-23b⁷², C-24b, C-24c, C-27b, C-28b, C-28c, C-28d, C-28e, C-28f, C-30c, C-30e, C-31b, C-31c, C-32b, C-35c, C-35d, C-35i, C-36b, C-36c, C-36d, C-39b, C-39c, C-39d, C-39e⁷³, C-39g, C-39i, C-39k, C-40b, C-40f, C-40g, C-43b⁷¹, C-45b; L-01b, L-05b, L-06b, L-14b, L-14c, L-17b, L-21b, L-21c, L-22b, L-24b, L-24c, L-26b, L-26c, L-27b, L-28b, L-28c, L-30b, L-31b, L-33b, L-33c, L-34b, L-34c, L-36b, L-37b, L-39b, L-39c, L-39d, L-39e; O-01b, O-01c, O-06b, O-06c, O-07c, O-14b, O-15b, O-15c, O-15d, O-16b, O-17b, O-20b, O-20c, O-20d, O-21b, O-27b, O-29b; P-03b, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-06c, P-07b, P-07c, P-08b⁷³, P-09b, P-09c, P-09d, P-10b, P-11b, P-12d, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-16b⁷¹, P-17b, P-17c, P-17d, P-19b, P-19c, P-20b, P-21c, P-24b, P-24d, P-25c, P-29c.

⁷¹ O *pucho* (ou *pocho*) é máis novo có *becerro*.

⁷² Rexístrase tamén *becerra*.

⁷³ Cando é moi novo é *cuxo*, despois é *becerro*.

1.2. Con sufixos

1.2.1. *becerrriño, -a*

ALGa

C-14¹, C-24, C-36²; L-17³, L-20⁴, L-28⁵; O-15⁶, O-18⁷, O-30⁸, O-31⁹; P-33¹⁰; Z-02¹¹.

¹ O animal máis pequeno é *becerriño/a*, logo pasa a *pucho/a* ou *becerro/a*; as designacións para o animal adulto son *boi* (cando ten un ano de idade) ou *vaca* (ó parir). Para a femia, existe tamén a forma *xuvenca*, intermedia entre *becerra* e *vaca*.

² Para o macho máis pequeno documentamos *becerriño*. Para o estadio sucesivo rexístranse *becerrón*, *xato* (menos frecuente) e *cuxo*. A única forma feminina documentada é *becerra* (na c. 1577 *vitela*, *ternera*).

³ O macho pasa de *becerriño* a *becerro* e logo a *cuxo* (*xato* ou *boi* son as denominacións para o animal adulto). A femia pasa de *becerra* a *cuxa* e logo a *xovenca* (ata un ano, mentres non paira).

⁴ O macho máis pequeno é o *becerriño*, despois é *becerro* e posteriormente *boiño*. A femia de 1 ou 2 anos é *xuvenca*; existe tamén *vitela* para se referir á vaca fraca, que vale pouco.

⁵ Ó nacer é *becerriño/a*. Ata os dous anos é *becerro* ou *xuvenca*, aínda que, se non serve para semental, segue denominándose *becerro*.

⁶ De *becerriño/a* pasa a *becerro/a* e posteriormente a *touro/a*. O macho adulto é *boi* (*de puesto*); a femia pasa a *vaca* ós 18 meses, cando pare.

⁷ Ó nacer o macho é *xato*. De 1-2 anos de idade é *novelo*; tamén existe *becerriño*, pero non se especifica a idade. Para as femias temos *ternera* ou *novelica*.

⁸ *Becerriño/a* é o animal máis pequeno; para o macho anotáronse como sinónimos *becerro*, *ternero* e *vitelo*, mentres que para a femia documéntanse *becerra*, *novela* e *vitela*.

⁹ *Becerriño/a* é o animal máis pequeno; logo é *becerro/a* e *armallo/a* (1-2 anos; pero se a femia non pare, segue sendo *armalla* independentemente da idade).

¹⁰ O máis pequeno é *becerriño/a*, posteriormente é *becerro/a*. Para a femia, rexistramos tamén *vitela* ou *becerra grande*.

¹¹ Para os máis pequenos temos *becerriño/a* ou *becerro/a*; máis grande é *xato/a*. Para a femia existe tamén *vitela* (sexa para o animal vivo, sexa para a carne).

Enquisas de estudantes

P-04b.

1.2.2. *becerrón*

ALGa

C-36¹.

¹ Para o macho máis pequeno, rexistramos *becerriño*. Para o estadio sucesivo, documéntanse *becerrón*, *xato* (menos frecuente) e *cuxo*. A única forma feminina rexistrada é *becerra* (na c. 1577 *vitela*, *ternera*).

1.2.3. *becerruco, -a*

ALGa

C-26¹.

¹ O macho é *becerruco* ata os dous meses de idade, cando pasa a ser designado *becerro* (ou *coiso*, que é a voz para chamalo). A femia é *becerruca*, logo *becerra*; ó ano é *xuvenca*.

1.3. Con especificadores

1.3.1. *becerra grande*

ALGa

P-32¹.

¹ O máis pequeno é *becerriño/a*, posteriormente é *becerro/a*. Para a femia, temos tamén *vitela* ou *becerra grande*.

1.3.2. *becerro,-a cortelleiro, -a*

ALGa

O-25¹.

¹ Mentres non vai ó monte, é *becerro/a cortelleiro/a*. Se se cría para animal de carga, denomínase *novelo/novela* mentres está no monte; cando a femia vai crecida e comeza a se xunguir, entón xa se chama *almalla*. Pola contra, a femia que se criou para matar chámase *vitela* xa desde o destete (nos primeiros meses).

2. Creacións posiblemente a partir de voces de chamada ou outras onomatopeas

2.1. Voces formadas cunha consoante oclusiva mais *-ucho / -uxo*

2.1.1. Sobre *bucho*

2.1.1.1. Forma sen derivar: *bucho, -a*

ALGa

L-32, L-35¹, L-39.

¹ Só se rexistra a forma masculina, sempre alternando con *becerro*.

Enquisas de estudantes

L-33b, L-39b, L-39c.

2.1.1.2. Derivado con sufixo diminutivo: *buchiño*

Enquisas de estudantes

L-31b.

2.1.2. *cucho, -a*

ALGa

C-12, C-16, C-17, C-18¹, C-21, C-22², C-23³, C-24⁴, C-27⁵, C-29, C-31⁶, C-33⁵, C-39, C-42.

¹ *cucho/a* ata que cría (1-2 anos); *xuvenga* ós 10-12 meses.

² *becerro/a* e *cucho/a* son sinónimos. O macho pasa despois a *boi* (designación do animal adulto, se se cría para traballar) e a femia a *xovenca* (ata que pare).

³ O macho pasa de *cucho* a *becerro* (ó vendelo). A femia pasa de *cucha* (ou *cucha mamona*) a *becerra* e, finalmente, a *xovenca* (ata que empreña).

⁴ Só se rexistra a forma masculina, como sinónimo de *becerriño*.

⁵ Anótase *cucha* só para o feminino, mentres que hai *becerro* e *becerra*. Sinálase que a *cucha* é máis pequena cá *becerra*.

⁶ *cucho/a* ata 1 ano de idade. Posteriormente, a femia pasa a ser *xovenca*.

Enquisas de estudantes

C-13b, C-13c, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18g, C-18h⁷, C-22b, C-23b⁸, C-25c, C-25d, C-27b, C-28b, C-29b, C-30b, C-30d, C-30e, C-31b, C-31c, C-35b, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-39f, C-39h, C-39i, C-39k, C-40d, C-40e, C-40g, C-42b, C-42c, C-42d, C-42e, C-44b, C-45b; O-16c; P-03d, P-06d⁹, P-09d, P-11b, P-15c, P-15d.

⁷ Hai dous subtipos: *cucho da ceba* e *cucho do leite*.

⁸ Rexístrase tamén a forma *cucha*, para a femia.

⁹ A forma que figura na enquisa é *gucho*.

2.1.3. Sobre *cuxo*, -a

2.1.3.1. Formas sen derivar

2.1.3.1.1. *cuxo*, -a

ALGa

C-01, C-02¹, C-03, C-06², C-10, C-11, C-13³, C-15⁴, C-19⁵, C-20⁶, C-28⁷, C-32, C-36⁸, C-40⁹; L-03, L-06¹⁰, L-10, L-14¹¹, L-17¹², L-22, L-25¹³; P-01, P-03, P-04, P-05, P-07, P-08¹⁴, P-10¹⁵, P-11¹⁶.

¹ Ata os 20 meses-2 anos é *cuxo* ou *cría*. O macho xa pasa a *boi*, pero a femia é *xuvenca* ata os 5 anos, cando é *vaca zarrada* (“que zarrou do dente”).

² O macho novo é *becerro*, *xato* ou *cuxo*. A femia é *becerra* ou *xata*, logo pasa a *xovenca* ata que pare, momento en que xa se chama *vaca*.

³ Chámase *cuxo/a* ata que ten un ano de idade. Logo temos para a femia *xovenca* (de 2 anos) e para o macho *almallo*, ata que bota os últimos dentes (uns tres anos).

⁴ Máis novo có *becerro*.

⁵ De *cuxo/a* pasa a *becerro/a* (3-4 meses). O macho que queda sen capar é *toro*; se se capa, é *almallo* e máis tarde *boi*. A femia pasa de *becerra* a *xuvenca*.

⁶ De *cuxo/a* (ata que ten 7-8 meses) pasa a *becerro/a* (ata que cría); a femia pasa entón a *xuvenca* (ata que pare ou ata os 2 anos de idade) e o macho a *almallo* (cando xa lle botan as vacas).

⁷ De *becerro/a* pasa a *cuxo/a* e logo a *xuvenca* (femia) ou *xato* (macho).

⁸ Para o macho máis pequeno úsase *becerriño*. Para o estadio sucesivo hai *becerrón*, *xato* e *cuxo*. A única forma feminina rexistrada é *becerra* (na c. 1577).

⁹ O *cuxo/a* é menor có *becerro/a*.

¹⁰ A forma que figura é *cuxe*, empregada polos vellos, da que non se especifica a cronoloxía. Para o macho máis novo rexistramos *xato pequeno*. Despois, e ata que conta con 7 meses, é *xato/a* ou *becerro/a*. Chegada esa idade, e mentres non cerra, a femia recibe o nome de *xuvenca*.

¹¹ *cuxo/a* é menor có *xato/a*, que pode ser tamén resposta para ‘toro, boi’.

¹² O macho pasa de *becerriño* a *becerro* e logo a *cuxo* (*xato* ou *boi* son as denominacións neste punto para o animal adulto). A femia pasa de *becerra* a *cuxa* e logo a *xovenca* (ata un ano, mentres non para).

¹³ Só figura a forma masculina.

¹⁴ Para o macho documentamos *cuxo* (resposta á c. 1576) e *xato* (resposta a ‘ternero’); para a femia rexistramos *xata* ou *xuvenca*. En ningún dos casos hai especificacións cronolóxicas.

¹⁵ Para o macho documentamos *cuxo* (resposta á c. 1576) e *xato* (resposta a ‘ternero’); para a femia rexistramos só *cuxa*. En ningún dos casos hai especificacións cronolóxicas.

¹⁶ Aparece *cuxo*, como resposta á c. 1576. Só se testemuña a forma masculina.

Enquisas de estudantes

C-9d, C-09e, C-13b, C-13d, C-13e, C-13f, C-15b, C-18b, C-18e, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b, C-20c, C-23b¹⁷, C-25b, C-28e, C-36b, C-36c, C-39c, C-39d, C-39e¹⁸, C-40c, C-45b; L-21c, L-24c, L-28c; O-07c, O-16d; P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-05b, P-07b, P-08b¹⁷, P-09d, P-10b.

¹⁷ Cando é moi pequeno. *Becerro* nos outros casos.

¹⁸ Tamén se rexistra *cuxa*.

2.1.3.1.2. *coiso e cuiiso, cuixa*

ALGa

C-26¹; L-26².

¹ O macho é *becerruco* ata os dous meses, cando pasa a *becerro* (ou *coiso*, que é a voz para chamalo). A femia é *becerruca*, máis tarde *becerra* e, ó ano, *xuvenca*.

² A forma que figura é *cuiiso*, que se usa para o macho máis pequeno; logo chámase *becerro* e, cando xa é grandote, *xato*. A femia pequena é a *cuixa*; a máis grande xa se chama *ternera* ou *becerra*.

2.1.3.2. Con sufixo diminutivo: *cuxiño*

Enquisas de estudantes

C-13f; P-04b, P-04e.

2.1.4. Sobre *pucho*, -a

2.1.4.1. *pucho*, -a

ALGa

C-05¹, C-07², C-08³, C-09, C-14⁴, C-34⁵, C-37⁶, C-38, C-41, C-43, C-45⁷, C-46⁸, C-47⁹, C-48, C-49¹⁰; O-14¹¹; P-06¹², P-09, P-12¹³, P-13¹⁴, P-15¹⁵, P-16¹⁶, P-17¹⁷, P-18¹⁸, P-21¹⁹, P-22, P-25²⁰.

¹ *becerro/a*, *pucho/a* e *xato/a* son sinónimos. Existen outras dúas denominacións para a femia: *cachorra*, entre ‘becerra’ e ‘vaca adulta’, e *xovenca*, cando ten algo máis dun ano de idade. A femia non é *vaca* ata que vai ó boi.

² *pucho/a* ata un ano; a femia pasa despois a ser *xuvenca* ou *xata* ata que pare.

³ O estadio máis pequeno é *pucho/a*, logo vén *becerro* ou *becerra* (cando a vai cubrir o touro) e xa *vaca* (cando ten a primeira cría), *toro* ou *boi*.

⁴ Primeiro é *becerriño/a*, logo pasa a *pucho/a* ou *becerro/a*, ata o ano de idade (macho) ou ata que pare (femia). Para esta temos, ademais, a forma *xuvenca*, intermedia entre *becerra* e *vaca*.

⁵ Ata un ano de idade chámanse *pucho/a*. Mentres que non cerra o dentame ou ata que non ten os seis primeiros dentes, o macho segue sendo *pucho* e a femia *xuvenca*. Cando bota os dous últimos dentes (*palletas*), xa se empregan as designacións do animal adulto.

⁶ Existe tamén a forma *xuvenca* para a femia.

⁷ O macho é primeiro *pucho* e logo *terneiro* (ata un ano); a femia pasa de *pucha* a *xuvenca*.

⁸ De *pucho/a* pasa a *becerro/a* e logo a *novillo/a*.

⁹ Primeiro é *puchiño/a*, logo pasa a *pucho/a*; o macho recibe xa o nome de *boi* ó capalo e a femia chámase *vaca* ó pasar ás mans doutro. Existe tamén a forma *xuvenca* para se referir a unha vaquiña nova.

¹⁰ Mentres que a femia é sempre *pucha*, o macho pequeno denomínase en primeiro lugar *puchiño*, e logo *pucho* ata o ano e pico, cando xa se considera adulto e se denomina *boi*.

¹¹ Pouco frecuente.

¹² O animal máis pequeno é o *pucho/a*, logo é *becerro/a*. O macho pasa despois a recibir as designacións do animal adulto, pero a femia antes aínda é *xuvenca*.

¹³ O máis pequeno é *pocho/a*. Logo a femia pasa a *xovenca/-enga* e o macho a *boiato*. Tamén se documenta *ternero*, sen especificar a idade.

¹⁴ O animal pequeno é *pocho/a*. O macho pasa despois a recibir as denominacións do adulto, pero para a femia aínda se documenta o nome de *xuvenca*.

¹⁵ O máis pequeno é *becerro/a* ou *pocho/a*; cando ten un ano é *novillo/a*. Aparece neste punto *xuvenca*, pero como nome de vaca.

¹⁶ Para o macho máis pequeno documentamos *pocho*; ós 6/7 meses xa é *ternero* e, ó ano de idade, pasa a ser *boiato*. A femia pequena chámase *pocha*; posteriormente é *ternera* e, ó preñar de primeira vez, *xuenga* ou *xuenga*.

¹⁷ Para o macho rexistramos *becerro* ou, menos frecuentemente, *pocho* (respostas á c. 1576 *becerro*, *cuxo*) e ademais *boiciño* ou *xuenco* (respostas á c. 1581 *ternero*). Para a femia só se rexistra *xuenga*.

¹⁸ O nome do máis pequeno é *pucho/a*; logo vén *becerro/a* e, finalmente, *baiote* e *xuenga*.

¹⁹ O máis pequeno é o *pucho/a*; logo vén o *becerro/a*. Mentres que o macho pasa a recibir xa os nomes do animal adulto, a femia aínda transita polo estadio de *xuenga*. Documentábase tamén *ternero*, pero sen indicar a idade.

²⁰ O *becerro* é máis pequeno có *pucho* (designación que tamén vale para o animal adulto). Para a femia temos *ternera* e *pucha*, sen especificar tamaño.

Enquisas de estudantes

C-04b, C-04c²¹, C-04d, C-06c, C-08b²², C-08c, C-09c, C-37b, C-39d, C-41b, C-41c, C-41d, C-43b²¹, C-48b, C-49b, C-49c, C-49d, C-49e; O-16d; P-03b, P-06b²³, P-06c, P-09b, P-12b²³, P-12c²³, P-12e²³, P-12f²³, P-15e²³, P-16b^{21, 23}.

²¹ O *pucho* (ou *pocho*) é máis novo có *becerro*.

²² Tamén existe a forma feminina, *pucha*.

²³ A forma que se rexistra nas enquisas é *pocho*.

2.1.4.2. *puchiño, -a*

ALGa

C-47¹, C-49².

¹ Primeiro é *puchiño/a*, logo pasa a *pucho/a*; o macho recibe xa o nome de *boi* ó capalo e a femia chámase *vaca* ó pasar ás mans doutro. Existe tamén a forma *xuenga* para se referir a unha vaquiña nova.

² Mentres que a femia é sempre *pucha*, o macho pequeno denomínase en primeiro lugar *puchiño*, e logo *pucho* ata o ano e pigo, cando xa se considera adulto e se denomina *boi*.

Enquisas de estudantes

P-06c, P-15e.

2.2. Sobre *xato, -a*

2.2.1. Formas sen derivar

2.2.1.1. *xato, -a*

ALGa

A-01, A-02¹, A-03², A-04, A-05³, A-07; C-04⁴, C-05⁵, C-06⁶, C-07⁷, C-08⁸, C-09, C-28⁹, C-36¹⁰; L-01¹¹, L-04¹², L-05¹³, L-06¹⁴, L-07¹⁵, L-08, L-09¹⁶, L-11¹⁷, L-12, L-13, L-14¹⁸, L-15¹⁹, L-16, L-18, L-19²⁰, L-21, L-23, L-25²¹, L-26²², L-27, L-29²³, L-30²⁴, L-34²⁵, L-36²⁶, L-37²⁷, L-38²⁸, L-39²⁹; Le-01³⁰, Le-02³¹, Le-03, Le-04³², Le-05; O-03³³, O-04³⁴, O-06³⁵, O-07³⁶, O-08³⁷, O-09³⁸, O-11³⁹, O-12⁴⁰, O-13⁴¹, O-17, O-18⁴²; P-08⁴³, P-10⁴⁴; Z-01⁴⁵, Z-02⁴⁶.

¹ De *xato/a* pasa a *becerro/a*.

² De *xatín/ía* pasa a *ternerín/ía*, logo a *ternero/a*. As femias pasan xa a *vaca*, mentres que os machos pasan aínda a *xato* antes de seren *toro de puestro* ou *boi*, denominacións para os individuos adultos.

³ Para o macho temos *xato*; xa adulto é *xato das vacas*. Para as femias temos *xatela* ou *xovenca* (“xata pequenía, xatela flaca”).

- ⁴ O macho pasa de ser *becerro* a *ternero* e logo a *xato* (ós 7 ou 8 meses). Temos *becerra* para a cría máis pequena e *xuvenca* para se referir á máis crecida.
- ⁵ *becerro/a*, *puchbo/a* e *xato/a* son sinónimos. Existen outras dúas denominacións para a femia: *cachorra*, entre ‘becerra’ e ‘vaca adulta’, e *xovenca* cando ten algo máis dun ano de idade. A femia non é *vaca* ata que vai ó boi.
- ⁶ O macho novo é *becerro*, *xato* ou *cuxo*. A femia é *becerra* ou *xata*, logo pasa a *xovenca* ata que pare, cando xa é *vaca*.
- ⁷ Denomínase *puchbo/a* ata que ten un ano; a femia pasa despois a ser *xuvenca* ou *xata*, ata que pare.
- ⁸ O pequeno chámase *puchbo/a*. O seguinte estado é *becerro/a* (a femia é *becerra* cando a vai cubrir o touro e ata que ten a primeira cría). Outro informante engade a resposta *boi novato* como resposta á c. 1581.
- ⁹ De *becerro/a* pasan a *cuxo/a* e logo a *xuvenca* ou *xato*.
- ¹⁰ Para o macho máis pequeno rexistramos *becerriño*. Para o estadio sucesivo hai *becerrón*, *xato* (menos frecuente) e *cuxo*. A única forma feminina rexistrada é *becerra* (na c. 1577 *vitela*, *ternera*).
- ¹¹ O máis pequeno é o *becerro/a* (1 ano). Máis tarde é *xovenca* ou *xata* (cando é para cría, ata que despecha).
- ¹² O macho é *xato* ata o ano e pico, que pasa a *boi* (designación do adulto); a femia é *xata* ata que ten un ano de idade, cando é xa *xovenca*, ata que cerra na boca.
- ¹³ O macho é *xato* ata os catro anos. A femia é *xata* ata ó redor dos dous anos de idade, cando pasa a chamarse *xovenca* ata os catro anos; ós cinco xa se denomina *vaca*.
- ¹⁴ Para o macho máis novo temos *xato pequeno*. Despois, e ata que ten 7 meses, é *xato* ou *becerro*. A femia pequena é *xata* ou *becerra*; posteriormente, e mentres non cerra, *xuvenca*. Tamén existe a forma *cuxe*, entre os vellos.
- ¹⁵ Ata o ano é *becerro/a*; ó ano é *xato/a*, aínda que tamén existe para a femia a forma *xovenca* (“do ano, ano e medio, ata que ten cría”).
- ¹⁶ A forma *xato* é menos frecuente ca *becerro*.
- ¹⁷ De *becerro* pasa a *xato* (para vender, ós seis meses) e logo xa é *toro* ou *boi* (denominacións para o animal adulto). A única forma feminina que se rexistra é *xuvenca* (de 1-2 anos).
- ¹⁸ O *xato/a* é maior có *cuxo/a* e tamén pode ser resposta para o animal adulto (cf. o cap. 1).
- ¹⁹ *becerro* e *xato* son as respostas á c. 1576 *becerro*, *cuxo*; *terneiro*, *xato* e *xato pequeno* para a c. 1581 *ternero* e *terneira*, *xata pequena* á c. 1577 *vitela*, *ternera*.
- ²⁰ O *xato/a* é o máis pequeno; ós 8 meses xa é *becerro/a*.
- ²¹ Só figura a forma masculina.
- ²² O macho máis pequeno é o *cuiso*; logo vén o *becerro* e o *xato* cando é grandote, antes de ser propiamente *boi*. A femia pequena é a *cuixa*; a máis grande é xa a *ternera* ou a *becerra*.
- ²³ O máis pequeno é *xato/a* (6-7 meses). Despois, para a femia seguimos documentando *xata* (1-2 anos) e logo *xuvenca*; para o macho, sen especificar límites temporais, rexistramos *ternero* e *xato de sobrano(s)*.
- ²⁴ Só aparece a forma masculina, como resposta á c. 1576 *becerro*, *cuxo*.
- ²⁵ Unicamente a forma masculina, como resposta á c. 1581 *ternero*.
- ²⁶ Para o macho rexistramos como sinónimos *becerro*, *terneiro* e *xato* (máis grande cós anteriores). Para o feminino unicamente documentamos *xuvenca*.
- ²⁷ *xato/a* ata o ano. Existe unha denominación adicional para a femia: *vitela* desde os tres meses ata o ano de idade.
- ²⁸ Para o masculino temos *becerro*, *xato* e *terneiro*; para o feminino, *vitela* e *terneira*, sen especificacións cronolóxicas.
- ²⁹ Aparece *xato*, pero non está claro se se refire ó animal adulto ou a unha cría.
- ³⁰ *xato/a* ata que ten un ano de idade. Para a femia documéntase tamén *novillo*, sen especificar idade. Para a femia existen *becerra* (3 anos) ou *xuvenca*.
- ³¹ O animal máis pequeno é *xatín/xatiña*. Se se cría para vender, é *xato/a* ós seis meses; *becerro/a* ó ano, se se cría para traballar.
- ³² O máis pequeno é o *ternero/a*. Logo pasa a *xato/a* (se é para vender); a femia que empeza a andar ó tiro é a *novela*.
- ³³ *xato/a* ata os 6-7 meses. Logo a femia é *novela* ata que pare.
- ³⁴ Como resposta á c. 1576 *becerro*, *cuxo* temos *xato* e, con menos frecuencia, *becerro*. Como resposta á c. 1577 *vitela*, *ternera* rexístrase *xata* e, como resposta á c. 1581 *ternero*, temos *ternero*.

³⁵ O macho máis pequeno é o *becerro*; un pouco máis grande, cando xa non mama, é *xato*; existe tamén *terneiro* (resposta á c. 1581 *ternero*). A femia máis pequena é a *vitela*; cando medra, chámase *toura*.

³⁶ De *xato/a* pasa a *becerro/a* (ata os 18 meses).

³⁷ Como forma masculina temos *xato* e como feminina *vitela*. Téñase en conta para a análise destes datos que neste punto non hai vacas, só uns 20 bois.

³⁸ Ata que non teñen cornos grandes chámanse *xato/a*; cando xa os comezan a xunguir, son *nuvelo/a*. Existe tamén a forma *xatola*, para a que non se fai ningunha especificación cronolóxica.

³⁹ O animal é *becerro/a* ata os 6 meses (existe tamén *ternero*, pero non se especifica idade). Logo xa é *xato* (ata os 2 anos de idade, pero segue sendo a denominación para o animal adulto non capado).

⁴⁰ Para o animal pequeno rexistramos *xatiño/a* (tamén *ternero* para o macho). Ós 2 anos son *novelo/a* ou *xato/a*. Existe tamén a forma *vitela*, para se referir á carne de xata.

⁴¹ O macho máis novo é o *becerro*; cando xa non mama é *xato*, denominación que se mantén aínda despois dun ano e que pode usarse tamén para o individuo adulto. A femia máis pequena é *becerra*; no primeiro ano é *xatiña* e, posteriormente, *xata*.

⁴² Desde o nacemento, o macho chámase *xato* ata os 1-2 anos de idade, cando pasa a chamarse *novelo*; tamén existe *becerriño*, pero non se especifica a idade. Para as femias temos *ternera* ou *novelica*.

⁴³ Para o macho documentamos *cuxo* (resposta á c. 1576) e *xato* (resposta á c. 1577); para a femia temos *xata* ou *xuvenca*.

⁴⁴ Para o macho documentamos *cuxo* (resposta á c. 1576) e *xato* (resposta á c. 1581); para a femia aparece só *cuxa*.

⁴⁵ Nada máis nacer é *xatiño/a*. Desde os 15 días ata o ano de idade é *xato/a*; de 1 a 2 anos é *anollo*, *-a* e, por último, de 3-4 anos é *novelo/a*. No cuestionario, estas indicacións cronolóxicas fanse unicamente ó lado da forma masculina, non sabemos se son aplicables tamén ó outro sexo, inda que aparentemente si.

⁴⁶ Para os máis pequenos documentamos *becerriño/a* ou *becerro/a*, máis grande é *xato/a*. Para a femia existe *vitela* (sexa para o animal vivo, sexa para a carne).

Enquisas de estudantes

A-02b; C-39k; L-02b, L-04b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-09d, L-13b, L-15b, L-16b, L-21b, L-23b; O- 21b, O-26b.

2.2.1.2. *jato*, *-a*

Enquisas de estudantes

Le-05c.

2.2.2. Con sufixos

2.2.2.1. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ĒLLA: *xatela*

ALGa

A-05¹.

¹ A única forma que se rexistra para o macho é *xato* (como adulto, chámase *xato das vacas*). Para as femias, temos *xatela* ou *xovenca* (“xata pequenía, xatela flaca”).

2.2.2.2. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ĪNU

2.2.2.2.1. Só se indica a forma masculina: *xatín*²⁸

²⁸ Para a forma feminina que cabería agardar nesa zona xeográfica, cf. mapa 91, vol. II, do ALGa.

ALGa

A-01; L-21; Le-05.

Enquisas de estudantes

Le-05b.

2.2.2.2.2. *xatín, -ía*

ALGa

A-02, A-03¹, A-06².

¹ De *xatín/ía* pasa a *ternerín/ía* e máis tarde a *ternero/a*. Despois, o macho aínda é *xato*, antes de pasar a recibir os nomes do animal adulto (*toro de puesto* ou *boi*).

² De *xatín/ía* pasa a *xato* e logo a *becerro/a* (ós 7 meses). A femia pasa a chamarse *vaca* cando empreña ou ó ano e medio de idade.

2.2.2.2.3. *xatín, -iña*

ALGa

Le-02¹.

¹ O animal máis pequeno é *xatín/xatiña*. Se se cría para vender, denomínase *xato/a* ós seis meses; é *becerro/a* ó ano, se se cría para traballar.

2.2.2.2.4. *xatiño, -a*

ALGa

L-02¹; O-12², O-13³, O-22⁴; Z-01⁵.

¹ Primeiro é *xatiño/a*, logo é *ternero* ou *becerro*. Existe a forma *xato*, pero xa para o individuo adulto.

² Para o animal pequeno temos *xatiño/a* (tamén *ternero*, para o macho). Ós 2 anos son *novelo/a* ou *xato/a*. Existe tamén a forma *vitela*, para se referir á carne de xata.

³ O macho máis novo é o *becerro*; cando xa non mama é *xato*, denominación que se mantén aínda despois dun ano e que pode usarse tamén para o individuo adulto. A femia máis pequena é *becerra*, no primeiro ano é *xatiña* e, posteriormente, *xata*.

⁴ O macho máis pequeno é *xatiño*; ós 3 meses é xa *becerro* e de tres anos é *novelo*. Para a femia temos *vitela* (4-5 meses) e *novela* (3 anos).

⁵ Nada máis nacer é *xatiño/a*. Desde os 15 días ata 1 ano é *xato/a*. De 1 a 2 anos é *anollo/a*. Por último, de 3-4 anos é *novelo/a*. No cuestionario, estas indicacións cronolóxicas fanse unicamente para o macho, aínda que supoñemos que poden ser extensivas á femia.

2.2.2.3. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ŎLA: *xatola*

ALGa

O-09¹.

¹ Ata que non teñen cornos grandes, son *xato/a*; cando xa os comezan a xunguir chámanse *nuvelo/a*. Existe tamén a forma *xatola*, para a que non se fai ningunha especificación cronolóxica.

2.2.3. Cun modificador referente á idade ou ó tamaño

2.2.3.1. ‘que ten aproximadamente un ano de idade’: *xato de sobrano(s)*

ALGa

L-29¹.

¹ O animal máis pequeno é *xato/a* (6-7 meses). Despois, para a femia emprégase *xata* (1-2 anos) e logo *xuvenca*; para o macho, sen especificar límites temporais, coexisten as formas *ternero* e *xato de sobrano(s)*.

2.2.3.2. *xato,-a pequeno,-a*

ALGa

L-06¹, L-15².

¹ Para o macho máis novo rexistramos *xato pequeno*. Despois, e ata que conta con 7 meses, é *xato* ou *becerro*. A femia pequena é tamén *xata* ou *becerra*; posteriormente, e mentres non cerra, denomínase *xuvenca*. Tamén existe a forma *cuxe*, forma que usan os vellos.

² *becerro* e *xato* son as respostas á c. 1576; *terneiro*, *xato* e *xato pequeno* para ‘ternero’ e *terneira*, *xata pequena* a ‘vitela, ternera’.

3. Construcións a partir de designacións para o animal adulto

3.1. Sobre a forma *boi*

3.1.1. Con sufixos

3.1.1.1. *boiato*

ALGa

P-12¹, P-16².

¹ O máis pequeno é *pocho/a*. Logo a femia pasa a *xovenca/-enga* e o macho a *boiato*. Tamén se rexistra *ternero*, sen especificar a idade.

² Para o macho máis pequeno documentamos *pocho*; ós 6-7 meses xa é *ternero* e ó ano pasa a *boiato*. A femia pequena é *pocha*; posteriormente é *ternera* e, ó preñar de primeira vez, *xuvenca* ou *xuenga*.

3.1.1.2.1. *boiño*

ALGa

L-20¹.

¹ O macho máis pequeno é o *becerriño*, despois é *becerro* e, posteriormente, *boiño*. A femia de un ou dous anos é *xuvenca*; existe tamén *vitela* para se referir á vaca fraca, que vale pouco.

3.1.1.2.2. *boiciño*

ALGa

P-17¹.

¹ Para o macho temos *becerro* ou, menos frecuente, *pocho* (respostas á cuestión 1576 *becerro*, *cuxo*) e ademais *boiciño* ou *xuvenco* (respostas á cuestión 1581 *ternero*). Para a femia só se rexistra *xuvenca*.

3.1.1.3. Forma problemática: *baiote*

ALGa

P-18¹.

¹ O máis pequeno é o *pucho/a*; logo vén o *becerro/a* e, finalmente, rexistramos *baiote* e *xuvenca*.

3.1.2. Con modificadores: *boi novato*

ALGa

C-08¹.

¹ O máis pequeno é *pucho/a*. O seguinte estado é *becerro/a*; a femia é *becerra* cando xa vai ó touro e ata que ten a primeira cría. Outro informante engade a resposta *boi novato* como resposta á cuestión 1577 *ternero*.

3.2. Sobre *touro, -a*

3.2.1. Formas sen derivar: *touro, -a*

ALGa

O-06¹, O-10², O-15³, O-19⁴; P-26⁵, P-27, P-29, P-30, P-32⁶.

¹ O macho máis pequeno é o *becerro*; un pouco máis grande, cando xa non mama, é *xato*; existe tamén *terneiro* (resposta á c. 1577). A femia máis pequena é a *vitela*, cando medra xa é *toura*.

² De *becerro/a* pasa a *touro/a* (as designacións para os animais adultos son: *boi-toro* ou *vaca*).

³ De *becerriño/a* pasa a *becerro/a* e, posteriormente, a *touro/a* (o macho adulto é *boi [de puesto]*); a femia pasa a ser *vaca* ós 18 meses, cando pare.

⁴ *Touro/a* para todo o período, desde que nacen ata que a femia empreña.

⁵ *Touro/a* é a forma normal, aínda que tamén se rexistra, con pouca frecuencia, *becerro/a* para se referir ó animal cando ten uns 4-5 meses. Ó capalo aínda é *touro*, pasa a *boi* (forma para o adulto) ós 2-3 anos.

⁶ No primeiro mes documentamos *tourriño/a* ou *touro/a*; logo rexístrase *becerro* para o macho e *toura* para a femia.

Enquisas de estudantes

P-15b, P-21b⁷, P-24c, P-24e, P-25b, P-26b, P-27b, P-28c, P-28d, P-29b, P-29d, P-32b⁷.

⁷ A forma que se rexistra é só a feminina: *toura*.

3.2.2. Con sufixos

3.2.2.1. *toureco*

ALGa

O-20¹.

¹ O macho máis pequeno é o *becerro*; logo é *novelo* ata que despecha (3 anos) e, finalmente, *toureco* (que pode ser tamén unha designación para o animal adulto). A femia é *ternera* ata que vai ó boi, momento no que xa é *novela*.

3.2.2.2. *tourriño, -a*

ALGa

P-32¹.

¹ No primeiro mes documentamos *tourriño/a* ou *touro/a*; logo, rexistramos *becerro* para o macho e *toura* para a femia.

Enquisas de estudantes

P-29c, P-32b.

4. 'animal novo'

4.1. *anollo, -a*

ALGa

Z-01¹.

¹ Nada máis nacer é *xatiño*. Desde os 15 días ata 1 ano é *xato*. De 1 a 2 anos é *anollo*. Por último, de 3-4 anos é *novelo*. No cuestionario, estas indicacións cronolóxicas fanse unicamente para o macho, aínda que supoñemos que poden ser extensivas á femia.

4.2. *novelo, -a e derivados*

4.2.1. *novelo, -a*

ALGa

Le-04¹; O-04², O-09³, O-12⁴, O-18⁵, O-20⁶, O-21⁷, O-22⁸, O-25⁹, O-29¹⁰, O-30¹¹; Z-01¹².

¹ O animal máis pequeno é o *ternero/a*. Logo pasa a *xato/a* (se é para vender); a femia que empeza a andar ó tiro é a *novela*.

² *xato/a* ata 6-7 meses. Logo a femia é *nuvela* ata que pare.

³ Ata que non teñen cornos grandes son *xato/a*; cando xa os comezan a xunguir son *nuvelo/a*. Existe tamén a forma *xatola*, para a que non se fai ningunha especificación.

⁴ Para o animal pequeno documentamos *xatiño/a* (tamén *ternero* para o macho). Ós 2 anos son *novelo/a* ou *xato/a*. Existe tamén a forma *vitela* para se referir á carne de xata.

⁵ O macho é *xato* desde que nace ata os 1-2 anos de idade, cando pasa a denominarse *novelo*; tamén existe *becerriño*, pero non se especifica a idade. Para as femias rexistramos *ternera* ou *novelica*.

⁶ O macho máis pequeno é o *becerro*; logo é *novelo* ata que despecha (3 anos) e finalmente *toureco* (que pode ser tamén unha designación para o animal adulto). A femia é *ternera* ata que vai ó boi, momento no que xa se chama *novela*.

⁷ Os máis novos son *becerro* (macho) e *cría* (femia); cando xa son de 2 anos, chámanse *novelo/a*.

⁸ O macho máis pequeno é *xatiño*; ós 3 meses é xa *becerro* e de 3 anos denomínase *novelo*. Para a femia temos *vitela* (4-5 meses) e *novela* (3 anos).

⁹ Mentres non vai ó monte é *becerro/a cortelleiro/a*. Se se cría para animal de carga, denomínase *novelo/novela* mentres está no monte. Cando a femia vai crecida e comeza a se xunguir, entón xa se chama *almalla*. Pola contra, a femia que se criou para matar chámase *vitela* xa desde o destete (nos primeiros meses).

¹⁰ O animal máis pequeno é *novelo/a*; posteriormente chámase *vitelo/a*.

¹¹ *Becerriño/a* é o animal máis pequeno; para o macho documentamos como sinónimos *becerro*, *ternero* e mais *vitelo*, mentres que as designacións para a femia son *becerra*, *novela* e *vitela*.

¹² Nada máis nacer é *xatiño/a*. Desde os 15 días ata o ano de idade é *xato/a*; de 1 a 2 anos é *anollo, -a* e, por último, de 3-4 anos é *novelo/a*. No cuestionario, estas indicacións cronolóxicas fanse

unicamente ó lado da forma masculina, non sabemos se son aplicables tamén ó outro sexo, inda que aparentemente si.

4.2.2. Forma castelá *novillo*, -a

ALGa

C-46¹; Le-01²; P-15³.

¹ De *pucho/a* pasa a chamarse *becerro/a* e logo *novillo/a*.

² *xato/a* ata que ten un ano de idade. Para o macho existe tamén *novillo*, sen especificar idade. Para a femia hai *becerra* (3 anos) ou *xuvenca*.

³ O máis pequeno é *becerro/a* ou *pocho/a*. Cando ten un ano é *novillo/a*. Rexístrase tamén *Xuvenca*, pero só como nome propio de vaca.

4.2.3. *novela* con sufixo diminutivo: *novelica*

ALGa

O-18¹.

¹ Desde que nace, o macho é *xato*, ata que conta con 1-2 anos de idade, momento en que pasa a chamarse *novelo*; tamén existe *becerriño*, pero non se especifica a idade. Para as femias rexistramos as designacións *ternera* ou *novelica*.

4.3. Designacións que continúan o lat. TENĒRU mais sufixo –ARIU

4.3.1. Formas sen derivar

4.3.1.1. Forma con metátese: *terneiro*, -a

ALGa

C-45¹; L-15², L-30, L-35³, L-36⁴, L-38⁵; O-06⁶, O-14⁷, O-28⁸; P-01.

¹ O macho primeiro é *pucho* e logo *terneiro* (ata un ano); a femia pasa de *pucha* a *xuvenca*.

² *becerro* e *xato* son as respostas á c. 1576; *terneiro*, *xato* e *xato pequeno* son formas para a c. 1581, mentres que *terneira* e *xata pequena* responden á c. 1577.

³ Só se rexistra a forma feminina, como resposta á c. 1577 *vitela*, *ternera*.

⁴ Para o macho atopamos rexistrados como sinónimos *becerro*, *terneiro* e *xato* (máis grande cós anteriores). Para o feminino unicamente documentamos *xuvenca*.

⁵ Para o masculino temos *becerro*, *xato* e *terneiro*; para o feminino, *vitela* e *terneira*.

⁶ O macho máis pequeno é o *becerro*; un pouco máis grande, cando xa non mama, é *xato*; existe tamén *terneiro* (resposta á c. 1581 *ternero*). A femia máis pequena é a *vitela*; cando medra xa é *toura*.

⁷ Pouco frecuente.

⁸ Cando é noviño é *terneiro/a*, logo é *becerro/a*.

Enquisas de estudantes

O-07b.

4.3.1.2. Forma *tenreiro*, -a

ALGa

L-33¹.

¹ Para o macho recóllese *becerro* e *tenreiro* (sen indicar cronoloxía). Para a femia, unicamente *becerra*.

Enquisas de estudantes

O-16d, O-26b.

4.3.1.3. Emprego da forma castelá *ternero, -a*

ALGa

A-03¹; C-04²; L-02³, L-08⁴, L-26⁵, L-29⁶; Le-04⁷; O-04⁸, O-11⁹, O-12¹⁰, O-18¹¹, O-20¹², O-30¹³; P-12¹⁴, P-16¹⁵, P-21¹⁶, P-25¹⁷, P-28¹⁸.

¹ De *xatín/ía* pasa a *ternerín/ía* e máis tarde a *ternero/a*. Mentres que as femias pasan xa a *vaca*, os machos aínda teñen o estadio de *xato* antes de recibir os nomes de *toro de puesto* ou *boi* (denominacións para os individuos adultos).

² O macho pasa de ser *becerro* a *ternero* e logo a *xato* (ós 7 ou 8 meses). Temos *becerra* para a cría máis pequena e *xuvenca* para se referir á vaca nova.

³ Primeiro é *xatiño/a*, logo é *ternero* ou *becerro*. Existe a forma *xato*, pero xa para o individuo adulto.

⁴ Non se rexistra forma para o masculino.

⁵ O macho máis pequeno é o *cuiso*; logo vén o *becerro* e o *xato* cando é grandote, antes de ser propiamente *boi*. A femia pequena é a *cuixa*; a máis grande é a *ternera* ou a *becerra*.

⁶ O máis pequeno é *xato/a* (6-7 meses). Despois, para a femia seguimos tendo *xata* (1-2 anos) e logo *xuvenca*; para o macho, sen especificar límites temporais, documentamos *ternero* e *xato de sobrano(s)*.

⁷ O máis pequeno é o *ternero/a*. Logo pasa a *xato/a* (se é para vender); a femia que empeza a andar ó tiro é a *novela*.

⁸ Como resposta á c. 1576 temos *xato* e, con menos frecuencia, *becerro*. Como resposta á c. 1577 hai *xata* e, como resposta á c. 1581, *ternero*.

⁹ O animal é *becerro/a* ata os 6 meses (existe tamén *ternero*, pero non se especifica idade). Logo xa é *xato* (ata os 2 anos), que é tamén a denominación para o animal adulto non capado (cf. cap. 1).

¹⁰ Para o animal pequeno rexistramos *xatiño/a* (tamén *ternero*, para o macho). Ós 2 anos son *novelo/a* ou *xato/a*. Existe tamén a forma *vitela* para se referir á carne de xata.

¹¹ Desde que nace, o macho é *xato*, ata que fai 1-2 anos de idade, cando se lle chama xa *novelo*; tamén existe *becerriño*, pero non se indica a franxa cronolóxica. Para as femias recóllense, sen especificar diferenzas, *ternera* ou *novelica*.

¹² O macho máis pequeno é o *becerro*; logo é *novelo* ata que despecha (3 anos) e finalmente *toureco* (que pode ser tamén unha designación para o animal adulto). A femia é *ternera* ata que vai ó boi, momento no que xa recibe o nome de *novela*.

¹³ *Becerriño/a* é o animal máis pequeno. No estadio sucesivo, para o macho documentamos como sinónimos *becerro*, *ternero* e *vitelo*, mentres que para a femia se rexistran *becerra*, *novela* e *vitela*.

¹⁴ O máis pequeno é *pocho/a*. Logo a femia pasa a *xovenca/-enga* e o macho a *boiata*. Tamén se documenta *ternero*, sen especificar a idade.

¹⁵ Para o macho máis pequeno temos *pocho*; ós 6/7 meses xa é *ternero* e ó ano pasa a *boiata*. A femia pequena é *pocha*; posteriormente é *ternera* e, ó preñar de primeira vez, *xuvenca* ou *xuenga*.

¹⁶ O máis pequeno é o *pucho/a*; logo vén o *becerro/a*. Antes das denominacións para o adulto, a femia segue recibindo o nome de *xuvenca*. Documentábase tamén *ternero*, pero sen indicar a idade.

¹⁷ O *pucho* (designación que tamén vale para o animal adulto) é maior có *becerro*. Para a femia temos *ternera* e *pucha*, sen especificar tamaño.

¹⁸ O animal chámase *becerro/a* ata os 4-5 meses de idade, logo xa é *ternero/a*.

Enquisas de estudantes

L-28b; Le-05b; P-28b.

4.3.2. Formas con sufixo diminutivo

4.3.2.1. *terneriño*

P-03b.

4.3.2.2. *ternerín, -ría*

ALGa

A-03¹.

¹ De *xatín/ía* pasa a *ternerín/ía* e máis tarde a *ternero/a*. Mentres que as femias pasan xa a *vaca*, os machos aínda atravesan o estadio de *xato* antes de recibir os nomes de *toro de puesto* ou *boi* (denominacións para os individuos adultos).

4.4. *xuvenco, -a*

ALGa

A-05¹; C-02², C-04³, C-05⁴, C-06⁵, C-07⁶, C-08⁷, C-13⁸, C-14⁹, C-18¹⁰, C-19¹¹, C-20¹², C-22¹³, C-23¹⁴, C-25¹⁵, C-26¹⁶, C-28¹⁷, C-31¹⁸, C-32¹⁹, C-34²⁰, C-37²¹, C-45²², C-47²³; L-01²⁴, L-04²⁵, L-05²⁶, L-06²⁷, L-07²⁸, L-11²⁹, L-17³⁰, L-20³¹, L-28³², L-29³³, L-33³⁴, L-36³⁵; Le-01³⁶; P-02³⁷, P-06³⁸, P-08³⁹, P-12⁴⁰, P-13⁴¹, P-15⁴², P-16⁴³, P-17⁴⁴, P-18⁴⁵, P-21⁴⁶, P-24⁴⁷.

¹ *xovenca* é unha designación para a “xata pequenía, xatela flaca”.

² Ata os 20-24 meses é *cuxo* ou *cría*. Despois, a femia coñécese como *xuvenca* ata os 5 anos, cando recibe as denominacións do adulto: *vaca zarrada* (“que zarrou do dente”).

³ O macho pasa de ser *becerro* a *ternero* e logo a *xato* (ós 7 ou 8 meses). No que respecta á femia, temos *becerra* para a cría máis pequena e *xuvenca* para se referir á vaca nova.

⁴ *xovenca* é a femia que ten algo máis dun ano de idade. *becerro/a*, *pucho/a* e *xato/a* son sinónimos; a femia non é *vaca* ata que vai ó boi. A *cachorra* está entre ‘becerra’ e ‘vaca adulta’.

⁵ O macho novo é *becerro*, *xato* ou *cuxo*. A femia é *becerra* ou *xata*, logo pasa a *xovenca* ata que pare.

⁶ *pucho/a* ata que ten un ano de idade; a femia pasa despois a ser *xuvenca* ou *xata*, ata que pare.

⁷ Só se rexistra a forma feminina.

⁸ *cuxo/a* ata un ano de idade. Logo temos para a femia *xovenca* (de 2 anos) e para o macho *almallo*, ata que bota os últimos dentes, cuns tres anos.

⁹ Primeiro é *becerriño/a*, logo pasa a *pucho/a* ou *becerro/a*, ata o ano de idade (macho) ou ata que pare (femina). Para esta documentamos, ademais, a forma *xuvenca*, intermedia entre *becerra* e *vaca*.

¹⁰ É *cucho/a* ata que cría (1-2 anos); para a femia temos a forma *xuvenca* (de 10-12 meses).

¹¹ De *cuxo/a* pasamos a *becerro/a* (3-4 meses). O macho adulto non capado é *toro*; se se capa, é *almallo* (máis tarde *boi*). Rexistramos tamén a designación *xuvenca* para a femia.

¹² De *cuxo/a* (ata 7/8 meses) pasa a *becerro/a* (ata que cría); a femia chámase entón *xuvenca* (ata que pare ou ata os 2 anos) e o macho a *almallo* (“becerro novo que empezará a botar ás vacas”).

¹³ *becerro/a* e *cucho/a* son sinónimos neste punto. A femia de máis idade é *xovenca* ata que pare.

¹⁴ O macho pasa de *cucho* a *becerro* (ó vendelo). A femia máis pequena é a *cucha* (ou *cucha mamona*), logo *becerra* e, finalmente, *xuvenca*, ata que empreña.

¹⁵ Chámase *becerro/a* ata os 2 anos; a femia pasa logo a ser *xuvenca*, ata que cría.

¹⁶ O macho é *becerruco* ata os dous meses, cando pasa a *becerro* (ou *coiso*, que é a voz para chamalo). A femia máis pequena é *becerruca*, máis tarde *becerra* e, ó ano, é *xuvenca*.

¹⁷ De *becerro/a* pasan a *cuxo/a* e logo *xuvenca* (femina) e *xato* (macho).

¹⁸ Chámase *cucho/a* ata que ten un ano. Para a femia de maior idade temos *xuvenca*.

¹⁹ A *xovenca* é unha femia máis grande cá *cuxa* que aínda non pariu.

²⁰ Ata que ten un ano de idade chámase *pucho/a*. Mentres que non cerra o dentame ou ata que non ten os seis primeiros dentes, o macho segue sendo *pucho* e a femia *xuvenca*. Cando bota os dous últimos dentes (*palletas*), xa se empregan as designacións do animal adulto.

²¹ *Xuvenca* rexistrouse só para a femia. Temos *pucho,-a* para a cría, sen especificacións cronolóxicas.

²² O macho primeiro é *pucho* e logo *terneiro* (ata un ano); a femia pasa de *pucha* a *xuvenca*.

- ²³ Primeiro é *puchiño/a*, logo pasa a *pucho/a*; o macho recibe xa o nome de *boi* ó capalo e a femia chámase *vaca* ó pasar ás mans doutro. Existe tamén a forma *xuenga* para se referir a unha vaquiña nova.
- ²⁴ O máis pequeno é o *becerro/a* (1 ano). Máis tarde é *xovenca* ou *xata* (cando é para cría, ata que despecha).
- ²⁵ O macho é *xato* ata o ano e pico; a femia é *xata* ata que ten un ano, cando é xa *xovenca* (ata que cerra na boca).
- ²⁶ O macho é *xato* ata os 4 anos. A femia é *xata* ata que ten uns dous anos, cando pasa a ser *xovenca* (ata os 4/5 anos).
- ²⁷ Para o macho máis novo temos *xato pequeno*; despois, e ata que conta con 7 meses, é *xato* ou *becerro*. A femia pequena é *xata* ou *becerra*; posteriormente, e mentres non cerra, denomínase *xuvenca*. Tamén existe a forma *cuxe*, sinalada como propia dos vellos.
- ²⁸ Ata o ano é *becerro/a*; despois é *xato/a*, aínda que para a femia tamén existe a forma *xovenca* (“do ano, ano e medio, ata que ten cría”).
- ²⁹ De *becerro* pasa a *xato* (para vender, ós seis meses) e logo xa a *toro* ou *boi* (denominacións para o animal adulto). A única forma feminina que se rexistra é *xuvenca* (“vaca de 1 ou 2 anos”).
- ³⁰ O macho pasa de *becerriño* a *becerro* e logo a *cuxo*. A femia pasa de *becerra* a *cuxa* e logo a *xovenca* (ata un ano, mentres non paira).
- ³¹ O macho máis pequeno é o *becerriño*, despois é *becerro* e posteriormente *boiño*. A femia de un ou dous anos é *xuvenca*; existe tamén *vitela* para se referir á vaca fraca, que vale pouco.
- ³² Ó nacer é *becerriño/a*. Ata os dous anos é *becerro* ou *xuvenca*, aínda que se non serve para semental, segue sendo *becerro*.
- ³³ O máis pequeno é *xato/a* (6-7 meses). Despois, para a femia seguimos tendo *xata* (1-2 anos) e logo *xuvenca*; para o macho, sen especificar límites temporais, rexistramos *ternero* e *xato de sobrano(s)*.
- ³⁴ Para a “vaca nova”.
- ³⁵ Para o macho rexístranse como sinónimos *becerro*, *terneiro* e *xato* (máis grande cós anteriores). Para o feminino unicamente temos *xuvenca*.
- ³⁶ A designación común é *xato/a* ata un ano de idade. Para o macho existe tamén *novillo*, sen especificar idade. Para a femia hai *becerra* (3 anos) ou *xuvenca*.
- ³⁷ Para o macho pequeno só documentamos *becerro*. A femia máis pequena é *becerra* e, de 7 meses a 2-3 anos, *xuvenca*.
- ³⁸ O animal máis pequeno é o *pucho/a*, logo é *becerro/a*. O macho pasa logo a recibir as designacións do animal adulto, pero a femia antes aínda é *xuvenca*.
- ³⁹ Para o macho documentamos *cuxo* (resposta a ‘becerro, cuxo’) e *xato* (resposta a ‘ternero’); para a femia temos *xata* ou *xuvenca*.
- ⁴⁰ O máis pequeno é *pocho/a*. Logo a femia pasa a *xovenca/-enga* e o macho a *boiato*. Tamén se documenta *ternero*, sen especificar a idade.
- ⁴¹ O máis pequeno é *pocho/a*. O macho xa pasa ó estado adulto, pero a femia aínda é *xuvenca*.
- ⁴² O máis pequeno é *becerro/a* ou *pocho/a*. Cando ten un ano é *novillo/a*. Aparece *xuvenca*, pero como nome propio de vaca.
- ⁴³ Para o macho máis pequeno temos *pocho*; ós 6/7 meses xa é *ternero* e ó ano pasa a *boiato*. A femia pequena é *pocha*; posteriormente é *ternera* e, ó preñar de primeira vez, *xuvenca* ou *xuenga*.
- ⁴⁴ Para o macho documentamos *becerro* ou, menos frecuentemente, *pocho* (respostas á c. 1576) e ademais *boiciño* ou *xuenco* (respostas á c. 1581). Para a femia só se rexistra *xuvenca*.
- ⁴⁵ O máis pequeno é o *pucho/a*, máis tarde *becerro/a* e, finalmente, *baiote* (macho) e *xuvenca* (femia).
- ⁴⁶ O máis pequeno é o *pucho/a* e máis tarde *becerro/a*; para a femia máis grande temos *xuvenca*. Documentátese tamén *ternero*, pero sen indicar se é máis novo ou vello cós anteriores.
- ⁴⁷ Especificase “(algúns)” en nota, seguramente en referencia a que non é unha forma moi frecuente neste punto.

5. vitelo, -a²⁹

ALGa

L-20¹, L-37², L-38³; O-06⁴, O-08⁵, O-22⁶, O-24, O-25⁷, O-29⁸, O-30⁹, P-33¹⁰; Z-02¹¹, Z-03¹².

¹ Emprégase para a vaca fraca, que vale pouco. Designacións para o animal de físico normal: o macho máis pequeno é o *becerriño*, despois é *becerro* e posteriormente *boiño*; a femia de 1 ou 2 anos é *xuvenca*.

² *Xato/a* ata o ano; a *vitela* desde os tres meses ata o ano.

³ Para o macho documentamos *becerro*, *xato* e *terneiro*; para a femia, *vitela* e *terneira*.

⁴ O macho máis pequeno é o *becerro*; un pouco máis grande, cando xa non mama, é *xato*; existe tamén *terneiro* (resposta á c. 1581). A femia máis pequena é a *vitela*; cando medra xa é *toura*.

⁵ Como forma masculina temos *xato* e como feminina *vitela*. Téñase en conta para a análise das formas que neste punto non hai vacas, só uns 20 bois.

⁶ O macho máis pequeno é *xatiño*; ós 3 meses é xa *becerro* e de tres anos é *novelo*. Para a femia temos *vitela* (4-5 meses) e *novela* (3 anos).

⁷ Mentres non vai ó monte é *becerro/a cortelleiro/a*. Se se cría para animal de carga, denomínase *novelo/novela* mentres está no monte. Cando a femia vai crecida e comeza a se xunguir, entón xa se chama *almalla*. Pola contra, a femia que se criou para matar chámase *vitela* xa desde o destete (nos primeiros meses).

⁸ O animal máis pequeno é *novelo/a*; posteriormente é *vitelo/a*.

⁹ *Becerriño/a* é o animal máis pequeno; para o macho temos como sinónimos *becerro*, *ternero* e *vitelo*, mentres que para a femia hai *becerra*, *novela* e *vitela*.

¹⁰ O máis pequeno é *becerriño/a*; posteriormente é *becerro/a*. Para a femia recollemos tamén *vitela* ou *becerra grande*, sen especificar a franxa de idade.

¹¹ Para os máis pequenos rexistramos *becerriño/a* ou *becerro/a*; máis grande é *xato/a*. Para a femia hai *vitela* (tanto para o animal vivo coma para a carne).

¹² Para o macho documentamos *becerro*, *bouxo* ou *vitelo*; para a femia, unicamente *vitela*.

Enquisas de estudantes

O-25b, O-29b.

6. almallo, -a³⁰

ALGa

C-13¹, C-19², C-20³; O-23⁴, O-25⁵, O-26⁴, O-31⁶.

¹ *cuxo/a* ata un ano de idade. Logo temos para a femia *xuvenca* (de 2 anos) e para o macho *almallo*, ata que bota os últimos dentes (uns tres anos).

² De *cuxo/a* pasamos a *becerro/a* (3-4 meses). O macho que queda sen capar é xa *toro*; se se capa, é *almallo* e, máis tarde, *boi*. A femia pasa de *becerra* a *xuvenca* e, posteriormente, a *vaca*.

³ De *cuxo/a* (ata 7/8 meses) pasamos a *becerro/a* (ata que cría); a femia pasa entón a ser *xuvenca* (ata que pare ou ata os 2 anos) e o macho a *almallo* (“becerro novo que empezar a botar ás vacas”).

⁴ O *becerro/a* é máis novo có *almallo/a*.

²⁹ Adicionalmente, rexistramos a forma *vitela* en varios puntos, sobre todo ourensáns, pero non para a vaca viva, senón para a carne do animal: O-02 (Boborás), O-07 (Pereiro de Aguiar), O-12 (A Veiga), O-19 (Padrenda), O-22 (Castrelo do Val), O-26 (Entrimo), O-31 (Lobios) e P-01 (Vila de Cruces). Neste último punto sinálase en nota: “Antes chamaban así ás becerras pequenas que levaban a Pontevedra para matar. No momento da enquisa, aínda chamaban así algúns á carne de vaca nese punto”.

³⁰ En O-15 rexístrase a forma *almalla*, pero co significado ‘vaca mal feita’.

⁵ Mentres non vai ó monte é *becerro/a cortelleiro/a*. Se se cría para animal de carga, denomínase *novelo/novela* mentres está no monte; cando a femia vai crecida e comeza a se xunguir, entón xa se chama *almalla*. Pola contra, a femia que se criou para matar chámase *vitela* xa desde o destete (nos primeiros meses).

⁶ *Becerrinho/a* é o animal máis pequeno; logo é *becerro/a* e *armallo/a* (1-2 anos). A femia, se non pare, segue denominándose *armalla* independentemente da idade.

7. cría

ALGa

A-04, A-07; C-02¹; O-21².

¹ Ata os 20-24 meses chámase *cuxo* ou *cría*. A partir dese momento, o macho xa se chama *boi*, pero a femia é *xovenca* ata os 5 anos, cando comeza a ser denominada *vaca zarrada* (“que zarrou do dente”).

² Os máis novos son *becerro* (macho) e *cría* (femia); cando xa son de 2 anos, chámanse *novelo/a*.

8. Outras respostas: *cachorra*

ALGa

C-05¹.

¹ O significado desta designación é intermedio entre ‘becerra’ e ‘vaca adulta’. Neste punto existen máis formas para se referir á cría do animal: *becerro/a*, *pucho/a* e *xato/a* (sinónimos) e *xovenca* (femia de algo máis dun ano de idade).

9. Formas problemáticas

9.1. *bouxo*

ALGa

Z-03¹.

¹ Para o macho temos *becerro*, *bouxo* ou *vitelo*; para a femia, unicamente *vitela*.

9.2. *coenciño, -a*

ALGa

L-24.

10. Puntos sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Distribución xeográfica das respostas

Como sinalamos na introdución a este capítulo, trátase dun apartado heteroxéneo que sintetiza tres cuestións diferentes da rede do ALGa e unha da rede de enquisas de estudantes. Este modo de abordar as designacións da cría da vaca favorece a visión de conxunto, pero, á vez, complica enormemente a representación cartográfica, xa que o normal é que cada un dos case catrocentos puntos de enquisa conte con tres ou catro respostas, o que invalida a posibilidade de ofrecer mapas de conxunto; tamén o dificulta a diversidade das respostas, porque o normal é que cada punto –incluso os contiguos– teña as súas formas, que poden ser bastante diferentes das dos veciños e, en todo caso, están ordenadas baixo diferentes criterios).

Estando así as cousas, realizo mapas que mostran a presenza das diferentes respostas na xeografía galega, con independencia do seu significado concreto en cada punto e da coexistencia con outras formas. Toda esta información pode ser consultada rapidamente na listaxe de respostas. Cómpre sinalar, así mesmo, que a rede de Enquisas de estudantes ofrece moita menos variedade cá rede do ALGa; por iso, varios grupos de formas analizaranse só nun mapa de detalle, combinando datos de Enquisas de estudantes e de enquisas do ALGa, pois non tería sentido separar as respostas para tan poucos rexistros.

O primeiro mapa dedícase á forma *becerro*, que se coñece en todo o territorio, cos diferentes valores particulares que se especifican nas notas ós puntos de enquisa. Alternando normalmente con esa palabra, rexistramos tamén tres derivados, entre os que sobrancea *becerriño*, que conta con dúas áreas con certa continuidade: o centro-sur da liña de fronteira entre as provincias de Lugo e A Coruña e o extremo sur do territorio galego, en seis puntos que van de Lubián á Guarda, en ocasións case na fronteira con Portugal.

O segundo grupo de mapas abrangue as designacións construídas seguramente sobre unha voz de chamada do animal. As catro macrovariantes que atopamos neste capítulo distribúense en cinco zonas ben diferenciadas (especialmente polo que respecta á rede do ALGa; os datos procedentes de enquisas de estudantes embarullan un pouco as fronteiras no sur da Coruña e norte de Pontevedra, lugar de máxima densidade desa rede). A voz *bucho*, a de menos vitalidade, ten a súa zona en sete puntos do sur da provincia de Lugo, entre Parada de Sil e Folgoso do Caurel. *Cucho* é forma exclusiva do noroeste da

provincia da Coruña (con algunha incursión en Pontevedra e, incluso, un punto illado en Ourense), sobre todo no cuadrilátero con vértices en Laracha, Dumbria, A Estrada e Boimorto. Ó leste sitúase a voz *cuxo*, de área moito máis ampla: aínda que a súa zona de maior densidade se localiza nun arco duns sesenta quilómetros de radio desde a fronteira con *cucho*, hai varios puntos no interior de Lugo e incluso na parte oriental desa provincia. A cuarta forma en discordia é *pucho*, que ten unha área discontinua (interrompida por *cucho* e *cuxo*). A zona de maior número de rexistros é o litoral coruñés e pontevedrés, de Fisterra a Moaña (introdúcese lixeiramente terra a dentro nesa área, e hai tamén algún rexistro illado no interior de Pontevedra e de Ourense); a outra zona delimitana máis dunha ducia de ocorrencias na comarca de Ferrol (e un punto lixeiramente máis ó sur, Monfero, no Eume).

O terceiro mapa corresponde ás construcións a partir da voz *xato*. En primeiro lugar, nótase a enorme diferenza de resultados entre a rede de puntos do ALGa e a das enquisas de estudantes (moito menor, concentrados os resultados case só no extremo nordés no territorio). Analizando as respostas en conxunto, observamos que se trata eminentemente dunha forma do terzo oriental do territorio (con algúns puntos no interior de Galicia e no norte da Coruña), incluídos os puntos do galego exterior; a diferenza do sinalado para becerro, as formas diminutivas non se distribúen en áreas concretas, senón que se reparten por toda a zona.

O cuarto mapa, de moi poucos resultados, trata as formas acuñadas sobre unha designación do animal adulto (*boi* e *toro*). No que respecta á distribución xeográfica, interézanos resaltar unicamente a forma *toro* e derivados, que se concentran no terzo inferior da provincia de Pontevedra (e puntos limítrofes de Ourense), sobre todo na fronteira con Portugal; na análise das denominacións para o animal adulto (capítulo anterior) observáramos que *toro* era unha resposta presente principalmente no sur de Galicia.

O quinto mapa xa conta con máis respostas; dedícase ás designacións que significan ‘animal novo’ ou ‘animal que ten un ano de idade’. En canto á presenza no territorio, destaca a forma *xuvenco*, que se documenta esencialmente na liña de costa, desde a ría de Vigo ata Ribadeo (bastante metida na terra nas Mariñas e no norte da Coruña) e no centro de Galicia, sobre todo na fronteira entre as provincias da Coruña e Lugo (pero chegando ata o concello de Carballedo), con algúns puntos ben metidos en Lugo e en Asturias. A forma *novelo* procede do extremo sueste do territorio, delimitada por unha liña imaxinaria entre Xinzo de Limia e Candín (León); moi fóra desa área están dous castelanismos *novillo* dos tres que se rexistran. Por último, sinalamos as múltiples formas que continúan o

TĚNĚRU latino, presentes sobre todo na metade sur do territorio (fóra duns puntos esporádicos entre Lugo e Asturias e un en Valdoviño, A Coruña); ningunha das variantes rexistradas conforma subáreas ben definidas xeograficamente.

Por último, o sexto mapa está consagrado ás respostas minoritarias. A forma *vitela* está case restrinxida a Ourense e, dentro desta, ó extremo sur, incluíndo os puntos limítrofes con Zamora; lémbrese que non están representados cartograficamente os numerosos puntos en que se rexistrou esta forma para a carne de vaca, e non para o animal vivo (aparece a relación na listaxe de respostas; a maioría concéntrase no suroeste de Ourense). A forma *almallo* conta cunha distribución ben curiosa, xa que aparece en dúas zonas moi afastadas entre si: o norte da Coruña (tres puntos case nunha liña recta, de Laracha a Aranga) e, sobre todo, o sur de Ourense, na Limia (especialmente a Baixa Limia).

MAPAS DE DETALLE

a) Designacións formadas sobre *becerro*

2. A cría da vaca . Todas as fontes


Construcións sobre *becerro*

Rede das enquisas de estudantes

- *becerro*
- *becerriño*

Rede do ALGa

- *becerro*
- *becerriño*
- *becerrón*
- *becerruco*
- *becerra grande*
- *becerro cortelleiro*




MAPAS DE DETALLE

b) Designacións formadas posiblemente a partir de voces de chamada

2. A cría da vaca. Todas as fontes

Designacións creadas sobre voces de chamada


- | | |
|--|---|
| ■ bucho | ● cuxo |
| ■ buchiño | ⊗ coiso, cuiso |
| ◆ cucho | ⊙ cuxiño |
| | ● pucho |
| | ⊙ puchiño |



2. A cría da vaca. ALGa

Designacións creadas sobre voces de chamada


- *bucho*
- *cucho*
- *cuxo*
- ⊗ *coiso, cuiso*
- *pucho*
- ⊗ *puchiño*



2. A cría da vaca. Enquisas de estudantes

Designacións creadas sobre voces de chamada

- | | |
|---|--|
| ■ <i>bucho</i> | ● <i>cuxo</i> |
| <i>buchiño</i> | <i>cuxiño</i> |
| ◆ <i>cucho</i> | ● <i>pucho</i> |
| | <i>puchiño</i> |




MAPAS DE DETALLE

c) Designacións construídas sobre *xato*

2. A cría da vaca . Todas as fontes

Sobre xato


- | | |
|---------------|--|
| ● <i>xato</i> | ⊕ <i>xatela</i> |
| ⊕ <i>jato</i> | ⊗ <i>xato</i> mais un continuador do lat. -INU |
| | ⊕ <i>xatola</i> |
| | ⊗ <i>xato</i> de sobranos |
| | ● <i>xato</i> pequeno |



2. A cría da vaca. ALGA

Sobre xato


- xato
- ⊕ xatela
- ⊗ xato mais un continuador do lat. -INU
- ⊕ xatola
- ⊙ xato de sobranos
- xato pequeno



2. A cría da vaca. Enquisas de estudantes

Sobre xato

- *xato*
- ⊗ *xato* mais un continuador do lat. -INU
- ⊕ *jato*




MAPAS DE DETALLE

d) Designacións do tipo 'animal novo'

2. A cría da vaca. Todas as fontes

Designacións do tipo 'animal novo'

- | | |
|-------------------|---------------------|
| ◆ <i>anollo</i> | ● <i>terreiro</i> |
| ■ <i>novelo</i> | ⊕ <i>tenreiro</i> |
| ■ <i>novillo</i> | ⊗ <i>ternero</i> |
| ■ <i>novelica</i> | ⊙ <i>terreiroño</i> |
| ● <i>xuvenco</i> | ⊛ <i>terrerín</i> |




MAPAS DE DETALLE

e) Outras respostas

2. A cría da vaca. Todas as fontes

Outras respostas

- vitelo
- almallo
- cría
- ⊕ Outras respostas: *cachorra*
- ✱ Formas problemáticas: *bouxo, coeciño*



Comentario das respostas

1. Construcións a partir de *becerro* e derivados

Forma de etimoloxía discutida. DCECH (s.v.) só a documenta na Península Ibérica; propón derivala dun termo hispano-latino IBICE (IBEX, -ĬCIS) ‘rebezo’, cun sufixo ibérico –ERR que daría *IBICERRA ou *IBICĬRRA. Chama en apoio da súa hipótese dous feitos principais:

- Cando ó becerro lle comezan a nacer os cornos, a aparencia destes é bastante similar á dunha cabuxa. Hai testemuños asturianos de *bicerra* para se referir á cabra montesa. Ambos os dous animais son coñecidos polo seu carácter arisco, terco e independente.

- Hai varios testemuños de aplicación dun descendente de IBEX a outros bóvidos e bestas de carga, como a gacela (en San Xerome, nas Glosas de Silos, etc.). Non sería o único caso en que se empregase un único significante para estes dous significados: nos Alpes Réticos documéntase *vesina* ‘rebezo femia’ xunto á forma trentina *besina* ‘becerra dun ano’.

1.1. Sen derivar: *becerro*, -a

A primeira documentación de *becerro* que ofrece Corominas (DCECH, s.v.) para o español remonta ó ano 964; posterior en case un século (1056) é o primeiro testemuño que cita Machado (1977³: s.v. *bezerro*). Hai numerosas mostras posteriores en documentos medievais galegos, tanto en textos literarios coma notariais, ben como nome común, ben como antropónimo ou topónimo.

Polo que respecta á súa fortuna nos dicionarios, é forma presente xa desde as obras de Sarmiento ou Sobreira³¹; case non hai variación na definición de dicionarios posteriores, que parecen imitar a redacción de Valladares (1884): “Hijo de toro y vaca que apenas tiene un año”. Ten bastante difusión tamén nestas obras unha extensión metonímica, ‘obxecto realizado con pel de becerro’. Por último, sinalamos que se trata dun elemento que está frecuentemente na base doutras designacións: *herba (da) becerra* ou *becerro mariño*.

³¹ Véxase a entrada que se comenta para *almallo* (cap. 6).

O GVGH non detalla os lugares onde se documenta *becerro*, porque se considera como voz común, pero si que conta cunha entrada *becerra* (documentada en Feás, Santaia, Compostela, Sobrado, Codeseda, Val de Burón, Suarna e A Mezquita) e tamén cunha voz *becerreiro* “tratante en becerros” (Dumbría, Santa Comba, Santaia).

1.2. Con sufixos

1.2.1. *becerriño, -a*

Derivada co sufixo *-iño*, continuador do latino *-ĪNU*, que en orixe formaba adxectivos que indicaban procedencia ou semellanza, e que posteriormente se converteu nun sufixo diminutivo.

1.2.2. *becerrón*

Derivada cun sufixo aumentativo *-ón* (continuador do lat. *-ŌNE*).

1.2.3. *becerruco*

Derivada cun sufixo diminutivo e apreciativo *-uco*, de orixe problemática (pódense ver máis informacións no apartado 1.1.7. do capítulo 9, dedicado á vaca sen rabo).

1.3. Con especificadores

1.3.1. *becerra grande*

Forma feminina modificada polo adxectivo *grande* (< lat. GRANDE).

1.3.2. *becerro, -a cortelleiro, -a*

Acompañada do adxectivo *cortelleiro* ‘que está no cortello’, sinalando que neste punto de enquisa as crías desta idade non están aínda soltas no monte, senón que viven nunha corte pequena.

Este adxectivo é un derivado (co sufixo *-eiro*, do lat. *-ARIU*) de *cortello*, procedente dun latín CŌHŌRTE (lat. vulgar CŌRTE) ‘curral, lugar cercado’ cun sufixo diminutivo *-ello*, que é continuador de *-ĪCULU*.

2. Creacións posiblemente a partir de voces de chamada ou outras onomatopeas

2.1. Voces formadas cunha consoante oclusiva mais *-ucho / -uxo*

Atopamos procedementos formativos semellantes no dominio romance. Comenta DCECH (s.v. *cochino*) que esta forma sería, en orixe, un diminutivo creado sobre a

interxección *coch(e)*, *cuch(e)*, voz de chamada do animal (cf. galego *cocho*); caso semellante sería o do italiano *cucciolo*, que designaba inicialmente o can pequeno, pero que acabou por estenderse ós descendentes doutros animais. Rohlf's³² comenta, ademais, que no sur de Italia se emprega *keúš- keúš* para chamar as cabuxas e que incluso no dialecto grego de Otranto (provincia de Lecce, na Puglia) *keúša* será voz común para designar a cabuxa.

Aparecen voces de chamada semellantes en dominios veciños, como é o caso do asturiano; rexistramos unha entrada *cuyu* no DGLA: “1. (Vaca) sin cría [Pzu]. 2. “Voz que se usa lo mismo para arrear que para ahuyentar al ternero: ¡Anda cuyu palante!” [Oc]. “Palabra para llamar al ternero o becerro” [Cv]”.

A entrada *cuxo* do GVGH informa da distribución xeográfica de *cucho* (Razo, Laxe, Toba, Dumbría, Santa Comba, Santaia, Compostela, Codeseda) e de *cuxo* (Curtis, Novefontes, Melide, Sobrado, Oirós, Codeseda, Ferreira de Valadouro, Guitiriz, Friol e Guntín); adicionalmente, recolle unha forma que non documentamos na nosa rede, *tuxo*, que aboa (s.v. *cuxo*) no Val de Burón como ‘becerro’ e en Suarna (s.v. *tuxo*) como “forma de llamar al ternero”.

2.1.1. Sobre *bucho*

Normalmente, interprétase esta forma como unha creación sobre unha voz de chamada; algún dato que documentamos nos dicionarios apunta nese sentido, como a seguinte anotación de Rivas (1978), s.v. *pocha*: “En F[ondo] de Vila [Xunqueira de Ambía, Ourense] se usa la voz *buche, buche*, para llamar al asno pequeño” (véxase tamén DCECH, s.v. *buche* II).

Véxanse máis informacións no apartado 14, consagrado á voz *pucho*.

2.1.1.1. Forma sen derivar: *bucho*

Seguramente, a área de difusión desta forma foi máis ampla no seu momento cá que temos debuxada na nosa rede de puntos, pois o GVGH (s.v. *pucho*) documéntaa en Ferreira de Pantón, pero tamén en Ramirás; de feito, o Dr. X. Sousa comunicame que nese último punto segue viva esta forma como insulto. Aparece tamén esta voz en repetidas ocasións en Seteventos, nas investigacións de Sánchez Rodríguez (1983). Non localizo esta voz nos dicionarios consultados.

2.1.1.2. Derivado con sufixo diminutivo: *buchiño*

³² *Zeitschrift für romanische Philologie* XLV, 674; ano 1926.

Derivación cun sufixo *-iño*, continuador do lat. *-ĪNU*.

2.1.2. *cucho, -a*

Aparece nos dicionarios co significado de ‘becerro, tenreiro de curta idade’ xa desde a obra de Rodríguez (1863): “1. Perro. (V. can). 2. En algunas partes el ternero. En ast. id.” A súa vitalidade é destacada tamén no TILGA, con medio cento de rexistros, documentados desde 1853: “Non penses que eran aí porcos, bacuriños, ou carneiros, cabras, cabritos, ou añas, almallos, xatos, becerros, ovellas, mulas, ou poldros cabalos, facos, xumentos, nin cuchos, vacas, castrós nin perdices, nin coellos, nin pitos, polos, galiñas o que se estaba vendendo, que eran como levo dito animales brancos negros”³³.

En C-18h (Portoquintáns, Coristanco) recóllense adicionalmente dúas formas con especificadores: *cucho da ceba* e *cucho do leite*, aínda que non se explica o que comprende cada categoría.

2.1.3. Sobre *cuxo, -a*

2.1.3.1. Formas sen derivar

2.1.3.1.1. *cuxo, -a*

O manuscrito do dicionario de Rodríguez sinala unha entrada *cuxo*, definida como “Jato, ternero de leche ó poco mas”. Aparece abundantemente nos dicionarios posteriores e ten máis presenza no TILGA cá voz *cucho*, inda que o primeiro testemuño é uns anos posterior: “Naceull'un uñeiro, un divieso, un espunllo, unha papada, un lobiño, un neno, unha nena, un mociño, unha mociña, un fillo, unha filla, un grau, un gran, unha albre, un albre, un *cuxo*, un poldro”³⁴.

2.1.3.1.2. *coiso e cuiiso*

A forma *cuiiso* aparece analizada, por vez primeira, en Otero (1965), facéndose eco dunha enquisa luguesa incorporada ó apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez: “Ternero, Láncara. Voc. Galaxia. El diminutivo *coisiño* se usa para llamar al perro, en Nigrán. DEL LAT. “COSSIS”.

2.1.3.2. Con sufixo diminutivo: *cuxiño*

Trátase do sufixo diminutivo *-iño* (< lat. *-ĪNU*), comentado en numerosas ocasións

³³ Pintos (1853: 28).

³⁴ Iglesia (1886: 231).

ó longo deste traballo.

2.1.4. Sobre *pucho*, -a

DCECH sinala, s.v. *perro*, que no vasco de Francia existe a forma *potzo* ‘can grande’ e que Leite de Vasconcelos recolle en falares miñotos *pôcho* ‘can’ ou *pucho* ‘can pequeno’.

2.1.4.1. *pucho*, -a

Aparece nos dicionarios desde Eladio Rodríguez. Conta con moita menos presenza nos textos literarios cás formas referidas anteriormente: “¡Con qué pracer te aloumiño, miña pucha, meu cariño, a de esqueleto ispidiño e pelo repuluxado! Con fariña e con forraxe teño de facerche un traxe; heite pór de boa pelaxe co millo da miña hucha... O que é se Dios te me deixa de teu dono n'has ter queixa. ¡Miña becerraña teixa, meu cariño, miña pucha! A miña aguillada”³⁵.

Ten presenza considerable en varias das teses e tesinas recollidas no GVGH, concretamente nas entradas *pucho* e *pucha*. A forma *pucha* aboouse en Cabalar e Compostela; *pucho* recóllese en Caaveiro, Cabalar, Compostela, O Grove e Marín; *puchiño* aparece documentado no Grove.

2.1.4.2. *puchiño*, -a

Cun sufixo diminutivo *-iño* (< lat. *-ĪNU*). Documentouse no Grove (GVGH, s.v. *pucho*).

2.2. Sobre *xato*, -a

Tratarase dunha voz de creación expresiva, a partir dunha voz de chamada para que acuda o animal ou polo son que a cría da vaca fai ó mamar³⁶. Telmon³⁷ sinala outra posibilidade, chamando en causa unha forma latino-vulgar *PITTTTU, continuada na nosa forma (con abertura da vogal e perda da africación), que está na base do francés *petit*³⁸.

Constatamos unha presenza abundante no asturiano, con diversas variantes. Véxanse as entradas *xatada* ou *xatiar* do DGLA e, sobre todo, *xatu*:

“<*xotu* [y Llg. Sr. y Sb]. +*xetu* [y Cp. Ay. Ll. Ri]. *xatru* / *a* [y Lln]. // *xato* [Eo].> 1. Ternero, jato [LV. Lln. Rs. Cl. Pa. Sb. Cb. Cg. Cp. Lr. Ac. Llg. Sr. Ay. Ri. Sd. Qu. Tb.

³⁵ Crecente Vega (1933:14).

³⁶ DCECH, s.v. *choto*, cita varias referencias para aprofundar nesta designación, especialmente os traballos de Rohlfs e Wagner.

³⁷ Telmon (1991) e, posteriormente, no seu traballo recollido no vol. I do ALiR.

³⁸ Para un estudo posterior desta forma latina, vid. Dalbera (2006a).

Sm. Pzu. PSil. Cn. An. Gr. Cd. Pr. Cv. Vd. Tox. Oc. /Eo/. Vg. Mar. JH. R]. Ternero recental [Ll]. Tenero [sic] de hasta un año [Pa. Sb. Ca. As]. Ternero con dentición de leche [Ca]. Becerro [Rs. Bi. JH. DA]. Novillo [Cn (MG). DA]. 2. Toro semental [Lr. Sd. Tb. Tox]: *Foi echar la vaca al xatu [Tb]*. 3. Especie de almohadilla formada por un brazado de heno bien apretado que se añade en la parte baja de la carga de heno con el fin de llevarla más cómodamente a cuestras [Oc]. Frases hechas y locuciones: Xatu culón ‘ternero de raza asturiana’ [Llg]. ‘tipo de ternero muy cargado en carnes en los cuartos traseros’ [Gral]. //Xatu tenral ‘ternero menor de un año’ [Cg]. // Nin per un xatu pintu ‘por nada del mundo’ [Llg]. Dichos, refranes y textos de literatura oral: De cada matu sal un xatu [LC]. Si quies lleche y mantega, el xatu sin carne queda [LC]. Documentación literaria: Mete un felechu Roque na cencerra / al xatu [PyT 36]. Cuando perdí el xatu pintu [N]Jovellanos 168]. Acometen el corral / donde se guarden los xatos [Batalla C, 228]. Como xunce un xatu / si tú yes un fatu [El Camberu 14]”.

2.2.1. Formas sen derivar

2.2.1.1. xato, -a

O primeiro testemuño que comparece nos textos literarios do galego moderno remonta a 1746, no *Coloquio de 24 galegos rústicos* de Sarmiento: “¿E ti qué farás, Perucho dos Merlos, que poda chamarse cousa do teu xeito? Vai gardar as cabras contar os rexelos, e meter na chouza os *xatos* alleos”³⁹.

Precisamente, tamén foi o frade bieito o primeiro en tratar esta palabra nas obras lexicográficas, en Sarmiento CVFLG, s.v. *jato* ou *xato*, lese: “Llaman así a un becerro (de VITELLUS). Acaso del latín SATUS, que en Virgilio, etc., significa hijo: SATE DEA (de SERO, IS) como si dijese cría, crianza, o hijo o sato de la vaca. Siendo así se debe escribir con X *xáto*, y viene bien”. Esta forma está ben presente nos dicionarios galegos, coa grafía *xato* ou *jato*, xa desde Cuveiro, e case sempre con definicións do tipo “ternero pequeno”.

Polo que respecta á distribución xeográfica desta resposta, existen abundantes rexistros no GVGH: Compostela, Crecente, Ferreira de Valadouro, Friol, Guntín, Val de Burón, Suarna, Pedrafita, Monterroso, Ramirás, A Gudiña e Porto-Zamora.

2.2.1.2. jato, -a

Forma non galega que aparece unicamente nun punto leonés da rede de Enquisas de estudantes.

2.2.2. Con sufixos

2.2.2.1. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ĒLLA: *xatela*

2.2.2.2. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ĪNU

2.2.2.3. Cun sufixo diminutivo continuador do latín –ŌLA: *xatola*

³⁹ Pensado (1970: 158).

Agrupamos aquí distintas formas con sufixos diminutivos: *-ela*, *-ola* e diferentes tratamentos fonéticos do continuador do lat. *-ĪNU*⁴⁰ (en case todos aparecen os dous xéneros, pero hai catro puntos nos que só se rexistra o masculino *xatín*⁴¹).

2.2.3. Cun especificador referente á idade ou ó tamaño

2.2.3.1. ‘que ten aproximadamente un ano de idade’: *xato de sobrano(s)*

Presumiblemente, a resposta enquisada neste punto sería unha versión sincopada de “xato de sobre [un] ano [de idade]”.

2.2.3.2. *xato,-a pequeno,-a*

Procedemento alternativo ás formas de 2.2.2.

3. Construcións a partir de designacións para o animal adulto

3.1. Sobre a forma *boi*

Boi (< lat. BOVE) é a designación habitual para o macho do *Bos taurum*; normalmente o animal capado que realiza labores agrícolas. Pódense ver máis detalles no primeiro capítulo deste traballo, consagrado ás designacións do adulto.

3.1.1. Con sufixos

3.1.1.1. *boiato*

Sufixación con *-ato* (< lat. *-ATU*), que neste caso ten valor diminutivo (cf. as formas *cervato* ou *lobato*, referidas tamén a crías de animais). Non atopo esta forma nos dicionarios galegos consultados, inda que si aparece no Houaiss, que curiosamente a rexistra como dialectalismo dos Azores.

3.1.1.2.1. *boiño*; 3.1.1.2.2. *boiciño*

Derivación cun sufixo *-iño*, continuador do latino *-ĪNU*, que xa foi comentado anteriormente; no caso da segunda forma analizada, hai un interfixo entre a raíz e este sufixo. De *boiño* atopo só un testemuño nos textos consultados: “Ei boi; ei boiño. –Por onde colles, Mareeela. Tornaba o gando prós cortellos”⁴²; de *boiciño* hai case unha vintena

⁴⁰ Vid. o mapa 89 do vol. II do ALGa.

⁴¹ Cf. o mapa 91 do vol. II do ALGa para a forma feminina que cabería agardar.

⁴² Fernández e González (1925: 19).

de resultados, desde 1877: “Eu xunguín os meus boiciños fun co'iles á arada, e no medio do camiño esqueceume a aguillada”⁴³.

3.1.1.3. Forma problemática: *baiote*

Non localizo outros testemuños nas fontes consultadas.

Para esta resposta existen dúas posibilidades de explicación. Probablemente parta da forma *baiote* (derivación con sufixo diminutivo sobre *boi*), na que acabase por se modificar a abertura da primeira vocal, seguramente por disimilación con respecto á tónica. Outra liña interpretativa remitiríanos a unha designación de cor, *bai* (< lat. BADIU) ‘entre amarelo, branco, dourado...’; trataríase, neste caso, dun erro de enquisa ou de identificación de referente, moi habitual, como veremos en diferentes casos ó longo deste traballo.

En asturiano existe a forma *bayón* (DCECH, s.v. *bayo*), co significado ‘boi cunha hasta levantada e outra caída’, que podería ser perfectamente un descendente de BADIU, pero tamén unha variante do aumentativo *boyón* ‘boi grande’.

3.1.2. Con modificadores: *boi novato*

Lexía composta cun adxectivo creado sobre *novo* e o sufixo *-ato* (<lat. -ATU) que normalmente indica a posesión da calidade expresada pola palabra base, pero que pode ter tamén valor diminutivo (véxase, arriba, o apartado 3.1.1.).

3.2. Sobre *touro*, *-a*

Do lat. TAURU ‘touro, boi’. Véxase o comentado no apartado 2 do capítulo 1, referente ó animal adulto.

3.2.1. Formas sen derivar: *touro*, *-a*

O significado máis corrente nos dicionarios para *touro* é o de ‘macho adulto’, pero para a forma feminina *toura* hai tamén acepcións que significan ‘cría da vaca’. Así, Cuveiro di (s.v. *toura*): “En algunas partes es la juvenca ó becerra”; para Eladio Rodríguez é “vaca sin hijo, que no ha concebido”; por último, tamén Elixio Rivas (1988), s.v. *armalla*, a define como *vaca joven*. Contamos con varios rexistros de *toura* no GVGH, s.v.: “ternera” (Marín, Goián, Ramirás e Xunqueira de Ambía); non se confunda coa entrada *tora*, referente a vacas con manchas brancas.

⁴³ Blanco Pérez (1992: 455).

3.2.2. Con sufixos

3.2.2.1. *toureco*

Posiblemente relacionado co sufixo *-ico* que se comentou no apartado 4.2.3.; inda que pode ter valor despectivo, rexístrase *burreco* en varios puntos co significado especializado ‘cría de’ (Alonso Núñez: 155).

3.2.2.2. *tourriño, -a*

Sufixo diminutivo continuador do latín *-ĪNU*.

4. ‘animal novo’

4.1. *anollo, -a*

Derivado do lat. *ANNU* ‘ano’ e mais o sufixo *ŪCŪLU*. Non é un caso esporádico esta designación referente á cría de vacún que ten un ano de idade. Le Men (2002: s.v. *añojo*) recolle diversas formas deste tipo para os dialectos leoneses: *anojo, anojín, anoyo, anejo, añoso* ou *anochó*, e sinala a existencia das formas aragonesas *anollo* e *anullo* e do catalán *anoll*. *Añojo* en DRAE.

A voz *anollo* non aparece como entrada nos dicionarios consultados, que si se fan eco doutras variantes sufixais existentes desde ben antigo na lingua, como se pode apreciar neste texto de 1474: “Iten, preçaron mays outra vaca con hun beserro anello, e un almallo, en tresentos maravedis”⁴⁴. Sinala o Padre Sarmiento (Sarmiento CVFLG, s.v. *anello*) que “*Este leite é anello* (acaso de aquí *arnello* de arriba), dícese de la leche de una vaca que ya hace mucho tiempo que ha parido; de *annus*”. Máis extensa é a entrada *anêllo*: “En Pontevedra adjetivo de la leche no reciente, sino de la que ya hace cinco o seis meses que se ordeña. Parece vendrá de *añejo*; pero creo que no, sino de otra voz; y creo que esa voz se aplicó primero al corderito, cabritico, becerrico, etc., y después se aplicó a la leche. *Añojo* en castellano es el becerro. En los Papeles que escribí del Animal Zebra, pruebo que *añojo* viene de la voz castellana antigua *enodio*, que en la Biblia Ferrariense significa el *hinnulo*, y que viene de esa voz. Así *anollo, anêllo*, viene de *hinnulo, hinnuleo*, etc”. Xa especificamente co significado que aquí nos ocupa, *anêllo* aparece nas papeletas de Sobreira: “s. m. Ribasil. *Anêlo* de Sobrado. Jato menor de un año. Papeletas”.

4.2. *novelo, -a* e derivados

4.2.1. *novelo, -a*

⁴⁴ López Ferreiro (1901: 65).

Derivado sobre o adxectivo *novo* (< lat. NŌVU), cun sufixo diminutivo *-elo* (lat. –ĔLLU).

A primeira documentación que rexistramos co significado específico de ‘cría da vaca’ remonta ó ano 1252, nun documento do mosteiro de Oseira: “et duabus vacis, et duobus novellis duorum annorum, et XXXa rexelis, et duabus porcis”⁴⁵. Tampouco falta en textos galegos dese período, por exemplo nas *Cantigas de Santa María*: “mas este novelo non / yrá nas offereçudas / bestias...”⁴⁶.

No que respecta ós dicionarios e obras lexicográficas, *novelo/nobelo* só vai aparecer co significado ‘bóla de fío enrolado’ ata Franco Grande, que engade ós valores anteriores a acepción “toro semental”. Posteriormente, aparece *novelo* en Carré4 baixo a curiosa definición “novillo de dos años”.

4.2.2. Forma castelá *novillo, -a*

En tres puntos illados do territorio (un deles xa en León) emprégase a forma castelá *novillo*.

4.2.3. *novela* con sufixo diminutivo: *novelica*

Recóllese en Vilariño de Conso (Ourense) a forma derivada *novelica*, cun sufixo diminutivo *-ico* que continúa un *-ICCU* de orixe dubidosa, céltica ou xermánica⁴⁷ e que ten gran presenza en determinados lugares da Península Ibérica (Aragón, Murcia...)⁴⁸.

4.3. Designacións que continúan o lat. TENERU mais sufixo –ARIU

Do lat. TĔNERU ‘delicado, novo’, cun sufixo *-ĀRĪU*. En orixe, utilizábase como adxectivo, en combinación con *becerro, vaca* ou formas similares, para ir gañando progresivamente autonomía e substantivarse.

4.3.1. Formas sen derivar

4.3.1.1. Forma con metátese: *terneiro, -a*; 4.3.1.2. Forma *tenreiro, -a*;

4.3.1.3. Emprego da forma castelá *ternero, -a*

Pódese observar aínda hoxe unha certa alternancia de *tenreiro* e *terneiro* (a maioritaria), unha *competición* que xa está na lingua desde os primeiros tempos; con todo,

⁴⁵ Romani Martínez (1990-1993: 654-655; doc. 695).

⁴⁶ En concreto, a nº 31, v. 193. Cito por Mettmann (1981).

⁴⁷ Iordan / Manoliu (1972: § 435).

⁴⁸ Véxanse algúns exemplos no territorio galego nos mapas 89 e 90 do vol. II do ALGa.

será a forma *ternero* a que consiga a maior difusión no territorio no que respecta á fala viva. Pero se acudimos á onomástica, a situación é a inversa, pois atopamos máis de 1500 censados co apelido *Tenreiro* en Galicia, pero ningún *Terneiro* ou *Ternero*⁴⁹.

A primeira documentación de *tenreiro* que localizo remonta a 1115, no tombo do mosteiro de Caaveiro (nótese o valor adxectivo que se comentou anteriormente): “do ea vobis pro precio videlicet una vacca tenraria preciata XXti solidos”⁵⁰. A forma *terneiro*, con metátese, non é moi posterior, pois xa aparece nun documento do mosteiro de Sobrado datado en 1162: “pro una uacca obtima cum filio, ternaria, et isti anbo debent pagare totas suas gentes”⁵¹.

Na documentación de veste latina é bastante máis frecuente o tipo *tenreiro*, que documentamos tanto en Sobrado coma en Caaveiro ou Lourenzá. Na tradición gráfica galega tamén coexisten *tenreiros* e *terneiros*, sendo os primeiros os de aparición máis temperá, como se pode apreciar na cantiga de Afonso Mendez de Besteiros, activo entre 1250 e 1275: “vedes que fez ena guerra -daquesto son verdadeiro: / sol que viu os genetes, come bezerro tenreiro, / sacudiu-se e revolveu-se, al- / çou rab' e foi sa via a Portugal”⁵².

É tamén a forma *tenreiro* a de maior fortuna na tradición lexicográfica galega. Xa a sinalara Sarmiento *CVFLG*, pero sen achegar definición; Pintos si que a define, como “becerrillo de leche”. O dicionario da Academia non a recolle como tal, pero si que dá (s.v. *becerro*, acepción 5) *tenreira do mar* como sinónimo de *becerro mariño*. Aníbal Otero (1977, s.v.) segue deixando patente o valor inicial adxectivo desta palabra: “*Vaca tenreira*, llámase así a la recién parida”. Adicionalmente, varios dicionarios recollen só como lema o substantivo feminino *tenreira*: o de Rodríguez (1863), o de Valladares e o de Carré; Cuveiro é un caso algo especial, porque a entrada é *tenreira, ro*.

A voz *tenreira* aparecerá por vez primeira en Pintos, e non volve aparecer con entrada propia ata Franco Grande (antes, Ibáñez, s.v. *cuxo*, citará a forma *terneiro*, definido como “ternero grande”).

No que respecta ós testemuños de fala viva incluídos no GVGH, a situación é algo distinta, pois as formas do tipo *tern-* e *tenr-* están case á par en canto a presenza. C. García edita nesa obra catro entradas, en masculino e en feminino: *terneiro*: Curtis, Compostela, Oirós, Ferreira de Pantón e Ramirás; *tenreiro*: Val de Burón, Suarna e Incio; *tenreira*: Ramirás,

⁴⁹ Pódese consultar a distribución territorial na seguinte aplicación web:

<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>

⁵⁰ Fernández de Viana *et alii* (1996-97: 398).

⁵¹ Loscertales (1976: 320).

⁵² Brea (1996: 94), que recolle a clásica edición de Rodrigues Lapa.

Vilardevós; *tenreira*: Cabalar, Cedofeita, Val de Burón, Suarna, Xunqueira de Ambía e A Gudiña.

4.3.2. Formas con sufixo diminutivo

4.3.2.1. *terneriño*; 4.3.2.2. *ternerín, -ría*

Formas diminutivas con dous tratamentos fonéticos diferentes dun sufixo lat. – ĪNU⁵³.

4.4. *xuvenco, -a*

Procede do latín IUVENCU, da mesma raíz ca IŪVENE ‘mozo, novo’, que en orixe era un adxectivo aplicado a diferentes clases de animais e que acabou substantivándose para significar ‘bovino novo’.

A primeira documentación que ofrece Machado (1977³: s.v. *juvenco*) remonta a 1009, pero pódese atopar aínda un testemuño anterior, no tomo de San Xulián de Samos, datado no 944: “vel suis vestimentis et de rebus: vaccas vitulatas X, iuvenças V, boves XI”⁵⁴.

No que respecta ós dicionarios, aparece *xuvenco* por vez primeira no manuscrito do dicionario de Rodríguez (non así na versión impresa) e figurará na maioría das obras posteriores, tanto con lema masculino (os máis) coma feminino, ben con raíz *xov-*, ben con formas con base *xuv-*.

5. *vitelo, -a*⁵⁵

Palabra que remonta ó lat. VĪTĚLLA, diminutivo de VITŪLU ‘tenreiro’ e que posiblemente entraría en galego a través do italiano *vitello* ‘tenreiro, pel de vaca ou tenreiro moi pulida’. Segundo DCECH, s.v., en español foi forma empregada para nomear a cría da vaca só excepcionalmente; a primeira documentación que recolle o filólogo catalán remonta a Calderón; para o portugués sería o s. XVIII, segundo a oitava edición do dicionario *Morais*, citado por Machado (1977³: s.v.)

⁵³ Véxase o mapa 89 do vol. II do ALGa.

⁵⁴ Lucas Álvarez (1986: 125-128).

⁵⁵ Adicionalmente, rexistramos a forma *vitela* en varios puntos, sobre todo ourensáns, pero non para a vaca viva, senón para a carne do animal: O-02 (Boborás), O-07 (Pereiro de Aguiar), O-12 (A Veiga), O-19 (Padrenda), O-22 (Castrelo do Val), O-26 (Entrimo), O-31 (Lobios) e P-01 (Vila de Cruces). Neste último punto sinalase en nota: “Antes chamaban así ás becerras pequenas que levaban a Pontevedra para matar. No momento da enquisa, aínda chamaban así algúns á carne de vaca nese punto”.

O primeiro lexicógrafo galego en recoller *vitela* é Reguera, quen afirma que é o nome que recibe a carne de tenreira no val de Laza (Ourense). Cuveiro e Porto cítana (s.v. *vitela*) para se referir ó animal vivo, mentres que para Eladio Rodríguez volve ser unicamente a carne. Iso no que respecta á forma feminina, pois o masculino *vitelo* ten moita menos vitalidade na lexicografía, xa que unicamente o recollen Valladares e Filgueira (este último, tanto para o animal vivo coma para a carne).

O primeiro rexistro que localizo no TILG data de 1930:

Asiguran qu'iba un paisano noso por unha das rúas de Madrí, cidá de mantidos a custa allea, —en acasión que un vitelo escapado, impuña o medo consiguiente ós aldeagantes. Iba o labrego tan entreteñido, que non se percatou do perigo que o ameazaba. Entón unha dama, compadecida, empezou a berrar: —"¡Huye, galleguito, que te pillá el toro!... ¡Huye, galleguito, que te pillá el toro!"⁵⁶.

6. *almallo*, -a

Forma procedente do lat. ANIMALIA, plural neutro de ANĪMAL ‘ser vivo (dotado de alma), animal’. Hai bastantes testemuños na Romanía do uso dun continuador desta forma para se referir especificamente ó animal bovino. No portugués miñoto existen *almalho* e *armalho* ‘boi enteiro, novelo’ (vid. Machado, s.v. *almalho*). No español documéntase unha forma *almaje* ‘fato de gando maior pertencente a todos os veciños dun pobo’ (vid. DCECH, s.v. *alimaña*, que o localiza no español rexional de Álava). Fóra da Península rexistramos casos, por exemplo, en dialectos de oïl: TLFi, s.v. *aumaille*.

As primeiras documentacións galegas que localizo remontan a 1194, no Tombo do mosteiro de Sobrado: “concedimus pro pretio pernominato una uacca cum filio et uno almalió et media de una iouenca”⁵⁷, que rebaixa nalgúns anos o testemuño ofrecido por Lorenzo (1968), de 1200-1201. En documentos de veste galega atopámolo xa nas *Cantigas de Santa María*, en concreto na número 31.

É Sarmiento CVFLG o primeiro lexicógrafo en dar noticia desta palabra, pero sen achegar definición. Sobreira recóllea nas súas papeletas, ofrecendo unha interesante precisión dialectal: *almallo* é o nome que se lle dá en Santiago ó “toro padre”, mentres que *aquí*⁵⁸ é “becerro o juenco”; aboa tamén a variante *armallo* (“toro por coar”, isto é, sen castrar) en Santiago, no Suído e en dous lugares que cita abreviados e que ben puideran ser Ourense e Tui.

⁵⁶ Pereda Álvarez (1930: 118).

⁵⁷ Loscertales de García de Valdeavellano (1976: 406-407).

⁵⁸ Non queda claro cal é o *aquí* ó que se refire o bieito; posiblemente sexa a súa terra natal, Ribadavia, que ademais era o topónimo que explicitaba na entrada anterior (*almacén* e derivados).

Esta alternancia de significados segue presente en dicionarios posteriores. O manuscrito do dicionario de Rodríguez di que é “el toro entero o por castrar” e, pouco máis tarde, Pintos defíneo como “novillo brioso, hombre desairado, atolondrado”; Valladares escribirá “toro joven, eral, ó novillo de dos años”. Cuveiro inclúe unha entrada *armallo*, explicada como “buey flaco”, unha definición que completará o dicionario de Porto (onde se rexistran tanto *almallo* coma *armallo*): “buey flaco [...] toro o buey que se cría en el monte”. A este respecto, lémbrese que en O-15 (Penosiños, Ramirás) rexistramos a forma *almalla*, pero co significado ‘vaca mal feita’.

Os dicionarios posteriores beberán esencialmente das dúas acepcións que ofrece o primeiro dicionario académico (que inclúe tanto *armallo* coma *almallo*): a) “toro padre, toro semental” e b) “buey de media cría, novillo, becerro, juvenco”; a estas dúas acepcións en sentido propio hai que engadir unha acepción figurada: c) “hombre brioso y brutal”. Con respecto á primeira destas definicións, cómpre indicar que aparece en varios dicionarios, desde Valladares, a forma *almallar* ‘cubrir o touro a vaca’.

Ten tamén unha presenza significativa nas teses e tesinas de fala que funde C. García no GVGH. Temos tres variantes cun significado común a todas elas, “toro semental”: *almallo* en Razo, Toba, Compostela, Sobrado dos Monxes e Pedrafita; *almacio* en Razo e *armallo* en Cabalar e Compostela.

7. *cría*

Forma regresiva a partir do verbo *criar* (< lat. CREARE). Con este valor substantivo rexistro un exemplo galego nun documento notarial datado en 1474: “Iten, preçaron hua cabra e cria en trinta e seys maravedis, que son todos dos menores”⁵⁹. Debido á coincidencia co castelán, este substantivo non aparece nos dicionarios clásicos galegos, aínda que xa está na literatura desde o último terzo do século XIX.

8. Outras respostas: *cachorra*

Palabra de orixe incerta. DCECH, s.v. *cachorro*, supón un derivado de *cacho* (< *CATTŪLU, por reduplicación afectiva e diminutiva do lat. CATŪLU ‘cadelíño’ ou, en xeral, ‘cría de mamífero’), que hoxe só sobreviviría en acepcións secundarias, como *cachondo* ‘dominado polas paixóns’ (unha redución de *cachiondo*, do mesmo modo ca *torionda* ‘vaca en

⁵⁹ López Ferreiro (1901: 66).

celo' ou *verrionda/verronda* 'porca en celo') ou *cacho* 'peixe de río malacopterixio', chamado así, segundo Corominas, por recordar as súas barbas características a certos cans.

Dentro dos dicionarios galegos, só aparece recollido no da Academia e no de Eladio Rodríguez, tendo no primeiro o significado etimolóxico de 'fillo do can' e no segundo o significado máis extenso de 'cría dun mamífero'. Non ten que estrañar esta escasa presenza da forma, pois, como se constatará ó longo deste traballo, é normal que os dicionarios clásicos do galego exclúan do seu corpus aquelas palabras coincidentes formalmente co castelán.

No que respecta ó léxico da vaca, existe tamén a voz *cachorra* para se referir a unha vaca grande e lenta, pachorrenta, unha forma con moita extensión polo territorio galego.

9. Formas problemáticas

9.1. *bouxo*

Forma problemática que non localizo nas fontes consultadas. Podería relacionarse coa forma *boi* do terceiro apartado, pero é máis probable interpretala como variante de *bucho* (cf. ap. 2.1.1.).

9.2. *coenciño, -a*

Esta forma, aboada unicamente en Guntín (Lugo), non ten presenza nos dicionarios consultados ou nos textos galegos recollidos no TILG; a súa interpretación é moi problemática.

3. O pescozo

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1537 *pescozeira, colo, pescozo*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 15 *pescozo* (*pescozeira, colo, pescoso*).

1. Forma *pescozo* e variantes

1.1. *pescozo*

ALGa

A-01, A-02, A-03, A-04, A-05, A-06, A-07; C-01, C-02, C-04, C-06, C-17, C-18¹, C-21, C-22, C-23, C-25¹, C-26, C-28, C-29, C-32, C-34, C-36, C-37, C-40, C-42, C-43, C-45, C-46, C-47, C-48, C-49; L-01, L-02, L-03, L-04, L-06, L-07, L-08, L-10, L-12, L-13, L-15, L-16, L-19, L-20², L-25, L-28, L-29, L-30, L-32, L-33, L-35, L-36, L-37³, L-38⁴, L-39⁵; Le-01⁶, Le-02, Le-03, Le-04; O-02, O-03, O-04, O-05, O-06, O-07, O-08, O-09, O-11, O-12, O-13, O-14, O-15, O-16, O-17, O-18, O-19, O-20, O-21, O-22⁷, O-23, O-24, O-25, O-26, O-28, O-29, O-30, O-31; P-01, P-02, P-04⁸, P-08, P-09, P-10, P-13⁹, P-16¹⁰, P-17, P-18, P-20¹¹, P-21, P-22, P-24¹², P-25, P-26, P-27, P-28, P-31, P-32, P-33; Z-01, Z-02, Z-03.

¹ Fronte a *colo*, que é onde roza o xugo, onde vai colocado.

² Fronte a *xugueira*, parte do pescozo onde vai o xugo.

³ O informante indica que *pescozo* e *xugueira* son diferentes, pero non aclara en que consiste esa diferenza (posiblemente sexa a mesma distinción presente na nota anterior: o *pescozo* é toda a zona, mentres que a *xugueira* é o sitio en que se pousa o xugo, ás veces con marcas da rozadura).

⁴ Emprégase tamén *badana* para denominar a parte anterior do pescozo.

⁵ Figura a forma *xugueira* coa anotación “marca que deixa o xugo”.

⁶ A resposta que se transcribe é *pescocio*.

⁷ Tamén se recolle *moleira* neste punto, pero sinalase que abrangue unha parte máis ampla do pescozo. Véxase o apartado 6.3. deste mesmo capítulo.

⁸ Emprégase *barbela* para denominar a parte de baixo do pescozo.

⁹ Fronte a *xugueira*, que é a parte de atrás.

¹⁰ Recóllese neste punto tamén *xugueira*: “onde traballa o xugo” (isto é, onde se aprecia a marca do xugo).

¹¹ Infrecuente.

¹² Recóllese neste punto tamén a voz *molida*, para a marca do xugo no pescozo.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06c, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09d, C-13b, C-13c, C-13d, C-13e, C-13f, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18g, C-18h, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b,

C-20c, C-20d, C-21b, C-22b, C-23b¹, C-24b, C-24c, C-25b, C-25c, C-25d, C-27b, C-28b, C-28c, C-28d, C-28e, C-28f, C-29b, C-30b, C-30d, C-30e, C-31b, C-31c, C-32b, C-35b, C-35c, C-35d, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-35i, C-36b, C-36c, C-36d, C-37b, C-39c, C-39d, C-39e, C-39f, C-39g, C-39h, C-39i, C-39k, C-40b, C-40c, C-40d, C-40e, C-40f, C-41c, C-41d, C-42b, C-42c, C-42d, C-42e, C-43b, C-44b, C-48b, C-49b, C-49d, C-49e; L-01b, L-02b, L-04b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-09d, L-12b, L-13b, L-14b, L-14c, L-15b, L-16b, L-21b, L-21c, L-23b, L-24b, L-24c, L-26b, L-26c, L-27b, L-28b, L-28c, L-30b, L-31b, L-33b, L-33c, L-34b, L-34c, L-36b, L-37b, L-39b, L-39c, L-39d, L-39e; O-01b, O-01c, O-06b, O-06c, O-07b, O-07c, O-14b, O-15b, O-15c, O-16b, O-16c, O-16d, O-17b, O-20b, O-20d, O-21b, O-25b, O-26b, O-29b; P-03b, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06c, P-06d, P-07b, P-07c, P-08b, P-09b, P-09c, P-09d, P-10b, P-11b, P-12b, P-12c, P-12e, P-12f, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-15e, P-16b, P-17b, P-17c, P-17d, P-19b, P-19c, P-20b, P-21b, P-21c, P-24b, P-24c, P-24d, P-24e, P-25c, P-26b, P-27b, P-28b, P-28c, P-28d, P-29b, P-29c, P-32b.

¹ Frente a *colo*, que é “por enriba”.

1.2. Forma leonesa *pescuezo*

ALGa

Le-05.

Enquisas de estudantes

Le-05b, Le-05c.

1.3. Formas con variación vocálica

1.3.1. *piscozo*

Enquisas de estudantes

A-02b.

1.3.2. *poscozo*

ALGa

O-09.

1.4. Formas sufixadas

1.4.1. *pescoceira*

ALGa

C-29, C-33; O-27.

Enquisas de estudantes

C-39b; O-20c, O-27b.

1.4.2. *pescoceiro*

ALGa

L-09.

1.5. Forma problemática: *corpozo*

Enquisas de estudantes

P-24e.

2. Forma *colo* e variantes

2.1. *colo*⁶⁰

ALGa

C-03, C-05, C-07, C-08, C-10, C-11, C-12, C-13, C-14, C-15, C-16, C-19, C-20, C-23; L-11, L-14, L-17, L-18, L-21, L-22, L-24, L-26; P-03.

Enquisas de estudantes

C-09b, C-09e, C-13b, C-13f, C-15b, C-18b, C-18c, C-18h, C-23b¹, C-25d, C-30c, C-35d; L-17b, L-21b, L-21c, L-22b.

¹ Aparece coa indicación “por enriba”.

2.2. Forma castelá *cuello*

ALGa

C-26, C-32; L-06, L-17, L-23; Le-01.

Enquisas de estudantes

L-14b, P-12d¹.

¹ A forma que se transcribe na enquisa é *coello*.

2.3. Forma derivada: *caluga*

ALGa

C-40.

Enquisas de estudantes

C-40g.

3. Designación que fai referencia ó lugar onde se coloca o xugo: *xugueira*⁶¹

ALGa

⁶⁰ Aparece tamén en C-09, coa aclaración “onde roza o xugo”, fronte a *xugueira*, a designación xeral; en C-18 rexístrase coa aclaración “onde bate o xugo”, fronte a *pescozo*; en C-25 especificase “onde finca o xugo”, fronte a *pescozo*. No que respecta ás enquisas de estudantes, aparece *colo* coa indicación “por enriba” en C-23b.

⁶¹ Anótase en L-06 a forma *xugueira*, referida só ó pescozo infectado. Do mesmo modo, en P-16 sinálase que é “onde traballa o xugo” e en L-39 “marca que deixa o xugo”.

C-04, C-09¹, C-20, C-24, C-26, C-27, C-28, C-31, C-32, C-37, C-38, C-39, C-41, C-42, C-43, C-44, C-45, C-47; L-05, L-08, L-09, L-15, L-18, L-20², L-33, L-37³; P-02, P-03, P-04⁴, P-05, P-06, P-07, P-09, P-11, P-12, P-15, P-18.

¹ Recóllese tamén a forma *colo*, que é onde roza o xugo.

² Parte do pescozo onde vai o xugo.

³ O informante indica que *pescozo* e *xugueira* son diferentes, pero non aclara en que consiste esa diferenza (posiblemente sexa a mesma distinción que vimos outras veces: o *pescozo* é toda a zona, mentres que a *xugueira* é o sitio en que se pousa o xugo, algunhas veces con marcas da rozadura).

⁴ Emprégase *barbela* para denominar a parte de baixo do pescozo.

Enquisas de estudantes

C-35g, C-39g, C-41b; L-28c.

4. Designación referente ó espesor de carne: *cachazo*

ALGa

O-31; P-19, P-25, P-29, P-30, P-32; Z-02.

Enquisas de estudantes

P-25b, P-29d.

5. Forma *carrolo* e derivados

5.1. *carrolo*

ALGa

P-23.

5.2. *carroleira*

ALGa

O-10.

Enquisas de estudantes

O-15d.

6. Outras respostas e formas problemáticas

6.1. *gorxia*

Enquisas de estudantes

C-45b.

6.2. *marmela*

Enquisas de estudantes

P-14b.

6.3. moleira

ALGa

O-22¹.

¹ É unha zona máis ampla có ‘pescozo’.

6.4. nobenillo

ALGa

L-27.

6.5. pulmueira

ALGa

L-31.

6.6. taloeira

ALGa

P-20¹.

¹ Alterna con *pescozo*, que é forma infrecuente.

7. Puntos sen resposta

ALGa

C-30, C-35; L-34; O-01; P-14.

Enquisas de estudantes

C-49c.

Distribución xeográfica das respostas

Como se pode observar, a forma *pescozo* é, con moito, a maioritaria e resulta coñecida en practicamente todo o territorio; os datos do ALGa mostran menor densidade desta denominación no centro da provincia de Lugo e nas comarcas da Coruña, Betanzos e Eume, inda que nas enquisas de estudantes non se aprecian estes ocos. Repartidas por toda a superficie, temos algunhas formas derivadas, especialmente *pescocreira*, a voz máis abundante e a única que garda unha distribución areal relativamente compacta, en dúas zonas de Galicia ben distantes. Cómpre sinalar que a forma *pescuezo* está restrinxida unicamente ós tres puntos de enquisa máis orientais dos sete que comprenden a zona leonesa investigada, fronte ó reparto irregular do castelanismo *cuello* por todo o territorio galego.

Polo que respecta ós continuadores do lat. CÖLLU, obsérvase que é unha opción exclusivamente setentrional (a única excepción, nun punto pontevedrés, é relativa, pois trátase dunha forma castelá que puido entrar no idiolecto do informante por criterios de prestixio); e, dentro do norte, vive mormente nas lonxitudes centrais de Galicia –nótese que nos rexistros máis orientais é a forma *cuello* a que predomina. Para a forma *caluga* poderíase pensar en principio nun erro de referente (o cogote, en lugar de todo o pescozo), pero resulta curioso que a resposta esporádica no ALGa e a resposta esporádica nas enquisas de estudantes se dean en dúas parroquias dun mesmo concello, non estremeiras, pero distantes uns sete quilómetros.


A voz *xugueira* tamén presenta unha distribución xeográfica concreta, inda que menos precisa cá anterior: a grandes trazos, podemos dicir que ocupa o terzo central do territorio galego, inda que hai tamén algún rexistro esporádico no terzo superior. Como se sinala no comentario, é probable que varias destas respostas non se refiran exactamente a ‘pescozo’, senón a ‘pescozo ferido’, como sucede en diferentes ocasións, en que se sinala explicitamente esta diferenza. O feito é que alterna enormemente con outras respostas: se observamos as 38 respostas *xugueira* na rede de puntos do ALGa, comprobamos que aparece como resposta única en apenas 15 puntos (o 40%), mentres que en 18 puntos (47%) aparece alternando con respostas da familia de *pescozo*, en 3 casos coa de *colo* e en dúas ocasións coas familias de *pescozo* e *colo* simultaneamente.

É interesante notar a voz *cachazo*, situada en puntos da parte sur do territorio, contiguos con Portugal; de feito, como se sinala no comentario, esta voz continúa con abundancia no país veciño. A voz *carrolo* e os seus derivados tamén se encadran na porción máis meridional de Galicia, no límite entre Ourense e Pontevedra. Por contra, como era esperable, a categoría “respostas minoritarias e formas problemáticas” non garda ningún tipo de distribución areal, pois abrangue 6 respostas moi distintas, e cada unha delas localízase nun punto distinto.

MAPAS DE CONXUNTO

Designacións para o pescozo. Todas as fontes

Formas do tipo <i>pescozo</i>	Formas do tipo <i>colo</i>	Outras respostas	Sen resposta
■ <i>Pescozo</i>	● <i>colo</i>	▲ Construción sobre <i>xugo</i> : <i>xugueira</i>	+ s/r
■ <i>Pescuezo</i>	● <i>cuello</i>	▲ <i>cachazo</i>	
 Formas con variación vocálica	● <i>caluga</i>	● <i>carrolo</i>	
■ Forma derivada: <i>pescoceira</i>		● Formas derivadas sobre <i>carrolo</i> : <i>carroleira</i>	
■ Forma derivada: <i>pescoceiro</i>		✱ Respostas minoritarias e formas problemáticas	
■ Forma problemática <i>corpozo</i>			



Designacións para o pescozo.ALGa

Formas do tipo *pescozo*

- *Pescozo*
- *Pescuezo*
- Formas con variación vocálica
- Forma derivada: *pescoceira*
- Forma derivada: *pescoceiro*

Formas do tipo *colo*


- *colo*
- *cuello*
- *caluga*

Outras respostas

- Construción sobre *xugo*: *xugueira*
- ▲ *cachazo*
- *carolo*
- Formas derivadas sobre a anterior: *carroleira*
- ✱ Respostas minoritarias e formas problemáticas

Sen resposta

+ s/r



Designacións para o pescozo. Enquisas de estudantes

Formas do tipo *pescozo*

- *Pescozo*
- *Pescuezo*
- Formas con variación vocálica
- Forma derivada: *pescoceira*
- Forma derivada: *pescoceiro*
- Forma problemática *corpozo*


Formas do tipo *colo*

- *colo*
- *cuello*
- *caluga*

Outras respostas

- Construción sobre *xugo*: *xugueira* + s/r
- ▲ *cachazo*
- Formas derivadas sobre *carrolo*: *carroleira*
- * Respostas minoritarias e formas problemáticas

Sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Designacións do tipo *pESCOZO*


Designacións do tipo *pESCOZO*. Todas as fontes

- Forma *pESCOZO*
- Forma leonesa *pESCOZO*
- Formas con variación vocálica: *piscozo*, *poscozo*
- Formas sufixadas: *pESCOZEIRA*
- Formas sufixadas: *pESCOZEIRO*
- Forma problemática *corpozo*




Designacións do tipo *pescozo*. ALGa

- Forma *pescozo*
- Forma leonesa *pescuezo*
- Formas con variación vocálica: *poscozo*
- Formas sufixadas: *pescoceira*
- Formas sufixadas: *pescoceiro*



Designacións do tipo *pescozo*. Enquisas de estudantes

- Forma *pescozo*
- Forma leonesa *pescuezo*
- Formas con variación vocálica: *piscozo*
- Formas sufixadas: *pescoceira*
- Forma problemática *corpozo*




MAPAS DE DETALLE

b) Designacións do tipo *colo*


Designacións para o pescozo. Formas do tipo *colo*. Todas as fontes

- Forma *colo*
- Forma castelá *cuello*
- Forma derivada *caluga*




Designacións para o pescozo. Formas do tipo *colo*. ALGa

- Forma *colo*
- Forma castelá *cuello*
- Forma derivada *caluga*



Designacións para o pescozo. Formas do tipo *colo*. Enquisas de estudantes

- Forma *colo*
- Forma castelá *cuello*
- Forma derivada *caluga*




MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas


Designacións minoritarias para o pescozo. Todas as fontes

- Forma *xugueira*
- ▲ Forma *cachazo*
- Forma *carrolo*
- Forma *carrolo* con sufixos
- * Respostas minoritarias e formas problemáticas




Designacións minoritarias para o pescozo. ALGa

- Forma *xugueira*
- ▲ Forma *cachazo*
- Forma *carrolo*
- Forma *carrolo* con sufixos
- * Respostas minoritarias e formas problemáticas



Designacións minoritarias para o pescozo. Enquisas de estudantes

- Forma *xugueira*
- ▲ Forma *cachazo*
- Forma *carrolo* con sufixos
- * Respostas minoritarias e formas problemáticas



Comentario de formas

Para a comparación coas designacións da parte equivalente no ser humano, véxase o mapa 31 do vol. V do ALGa. Para a forma *caluga*, véxase tamén o mapa 9 dese mesmo volume.

1. Forma *pescozo* e variantes

Para a etimoloxía da palabra *pescozo*, temos que acudir seguramente a unha construción latina *POST CÖCCIU/CÖCCEU, cun substantivo que en orixe significaría ‘tina, artesa’ e que pasaría a significar ‘pescozo’ por unha comparación coa forma cóncava desa zona do corpo. DCECH discute abundantemente esta cuestión s.v. *pescuezo*, *cueto* e *cuezo*.

1.1. *pescozo*; 1.2. Forma leonesa *pescuezo*; 1.3. Formas con variación vocálica: *piscozo*, *poscozo*.

A primeira documentación que sinala o dicionario de Machado remonta ó s. XIV, aínda que en documentación galega rexistramos testemuños anteriores na onomástica, nunha copia de 1232: “cuius termini sunt isti: in oriente uxor et filii Fernandi Pescozo, in occidente Ausenda Iohannis et Martinus Martini”⁶² ou nun documento datado en 1258: “una parte per terrenum et domum Iohannis Fernandi qui vocatur Pescocium tortum deinde per viam que tendit per dictam vineam videlicet”⁶³

O dicionario de Rodríguez *Manuscrito*, s.v. *pescozo*, é o primeiro texto onde se recolle a palabra. A variante *piscozo* aparece tamén rexistrada nun dicionario, concretamente no de Acevedo e Fernández: “*Pescuezo*. Ús. de Valdés al Eo y en gall. Cp. el port. *pesoso*. En Navia alterna con *piçcozo*”. A voz *poscozo* xa non aparece na lexicografía, pero si nun texto galego de 1898: “A proba de que ganaba moitos cartiños, era vé-lo ós Domingos, cunha tira ancha pranchada, posta no poscozo branca, dura, que brilaba de lexos, reverichad' ás dúas puntas xunt' a forma da camisa, cousa que, nin o maestro d' escola usaba na aldea”⁶⁴.

Con respecto ó resultado de Ö latino en Le-05 (*pescuezo*), véxanse os mapas 29 e seguintes do volume III do ALGa. Para o resultado do grupo latino –KKJ– en interior de palabra, véxase o mapa 411 dese mesmo volume.

⁶² Fernández de Viana y Vieites / González Balasch (1992: 368).

⁶³ Duro Peña (1996: 195-196).

⁶⁴ Cruces (1898: 7).

1.4. Formas sufixadas: *pescoceira*, *pescoceiro*

As dúas formas sufixadas con *-eiro/-eira* (< lat. -ARIU, -ARIA) corren distinta sorte na lingua.

Non atopo rexistros en textos documentais ou literarios para ningunha delas, pero si que existe *pescoceira* nos dicionarios. En Carré e mais en Franco Grande lemos unha acepción restrinxida en canto ó ámbito de aplicación: “s. f. Parte superior del pescuezo. *coliga. cachazo*”. Tamén a recolleu E. Rivas en dúas das súas obras, con acepcións que difiren substancialmente da anterior. Lemos en Rivas Quintas (1978): “f. Pescuezo en sentido colectivo, pescuezo grueso; a veces algo despectivo (Fondo de Vila)”; posteriormente, en Rivas Quintas (1988), anota don Elixio, s.v. *coleira*: “s. f. Cuello en sentido abundancial; sinónimo entonces, justo, de *pescoceira*. En este sentido se dice en Casasoá, X. de Ambía, *ás coleiras* (loc. adv. modo) "a caballo sobre el cuello", como se lleva a un niño (*ó cabaliño*); *á coleira* "en cabestrillo". Foi recollida tamén como variante de *pescozo* en Toba por López Facal (vid. GVGH, s.v.)

En troques, para *pescoceiro*, non atopei traza ningunha do significado recollido neste capítulo, nin sequera en dicionarios modernos do galego nin tampouco no *Tesouro* conservado no Instituto da Lingua Galega, fóra da propia papeleta que se fai eco da enquisa de estudantes incorporada á nosa rede de puntos.

1.5. Forma problemática: *corpozo*

Forma enigmática que non se rexistra nin nos dicionarios clásicos ou modernos nin na documentación dispoñible nas bases de datos. No *Tesouro* só aparece unha vez (pero aparentemente o que a papeleta rexistra é a enquisa feita en Valadares que se empregou para este traballo). O máis plausible é pensar nunha variante metatizada a partir da forma con asimilación vocálica e rotacismo **porcozo* ou ben que o enquisador, inexperto, interpretase mal a forma que oíu (*pescozo, corpaço,...*).

2. Forma *colo* e variantes

2.1. *colo*; 2.2. Forma castelá *cuello*

O galego *colo* e o castelán *cuello* proveñen do lat. CÖLLU ‘pescozo’. Mentres que a forma xenuinamente galega *colo* está na lingua xa desde a lírica profana ou nas *Cantigas de Santa María*, para atopar en textos galegos contemporáneos a forma castelá *cuello* hai que agardar ata 1877, no *Tío Marcos da Portela* (neses primeiros tempos, ademais, empregábase unicamente coa acepción ‘parte do vestido en contacto co pescozo’).

No que respecta ás obras lexicográficas, o primeiro en acoller a voz *colo* foi Sobreira (s.v.), aínda que algo dubitativo: “El cuello? *No colo*. En brazos. *En colo*. Encima. *De colo*. Encima”. Rexístranse despois, xa máis claramente desde a obra de Rodríguez (1863). Ben que o castelanismo non apareza nos dicionarios, a súa recolla en varias teses “de fala” (GVGH recóllea en Ogrobe, Laxe, Ramirás e Santa Comba) certifica a súa extensión polo territorio.

2.3. *caluga*

A relación de *caluga* coas formas anteriores foi cuestionada. A hipótese máis probable –xa apuntada por García de Diego (s.v. *caluga*)– é acudir ó lat. CÖLLU ‘pescozo’, explicación consistente con variantes do tipo *coliga* ou *culiga* ou coas formas asturianas que sinalamos máis abaixo. Non obstante, DCECH (s.v. *cogote*) propón unha explicación alternativa, que cómpre cualificar de inadecuada, cun razoamento rebuscado de máis e unhas formas moi afastadas do noso dominio que dificilmente poderían entrar en xogo aquí:

En especial afinidad con el cat. ant. *coc* ‘cogote’ (s. XIII), rom. **cociu* íd. [...] hay que poner el inexplicable portugués *caluga* ‘cachaço do porco’, gall. *caluga*: ‘nuca, cogote’ (F.J. Rodríguez, Vall., Academia, etc.), que saldrán de una combinación de aquel tipo con el cast. dialectal *nucla* (Murcia, Albacete y *desnuclarse*), procedente del ar. *nuqra*, b. lat. *nocra* ‘hoyo, cogote’ (vid. *nuca*), de donde **cugla* > **cluga* y la anaptixis que era forzosa en esta combinación en gallego-portugués; *caluga*, por otra parte, bajo el influjo de los sinónimos *tozuelo* y *testuz* se convirtió en gall. *taluga* ‘(cada uno de) los dos sitios colaterales del pescuezo, debajo de la nuca’ (Sarm. CaG. 218v; Vall.) que se extiende hasta el port. minhoto de Arcos de Valdevez (más datos en Pensado, o.c., pp. 146-147). Hay todavía contactos locales, al menos fonéticos y de refuerzo, con el probable germanismo gall. *brouca* ‘maza’, ‘mazo’, ‘nuca’) ‘cachaza, holgazanería’ y *broucar* (v. *bloque*) y meramente formal con un gallego local *calugas* ‘rubores’ y *calugado* ‘colorado’, será producto de una forma culta colorado con otra popular *co(g)orado* metatizada en *carugado* (Apéndice a Eladio Rdez).

A primeira documentación que rexistro en textos galegos remonta ó ano 1886, nunha oración que xa reflicte a alternancia sufixal que se porá de manifesto máis adiante neste comentario: “Doise das xuntas, das rens, da caliga, ou caluga, dos cóbados, das pas,

das conxas”⁶⁵. Con todo, haberá que agardar ata 1950 para que esta voz teña unha presenza destacada nos textos galegos.

Mentres que no dicionario Houaiss non aparece, no Morais si que hai unha entrada encabezada por esta forma *caluga*, coa definición “s.f. a carne grossa do cachaço e da espádua do porco”, sinalando como primeira documentación a *Crónica de D. Fernando*, cap. 99, de Fernão Lopes. Os datos asturianos son máis numerosos, como demostra DGLA (s.v. *colluga*), que acolle diferentes variantes (*colluga*, *collúa*, *colluba*, *culluba*, *culluga*, *coyuga*, *cochuga*), con significados que acaen perfectamente á nosa forma: “1. Cada una de las extremidades del odre. Pescuezo de la cabra en el vexigu. Cuello del odre. Boca del odre. Parte correspondiente a la boca del ballico. Parte alargada del vexigu. 2. Joroba, etc.”

Polo que respecta ós dicionarios galegos, ten presenza desde Rodríguez (1863, s.v. *caluga*). En GVGH, s.v., recóllense diferentes variantes dialectais: *caluga* en Cabalar, Compostela e Valadouro; *caluba* en Compostela, Santaia e Toba, *coliga* en Curtis e *culiga* en Melide e Sobrado dos Monxes.

3. Designacións que fan referencia ó lugar onde se coloca o xugo: *xugueira*.

A forma *xugueira* designa a) o lugar do pescozo onde se apoiaba o xugo⁶⁶ e tamén, derivado do anterior, b) o lugar do pescozo onde o xugo deixa unha marca ou produce unha ferida como consecuencia do rozamento. O uso da denominación dalgún aparello ou ferramenta agrícola que garde similitudes con algún aspecto da vaca ou que se sirva dalgunha parte anatómica do animal para o seu funcionamento, é un procedemento habitual que se constata ó longo desta tese.

Como existe un capítulo específico para o pescozo ferido (cap. 4), non cartografo aqueles casos en que se recolleu como resposta *xugueira*, pero referido á anatomía danada, inda que si o indico en nota; con todo, pode que algunha das formas aquí incluídas co significado ‘pescozo’ teña en realidade ese significado, pero sen anotarse ese matiz na folla de enquisa correspondente.

Trátase dunha forma derivada co sufixo *-eira* (< lat. *-ARIA*) a partir do substantivo *xugo*, procedente dun lat. *IŪGU*, que xa tiña ese significado en latín. Os primeiros rexistros na lingua de *xugueira* sitúano como sinónimo de *xugo*, e non será ata moi tarde cando uns

⁶⁵ Iglesia (1886, III: 232).

⁶⁶ A entrada *xugo* no dicionario de Eladio Rodríguez fornece unha breve descrición da tipoloxía do xugo. Para estudos máis detallados pódese acudir a Lorenzo Fernández (1979) ou a González González (1980 e 2004), autor que trata tamén información dialectal e propostas etimolóxicas.

poucos textos recollan tamén estoutra acepción que aquí nos ocupa, a referencia ó pescozo, en concreto un texto de Novoneyra: “Burdían os bois do monte / a canción das idas / i as vidas / a canción puxante que burdiaron onte / os seus pais polo monte adiante. // Burdían os bois i a canción moula / leloula / fonda e xebra / polo lonxe do monte e pola nebra // Bois burdiois / trasmontois! / Grosa outa xugueira / testa lombo / combo / afocados do voubo / i afilados da traseira // Bois burdiois / pelexois!”⁶⁷.

Será Valladares (s.v. *jugueira*) o primeiro lexicógrafo en recoller este termo, pero non referido ó pescozo, senón, como xa se comentou, á ferida que provoca o uso excesivo do xugo: “Especie de tumor que forma el yugo á algunos bueyes, ó vacas, en la parte superior del cuello”. O significado nos ocupa neste capítulo non aparece ata Eladio Rodríguez (s.v. *xugueira*): “Parte superior del cuello de la res sobre la que descansa el xugo”. Nas teses e tesañas recollidas en GVGH só se aboa a acepción “callo que se forma en el pescuezo del animal por el roce del yugo”.

4. Designación referente ó espesor de carne: *cachazo*

A hipótese máis probable parte dunha base *cacho* ‘anaco ou parte de algo, cacharro’, asociado á voz latina *CACCŪLU (procedente de CACCABU ‘ola’), e que pasaría a designar o pescozo e a parte posterior da cabeza pola similitude de formas. Con todo, existe a posibilidade de facelo vir da forma *cacha* ‘parte carnosa’ cun sufixo *-axo*, de carácter aumentativo e procedente do sufixo adxectivo latino *-ACĒU*, típico de formacións que indicaban semellanza. Para explicar esta forma *cacha*, DCECH, s.v., suxire partir dunha forma CAPPŪLA ‘puño da espada’ –a forma clásica non era neutra, pero atópase tamén con este xénero no latín de Nonio ou Festo– que deriva do verbo CAPĒRE ‘coller’; o filólogo catalán explica a xeminación por influxo de CAPULARE ‘cortar’, vulgarmente *CAPPULARE, con xeminación expresiva. Do significado primixenio pasaríase á acepción ‘nádega’ e de aí a ‘espesor de carne en calquera parte do corpo’

Esta forma, localizada nas partes máis meridionais de Galicia, existe tamén no portugués. Houaiss (s.v. *cachaço*) documéntaa xa no s. XIII e defínea como “1. A parte posterior do pescoço (de pessoa ou animal); cerviz. [...] 4. pescoço largo e grosso, esp. na parte posterior”; recolle como sinónimo a voz *cacho*, na súa oitava acepción. No referente á lexicografía galega, o primeiro dicionario en que aparece é Carrél (s.v. *cachaço*): “Parte

⁶⁷ Novoneyra (1974: 35).

posterior del pescuezo. Véase *coliga*⁶⁸. Sen embargo, para Eladio Rodríguez será unicamente acepción de rexistro humorístico: “Imaginación, magín / Puerco padre; *cachizo*, *castizo* / En sentido vulgar y burlesco, el pescuezo; *pescozo*.”

En GVGH só aparece dúas veces, recollida co significado ‘pescozo’ por Álvarez Blanco en Ramirás e Taboada Cid na Mezquita, no sur de Ourense, por tanto, en zona coherente coa distribución que amosa a nosa rede de puntos.

5. Forma *carrolo* e derivados

DCECH sinala (s.v.) que a forma castelá *carrillo* é voz de orixe incerta e, retomando unha idea de Spitzer, suxire que, como antigamente significaba ‘queixada’, podería ser diminutivo de *carro*, explicándose esta comparación polo movemento de vaivén ó mastigar. Cita Corominas en apoio desta teoría o berciano *carrelo* ‘parte superior das costas, entre os ombreiros’, que puido chamarse así polo movemento das omoplastas.

Tanto *carrolo* coma *carrelo* –e formas semellantes– aparecen abundantemente nos nosos dicionarios, basicamente con tres significados: a) ‘parte da anatomía’, b) ‘feixe de cereal atado xunto’ ou c) acepcións relacionadas coa castaña ou, en menor medida, coa noz. No que nos interesa, *carrolo* aparece por vez primeira no dicionario de Valladares, definido como “carrillo, parte carnosa de la cara”; case medio século máis tarde, en Filgueira, xa aparece como “occipucio”. En GVGH aparece unicamente unha vez, co significado ‘noca’, recollida en Ramirás por Álvarez Blanco.

No que respecta á forma sufixada *carroleira*, en case todos os dicionarios ten o curioso significado ‘nogueira’, a non ser en Rivas *Frampas III*, onde se recolle tamén a definición “Cuello del ganado vacuno”, verificada en Arnoia (Ourense).

6. Outras respostas

6.1. *gorxia*

Non parece que haxa que entender esta forma como referente a todo o pescozo do animal, senón só á parte baixa, próxima á garganta. Procede en última instancia esta forma dun lat. vulgar GŪRGA ‘gorxa’ (a voz clásica era GURGES, –ITIS); non obstante, a

⁶⁸ Aínda que non o comenta en *cachazo*, na entrada *cevise* sinala “Cerviz. Parte posterior del cuello. Véase *cachazo* y *coliga*”.

palatalización denuncia que entrou a través doutra lingua, seguramente o francés. Xa no 1290 atopamos rexistros de *gorgeyra* ‘peza de armadura que protexe a gorxa’⁶⁹.

O primeiro lexicógrafo que a recolle como entrada diferenciada é Reguera (s.v. *gorja*), aínda que xa Sarmiento CVFLG (s.v. *gorgomil*) sinala: “El garguero, y llaman *gorxa* también. Creo castellano *gargamello*”. GVGH recolle diferentes variantes formais e semánticas, pero ningunha referente ó pescozo no seu conxunto, senón á garganta, á farinxe ou ó esófago; documenta este glosario a forma *gorxia* en Montederramo e na Mezquita.

6.2. *marmela*

Visto o significado habitual desta forma (‘apéndice de pel que colga do pescozo’), probablemente se trate tamén dunha resposta que se refire só á parte baixa do pescozo; aínda que nos cadernos de enquisa deste punto non se explicita ningunha restrición, obsérvase que en P-09, moi próximo a este, emprégase *pescozo* para o conxunto e *barbela* unicamente para a parte de abaixo do pescozo. Por contra, en P-15b, como resposta á cuestión ‘pescozo ferido polo roce do xugo’, rexistramos unha resposta *callo da marmela* (cf. pregunta 4, apartado 2.3.1.).

Con respecto á etimoloxía da forma, para a voz paralela castelá *marmella* (definida como “cada apéndice del cuello de las cabras”) o DRAE supón un étimo latino MAMILLA ‘mama’, influído por *barbilla*. Non atopo paralelos no portugués, pero si que temos, segundo rexistra DGLA, un asturiano *marmiella(s)*: “Pellejo a lo largo del pescuezo de las reses vacunas [Cl. Lln], de las ovejas, cabras, cerdos [Lln]”.

Na lexicografía galega aparece por primeira vez en Cuveiro (s.v. *marmelas*): “Marmellas ó berrugas largas que tienen las cabras en el cuello, indicio de ser de buena casta”. Semellante, pero máis interesante para os nosos fins, é a definición acollida en Rivas Quintas (1978): “Piel o badana que pende del cuello del animal, especialmente vacuno (Cerdedo). En Frades se denomina *barbela*, nombre que también aplican a los estambres del maíz. El dicc. trae *marmela*, apéndice carnosos en el cuello de la cabra, y *marmelo*, mandíbula”.

6.3. *moleira*

No punto enquisado recóllese a precisión “zona máis ampla có pescozo”. Normalmente nos dicionarios adóitase dar a esta palabra o significado de ‘fontanela’ ou ben, por extensión, de ‘parte superior da cabeza’.

⁶⁹ Cf. Maia (1986: 138-139).

Hai algunha dificultade no que toca á etimoloxía da forma. Acáelle perfectamente a descendencia de MOLLE ‘mol’ se temos en conta o xa apuntado, isto é, que o significado estrito é ‘fontanela, zona branda na parte superior da cabeza dos meniños acabados de nacer’. Con todo, a existencia da variante *mioleira* (véxase máis abaixo, en GVGH) pode levar a pensar que estamos aquí diante dunha variante desa forma e, por tanto, en relación co lat. MEDULLU ‘miolo’ (ou será a forma *mioleira*, neste caso, unha reelaboración do falante, baseándose que a masa encefálica que alberga a cabeza tamén recibe o nome de *miolo*?).

Atopamos esta forma *moleira* xa no galego medieval, tanto na lírica profana coma nas *Cantigas de Santa María*. Lemos nunha composición de Afonso Lopes de Baián: “capelo de ferro, o anassal na trincheyra | e furad' en cima da moleyra, | tragu' ùa osa e hũa geolheira”⁷⁰. Escríbese nas *Cantigas* esta loor da Virxe: “o pos, fazendo gran chanto, | depenando sa moleira | | Porque é Santa Maria | leal e mui verdadeira ...”⁷¹.

Nos dicionarios galegos recóllese desde Rodríguez (s.v.), “1. Mollera, la parte más alta de la cabeza que se conserva más blanda y plana que el resto del cráneo. En port. id. / 2. Juicio”. Non atopo nada referido especificamente ó gando vacún ata as *Frampas I* de Elixio Rivas (s.v.), sen que, con todo, haxa unha referencia directa ó pescozo do animal: “Testud del ganado, especialmente la parte superior donde descansa la molida o almohadilla. En cambio la parte frontal se llama *testa* (Fondo de Vila). En cast. la parte superior de la cabeza del animal se denomina *melenera*, nombre también de la molida.”

O xa citado GVGH dá numerosos exemplos de *moleira* e un caso de *mioleira*, facéndoos equivaler ó castelán *mollera* (non se aclara se no significado restrito de ‘fontanela’ ou, máis posiblemente, no amplo, ‘parte superior da cabeza’). *Moleira* recóllese en Caaveiro, Cabalar, Castro Caldelas, Codeseda, Compostela, Curtis, Dumbría, Feás, Ferreira de Pantón, Friol, Guntín, Laxe, A Mezquita, Sobrado dos Monxes e Val de Burón. *Mioleira* rexístrase unicamente en Verín.

6.4. *nobenillo*

Aínda que no cuestionario non hai ningunha anotación ó respecto, máis ben parecería que o falante quixo referirse a unha enfermidade: ben a un tumor que sobresaie no pescozo da vaca, ben a un pescozo infectado, posiblemente polo emprego do xugo nesta parte da anatomía (cf. apartado 3 desta mesma pregunta).

DCECH (s.v. *lobo*, que ofrece tamén interesantes paralelos noutras linguas) propón partir, para esta forma e as súas múltiples variantes, da denominación deste cánido,

⁷⁰ Brea (1996, I: 91).

⁷¹ Mettmann (1981, I: 226).

suxerindo que os estragos do mal semellarían as feridas que podía causar un lobo. A hipótese é imaxinativa, aínda que seguramente ten máis base acudir a un termo GLOBU ‘globo, esfera, masa arredondada’ (tampouco pode excluírse unha posterior remotivación por vía de *lobo*).

Nobenillo non aparece como tal nos dicionarios, aínda que si se recolle desde Valladares a forma *nobanillo*, definida polo lexicógrafo estradense como “Lobanillo, bulto que crece poco á poco en el cuerpo”. GVGH recolle (s.v. *lobiño*) numerosas variantes para este concepto: *lobiño* (Compostela, Melide, Novefontes e Toba), *lubillo* (Pedrafita), *lubiño* (Compostela), *nobalillo* (Val de Suarna), *nobelillo* (Pedrafita).

6.5. *pulmueira*

Sorprende que se empregue para falar do pescozo –aínda que estivese infectado – a designación habitual dunha enfermidade da vaca que afecta ben ó ubre, ben ó aparato respiratorio. Habería que analizar se algún dos síntomas desa enfermidade pode afectar o pescozo ou se ten similitudes con outros que acontezan cando se infecte esa zona. Algún dato do dominio asturiano parece confirmar esa hipótese, tal e como se comenta na seguinte pregunta deste traballo, a número 4. Etimoloxicamente non presenta ningunha dificultade, pois trátase dunha construción sobre *pulmón* (< lat. PŪLMŌNE) con sufixo *-eira* (< lat. -ARIA).

6.6. *taloeira*

De novo, rexistramos unha forma peculiar para se referir ó pescozo da vaca, aínda que non é un caso illado, pois nos datos do ALGa aparece en dous puntos próximos: O-02, como resposta á pregunta 2109 *nuca, caluga, cachazo* (referente ó home), e mais en O-05, como resposta á cuestión 1539 *infectarse o pescozo da vaca*.

É certo que xa Sarmiento, a respecto da voz *taloira* ‘vara longa’, di en CVFLG que “Hacia Orense significa la aguillada o vara larga de picar a los bueyes. Acaso de *talea* [lat. TĀLĒA ‘pau, viga, barra]’”. De estaren relacionadas *taloira* e *taloeira*, esta acepción podería explicar a referencia a un pescozo ferido, pero é máis difícil de casar coas outras respostas. Nos dicionarios galegos non aparece a voz *taloeira*. Otero (1953a) recolle unha entrada do dicionario de C. de Figueiredo⁷², cun valor algo distinto ó de *taloira* (“*Aparelho para físgar*

⁷² Figueiredo, C. de (1925⁴): *Diccionario da lingua portuguesa*. Lisboa: Tavares Cardoso & Irmão.

lulas e chocos, en CF, que lo deriva de TABULA”) e propón unha nova etimoloxía, inda que relacionada estreitamente coa anterior, do lat. TALIARE ‘tallar, cortar’.

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1539 *infectarse o colo da vaca polo roce do xugo, encolarse.*
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 17 *infectarse o bincharse el cuello de la vaca a causa del roce.*

1. Construción a partir dun adxectivo ou verbo que significa ‘inflamado, inflamarse’

1.1. Verbo *inchar*

1.1.1. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

1.1.1.1. Co substantivo *xugueira*

1.1.1.1.1. *inchar(se) a xugueira*⁷³

ALGa

C-39, C-44, C-46¹; P-06².

¹ Úsase *inchar* cando non hai chaga e *infetar* cando esta si está presente.

² *Inchase a xugueira.*

Enquisas de estudantes

C-35b, C-35c, C-36b, C-39k², C-40b, C-42c; P-03b, P-05b², P-06c³, P-15e², P-19b, P-19c.

² *Inchase a xugueira.*

³ Transcribese como resposta: “inchou (a xugueira)”. Non queda claro se é unha referencia a que a presenza dese segundo elemento é infrecuente –significado habitual das parénteses– ou se se trata dunha aclaración do informante ou do enquisador

1.1.1.1.2. *(ter a) xugueira inchada*

Enquisas de estudantes

C-28e, C-42e¹; L-31b.

⁷³ Se non se especifica nada en contrario, a forma recollida é *inchar a xugueira*.

¹ Só se recolle *xugueira inchada*, alternando con *xugueira infetada*, pero sen indicación do contexto de uso dunha ou doutra expresión.

1.1.1.2. Con outro substantivo

1.1.1.2.1. *cachazo: cachazo inchado*

Enquisas de estudantes

P-26b.

1.1.1.2.2. *caluga: inchar a caluga*

ALGa

C-40.

1.1.1.2.3. *colo: inchar(se) o colo*

Enquisas de estudantes

C-18d¹, C-35h.

¹ *Inchase o colo.*

1.1.1.2.4. *pESCOZO: inchar o pESCOZO*

ALGa

C-22, C-29, C-48; P-21, P-28.

Enquisas de estudantes

O-16c¹.

¹ *Inchase o pESCOZO.*

1.1.1.2.5. *talueira: incharlle a talueira*

ALGa

O-05.

1.1.2. Sen especificación do obxecto directo

1.1.2.1. *inchada*

Enquisas de estudantes

C-39f¹ ; Le-05c; P-24e.

¹ Recóllese *tar inchado*.

1.1.2.2.1. *inchar*

ALGa

C-34, C-49.

Enquisas de estudantes

C-35g, C-49d; O-16b.

1.1.2.2.2. *incharse*

Enquisas de estudantes

C-31b, C-31c, C-39i; L-09d.

1.1.2.3. *ter un inchazo*

Enquisas de estudantes

C-48b.

1.2. Verbo *inflamar*

1.2.1. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

1.2.1.1. Co substantivo *xugueira*

1.2.1.1.1. *ter a xugueira inflamada*

ALGa

C-41.

1.2.1.1.2. *inflamarse a xugueira*

ALGa

C-31; L-05; P-05.

1.2.1.2. Con outro substantivo

1.2.1.2.1. *cachazo*

1.2.1.2.1.1. *cachazo inflamado*

Enquisas de estudantes

P-29c.

1.2.1.2.1.2. inflamarse o cachazo

ALGa

P-19.

1.2.1.2.2. carroleira: inflamarse a carruleira

Enquisas de estudantes

O-15d.

1.2.1.2.3. colo

1.2.1.2.3.1. colo inflamado

Enquisas de estudantes

L-14b.

1.2.1.2.3.2. inflamarse o colo

Enquisas de estudantes

C-35h.

1.2.1.2.4. pescozo

1.2.1.2.4.1. (ter o) pescozo inflamado

ALGa

C-21¹; O-02¹.

¹ *ter o pescozo inflamado.*

Enquisas de estudantes

P-20b².

² *pescozo enflemado.*

1.2.1.2.4.2. inflamarse o pescozo

Enquisas de estudantes

O-06c.

1.2.2. Sen especificación do obxecto directo

1.2.2.1. inflamar

ALGa

L-36¹; P-15.

¹ *Inflamarse.*

1.2.2.2. inflamarse

Enquisas de estudantes

C-30e; L-09c.; O-06b; P-17b, P-17c.

1.3. Verbo inflar

1.3.1. inflarse a xugueira

Enquisas de estudantes

C-40d.

2. Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa ‘ferida da pel, dureza, levantarse a pel, etc.’

2.1. Sobre o substantivo *amata* ‘ferida provocada polo roce dos apeiros’ ou o verbo *amatar(se)*

2.1.1.1. amatar

ALGa

A-02, A-05.

2.1.1.2. amatarse

ALGa

A-04; O-09, O-16.

Enquisas de estudantes

L-01b.

2.1.2. fízoselle unha amata

ALGa

O-21¹.

¹ Especificase que se xunguen pola cabeza.

2.1.3. salir unha amata

ALGa

O-04.

2.1.4. ter unha amata da xugueira

ALGa

P-07.

2.1.5. *ter unha amatadura*

ALGa

L-03.

2.2. Sobre o substantivo *ampola*

2.2.1. *empolar*

ALGa

P-14.

2.2.2. *empolarse*

ALGa

C-01¹, L-01.

¹ *Empolarse o pescozo.*

Enquisas de estudantes

L-05c.

2.3. Forma castelá *callo* e derivados verbais acuñados sobre ela

2.3.1. *callo da marmela*

Enquisas de estudantes

P-15b.

2.3.2.1. *encallar*

ALGa

P-22.

Enquisas de estudantes

P-03b.

2.3.2.2. *encallarse*

Enquisas de estudantes

P-12c, P-27b.

2.4. ‘levantarse a pel’

2.4.1. Verbo *esfolar*: *esfolouse*

Enquisas de estudantes

L-34c.

2.4.2. *espelexar*

ALGa

P-18.

2.5. *furuncho*

Enquisas de estudantes

L-26b.

2.6. sobre *lastra* ‘costra dunha ferida’

2.6.1. *lastrarse*

Enquisas de estudantes

C-29b.

2.6.2. *ter lastre no pescozo*

ALGa

O-15.

2.7. *sabañón*

2.7.1.1. Referencia xeral ó sabañón: *sabañón* / *sabañós*

Enquisas de estudantes

P-12c, P-12d, P-14d, P-16b, P-21c, P-29b.

2.7.1.2. Forma *sabañón* con modificador, indicando localización anatómica: *sabañón do pescozo*

Enquisas de estudantes

P-16b.

2.7.2. ‘aparecer un sabañón’

2.7.2.1. *facer sabañón*

Enquisas de estudantes

P-04b.

2.7.2.2. *facerse un sabañón*

Enquisas de estudantes

P-04e.

2.7.3. *ter sabañón*

Enquisas de estudantes

P-09b, P-15c, P-15d.

3. Designacións construídas sobre un adxectivo que significa ‘infectado, enfermo’ ou un verbo que significa ‘infectar, enfermar, doer, supurar’

3.1. verbo *coller*

3.1.1. Sen substantivo: *colleulle*

Enquisas de estudantes

P-06b, P-06d.

3.1.2. Con substantivos

3.1.2.1. *coller a molida*

ALGa

P-24.

3.1.2.2. *coller o callo*

Enquisas de estudantes

P-28b.

3.2. *encetar, encertar*

3.2.1. verbo *encetar*

3.2.1.1. *encetar(se)*⁷⁴

ALGa

L-04¹, L-06², L-07, L-29, L-30; O-16², O-17, O-19.

¹Tamén se rexistra *tar encetada*.

⁷⁴ Se non se indica nada en contrario, a forma recollida é *encetarse*.

² *encetarse.*

Enquisas de estudantes

L-02b, L-30b, L-33c.

3.2.1.2.1. *encetarse a xugueira*

ALGa

L-33.

3.2.1.2.2. *ter a xugueira encetada*

ALGa

C-03.

3.2.1.3. *ter o colo encetao*

ALGa

L-26.

3.2.2. variante *encertar*

3.2.2.1. *encertado, -a*

Enquisas de estudantes

C-30c; P-08b.

3.2.2.2. *ter a xugueira encertada*

ALGa

C-32.

3.3. ‘doer, sentir unha forte irritación’

3.3.1. *doerlle o colo*

ALGa

L-13.

3.3.2. *rabiarse a xugueira*

Enquisas de estudantes

C-40g.

3.4. ‘enfermar’

3.4.1. *enfermar a xugueira*

Enquisas de estudantes

L-34b; P-07b.

3.4.2.1. *enfermar o colo*

ALGa

C-25; L-18.

3.4.2.2. *poñerse o colo enfermo*

ALGa

L-24.

3.4.2.3. *ter o colo enfermo*

Enquisas de estudantes

L-24b.

3.4.3. *ter o pescozo enfermo*

Enquisas de estudantes

P-07b.

3.5. Sobre *mal, mala*

3.5.1. *ter mal* mais unha designación para ‘pescozo’

3.5.1.1. *ter mal a xugueira*

ALGa

C-28.

3.5.1.2. *ter mal o pescozo*

ALGa

P-18.

3.5.2. *estar mal de* mais unha designación para ‘pescozo’: *estar mala do pescozo*

ALGa

P-17.

3.5.3. *mal de* mais unha designación para ‘pescozo’: *mal da xugueira*

Enquisas de estudantes

C-39c; O-29b¹.

¹ Recóllese *mal da xunqueira*.

3.5.4. ‘pescozo malo’

3.5.4.1. *ter mala xunqueira*⁷⁵

ALGa

C-42.

3.5.4.2. *pescozo malo*

Enquisas de estudantes

L-13b.

3.5.4.3. *colo malo*

Enquisas de estudantes

L-22b.

3.6. infectar(se)⁷⁶

3.6.1. Verbo sen acompañamento de substantivo

3.6.1.1. Formas do tipo *infectarse*

ALGa

C-46¹; L-38²; Le-04³; O-16³; P-16³, P-21³, P-29³, P-33³.

¹ Só cando hai chaga; se non, é *inchar*.

² Sinálase en nota que existe unha gradación: *mancarse* é o primeiro estadio; despois viría *infetarse*.

³ *Infestarse*.

Enquisas de estudantes

C-22b³, C-36d³; L-24c⁴, L-26b⁴, L-39b⁵; P-25b⁶.

³ *Infetarse*.

⁴ *Infestarse*.

⁵ *Infestouse*.

⁶ *Infectarse*.

3.6.1.2. Formas do tipo *infectar*⁷⁷

⁷⁵ Tampouco pode descartarse que teña que ser interpretada como unha forma de 3.5.1.1.: *ter mal a xunqueira*.

⁷⁶ Excepcionalmente, debido á posibilidade de asociar algunhas formas co verbo *infestar* (véxase o comentario), fanse anotacións fonéticas máis detalladas neste apartado 3.6.

⁷⁷ Se non se especifica o contrario, a forma recollida é *infetar*.

ALGa

C-36, C-46¹; L-20; Le-02²; P-25.

¹ Úsase *inchar* cando non hai chaga e *infetar* cando si existe.

² *Infestar*.

3.6.2. infectarse o pescozo'

3.6.2.1. infestarse o pescozo

ALGa

Le-03, Le-05¹; Z-03.

¹ *Infestarse el pescuezo*.

3.6.2.2.1. infetar a xugueira

Enquisas de estudantes

P-14b.

3.6.2.2.2. infetarse a xugueira

ALGa

C-24, C-45; L-35¹; P-11¹.

¹ *Infestarse a xugueira*.

Enquisas de estudantes

C-39d.

3.6.2.3. infetarse a carroleira

ALGa

O-10.

3.6.2.4. infetarse a coleira

ALGa

L-22.

3.6.2.5. infetarse a taloeira

ALGa

P-20.

3.6.3. 'pescozo infectado'

3.6.3.1.1. *pescozo infectado*

Enquisas de estudantes

L-13b.

3.6.3.1.2. *infetarse el pescozo*

ALGa

A-01¹.

¹ Figura como resposta infrecuente.

3.6.3.2. *xugueira infectada*

Enquisas de estudantes

C-42e; L-06b.

3.6.4. Outras construcións

3.6.4.1. *infestada da mancadura*

ALGa

Le-01.

3.6.4.2. *infestar (a cabeza)*

ALGa

L-19.

3.6.4.3. *infestarse o callo do pescozo*

ALGa

P-31.

3.7. ‘supurar’

3.7.1. *meinarse*

Enquisas de estudantes

C-39e.

3.7.2. *ter briño*

Enquisas de estudantes

O-20c¹.

¹ Nesta mesma enquisa tamén se emprega na pregunta 48: *supurar los cascos de la vaca (abullar)*: “botar briño”.

4. Designacións xenéricas ‘ferir, danarse, botarse a perder’

4.1. Construcións co verbo *ferir* ou o substantivo *ferida*, mediante diferentes procedementos

4.1.1. *faer ferida*

ALGa

P-33.

4.1.2. *ferirse co xugo*

ALGa

O-26.

4.1.3. *ferirse o cachazo*

ALGa

P-32.

4.1.4. *ten o pescozo ferido*

ALGa

P-26.

4.2. Construción co verbo castelán *dañarse*: *dañarse a xugueira*

ALGa

P-03.

4.3. Construcións co verbo *derramar*

4.3.1. *derramadas*

ALGa

O-06.

4.3.2. *derramarse o pescozo*

Enquisas de estudantes

O-01b.

4.3.3. *ten o pescozo derramado*

Enquisas de estudantes

O-01c.

4.4.1. Construcións co verbo castelán *estropearse*: *estropearse a xugueira*

ALGa

C-33.

4.5.1. Construcións co verbo *lacerar*: *larsar a xugueira*

ALGa

C-38.

4.6. Construcións co verbo *mancar*

4.6.1.1. *mancar*

ALGa

A-06.

4.6.1.2. *mancarse*

ALGa

L-38¹; Le-01.

¹ Existe unha gradación: *mancarse* é o primeiro estadio, despois xa vén *injetarse*.

Enquisas de estudantes

O-25b.

4.6.2. *estar mancada da molida*

ALGa

O-07.

4.7. Construcións co verbo *rebentar*

4.7.1. *rebentar*

Enquisas de estudantes

C-42b.

4.7.2. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

4.7.2.1. *rebentar a xugueira*

ALGa

C-26¹, C-47; P-13².

¹ *Rebentar a xugueira* úsase cando a ferida se debe a que a vaca está pouco afeitada a traballar; *encolar* cando a vaca non aguanta o xugo.

² *Arrebentarlle a xugueira*.

Enquisas de estudantes

C-28d, C-40e³; P-03d, P-04c⁴.

³ *Rabentarlle a xugueira*.

⁴ *Rebentarlle a xugueira*.

4.7.2.2. rebentar o cachazo

ALGa

P-30¹.

¹ *Arrobentarse o cachazo*.

Enquisas de estudantes

P-29d.

4.7.2.3. rebentar o pescozo

ALGa

C-47; O-01¹; P-09, P-10.

¹ *Rebentarlle o pescozo*.

Enquisas de estudantes

C-43b.

4.7.2.4. xugueira rabentada

Enquisas de estudantes

C-40c.

4.8.1. Construcións co verbo *romper*: *romper a xugueira*

ALGa

P-02.

4.9. Construcións co verbo *rozar*

4.9.1.1. rozar

Enquisas de estudantes

L-23b; O-16d, O-27b.

4.9.1.2. rozarse

ALGa

L-02, L-27; O-12.

4.9.2. rozarse a xugueira

ALGa

P-04.

4.9.3. rozarse coa ganga

Enquisas de estudantes

P-25c.

5. Designacións formadas sobre *pulmoeira*, nome de varias enfermidades da vaca

5.1.1. *palmoeira*

ALGa

C-43¹.

¹ *Pulmoeira.*

Enquisas de estudantes

C-21b, C-24b, C-41b, C-41c.

5.1.2. *pulmoeira do pescozo*

Enquisas de estudantes

C-37b; L-33b.

5.2. Cun verbo referente á adquisición da enfermidade

5.2.1.1. *coller pulmoeira*

ALGa

P-08.

5.2.1.2. *collerlle a pulmoeira na xugueira*

ALGa

P-12.

5.2.2. *salir unha pulmoeira*

ALGa

L-31.

5.2.3. *ter pulmoeira*

ALGa

C-37.

Enquisas de estudantes

L-36b.

6. Formas derivadas a partir dunha palabra que significa ‘pescozo’

6.1. Creacións sobre o substantivo *colo*⁷⁸

6.1.1.1. *encolar*

ALGa

C-05, C-08, C-09, C-13, C-19, C-20, C-23, C-26¹; L-14.

¹ *Rebentar a xugueira* úsase cando a vaca está pouco afeitada a traballar; *encolar* cando non aguanta o xugo.

Enquisas de estudantes

C-19c, C-35d.

6.1.1.2. *encolarse*

ALGa

C-02, C-06, C-10, C-11, C-12, C-14, C-15, C-16, C-17, C-18; L-09, L-10, L-11, L-12, L-15, L-21, L-25; P-27.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06c, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09d, C-09e, C-13b, C-13c, C-13d, C-13e, C-13f, C-15b, C-18b, C-18c, C-18e, C-18f, C-18h, C-19d, C-20b, C-20d, C-21b, C-23b, C-25b, C-25c, C-25d, C-27b, C-30b, C-35f, C-49b; L-05b, L-09b, L-12b, L-14c, L-15b, L-17b, L-21b, L-21c, L-26c; O-07c; P-03c, P-04f, P-09d, P-15b.

6.1.2. *desencolar*

ALGa

C-04, C-07.

6.1.3. *estar encolado*

ALGa

C-22¹.

⁷⁸ Véxanse tamén as respostas do apartado 8.1.

¹ Recóllese *tar encolado*.

Enquisas de estudantes

C-18g.

6.2. Creacións sobre o substantivo *pescozo*

6.2.1.1. *espescozar*

Enquisas de estudantes

L-28c.

6.2.1.2. *espescozarse*

ALGa

L-28; P-01.

6.2.2. *espescozada*

Enquisas de estudantes

C-35e; P-07c.

6.3. Creacións sobre o substantivo *xugueira*

6.3.1. *axugueirar*

Enquisas de estudantes

L-28c.

7. Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto directo co pescozo, causando feridas

7.1. Designacións creadas sobre *xugo*: *xugueira*

7.1.1. *xugueira*

Enquisas de estudantes

P-12f.

7.1.2.1. *ter xugueira*

ALGa

L-08.

7.1.2.2. *coller xugueira*

ALGa

P-08.

7.2. Designacións creadas sobre *canga*: *cangadourarse*

Enquisas de estudantes

P-24b.

8. Formas problemáticas e outras respostas

8.1. Posible variante de *encolarse*: *enconarse*

ALGa

Z-02¹.

¹ *Enconóusele.*

Enquisas de estudantes

O-15c, O-17b; P-14c.

8.2. *encorrar*

ALGa

L-17.

9. Sen resposta

ALGa

A-03¹, A-07; C-27, C-30, C-35; L-16, L-23, L-32, L-34, L-37, L-39; O-03, O-08², O-11¹, O-13, O-14³, O-18³, O-20⁴, O-22, O-23¹, O-24, O-25, O-27, O-28, O-29⁵, O-30⁵, O-31; P-23; Z-01.

¹ Especificase que nesa zona xúnguese á molida.

² Non se xunguen á canga.

³ O xugo vai na cabeza.

⁴ Xúnguese na moleira.

⁵ O xugo vai nos cornos.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-19b, C-20c, C-24c, C-28b, C-28c, C-28f, C-30d, C-32b, C-35i, C-36c, C-39b, C-39g, C-39h, C-40f, C-41d, C-42d, C-44b, C-45b, C-49c, C-49e; L-04b, L-16b, L-27b, L-28b, L-37b, L-39c, L-39d⁶, L-39e; Le-05b; O-07b, O-14b, O-15b, O-20b, O-20d, O-21b, O-26b; P-04d, P-09c, P-10b, P-11b, P-12b, P-12e, P-17d, P-21b, P-24c, P-24d, P-28c, P-28d, P-32b.

⁶ Xóncese pola cabeza.

Distribución xeográfica das respostas

As respostas a esta pregunta son moi heteroxéneas entre si. A necesidade de agrupalas, por evidentes motivos de espazo e de facilidade de consulta, nun número limitado de categorías provoca que estas acollan formas moi dispares dentro de si; como se pode constatar, a semellanza semántica non implica necesariamente unha distribución xeográfica continua e, de feito, no noso caso documéntase só de forma moi esporádica. Esta circunstancia obrigaba, máis ca noutros capítulos deste traballo, a facer mapas por grupos de formas e, dentro de cada mapa, a intentar representar o maior número posible de designacións, pero sen dano para a claridade. Como non son mapas moi “cargados”, e para non alongar un capítulo xa de por si extenso, separámonos do procedemento normal ó longo desta tese e non subdividimos cada un deses mapas de grupo en 3 clases: a) con todo o material, b) coas enquisas do ALGa, c) coas enquisas dos estudantes de Lingüística Románica. Ó haber poucos rexistros de cada voz nos mapas respectivos, o lector poderá facer axilmente a división, se lle cumprir.

Tratando xa propiamente a distribución das formas, son as voces do tipo *encolar* (representadas no mapa, xunto con outras derivacións sobre un substantivo que significa ‘pescozo’, cun pentágono de cor maxenta) as que gardan un reparto xeográfico máis compacto, ademais de ser o grupo máis numeroso. Como se pode apreciar, sobre todo no mapa e), fóra de tres casos esporádicos, é voz propia da metade norte do territorio, non admitindo case ningunha intrusión doutros procedementos designativos na súa zona. Ben que moito menos numeroso, o tipo *espescorzarse* tamén presenta unha zona bastante compacta, na zona de fronteira entre as provincias de Lugo, Pontevedra e A Coruña.

Con contadas excepcións, as formas do tipo *inchar* e *inflamar* (mapa a) son típicas do oeste do territorio galego. Dentro desa zona, están mesturadas entre si; ademais, non se verifica unha separación por presenza ou ausencia dun substantivo que significa ‘pescozo’ (parece determinado máis ben polas circunstancias de cada enquisa concreta). A diferenza dos tipos do parágrafo anterior, a zona de *inchar/inflamar/inflar* é moito máis permeable, e hai numerosos tipos de designación dentro delas.

O mapa b) comprende diferentes formas. Polo seu carácter compacto destacan as lexías formadas cun substantivo *sabañón*, na provincia de Pontevedra (especialmente no

cuarto noroccidental), e as numerosas construcións sobre *amata*, concentradas no noreste do territorio e en puntos do oriente de Ourense. Son tamén propias de Pontevedra, pero moito máis minoritarias que o primeiro grupo que citamos, as designacións conformadas sobre o substantivo *callo*.

O mapa c) é, seguramente, o que comprende os grupos de formas máis dispersos. En primeiro lugar, hai que recordar o sinalado no apartado de comentarios: o particular sistema de transcripción das enquisas de estudantes non permitía facer unha división segura entre as voces do tipo *infectarse* e *infestarse*, razón pola que se lles asignou un mesmo signo. Con todo, observando a distribución nos datos do ALGa, constatamos que *infestarse* presenta dúas zonas moi separadas e ben delimitadas: no oriente do territorio lingüístico (Le-01, Le-04, Le-05; L-19, L-35) e no suroeste da provincia de Pontevedra (P-16, P-21, P-29, P-31, P-33), quedando un pouco máis “descolocados” dous puntos: O-16 e P-11. Estas designacións *infectarse* – *infestarse* non son moi numerosas, pero están repartidas por todo o territorio. Na vertente oriental de Galicia, sobre todo entre Láncara e O Incio e no extremo norte da provincia de Lugo, hai un bo número de rexistros de *encetar*. O outro grupo que merece comentario está conformado polas designacións que conteñen un verbo *enfermar*, contidas nun paralelogramo imaxinario (que abrangue numerosas outras formas) no centro de Galicia.


No mapa d) recóllense 9 grupos de formas, que non chegan a 40 rexistros entre todos eles. Esta circunstancia dá idea do minguado destas agrupacións, sobre todo de termos en conta que pouco menos da metade dos puntos representados pertencen a un único conxunto, o das designacións formadas ó redor do verbo *rebentar*, que se localizan na súa maioría entre a metade sur da Coruña e a metade norte de Pontevedra. Moito máis reducidos, pero máis compactos, son dous grupos de formas: as construídas con *derramar* (zona de San Amaro e Cea) e as que usan un verbo *ferir* ou un substantivo *ferida* (extremo sur de Pontevedra e Entrimo).

Por último, recuperando de novo o citado mapa e), cómpre chamar a atención para as designacións formadas sobre *pulmoeira*, presentes na costa coruñesa (zona de Muxía e Muros e, algo máis no interior, Noia; tamén aparece nun punto algo máis abaixo, en Fefiñáns, concello de Cambados) e case nunha liña recta entre Rodeiro e O Incio. Xa para rematar, salta á vista o elevado número de puntos que non teñen resposta. Nalgúns deles, como xa se sinalou en nota ó apartado 3.1.2.1. deste mesmo capítulo, o motivo é que non coñecen a xunguidura no pescozo, senón que a fan nos cornos ou na cabeza.

MAPAS DE CONXUNTO


4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

- Construción a partir dun adxectivo ou verbo 'inchado, incharse'
- Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa 'ferida cutánea, levantarse a pel'
- ▲ Designacións construídas sobre un adxectivo ou verbo que significa 'infectado, enfermar'
- ⊕ Designacións xenéricas 'ferir, botarse a perder'
- Designacións formadas sobre *pulmoeira*, nome de varias enfermidades da vaca
- ◆ Formas derivadas a partir dunha palabra que significa 'pescozo'
- ◇ Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto directo co pescozo
- * Formas problemáticas e outras respostas
- + Sen resposta




4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. ALGa

- Construción a partir dun adxectivo ou verbo 'inchado, incharse'
- Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa 'ferida cutánea, levantarse a pel'
- ▲ Designacións construídas sobre un adxectivo ou verbo que significa 'infectado, enfermar'
- ⊕ Designacións xenéricas 'ferir, botarse a perder'
- Designacións formadas sobre *pulmoeira*, nome de varias enfermidades da vaca
- ◆ Formas derivadas a partir dunha palabra que significa 'pescozo'
- ◇ Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto directo co pescozo
- * Formas problemáticas e outras respostas
- + Sen resposta



4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Enquisas de estudantes

- Construción a partir dun adxectivo ou verbo 'inchado, incharse'
- Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa 'ferida cutánea, levantarse a pel'
- ▲ Designacións construídas sobre un adxectivo ou verbo que significa 'infectado, enfermar'
- ⊕ Designacións xenéricas 'ferir, botarse a perder'
- Designacións formadas sobre *pulmoeira*, nome de varias enfermidades da vaca
- ◆ Formas derivadas a partir dunha palabra que significa 'pescozo'
- ◇ Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto directo co pescozo
- * Formas problemáticas e outras respostas
- + Sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Designacións construídas a partir dun adxectivo ou verbo que significa 'inchado, incharse, etc.'

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

Construcións sobre un adxectivo ou verbo que significa 'inchado, incharse'

- | | | |
|---|--|--|
| ■ Verbo <i>inchar</i> | ■ Verbo <i>inflamar</i> | |
| ■ Verbo <i>inchar</i>
mais un substantivo 'pescozo' | ■ Verbo <i>inflamar</i>
mais un substantivo 'pescozo' | ■ Verbo <i>inflar</i>
mais un substantivo 'pescozo' |




MAPAS DE DETALLE

b) Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa 'ferida cutánea, levantar a pel, etc.'

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

Designacións construídas sobre un verbo que significa 'ferida cutánea, dureza da pel, etc.'

- Sobre o substantivo *amata* ou o verbo *amatarese*
- Sobre o substantivo *ampola*
- Sobre o substantivo *callo*
- 'Ferirse, perdendo algo de pel', *esfolarse*, *espelexar*
- ◆ *Furuncho*
- Sobre o substantivo *lastra*
- Sobre o substantivo *sabañón*




MAPAS DE DETALLE

c) Designacións construídas a partir dun adxectivo ou verbo que significa 'infectado, enfermar, etc.'

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

Designacións construídas sobre un adxectivo ou verbo que significa 'infectado, enfermar...'

- Co verbo *coller*
- ☑ Verbo *encetar* ou variante *encertar*
- 'Doer, sentir unha forte irritación'
- Co verbo *enfermar*
- Sobre o adverbio *mal* ou o adxectivo *malo*
- ☒ Verbo *infectarse* e posible variante *infestarse*
- 'Supurar'




MAPAS DE DETALLE

d) Designacións xenéricas ‘ferir, danarse, botarse a perder’

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

Designacións xenéricas ‘ferir, botarse a perder, etc.’

- Construción co verbo *ferir* ou o substantivo *ferida*, mediante diferentes procedementos
- Construción co verbo *dañarse*
- Construción co verbo *derramar*
- Construción co verbo *estroparse*
- Construción co verbo *lacerar*
- Construción co verbo *mancar*
- Construción co verbo *rebentar*
- Construción co verbo *romper*
- Construción co verbo *rozar*




MAPAS DE DETALLE

e) Outras respostas

4. Infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo. Todas as fontes

- Designacións formadas sobre *pulmoeira*
 - ▲ Formas problemáticas. Outras respostas
 - Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto co pescozo, causando feridas
 - Puntos sen resposta
- Formas derivadas a partir dunha palabra que significa 'pescozo'
- Sobre un substantivo *colo*
 - Sobre un substantivo *pescozo* ou *xugueira*



Comentario de formas

Como información complementaria, pode consultarse o mapa 114 do vol. V (dedicado ó ser humano) do ALGa: *infectarse unha ferida*.

1. Construción a partir dun adxectivo ou verbo que significa ‘inflamado, inflamarse’.

1.1. Verbo *inchar*.

Consúltese tamén o mapa 113 do vol. V do ALGa, *incharzón*.

Forma procedente do lat. ĪNFLARE ‘soprar cara adentro’, derivado de FLARE ‘soprar’. Xa Sarmiento *Colección* comenta esta etimoloxía: “De *inflare* dijo el castellano y el gallego *inchar*, *inchado*, etc., si bien los castellanos ya usan *inflar*, *inflado*, siendo más propio *inchar*, *inchado*, lo que no se debe confundir con *enchar*, *enchido* y en gallego *encher*, *enchado*; pues *encher* y *enchido* y *enchar*, vienen de *implere*, *impleto*. Por la misma razón ni *inchar* ni *enchar* deben tener H al principio pues ni *inflo* ni *impleo* la tienen.”

Recollemos en GVGH, s.v., localizado en Compostela, un exemplo do uso de *inchar* en solitario para se referir ó pescozo da vaca infectado polo roce do xugo.

1.1.1. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

1.1.1.1. Co substantivo xugueira: *inchar(se) a xugueira, (ter a) xugueira inchada*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

1.1.1.2. Con outro substantivo

1.1.1.2.1. *cachazo: cachazo inchado*

Para a forma *cachazo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 4.

1.1.1.2.2. *caluga: inchar a caluga*

Para a forma *caluga*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 2.3.

1.1.1.2.3. *colo: inchar(se) o colo*

Para a forma *colo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 2.1.

1.1.1.2.4. *pescozo: inchar o pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

1.1.1.2.5. *taloeira: incharlle a taloeira*

Para *taloeira*, véxase o comentado na pregunta 3, ap. 6.6.

1.1.2. Sen especificación do obxecto directo: *inchada, inchar, incharse, ter un inchazo*

O substantivo *inchazo* aparece xa no dicionario de Pintos, s.v., definido como “hinchazón”. Localízase tamén en textos recollidos no TILGA xa desde 1895.

1.2. Verbo *inflamar*

Forma proveniente dun lat. INFLAMMARE, composto sobre o substantivo FLAMMA ‘chama’; a diferenza da inchazón, a inflamación comporta ademais un aumento de temperatura e un arroibamento, fenómeno que explica que se acudise a ‘chama’ para acuñar este verbo.

Como é de agardar pola súa coincidencia co castelán, é voz case totalmente ausente dos dicionarios clásicos do galego. Tampouco localizo en GVGH referencias á vaca co pescozo lesionado.

1.2.1. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

1.2.1.1. Co substantivo *xugueira: ter a xugueira inflamada, inflamarse a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

1.2.1.2. Con outro substantivo

1.2.1.2.1. *cachazo: cachazo inflamado, inflamarse o cachazo*

Para a forma *cachazo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 4.

1.2.1.2.2. *carroleira: inflamarse a carruleira*

Para a forma *carroleira*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 5.

1.2.1.2.3. *colo: colo inflamado, inflamarse o colo*

Para a forma *colo*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 2.1.

1.2.1.2.4. *pescozo: (ter o) pescozo inflamado, inflamarse o pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 1.1.

1.3. Verbo *inflar*

Continúa un lat. ĪNFLARE ‘soprar cara adentro’, derivado de FLARE ‘soprar’. Véxase no ap. 1.1. a cita do Padre Sarmiento a respecto da etimoloxía.

Non aparece apenas nos dicionarios clásicos do galego, seguramente pola consabida coincidencia co castelán; unicamente se fai eco dela Eladio Rodríguez, pero cun significado que non se aplica ó noso caso: “Hinchar una cosa con aire u otra substancia aeriforme.”

1.3.1. *inflarse a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

2. Designacións construídas sobre un substantivo ou verbo que significa ‘ferida da pel, dureza, levantarse a pel, etc.’⁷⁹

2.1. Sobre o substantivo *amata* ‘ferida provocada polo roce dos apeiros’ ou o verbo *amatar(se)*

O verbo *amatar* constrúese sobre *matar*, unha voz común ó romance hispánico da Idade Media; o substantivo *amata* é derivado regresivo de *amatar*. A voz *matar* ten unha etimoloxía problemática sobre a que se discutiu abundantemente. DCECH, s.v., defende un verbo lat. vulgar * MATTARE, derivado de MATTU ‘estúpido, embrutecido’, xa documentado en época imperial e de orixe incerta. Lorenzo (1975-1977), s.v., desbota esa posibilidade,

⁷⁹ Véxase tamén o apartado seguinte, que conta con designacións próximas (especialmente as do apartado 3.2.)

inda que sen estenderse demasiado nos motivos. O lat. MACTARE ‘consagrar, inmolar, matar’ foi chamado en causa por varias fontes, entre elas edicións anteriores de DRAE, pero rexeitouse por presentar problemas fonéticos; Meier (1987) define como foneticamente impecable a hipótese de B. Sandow de partir dunha variante MACT(I)TARE para evitar as dificultades sinaladas.

O dicionario Morais recolle *amatar* e tamén *amatar*², localizadas en Trás-os-Montes: “Encher de matas ou mataduras (cavalgadura)”. No Eo, DGLA, s.v. *mata*, recolle a voz *amata* “Herida producida en el caballo por la albarda o silla”

Na lingua medieval, concretamente nas *Cantigas de Santa María*, localizamos algún exemplo de *amatar*, pero co significado ‘extinguir o lume’. Para atopar rexistros nos textos literarios de acepcións que nos interesan, temos que agardar ata os anos 20 do século pasado no caso do substantivo: en 1920 documentamos “Non se ven as amatas hastra quitá-las albardas”⁸⁰ e en 1925 rexistramos “Nin sardiña sin espiña, nin besta sin unha amata, nin cadelo que non ladre, nin moza abondo gardada”⁸¹.

O verbo, con significado ‘ferir’ (valor moi habitual na Idade Media), xa se rexistraba algúns anos antes, concretamente en 1899: “de dous cas de palleiro, e dun burro vello e matado, no que montaba Xan pra ir a buscar os foles”⁸².

Polo que respecta ás obras lexicográficas, xa Sobreira inclúe *amata*. “s. f. Ribadavia. *amatadura*. Cast. *Mata, Matadura*. Item la herida de persona en la mano”, pero é máis específica e interesante para os nosos fins a definición proporcionada por Valladares, s.v.: “Matadura, llaga, ó herida que hace el aparejo á la bestia”; o lexicógrafo estradense achega, ademais, un pedagóxico e instrutivo refrán: *O traballo non mata, pero fai amata*. O verbo *amatar* tamén figura nas papeletas do dicionario de Sobreira e, a partir de aí, en non poucas obras lexicográficas.

Por último, cómpre sinalar que tanto o verbo coma o substantivo -especialmente este último, con rexistros espaxiados por todo o territorio- aparecen frecuentemente en moitos dos puntos que abrangue GVGH, detectándose tamén interesantes variantes:

- *amata*: “f. (Cab. Fea. Raz. Lax. Tob. Dum. Com. Nov. Oir. Goi. Val. Gui. Bur. Sua. Ped. Xun. Cal. Gud. Mez. Vil.), *amatada* (Per.), *amatadura* (Mra.), *matada* (Ped.), *matadura* (Ced.) *matadura*”.
- *amatar*: “v. (Nov. Oir. Ced. Gui. Ped. Mra.) herir el aparejo a la caballería.”

⁸⁰ Carré Alvarellos (1920: 24).

⁸¹ Couceiro Freixomil (1925: 19).

⁸² Masma (1899: 5).

2.2. Sobre o substantivo *ampola*

2.2.1. *empolar, empolarse*

Verbos creados sobre o substantivo *ampola*, continuador directo do lat. AMPŪLLA, diminutivo de AMPORA, AMPHORA, ‘botella, frasco’

Deixando á parte textos latinos que xa inclúen esta palabra para se referir á utilaxe litúrxica, localízase nas *Cantigas de Santa María*: “E en mui pequeno tenpo / foi o braço tan inchado // que mais seer non podía, / e vermell' e ampolado // mui' e de maa maneira; / e sol carne nen pescado // non comia, nen al nada”⁸³.

O dicionario de Morais constata a existencia destas formas en portugués: *ampola*, *ampolba* (popular), *empola*, *empolar*,... Tamén se localizan en asturiano: vid. DGLA, en diferentes variantes (*ampolla*, *empolla*, *impolla*, etc.); é curioso que, ademais das naturais referencias á pel ferida, existan varias acepcións referidas a enfermidades da vaca: “3. Hinchazón y lacrimo de los ojos de las reses vacunas. Enfermedad de las vacas producida por la ansiedad o excesivo calor. Enfermedad de las vacas por envidia de ver comer a otra res: *Non comas delante la vaca que va da-y l'ampolla*. Especie de urticaria de algunos animales caracterizada por hinchazón de párpados, perineo y lengua” (s.v. *ampolla*).

Mentres que a forma *ampola* non se rexistra ata o dicionario de Valladares, a variante *empola* xa está nas papeletas de Sobreira, na entrada *bosma*, como sinónimo; tamén no dicionario de Rodríguez (s.v. *empòla*). O verbo *empolarse* tardará algo máis en aparecer; haberá que agardar ata o dicionario de Valladares, “ampollarse, hacerse ampollas”. O GVGH documenta esta palabra, tanto formas con *a-* coma con *e-*, en diferentes puntos, pero o que máis nos interesa é O Incio, pois alí recóllese (s.v. *empolar*) o verbo *empolarse* cun significado específico referente á vaca: “hincharse el pescuezo de la vaca debido al roce del yugo”.

2.3. Forma castelá *callo* e derivados verbais acuñados sobre ela

2.3.1. *callo da marmela*

Para *marmela*, véxase o capítulo 3, ap. 6.2.

A forma castelá *callo* suplanta a voz lexítima galega *calo*; non é fenómeno recente nin illado, pois a primeira é voz maioritaria e xa se pode apreciar esa penetración en textos do s. XVIII e tamén en textos medievais, como veremos. Para a etimoloxía cómpre acudir ó lat.

⁸³ Mettmann (1981, II: 246).

CALLU ‘dureza da pel’ (véxase o comentario presente no dicionario de Rodríguez e que copiamos dous parágrafos máis abaixo).

DCECH (s.v.) documenta a voz en español a partir de 1300, pero comenta que xa se rexistra en 1200 como alcume. O *Tratado de Albeitaría* de Iordanus Rufus recolle en varias ocasións este termo: “E outrosy dixे que se o cauallo fose boquemolle qe caualgen en el no segundo ou no terceiro día porqе se soldan as chagas dos dentes a so o freo et fasese y callo duro et por ende pois a boca do cauallo se faz mais lligeira pra enfrear”⁸⁴. Tamén documentamos esta voz castelá nun texto poético da segunda metade do s. XVIII: “agora sabrás, Borrego a donde te aperta o callo, pois aínda sendo un almallo galego, como ao desgaire, os dous garfos de Pao de aire soupo enxertar nun carballo”⁸⁵.

O dicionario de F. J. Rodríguez ten unha entrada *calo*: “1. Callo, dureza que, con el uso ó roce se forma en algunas partes del cuerpo. En port. id. en franc. *callus* ó *calus*, en ital. y lat. se pronuncia *calo*. En latin de la edad media significa zueco ó calópedes, calzado de suela dura, callosa ó que hace callos con el roce.”

GVGH, s.v. *callo*, sinala que aparece esta voz en cinco puntos, co significado “callo, dureza”: Compostela, Oirós, O Incio, Monterroso e Ramirás.

2.3.2.1. *encallar, encallarse*

O verbo *encallar(se)* está formado sobre o substantivo *callo*. Lémosto nun texto de 1888: “Sostén do enxamo qu’á bartola vive prestalle o lombo qu’o traballo encalla non atende ó mal trato que recibe, nin pertende pasar de Xan Traballa”⁸⁶. Do resto, nas obras lexicográficas só atopo testemuños en Rivas Quintas (2003), s.v. *encallarse*: “Hacer callo, endurecer. Aiaz de Sabiñao, Lu. *Pra fiar o liño elas, metían os dedos no lume pra encallalos e logo mollábanos na auga.*”

2.4. ‘levantar(se) a pel’

2.4.1. Verbo *esfolar. esfolouse*

Pode consultarse tamén o mapa 145 do vol. V do ALGa, *esfolar*.

Do lat. hispánico *EXFÖLLARE ‘sacar a pel’, formado sobre FÖLLE ‘fol, bolsa de coiro’, que segundo DCECH (s.v. *desollar*) adquiriu o significado de ‘pel dos animais’ no

⁸⁴ Pensado Tomé (2004: 71).

⁸⁵ Iglesia (1886: I, 209).

⁸⁶ *A Fuliada*, nº 22, de 28 de xuño, p. 7.

vulgar hispánico. Esta forma está xa ben presente no galego medieval, existindo, así mesmo, tanto en portugués coma en asturiano (DGLA, s.v. *esfollar*)

2.4.2. *espelexar*

Verbo creado sobre o substantivo *pelexa* (do diminutivo latino PELLICŪLA). Aínda que a forma privilexiada polo estándar é *pelello/a*, *pelexo* é a forma predominante na tradición moderna e contemporánea de textos literarios, tal e como se pode constatar no TILGA; temos múltiples rexistros no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746) do Padre Sarmiento: “e mais un nobelo, de lombrigas largas piquen teu pelexo, a couza e careisas, bechocos e bechos a trilla”⁸⁷.

Ben que os dicionarios portugueses inclúan *peleio* ou *pelejo*, non atopo verbos formados sobre eles; prefiren voces do tipo *despelar*. En asturiano (DGLA, s.v. respectivas) si que temos *despelleyar* ou *espelleyar*

Otero (1977) documenta, s.v., a forma *espelejar* “despellejar”, como tamén o fai Eladio Rodríguez con *espelexar* e *espelexarse*. O GVGH (s.v.) tamén se fai eco desta forma *espelexar*, poñendo de manifesto que foi recollida en nove puntos de enquisa de zonas ben variadas, co significado “despellejar, pelar”.

2.5. *furuncho*

Para o uso desta forma para designar furúnculos do ser humano, consúltese o mapa 157 do vol. V do ALGa.

Procede esta voz do lat. FURUNCŪLU ‘agromo, brote’, que á súa vez é diminutivo de FUR, FURIS ‘ladrón’, cunha motivación clara que inda vive, transparente, na designación *ladrón* para gromos sen froitos das videiras.

É unha forma bastante presente na fala (tamén en portugués: *furúnculo*, *fruncho*, *frunco*, *frínculo* son todas variantes citadas por Houaiss) e GVGH sinala un bo número de variantes: “[*furuncho*] (Oir. Ced. Cre. Gun. Mon. Ram. Mra. Gud. Ver.), *faruncho* (Lax. Mez.), *foroncho* (Bur. Sua. Ped. Inc.), *foruncho* (Cab. Com. Val.), *frunco* (Com.) forúnculo”.

2.6. sobre *lastra* ‘costra dunha ferida’

2.6.1. *lastrarse*

⁸⁷ Pensado Tomé (1970: 151).

Creación sobre o substantivo *lastra*. Para a etimoloxía desta forma e as motivacións, véxase o comentado no seguinte apartado (2.6.2.).

Nin *lastrar* nin *lastrarse* aparecen con este significado ou similar nos textos incluídos na ampla base de datos do TILGA; tampouco localizo estas ocorrencias nos dicionarios portugueses e asturianos consultados.

Nos dicionarios galegos, xa aparece *lastrar* ‘pavimentar con lastras ou lousas’ en Valladares, pero non é ata o dicionario de Ibáñez que *lastrar* aparece manifestamente coa definición que aquí nos ocupa: “Criar lastra alguna herida. [a definición de lastra que achega é “Costra de las heridas. Llaga. Lancha o piedra chata”]”. Para atopar *lastrarse* como entrada diferenciada temos que agardar algo máis, ata Elixio Rivas (1978), que, como é sabido, redacta unha obra lexicográfica de base dialectal: “Formar costra las heridas, las tierras cuando llevan algún tiempo sin labrar, etc. En lo referente a las tierras no está reflejado en el diccionario, que trae *lastrar enlosar* (también aquí usado) y *criar lastra*. En cuanto a *lastra* se da con la acepción de herida, losa”.

GVGH recolle en Dumbría (o mesmo concello onde se enquisou a única resposta que temos na nosa rede) a voz *lastrarse*, definida precisamente como “infectarse el cuello de la vaca a causa del roce del yugo”.

2.6.2. *ter lastre no pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

Lastre trataríase sería un deverbial proveniente de *lastrar* ou ben un préstamo. É fácil supoñer que a semellanza morfolóxica co concepto designado polo substantivo *lastra* ‘lousa de forma aplanada’, deu vía libre para a comparación da pedra coa costra das feridas ó cicatrizar. A etimoloxía da forma *lastra* é problemática. Supúxoselle unha orixe prerromana, inda que DCECH, s.v., sen negar esa hipótese, prefería atribuírlle unha nacemento italiana: a forma penetraría na Península a través dos construtores de igrexas, creándose por derivación regresiva de *lastricare*. Esta imaxinativa teoría bate, por contra, con datos lingüísticos que nos localizan a voz *lastra*, como topónimo, xa no século VI (rexistros posteriores no s. IX, no XI, etc.): “venit ad Aquilare Penam, ascenditque ad illas Lastras, & inde ad Caprilias procedens, ex inde ad Genetosum montem”⁸⁸.

Mentres que esta voz xa aparece no dicionario de Cuveiro para se referir á pedra, hai que agardar ata Valladares para localizar definicións como esta: “Herida, llaga. *Teño unha*

⁸⁸ Risco (1796/1798: 344-349).

lastra n'unba pèrna que non m'agrada. Tengo una llaga en una pierna que no me agrada. com. Lancha, ó piedra delgada.”

Acudindo a GVGH, constatamos que aparece a forma *lastra* ‘chaga’ en tres ocasións (Toba, Razo e Compostela), mentres que *lastre* só aparece nunha ocasión (Dumbría). Estes catro puntos conforman un triángulo no centrooeste da Coruña, ben alonxado de Penosíños (Ramirás), onde se localizou a resposta integrada na nosa rede de puntos.

2.7. sabañón

2.7.1.1. Referencia xeral ó sabañón: *sabañón / sabañós*; 2.7.1.2. Forma *sabañón* con modificador, indicando localización anatómica: *sabañón do pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

2.7.2. ‘aparecer un sabañón’: *facen sabañón, facerse un sabañón*; 2.7.3. *ter sabañón*

O modelo de lingua estándar rexeita esta forma en favor de *frieira*; podemos etiquetar esta forma *sabañón* como castelanismo. En portugués normalmente temos *frieira* ou *comilão* (hai outras formas, con todo, como *geladura*). No dominio asturiano coñécense principalmente *sabañón* (coas variantes *sarabañón* e *sagañón*), *gabunón* e *xeladura*.

De orixe incerta para DCECH (s.v.). Segundo afirma nesa extensa entrada, pode conectarse esta palabra con outras formas que se aplican ós ovos que deixan as moscas na carne, por crenza de que as frieiras e outras enfermidades cutáneas son causadas por vermes. A primeira documentación que localiza en español é do terceiro cuarto do s. XVI (antes era o derivado *friera* a forma de uso xeral, que coincide coa arriba citada para o estándar galego); o etimólogo catalán fai un repaso por varias posibilidades, aínda que non se decanta por ningunha; entre as distintas hipóteses, insinúa unha orixe céltica. Meier (1984) defende o étimo que daban edicións anteriores de DRAE (xa desde *Autoridades*): un lat. PERNIONE ‘inchazón nas pernas, frieira’, con agregación do sufixo SUB- (sinala Meier que o cambio SUB- > *sa-* é moi frecuente).

O primeiro rexistro que localizamos no galego é de 1877, aproximadamente as mesmas datas en que comeza a aparecer tamén *frieira* nos textos, nun sentido figurado inda moi común hoxe en día: “non fai falta unha mar de quina pra lles abrir os antoxos, pois

todos saben comer como sabaños”⁸⁹. Seguramente por coincidir co castelán, ningún dos nosos dicionarios clásicos recolle a entrada *sabañón* (unicamente Eladio Rodríguez inclúe unha forma *saballón*: “Llaman así en algunas partes a la *frieira* o *sabañón*”).

Polo que respecta ás teses e tesañas recollidas en GVGH, unicamente se localiza nun punto (Montederramo) unha mención específica ó gando vacún: “enfermedad del vacuno caracterizada por hinchazón en diversas partes del cuerpo”.

3. Designacións construídas sobre un adxectivo que significa ‘infectado, enfermo’ ou un verbo que significa ‘infectar, enfermar, doer, supurar’

3.1. verbo *coller*

3.1.1. Sen substantivo: *colleulle*

O verbo *coller* provén dun lat. COLLIGĒRE ‘coller, recoller, reunir’.

En asturiano temos un verbo *decoyer* “Infectarse una herida por falta de higiene [Ay]. Enconarse una herida por el frío [L].” (DGLA, s.v.). Esta acepción non aparece nos dicionarios galegos ata Eladio Rodríguez, na quinta acepción de *coller*: “Dirigirse a un punto determinado, tomar camino hacia algún sitio. / Enconarse, inflamarse una llaga o herida”; nese mesmo sentido, tamén a recolleu Rivas (1978 e 1988). En GVGH aparece este significado ‘infectarse’ en 3 puntos (Compostela, O Grove e Marín), mentres que os resultados da nosa rede de puntos son todos da provincia de Pontevedra, de puntos ben distantes entre si.

3.1.2. Con substantivos

3.1.2.1. *coller a molida*

Propiamente, a molida é unha protección que se pon ás vacas ó xunguilas, para que non se manquen; de aí pasou ó significado ‘parte do corpo da vaca en contacto co xugo’. Provéen esta forma do participio latino MOLLITA, do verbo MOLLIRE (derivado de MOLLIS), ‘amolecer, poñer suave’.

⁸⁹ O Tío Marcos da Portela. 1ª época, “Parrafeos” 27-62, p. 224.

3.1.2.2. *coller o callo*

Para a forma *callo*, véxase o apartado 2.3. deste mesmo capítulo.

3.2. *encetar, encertar*

Formas moi próximas ás comentadas no ap. 2, relacionadas coas feridas da pel, pois seguramente este significado habitual ‘infectarse unha ferida’ pasou por un chanzo semántico previo do tipo ‘chaga, esfoladura’ (así apuntan algúns dicionarios dos primeiros tempos), motivado pola comparación da pel que falta na ferida cun pan ou alimento que non está enteiro porque xa se comezou a comer.

3.2.1.1. *encetar(se)*

Do latín *INCĒPTARE* ‘comezar, emprender’, frecuentativo de *INCĪPĒRE* (máis detalles en DCECH, s.v. *decentar*). Temos xa exemplos desta palabra (inda non co significado de ‘ferirse, infectarse a ferida’) na lírica profana medieval: “Foi Don Fagundo un día convidar | dous cavaleiros pera seu jantar, | e foi con eles sa vaca encetar; | e a vaca morreu-xe logu' enton, | e Don Fagundo quer-s' ora matar, | por que matou sa vaca o cajon”.⁹⁰

Aínda que as formas do tipo *encertar* (cf. 3.2.2.) aparecen uns anos antes, xa temos rexistros de *encetar* ‘ferir’ en 1899, por exemplo nun texto publicado co alcume de Xan de Masma: “Teñ'o cu encetado. Sempre que monto a cabalo pasame iso -repuxo don Policarpio. -¡E señor! vosté está moi gordo. Vosté debía mercar un coche, que cartos non lle fallan -repicou Antón sorrindo tristemente”⁹¹.

DGLA recolle, s.v. *encietar*, algunhas acepcións referidas a feridas: “2. Cortar, mutilar alguna cosa [Ll]. Herir, abrir una cosa [Alb]. [...] 5. Dar un tajo para hacer una entalladura fina [Cn (Fuchasqueiru)]. Hacer una muesca a la patata al arrancarla [Ay]. 6. Dañar, provocar una herida a causa de una rozadura [An]: *L'albarda encetou al pullín [An]*. Hacerse una herida [/Mánt/]. Producir herida por frotamiento [Ay. Qu. Pr. Tox]. Hacer una ampolla [Ri]. Producir rozaduras en la piel [PSil] de personas o bestias de trabajo [Tb. Sm. Cv. Arm]: *Encetónulu'l zapatu [Tb]: Encetéime porque las botas yaran nuevas [Tb]*. 7. Infectar [Cp. Cn (F). Pr. Vd. Vd]: *Tenía un granu mui encetáu no pescuezu [Cn (F)]*. Ulcerarse el cuerpo en todo o en parte [Ll]. Herir, ulcerar [Mi]. Llagar, ulcerar [Md (= enceturar)]. Encontrarse una herida [Pr]. Infectarse una herida [Llg. Ay. Ri]: *Encetóseme la cortoná [Llg]: El zapetu encetóme una dea [Ri]: Encetóme'l gadeñu [Ri]: Tengo'l burru encetáu de l'albarda [Ri]*”.

⁹⁰ Poema de Afonso Eanes do Cotón, s. XIII, en Brea (1996, I: 78).

⁹¹ Masma (1899: 78).

Polo que respecta ós dicionarios galegos, a primeira aparición en absoluto remonta ás papeletas de Sobreira, que cita un refrán: “Do pan encetado podese tallar boa arrebada sin conocerse nada”; para velo por primeira vez con entrada propia hai que agardar ata Cuveiro, aínda que este autor tampouco se refire a feridas: “Decentar, empezar un pan ú outra cosa”. Será Valladares o primeiro en sinalar este significado, pero recollendo *encetarse* unicamente como variante de *encertarse* (véxase o ap. 3.2.2.). Moito máis adiante, temos no dicionario de Eladio Rodríguez a entrada *encetado*: “p. p. de *encetar* y *encetarse*. adj. Ulcerado, llagado, dicho de la persona que lleva encamada algún tiempo. Dícese también de la cosa que ha recibido el primer *enceto*, que ha sido ya encetada, refiriéndose especialmente a determinados comestibles.”

Co significado de “ulcerarse, llagarse”, recolle GVGH (s.v. *encetar*) catro ocorrencias de *encetarse*: en Codeseda, Cedofeita, Burón e Castro Caldelas; como se aprecia na nosa rede de puntos, inda que hai respostas deste tipo en todas as provincias, a parte do león lévana Ourense e Lugo.

3.2.1.2. *encetarse a xugueira, ter a xugueira encetada*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 3.

3.2.1.3. *ter o colo encetao*

Para a forma *colo*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 2.1.

3.2.2. variante *encertar*

É complicado xustificar esta forma, nacida quizais por un proceso de epéntese combinada con metátese (*encetar* > *encetrar* > *encertar*) ou, máis posiblemente, por influencia paronímica doutra palabra, pode que *enxertar*.

3.2.2.1. *encertado, -a*

A variante *encertar* é a máis abundante nos primeiros rexistros do TILGA e, como se indicaba anteriormente, uns anos anterior a *encetar* nesa base de datos, pois hai un texto de 1891 que a inclúe: “Tampouco faltan, perto da entrada, probes, coxos, birollos e mancos que piden limosna; e pra escitar os sentimentos caritativos, amosan brazos torcidos e pernas encertadas por fridas que dá delor e repuna o vé-las”⁹².

⁹² *A Tía Catuxa. Somanario gallego de intereses e literatura rexionales*, n° 13, 18 de xaneiro, p. 23.

Aínda sen se referir ó significado de ‘ferida’, Morais recolle un lema *encertar*, dándoo como variante de *encetar*. Xa se sinalou que o dicionario de Valladares escolle (pois é a súa forma dialectal) a voz *encertar* como entrada principal, remitindo *encetar* para esta entrada: “Decentarse, desollarse, ó llagarse, en alguna parte del cuerpo el enfermo que lleva en cama mucho tiempo”.

Por último, cómpre sinalar que GVGH só recolle *encertarse* a forma unha vez (s.v. *encetar*), aboada en Sobrado dos Monxes por López Taboada, non moi lonxe dos puntos que conforman a nosa rede, que se agrupan nun triángulo no límite oriental da fronteira entre as provincias da Coruña e Pontevedra.

3.2.2.2. *ter a xugueira encertada*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 3.

3.3. ‘doer, sentir unha forte irritación’

3.3.1. *doerlle o colo*

O verbo *doer* procede do lat. DŎLĒRE ‘doer’. Para a forma *colo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 2.1.

3.3.2. *rabiarse a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3. significado habitual de *rabiarse* nestes contextos, que explica a súa colocación nesta epígrafe, é o de ‘sentir unha dor moi intensa’. Este verbo créase sobre o substantivo *rabia*, procedente dun latín vulgar *RABIA (o latín clásico era da quinta declinación: RĀBĪES, ĒI), que designaba a enfermidade da rabia, pero tamén a ira, a violencia en xeral.

Nos dicionarios non localizamos unha entrada pronominal; alternan dúas variantes principais. Dunha banda, *rabiar*, desde o dicionario de Pintos. Otero (1977, s.v.) dá unha definición que acaee moi ben ó caso que nos ocupa: “intr. Reventar una tela (la de un vestido, al hacer un esfuerzo, o la de un saco, con la mucha carga)”. *Rabear* está nas papeletas de Sobreira, s.v. *adoecer*. “Venir el perro a padecer mal de rabia. Ponerse *doente, rabear*”.

3.4. ‘enfermar’

As formas *enfermar* e *enfermo* son voces antigas e moi comúns na lingua. A primeira provén do lat. INFIRMARE ‘debilitar, quitar as forzas’, que coexistía nese idioma co

deponente ĪNFĪRMARI ‘estar enfermo’. Na base deses verbos está o adxectivo ĪNFĪRMU, ‘débil, enfermo’, derivado de FĪRMU, ‘firme’. Pódense apreciar neste apartado dous procedementos alternativos ó uso dun verbo *enfermar*, as construcións “poñerse X enfermo” e “ter X enfermo”.

3.4.1. *enfermar a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

3.4.2. *enfermar o colo, poñerse o colo enfermo, ter o colo enfermo*

Para a forma *colo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 2.1.

3.4.3. *ter o pescozo enfermo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.5. Sobre *mal, mala*

Como no caso anterior, estamos diante de diferentes procedementos que xiran ó redor do adverbio *mal* (< lat. MALE) ou do adxectivo *malo* (< lat. MALU), ben coñecidos na lingua, polo que non nos deteremos nesta epígrafe.

3.5.1. *ter mal* mais unha designación para ‘pescozo’

3.5.1.1. *ter mal a xugueira*; 3.5.1.2. *ter mal o pescozo*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3. Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.5.2. *estar mal de* mais unha designación para ‘pescozo’: *estar mala do pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.5.3. *mal de* mais unha designación para ‘pescozo’: *mal da xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3. Con todo, tamén é factible que, neste caso, *mal* sexa un substantivo e, por tanto, esteamos diante dunha lexía que significa ‘enfermidade do pescozo’.

3.5.4. ‘pescozo malo’

3.5.4.1. *ter mala xugueira*⁹³

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

3.5.4.2. *pescozo malo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.5.4.3. *colo malo*

Para a forma *colo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 2.1.

3.6. *infectar(se)*

Un problema capital nesta epígrafe é delimitar ata que punto estamos diante de diferentes variantes fonéticas do verbo *infectar*, influído posiblemente polo verbo *infestar(se)*, especialmente nas acepcións ‘causar danos ou estragos’, ‘aparecer un espazo ocupado por organismos molestos ou prexudiciais’, ou ata que punto algunhas das formas aquí documentadas son, sinxelamente, formas deste verbo *infestar*. Cómpre sinalar, neste sentido, que o mapa 326 do volume III do ALGA “Resultados do grupo latino –KT- en interior de palabra. Lat. RECTA > recta” só sinala as variantes *reta*, *renta* e *reḡta*. No que respecta á distribución xeográfica, é certo que *infestarse* presenta dúas zonas moi separadas e ben delimitadas: no oriente do territorio lingüístico (Le-01, Le-04, Le-05; L-19, L-35) e no suroeste da provincia de Pontevedra (P-16, P-21, P-29, P-31, P-33); quedan un pouco máis “descolocados” O-16 e P-11.

A pesar de todo, introduzo estas formas na mesma epígrafe a causa tamén dun factor de obtención de datos que non se pode desprezar. Como se pode comprobar na anterior relación de puntos, unicamente temos *infestar(se)* na rede do ALGA, non hai casos nas enquisas de estudantes. É plausible pensar que esa sospeitosa ausencia sexa debida, cando menos parcialmente, a que algúns dos enquisadores interpretaron a resposta como variante de *infestarse* e xa a regularizaron nos seus cadernos, sen posibilidade, por tanto, de recuperarmos a forma orixinal. Non se trata, tampouco, dunha mestura heteroxénea, pois *infestarse*, co significado comentado, cadraría ben neste apartado 3 (tamén no 4, un pouco máis abstracto).

⁹³ Tampouco pode descartarse que teña que ser interpretada como unha forma de 3.5.1.1.: *ter mal a xugueira*.

3.6.1. Verbo sen acompañamento de substantivo

3.6.1.1. Formas do tipo *infectarse*; 3.6.1.2. Formas do tipo *infectar*

O verbo *infectar(se)* provén do lat. INFECTARE, frecuentativo de INFĪCERE (o participio era INFECTUM) ‘tinguir, colorear, impregnar’. O feito de coincidir coas designacións castelás provoca que estea ausente dos nosos dicionarios. As variantes recollidas na fala son moitas; nótese que GVGH as agrupa nunha mesma entrada *infestarse*: “*v. [infestarse]* (Cur. Com. Gro. Per. Inc. Ped.), *infetarse* (Dum. Sco. Com. Gud.), *infucionarse* (Ram.), *infentarse* (Xun. Mra.) *infectarse*”.

O verbo *infestar(se)* provén do lat. INFESTARE ‘hostilizar, devastar’ e nos dicionarios clásicos do galego recollidos por Santamarina (2003³) só aparece con entrada propia no de Eladio Rodríguez: “*v. a. Inficionar, apestar. Causar estragos con hostilidades y correrías. Causar estragos los animales y plantas*”. Como xa se sinalou no parágrafo anterior, GVGH agrupa os seus resultados coas variantes de *infectarse*.

3.6.2. *infectarse o pescozo*’

3.6.2.1. *infestarse o pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.6.2.2.1. *infetar(se) a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

3.6.2.3. *infetarse a carroleira*

Para a forma *carroleira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 5.

3.6.2.4. *infetarse a coleira*

Coleira é un derivado de *colo* (pregunta 3, apartado 2.1.) cun sufixo *-eira* descendente do lat. *-ARIA*. Non se documentou nas enquisas correspondentes a ‘pescozo’, xa que o seu significado habitual é o de ‘colar que se pon ás bestas para protexerlles o pescozo’; desta acepción pasaría facilmente a ‘parte do pescozo en contacto co colar, ou incluso co xugo’ e, como neste caso, a ‘marca no colo deixada polo rozamento do xugo’. Segundo Rivas (1978), s.v., tamén pode ser “*f. Rodete o rodilla de material mullido que, en forma de collar, defiende la espalda en el acarreo de los cestos durante la vendimia (Anllo). Aparece en el dicc., pero con la acepción de collarón para animales.*”

3.6.2.5. *infetarse a taloeira*

Para *taloeira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 6.6.

3.6.3. ‘pescozo infectado’

3.6.3.1. *pescozo infectado; infetarse el pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

3.6.3.2. *xugueira infectada*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

3.6.4. Outras construcións

3.6.4.1. *infestada da mancadura*

Para as cuestións etimolóxicas e de motivación, véxase o anotado no ap. 4.6. deste mesmo capítulo, a propósito das construcións efectuadas sobre o verbo *mancar*.

O substantivo *mancadura* aparece por vez primeira en Valladares: “Acción y efecto de mancar, ó mancarse”. Recóllese en abundancia (oito puntos) no GVGH, s.v., xunto coas variantes *mancadela* e *manqueira*, sempre cunha definición xenérica “lastimadura”.

3.6.4.2. *infestar (a cabeza)*

Utilízase *cabeza* con case total seguridade porque no punto enquisado xúnguense na cabeza, pois o modelo de xugo existente nese punto é o tipo C dos catalogados por González González (1980: 39-60). Como é sabido, a voz *cabeza* provén dun latín vulgar hispánico *CAPITIA, creado sobre o latín clásico CAPUT, CAPITIS ‘cabeza’.

3.6.4.3. *infestarse o callo do pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 1.1. Para a forma *callo*, véxase o apartado 2.3. desta mesma pregunta.

3.7. ‘supurar’

Como información complementaria, consúltese o mapa 112 do vol. V do ALGa, dedicado ó concepto ‘pus’.

3.7.1. *meinarse*

Esta palabra non aparece referenciada nin en Machado nin en DCECH. Xerais1986 si que a recolle, e atribúelle, con dúbidas, un étimo *MĪNĪMARE. Este verbo latino si que é comentado por DCECH, s.v. *mermar*, co significado de ‘diminuír, rebaixar’; faltaría atopar un vencello semántico sólido (quizais porque a supuración faga disminuír o volume da ferida?). É certo que tamén existen as variantes (*a*)*mainar*, e con elas a tentación de asociar o noso verbo co verbo *amainar* ‘calmar’; falta de novo un vínculo semántico claro, pero podería explicarse porque –como ben sabe quen padecese determinadas infeccións– a supuración espontánea ou provocada pode aliviar a presión existente na zona, de modo que mitigue a dor.

Non localizo esta voz nin no TILGA nin nos recursos consultados de linguas veciñas. A lexicografía ofrécenos máis resultados. En Otero (1977) rexistramos unha entrada *mainar*, que remite a *izagrar*: “tr. Enconar, 1 acep. Ú. t. c. r. / *malingrar*, en Seoane; *mainar*, en Corcubión: *O sitio onde pica a abella, maina*”. Franco Grande recolle tamén unha entrada *mainar*: “Infectar. Colmar, sosegar. acougar”.

Polo que respecta ás mostras de fala viva sintetizadas en GVGH, s.v. *mein*, temos tres variantes en xogo: *mein* (recollida en Santaia e en Compostela), *amain* (en Razo) e *main* (en Toba). A ningún destes puntos pertence a nosa forma, documentada no concello, tamén coruñés, de Ames.

3.7.2. *ter briño*

Forma problemática que só localizamos tal cal en dúas obras lexicográficas, o dicionario de Franco Grande e o de Carré4, definíndoa ambos os dous como “pus”. Con todo, e moito antes, o Padre Sobreira anotaba nas *Papeletas*, s.v. *brume*, que en Crecente había unha forma *veriño* para a materia do furuncho. Esa forma *veriño* volve aparecer, xa como entrada diferenciada, en Franco Grande: “*sm* Pus Vilaseca e Santrós. Dun *Vocabulario galego recollido do falar do pobo* enviado a FG por I. Alonso Estravís”. A voz recolleuse na nosa rede de puntos en Piñeira Seca (Xinzo de Limia). Nin unha nin outra forma aparecen no TILGA.

4. Designacións xenéricas ‘ferir, danarse, botarse a perder’

4.1. Construcións co verbo *ferir*, mediante diferentes procedementos

4.1.1. *faer ferida*

Para a forma *faer*, véxase Fernández Rei (1991²: 95-96) e, con máis detalle, o mapa 271 do vol. I, 2 do ALGa. A voz *ferida* provén do participio de *ferir* (< lat. FĒRĪRE), sufrindo un proceso de substantivación; coméntase máis sobre este verbo no seguinte apartado. É unha forma ben común na lingua, coas variantes principais *firida* e *frida*, o que se reflicte tamén nos dicionarios e nos textos escritos consultados. Aínda que non puiden rexistrar neles testemuños escritos de *facer ferida*, non é en absoluto anómala esta construción perifrástica (e, inda máis, privilexiada en determinados momentos da lingua, como a época medieval).

4.1.2. *ferirse co xugo*

O substantivo provén do lat. IUGU ‘xugo’. O outro integrante é o verbo *ferir* (< lat. FĒRĪRE), en orixe ‘golpear, dar con algo’, un significado que conservaba, segundo DCECH (s.v. *herir*), na Idade Media; o etimólogo catalán pensa que foi precisamente a través do substantivo *ferida*, comentado no apartado anterior, que se chega á acepción moderna.

É verbo común na lingua, con múltiples testemuños e algunhas variantes (*firir*, *firir*). Como entrada individualizada en dicionario témola a partir de Pintos.

4.1.3. *ferirse o cachazo*

Para a forma *cachazo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 4. Para *ferirse*, véxase o apartado anterior.

4.1.4. *ten o pescozo ferido*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1. O adxectivo procede do participio do verbo *ferir*, comentado en 4.1.2.

4.2. Construción co verbo castelán *dañarse*: *dañarse a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3. A voz propia galega para o outro elemento léxico é *danarse*. Para o étimo desta palabra hai que remontarse a un

latín DAMNARE ‘condenar’, creado sobre DAMNU ‘dano’; véxase tamén DCECH, s.v. *daño* e Houaiss, s.v. *dan(i)*-

Danar aparece por vez primeira no dicionario de Cuveiro. GVGH inclúe, s.v. *dañar*, a forma *dañarse*, recollida en Guntín co significado ‘lastimarse’ (é voz corrente noutros puntos coa definición ‘abortar’).

4.3. Construcións co verbo *derramar*

4.3.1. *derramadas*

Sostén Corominas (DCECH, s.v. *derramar*) que provén este verbo dun lat. vulgar *DĪRĀMARE ‘separarse as ramas dunha árbore’, de onde evolucionaría para o significado ‘dispersar’ e, de aí, ‘verquer’, o seu significado máis habitual hoxe en día: *DĪRĀMARE > *DĪSRĀMARE > *desramar* > *derramar*. Unha explicación semellante, pero máis directa, postúlase no dicionario *Século XXI*: de *DERRAMARE (DE + RAMU + ARE), co prefixo *de-* sobre o latín RAMU ‘ramo, póla’.

O dicionario de Morais coñece unha entrada *derramar*, cunha acepción “estragar-se, desmanchar-se”. Será Valladares o primeiro lexicógrafo galego en dar unha definición que nos interese para este comentario: “V. *esmozar*. Hacer, ó causar daño en alguna cosa / Echarla á perder / com. Verter, ó esparcir, cosas líquidas, ó menudas / Publicar etc.” Desde entón, xa queda esa acepción ‘estragar’ asentada plenamente nos dicionarios. Ese mesmo autor recolle *derramarse*: “Echarse á perder alguna cosa”.

Esta acepción ‘estropear’ foi recollida en numerosos puntos dos que abrangue GVGH: Sada, Oirós, Friol, O Incio, Pantón, Xunqueira de Ambía, Montederramo, Castro Caldelas, A Mezquita, Verín e Vilardevós.

4.3.2. *derramarse o pescozo*; 4.3.3. *ten o pescozo derramado*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

4.4.1. Construción co verbo castelán *estropear*: *estropear a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 3. A voz *estropear(se)*, de ampla difusión na lingua, non é admitida polo estándar, que recomenda *estragar*. DCECH (s.v. *estropear*) afirma que seguramente provén do it. *stroppiare*, forma popular de *storpiare* ‘lisiar, alterar, deformar’, con probabilidade dun lat. vulgar DISTURPIARE, variante do lat. clásico DETŪRPARE ‘desfigurar’, derivado de TŪRPIS ‘feo,

deforme'. Porén, non é esta a opinión de DELI, que quere recorrer a un lat. vulgar *STROPPEARE, adaptación fonética do grego *strophéō*, sinónimo de *stréphō* 'torcer, escordar'.

Como é sabido, as voces coincidentes formalmente co castelán teñen pouco éxito nos nosos dicionarios e, así, unicamente Eladio Rodríguez ten entradas desta forma: *estropearse* "Estropear, maltratarse mutuamente dos o más personas, resultando algunas con heridas más o menos graves" e *estropear* "Estropear, maltratar a uno dejándole lisiado. Maltratar o deteriorar una cosa". GVGH recólleo unicamente en Compostela, pero no TILGA evidénciase que é unha forma ben viva na lingua, con 81 rexistros desta familia, desde 1886.

4.5.1. Construcións co verbo *lacerar*: *larsar a xugueira*

Esta forma con transposición e seseo é perfectamente factible, e apoiada ademais polo feito de o castelán medieval contar con formas *laxrar*, *laxdrar* e, especialmente, *larzar*, descendentes todas elas dun lat. LACERARE 'desgarrar, despedazar, torturar' (véxase DCECH, s.v. *lacerar*, para máis detalles e indicación das fontes).

En 1858 emprega o bardo pontevedrés J. M. Pintos (que é tamén autor do dicionario que tantas veces citamos) este verbo nunha sentida apóstrofe á súa vila, exhortándoa a superar a súa decadencia: "Aqueles torres e muros que ó sol iban relumbrando almeias, fontes e templos, xa se van volvendo cachos; Fasta ese Porto precioso que dou nacencia ó teu casco lacera os peitos da xente e dá lastima mirá-lo; ¡Pontevedra! ¡Pontevedra! volve por ti, pon reparo na enfermidade que te come como lobo esfameado, que inda acharás medicina si a Dios te volves e ós Santos que foron en outro tempo túa defensa e amparo"⁹⁴. Con todo, haberá que agardar máis de 70 anos ata atoparmos un uso referente ó físico: "E Pedro baixou os calzóns e foi despegando, a modiño, as cirolas que tiña pegadas co brume; dispois acrequenouse, e puxo ó aire a carnaza das cachas. Pedro quedabase eisí amostrando á compaixón de Manoel aquel mundo en carne viva... -¡Abonda, home, abonda! -¡Xa ves, Manoel, como me atopo de lazarado!"⁹⁵.

Por contra, nos dicionarios non aparece recollida como forma viva (permítase reiterar que posiblemente inflúa a coincidencia co castelán); só documentamos *lacerar* e *lacerado* en Carré⁴, marcados como arcaísmos.

4.6. Construcións co verbo *mancar*

⁹⁴ Pintos (1858: 208).

⁹⁵ Rodríguez Castelao (1934: 234).

4.6.1.1. *mancar(se)*

O verbo *mancar* provén do adxectivo *manco*, descendente do lat. MANCU ‘manco, lisiado, incompleto’. A deriva semántica parece clara, de ‘deixar sen man’ ata ‘facer dano’, en sentido amplo. Neste sentido, son abundantes en textos medievais as indicacións para ‘persoa á que lle falta unha man’ (moitas veces en forma de alcumes), pero non é tampouco infrecuente o significado máis xeral ‘facer dano’: “Et os mouros deytarō moytos abr[ol]los pelos camjnos et polos pasos de Aguadiana, en que se mñcasem os omes et as bestas”⁹⁶; ‘lastimarse, dar ou recibir un golpe, etc.’ son tamén os significados principais desta forma en asturiano, como se constata en DGLA, s.v.

Xa no dicionario de Rodríguez, s.v. *mancar*, aparece esta forma co seu significado actual, aínda que se fai, non obstante, unha importante mención á man: “Lastimar á uno de intento ó casualmente en una mano, aunque se dice de todo el cuerpo. En port. id.”; máis contundente aínda é a referencia á man na entrada *mancarse*: “Lastimarse, principalmente en una mano ó brazo segun la raiz etimológica”.

4.6.2. *estar mancada da molida*

Para *molida*, véxase o anotado en 3.1.2.1.

4.7. Construcións co verbo *reventar*

4.7.1. *reventar*

Tendo en conta o significado subxacente a esta forma de ‘aparecer de repente, saír con ímpeto’ que parece residir incluso en acepcións máis xerais do tipo ‘xurdir, romperse’, sería probable que a voz proveña dun lat. vulgar * REPENTARE, con ese significado, derivado do adverbio lat. REPENTE ‘repentinamente’. Con todo, é etimoloxía discutida e non faltan hipóteses alternativas (poden consultarse algunhas en DCECH, s.v. *reventar*).

Como é habitual, a semellanza co castelán motiva que non apareza en case ningún dicionario, coa excepción, habitual en casos semellantes, de Eladio Rodríguez, que ten unha entrada *reventarse*: “*v. r.* Reventarse, fatigarse uno con el exceso de trabajo. Reventarse una cosa, estropearse para siempre”, e tamén *reventar*, con moitas máis acepcións. O dicionario de Acevedo e Fernández si que inclúe a variante (que temos en 4.7.2.4.) *rabentar*: “Reventar. Alterna con *arraventar*. Cp. el port. *arrebentar*. A. F.”

⁹⁶ Lorenzo (1975: 740).

4.7.2. Cun substantivo que significa ‘pescozo’

4.7.2.1. *rebentar a xugueira*; 4.7.2.4. *xugueira rabentada*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

4.7.2.2. *rebentar o cachazo*

Para a forma *cachazo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 4.

4.7.2.3. *rebentar o pescozo*

Para a forma *pescozo*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

4.8.1. Construcións co verbo *romper*: *romper a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado na pregunta 3, apartado 3. O verbo *romper* non precisa de maior explicación, pois é voz común no galego e a súa etimoloxía non comporta ningún problema, do lat. RŪMPĒRE ‘romper’.

4.9. Construcións co verbo *rozar*

4.9.1. *rozar(se)*

Deriva da voz lat. vulgar *RŪPTIARE, creada sobre o participio RUPTU, de RUMPĒRE ‘romper’. Segundo DCECH (s.v. *rozar*), o percorrido semántico deste verbo é: 1. ‘roturar, arar un campo por primeira vez’; 2. ‘limpiar de herbas’, ‘comer a herba dun prado’; 3. ‘desgastar a superficie dun obxecto’; e, finalmente, 4. ‘pasar, tocando lixeiramente’. Este primeiro significado “agrícola” está moi presente nos textos medievais: *terras ruptas*, *Roças*,... Cos mesmos significados rexistramos o portugués *roçar* ou o asturiano *rozar*.

As distincións semánticas comentadas no parágrafo anterior están ben presentes na entrada *rozar* do dicionario de Valladares: “*com.* Limpiar las tierras de las malas hierbas etc. Raer. Cortar los animales las hierbas con los dientes. Tropezar ligeramente”.

4.9.2. *rozarse a xugueira*

Para a forma *xugueira*, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 3.

4.9.3. *rozarse coa ganga*

O substantivo ten que ser lido seguramente como variante de *canga*, pode que mal percibida, ou sonorizada por fonética sintáctica. Para un comentario da palabra *canga*, véxase o ap. 7.2. desta mesma pregunta.

5. Designacións formadas sobre *pulmoeira*, nome de varias enfermidades da vaca

5.1.1. *palmoeira*

Construción sobre *pulmón* (< lat. PŪLMŌNE) con sufixo *-eira* (<-ARIA).

Sorprende que se empregue para falar do pescozo –aínda que estivese infectado– a designación habitual dunha enfermidade da vaca que afecta ben ó ubre, ben ó aparato respiratorio. Habería que analizar se algún dos síntomas desa enfermidade pode afectar o pescozo ou se ten similitudes con outros que aparecen cando se infecta esa zona. Algún dato do dominio asturiano parece confirmar esta hipótese; lemos en DGLA, s.v. *polmonera*: “Enfermedad de las vacas [An]. Enfermedad del vacuno al que le salen unas inflamaciones por el cuerpo [Sm]”. Tampouco sería estraño que simplemente se comparasen as inflamacións presentes no ubre e as inflamacións no pescozo.

5.1.2. *pulmoeira do pescozo*

Esta forma con modificador (así como a construción de 5.2.1.2.) manifesta a necesidade de precisar a localización anatómica, pois non se percibe a *pulmoeira* como algo propio (ou exclusivo) do pescozo. Para esta última forma, véxase o comentado no capítulo 3, ap. 1.1.

5.2. Cun verbo referente á adquisición da enfermidade

5.2.1.1. *coller pulmoeira*; 5.2.1.2. *collerlle a pulmoeira na xugueira*

O verbo *coller* (< lat. COLLĪĜĒRE ‘coller, recoller, reunir’) é unha opción léxica moi frecuente para se referir á adquisición de enfermidades.

5.2.2. *salir unha pulmoeira*

Emprégase *salir*, en lugar da forma predilecta polo estándar, *saír*. Pódese consultar a distribución deste verbo en Fernández Rei (1991²: 100). O étimo é o lat. SALĪRE ‘brotar, saltar’.

5.2.3. *ter pulmoeira*

Do lat. TENĒRE ‘ter, reter, manter’.

6. Formas derivadas a partir dunha palabra que significa ‘pescozo’

6.1. Creacións sobre o substantivo *colo*⁹⁷

6.1.1. *encolar(se)*; 6.1.3. *estar encolado*

Verbo composto sobre o substantivo *colo* (capítulo 3, ap. 2.1.), con morfemas de derivación verbal e un prefixo *en-* (< lat. IN-). As únicas referencias que atopo nos dicionarios e textos escritos consultados non son as alusivas a este *encolar*, senón ó derivado de *cola* ‘pegamento’. Si que aparece, por contra, o verbo *encolarse*, co noso significado, en GVGH (s.v. *encolar*); localízase en oito puntos de enquisa: Caaveiro, Cabalar, Feás, Razo, Laxe, Compostela, Guitiriz e Porto (Zamora).

6.1.2. *desencolar*

Derivado do verbo anterior, co engadido dun prefixo *des-*. A única referencia que se localiza nos dicionarios é en Eladio Rodríguez, pero para ‘despegar algo que estaba unido con cola’.

6.2. Creacións sobre o substantivo *pescozo*: *espescozar(se)*, *espescozada*

Este verbo fórmase sobre *pescozo* (para esa voz, cf. capítulo 3, ap. 1.1.), engadindo, ademais dos morfemas verbais oportunos, un prefixo *es-* (< lat. EX-). O dicionario Morais recolle a entrada *espescoçar-se*, que, non obstante, está ausente dos dicionarios clásicos do galego, así como dos textos escritos incluídos no TILGA. GVGH, s.v., só localiza esta forma unha vez, en Compostela, cun significado “infectarse o hincharse el cuello de la vaca a causa del roce del yugo”. Nótese que as zonas xeográficas que optan por este procedemento ocupan, no centro do territorio, lugares bastante próximos entre si.

6.3. Creacións sobre o substantivo *xugueira*

6.3.1. *axugueirar*

⁹⁷ Véxanse tamén as respostas do apartado 8.1.: *enconar*.

Verbo creado sobre o substantivo *xugueira*, que pode designar tanto o pescozo coma o pescozo ferido por causa do roce do xugo. Non localizo esta palabra en ningunha das fontes lexicográficas e literarias consultadas.

7. Designacións referentes ó xugo ou a unha peza do xugo que está en contacto directo co pescozo, causando feridas

7.1. Designacións creadas sobre xugo: *xugueira*, *ter xugueira*, *coller xugueira*

Véxase o comentado para *coller* neste capítulo.

7.2. Designacións creadas sobre *canga*: *cangadourarse*

Para unha visión completa da extensión da forma *canga* polo territorio e a referencia de máis hipóteses etimolóxicas, pódese consultar González González (1980: especialmente as pp. 87-99, vol. I). A teoría máis asentada deriva este substantivo dunha forma latina *CAMBICA ‘madeira curvada’, procedente do tan citado elemento prerromano *camb*⁹⁸.

Cangadouro [-oiro] ten dúas acepcións segundo o Xerais2000: “1) Cada un dos paos do xugo con forma curva ou empenados entre os que se mete o pescozo do animal. 2) Pao que se coloca horizontalmente no pescozo dalgúns animais para que non poidan saltar muros ou entrar nos sitios; canga.”. Non é palabra de moita presenza en dicionarios anteriores; só a rexistra Rivas (1978). *Cangadourarse* é forma aínda máis rara, xa que non a localizo en ningunha das fontes consultadas.

8. Formas problemáticas e outras respostas

8.1. Posible variante de *encolarse*: *enconarse*

A liña máis plausible de explicación pasa por pensar nunha variante da forma *encolarse*, comentada no ap. 6.1. Pode tratarse dunha asimilación á nasal presente na sílaba anterior, ou dunha remotivación sobre a voz *cona* ‘vulva’ (non hai un motivo claro, posiblemente se xustifique pola comparación da cor rosada do xenital feminino coa pel irritada pola ferida). Claro que tamén podemos estar diante, simplemente, dunha forma

⁹⁸ Véxase Cabeza Quiles (1992: 99-100) para unha selección de topónimos con esta raíz e Rivas Quintas (1982: 41-43) para unha pequena discusión dese elemento, cunha relación adicional de formas toponímicas.

verbal construída directamente sobre *cona*, baseándose no vínculo semántico antes citado. Por contra, DRAE, para a voz castelá *enconar(se)* “Inflamar, empeorar una llaga o parte lastimada del cuerpo. *U. m. c. prml.*” supón un lat. INQUINARE ‘lixar, contaminar’, hipótese apoiada con bastante rotundidade por DCECH, s.v. *enconar*.

Documentamos en asturiano, con bastante presenza no territorio, as voces *enconar*, *encunar*, *incunar* e *enconarse*. Por contra, unicamente localizo este verbo en dúas ocasións no TILGA: a) “Eso alguén o saberá, que queira quitar de duda, s'hai unha «Voz da Verdá» que non queira quedar muda-; Que a ferida s'enconase, é cousa moi natural, pois querendo que sanase, ficeronlle a cura mal”⁹⁹ e b) “As angurias vitas de Galiza, cando era o cume místico de Europa, no intre da súa eclosión cultural, foron a morrer, como leucocitos, no enconado flemón que padecía España, escoandose nas augas podres do Mediterráneo; e os desplazamentos que produxo a Reconquista (vitoria imposible sen o noso esforzo), deixou Galiza a trasmán, no máis recuado curruncho da Península, como a Galiza portuguesa (o auténtico Portugal) ficou alonxado da estrana Lisboa”¹⁰⁰.

En dicionarios antigos (Cuveiro, Porto e Filgueira, marcado como desusado nos dous primeiros) o significado que aparece é ‘tinguido, manchado’.

8.2. *encorrar*

Non localizo esta forma nas fontes consultadas, con dúas únicas excepcións, procedentes ambas as dúas dun texto de 1927: “porque sobre todo, as manchas da grasa, as pulgas i o viño, sin encorrar, non se marchan [...] Eu xa non quero esta noite á muller dentro da casa: se non, metoa no caldeiro da lexía, pra encorrá-la”¹⁰¹.

Unicamente para deixar anotada esta suxestión, poderíase poñer en relación esta forma con *encorrear*, especialmente nas acepcións (tiradas do Xerais2000): “2. Retorcer unha rama e facer unha correa. 3. Engurrarse unha persoa. 6. Porse duros algúns elementos pasados de cocción”.

Por suposto, pode tratarse tamén dunha mala audición ou erro de transcripción por *enconar* (cf. ap. 8.2.)

⁹⁹ Aira Barrera (1927: 53).

¹⁰⁰ Rodríguez Castelao (1944: 36).

¹⁰¹ Rodríguez Díaz (1927: 87 e 93).

5. Espiñazo

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1542 *espiñazo, fío do lombo, rosario*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 25 *Espiñazo de la vaca (fío do lombo, rosario, cerriço)*

1. Designacións referentes á morfoloxía. Forma alongada

1.1. 'espiña'

1.1.1. Formas non derivadas

1.1.1.1. *espía*

ALGa

A-01.

1.1.1.2. *espiña*

ALGa

O-31.

Enquisas de estudantes

C-15b; L-09b.

1.1.2. Formas con sufixos

1.1.2.1. Co sufixo *-azo*

1.1.2.1.1. *espiazo*

ALGa

A-02; Le-01.

1.1.2.1.2. *espinazo*

Enquisas de estudantes

O-20b.

1.1.2.1.3. *espiñazo*

ALGa

C-05, C-06, C-07, C-10, C-11, C-13, C-14, C-17, C-18, C-21, C-24, C-27, C-28, C-29, C-34, C-36, C-37, C-38, C-41, C-42, C-43, C-46, C-47, C-48, C-49; L-02, L-03, L-04, L-05, L-06, L-07, L-09, L-10, L-11, L-12, L-13, L-14, L-15, L-18, L-19, L-23, L-25, L-26, L-30, L-31, L-32, L-34, L-38; Le-02, Le-03, Le-05; O-02, O-04, O-07, O-09, O-10, O-12, O-14, O-15, O-16, O-17, O-18, O-22, O-25, O-26¹, O-26, O-27, O-30; P-04, P-05, P-06, P-09, P-13, P-14, P-16¹, P-17, P-18, P-19, P-20, P-21, P-22, P-24, P-25, P-26, P-27, P-28, P-29, P-30, P-31, P-32, P-33; Z-01.

¹ Alterna coa forma *riñón*, que é máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-06c, C-08c, C-09c, C-24b, C-25b, C-29b, C-37b, C-39g, C-39k, C-41c, C-43b, C-45b, C-49b; L-02b, L-04b, L-09c, L-09d, L-12b, L-14b, L-21b, L-26b, L-31b, L-39e; P-03b, P-09d, P-10b, P-12d, P-14b, P-17d, P-19b, P-19c, P-24c, P-25c, P-26b, P-28b, P-28c, P-28d, P-29c, P-29d, P-32b.

1.1.2.2. Co sufixo *-ela*

1.1.2.2.1. *espinela*

ALGa

O-13.

1.1.2.2.2. *espiñela*

Enquisas de estudantes

O-14b.

1.1.3. Forma *espiña* con modificadores: *espiña dorsal*

Enquisas de estudantes

P-24d.

1.1.4. Forma problemática: *españiso do lombo*

Enquisas de estudantes

C-35i.

1.2. ‘fio’

1.2.1. Sen modificador: *fio*

ALGa

L-14; O-15.

1.2.2. Formas con modificadores que indican a localización

1.2.2.1. ‘do lombo’

1.2.2.1.1. *fío de lombo*

ALGa

O-18, O-24.

1.2.2.1.2. *fío do lombo*

ALGa

C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-08, C-09, C-14, C-15, C-20, C-21, C-27, C-29, C-33, C-36, C-38, C-41, C-45; L-03, L-09, L-17, L-20, L-24; O-01, O-02, O-11, O-13, O-16, O-20, O-21, O-22, O-23, O-30, O-31; P-01, P-02, P-03, P-06.

Enquisas de estudantes

C-04b, C-04c, C-04d, c-06b, C-06d, C-09d, C-09e, C-18h, C-19d, C-20d, C-21b, C-23b, C-24c, C-25b, C-28b, C-30b, C-32b, C-35f, C-39e, C-39i, C-41d, C-43b; L-05c, L-09b, L-17b, L-21c, L-24c, L-26c, L-28c, L-37b; O-07b, O-07c, O-15d, O-20c, O-27b; P-03c, P-03d, P-07b, P-15b, P-16b.

1.2.2.2. ‘do ril’

1.2.2.2.1. *fío do riñón*

Enquisas de estudantes

O-06c.

1.3. ‘raia’

1.3.1. Con modificador: *raia do lombo*

Enquisas de estudantes

C-18b.

1.4. ‘columna’

1.4.1. *coluna*

ALGa

C-19.

2. Designacións referentes á morfoloxía. Forma curvada

2.1. ‘aro’

2.1.1. *Aro* con modificadores

2.1.1.1. *aro do lombo*

ALGa

C-12, C-25, C-26, C-32, C-40.

Enquisas de estudantes

C-19c, C-20c, C-28f, C-32b, C-40b, C-40c, C-40d, C-40g, C-42b; O-16c.

2.1.1.2. aro do tambo

Enquisas de estudantes

C-40e.

2.1.2. Formas co sufixo -elo

2.1.2.1. Sen modificadores: arelo

ALGa

C-40, C-42.

Enquisas de estudantes

C-25c, C-31b, C-31c, C-35f, C-35h, C-42c.

2.1.2.2. Con modificadores: arelo do lombo

ALGa

C-31.

Enquisas de estudantes

C-25d, C-35g, C-36b, C-36c, C-42e; P-04b.

2.2. Formas previsiblemente relacionadas con aro

2.2.1.1. arambelo

Enquisas de estudantes

C-18g, C-30c, C-30d, C-30e.

2.2.1.2. arombello

Enquisas de estudantes

C-31b.

2.2.2.1. aranguela

Enquisas de estudantes

C-39b.

2.2.2.2. aranguelo¹⁰²

Enquisas de estudantes

¹⁰² En C-27b temos *óso do aranguelo* (forma clasificada e comentada no apartado 4).

C-18d, C-30b, C-35c, C-39e, C-39f, C-39h, C-42d.

2.2.2.3. *aranquelo*

ALGa

C-16.

Enquisas de estudantes

C-18e, C-35b, C-39c, C-39k.

3. Designacións referentes á morfoloxía. Comparación das vértebras coas doas do rosario

3.1. Forma *rosario*

ALGa

L-13.

Enquisas de estudantes

L-13b, L-15b, L-16b, L-21c; P-03b.

3.2. Forma *rosario* con modificadores referentes ó lombo

3.2.1. *rosario do lombo*

ALGa

L-16.

3.2.2. *rosario do lomo*

ALGa

L-21.

4. Designacións referentes á morfoloxía. Carácter óseo

4.1. *óso do aranguelo*

Enquisas de estudantes

C-27b.

4.2. *óso do lombo*

ALGa

P-07.

Enquisas de estudantes

C-39d¹.

¹ Recóllese en plural: *ósos do lombo*.

5. Designacións referentes á morfoloxía. Parte que sobresa e no cimo das costas

5.1. Formas do tipo *cerro*, *cerrizo*, *sarrizo*, posiblemente relacionados con *cerro* (< lat. CIRRU) e con *serra* (< lat. SERRA)¹⁰³

5.1.1. Sobre a base *cerro*

5.1.1.1. Forma non derivada, sen modificadores: *cerro*

Enquisas de estudantes

P-12f, P-29b.

¹ A forma que aparece é *serra*, pero é presumible pensar que se trata da representación gráfica do seseo explosivo presente nesa zona.

5.1.1.2. Formas con sufixos

5.1.1.2.1. Sufixo *-izo*: *cerrizo*, *zarrizo*¹⁰⁴

ALGa

C-44¹; P-04, P-23; O-05.

¹ *zarrizo*.

Enquisas de estudantes

C-36b, C-40f; L-36b; O-01b, O-01c¹, O-15b¹, O-15c¹, O-21b, O-27b; P-04d¹, P-04e, P-06d, P-09b, P-10b¹, P-14c, P-14d¹, P-15e, P-17b², P-24d.

¹ *zarrizo*.

² *zorriizo*.

5.1.1.3. Formas con modificadores

5.1.1.3.1. Modificador *do lombo*: *cerro do lombo*

ALGa

L-08.

Enquisas de estudantes

¹⁰³ Téñase presente que algúns dos *serr-* poden ser en realidade formas do tipo *cerr-* con seseo. A localización xeográfica e os criterios de transcrición dalgunhas enquisas non permiten facer unha distribución taxativa e sistemática; optouse, por iso, por adscribilos ó grupo correspondente á súa pronuncia efectiva (coa única excepción de P-12f, no ap. 5.1.1.1., xa que non había ningún grupo de *serra*, só formas derivadas ou facendo parte de lexías).

¹⁰⁴ Se non se especifica nada en nota, a forma que se recolleu foi *cerrizo*.

P-24e.

5.1.2. Sobre a base *serro*

5.1.2.1. Formas con sufixos

5.1.2.1.1. Co sufixo *-azo* e posterior terminación *-ín*: *sarracín*

ALGa

P-07.

5.1.2.1.2. Co sufixo *-izo*: *sarrizo*

ALGa

L-22; O-03, O-28¹; P-08, P-11.

¹ A forma que se recolle é *serrizo*.

Enquisas de estudantes

C-44b; L-33b, L-34b, L-34c, L-36b; O-25b; P-08b, P-11b.

5.1.2.1.3. Sufixo *-ón*: *serrón*¹⁰⁵

ALGa

L-23.

5.1.2.1.4. Outras terminacións

5.1.2.1.4.1. *sarriñouzo*

ALGa

L-33.

Enquisas de estudantes

L-30b, L-33c.

5.1.2.1.4.2. *sarritán*

ALGa

Z-03.

5.1.2.2. Formas con modificadores

5.1.2.2.1. Forma *serro* con modificador *do carrel*: *serro do carrel*

ALGa

Le-03.

¹⁰⁵ Véxase tamén o ap. 5.1.2.2.3.

5.1.2.2.2. Forma *serro* con modificador *do lombo*: *serro do lombo*

ALGa

L-29; P-15.

Enquisas de estudantes

C-49c; P-06c, P-15c, P-15d.

5.1.2.2.3. Forma *serrón* con modificador *do lombo*: *serrón do lombo*

ALGa

L-27.

Enquisas de estudantes

L-23b.

5.1.2.2.4 Forma *serracil* con modificador *do lombo*: *serracil do lombo*

Enquisas de estudantes

P-07c.

5.1.3. Outras respostas

5.1.3.1. *el rezo*

ALGa

A-06.

5.1.3.2. *rizo*

ALGa

Le-05.

5.2. Base que significa ‘liña na parte superior de algo’(ou referencia á parte interior, máis dura, da madeira)

5.2.1. *cernilla*

Enquisas de estudantes

L-28b.

5.2.2. *cernizo*

Enquisas de estudantes

L-39d; O-16d, O-20d.

5.2.3. *sarnizo*

ALGa

L-36.

Enquisas de estudantes

L-39b; O-16d.

5.2.4. Con modificador: *cerengo do carrelo*

ALGa

L-33.

5.3. *gromo*

Enquisas de estudantes

L-06b.

6. Partes do corpo próximas ó espiñazo ou que o abranguen

6.1. Designación habitual para o lombo do animal

6.1.1. Construcións sobre *lombo*

6.1.1.1. Formas simples: *lombo*, *llombo*¹⁰⁶

ALGa

A-02, A-03, A-04¹, A-05; C-05, C-19, C-39, C-49; L-01, L-02, L-18, L-35; Le-04; O-03, O-08, O-10, O-14, O-19, O-24, O-29; P-10, P-17, P-18, P-29.

¹ Recóllese *llombo*.

Enquisas de estudantes

A-02b²; C-03b, C-08b, C-13f, C-15b, C-19b, C-20b, C-22b, C-28c, C-28d, C-28e, C-35d, C-35e³, C-36d, C-45b, C-48b, C-49d, C-49e; L-01b, L-05b, L-14c, L-15b, L-22b, L-39c; Le-05b, Le-05c²; O-06b, O-16b, O-29b; P-04c, P-04f, P-06b, P-06d, P-12b, P-12c, P-12e, P-16b, P-17c, P-20b, P-21b, P-24b, P-25b, P-27b.

² Recóllese *llombo*.

³ Grafía confusa, tal vez a grafías sexa *ir lombo*.

6.1.1.2. Forma con sufixo *-elo*: *lombelo*

ALGa

C-17, C-23; P-14.

Enquisas de estudantes

C-39d, C-41b.

¹⁰⁶ Se non se especifica o contrario, a forma recollida é *lombo*.

6.1.1.3. Forma con prefixo *so-*: *solombo*

ALGa

C-28.

6.2. *costelas*

ALGa

L-11.

6.3. ‘ril’

6.3.1. Forma castelá sen modificadores: *riñón*

ALGa

P-12, P-16¹, P-26.

¹ Alterna coa forma *espiñazo*, pero *riñón* é máis frecuente.

Enquisas de estudantes

P-21c.

6.3.2. Forma con modificadores: *riñón do lombo*

ALGa

L-28.

6.3.3. *reaz*

ALGa

A-07.

6.3.4. *res*

Enquisas de estudantes

O-27b.

6.4. ‘agulla’¹⁰⁷

6.4.1. Sen modificador nin derivación: *agulla*

Enquisas de estudantes

P-05b.

¹⁰⁷ En L-37 recóllese como información adicional: “*agulla* (no cimo da espalda)”.

7. Nome de apeiros, ferramentas,...

7.1. Sobre *armón*

7.1.1. Modificador *do lombo: armón do lombo*

Enquisas de estudantes

C-13e.

7.2. Sobre *arzón*

7.2.1. *arzón*

Enquisas de estudantes

C-13c, C-13d, C-18c, C-18e, C-18f.

7.2.2. Modificador *do lombo: arzón do lombo*

Enquisas de estudantes

C-13b.

8. Outras respostas e formas problemáticas

8.1. *soá*

ALGa

L-07, L-39; Z-02.

Enquisas de estudantes

L-24b.

8.2. Posibles construcións sobre *carro*

8.2.1. *carrelo*¹⁰⁸

ALGa

L-32, L-37¹; O-03.

¹ Recóllese como información adicional: “*agulla* (no cimo da espalda)”.

Enquisas de estudantes

L-33c.

8.2.2. *carríouzo*

Enquisas de estudantes

L-27b.

¹⁰⁸ Tamén se recolle, en L-33, a lexía *cerengo do carrelo* (vid. apartado 5.2.4.)

8.2.3. carrizo

Enquisas de estudantes

L-39c; O-17b, O-26b; P-09c, P-15b.

8.2.4. relo

ALGa

C-22.

8.3. as crises

ALGa

P-28.

9. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35; O-06.

Enquisas de estudantes

C-09b.

Distribución xeográfica das formas

Para designar a columna vertebral, coexisten dous grupos de formas con presenza en case todo o territorio: son as voces creadas sobre *espiña* e as acuñadas sobre *fió*. Ademais, e xunta estas, documéntase unha rica variedade de familias léxicas adscritas unicamente a unha zona determinada, normalmente con gran densidade de respostas nesa localización.

Como xa se sinalou, as palabras creadas a partir do substantivo *espiña* e referentes, por tanto, á morfoloxía alongada e estreita da columna vertebral, son coñecidas en todo o territorio, especialmente a forma derivada *espiñazo*, que é, con moito, a que conta con maior vitalidade dentro dese grupo. Os substantivos creados sobre *fió*, normalmente coa especificación *do lombo*, son tamén moi visibles en toda Galicia, pero xa con baleiros, ben visibles na parte oriental do territorio (especialmente en Asturias e León) e, sobre todo, no sur da provincia de Pontevedra.

A seguinte resposta en canto a presenza é o heteroxéneo conxunto que aquí se agrupa no apartado 5.1., baixo a etiqueta “Formas do tipo *cerro*, *cerriño*, *sarriño*, posiblemente relacionados con *cerro* (< lat. CIRRU) e con *serra* (< lat. SERRA)”. A propia distribución xeográfica das formas é curiosa, xa que as máis delas parecen conformar un cinto de Orión que cobre o territorio galego desde Ribeira ata Navia de Suarna; con menor vitalidade, hai respostas en puntos do sur de Pontevedra e Ourense, e en todo o extremo oriental do territorio; son, non obstante, formas case descoñecidas na metade superior de Galicia. Comparten a mesma zona as respostas *cernilla*, *cerniño* e *sarniño*, inda que estas agrúpanse en pouco menos que nunha liña recta de 30 quilómetros de grosor, desde Monterroso a Xinzo de Limia; tanto a morfoloxía das formas coma a distribución xeográfica confirman que se trata de formas estreitamente ligadas, que non sería correcto observar por separado.

Nas respostas a esta pregunta podemos observar claramente dous fenómenos que se repiten moi a miúdo comparando as respostas documentadas na rede de puntos do ALGA e na rede de puntos das enquisas de estudantes de Lingüística Románica, supervisados por C. García. Na maioría dos casos, as dúas fontes son complementarias, de modo que os datos obtidos nunha delas serve para complementar os ofrecidos pola outra, precisando mellor os límites das áreas. Así, observamos unha resposta *rosario*, compacta no nordés do territorio, desde a Pontenova ata Baleira, cunha única excepción, un rexistro na Estrada.

Pero non sempre é así, pois hai ocasións en que a diferente densidade das enquisas dos estudantes (lembramos que concentra na provincia da Coruña case a metade dos seus puntos) fai que xurdan formas moi interesantes que pasarían desapercibidas de limitármonos ás enquisas do ALGa. Observamos aquí un caso paradigmático nas respostas do tipo *armón* e *arazón*, representadas nos mapas cun rombo amarelo, que non aparecen na rede do ALGa, pero que nas enquisas de estudantes aparecen ata en sete ocasións, nunha zona moi pequena, pero ben delimitada, homoxénea e compacta, no norte da provincia da Coruña. Un caso semellante constitúeo o das formas do tipo *aranguelo* (triángulo laranxa), que só aparece unha vez no ALGa (podería dar a impresión de innovación dun falante determinado ou, cando menos, de forma esporádica); non obstante, as enquisas de estudantes deixan ver claramente que estas formas se rexistran nunha área compacta situada ó oeste da rexión máis ampla que conforman os seus “parentes” *aro do lombo* e mais *arelo*.

Incluimos un mapa dedicado especificamente a “partes do corpo próximas ó espiñazo”. Como xa se sinalou, é difícil determinar cales desas respostas son designacións para o espiñazo que toman prestada unha parte da anatomía veciña (procedemento normal e susceptible de gardar unha distribución xeográfica) e cales son unha confusión de referente; ningunha das formas agrupadas nesta epígrafe permitía apreciar subáreas (coa excepción, en certo modo, de *riñón*, localizada no suroeste de Pontevedra, pero sen contigüidade inmediata entre todos os puntos), polo que non se lles deu tratamento diferenciado neste mapa, que evidencia unha forte dispersión.

MAPAS DE CONXUNTO

Designacións para a columna vertebral. Todas as fontes

Designacións referentes á morfoloxía:
Forma alongada

- 'Espiña'. Construción sobre *espiña*
- 'Fío'. Construción sobre *fío*
- Construción sobre *columna* ou *raia*

Designacións referentes á morfoloxía:
Forma curvada

- ▲ Construción sobre *aro*
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con *aro*

Designacións referentes á morfoloxía:
Parte que sobresa


- Construcións sobre *cerro*, *serra*
- Construcións sobre *cerme*
- *Gromo*

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo

Outras respostas

- ◇ Apeiros e ferramentas: *armón*, *arzón*
- ◆ Partes do corpo próximas ó *espiñazo*
- * Outras respostas



ALGa: Designacións para a columna vertebral

Designacións referentes á morfloxía:

Forma alongada

- 'Espiña'. Construción sobre *espiña*
- 'Fío'. Construción sobre *fío*
- 'Columna'. Construción sobre *columna*

Designacións referentes á morfloxía:

Forma curvada

- ▲ Construción sobre *aro*
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con *aro*

Designacións referentes á morfloxía:

Parte que sobresa


- Construcións sobre *cerro, serra*
- Construcións sobre *cerne*

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo


Outras respostas

- Partes do corpo próximas ó espiñazo
- * Outras respostas



Enquisas de estudantes. Designacións para a columna vertebral

<u>Designacións referentes á morfoloxía:</u> <u>Forma alongada</u>	<u>Designacións referentes á morfoloxía:</u> <u>Forma curvada</u>	<u>Designacións referentes á morfoloxía:</u> <u>Parte que sobresa</u>
■ 'Espiña'. Construción sobre <i>espiña</i>	▲ Construción sobre <i>aro</i>	● Construcións sobre <i>cerro, serra</i>
■ 'Fío'. Construción sobre <i>fío</i>	▲ Construcións previsiblemente relacionadas con <i>aro</i>	● Construcións sobre <i>ceme</i>
■ 'Columna'. Construción sobre <i>columna</i>		● <i>Gromo</i>
<u>Outras designacións morfolóxicas</u>	<u>Outras respostas</u>	
● Comparación coas doas do rosario	◆ Apeiros e ferramentas: <i>armón, arzón</i>	
● Carácter óseo	● Partes do corpo próximas ó <i>espiñazo</i>	
	* Outras respostas	




MAPAS DE DETALLE

a) Designacións baseadas na morfoloxía: forma alongada


Designacións referentes á morfoloxía, forma alongada. Todas as fontes

- Construción sobre *espiña*
- Construción sobre *fló*
- Construción sobre *columna* ou *raia*




ALGa: designacions referents á morfologia, forma allongada

- Construcción sobre *espiña*
- Construcción sobre *fio*
- Construcción sobre *columna*



Enquisas de estudantes: designacións referentes á morfoloxía, forma alongada

- Construción sobre *espiña*
- Construción sobre *fio*
- Construción sobre *columna* ou *raia*



MAPAS DE DETALLE

b) Respostas menos frecuentes. Desglose por fonte (todo, ALGa, enquisas de estudantes)

Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias. Todas as fontes

Designacións referentes á morfoloxía:

Forma curvada

- ▲ Construción sobre aro
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con aro

Designacións referentes á morfoloxía:

Parte que sobresa


- Construcións sobre *cerro*, *serra*
- Construcións sobre *cerne*
- Gromo

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo

Outras respostas

- ◆ Apeiros e ferramentas: *armón*, *arzón*
- Partes do corpo próximas ó espiñazo
- * Outras respostas



ALGa: Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias

Designacións referentes á morfoloxía: Forma curvada

- ▲ Construción sobre aro
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con aro

Designacións referentes á morfoloxía: Parte que sobresa


- Construcións sobre cerro, serra
- Construcións sobre ceme

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo

Outras respostas

- Partes do corpo próximas ó espiñazo
- * Outras respostas



Enquisas de estudantes. Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias

Designacións referentes á morfoloxía:

Forma curvada

- ▲ Construción sobre aro
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con aro

Designacións referentes á morfoloxía:

Parte que sobresae


- Construcións sobre cerro, serra
- Construcións sobre ceme
- Gromo

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo

Outras respostas

- ◆ Apeiros e ferramentas: *armón*, *arzón*
- Partes do corpo próximas ó espiñazo
- * Outras respostas



MAPAS DE DETALLE

b) Respostas menos frecuentes. División por tipo de forma

Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias. Todas as fontes

Designacións referentes á morfoloxía:

Forma curvada


- ▲ Construción sobre aro
- ▲ Construcións previsiblemente relacionadas con aro

Outras respostas

- ◆ Apeiros e ferramentas: *armón*, *arzón*

Outras designacións morfolóxicas

- Comparación coas doas do rosario
- Carácter óseo



Designacions para a columna vertebral. Formas minoritarias. Todas as fontes


Designacións referentes á morfoloxía:

Parte que sobresaen

- Construcións sobre *cerro, serra*
- Construcións sobre *ceme*
- *Gromo*


Outras respostas

- * Outras respostas



Designacións para a columna vertebral. Formas minoritarias. Todas as fontes

- Partes do corpo próximas ó espiñazo



Comentario de formas

1. Designacións referentes á morfoloxía. Forma alongada

1.1. ‘espiña’

1.1.1. Formas non derivadas *espía*, *espiña*

Do latín SPĪNA ‘espiña’. O emprego deste termo para se referir á columna vertebral era xa común en latín (tamén, poeticamente, para se referir a todas as costas), e segue vivo en galego, como se pode ver, por exemplo, en GVGH, s.v. *espiña* “3. (Sco. Gro. Val. Pan.) columna vertebral.”

Para os resultados da terminación latina -ĪNA, véxanse os mapas 240 a 242 do vol. III do ALGA; fóra do territorio máis oriental, onde si sería esperable ese resultado, temos que supor que a forma *espina* é un castelanismo.

1.1.2. Formas sufixadas

1.1.2.1. Co sufixo -azo: *espiazo*, *espinazo*, *espiñazo*

O sufixo -azo, de carácter aumentativo, procede dun sufixo adxectivo latino -ACĒU. Para as diferentes bases, véxase o recollido na epígrafe anterior.

As formas do tipo *espiñazo* son, con diferenza, as maioritarias no territorio para este concepto, localizándose, así mesmo, nos dominios adxacentes (cf., por exemplo, DRAE *espinazo*, DGLA *espinazu* [entrada que contén tamén as variantes *espinezu* e *espiazo*] ou Morais *espinhaço*). Xa no 1855 temos rexistros de *espiñazo* nas obras incluídas no TILGA, e moi numerosos desde entón; o mesmo se verifica nos dicionarios, desde o manuscrito da obra de Rodríguez, coetánea do primeiro rexistro literario que sinalamos anteriormente.

O castelanismo *espinazo* ten unha extensión maior da que se observa na nosa rede de puntos, pois xa o GVGH, s.v., observa que se recolleu en tres puntos distantes entre si: Guitiriz, Monterroso e A Gudiña (tamén en Goián, pero co significado específico de “quilla de la embarcación”). Esa mesma obra documenta na fala a forma *espinacio* (Verín), que aquí non se rexistra.

1.1.2.2. Co sufixo *-ela*: *espinela*, *espiñela*

O sufixo diminutivo *-ela* provén dun *-ĒLLA* latino.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que estas voces aparecen con frecuencia referidas a outras realidades. Nos dicionarios clásicos do galego, o máis frecuente é encontrar *espiñela* definida como “paletilla ó ternilla” (a ese respecto, é particularmente recomendable a lectura da entrada do dicionario de Eladio Rodríguez, que achega abundante información sobre crenzas populares asociadas a este óso). Tamén se rexistra con estes valores en territorios lingüísticos adxacentes, como mostra a entrada *espinbela* do Houaiss: “Uso: informal. Diacronismo: antigo. design. vulgar do apêndice xifóide (extremidade inferior do osso esterno)”. O DGLA recolle a entrada *espinia*, con tres significados principais; deles interézanos sobre todo o último: “3. Espinazo [Eo/].”

No TILGA non se rexistra *espinela*, pero si *espiñela*, e desde datas moi temperás, 1790, no texto dunha cantiga popular: “O piollo está malo, a pulga está parida; aí vén a carrapata coa'spiñela caída”¹⁰⁹. No material do Tesouro, *espinela* aparece só unha vez, co significado “paletilla”¹¹⁰; *espiñela* xa aparece nalgunha ocasión máis, tanto en zona galega coma portuguesa e na maioría dos casos o seu significado é ‘espiñazo’.

Por último, o GVGH recolle unha entrada *espiñela*, variante de *espiñazo*, inda que sen sinalar os puntos en que se testemuñou; tamén dá noticia do uso, en Ramirás, de *espiñela* para se referir ó “mal de la paletilla” (véxase a comentada entrada de Eladio Rodríguez ó respecto).

1.1.3. Forma *espiña* con modificadores: *espiña dorsal*

O modificador provén do lat. *DORSUĀLE* ‘referente ó dorso, á espalda’.

Curiosamente, o primeiro rexistro que atopo desta lexía no TILGA non é un uso recto, senón figurado: “Os nazionalistas queremos ser a espiña dorsal da nova Galiza: que non se dobregue nunca”¹¹¹. Despois dese rexistro de 1922, o seguinte data de 1982, sendo tamén de uso figurado. A partir dese ano, a voz xa comeza a acadar unha certa presenza na lingua, convivindo usos rectos e figurados.

1.1.4. Formas problemáticas: *españiso* (?) *do lombo*

Non documento esta forma –interpretada con ou sen seseo– nas diferentes fontes galegas consultadas. Do mesmo modo, non se localiza en diferentes dicionarios das falas

¹⁰⁹ Blanco (1992: 133).

¹¹⁰ Documentado en Crespo Pozo (1972-1985: IV, 167).

¹¹¹ Revista *Rexurdimento. Boletín quincenal. Órgao dos intereses mariñás*, nº 5, 1922, p. 2.

veciñas consultados. Quizais se poida pensar nun erro de transcripción na enquisa a partir dun borrador previo, ou nunha alteración involuntaria da orde das letras á hora de escribila.

1.2. *fío*

1.2.1. Sen modificador: *fío*

Derivada do lat. FĪLU ‘fío’.

Son poucas (só dous casos) as formas que se rexistran sen modificador. De feito, non atopo nos dicionarios galegos nin dos dominios adxacentes ningunha acepción que faga referencia a que *fío*, tal cal, poida designar a columna vertebral.

1.2.2. Formas con modificadores que indican a localización

1.2.2.1. ‘do lombo’: *fío de lombo*, (*fío do*) *lombo*, *fío do lombo*

As referencias ó lombo son constantes, ben usándose como núcleo dun modificador en lexías que veremos a continuación (*raia do lombo*, *arelo do lombo*, etc.), ben empregándose *lombo* como a propia designación da columna vertebral (cf. apartado 6.1.1.). Esta forma procede do lat. LUMBU ‘lombo, dorso’.

Non localizo esta construción de *fío* e *lombo* nos dicionarios portugueses e asturianos consultados, ó contrario do que é xeral nas obras lexicográficas galegas, xa desde o manuscrito do dicionario de Rodríguez (s.v. *fío*): “Hilo, cuerpo largo y delgado de materias suaves y flexibles. Tambien filo ó corte de un instrumento ó cosa parecida como la espina dorsal que se le llama *fío do lombo*. En port. lo m^o, en lat. FILUM”.

Tamén ten boa fortuna no Tesouro ou nos textos incluídos no TILGA, onde se rexistra desde 1891: “Así dereito, de pé, víase destacar o fío do lombo entre masas de rousada carne”¹¹². Por último, hai que sinalar que se recolleu en bastantes teses de licenciatura e doutoramento “de fala”, tal e como se constata en GVGH, s.v. *fío*: Caaveiro, Cabalar, Feás, Curtis, Laxe, Toba, Compostela, Melide e Guitiriz (como se pode apreciar, a área xeográfica que ocupa *fío do lombo* na nosa rede de puntos é moito maior do que se desprendería analizando só o material do GVGH).

1.2.2.2. ‘do ril’: *fío do riñón*

¹¹² Pérez Placer (1891: 142).

A forma *riñón* é un castelanismo (< lat. RENIONE). Para máis información sobre a súa distribución (léxico referido ó ser humano), véxase o mapa 64 do volume V do ALGa.

Non se rexistran noticias desta lexía composta en ningunha das fontes consultadas.

1.3. ‘raia’

1.3.1. Con modificador: *raia do lombo*

Raia procede do latín vulgar *RADĪA, lat. clásico RADĪU ‘barra, cana, caxato’. Para *lombo*, vid. o ap. 6.1.1. deste capítulo.

Non atopo confirmación do uso desta lexía composta en ningunha das fontes consultadas, nin de dominio lingüístico galego nin adxacente.

1.4. ‘columna’

Do lat. COLUMNA. O paralelismo é evidente, inda que non teño noticias de que a voz xa se usase en latín para esta parte da anatomía (si para outros órganos “máis pudendos”).

O GVGH (s.v. *coluna*) sinala algúns lugares onde se recolleu esta forma, con dúas variantes fonéticas: “[*coluna*] (Caa. Com. Cod. Fri. Inc. Mon. Cal. Gud. Por.), *cluna* (Com.) columna vertebral”.

2. Designacións referentes á morfoloxía. Forma curvada

2.1. ‘aro’

2.1.1. *Aro* con modificadores

Aro é forma de etimoloxía controversa. DCECH propón –aínda que non é entusiasta desta hipótese, como tampouco García de Diego (s.v. *arvum*)– unha forma de partida ARVU ‘campo que se labra e sementa’, que define como frecuente en portugués antigo¹¹³, co sentido ‘distrito, territorio que rodea unha cidade’; de aí derivaría o ‘valado que rodea un

¹¹³ O Houaiss (s.v. *aro*) infórmanos de que a primeira documentación para ‘territorio que circunda unha cidade ou vila’ é de 1258, mentres que non é ata o s. XV que temos datos para a acepción ‘anel’.

terreo' e logo 'aro dun escudo'. O dicionario Xerais1986 postula, por contra, unha forma prerromana **aros* 'roda, círculo'.

2.1.1.1. aro do lombo

Para *lombo*, véxase o comentado en 6.1.1.

Non rexistro nas nosas linguas veciñas ningunha referencia a esta construción. Non se documenta nas obras recollidas en Santamarina (2003) e tampouco é moi abundante en exemplos o TILGA. Anótaa por vez primeira Neira Vilas en 1968: “O pedregullo tamborilaba na caixa. Sentín coma unha friaxe no aro do lombo. Dempois buliron coas legoñas”¹¹⁴.

Aparece recollido este sintagma en tres investigacións incluídas no GVGH; concretamente, localizouse en Curtis, Compostela e Melide.

2.1.1.2. aro do tambo

Designación problemática localizada nun único punto, pertencente á rede das enquisas de estudantes. No galego non temos suficiente constancia de *tambo* como voz común –sí como topónimo; con todo, é certo que o TILGA acolle no seu seo tres rexistros de *tambo* como substantivo, en obras moi modernas e cun significado non facilmente deducible polo contexto– e, inda que referido a vacas, non axuda o substantivo español *tambo* (de orixe quechua) “Establecimiento ganadero destinado al ordeño de vacas y a la venta, generalmente al por mayor, de su leche” (DRAE, s.v.).

Parece que cadra mellor supoñer que na base deste sintagma está unha forma *tampo*, definida por Xerais2000 como “parte inferior e superior dunha caixa de resonancia; *T. do peito*, parte anterior da caixa torácica”. De ser correcta esta hipótese –e é totalmente explicable esta mala audición–, habería que relacionar este modificador coas formas empregadas para se referir ó lombo, ás costas do animal (cf. apartado 6).

Tamén é posible, por suposto, un erro de transcripción *lambo* – *tombo*, ó pasar o estudante a limpo os resultados das súas investigacións.

2.1.2. Formas co sufixo –elo

2.1.2.1. Sen modificadores: arelo

O sufixo diminutivo –*elo* provén dun –ĒLLU latino.

¹¹⁴ Neira Vilas (1968: 33).

Nos dicionarios editados por Santamarina (2003) non aparece esta entrada, fóra da referencia a ‘aro de cesta’ en Rivas *Frampas III*. Non é moito mellor a situación no que respecta ós textos literarios, pois só se documenta nun único rexistro, de 1984: “¡Deus nos vaila! Arreáballe un escobazo no medio do arelo ó gato”¹¹⁵.

Os datos dialectais son máis xenerosos. No material do Tesouro aparece como ‘espiñazo’ en catro enquisas de estudantes e, máis especificamente, como ‘espiñazo da vaca’ noutras catro, sempre nas mesmas zonas que na nosa rede de puntos. A entrada *arelo* do GVGH demostra que foi recollida en Compostela, Novefontes e Sobrado; rexístranse, así mesmo, as variantes *orelo* e *ourela* na primeira das localidades citadas.

2.1.2.2. Con modificador: *arelo do lombo*

O GVGH, s.v. *arelo*, inclúe esta lexía, sinalando que foi recollida en Compostela e Sobrado como “espinazo del cerdo o de la vaca que suele salarse”.

2.2. Formas previsiblemente relacionadas con *aro*

Rexistramos, sempre nunha zona ben delimitada no centro-oeste da provincia da Coruña, toda unha serie de formas similares entre si, de orixe moi problemática. Aínda que tampouco hai evidencias taxativas que apunten nese sentido, o máis plausible é pensar que estea na base de todas elas o substantivo *aro*; todas elas comparten, ademais, a terminación *-elo*, que ligaría estas formas coa voz *arelo*, comentada no apartado anterior.

No GVGH existe unha entrada *aranguelo*, coa seguinte información de variantes: “[*aranguelo*] (Raz. San. Com.), *arambelo* (Lax. Com.), *aranquelo* (Lax. San. Com.), *arantela* (Com.), *arombelo* (Com.) espinazo del cerdo o de la vaca”.

2.2.1.1. *arambelo*; 2.2.1.2. *arombelo*; 2.2.2.1. *aranguela*

Para estas tres formas non atopo documentación adicional, a non ser contadas fichas no Tesouro, que son normalmente as enquisas de estudantes da nosa rede de puntos, que, á súa vez, foron unha fonte para o *Léxico de la comarca compostelana* de C. García, de onde saen os datos para Compostela do GVGH, do mesmo autor.

2.2.2.2. *aranguelo*

Xa é unha forma con máis presenza no material secundario estudado. No TILGA aparecen dous rexistros datados en 1926 (con posterioridade inda haberá algún máis, non

¹¹⁵ Santiso Lorenzo (1984: 65).

moitos, en calquera caso): “E como il ficase calado, zorregueille tan bo fungueirazo no aranguelo que o fixo chamar por súa nai. -Ques falar ou non?”¹¹⁶ ou “{Espinazo} Aranguelo, soá, espiñazo”¹¹⁷.

Aproximadamente na mesma altura, tamén se fan eco desta forma, definida como “espinazo, columna vertebral”, os dicionarios de Carré1 e mais o emprendido por Filgueira Valverde *et alii*.

2.2.2.3. *aranquelo*

Non atopo ningún rexistro que confirme a forma verificada na nosa rede de puntos, pero, en calquera caso, é unha variante fonética normal, cun enxordecemento *ng > nk*.

3. Designacións referentes á morfoloxía. Comparación das vértebras coas doas do rosario

3.1. Forma *rosario*

Do lat. ROSARIU, en orixe derivado de ROSA.

Mentres que os dicionarios portugueses non rexistran esta acepción concreta referente á anatomía da vaca, si que hai constancia dese uso en asturiano, tal e como nos informa DGLA na entrada *rosariu*: “2. Espinazo [Cg. Ac. Sb. Ri. VCid], columna vertebral [Lln]. Espinazo de un animal muerto [Os]. 3. Sarta de cualquier fruta seca [JH]: *Un rosariu de castañas [JH]*.” No que respecta ós dicionarios “clásicos” do galego, só se fai eco desta voz con tal acepción Otero (1977), pero facendo parte da lexía *rosario do lombo* (véxase a seguinte epígrafe).

O GVGH recolle a entrada *rosario*, coa variante *rosairo*, en Sobrado, Cedofeita, Burón, Suarna e a Mezquita. Como se pode observar, é unha área coherente coa debuxada pola nosa rede de puntos, pero moito máis ampla, especialmente polo que respecta a ese rexistro na Mezquita.

3.2. Forma *rosario* con modificadores referentes ó lombo: *rosario do lombo*, *rosario do lomo*.

¹¹⁶ Magariños Negreira (1926: 10).

¹¹⁷ Risco (1926: 11).

Para *lombo*, véxase o ap. 6.1.1. deste mesmo capítulo. Non rexistro esta lexía nos textos escritos galegos consultados, pero si que aparece, tal e como se sinalou na epígrafe anterior, na obra de Aníbal Otero.

4. Designacións referentes á morfoloxía. Carácter óseo

4.1. *óso do aranguelo*; 4.2. *óso do lombo*

O substantivo *óso* procede do latín OSSU ‘óso’. Para a forma *aranguelo*, véxase 2.2.2; para a forma *lombo*, véxase 6.1.1.

Non atopo exemplos destas lexías compostas en ningunha das fontes consultadas.

5. Designacións referentes á morfoloxía. Parte que sobresaie no cimo das costas

5.1. Formas do tipo *cerro*, *cerrizo*, *sarrizo*, posiblemente relacionados con *cerro* (< lat. CIRRU) e con *serra* (< lat. SERRA)¹¹⁸

Este grupo de formas é de adscrición e explicación moi complexa. En principio, o que parece máis plausible é a confluencia de dous grupos de designacións. O grupo principal remontaría ó substantivo *cerro*, procedente dun latín CIRRU ‘crista’, que segue empregándose aínda hoxe para designar a aleta dorsal dos peixes¹¹⁹; pola súa semellanza fonética e mais semántica non é de estrañar que estas formas confluísen coa familia de *serra*, comparando a parte sobresaínte dos discos vertebrais cos dentes do instrumento.

Hai que sinalar a grande variedade de voces rexistradas, tanto no considerable número de terminacións distintas coma nas alternancias vocálicas *a/e* existentes na raíz. O GVGH, na entrada *cernizo*, recolle diferentes formas; case todas serán comentadas neste apartado 5.1. ou no seguinte: “[*cernizo*] *m.* (Xun. Mra. Cal.), *cerniz* (Inc.), *cerrizo* (Cod. Mez.), *sarnizo* (Ver.), *sarriñouzo* (Inc.), *sarrizo* (Mez.), *sermizo* (Ver.), *zarrizo* (Ram.) columna vertebral”.

¹¹⁸ Téñase presente que algúns dos *serr-* poden ser en realidade formas do tipo *cerr-* con seseo. A localización xeográfica e os criterios de transcripción dalgunhas enquisas non permiten facer unha distribución taxativa e sistemática, así que optouse por adscribilos ó grupo correspondente á súa pronuncia efectiva.

¹¹⁹ Véxase Rios Panisse (1977: s.v. *sèrro* e *cèrro*), onde A. Santamarina xa dá referencias deste proceso de *fusión* entre *cerro* e *serra* que comentaremos a seguir.

5.1.1. Sobre a base *cerro*

5.1.1.1. Forma non derivada, sen modificadores: *cerro*

Houaiss, na entrada *cerro*, recolle dúas acepcións que nos interesan especialmente: “3. Derivação: por extensão de sentido. Uso: informal. *costas, dorso*. 4. Derivação: por extensão de sentido. Regionalismo: Portugal. Carne do lombo de suíno junto ao couro”. Temos unha definición semellante en DGLA (s.v. *cerro*): “7. Cuero de las vacas, de la parte de la paletilla [On]”.

Pola contra, non encontramos esta referencia anatómica nos dicionarios galegos, nin tampouco no GVGH, que si ten algunha mención interesante pola súa relevancia motivacional, como se manifestou anteriormente. Lemos na entrada *cerro* o seguinte: “2. (Car. Sad. Gro.) aleta del pez; 3. (Fea. Bur. Mez.) cerro, lugar alto; 4. (Cal.) médula del roble; 6. (Mez.) corte transversal en el eje del carro para avivar su canto”.

5.1.1.2. Formas con sufixos

5.1.1.2.1. Sufixo *-izo*: *cerrizo, zarrizo*

Temos un exemplo de *cerrizo* en Risco (1926: 21): “Cerrizo {Espina dorsal; apretado}”. O vocabulario de Reguera tamén se fai eco desta forma *cerrizo*, baixo a definición “El espinazo en los racionales y animales”.

Con respecto ás voces *zarrizo* e *zorriizo*, a segunda non a rexistro no material consultado, pero a primeira si que aparece en varias ocasións. Témolos documentada desde 1907: “e nengunha m'atou na testa un pano nin que deu unhas fretas no zarrizo”¹²⁰. Aparece tamén no dicionario de Valladares (limitase a remitir a *cerrizo*) e, por último, foi recollida en Ramirás como ‘columna vertebral’, como se pode apreciar na entrada de GVGH que abre o apartado 5.1.

5.1.1.3. Formas con modificadores

5.1.1.3.1. Modificador *do lombo*: *cerro do lombo*

Para a forma *lombo*, véxase o sinalado na epígrafe 9 deste mesmo capítulo.

O asturiano coñece a construción *cerro del llombu* (DGLA, s.v. *cerro*), e a lexía galega rexístroa só no 1853 en Pintos: “Ai Maruxiña poráste direita, ten ben o fuso que vas a fiar,

¹²⁰ Justo Castro (1907: 149).

que hoxe non queda ni'un pelo na roca Tódo-los puntos che vou a botar. Cóchigas vivas no cerro do lombo sinto carrizo! me nacen aquí, non che é milagre que veñan as xentes todas correndo a mirar para ti”¹²¹.

No que respecta á lexicografía, tamén contamos cun único rexistro de *cerro do lombo*, en Otero (1960), que sinala que o vocábulo foi documentado en Pedrafita do Cebreiro e que existen as variantes *cernizo* en Viñoás e *sarnizo* en V. das Meás.

5.1.2. Sobre a base *serro*

Non se documenta *serro* en solitario, pero si formando parte de dúas lexías compostas (cf. 5.1.2.2.). Non rexistro nos textos literarios ou nos dicionarios ningunha referencia á columna vertebral, inda que Elixio Rivas dá conta de dúas acepcións que nos poden interesar para os nosos propósitos. En *Frampas II*: “*s. m.* Monte alargado (A Mezquita, Our.). Cf. *serra*”; en *Frampas III*: “*s. m.* Abertura longitudinal estrecha, aserrada a lo largo del eje del carro para que cante. As Frieiras, Our.”.

5.1.2.1. Formas con sufixos

5.1.2.1.1. Co sufixo *-azo* e posterior terminación *-ín*: *sarracín*

Aparece *sarracín* no TILGA en tres ocasións, pero só como nome propio e como referencia a un fenómeno meteorolóxico. Non hai máis rexistros nas fontes consultadas, fóra dunha aparición¹²², como ‘espiñazo’, no val do Toxa (Silleda), nos arredores do punto da nosa rede en que se localizou esta resposta.

5.1.2.1.2. Co sufixo *-izo*: *sarrizo*

Forma de moita vitalidade, con respecto á anterior; recóllese en diferentes zonas xeográficas. Só hai dous rexistros no TILGA, separados por máis dun século, en 1980 e en 1876: “polo San Tomé, agarra o porco polo pé, que si non é morto, nunca é. Estonces, outros porcos, os trabucos i os papés que se curtan polo medio do sarrizo, non os deixarían xiquera unha faba pra meter pola gorxa do pescozo”¹²³

O Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez localiza, en Lemos, esta forma *sarrizo* para se referir ó “espinazo muy visible en un animal flaco”. Tamén a recolleu Elixio Rivas,

¹²¹ Pintos (1853: 15).

¹²² Bravo Criado (1984).

¹²³ *O Tío Marcos da Portela*, 1ª época, parrafeos 1-26, 1876, p. 96.

s. v. *serrizo*, en Gudes (Xinzo de Limia), cun significado máis xenérico: “lomo, columna vertebral”.

5.1.2.1.3. Sufixo *-ón*: *serrón*

Sexa nos textos incluídos no TILGA, sexa en dicionarios asturianos, só localizo esta forma para se referir ou á ferramenta para cortar madeira ou a un conxunto de penedos, grandes e abruptos. Só se afastan desta definición dous dialectólogos: Ríos Panisse (1977), que a documenta en diferentes portos para nomear a aleta dorsal do peixe, tal e como quedou dito anteriormente, e Vilariño Seco, que a recolleu en Caaveiro –bastante lonxe do único punto da nosa rede que responde *serrón*– co significado ‘columna vertebral’ (en GVGH, s.v. *serrón*).

5.1.2.1.4. Outras terminacións

5.1.2.1.4.1. *sarriñouzo*

Forma enigmática que non aparece nas fontes consultadas. Véxase tamén o apartado 8.2, no punto dedicado á forma *carriñouzo*.

5.1.2.1.4.2. *sarritán*

Como no caso da forma anterior, tampouco conseguín localizar ningún apoio documental para esta voz.

5.1.2.2. Formas con modificadores

5.1.2.2.1. Forma *serro* con modificador *do carrello*: *serro do carrello*

Para *carrello*, véxase o apartado 8.2.

5.1.2.2.2. Forma *serro* con modificador *do lombo*: *serro do lombo*

Para *lombo*, véxase o apartado 6.1.1.

Como se repetiu en varias ocasións, Ríos Panisse (1977) recolle este sintagma en varios puntos das súas enquisas para se referir á aleta dorsal dos peixes. Fóra deste uso íctico, aparece só en dous textos incluídos no TILGA, o primeiro deles de 1858: “que ao

direito non maxinan; ¡As frebas todas me treman! ¡do serro do lombo a espiña roxe aló dentro, e os ollos de bágoas”¹²⁴.

5.1.2.2.3. Forma *serrón* con modificador *do lombo*: *serrón do lombo*

Para *lombo*, véxase o ap. 6.1.1.

Non documento esta lexía nas fontes escritas consultadas, inda que si foi recollida noutro punto na fala viva, concretamente en Caaveiro: “*serrón do lombo* (Caa.) columna vertebral” (GVGH, s.v. *serrón*).

5.1.2.2.4 Forma *serracil* con modificador *do lombo*: *serracil do lombo*

Para *lombo*, véxase o apartado 6.1.1.

Non localizo esta palabra *serracil* en ningunha das fontes consultadas.

5.1.3. Outras respostas

5.1.3.1. *rezo*; 5.1.3.2. *rizo*

De ningunha destas formas, localizadas no galego do extremo oriental, se atopan testemuños nos textos literarios e dicionarios, de tal modo que poidan corroborar o seu uso e iluminar sobre a súa orixe. Inda que é plausible pensar que estamos ante formas aferéticas de *cerriço* ou similares, tamén cabe a posibilidade de interpretar *rizo*, como forma plena, no seu sentido de ‘crecho, encrespado’ e asocialo así con outras respostas comentadas neste capítulo, por exemplo as formas do apartado seguinte.

5.2. Base que significa ‘liña na parte superior de algo’ (ou referencia á parte interior, máis dura, da madeira)

5.2.1. *cernilla*

Proven esta forma, como hipótese máis probable, dun latín CERNICULA, plural de CERNICULU ‘baruto, cribo’, que está en evidente relación co verbo CERNO ‘tamizar, separar’. A motivación semántica viría dada polo feito de que o espiñazo separa as dúas metades do corpo (DCECH, s.v. *cerneja*). Comenta así mesmo o dicionario Houaiss, s.v. *cernelba*: “segundo

¹²⁴ Fernández Magariños (1858: 2).

Nasc[entes]. e AGC¹²⁵, do lat. **cernicula*, pl. de **cerniculu* 'separação dos cabelos no mais alto da cabeça', admitindo haver “certas dificuldades semânticas”; Adolpho Coelho vê interveniência do esp. *cerneja* (sXIII) ‘crinas nas quartelas das cavalgaduras’”.

Outra possibilidade de explicación vincula esta forma ó mesmo étimo que *cerma*, no sentido de ‘parte interior e máis dura da madeira e do tronco das árbores’¹²⁶. Tería máis sentido esta segunda possibilidade, en principio, para explicar as variantes *cern-illa* e *cern-iz̃o*.

No citado dicionario Houaiss (s.v. *cernelha*) lemos dúas acepcións que nos poden interesar para contextualizar e corroborar a nosa forma *cernilla*: “1. Rubrica: morfología zoológica. Região localizada entre os ossos do ombro e a base do pescoço de diversos animais, como os ovinos e bovinos; agulha, cachaço, cruz, garrote. 2. Derivação: por extensão de sentido. Parte do arreio que fica próxima ao pescoço da cavalgadura”. Similar é a definición do dicionario de Cândido de Figueiredo que recupera Aníbal Otero (1960): “Parte do corpo de alguns animaes, em que se juntam as espáduas. Fio do lombo”.

Os dicionarios de Franco Grande e Carré⁴ repiten, s.v. *cernella*, a definición “Fig. El espinazo, las espaldas, por ser el cerne del cuerpo”. Elixio Rivas (1978) recolle (Fondo de Vila) a voz *cernilleira*, cunha precisión interesante: “Cúspide alargada. Se aplica al lomo del animal en vez de *cerniz̃o*, si hay que darle un matiz algo peyorativo; también a finca que hace loma, a un monte, etc.”.

5.2.2. *cernizo*

Para a etimoloxía, véxase o comentado na epígrafe anterior. Seguramente esteamos diante dun sufixo *-iz̃o*, proveniente do lat. *-ĪCĪU*.

Comparando con outras formas semellantes, esta palabra ten unha presenza destacada no TILGA, pois son 19 os rexistros que existen; o primeiro data de 1874 e pertence a un texto de García Mosquera: “a verde aceituna, ou o pequeno chibo que do lobo fresca trai no cernizo a mordedura”¹²⁷.

Cernizo foi aboada por Aníbal Otero (1960) en Viñoás (Nogueira de Ramuín, Ourense), na zona de expansión marcada na nosa rede. Tamén a documentou Elixio Rivas (1978) en Fondo de Vila (A Limia, Ourense). Por último, o GVGH sinala que se recolleu

¹²⁵ Antônio Geraldo da Cunha: *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro, 1986(2ª ed.).

¹²⁶ Forma de etimoloxía problemática. Baralláronse, entre outras, o lat. *CĪRCĪNARE* ‘podar, cortar en redondo’ e a forma xermánica **ker̃n* ‘núcleo’. Véxanse principalmente Houaiss (s.v. *cerma*) e DCECH (s.v. *cieme*, especialmente a nota 8)

¹²⁷ Fernández Gallego (1948: 81).

esta palabra en Xunqueira, Montederramo e Castrocaldelas, localidades próximas entre si todas elas; no Incio, temos a variante *cerniz*.

5.2.3. *sarnizo*

Para a etimoloxía, véxase o exposto en 5.2.1.

Polo que respecta á literatura, só aparece unha vez no TILGA, nun texto de 1953: “Todo o viño que bebéramos saíanos en grosas pingotas polo sarnizo abaixo... A iauga do viño, coido eu, pois o alcohol alampabanos os miolos”¹²⁸.

Aníbal Otero recolleu esta forma *sarnizo* en Veiga das Meás (Vilardevós, Ourense); mentres que en Otero (1960) o fai derivar do lat. SERRA, Otero (1967a) afirma que ten a mesma orixe que *cerne* (isto é, do lat. CIRCINU ‘círculo’). Recolleuse tamén no Incio (Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez), en Nocelo da Pena, Sarreaus (Elixio Rivas, *Frampas III*) e en Verín (GVGH, s.v. *cernizo*).

5.2.4. Con modificador: *cerengo do carrello*

Para *carrello*, véxase o apartado 8.2.

A voz *cerengo* explícaa DCECH (s.v. *cerneja*) do seguinte modo: “de CERNÍCULU saldría un gallego dialectal **cernégoo* con propagación **cernengo* y disimilación *cerengo* ‘línea superior’: “polo *cerengo* do monte” en el Caurel (entre Lugo y el Bierzo) (Apéndice a Eladio Rodríguez)”. Como xa se sinalou no ap. 5.2.1., CERNÍCULU era a designación da criba, e Corominas xustifica o significado de “espiñazo” porque era o que separaba os dous costados do animal; comentouse nese mesmo apartado a posibilidade dunha relación con *cerna*.

Documentamos a forma en 1974, no seguinte texto de Novoneyra: “Cerengo do tesol / Poxa do alto! / Cabalgando calado / por terras tan súas que ó velas / xa non sabe si olla ou nembra / vai o camiñante co seu sono / enchendo o camiño longo”¹²⁹. Pero é quizais máis significativo e interesante lingüisticamente o emprego sistemático que fai o politólogo Ramón Máiz deste substantivo en usos abstractos, do tipo: “O vieiro polo que o novo Marx pasa da crítica da representación [...] á idea de *autorrepresentación* do pobo [...] suliña a débeda teoría fundamental contraída co pensamento de Rousseau na superación do cerengo da filosofía do Dereito burguesa”^{130, 131}.

¹²⁸ Fole (1983⁴: 126).

¹²⁹ Novoneyra (1974: 17).

¹³⁰ Máiz (1985: 90).

No Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez hai unha entrada *cerengo*, definida como “*s. m. Línea superior. Ej.: polo cerengo do monte*”; en Carré4 lemos “Cresta, línea de la cumbre de una montaña”. Ambas as dúas entradas foron documentadas no Caurel.

5.3. *gromo*

Dun lat. GRŪMU ‘montículo’.

Non localizo nos dicionarios galegos ou portugueses consultados referencias de *gromo* como ‘espiñazo’; só aparecen as coñecidas acepcións de ‘gran pequeno, coágulo’. Esta denominación viría motivada pola apófise espiñal, que sobresa cara a fóra e pode dar a imaxe dunha sucesión de pequenos grans en liña recta.

6. Partes do corpo próximas ó espiñazo ou que o abranguen

6.1. Designación habitual para o lombo do animal

6.1.1. Construcións sobre *lombo*

6.1.1.1. Formas simples

6.1.1.1.1. *lombo*

Do lat. LUMBU ‘lombo, rís, dorso’.

Xa o dicionario de Rodríguez (s.v. *lombo*) sinala que é habitual a extensión de significado propio desta palabra: “Lomo, parte del animal que está hácia los riñones, aunque suele tomarse por las espaldas ó todo lo que hay desde la rabadilla hasta el pescuezo”; antes de Rodríguez, xa a inclúe o vocabulario de Reguera: “¹*lombo*. Hombro. ²*lombo* Los lomos, hombros, espaldas, etc. *Tómao ao lombo*, cógelo a costas o a la espalda” O DGLA inclúe unha entrada *llombu*, que, entre outras moitas, ten unha acepción específica referente á columna vertebral: “Espinazo [Lln. SCiprián]. Tercera división de la espina dorsal [R].”

O propio GVGH, s.v., sináloa como voz común, tanto para se referir ás costas coma ó espiñazo. Tamén se recolleu en tres localidades –e interesa, porque pode ser equiparado

¹³¹ Analízanse exemplos similares, pero do campo léxico da agricultura, en González Bueno e Sobriño Pérez (2003), onde se poden consultar tamén algunhas referencias teóricas para o proceso de ampliación semántica.

morfologicamente ó espiñazo– como “travesañó que va por la parte inferior del extremo del carro”.

6.1.1.1.2. *lombo*

Para a etimoloxía, véxase a entrada anterior.

6.1.1.2. Forma con sufixo *-elo*: *lombelo*

Documéntase un lat. LUMBELLU, variante de LUMBULU, diminutivo do arriba citado LUMBU ‘lombo, rís, dorso’.

Tanto en dicionarios portugueses coma en textos literarios galegos, xa no s. XIX, aparece esta voz *lombelo*, pero non para denominar o espiñazo, senón tiras de carne localizadas naquela zona. Lemos no Houaiss, neste sentido: “1. Rubrica: anatomia zoológica. Uso: informal. Músculo que se insere na columna vertebral dos bovinos, e que corresponde ao pequeno psoas no homem. 2. Regionalismo: Trás-os-Montes. Cada una das dúas tiras de carne, retiradas do lombo dos suínos”.

Cambian as tornas no GVGH, s.v., que recolle explicitamente o significado ‘espiñazo’, inda que aplicado de modo preferente ó dos marráns. A carón do difuso *lombelo*, recollido en Toba, Dumbría, Santa Comba, Compostela, Novefontes, Pereiramá, Xunqueira e A Mezquita, C. García identifica dúas variantes que só se testemuñan na comarca compostelá, *lumbelo* e *orombelo* (sic).

6.1.1.3. Forma con prefixo *so-*: *solombo*

Do substantivo *lombo*, arriba comentado, cun prefixo *so-* (< lat. SUB-).

Atopamos esa palabra na lingua, pero para se referir á carne que vai pegada ó espiñazo, como ben sinala o DGLA, s.v. *sollombu*: “Carne del lomo del cerdo que va pegado al espinazu [Ri]”. En GVGH recolleuse esta voz, sempre para a carne, en Sobrado, Cedofeita e Suarna; temos o castelanismo *solomo* tamén en Cedofeita, e, ademais, en Burón e Pedrafitas.

6.2. *costelas*

Do lat. COSTA (de orixe incerta), con sufixo diminutivo *-ela* (<-ĒLLA). Esta voz tiña no latín o significado propio de ‘costela’ e, por transferencia, o de ‘muro, lado’.

Obviamente, a forma *costela* aparece repetidas veces en moi numerosas fontes, inda que en ningún caso para se referir ó espiñazo; a definición que máis se lle achega pertence ó dicionario de Valladares, s.v. *costèla*: “espaldas, costillas”.

6.3. ‘ril’

6.3.1. Forma castelá sen modificadores: *riñón*

A forma *riñón* é un castelanismo, procedente en última instancia dun lat. vulgar *RENIONE, derivado á súa vez de REN, RENIS. Para máis información sobre a súa distribución (referida ó ser humano), véxase o mapa 64 do volume V do ALGa.

Nas fontes consultadas non aparece ningunha acepción referente ó espiñazo, nin tan sequera mostras de que se utilice para se referir ás costas.

6.3.2. Forma con modificadores: *riñón do lombo*

Para a etimoloxía dos substantivos, véxanse os ap. 6.3.1. e 6.1.1., respectivamente, deste capítulo. Non atopo testemuños desta construción en ningunha das fontes investigadas.

6.3.3. *reaz*

Documento esta forma en DGLA, s.v. *renaz*, onde se pon de manifesto, ademais, que o significado ‘espiñazo’ é moito máis habitual có inicial, primario, de ‘riles’: para as variantes *reñaz*, *rañaz*, *ranaz*, *renaz*, *riñaz*, *reaz* e *riazo* temos as seguintes acepcións e localizacións xeográficas: “1. Espina dorsal, espalda [Cp. Sm. Cd. Vd. Oc]. Espina dorsal [Ri. Cn (M)]. Espina dorsal de cualquier animal [An]. Espinazo de los animales [Cv. As, Vc (Cruce)]. Espinazo [Ll. Vd. Bordinga (Oc). DA]. 2. Parte trasera del lomo de los animales [Sm. Sm (Cv). Pr]. Región lumbar [Cñ. Ac. Ay. Qu. Tb. PSil. Tox. /Mánt/. JH]. Zona de los riñones (en las personas) [Ri. Pr]. 3. Riñones [Ac]. 4. Tela de sebo que cubre los riñones [JH]. 5. Loma, elevación alargada del terreno [Cv].”.

6.3.4. *res*

Como é de supoñer, non estamos aquí diante do substantivo *res* ‘cabeza de gando’, senón dunha referencia ós riles, procedente dun latín RENES.

Lemos xa no dicionario de Rodríguez, s.v., a acepción “Cuadriles ó más bien la cruz de los cuadriles y el dorso”; lixeiramente distinta é a definición que dá Eladio: “Espalda del tronco humano; lombo”.

6.4. ‘agulla’

Parece máis factible esta atribución á designación da carne do animal, esencialmente por motivos de frecuencia na lingua; non obstante, non se pode excluír unha referencia morfolóxica do tipo das do apartado 1, comparando o espiñazo coa forma alongada e estreita da agulla.

6.4.1. Sen modificador nin derivación: *agulla*

Do lat. ACUCŪLA (diminutivo de ACU ‘agulla’).

Rexistro esta forma en diferentes dicionarios e en GVGH para a carne ou, incluso, como xenérico para as ‘costas’, pero nunca para a columna vertebral. Os significados máis parecidos que recollín localízanse, s.v., no dicionario de Eladio Rodríguez –“Sitio donde se unen las espaldas de las bestias”– e en Carré4: –“Cruz, parte del buey y caballo entre el pescuezo y el dorso”–. Son acepcións semellantes ás que podemos localizar en varios dicionarios portugueses e asturianos, e tamén en textos literarios e material incluído no Tesouro.

7. Nome de apeiros, ferramentas,...

7.1. ‘armón’

7.1.1. Modificador *do lombo*: *armón do lombo*

Para *lombo*, véxase o ap. 6.1.1.

O *armón* defínese normalmente como o ‘xogo dianteiro das rodas e armazón do canón de campaña’, inda que en asturiano temos unha definición máis xeral que casa mellor co que temos aquí, como confirma DGLA, s.v. *armón*: “Travesaño que une las piernas del carro por su parte superior [Os]”. Parece factible a ligazón motivacional dunha traveseira de carro co espiñazo, por seren os dous alongados, estreitos, etc., e neste sentido habería que vencellar estas designacións coas do ap. 1.

Armón procede do francés, onde seguramente entrou a través do holandés (cf. TLFi, s.v. *armon*). Na base está sempre un latín ARMU, referido á articulación do brazo co ombro.

A lexía *armón do lombo* só aparece en dous textos recollidos no TILGA, os dous obra do mesmo autor, Lesta Meis¹³², que, para máis detalles, era natural de Santa María de Oza, situada só a 11 km de Suevos (Arteixo), onde se documentou a única forma que aparece na nosa rede de puntos.

No que respecta ós dicionarios, só se rexistra unha vez, en Eladio Rodríguez, definida s.v. *armón* como ‘espiñazo’ e indicando a fonte de onde o toma, que nos remite ó autor anteriormente citado: “O *armón do lombo*, el *espiñazo*, la espina dorsal, ya sea del hombre, ya de los animales, según Lesta Meis, en *Estebo* [Lesta Meis (1927)]”.

7.2. ‘arazón’

7.2.1. *arazón*

Esta forma *arazón* garda unha distribución xeográfica que orbita nos mesmos territorios cá anterior. Seguramente haxa que ligala ó significado habitual de *arazón*, ‘fuste da sela de montar:eza de madeira arcada para agarrarse’ (Século XXI), que provén do latín tardío ARCIÖNE, derivado de ARCU ‘arco’. Como é sabido, nin as costas humanas nin, por suposto, as bovinas son rectilíneas, senón que manifestan, precisamente, unha lixeira curva.

Nin nos textos literarios nin nos dicionarios se manifesta un significado ‘espiñazo’, pero si recolleu a voz, con ese sentido, Vecino Tomás en Razo (cf. GVGH, s.v.).

7.2.2. Modificador *do lombo*: *arazón do lombo*

Non atopo, en ningunha das fontes consultadas, noticias desta lexía composta.

8. Outras respostas e formas problemáticas

8.1. *soá*

A *soá* é definida por algúns dicionarios como ‘parte do porco que se corresponde co espiñazo’ (Xerais2000), inda que habitualmente se abre a posibilidade a outras especies: ‘Espiñazo do porco e outros animais’ (Século XXI).

¹³² En Lesta Meis (1926: 18) e (1927: 27, 192, 232).

Esta é unha das formas con máis posibilidades de explicación etimolóxica das que incluímos neste traballo, contando con hipóteses ben dispares.

J. P. Machado (s.v. *suã*) aposta, como o fará máis tarde o dicionario Século XXI, por un lat. *SUĀNA < lat. SUS, SUIS ‘cocho, porco’. Esa posibilidade non a acepta DCECH, como tampouco a relación con ANU ‘ano’; defende o filólogo catalán (s.v. *sobar*) como verosímil unha base *SUBANA, derivada do verbo SŪBARE ‘estar en celo a femia’. O dicionario Houaiss (s.v. *suã*) cita diversas hipóteses que pasan por atribuírle unha orixe americana, ben do guaraní, ben do tupí, ademais doutra lingua indíxena sen especificar. O dicionario Xerais1986 di literalmente “lat. SUBSOLANA < SOLE = sol”, sen aclarar a relación do astro rei co espiñazo do porco. Para Otero (1959a) existiría un étimo SULLA ‘carne de porco’ (ademais de SULLU, no latín tamén se rexistra SULLINU). Por último, sinalemos a hipótese anotada por Pintos no seu dicionario: “Latin *Psoae, arum*, musculos de las nalgas bajo el remate de la espina.”

As variantes que se localizan na fala son moitas. Nos textos, esencialmente literarios, do TILGA temos sobre todo *soá* (tamén en usos figurados, do tipo “soá do tren”), algún *soán*, dous *suá* e un *suán*. Aníbal Otero cita tamén, no artigo arriba sinalado, unha forma *solá*. Polo que respecta a outros datos dialectais, na memoria de licenciatura de H. Sánchez¹³³, unha descrición da fala da parroquia de Seteventos (no Saviñao), temos tres rexistros de *solana* (tamén *soá*). Máis ó leste, no concello da Veiga, temos unha *solá*¹³⁴. Polo que respecta ás teses e tesñas recollidas en GVGH, este glosario sinala *soá* como “voz común” (sen detallar a adscrición xeográfica, por tanto), citando tamén as variantes *soán* – en Marín, Goián e Ramirás– e *xoá*, en Pereiramá.

Para analizar as diferentes variantes, en relación coas hipóteses etimolóxicas expostas e a realidade “actual” da distribución xeográfica dos fenómenos lingüísticos, pode ser interesante consultar, no volume III do ALGA, os mapas 209 e seguintes (resultados de –N– intervocálico latino, –’ANA) e mais os mapas 276 e seguintes (resultados de –L– intervocálico latino).

8.2. Posibles construcións sobre *carro*

8.2.1. *carrelo*

Posiblemente haxa que ligar esta forma ó substantivo *carro*, –con sufixo diminutivo continuador do lat. –ĒLLU–, designación motivada polo movemento desta parte superior

¹³³ Sánchez Rodríguez (1983: 252, 262).

¹³⁴ Fernández Vior (1997: 57).

das costas, fundamentalmente as omoplatas, cando o animal ou o home se desprazan. Vainesa liña DCECH cando na entrada *carrillo* comenta: “En favor de su [de Spitzer] idea, puede citarse el berciano *carrelo* ‘la parte superior de la espalda, entre los hombros’ (Fz. Morales), que pudo llamarse así por el movimiento de vaivén de los omóplatos. Para el berc. *carrelo* ‘espalda’, vid. Krüger, *Bibl. RDTP IX*, 163, quien sugiere interpretaciones semánticas no menos aceptables”.

Esta forma aparece nos dicionarios desde Valladares: “Espinazo, ó columna vertebral de ciertos animales como el Caballo, el Buey etc.”. No GVGH temos a entrada *carrelo*, con dous significados principais: ‘espalda’ (Friol, Suarna, Pedrafita, O Incio e Castro Caldelas) e, o que máis nos interesa, ‘espinazo’ (Codeseda e Pedrafita).

8.2.2. *carríouzo*

Localizo en 1861 unha voz *carreñouzo*, definida como ‘espiñazo’¹³⁵, pero non a volvemos rexistrar nos textos incluídos no TILGA ata algo máis dun século despois, nun texto sobre medicina natural.

No Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez temos a entrada *carríouzo*, con dúas acepcións: “Columna vertebral. Cumbre de la sierra (Láncara)”; tamén está presente no dicionario de Franco Grande, xunto coa forma *carreñouzo*.

Véxase tamén a voz *sarriñouzo*, comentada en 5.1.2.1.4.1.

8.2.3. *carrizo*

É plausible que esteamos diante dunha forma semellante a *carrelo*, con alternancia sufixal (neste caso, *-izo*, procedente dun latín *-īCIU*). Con todo, a análise motivacional posibilita –sería raro, de calquera maneira– pensar nunha designación ligada ó ap. 1, as relacionadas coa morfoloxía alongada, xa que existe en galego a voz *carrizo* para se referir a unha planta de talo alongado, designada normalmente co nome científico de *Phragmites Communis*.

Non atopo en ningunha das fontes consultadas ningún exemplo de *carrizo* como parte do vocabulario anatómico, a non ser GVGH, s.v., que cita esta forma, recollida na Gudiña, baixo a definición “parte del espinazo próxima al rabo”.

¹³⁵ Fernández Morales (1861: 373).

8.2.4. *relo*

Existe para *relo* unha acepción ‘canle que leva a auga a un muíño ou ás canles de rego’ que podería explicar a mención ó espiñazo, por referencia á forma alongada rectilínea deste, que sería, en boa parte, propia tamén da canle. Non é unha hipótese moi satisfactoria. Unha posibilidade alternativa sería ligala ó *relo* ou *renlo*, un insecto que, segundo as crenzas populares, causa a morte das vacas cando o inxiren no medio do seu alimento; porén, faltaría un vínculo motivacional co espiñazo.

Máis plausible semella o vínculo coa forma *carrelo* anteriormente citada, pero, ademais de ter que explicar a aférese inicial, sorprendería grandemente atopar esta variante en Vimianzo, cando todos os resultados de *carrelo* están localizados nunha zona ben delimitada en Lugo e no norte de Ourense (cunha excepción en Codeseda).

Non atopo ningunha referencia de *relo* como ‘espiñazo’ nas fontes consultadas e só localizo tres resultados, dous deles coa variante *renlo*, no TILGA, con distintas acepcións: a) 1926: - “Renlo (o) {As costillas}”¹³⁶; b) 1968: - “Sorreu. Olloume en fite. Refregou os ollos co renlo da mao esquerda”¹³⁷; c) 1999: - “as mozas todas do lugar ríanse deles ó vé-los baixando o relo, co seu cestiño na man, polas corredeiras do lugar”¹³⁸.

Os dicionarios ignoran a referencia ó espiñazo ata Rivas (1978), cunha entrada *relo* que contén o seguinte: “Espalda, espinazo, en sentido algo festivo o expresivo (F[ondo] de Vila [A Limia, Ourense]): *Tú non aghachas o relo pra traballar; neno, lévote ó relo*. El dicc. trae *carrelo* con parecida acepción, y que también aquí se usa.”. Máis tarde, en Rivas *Frampas III*, engade un sinónimo *renlo*, aboado en Silleda.

8.3. *as crises*

Forma enigmática que se recolleu en Baiona nas enquisas do ALGa, alternando con *espiñazo*. Non a localizo en ningunha das fontes consultadas, nin se atopa unha explicación para o seu uso (tratarase dunha deformación ou mala audición de *cadrisés*?).

¹³⁶ Risco (1926: 23).

¹³⁷ Neira Vilas (1968: 25).

¹³⁸ Tobío Mayo (1999: 611).

6. Ósos da cadeira

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1543 *osos da cadeira, cadrís*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 26 *huesos de la cadera (cadril, mazá)*.

1. Forma *cadril*, con diferentes variantes radicais

1.1. Forma *cadril*

1.1.1. En singular

ALGa

C-45; L-11, L-12.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09e, C-13b, C-13d, C-13e, C-13f, C-18e, C-18f, C-18h, C-19d, C-20c, C-21b, C-22b, C-23b, C-24b, C-27b, C-29b, C-30b, C-30c, C-30d, C-30e, C-31c, C-32b, C-35b, C-35e, C-35g, C-35h, C-35i, C-39b, C-39d, C-39h, C-39k, C-40f, C-42d, C-44b; L-04b, L-09b, L-12b, L-14b, L-17b, L-21b, L-21c, L-26b, L-33c, L-39c; O-14b, O-27b; P-03b, P-04c, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06d, P-07b, P-07c, P-09c, P-09d, P-10b, P-12b, P-12c, P-14c, P-15b, P-15e, P-16b¹, P-17b, P-19b, P-19c, P-20b, P-21b, P-24b, P-24d, P-24e, P-25b, P-25c, P-26b, P-27b, P-28d, P-29b, P-29c.

¹ Recóllese *mazán* para o “hueso interior de la cadera”, mentres que *cadril* é “para todo”.

1.1.2. En plural

1.1.2.1. *cadriles*

ALGa

A-01, A-02, A-03¹, A-04; C-13, C-22, C-34, C-37², C-38, C-39, C-41, C-45, C-46, C-47, C-48, C-49; O-02; P-03, P-04, P-05, P-06, P-09, P-11, P-12, P-13, P-14, P-15, P-16, P-18, P-19, P-20, P-21³, P-22, P-24, P-25⁴, P-26, P-29, P-30, P-32.

¹ Sinálase en nota: “O que sobresaen son *manzanas*”.

² Especificase que na vaca son *cadriles*, mentres que no home son *cadrises*.

³ Como información adicional figura un verbo *amolecer*: “mover a xoga dos cadriles”.

⁴ Aclárase que *cadriles* foi a forma recollida en Guillade, mentres que en Padróns temos *cuadrís*.

Enquisas de estudantes

C-06c, C-18g, C-25d, C-28b, C-35d, C-37b, C-36c, C-39c, C-39f, C-40b, C-41b, C-41d, C-42b, C-42c, C-42e, C-43b, C-48b, C-49b, C-49c, C-49d, C-49e; L-13b; P-03c, P-03d, P-04b, P-04d, P-06c, P-09b, P-11b, P-12d, P-12f, P-15c, P-15d, P-17c, P-28b, P-32b.

1.1.2.2. *cadrils*

Enquisas de estudantes

C-41c.

1.1.2.3. *cadrís*

ALGa

C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08, C-09, C-10, C-12¹, C-13, C-14, C-15, C-16, C-18, C-19, C-20, C-22², C-23, C-25, C-26³, C-28, C-31, C-33, C-36, C-38, C-40, C-42, C-44; L-01, L-02, L-03, L-05, L-06, L-07⁴, L-08, L-09, L-10, L-11, L-12, L-13, L-14, L-15, L-17, L-18, L-20, L-28, L-30, L-36; O-01, O-04, O-15; P-01, P-02, P-07, P-10, P-17.

¹ Transcríbese *quedrís*, pero cun *e* moi aberto, que case é *a*.

² Figura como nota á marxe e é marcado como dubidoso.

³ Alterna con *candieiro*, forma empregada familiarmente.

⁴ Alterna con *cuarto*, que é a forma máis frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

C-04c, C-04d, C-06b, C-06d, C-09b, C-09d, C-13c, C-13f, C-15b, C-18b, C-18c, C-18d, C-19c, C-20b, C-20d, C-25b, C-25c, C-28c, C-28d, C-28e, C-31b, C-35f, C-36b, C-36d, C-39i, C-40c, C-40d, C-40e, C-40g; L-01b, L-02b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09d, L-21c, L-28c, L-33b; O-06c, O-16d, O-26b; P-08b, P-17d.

1.1.2.4. *cadrises*

ALGa

C-11, C-17, C-21¹, C-24, C-27, C-29, C-33, C-34, C-43.

¹ Indícase no cuestionario, en nota, que o singular é *cadril*.

Enquisas de estudantes

C-35c, C-39e.

1.2. Forma *codril*

1.2.1. En singular

Enquisas de estudantes

C-28f.

1.2.2. En plural: *codrís*

ALGa

L-31.

Enquisas de estudantes

L-24c.

1.3. Forma *coadril*

1.3.1. En singular

Enquisas de estudantes

L-28b.

1.3.2. En plural: *coadrís*

ALGa

C-28.

1.4. Forma *cuadril*

1.4.1. En singular

ALGa

O-11¹.

¹ Recóllese tamén o plural: *cuadrís*. Figura, como información adicional, o substantivo *taina* “vulto no cuadril”.

Enquisas de estudantes

L-22b, L-23b, L-34b, L-34c, L-36b, L-37b, L-39b, L-39e; O-01b, O-07b, O-07c, O-15d, O-20b, O-20d, O-21b; P-14d, P-21c, P-29b, P-29d.

1.4.2. En plural

1.4.2.1. *cuadriles*

ALGa

A-03, A-06; Le-05; O-05, O-10, O-12¹, O-13², O-19, O-26, O-31; P-20, P-23, P-27, P-28, P-31, P-33.

¹ O cuestionario recolle toda unha serie de especificacións: *illós*: “máis arriba, pò lado”; *cuadril*: “a maza”; *cuadriles*: forma infrecuente.

² Alterna con *cuadrís*, que é máis frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

O-01c, O-06b; P-28c.

1.4.2.2. *cuadrils*

Enquisas de estudantes

L-31b.

1.4.2.3. *cuadrís*¹³⁹

ALGa

A-05¹, A-07; C-32; L-04, L-16, L-17, L-18, L-19, L-21, L-22, L-23, L-24, L-25, L-26, L-27, L-32, L-33, L-34, L-35, L-37², L-38, L-39; Le-01, Le-02, Le-03, Le-04; O-03, O-06, O-07, O-08, O-09, O-11³, O-13⁴, O-14, O-17⁵, O-18, O-20, O-22, O-23, O-24⁶, O-25, O-27, O-28, O-29, O-30; P-08, P-25⁷; Z-01, Z-02, Z-03.

¹ Sinálase en nota que, a carón desta forma *cuadrís*, utilízase outra voz de referente máis amplo: *pernas de atrás*.

² Recóllese como información adicional a forma *mesas* “partes altas das ancas”.

³ Recóllese tamén o singular: *cuadril*. Figura, como información adicional, o substantivo *taina* “vulto no cuadril”.

⁴ Alterna con *cuadriles*, que é forma menos frecuente.

⁵ Como información adicional sinálase que cada un dos ósos de cadeira chámase *illó* (pl. *illós*).

⁶ Sinálase en nota que, para se referir á rexión glútea, temos as formas *mesa* e *grupa* (infrecuente).

⁷ Forma recollida en Padróns; en Guillade dise *cadriles*.

Enquisas de estudantes

L-14c, L-15b, L-24b, L-26c, L-27b, L-30b, L-39d; O-25b, O-29b.

1.4.3. Forma dubidosa: *cuadrí*

Enquisas de estudantes

O-15b.

1.5. Outras respostas

1.5.1. *cadrices*

Enquisas de estudantes

O-16c.

2. Designacións referentes á morfoloxía: ‘mazá’

2.1.1. Designacións sen modificador, en singular

ALGa

Le-01¹.

¹ A forma recollida é *manzá*.

Enquisas de estudantes

L-16b²; P-16b³.

² A forma recollida é *mazá*.

¹³⁹ En L-29 recóllese a designación *mazá dos cuadrís* (cf. ap. 2.2.).

³ Recóllese *mazán* para o “hueso interior de la cadera”, mentres que *cadril* é “para todo”.

2.1.2. Designacións sen modificador, en plural

Enquisas de estudantes

A-02b; L-13b.

2.2. Designacións con modificador: *mazá dos cadrís*

ALGa

L-29.

3. Construcións formadas sobre o substantivo *óso* cun modificador referido á zona do corpo en que se sitúan aproximadamente os cadrís

3.1. *ósos da cruz*

Enquisas de estudantes

O-20c.

3.2. *ósos da rabadilla*

Enquisas de estudantes

P-25c.

3.3. *óso da traseira*

Enquisas de estudantes

O-16b.

3.4. *ósos do cadril*

Enquisas de estudantes

C-39g; L-09c.

4. *Cadeira*

4.1. En singular

Enquisas de estudantes

O-15c, O-17b; P-09d.

4.2. En plural: *cadeiras*

Enquisas de estudantes

C-45b.

5. Designacións habituais para as pernas do animal

5.1. *candieiro*

ALGa

C-26¹.

¹ Forma empregada familiarmente, alterna con *cadris*.

5.2. Designación creada sobre o substantivo *perna*

5.2.1. Cun sufixo. Forma derivada co sufixo *-it*: *pernil*

Enquisas de estudantes

P-24b.

5.2.2. Forma en plural cun modificador

5.2.2.1. *pernas de atrás*

ALGa

A-05¹.

¹ Sinálase en nota que, a carón da voz *cuadrís* —que tamén se recolle nese punto—, existe unha designación de referente máis amplo: *pernas de atrás*.

5.2.2.2. *pernas de cecina*

ALGa

Le-01.

5.3. *zancos*

ALGa

O-16.

Enquisas de estudantes

P-14b.

6. Designacións habituais doutras partes do animal, próximas á zona da cadeira ou que a comprenden

6.1. *agulla*

ALGa

O-23.

6.2. cachas

ALGa

L-11.

6.3. cerrizo

Enquisas de estudantes

C-18e.

6.4. croca

Enquisas de estudantes

C-03b; P-12e.

6.5. cruz

ALGa

O-22.

Enquisas de estudantes

O-20c.

6.6. cuarto

ALGa

L-07¹.

¹ *cuarto* é a forma máis frecuente, fronte a *caдрís*.

6.7. espalda

ALGa

O-13¹.

¹ ver a nota no cuestionario para comprobar se o de “menos frecuente” é ó para *cuadrís*, ou tamén para *espalda*.

6.8. paletilla de atrás

Enquisas de estudantes

Le-05c.

6.9. ‘traseira’

6.9.1. traseira

Enquisas de estudantes

C-35d.

6.9.2. trasera

Enquisas de estudantes

Le-05b.

6.10. Designación habitual para o espazo comprendido entre a costela e as cadeiras

6.10.1. vacíos

ALGa

O-21.

6.10.2. vagas

Enquisas de estudantes

P-24c.

7. Outras respostas e formas problemáticas

7.1. calzós

Enquisas de estudantes

C-19b.

7.2. illó

ALGa

O-12¹, O-17².

¹ O cuestionario recolle toda unha serie de especificacións, entre as que destacan: *illós*: “máis arriba, pò lado” (rexistramos neste punto dúas respostas para esta pregunta: son *cuadril* “a maza” e *cuadriles*, marcado como forma infrecuente).

² Indícase en nota: “cada un dos ósos de cadeira chámase *illó*. pl. *illós*”.

7.3. mesa

ALGa

O-22¹.

¹ Hai outras respostas para este punto; *mesa* non figura propiamente como resposta á c. 1543 do ALGa, pero na c.1546 “vaca cun cadril fundido por mor dun golpe” dáse como resposta *ten unba mesa fundida*. Véxanse tamén as notas 2 e 6 (apartado 1.4.2.3. deste mesmo capítulo).

7.4. orxal

Enquisas de estudantes

C-13d.

8. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-24c.

Distribución xeográfica das respostas

Como se pode apreciar, a forma *cadril*, e variantes, é case a exclusiva para nomear este concepto en todo o territorio: só uns corenta puntos ofrecen outra designación, non poucos deles alternándoa cunha resposta do tipo anteriormente citado; veremos, tamén, que a grande maioría destas respostas son formas únicas. Debido a isto, optei por facer diferentes mapas para o grupo *cadril*, de tal xeito que se puidesen apreciar ben as diversas áreas, sen quedaren ocultas nun mapa xeral polo gran número de respostas. Cumpría ter en conta dous trazos principais, que son os que están na base da diversidade de respostas: dunha banda, a variación vocálica do radical; doutra, os lugares en que se rexistrou a resposta en singular e os lugares en que se recolleu unha forma de plural, de modo que se puidese verificar se a alternancia gardaba algún tipo de distribución xeográfica ou, como parece que é o caso, estaría quizais condicionada polo método de enquisa (nótese, a este respecto, a enorme discrepancia entre as formas en singular recollidas no material do ALGA –só tres puntos– e o das enquisas de estudantes –a maioría). Por último, dado que xa nos estendiamos moito no espazo asignado ós mapas (12 mapas para as diferentes variantes de *cadril*), e visto que o seu número é ben pequeno, damos nun único mapa as representacións cartográficas, sen distinguir segundo o material de procedencia, que é doadamente discernible alí.

A grandes trazos, se debuxamos unha liña recta entre Salvaterra de Miño (Pontevedra) e Vilanova de Oscos (Asturias), fixamos unha fronteira permeable entre as respostas de raíz *cadr-* e as de raíz *cuadr-*. Insisto, a grandes trazos, pois hai non poucos *cuadril(es)* no sur de Pontevedra e non faltan os *cuadrís* á esquerda desta liña na provincia de Lugo; aínda é máis visible a penetración das formas *cadr-* na outra zona, pois inda que non teñan tanta vitalidade coma os seus contrincantes, realmente só son descoñecidas na metade oriental da provincia de Ourense. A carón destes dous grandes grupos, hai un terceiro en discordia, moito máis pequeno, o das formas *coadril* e *codril*, cos seus respectivos plurais. Este terceiro grupo concéntrase en poucos quilómetros cadrados, de Sobrado (A Coruña) a Taboada (Lugo).

Polo que respecta a *cadril*, apréciase bastante ben a repartición xeográfica das formas de plural. Temos un *cadriles* case hexemónico en Pontevedra (só hai 4 rexistros de *cadriés*) e no suroeste da provincia da Coruña, pero a medida que se ascende e avanza cara ó oriente, desaparece case por completo, ata chegar ó territorio asturiano, onde volve ser a forma representativa. *Cadriés* ocupa a metade norte de Lugo (continúa no sur, pero con menos rexistros), o norte da Coruña e a parte interior desta, pasando amplamente a fronteira con Pontevedra. Concentrada especialmente no extremo oeste de Galicia, bisbarras de Fisterra, Xallas e Muros, temos o plural *cadriés*. Como xa se sinalou, alternan con estas formas de plural numerosos rexistros no singular, pertencentes case todos ás enquisas de estudantes.

No tocante a *cuadril*, o sur de Pontevedra, a fronteira coa provincia de Ourense e a Baixa Limia son territorio case exclusivo de *cuadriles*, que logo aparece só en cinco ocasións (nordeste de Ourense e un punto de León e mais en Asturias). *Cuadrís* leva a parte do león do territorio oriental de Galicia (sempre alternando con rexistros do singular *cuadril*, como se dixo anteriormente), inda que hai dúas formas máis en xogo: *cuadrils* e a forma dubidosa *cuadrí*, que seguramente sexa un erro de transcripción e teña que adscribirse a algún dos apartados citados anteriormente.

As outras variantes radicais xa foron citadas con anterioridade. Para a distribución do plural das palabras rematadas en *-il* pódense consultar os mapas 75 (*candil*), 76 (*cadril*), 77 (*fusil*) do volume II do ALGA; os mapas anteriores e posteriores poden completar a imaxe da distribución das palabras rematadas en *-l* no dominio galego.


Polo que respecta ás outras respostas documentadas, que representamos no último mapa (*respostas minoritarias*), cómpre sinalar que conforman un conxunto moi heteroxéneo que abrangue ducias de respostas diferentes. Ningunha destas formas se reparte por áreas xeográficas significativas, cunha única excepción, as designacións formadas sobre o substantivo *mazá*, que se sitúa na parte oriental do territorio lingüístico: en tres puntos estremeiros da provincia de Lugo, un de Asturias e outro de León (con todo, rompe esta imaxe areal un rexistro en Sanxenxo –alternando con *cadril*–, iso si, coa especificación “hueso interior de la cadera”).

MAPAS DE CONXUNTO

6. Ósos da cadeira. Todas as fontes

Formas do tipo *cadri*


- | | |
|---|---|
| ■ Raíz <i>cadr-</i> | ● Designacións referentes á morfoloxía: 'mazá' |
| ■ Raíz <i>cuadr-</i> | ● Construcións formadas sobre o substantivo <i>óso</i> |
| ■ Outro radical | ● <i>Cadeira</i> |
| | ● Designacións habituais para as pernas do animal |
| | ● Designacións habituais doutras partes do animal |
| | ● Outras respostas e formas problemáticas |



6. Ósos da cadeira. ALGa

Formas do tipo *cadril*


- | | |
|----------------------|---|
| ■ Raíz <i>cadr-</i> | ● Designacións referentes á morfoloxía: 'mazá' |
| ■ Raíz <i>cuadr-</i> | ● Designacións habituais para as pernas do animal |
| ■ Outro radical | ● Designacións habituais doutras partes do animal |
| | ● Outras respostas e formas problemáticas |



6. Ósos da cadeira. Enquisas de estudantes

Formas do tipo *cadri*

- Raíz *cadr-*
- Raíz *cuadr-*
- Outro radical
- Designacións referentes á morfoloxía: 'mazá'
- Construcións formadas sobre o substantivo óso
- *Cadeira*
- Designacións habituais para as pernas do animal
- Designacións habituais doutras partes do animal
- Outras respostas e formas problemáticas




MAPAS DE DETALLE

a) Formas do tipo *cadril*. Mapa de conxunto


6. Ósos da cadeira. Todas as fontes

- | | | |
|-----------------------------------|------------------------------------|------------------------------|
| ■ Raíz <i>cadr-</i> , en singular | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en singular | ● Outras raíces, en singular |
| ■ Raíz <i>cadr-</i> , en plural | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en plural | ● Outras raíces, en plural |




6. Ósos da cadeira. ALGA

- | | | |
|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------|
| ■ Raíz <i>caadr-</i> , en singular | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en singular | ● Outras raíces, en singular |
| ■ Raíz <i>caadr-</i> , en plural | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en plural | ● Outras raíces, en plural |



6. Ósos da cadeira. Enquisas de estudantes

- | | | |
|-----------------------------------|------------------------------------|------------------------------|
| ■ Raíz <i>cadr-</i> , en singular | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en singular | ● Outras raíces, en singular |
| ■ Raíz <i>cadr-</i> , en plural | ● Raíz <i>cuadr-</i> , en plural | ● Outras raíces, en plural |




MAPAS DE DETALLE

b) Formas do tipo *cadril*. Raíz *cadr-*

6. Ósos da cadeira. Todas as fontes

Radical *cadr-*


- | | |
|-----------------------------------|---|
| ■ Forma <i>cadril</i> en singular | ■ Forma <i>cadriles</i> |
| | ■ Formas <i>cadriis</i> , <i>cadrices</i> |
| | ■ Forma <i>cadris</i> |
| | ■ Forma <i>cadrires</i> |



6. Ósos da cadeira. ALGa

Radical *cadr-*


- Forma *cadri* en singular
- Forma *cadri*les
- Forma *cadri*s
- Forma *cadri*ses



6. Ósos da cadeira. Enquisas de estudantes

Radical *cadr-*

- Forma *cadril* en singular
- Forma *cadriles*
- Formas *cadrils*, *cadrices*
- Forma *cadrís*
- Forma *cadrises*




MAPAS DE DETALLE

c) Formas do tipo *cadril*. Outras raízes

6. Ósos da cadeira. Todas as fontes

Variantes radicais de *cadri-*


- | | | |
|-----------------------|------------------------|---------------------------------|
| ● Forma <i>codril</i> | ▲ Forma <i>coadril</i> | ● Forma <i>cuadril</i> |
| ● Forma <i>codris</i> | ▲ Forma <i>coadrís</i> | ⊙ Forma <i>cuadriles</i> |
| | | ⊕ Forma <i>cuadrils</i> |
| | | ⊗ Forma <i>cuadrís</i> |
| | | ⊗ Forma <i>dubidosa cuadril</i> |



6. Ósos da cadeira. ALGa

Variantes radicais de cadr-


- Forma *codris*
- ▲ Forma *coadrís*
- Forma *cuadril*
- Forma *cuadriles*
- Forma *cuadrís*



6. Ósos da cadeira. Enquisas de estudantes

Variantes radicais de cadr-

- | | | |
|-----------------------|------------------------|---------------------------------|
| ● Forma <i>codril</i> | ▲ Forma <i>coadril</i> | ● Forma <i>cuadril</i> |
| ● Forma <i>codris</i> | | ● Forma <i>cuadriles</i> |
| | | ● Forma <i>cuadrils</i> |
| | | ● Forma <i>cuadrís</i> |
| | | ● Forma <i>dubidosa cuadril</i> |




d) Respostas minoritarias

6. Ósos das cadeiras. Todas as fontes

Formas minoritarias

- | | | |
|--|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ● Designacións referentes á morfoloxía: 'mazá' ▲ Construcións formadas sobre o substantivo <i>óso</i> ● <i>Cadeira</i> | <p>Designacións habituais para as pernas do animal</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ <i>Candieiro</i> ■ Designación creada sobre o substantivo <i>perna</i> ■ <i>zancos</i> | <p>Designacións habituais doutras partes do animal, próximas á zona da cadeira</p> <ul style="list-style-type: none"> ⊕ ✦ <i>Illó</i> ✦ Outras respostas |
|--|---|---|



Comentario de formas

1. Forma *cadri*, con diferentes variantes radicais

Ante o gran número de resultados, pareceu oportuno sinalar en apartados diferenciados as diversas variantes radicais e, dentro destes, as respostas en plural e as respostas en singular (máis minoritarias, en xeral). A multiplicidade de formas é grande: *cadrices*, *cadri* (plural: *cadriles*, *cadri*ls, *cadri*s, *cadri*ses), *codri*l (plural: *codri*s), *coadri*l (plural: *coadri*s) e *cuadri*l (plural: *cuadri*les, *cuadri*ls, *cuadri*s; forma problemática *cuadri*).

Para a distribución do plural das palabras rematadas en *-il* pódense consultar os mapas 75 (*candil*), 76 (*cadri*), 77 (*fusil*) do volume II do ALGA.

No que respecta á etimoloxía, DCECH (s.v. *cuadri*l) propón unha forma primitiva *cadri*l, orixinada a partir dun adxectivo *caderil*, ben un derivado romance con síncope tardía, ben, como é máis probable, dun latín vulgar *CATHEDRILE, que sufriría haplloxía ou síncope antiga. Para explicar as formas con variación no radical, do tipo *cuadri*l, Corominas avoga por unha atracción á familia do lat. QUADRU ‘cadrado, viga’, inda que parece máis probable a forma QUATTUOR, en concreto nas acepcións que deron os nosos *os cuartos*, *cuartos traseiros*, etc. Meier (1984) é bastante escéptico, pois sinala que a síncope antiga é pouco probable polo illamento das formas iberorromances e a tardía por varios motivos; propón novas liñas de explicación (e recupera algunhas desbotadas polo etimólogo catalán): “además, no falta en la Península QUADRU ‘viga’ (W. Roth, RoEt 1, 109 s.) y deben pesar también para este caso las designaciones ítalo y galorrománicas para ‘pierna’ y sem. (REW 3690) bajo célt. *GARRA, pero atribuibles con toda probabilidad al lat. *QUADRA, -ONE; cp. también Lyon *garra* ‘trasero’.

Se atendemos ó léxico medieval, constatamos que é palabra que aparece xa nas cantigas, e que a alternancia que observamos hoxe entre *cua-/ca-* xa vén de antigo na lingua. Non é alternancia exclusiva do galego, como se pode constatar en DGLA, s.v. *cadri*l. O repaso desta variación polos nosos dicionarios está lastrado desde o inicio, por se tratar dunha voz coincidente co castelán; de feito, *cuadri*l aparece unicamente en Pintos e Otero (1977). A forma *cadri*l aparece por primeira vez en Rodríguez *Manuscrito*, definida como “Cuadri, hueso que forma el anca del animal”; esta entrada mantívose na versión que se levou a interpretar, pero cun curioso engadido, seguramente da autoría de De la Iglesia:

“Cuadril, hueso que forma la cadera ó anca del animal. La omisión de la u facilita la pronunciación”.

O GVGH, s.v. *cadriL*, é unha ferramenta útil para ver a distribución xeográfica das diferentes variantes: *cadriL* e *cadriS* foron localizados en 28 puntos, *coadriS* só en 2 (pero moi veciños ós dous rexistros da nosa rede de puntos), *codriS* unicamente en 1 (de novo, cercano á localidade da nosa rede) e *cuadriS* en 12 localidades.

2. Designacións referentes á morfoloxía: ‘mazá’

Como no parágrafo anterior, rexistramos diferentes variantes dentro desta epígrafe, inda que a súa pouca vitalidade xustifica tratalas agrupadas, toda vez que esas pequenas diferenzas non afectan ós nosos fins. Para información sobre a distribución xeográfica destas variantes, pódense consultar:

- a) o mapa 212 do volume III do ALGa para o resultado de N intervocálico latino na secuencia –'ANA (complétase cos mapas 209 a 211 e o 213).
- b) o mapa 409 do volume III do ALGa para os resultados do grupo latino –TTJ- en interior de palabra (complétase co mapa 410).

A palabra *mazá* procede da frase latina (MALA) MA(T)TIANA. Existen dúas interpretacións para explicar a orixe do especificador. Algúns conéctano co antropónimo Matus, de Caius Matus, famoso tratadista de agricultura romano do s. I a.C. e amigo de Cicerón, César e Octavio Augusto, e outros coa cidade xermánica occidental de Mattium. DCECH, que discute brevemente ambas as dúas hipóteses, s.v. *manzana*, prefere a primeira, e sinala que, en todo caso, os resultados románicos proban que o étimo tiña –TT–.

O dominio asturiano coñece estas construcións en diferentes puntos, tal e como proba a entrada *manzana* de DGLA: “<*mazana* [y An. Cv]. //// *mazanas* [Cn (M)].> 1. Hueso que sale de la cía, en el ganado vacuno, y sirve para formar el anca [Cv]. Hueso de forma esférica de la cadera [PSil]. Hueso de la cadera (en el ganado vacuno) [An]: *Mancóuse na mazana* [An]. 2. Mazana”. Por contra, os nosos dicionarios son bastante escuetos na definición de *mazá*, limitándose case sempre a citar o español *manzana*, e non atopo referencias á cadeira. Si que aparece *mazá do cuadril* en Otero (1977, s.v. *mazá*)¹⁴⁰: “f. Manzana. Mazá do cuadril, abultamiento en el ganado vacuno que corresponde a la articulación del fémur con la clavícula”.

¹⁴⁰ Recóllese tamén en Otero (1953b, s.v. *matiana*).

Por último, cómpre sinalar que GVGH, s.v. *mazúa*, inclúe tres casos en que esta forma significa “hueso de la cadera”, nos lugares lugueses orientais de Cedofeita, Burón e Suarna. Catro dos nosos puntos de enquisa están situados nesa zona ou nas inmediacións próximas, pero dous deles (na costa pontevedresa, alternando con *cadril*, e en Asturias) debuxan un territorio máis amplo.

3. Construcións formadas sobre *óso* cun modificador referido á zona do corpo en que se sitúan aproximadamente

O substantivo *óso* provén dun lat. OSSU.

3.1. *ósos da cruz*

Para *cruz*, vid. o ap. 5.3. do capítulo 8 deste traballo. No material consultado, non atopo ningunha confirmación da existencia desta lexía complexa.

3.2. *ósos da rabadilla*

Para *rabadilla*, véxase o capítulo 8, ap. 2.1.3.2., deste traballo. Tampouco teño constancia do uso da lexía *ósos da rabadilla* fóra deste punto de enquisa.

3.3. *óso da traseira*

Para *traseira*, véxase o apartado 6.9. Como nos dous casos anteriores, non atopo outros exemplos de *óso da traseira* nos materiais consultados.

3.4. *ósos do cadril*

Para *cadril*, véxase o apartado 1. O dicionario de Houaiss, s.v. *osso*, inclúe a lexía composta *osso do quadril*: “Rubrica: anatomia geral. Osso resultante da soldadura do ílio, ísquio e púbis e que forma a cintura pélvica [Anteriormente conhecido como *osso ilíaco*]”. Tampouco é alleo a esta construción o GVGH editado por C. García, que reproduce, s.v. *güeso*, unha frase co núcleo castelanizado: *güeso dos cadrís* “ijar”; esta lexía recolleuse en Caaveiro, bastante lonxe dos nosos dous puntos de enquisa.

4. *cadeira*

Do latín, de orixe grega, CATHEDRA ‘asento’¹⁴¹. Sinala DCECH (s.v. *cadera*) que xa hai en Xuvenal mostras desta palabra para se referir á zona anatómica; en calquera caso, é obvio e facilmente xustificable esta transferencia metonímica debida ó contacto directo. Aínda que haxa en dicionarios anteriores referencias á cadeira do ser humano, a entrada *cadeira* no volume da Academia ten unha acepción específica para os animais: “*Babilla. El hueso de la cadera en el animal*”; non se entende moi ben o uso de *babilla*, xa que esta forma designa, en castelán, a parte equivalente nos animais ó xeonllo do home. Aparece ata en 13 puntos de GVGH, s.v. *cadeira*.

5. Designacións habituais para as pernas do animal

5.1. *candieiro*

Dísenos nunha nota que é forma empregada familiarmente no único punto en que se rexistra, alternando con *cadriés*. No Tesouro conservado no Instituto da Lingua Galega localizamos diferentes acepcións desta palabra que nos poden interesar para a determinación do seu significado: *candeiros* “pernas largas” (Sar e Vista Alegre), “patas traseiras dos cabalos” (Ares); *candieiro* “pierna larga, festivamente” (Compostela), “piernas largas” (Santoia); *candeiros* “patas traseras de las caballerías o de cualquier mamífero. Aplicado también a personas” (Toba), etc. Remontando un pouco no tempo, descóbrese que ese significado xa estaba presente en 1864, nun glosario incluído na gramática de Mirás: “Candeiros {Piernas largas}”¹⁴².

Unha vez determinado o significado “primario” da forma empregada aquí para designar a cadeira, a etimoloxía non parece presentar problemas, e poderemos supoñer unha derivación de *candil* ‘utensilio para alumear’ cun sufixo *-eiro* (< ARIU)¹⁴³. A motivación viría dada pola forma alongada do candil (máis patente nuns modelos ca outros, evidentemente; algúns teñen na parte de abaixo un recipiente ou unha bandexa, para soste o cirio, que pode ser comparado a un pé humano). É curiosa, a este respecto, a descrición que fai Rodríguez *Manuscrito*, s.v. *candeiros*: “Se entienden por este nombre las piernas de una persona y principalmente poniendose boca arriba si levanta los pies al cielo ó

¹⁴¹ Para a evolución fonética desde este étimo, véxase, por exemplo Ferreiro (1999: §§25.d.3 e 89d).

¹⁴² Mirás (1864: 41).

¹⁴³ Para o étimo de *candil*, véxase, por exemplo, DCECH, s.v., que postula como étimo un árabe *qandil* ‘lámpada’, que foi tomado do lat. CANDELA a través do grego.

recogiendolos, alza las rodillas, como se hace á veces en cama por variar de postura ó posición. En uno y otro caso se dice que (sic) *levantar os candieiros*. En Portugal esta misma palabra significa candelero. Sarm”.

GVGH ten unha entrada *candieiro*. Co significado “patas traseras de las caballerías” localízase en Toba e Friol (relativamente preto, este último, do noso punto), tamén en Cabalar, pero coa variante *candeeiro*. Co significado “pierna larga” e a restrición de ámbito de uso “festivo”, rexistrámola en Santaia, Compostela e Sobrado (a poucos quilómetros este último do noso punto de enquisa).

5.2. Designación creada sobre o substantivo *perna*

O substantivo *perna* provén dun lat. PERNA.

5.2.1. Cun sufixo. Forma derivada co sufixo *-il: pernil*

Derivado de *perna* cun sufixo *-il* (<-ĪLE), que en latín formaba adxectivos a partir de substantivos. Esta formación sufriu posteriormente un proceso de substantivación.

Coñécese nas nosas linguas veciñas, e está documentada desde hai tempo en galego, como demostra este texto de 1746: “E tamén estaban os bufetes cheos de linguas, chourizos, pernils, codelos; de lacós, cachuchas, fociños de cerdo”¹⁴⁴. Emprégase para a perna do porco, pero non é raro o seu uso para outros animais, e incluso para as coxas gordas das persoas. A pesar diso, en GVGH non se recolle demasiada variedade de significados: 1 “jamón o pata trasera del cerdo” (8 lugares). 2. “lacón” (1) e 3. “zanco de las aves” (1).

5.2.2. Forma en plural cun modificador

5.2.2.1. *pernas de atrás*

Realmente, nas notas do caderno de enquisa sinálase que *pernas de atrás* abrangue unha zona anatómica máis ampla que *cuadrás*, voz que tamén se rexistra neste punto. Con todo, ó non especificarse os límites e existir outras formas con procedemento de creación similar (vid. os ap. 6.9. e 6.10.), optei por mantela na listaxe de respostas e representala no mapa. Nos textos consultados, non documento outros rexistros de *pernas de atrás*.

5.2.2.2. *pernas de cecina*

¹⁴⁴ Pensado Tomé (1970: 126).

O segundo substantivo, que significa ‘carne salgada e seca’, é un castelanismo; para a lingua normativa prefírese *chacina*, inda que na fala e, especialmente, en dicionarios clásicos, tamén se coñece a forma *chaciña*. Esta designación baséase na parte do animal que se utiliza para a elaboración deste produto alimenticio. Para DCECH, s.v. *cecina*, a forma castelá e a galego-portuguesa comparten unha mesma orixe, a construción latina [CARO] *SICCINA (< SICCU) ‘[carne] seca’; a variación na consoante inicial explicaría-se ou por un influxo mozarabe ou por influencia do substantivo *chacim* ‘porco’. Nos textos consultados, non documento outros rexistros de *pernas de cecina*.

5.3. *zancos*

Variante de *zanca*, que proviría –segundo DCECH, s.v. *zanca*, opinión aceptada por Houaiss, s.v. *sanca*– dun lat. ZANCA, TZANGA, que designaría unha especie de calzado e que sería voz tomada posiblemente do persa *zanga*– ‘perna’. Curiosamente, Meier (1984) comenta esta etimoloxía, dando noticia doutra explicación alternativa da súa autoría “tal vez demasiado complicada”.

A entrada *sanco* do Houaiss é unha boa mostra da variedade semántica existente (dentro da mesma acepción primaria, claro está): “1. perna de ave da garra até a junção da coxa. 2. *Derivação: por extensão de sentido.* porção da perna humana do tornozelo até o joelho. 3. *Derivação: sentido figurado. Uso: informal.* perna fina. 4. *Regionalismo: Portugal (dialetismo).* perna de qualquer animal de açougue”. As variantes formais aprécianse ben na entrada *zanco* de GVGH: “*m.* 1. [*zanco*] (Fea. Lax. Com. Cod. Goi. Val. Mon. Gud. Mez.), *zanca* (Com. Gud.), *zanga* (San.), *zango* (Com.) *zanco*”.

6. Designacións habituais doutras partes do animal, próximas á zona da cadeira ou que a comprenden

6.1. *agulla*

Véxase o capítulo 5, ap. 6.4.

6.2. *cachas*

Pódese completar a información que aquí se ofrece co exposto para a forma *cachazo* no ap. número 4 do capítulo 3 deste traballo. Sinalábase aí que, para explicar a forma *cacha*, DCECH, s.v., suxire partir dunha forma CAPPŪLA ‘puño da espada’ –a forma clásica non era neutra, pero atópase tamén con este xénero no latín de Nonio ou Festo– que deriva do

verbo CAPĒRE ‘coller’; o filólogo catalán explica a xeminación por influxo de CAPULARE ‘cortar’, vulgarmente *CAPPULARE, con xeminación expresiva. Do significado primixenio pasaríase á acepción ‘nádega’ e, máis xeral, á de ‘espesor de carne en calquera parte do corpo’. Lemos no dicionario de Porto, s.v. *cacha*: “Nalga, trasero, posadero, asentadera”.

6.3. *cerrizo*

Forma comentada en detalle, xunto con outras variantes de diversa índole, no ap. 5.1. do capítulo 5 deste traballo.

6.4. *croca*

Véxase o ap. 1 do capítulo 8 deste traballo.

6.5. *cruz*

Comentada, brevemente, no ap. 5.3. do capítulo 8 deste traballo.

6.6. *cuarto*

Seguramente é forma creada atendendo a unha división imaxinaria da vaca en catro partes. Con esta acepción rexístrase a voz nas linguas do noso entorno (véxase, p.ex., a voz *quarto* en Houaiss: “6. parte de uma rês que vai desde a mão e a perna até a metade do lombo, na altura, e até a metade da barriga, na largura”). Non é a vaca o único animal en ser despezado mentalmente, senón que a etiqueta *cuarto* pódese aplicar a calquera cuadrúpede, como lemos neste conto que narra as incursións do raposo no galiñeiro: “Dun brinco sen tocarelle a trampa, entrou no curral; asentouse nos cuartos traseiros un bo anaco pra convencerese de que Palomo e Rabelo iban aquela noite de ruada, e logo moi a modiño chegou astra o galiñeiro”¹⁴⁵.

6.7. *espalda*

Do latín tardío SPATŪLA ‘omoplata’, diminutivo de SPATHA ‘pa, costas’. Voz común en galego.

6.8. *paletilla de atrás*

Forma tomada do español, que creou o diminutivo sobre o italianismo *paleta*; realmente é un dobre diminutivo, pois o italiano *paletta* xa é derivado de *pala* ‘pa’. DGLA, s.v. *palettiella*, recolle no asturiano central a voz *paletilla* “articulación superior de las patas

¹⁴⁵ Vidal Rodríguez (1920: 17).

delanteras de las vacas”; o dicionario Houaiss, na entrada *paleta*, informa “*Regionalismo: Sul do Brasil, Centro-Oeste do Brasil*. Omoplata ou espádua de animal ou das persoas”.

No que respecta ós textos galegos, o castelanismo está na lingua desde antigo, e xa en 1812 se rexistra en diferentes textos en que aparece: “Vai ó crego que che dea torresmos, e pan de trigo, ovos revoltos, formigos, e do que haxa pola aldea; e a criada que che poña emprastos na paletilla”¹⁴⁶. Nos dicionarios galegos aparece desde Cuveiro co significado de ‘xifoides’ e desde Carré co de ‘omoplata’. GVGH, s.v. *paletilla*, é unha boa mostra da variedade de referentes anatómicos que pode ter esta palabra no galego: “1. omóplato; 2. parte imprecisa del cuerpo; 3. esternón; 4. hueso situado debajo del lacón; 5. en la vaca, carne que está detrás del pescuezo;”

6.9. ‘traseira’

6.9.1. *traseira*; 6.9.2. *trasera*

Substantivación da forma feminina do adxectivo *trase(i)ro* (da preposición *tras* ‘detrás de’ mais un sufixo castelán *-ero* ou un sufixo galego *-eiro*). En GVGH, s.v. *traseira*, rexistramos dúas acepcións que nos interesan: “2. (Gud.) cadera; 3. (Fea.) parte posterior de una vaca”.

6.10. Designación habitual para o espazo comprendido entre a costela e as cadeiras

6.10.1. *vacíos*

O étimo de *vacíos* é o lat. VACIVU ‘baleiro, carente de algo’, construído sobre o verbo VACO ‘estar libre’.

Como se sinala no título da epígrafe, é unha cavidade situada entre as “costelas falsas” e os ósos da cadeira, tamén coñecida como *abarca*, *illar* ou *illarga* (en diferentes lugares deste traballo hai comentarios sobre elas). O Houaiss contén unha ampla entrada *vazio*, que na acepción vixésima sinala “ilhargas (esp. dos animais)”. En DRAE, s.v. *vacío*, lemos “Cavidad entre las costillas falsas y los huecos de las caderas”. Do mesmo modo, en DGLA, s.v. *vaciu*, temos unha forma *vacidu* “Ijada, especialmente de la vaca [Bab]” e mais *vacíos* “hondonadas que tiene el ganado vacuno junto a la paletilla trasera’ [VCid].”

¹⁴⁶ Fandiño (1812: 7).

O feito de coincidir este termo co castelán posibilita que estea ausente de case todas as obras lexicográficas galegas. Localizámolo, con todo, en Rivas (1978), s.v. *vacío*, quen sinala a propósito desta voz recollida na súa localidade natal: “Depresión que el ganado mayor tiene entre el costillar y el anca. Resalta mucho cuando lleva algún tiempo sin comer (Fondo de Vila). Así dicen: *Voume pra casa, que o ghado xa encheu os vacíos*”. En GVGH, s.v. *bacío*, localizamos catro puntos coa definición “ijar” e outros catro coa definición “fosas ilíacas o de las caderas”.

6.10.2. *vagas*

Como no caso anterior, na raíz está o verbo do latín clásico VACO ‘estar baleiro, desocupado’.

Localízanse bastantes casos desta forma nas enquisas de estudantes, que conforman unha parte destacada do Tesouro conservado no Instituto da Lingua Galega; algunhas mostras para *vaga(s)* son: “ijar” (Aldán), “huesos de la cadera” (Zamáns, Vigo), “fosas ilíacas o de la cadera” (8 lugares), “parte del cuerpo de la vaca comprendido entre las patas” (Ribadumia), “espacio comprendido dentro del costillar” (Vilanova de Arousa), etc. No apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez, que figura ó final do terceiro volume desta obra, aparece a forma *vagas* “ijares”, recollida nunha tradución dos *Carmina* horacianos a cargo de Iglesia Alvariño; a mesma entrada e definición aparecen en Franco Grande, que informa dos sinónimos *vongos* e *vágados*. Carré4 tamén a recolle, pero en singular: “Ijada. Cada una de las dos cavidades entre las costillas falsas y el vientre”.

Por último, cómpre sinalar que GVGH ten unha entrada *bago*, aboada en Cedofeita (Lugo), coa definición “fosa ilíaca”.

7. Outras respostas e formas problemáticas

7.1. *calzós*

Non está moi claro o significado aquí presente. No Tesouro aparece unha vez a entrada *calzón* “fosas ilíacas o de la cadera” e outra a voz *calzós* “huesos de la cadera”. Se acudimos ó dicionario Houaiss, veremos que contén unha entrada *calção*, que na súa quinta acepción dá conta dun rexionalismo brasileiro: “bolsa pendiente, de carne, que se forma entre as pernas das reses muito gordas”.

Se aceptamos esa carga semántica, teríamos que acudir posiblemente ó substantivo *calzón* ‘prenda de vestir que cobre o corpo desde a cintura ata a íngoa, ou unha parte variable das coxas’, efectuándose unha transferencia metonímica de significado, por contigüidade, semellante á comentada no apartado 4. O substantivo que nomea esta peza de roupa é un derivado de *calza*, que, á súa vez, procede do lat. *CALCEA, que era unha especie de media.

Non localizo mostras do seu uso para *cadeira* nos dicionarios consultados; en GVGH, s.v. *calzón*, hai unha referencia ás vacas, nun uso que non ten que ver a priori co sinalado no primeiro parágrafo, inda que dependendo da localización concreta dos vultos cabería pensar doutro modo: “*pl.* (Dum.) bultos que salen a las vacas en la cara externa de las patas”.

7.2. *illó*

En O-12 (A Veiga) dise en nota que os illós están máis arriba, para o lado; en O-17 (Viana do Bolo) *illó* é cada un dos ósos da cadeira, resposta que se documenta tamén na Gudiña¹⁴⁷.

Poderíase pensar nun étimo latino *ĪLIA*, *ĪLIUM* ‘ventre, cadeiras’, que deu lugar á extensa familia de palabras do tipo *illar(ga)* comentada anteriormente (vid. ap. 6.11.1), pero batemos con dificultades fonéticas para explicala. Outra posibilidade, que se sostén, observando a morfoloxía do óso, relaciónaa co significado *illó* ‘burato polo que pasa un cordón’, que provén dun lat. *OCULIOLU* ‘olliño’.

7.3. *mesa*

Aparece nun único punto, O-22 (Campobeceros, en Castrelo do Val, Ourense), pero non como resposta á c. 1544 do cuestionario do ALGa, senón que a rexistramos na lexía composta *ten unha mesa fundida* que aparece na c. 1546 *vaca cun cadril fundido por mor dun golpe* (cf. o capítulo 7 deste traballo). Recolleuse esta forma *mesa* noutros dous puntos da rede de enquisas, con significados próximos: en O-24 (A Mezquita) defínese como *región glútea* e achégase o sinónimo *grupa* (pouco frecuente); en L-37 (Quiroga) trátase das partes altas das ancas.

Se acudimos a outros textos dialectais, constatamos que se segue mantendo a variedade de significados: a) A Gudiña: “testuz de la vaca en la que se apoya la parte del

¹⁴⁷ Vázquez Santamaría (1971: 119).

yugo del mismo nombre”¹⁴⁸; b) A Mezquita: “parte plana del yugo que apoya en la testud (sic) de la vaca”¹⁴⁹; c) Crecente: “espacio que queda en la parte delantera de la cruz de los cuadriles en la vaca”¹⁵⁰.

Interésanos especialmente, coa entrada *mesas*, unha definición que localizamos na Mezquita: “huesos traseros muy salientes”¹⁵¹.

7.4. *orxal*

Resposta enigmática a recollida neste punto de Arteixo e para a que non atopamos ningunha corroboración no material consultado. Parece difícil asociala coa definición habitual de *orxal* no galego, ‘terreo plantado de orxo [cebada]’, ou co portugués, de orixe escura, *orjal* ‘casta de figo’.

¹⁴⁸ Vázquez Santamaría (1971: 111).

¹⁴⁹ Taboada Cid (1971: 107).

¹⁵⁰ Blanco Fernández (1973: 30, 42).

¹⁵¹ Taboada Cid (1971: 82).

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1546 *Vaca cun cadril fundido por mor dun golpe, dexemada, espiada.*
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 27 *Vaca con un cuadril bundido a causa de un golpe.*

1. Formación sobre un adxectivo ou verbo relacionados coa idea ‘baixar, afundir’ e un substantivo que significa ‘cadril’¹⁵²

1.1. Baseándose en verbos do tipo *afundir, fundir*

ALGa

A-03¹; O-12², O-22³; P-21⁴.

¹ Recóllese *con mazá fundida.*

² Recóllese *cun illó fundido.*

³ Recóllese *ten unha mesa fundida.*

⁴ Recóllese *cadril fundido.*

Enquisas de estudantes

O-07c¹; P-29d².

¹ Recóllese *vaca con un cuadril bundido.*

² Recóllese *afundírselle o cuadril.*

1.2. *anasar un cadril*

Enquisas de estudantes

L-26b.

1.3. Sobre o adxectivo *baixo* ou o verbo *baixar*

¹⁵² A diferenza da estratexia adoptada noutros capítulos (por exemplo para o caso do pescozo ferido), o escaso número de respostas para cada designación dentro deste apartado non aconsella distinguir sistematicamente subepígrafes segundo o substantivo empregado para nomear o cadril. Para suplir esta falta de información, transcribese en nota a resposta rexistrada en cada punto, para que o interesado poida consultar ese dato.

1.3.1. ‘baixa do/dun cadril’

1.3.1.1. Formas con substantivo

ALGa

O-03¹, O-05¹, O-12², O-25³.

¹ Recóllese *baixa dun cuadril*.

² Recóllese *baixa de illó*.

³ Recóllese *baixa do cuadril*.

Enquisas de estudantes

C-39d⁴; L-34c⁵; P-03d⁴, P-04b⁶.

⁴ Recóllese *baixa dun cadril*.

⁵ Recóllese *baixa dun cuadril*.

⁶ Recóllese *baixa do cadril*.

1.3.1.2. Formas con omisión do substantivo: *baixa*

Enquisas de estudantes

C-39i; O-16d; P-08b.

1.3.2. ‘cadril baixo’

1.3.2.1. Substantivo *cadril*: *cadril baixo*¹⁵³

ALGa

C-11; L-06, L-24¹, L-31²; P-11.

¹ Recóllese *vaca cun cuadril baixo*.

² Recóllese *cun codril baixo*.

Enquisas de estudantes

C-39c; L-28b³, L-30b⁴, L-31b⁵, L-33b, L-33c, L-36b⁶; O-01b⁷, P-07c.

³ Recóllese *coadril baixo*.

⁴ Recóllese *vaca cun cuadril baixo*.

⁵ Recóllese *cuadril baixo*.

⁶ Recóllese *vaca co cuadril baixo*.

⁷ Recóllese *co cuadril baixo*.

1.3.2.2. Outro substantivo para designar ‘cadril’

1.3.2.2.1. Substantivo *illó*: *ten un illó baixo – ten baixado un illó*

ALGa

O-17.

¹⁵³ Se non se indica outra cousa, é *cadril baixo* a forma que se rexistra (ás veces, precedida doutros elementos: *de cadril baixo*, *cun cadril baixo*, etc.).

1.3.2.2.2. Substantivo *óso*: *óso baixo*

ALGa

L-33; O-11¹, O-16².

¹ A forma que se recolle é *Óso baixa* (sic). Habería que determinar se se trata dun erro de transcripción, dun erro de produción do informante ou se estamos diante dunha frase verbal do tipo 'baixa o óso'.

² Recóllese *co güeso baixo*.

Enquisas de estudantes

L-39d; O-20c.

1.3.2.3. Parte do corpo próxima ó cadril cun adxectivo 'baixo': *que ten a pombela baixa*

ALGa

Z-03.

1.3.3. Verbo *baixar* cun substantivo empregado habitualmente co significado 'cadril'

ALGa

O-28¹.

¹ Recóllese *que baixou a agulla*.

Enquisas de estudantes

C-31b², C-35h³; O-01c⁴, O-06c⁵.

² Recóllese *baixar o cadril*.

³ Recóllese *que baixa dun cadril*.

⁴ Recóllese *baixóuselle un cuadril*.

⁵ Recóllese *baixou un cadril*.

1.4. Verbo *caer*: *caída dun cadril*

Enquisas de estudantes

C-27b.

1.5. *pandela* 'curva, arqueada'¹⁵⁴

Enquisas de estudantes

C-28e.

¹⁵⁴ En P-06 sinálase, como información adicional no cuestionario: "*panda* (non é dereita no lombo)".

2. Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa ‘partir, fendido, ferido’ e, eventualmente, un substantivo que significa ‘cadril’¹⁵⁵

2.1. ‘ferir, mancar’

2.1.1. *aleixada*

Enquisas de estudantes

O-27b.

2.1.2. *ennucida*

Enquisas de estudantes

L-02b.

2.1.3. *mancada*

ALGa

L-04.

2.1.4. *ten xostra*

ALGa

O-13.

2.2. ‘cortar, mutilar’

2.2.1. *cortada*

Enquisas de estudantes

C-19d.

2.2.2. *espuntóuselle un óso*

ALGa

O-14.

2.2.3. Verbo *fanar*: participios *fana*, *fanada*

2.2.3.1. *fana dun cadril*

ALGa

C-46.

¹⁵⁵ Despois de meditalo moito, e aínda con dúbidas, coloco en epígrafe á parte as construcións sobre *nevia-nacha* e *nafra*. En primeiro lugar, non está clara a motivación e o significado subxacente de moitas delas coa precisión requirida para adscribilas ós diferentes subapartados de 2. En segundo lugar, o número de respostas e de subclasificacións é considerable nestes dous grupos, polo que a súa inserción complicaría demasiado a organización interna deste apartado 2 e, en consecuencia, a consulta.

2.2.3.2. Formas derivadas: *fanada*

Enquisas de estudantes

O-25b.

2.2.4. *ripiada*

ALGa

C-03.

2.3. ‘toller, baldar, estragar’

2.3.1. *baldada dun cadril*

ALGa

C-15.

2.3.2. Verbos *derrear, derrengar*

2.3.2.1. Base *derrengar*: participio *derrengada*

ALGa

L-02¹; Le-05; O-30; P-33¹.

¹ Recóllese *derrangada*.

Enquisas de estudantes

O-29b; P-15b.

2.3.2.2. Base *derrengar*: participio *derreada*

ALGa

C-12; L-19; O-01; P-12¹.

¹ Recóllese *derreada dun cadril*.

Enquisas de estudantes

C-35h¹; L-01b.

¹ Recóllese *co cadril derreado*.

2.3.3. Verbo *eivar*: participio *eivada*

Enquisas de estudantes

P-12b, P-12e.

2.3.4. *derramada*

Enquisas de estudantes

P-20b.

2.3.5. *esfondada*

Enquisas de estudantes

C-13f.

2.4. ‘partir, fender’

2.4.1. *(co) cadril fendido*

Enquisas de estudantes

P-21c.

2.4.2. *que partiu un cuadril*

ALGa

L-38.

2.4.3. Sobre o adxectivo *fallada* cun modificador que significa ‘cadril’

ALGa

O-23¹.

¹ Recóllense tanto as formas *fallada dun cuadril* coma *fallada dunha agulla*.

2.5. ‘esmagar, aplastar’

2.5.1. *derborronada*

ALGa

Z-01.

2.5.2. *destrangulada / cadril destrangulado*

ALGa

P-26.

2.5.3. *escadullada*

Enquisas de estudantes

C-04d.

3. Construcións sobre as bases *necia, nacha*

3.1. Base *necia*

3.1.1. Forma sen derivar: *necia*

ALGa

C-01, C-02, C-05, C-06, C-07, C-25, C-26; L-01, L-03, L-05, L-07, L-11, L-17, L-18, L-26.

Enquisas de estudantes

C-04c, C-06b, C-06d, C-08c, C-09d, C-15b, C-19b, C-25b, C-25c; L-05b, L-05c, L-14b, L-14c, L-17b, L-22b, L-24b.

3.1.2. Formas derivadas

3.1.2.1. Cun sufixo *-ega*: tipo *nécega*

Enquisas de estudantes

C-04b¹, L-06b², L-09c³, L-09d⁴.

¹ Recóllese *nefega*.

² Recóllese *necega*.

³ Recóllese *necegada*.

⁴ Recóllese *nécega*.

3.1.2.2. Cun prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: tipo *esneciada*

ALGa

C-14¹; L-08², L-15.

¹ Recóllese *esnaciada*.

² Recóllese *esnecigada*.

Enquisas de estudantes

L-15b.

3.1.3. Cun modificador ‘do cadril’: *necia dun cadril*

ALGa

C-08, C-28.

Enquisas de estudantes

C-06c, C-09b, C-19c¹ C-35d²; L-01b, L-24c³.

¹ Recóllese *mecia dun cadril*.

² Recóllese *necia dun cadril*.

³ Recóllese *necia dun codril*.

3.2. *nacha*

3.2.1. Forma sen derivar: *nacha*

ALGa

C-32¹, C-36; O-02, O-05; P-02, P-03, P-06², P-07, P-08³.

¹ Recóllese *narcha*.

² Información adicional: “*panda* (non é dereita no lombo)”. Véxase a epígrafe 1.5. deste mesmo capítulo.

³ Información adicional: “*ter a cambra* (sáltalle un tendón do cadril)”.

Enquisas de estudantes

C-25d, C-28c, C-28d, C-36b, C-36c, C-36d, C-40g, C-41b; O-16c.

3.2.2. Con prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: *esnachada*

ALGa

C-40, C-44; P-04, P-05.

Enquisas de estudantes

C-25c, C-28f, C-32b, C-40c, C-40e; L-28c; P-04b, P-04d, P-04e, P-05b, P-14d.

3.2.3. Con modificador ‘do cadril’: *nacha dun cadril*

ALGa

O-06¹; P-20².

¹ Recóllese *nacha dun cuadril*.

² Recóllese *nacha de cu(a)dril*.

Enquisas de estudantes

C-35c, C-40b.

4. Formas construídas sobre o adxectivo *nafa*, *nafra*

4.1. Formas sen derivar

4.1.1. *nafa*

ALGa

P-13, P-16.

Enquisas de estudantes

P-12c.

4.1.2. *nafra*

ALGa

O-10, O-29¹; P-09, P-15, P-26, P-32.

¹ Recóllese *nanfra*.

Enquisas de estudantes

P-06c, P-09b, P-12d, P-24b, P-27b, P-28b, P-29c.

4.2. Con sufixo *-ada*: *nafrada*

ALGa

P-29, P-31.

Enquisas de estudantes

P-06b, P-06d, P-12f¹, P-28d.

¹ Recóllese *nafrado*.

4.3. Con sufixo *-ada* e prefixo *es-*: *esnafrada*

ALGa

P-28.

Enquisas de estudantes

O-15c, O-15d, O-16b.

5. Formas do tipo *maniña*

5.1. Formas sen modificación

5.1.1. *mainiña*

ALGa

C-34; O-15¹.

¹ Recóllese *maimiña*.

Enquisas de estudantes

C-24b, C-35i, C-39k.

5.1.2. *maniña*

ALGa

C-23¹; C-33.

¹ Recóllese *mamiña*.

Enquisas de estudantes

C-13c², C-18e, C-18f, C-30b², C-35g, C-39b, C-39k, C-41c, C-41d.

² Recóllese *mamiña*.

5.1.3. *meiniña*

Enquisas de estudantes

C-35d, C-39c, C-43b.

5.1.4. meniña

ALGa

C-17, C-24, C-37¹.

¹ Recóllese *memiña*.

Enquisas de estudantes

C-21b², C-37b.

² Recóllese *miniña*.

5.2. Formas con modificador ‘do cadril’

5.2.1. mainiña dun cadril

ALGa

C-22¹, C-43².

¹ Sinálase como información adicional: “*escadrillada*: báixalle o rabo”.

² Recóllese *mainiña dun cadril*.

Enquisas de estudantes

C-18g, C-18h, C-30e.

5.2.2. maniña dun cadril

ALGa

C-38, C-41, C-47.

Enquisas de estudantes

C-18c¹, C-18d¹, C-23b¹, C-29b, C-30d², C-39g.

¹ Recóllese *maniña dun cadril*.

² Recóllese *maniniña dun cadril*.

5.2.3. meiniña dun cadril

ALGa

C-31¹.

¹ Recóllese *meimiña dun cadril*.

Enquisas de estudantes

C-35b; C-35f².

² Recóllese *meimiña dun cadril*.

5.2.4. meniña do cadril

ALGa

C-16¹.

¹ O núcleo da frase é *meniña*.

Enquisas de estudantes

C-22b.

6. Designacións formadas sobre unha raíz *moc-*, *mouc-*

6.1. Formas sen derivar: *mouca*

Enquisas de estudantes

O-20d.

6.2. Con prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*

6.2.1. *esmochada*

ALGa

L-36.

6.2.2. *esmoucada*

ALGa

L-37.

7. Designacións que significan ‘saírse a articulación, escordada’

7.1. *descompоста*

ALGa

C-18¹.

¹ Sinálase como información adicional a existencia do adxectivo *deslancada*, para se referir a unha cadela ou vaca coxas.

7.2. Derivados sobre o substantivo *noca*

7.2.1. Con sufixo *des-* e terminación participial *-ada*

ALGa

O-19¹

¹ Recóllese *desnouncada*. Tamén no rabo.

Enquisas de estudantes

C-13e².

² Recóllese *desnocado*.

7.2.2. Con sufixo *es-* e terminación participial *-ada*: *esnucada*

ALGa

P-01.

7.2.3. Formas de 7.2.1. cun modificador que significa ‘do cadril’

ALGa

P-06¹.

¹ Recóllese *dernucada dun cadril*. Sinálase como información adicional: “*ter a cambra* (sáltalle un tendón do cadril)”.

Enquisas de estudantes

P-17d².

² Recóllese *desnucada do cadril*.

7.3. Formas *espiada* e *despiada*

7.3.1. *despiada*

ALGa

L-10.

Enquisas de estudantes

C-48b.

7.3.2. *espiada*

ALGa

C-20; L-28.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-20b, C-20d; O-17b, O-27b.

7.4. *escordada*

Enquisas de estudantes

L-39b.

7.5. *esnocellada*

ALGa

L-09¹.

¹ Sinálase que, cando ocorre nunha perna, dise *esfiada*. Como información adicional figura *escocada* “báixaselle o rabo”.

8. Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o *cadril*

8.1. Prefixo *des-* e terminación do participio

8.1.1. Substantivo *cadri!*: *descadrilada*

ALGa

C-45; O-20¹; P-17, P-18, P-24, P-25¹, P-29, P-30.

¹ Recóllese *descuadrilada*.

Enquisas de estudantes

C-31c²; L-04b³; Le-05c; P-15c, P-15d², P-19b, P-19c, P-24d, P-26b⁴.

² Recóllese *descadrillada*.

³ Recóllese *descadriada*.

⁴ Recóllese *descalidrada*.

8.2. Prefixo *es-* e terminación do participio

8.2.1. Substantivo *cadri!*

8.2.1.1. Formas do tipo *escadriada*

ALGa

A-05, A-07¹; C-15; Le-03¹.

¹ Recóllese *escuadriada*.

Enquisas de estudantes

C-20d, C-25b; L-28c.

8.2.1.2. Formas do tipo *escadrilada*

ALGa

A-01, A-02, A-04; C-28¹, C-39, C-42, C-48, C-49; L-38²; Le-04²; O-24², O-27²; P-07, P-10, P-14, P-19, P-21, P-22, P-27².

¹ Alternan as formas *escadrilada* e *escuadrilada* neste punto.

² Recóllese *escuadrilada*.

Enquisas de estudantes

C-39f, C-39h, C-42b, C-42c, C-42d, C-42e, C-44b, C-49b, C-49c, C-49d, C-49e; L-21c, L-24c, L-33b, L-34b³; P-03b, P-03c, P-04c, P-04f, P-07b, P-07c, P-09b, P-09c, P-14b, P-14c, P-17b, P-17c, P-24e, P-25b.

³ Recóllese *escuadrillada*.

8.2.1.3. Formas do tipo *escadrillada*¹⁵⁶

ALGa

C-04, C-09, C-10, C-12, C-19, C-21¹, C-29; L-39²; Le-05³; O-04³, O-07³, O-09³.

¹ Tamén se recolle *escadrillada*.

² Recóllese *escudrillada*.

³ Recóllese *escuadrillada*.

Enquisas de estudantes

C-08b, C-08c, C-09e, C-13d, C-18b, C-30c, C-31b⁴, C-35e, C-40d; L-12b, L-39c; P-10b.

⁴ Recóllese *escadrillarse*.

8.2.1.4. *escuadrigada*

ALGa

L-20.

8.2.2. Substantivo *mazá*: formas do tipo *esmanzanada*

ALGa

A-04¹, A-07²; L-23³, L-27, L-29, L-30, L-32; Le-01^{3,4}, Le-02.

¹ Recóllese *esmazanada*.

² Recóllese *esmazuada*.

³ Recóllese *esmazoada*.

⁴ Recolleuse a seguinte información adicional: “*escolada*: coa cola baixa dun golpe”.

Enquisas de estudantes

A-02b; L-13b⁵.

⁵ Recóllese *esmazaiada*.

9. Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril

9.1. Formas referentes habitualmente á parte onde nace o rabo

9.1.1. Sobre o substantivo *croca*: *escrocada*

¹⁵⁶ En C-22 sinálase como información adicional o seguinte: “*escadrillada*: báixalle o rabo”. Véxase tamén o ap. 11.3. deste mesmo capítulo.

ALGa

L-12, L-14.

Enquisas de estudantes

C-45b; L-09b.

9.1.2. Sobre o substantivo *pombela*: *espombelada*

ALGa

O-21; Z-02.

9.1.3. Sobre o substantivo *xema*:

9.1.3.1. *dexamada*

ALGa

L-13¹, L-16, L-21, L-25, L-27.

¹ Recóllese *dexamada*.

Enquisas de estudantes

L-16b, L-21b, L-21c, L-31b; P-09d, P-11b.

9.1.3.2. *xémara*

ALGa

L-13.

9.1.3.3. *xena*

ALGa

L-22, L-26.

Enquisas de estudantes

L-26b, L-26c.

9.1.3.4. Derivación con sufixo participial: *xenada*

ALGa

L-26.

9.2. Outras zonas

9.2.1. Posiblemente sobre o substantivo *coxa*: *escoxada*

ALGa

P-23.

9.2.2. Substantivo *cruz*: *crus das crocas*

Enquisas de estudantes

P-12e.

9.2.3. Substantivo *lacón*: *eslacoada*

ALGa

O-26.

9.2.4. Substantivo *lombo*: *eslombada*

Enquisas de estudantes

C-13f; O-21b.

9.2.5. Substantivo *espádoa*: *espadoada*

ALGa

P-12.

9.2.6. Substantivo *fió*: *desfiada*

ALGa

A-06¹.

¹ Recóllese *desfilada*.

Enquisas de estudantes

L-05c.

10. Outras respostas

10.1. *esmirriñada*

ALGa

C-27.

10.2. *lunanca*

Enquisas de estudantes

Le-05b.

10.3. *retorta*

Enquisas de estudantes

O-15b.

11. Formas problemáticas

11.1. *derbolada*

ALGa

O-18.

11.2. desnoviada

ALGa

C-13.

11.3. Tipo escarrillado

11.3.1. escarrillado

Enquisas de estudantes

L-37b.

11.3.2. Con modificador: escarrilada dun cuadril

ALGa

Le-03.

11.4. estiada

Enquisas de estudantes

L-27b.

11.5. fraga

Enquisas de estudantes

P-29b.

11.6. vaca con un cuadril meixao

Enquisas de estudantes

O-07b.

11.7. renga

Enquisas de estudantes

C-40f.

11.8. respaldada

Enquisas de estudantes

L-23b.

12. Sen resposta

ALGa

O-08, O-31; L-34, L-35.

Enquisas de estudiantes

C-09c, C-13b, C-20c, C-24c, C-28b, C-39e; L-39e; O-06b, O-14b, O-20b, O-26b; P-15e, P-16b, P-21b, P-24c, P-25c, P-28c, P-32b.

Distribución xeográfica das respostas

Estamos diante dun capítulo moi rico en respostas e, ó mesmo tempo, con áreas xeográficas ben definidas para moitas delas. Innda que nos mapas de conxunto poidan estar un pouco esvaídas estas zonas pola acumulación de puntos, os mapas de grupos permitirán observar diferentes distribucións formais: as *maniñas*, as *necias*, as *nachas*, as *esmanzanas*, as *nafras* ou *esnafradas*, etc. Este capítulo é tamén dos que destaca polo elevado número de respostas que só se recollen nun ou dous puntos do territorio; son respostas que foron inseridas en apartados semanticamente coherentes, pero que abranguen designacións formalmente moi distintas e que non gardan unha distribución xeográfica continua.

O primeiro mapa, que representa grupos de formas creadas sobre adxectivos ou verbos relacionados coa idea de ‘baixar, afundir’, é, precisamente, un exemplo de epígrafe heteroxénea, que comprende designacións ben distintas. A carón dunhas respostas menores en canto ó número de rexistros, as raíñas deste apartado son as lexías compostas sobre o adxectivo *baixo* ou o verbo *baixar*. Como xa hai neste traballo un apartado consagrado especificamente ás designacións para os cadrís, á hora de agrupar as formas deste apartado guieime por consideracións combinatorias, atendendo ó tipo de construción presente en cada punto e á información transmitida polo verbo ou adxectivo que forma parte da lexía, non ós elementos chamados en causa para designar o cadril.

O seguinte mapa, con adxectivos e verbos que significan ‘partir, fendido’, é aínda máis heteroxéneo, pois ata 16 das designacións aquí incluídas só aparecen nun único punto de enquisa. Esta circunstancia, así como o escaso número de respostas, xustifica que non se divida en tres mapas (conxunto, ALGa e enquisas de estudantes), como é habitual. Con todo, é unha mostra da riqueza de procedementos de creación lexical, pois os matices presentes para o noso concepto son ben grandes. O verbo *fanar* está presente en dous puntos... separados por 180 quilómetros; no caso de *derrear* e *derrengar*, como se pode comprobar, tampouco hai ningún tipo de continuidade xeográfica. É excepción ó anterior o adxectivo *evada*, localizado en dous puntos contiguos pontevedreses das enquisas dos estudantes de Lingüística Románica.

O terceiro mapa contrasta, enormemente, cos dous anteriores. Dunha banda, ofrécenos grupos de respostas de vitalidade contrastada; doutra, estes tres grupos contan cun territorio perfectamente delimitado e case sen ningunha “invasión de fronteiras”. O

tipo *necia*, con ou sen modificador, ocupa o norte da provincia de Lugo (agás o extremo oriental) e o nordés da Coruña; nesa zona discernimos tamén, sobre todo no leste, os derivados *névega* e *esneciada*. Descendendo, batemos co territorio de *nacha*, case todo no sur da Coruña e norte da provincia de Pontevedra, inda que algunhas respostas baixan polo interior desta e chegan ata puntos ourensáns, esencialmente da fronteira; o derivado *esnachada* está moi presente, pero non conta cunha distribución xeográfica coherente dentro deste grupo. Por último, na parte occidental de Pontevedra e cinco puntos ourensáns, rexístranse as formas do tipo *nafra*; esta é a resposta maioritaria, pero temos tres variantes bastante ben diferenciadas territorialmente: a) *nafa*, no Salnés, zona de Sanxenxo e O Grove; b) *nafrada*, en dous grupos, o primeiro tamén no Salnés, máis no norte, na zona de Vilagarcía, entrando xa en Caldas, e o segundo no Baixo Miño e sur da bisbarra de Vigo; c) *esnafrada*, que conta cun punto en Baiona e tres pola zona de Celanova.


O noso cuarto mapa non inclúe moitas respostas, motivo polo que se optou, como no segundo, por non facer submapas para os datos procedentes da rede do ALGA e para a rede de enquisas de estudantes. As estrelas absolutas son as designacións do tipo *maniña*, que copan a parte noroccidental da provincia da Coruña, nun case cadrado delimitado por Lousame, Oroso e a costa atlántica (quedan fóra dous puntos: Rianxo, a poucos quilómetros ó sur, e outro a case 150, en Ramirás, Ourense). As outras formas non son relevantes nun comentario xeográfico, quizais coa excepción de *(d)espiada*, que, se ben non forma área, ten bastantes respostas concentradas de norte a sur na fronteira entre A Coruña e Lugo.

No que respecta ó quinto e último mapa, hai diferentes zonas que cómpre sinalar. Temos os compostos sobre un tipo *mazá* no oriente de Lugo e en puntos asturianos e leoneses (véxase a pregunta 6 para a distribución da base *mazá*) e, inmediatamente ó oeste destes derivados, sitúanse as formas creadas a partir de *xena* e de *xema*. Os adxectivos *escrocada* e *espombelada* só contan con dúas respostas cada un, sempre en puntos contiguos. Polo que respecta ás voces que teñen o substantivo *cadril* como base, é certo que son as maioritarias, pero non presentan ningunha distribución xeográfica relevante.

MAPAS DE CONXUNTO


7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Todas as fontes

- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido'
- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'partir, fendido, ferido'
- Tipo *necia*
- Tipo *nacha*
- Tipos *nafra*, *esnafrada*
- Tipo *maniña*
- ★ Designacións formadas sobre unha raíz *moc-*, *mouc-*
- + Designacións que significan 'saírse a articulación, escordada'
- Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril
- ◇ Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril
- * Outras respostas
- + Puntos sen resposta




7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. ALGa

- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido'
- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'partir, fendido, ferido'
- Tipo *necia*
- Tipo *nacha*
- Tipos *nafra, esnafrada*
- Tipo *maniña*
- ★ Designacións formadas sobre unha raíz *moc-, mouc-*
- ⊕ Designacións que significan 'saírse a articulación, escordada'
- Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril
- ◆ Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril
- * Outras respostas
- + Puntos sen resposta



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Enquisas de estudantes

- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido'
- Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'partir, fendido, ferido'
- Tipo *necia*
- Tipo *nacha*
- Tipos *nafra, esnafrada*
- Tipo *maniña*
- ★ Designacións formadas sobre unha raíz *moc-, mouc-*
- ⊕ Designacións que significan 'saírse a articulación, escordada'
- Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril
- ◆ Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril
- ✳ Outras respostas
- + Puntos sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Formas creadas sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido'

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Todas as fontes

Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido' e un substantivo que significa 'cadril'

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ■ <i>afundir, fundir</i> ◆ <i>anasar un cadril</i> ▲ <i>Verbo caer: caída dun cadril</i> ✚ <i>pandela: 'curva, arqueada'</i> | <p>Sobre o adxectivo <i>baixo</i> ou o verbo <i>baixar</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ● 'baixa do/dun cadril' ⊕ 'cadril baixo' ● 'baixar o cadril' |
|---|---|



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. ALGa

Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'baixar, afundido' e un substantivo que significa 'cadril'


■ *afundir, fundir*

Sobre o adxectivo *baixo* ou o verbo *baixar*

● 'baixa do/dun cadril'

● 'cadril baixo'

● 'baixar o cadril'



MAPAS DE DETALLE

b) Formas creadas a partir dun adx. ou verbo que significa 'partir, fendido, ferido'

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Todas as fontes

Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa 'partir, fendido, ferido, etc.'

'ferir, mancar'

- ⊕ aleixada
- ⊕ ennucida
- ⊕ mancada
- ⊕ ten xostra

'toller, baldar, estragar'

- baldada dun cadril
- Verbos *derrear*, *derrengar*
- eivada
- derramada
- esfondada

'partir, fender'


- ⬢ co cadril fendido
- ⬢ que partiu un cuadril
- ⬢ Sobre o adx. *fallada* cun modificador que significa 'cadril'

'cortar, mutilar'

- ⊠ cortada
- ⊠ *espuntouselle un óso*
- ⊠ Formas do verbo *fanar*
- ⊠ *ripiada*

'esmagar, aplastar'

- *derborronada*
- ★ *destrangulada*, *cadril destrangulado*
- ★ *escadullada*



MAPAS DE DETALLE

c) Tipos *necia* e *nacha* e derivados. Adx. *nafra* e derivados

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Todas as fontes

Tipos *necia*, *nacha* e *nafra*

Tipo *necia*


- *necia*
- *nécega*
- *esneciada*
- *necia dun cadril*

Tipo *nacha*

- *nacha*
- *esnachada*
- *nacha dun cadril*

Tipo *nafra*

- ▲ *nafa*
- ▲ *nafra*
- ▲ *nafrada*
- ▲ *esnafrada*



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. ALGa

Tipos necia, nacha e nafra

Tipo *necia*


- *necia*
- *esneciada*
- *necia dun cadril*

Tipo *nacha*

- *nacha*
- *esnachada*
- *nacha dun cadril*

Tipo *nafra*

- ▲ *nafa*
- ▲ *nafra*
- ▲ *nafrada*
- ▲ *esnafrada*



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Enquisas de estudantes

Tipos necia, nacha e nafra

Tipo *necia*


- *necia*
- *nécega*
- *esneciada*
- *necia dun cadril*

Tipo *nacha*

- *nacha*
- *esnachada*
- *nacha dun cadril*

Tipo *nafra*

- ▲ *nafa*
- ▲ *nafra*
- ▲ *esnafrada*



MAPAS DE DETALLE

d) Formas do tipo *maniña*. Voces cunha raíz *moc-*, *mouc-*. Designacións que significan ‘saírse a articulación, escordada’

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Todas as fontes


Tipos *maniña* e *mouca* e designacións que significan ‘escordada’

Tipo *maniña*

- Formas sen modificador
- Formas cun modificador ‘dun cadril’
- ★ Designacións formadas sobre unha raíz *mouc-*, *moch-*

Designacións que significan ‘saírse a articulación, escordada’

- *descomposta*
- Derivados sobre o substantivo *noca*
- Formas *despiada* e *espiada*
- *escordada*
- *esnocellada*



MAPAS DE DETALLE

e) Derivados sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril ou unha zona anatómica próxima. Outras respostas

7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe . Todas as fontes

Construcións sobre unha forma que significa 'cadril' ou unha zona próxima a este. Outras respostas

Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril

- ⊖ *descadrilada*
- ⊕ *escadriada*
- ⊗ *escadrilada*
- ⊙ *escadrillada*
- ⊘ *escuadrigada*
- ⊚ Sobre o substantivo *mazá*:
formas do tipo *esmanzanada*

Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril


a) Designacións referentes ó rabo da vaca

- *escrocada*
- *espombelada*
- Sobre *xema*
- *xena e derivados*

b) Outras partes da anatomía

Outras respostas

- * Outras respostas e formas problemáticas
- + Puntos sen resposta



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. ALGa

Construcións sobre unha forma que significa 'cadril' ou unha zona próxima a este. Outras respostas

Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril

- ⊖ *descadrilada*
- ⊕ *escadriada*
- ⊗ *escadrilada*
- ⊗ *escadrillada*
- ⊗ *escuadrigada*
- ⊕ Sobre o substantivo *mazá*:
formas do tipo *esmanzanada*

Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril


a) Designacións referentes ó rabo da vaca

- *escrocada*
- *espombelada*
- Sobre *xema*
- *xena e derivados*

b) Outras partes da anatomía

Outras respostas

- * Outras respostas e formas problemáticas
- + Puntos sen resposta



7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe. Enquisas de estudantes

Construcións sobre unha forma que significa 'cadril' ou unha zona próxima a este. Outras respostas

Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril

- ⊙ *descadrilada*
- ⊕ *escadriada*
- ⊗ *escadrilada*
- ⊗ *escadrillada*
- ⊕ Sobre o substantivo *mazá*:
formas do tipo *esmanzanada*

Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril


a) Designacións referentes ó rabo da vaca

- *escrocada*
- Sobre *xema*
- *xena* e derivados

b) Outras partes da anatomía

Outras respostas

- * Outras respostas e formas problemáticas
- + Puntos sen resposta



Comentario de formas

1. Formación sobre un adxectivo ou verbo relacionados coa idea ‘baixar, afundir’ e un substantivo que significa ‘cadril’

1.1. *afundir, fundir*

Os diferentes substantivos aquí presentes co significado ‘cadril’ poden consultarse na pregunta 6 *ósos da cadeira* deste traballo; concretamente: *cadril* (ap. 1), *illó* (ap. 7.1.), *mazá* (ap. 2) e *mesa* (7.2.).

O verbo *afundir* continúa o latín (AF)FUNDERE ‘verquer, derramar’, que foi adquirindo os significados de ‘desparramar, dispersar’ e máis tarde ‘botar a perder’ e ‘ir ó fondo’; pódese ver en DCECH, s.v. *hundir*, este percorrido semántico con maior detalle. Ben que esta sexa a forma normal do verbo, non faltan exemplos de *fundir* con este mesmo significado, cando a súa acepción normal é ‘derretérense [os corpos sólidos] pola calor, unirse nunha soa [cousas diferentes]’. Temos algunhas mostras no GVGH, s.v. *fundir*: “ [*fundir*] v. 1. (Com. Mon. Xun. Cal.) hundir; 2. (Fea.) cavar; 3. (Fri.) cundir; 4. (Mez.) fracturar un hueso; *prnl.* (v.c.), *afondarse* (San. Ped. Inc.), *afundirse* (Sco. Com. Nov. Goi.), *enfundirse* (Gui.), *esfondarse* (Cab.), *fondirse* (Ram.) hundirse”.

Aínda que prefire *afundar*, o portugués coñece tamén (sobre todo en textos antigos) a forma *afundir*. As formas deste verbo teñen destacada presenza nos textos galegos, pois temos exemplos xa en 1853: “coiro con gafura, barolento e de mal cheiro, os ollos afundidos, os ósos nos pelexos”¹⁵⁷. A fortuna nos dicionarios non é menor, pois xa Sobreira incluíu esta voz nas súas *Papeletas*, sinalando diferentes variantes e dando incluso algunha nota dialectolóxica, s.v. *afondir*: “v. a. de Ribadavia, Moraña. Echar al fondo, y sumergir en agua u otra cosa cualquier cosa. Y la terc. pers. de pret. perfecto en Moraña es *afonden*, y en Ribadavia *afondiu*¹⁵⁸. En Ribadavia también dicen: *Enfundir* y *afundir* y *enfundir*”. Progresivamente (xa en Porto, s.v. *afundir*, por exemplo) irá aparecendo explicitamente o significado de ‘enterrar, aplastar’.

¹⁵⁷ Pintos (1853: 57).

¹⁵⁸ Véxase Fernández Rei (1991²: 83) para máis detalles sobre esta variación.

1.2. *anasar un cadril*

Para a forma *cadril* (e variantes), véxase o comentado no capítulo 6, ap. 1.

O significado habitual de *anasar* no galego actual é o de ‘dobregar as pernas’, pero para interpretar a forma presente neste apartado hai que acudir a unha acepción máis ampla ‘inclinarse cara abaixo’; o dicionario da Academia (1913-1928) recolle a entrada *anasar*, definíndoa como “esquerquenar”.

A semántica non presenta problemas, pois, pero si que os pon a etimoloxía. O dicionario Xerais1986 acode, con dúbidas, a un lat. *NATICA ‘cacha, nádega’, que podería valer pola proximidade xeográfica, pero que tería un percorrido semántico non moi evidente. En portugués documentamos o verbo *anãzar*, variante de *ananicar* “tornar nanico, diminuir”, como o define Houaiss, quen sitúa na súa base un substantivo *anão* < lat. NANNU ‘anano’.

1.3. Sobre o adxectivo *baixo* ou o verbo *baixar*

1.3.1. ‘baixa do/dun cadril’; 1.3.2. ‘cadril baixo’

Estamos diante de dous procedementos formativos distintos, pero que xogan cos mesmos elementos; os dous son frecuentes na lingua e non requiren maior explicación. No primeiro caso estamos diante dunha frase adxectiva cun núcleo *baixo* e un substantivo que significa ‘cadril’ que se insire nunha frase preposicional; no segundo caso invértense os termos e o termo ‘cadril’ pasa a ser o núcleo dunha frase substantiva, modificada polo adxectivo antes citado. Alternan nos nosos resultados tres voces distintas para nomear o cadril: *illó, óso* e *cadril*, por orde inversa de vitalidade; as tres formas foron estudadas na pregunta 6 *ósos da cadeira* deste traballo, en concreto nas epígrafes 3, 7.1 e 1, respectivamente. O adxectivo *baixo* procede dun lat. BASSU, a través dun lat. vulgar BASSIU, con posterior metátese de iode.

1.3.2.3. Parte do corpo próxima ó cadril cun adxectivo ‘baixo’: *que ten a pombela baixa*

A pombela é, normalmente, o óso onde nace o rabo dos animais; estúdase detidamente este substantivo no capítulo 8 deste traballo, ap. 4.

1.3.3. Verbo *baixar* cun substantivo empregado habitualmente co significado ‘cadril’

Para a forma *cadril*, véxase a pregunta 6, apartado 1; para *agulla*, a pregunta 5 (relativa ó espiñazo), apartado 6.4. Para o verbo *baixar* temos que supor un latín *BASSIARE, formado sobre o adxectivo arriba citado.

1.4. Verbo *caer*: *caída dun cadril*

Para a forma *cadril*, véxase a pregunta 6, apartado 1. O verbo *caer* procede dun lat. CADERE.

1.5. *pandela* ‘curva, arqueada’

Diminutivo formado co sufixo *-ela* (< lat. *-ĒLLA*) sobre o adxectivo *pando* –continuator dun latín PANDU ‘curvo, arqueado’– que significa que algo está curvado ou tamén que cedeu por mor do peso ou outros factores (idade, circunstancias atmosféricas, etc.). Existen na lingua tanto *panda/o* coma *pandela/o*¹⁵⁹, pero é este primeiro adxectivo quen ten maior vitalidade, como testemuña, p.ex., GVGH, s.v. *panda*: “*adj.* 1. [*panda*] (San. Mel. Sob.), *pandela* (Sob.) se dice de la vaca con el lomo hundido a causa de un golpe; 2. (Tob.) aplícase al techo hundido”. O único punto en que recolleemos esa forma nas nosas enquisas, C-28c (Boimorto), sitúase precisamente no triángulo formado por Santaia, Melide e Sobrado, as tres localidades que aparecen en GVGH para a vaca con lombo afundido por mor dun golpe.

2. Formación sobre un adxectivo ou verbo que significa ‘partir, fendido, ferido’ e, eventualmente, un substantivo que significa ‘cadril’¹⁶⁰

2.1. ‘ferir, mancar’

2.1.1. *aleixada*

¹⁵⁹ Por suposto, tamén existen, e con destacada presenza, o substantivo *panda* ‘comba, curva’ ou o verbo *pand(e)ar*.

¹⁶⁰ Tal e como sinaléi anteriormente, coloco en epígrafe á parte as construcións sobre *nevia-nacha* e *nafra*. En primeiro lugar, non está clara a motivación e o significado subxacente de moitas delas coa precisión requirida para adscribilas ós diferentes subapartados de 2. En segundo lugar, o número de respostas e de subclasificacións é considerable nestes dous grupos, polo que a súa inserción complicaría demasiado a organización interna deste apartado 2 e, en consecuencia, a súa consulta.

Participio do verbo *aleixar*, continuador dun latín vulgar *LAESIARE (latín clásico LAESIONARE ‘ferir’). É Carré1 o primeiro lexicógrafo en recoller este significado (s.v. *aleixar*, “v. a. y n. Mutilar, lesionar. Véase *mancar*.”); en obras lexicográficas anteriores aparece tamén este termo, pero baixo a acepción ‘afastar’. Podemos ler no pondaliano *Queixumes dos pinos* un exemplo de uso: “parece un pino leixado do vento”¹⁶¹.

2.1.2. *ennucida*

Na base está un verbo *nucir* ‘mancar’, recollido nos dicionarios de Ibáñez e de Carré4, marcado neste último como forma antiga; esta voz conta cunha variante *nocer*, de maior fortuna na lingua. Na raíz está o verbo latino NŌCĒRE ‘facer mal, causar dano’, que ofrece tamén resultados por vía culta, coma *nocivo*; temos paralelos en case todas as linguas romances (p.ex. o italiano *nuocere* ou o francés *nuire* [fr. antigo *nuisir*]).

Non localizo ningunha forma do tipo *ennucir* nos materiais consultados; con todo, *nocer-nucir* tampouco gozan de demasiada fortuna, pois no TILGA só aparece en 9 ocasións, en 6 textos diferentes, desde 1896: “Que agarimosa os bicos espacia / Sin coidar que chegaran a nocer”¹⁶².

2.1.3. *mancada*

Participio do verbo *mancar* ‘causar ou levar algún golpe, ferida ou dano físico’. Este verbo fórmase sobre o adxectivo *manco* ‘maneto, privado de man ou brazo’, de onde sae sen maior problema unha xeneralización para se referir a un dano máis xeral, en calquera parte do corpo. É verbo existente tanto en galego coma en asturiano, portugués e español.

Xa o dicionario de F. J. Rodríguez se fai eco da comentada dualidade entre a man e o resto do corpo, s.v. *mancar*: “Lastimar á uno de intento ó casualmente en una mano, aunque se dice de todo el cuerpo. En port. id.”. Mentres que o infinitivo *mancar* ou o substantivo *mancadura* aparecen en bastantes dicionarios, só Cuveiro se fai eco con entrada diferenciada do adxectivo *mancado* (“Lastimado levemente”), que é o que aquí nos ocupa.

2.1.4. *ten xostra*

Véxase o comentado no capítulo 11 deste mesmo traballo, ap. 10.13.

¹⁶¹ Pondal (1886: 17 e 18).

¹⁶² Carré Aldao (1896: 31).

2.2. ‘cortar, mutilar’

2.2.1. *cortada*

Participio do verbo *cortar* (< lat. CURTARE).

2.2.2. *espuntóuselle un óso*

O verbo *espuntar* está construído sobre o substantivo *punta* (< lat. PUNCTA) e ten como significado máis habitual ‘quitar ou gastar a punta’. Alterna na fala con *despuntar*, como se pode observar en GVGH (s.v. *espuntar*): “[*espuntar*] (Com. Sob. Goi. Ced.), *despuntar* (Ver.) cortar la punta de algo”. Outro dos seus significados é ‘sobresaír, adiantarse’, e posiblemente a designación para o cadril afundido poida ser entendida deste modo, xa que o golpe pode levar aparelada como consecuencia que un óso se fracture e sobresaia, ou incluso que o desgaste na pel faga máis visible a zona da ferida. Ten bastante presenza nos dicionarios e hai sete rexistros no TILGA.

2.2.3. Verbo *fanar*: participios *fana*, *fanada*

2.2.3.1. *fana dun cadril*; 2.2.3.2. Formas derivadas: *fanada*

Véxase o capítulo 16, ap. 30.16.

2.2.4. *ripiada*

Aínda que en galego existe o verbo *ripiar* ‘arrepíar’, ten máis sentido pensar que estamos diante dun castelanismo, por *ripar*. Este verbo ten varias acepcións que nos interesan: “1. Quita-la baga ou bogaña ó liño. 2. Arrincar, quitar algo que sobresaie ou sobra. 3. Pela-las castañas [...] 6. Separar ou dividir unha cousa por medio dun instrumento de corte” (definición tirada de Xerais2000). Nesa liña, en DRAE, s.v. *ripiar*, temos un significado localizado en Cuba “hacer pedazos algo”.

No que respecta á etimoloxía, segundo DCECH (s.v. *ripiá*), o máis probable é que derive dunha voz gótica *RIBJÔ ‘costela’, de onde sairía *ripiá* ‘táboa delgada para construír tabiques, táboa posta ó lado do carro para amparar a carga’ e de aí *ripiar* ‘dividir algo en pequenas partes máis longas ca largas, ou en forma de fíos’. Meier (1984), por contra, suxire revisar máis a fondo o parentesco con *ripió* ‘residuo que queda de algo’.

Ademais dese significado máis xeral ‘cortar’, rexistramos un ‘golpeada cunha ripa’ e, por extensión de sentido, ‘golpe, efecto dese golpe’. Iso é o que acontece en portugués,

como podemos ler na entrada *ripada* de Houaiss: “1. golpe ou pancada com auxílio de uma ripa; bordoadada. 2. Derivação: por extensão de sentido. qualquer pancada aplicada, p.ex., com um cacete, um chicote etc. 3. Derivação: por metonímia. o efeito desse golpe Ex.: r. visíveis na porta do automóvel”.

2.3. ‘toller, baldar, estragar’

2.3.1. *baldada dun cadril*

Para a forma *cadril* (e variantes), véxase o comentado no capítulo 6, ap. 1.

Este participio pertence ó verbo *baldar*, que hai que remontar ó árabe *batal* ‘anular, inutilizar, deixar inválido’ (ou ben a un adxectivo derivado dese verbo, co significado ‘inútil’); véxanse máis detalles en DCECH, s.v. *baldar*. Existe este verbo, e múltiples derivados, tamén en asturiano, castelán ou portugués.

Localízanse no TILGA unha cincuentena de rexistros, desde 1867. Polo que respecta ós dicionarios, aparece xa nas papeletas do de Sobreira, documentada en Ribadavia: a) *baldar* “Impedir o privar alguna enfermedad o accidente el movimiento de los miembros o alguno de ellos. Item, ibi, *toller*” e b) *baldarse* “Padecer la falta de movimiento en los miembros de resultas de alguna enfermedad, accidente, ayre, etc. Item, ibi. *Tollere*”.

2.3.2. Verbos *derrear, derrengar*

2.3.2.1. Base *derrengar*: participio *derrengada*; 2.3.2.2. Base *derrengar*: participio *derreada*

Para a forma *cadril* (e variantes), véxase o comentado no capítulo 6, ap. 1.

Para explicar este verbo, temos que acudir a unha forma latino-vulgar *DERENARE, composta sobre o latín RENE ‘ril’, que nos daría *derrear*. Para *derrengar* hai que pensar (seguramente por intermediación do español) no derivado lat. DERENICARE; inda que tamén ten esta forma, no asturiano é máis frecuente *derrangar* (vid. DGLA, s.v.). Deste significado orixinal de ‘magoar os ris’ pasaría a unha acepción máis ampla ‘lesionar os cadrís, o lombo’ e de aí á acepción máis xeral e máis estendida hoxe ‘cansar en extremo’.

Esta forma xa a recolleu no s. XVIII Sarmiento CVFLG (s.v. *derreár*): “Lo mismo que *derrengar*, dar de palos a uno, deslomarle, desriñonarle. Todo de *renes*, *riles*, *ris*”, aínda que o primeiro rexistro no TILGA só data de 1858. Pouco máis tarde documentámolo precisamente en compañía de *cuadril* (nótese que tamén se usa, como sinónimo, *escuadrilao*,

tipo de construción comentada no ap. 8 deste capítulo): “É verdá qu' a tirar ben ningún 'n España os iguala, qu' onde o ollo poin, a bala ou a china poin tamén. Pero o qu' asombra inda máis é un torto e dun cuadril derrangao, que sin fusil vai á caza cos demais. A todo dar, cinco pés terá de talla dun lao; mais, como está escuadrilao, do oposto lao terá tres”¹⁶³.

Para a alternancia de *derrear* e *derregar*, temos unha boa guía no GVGH, s.v. *derrear*: *derrear* documéntase en 14 puntos de toda Galicia, mentres que *derrangar* se rexistra en 3 localidades e *derregar* só en dúas.

2.3.3. Verbo *eivar*: participio *eivada*

A dxectivo construído sobre o substantivo *eiva* ‘defecto, imperfección, fenda’. Segundo Houaiss, *eiva* é de orixe escura. DCECH (s.v. *aleve*) recolle unha hipótese de Spitzer para facela derivar dun árabe *‘aqib* ‘vicio, defecto, acción culpable’. Xerais1986, ademais da forma árabe, sinala como posible étimo un termo céltico **asibom*, sen aclarar o seu significado nin a fonte desa hipótese. Meier (1988: 109-112) considera a orixe árabe pouco probable e sostén que a hipótese céltica precisa dunha maior documentación.

Aparece nos dicionarios moi cedo, desde o de F. J. Rodríguez, que inclúe as entradas *eiba* e mais *eibado*: “manco ó faltoso de algun membro. En portugues se escribe igualmente”. Nesa mesma liña vai a primeira acepción das recollidas no GVGH, s.v. *eibado*: “*adj.* 1. (Sco. Com.), *eneibado* (Mez.) imposibilitado de algún membro; 2. (Gro.) jorobado”. Con todo, os textos están cheos de usos máis xenéricos, sen se referir necesariamente a un membro do corpo; a modo de exemplo, no TILGA hai máis de 100 rexistros só de *eivado*.

2.3.4. *derramada*

Véxase o sinalado na pregunta 4 (*infectarse o pescozo da vaca polo roce do xugo*), apartado 4.3.

2.3.5. *esfondada*

Verbo composto sobre o substantivo *fondo* (< lat. FUNDU), cunha acepción primixenia ‘romper o fondo [dun vaso, dun bocoi,...]’, da que se pasou a un significado máis xenérico ‘romper, destruír’. Non aparece este participio nos dicionarios, aínda que o infinitivo *esfondar* si que está neles, desde Leiras; o seu parente *desfondar* ten menor vitalidade –pola coincidencia co castelán–, pero xa estaba presente no dicionario de Pintos, case medio século antes.

¹⁶³ Fernández Morales (1861: 326).

2.4. ‘partir, fender’

2.4.1. (co) *cadril fendido*

Para a forma *cadril*, véxase o comentado na pregunta 6, ap. 1.

Fendido é participio do verbo *fender*, continuador dun lat. FINDERE ‘abrir, dividir’. Documentábase *fender* en portugués; en asturiano temos tanto formas do tipo *fender* coma coincidentes co castelán *hender* (vid. DGLA, s.v. *fender*). Atópase desde sempre nos dicionarios, xa a partir de Sobreira, que non o recolle como entrada individualizada, pero si dentro de *abrirse* e de *abrir* “*v. a. y n. fender. rachar, etc.*”.

2.4.2. *que partiu un cuadril*

Para a forma *cadril*, véxase o comentado na pregunta 6, ap. 1.

O verbo aquí presente é forma de pretérito de *partir*, proveniente dun latín PARTIRE. A acepción ‘fracturar’ está ben presente no territorio, como se pode apreciar en GVGH, s.v. *partir*: “5. (Sob. Ced. Cre. Inc. Mon.) fracturar”.

2.4.3. Sobre o adxectivo *fallada* cun modificador que significa ‘cadril’

Este participio do verbo *fallar* significa, entre outras moitas cousas, ‘que ten algún defecto, avariada’, acepción que cadra perfectamente co concepto estudado neste capítulo. Pero hai inda algún significado máis específico para este verbo que acae mellor, como é ‘romper, fender, ter unha falla’, que non aparece nos dicionarios galegos ata Carré1.

2.5. ‘esmagar, aplastar’

2.5.1. *derborronada*

En galego temos o verbo *esborroar* ‘esmagar unha cousa cun golpe, derrubarse, fundirse, etc.’, ó que temos que axuntar verbos como *esboroarse* ou –entrado polo español– *desmoronar*. Para a etimoloxía, cómpre acudir á voz *boro(n)a* ‘pan de millo’, de orixe problemática (vid. DCECH, s.v. *borona*), aludindo á facilidade coa que forma faragullas ese pan. Outra posibilidade, non menos factible, é chamar en causa a voz *borra*, que entre os seus múltiples significados ten os de ‘cinza, sedimento do viño, po, etc.’, que poden ser doadamente interpretados como restos dunha esmagadura.

Non atopo referencias nos dicionarios de formas con *de-*, mentres que *esborroar* aparece por vez primeira no dicionario de Carré1: “*v. a. Despachurrar. Aplastar alguna*

cosa con un golpe; *v. r.* Desmoronarse. Deshacerse un montón, muro, etcétera desparramándose sus componentes. Derretirse, fundirse con el calor”.

Desborro(n)ar tamén está ausente do TILGA, mentres que *esborroar* aparece desde 1891, inda que case sempre con outro significado: ‘esvaecérense [os perfís ou as formas das cousas] por causa da néboa ou da escuridade’.

2.5.2. *destrangulada / cadril destrangulado*

Para a forma *cadril*, véxase o comentado na pregunta 6, ap. 1.

Participio de *destrangular*, derivado con prefixo *de-* (< lat. DE) sobre o continuador dun latín STRANGULARE ‘apretar, afogar’; non é unha alternancia rara, xa vimos o caso de *(d)esfondar* e temos tamén *(d)estragar*, por citar só dous exemplos.

Non localizo esta forma con prefixo *de-* nin nos dicionarios nin no TILGA. *Estrangular* si que aparece, pero non destaca a súa presenza: dunha banda, o feito de coincidir coa forma castelá xa causa que só apareza no dicionario de Eladio Rodríguez; doutra banda, nos textos incluídos na citada base de datos non aparece ata o ano 1958 e, despois, ata 1973, data desde a cal ten unha certa presenza. Cómpre citar tamén o adxectivo *estrangado*, que aparece no Valladares *inédito* como “Estropeado o maltratado. Débil o falto de fuerzas a causa de alguna enfermedad”, en Eladio Rodríguez defínese como “Dícese del mueble o silla que están torcidos o no asientan bien”; *estrangoar* foi recollido por Varela González en Santaia, co significado ‘atragoar’ (cf. GVGH, s.v.).

2.5.3. *escadullada*

O verbo *escadullar* normalmente significa ‘desfacer os terróns que quedan enteiros despois de labrar’, pois ese é un dos significados de *cadullo* (de etimoloxía dubidosa, quizais de CAPITOLIUM, derivado do lat. clásico CAPUT, CAPITIS ‘cabeza’), xunto co máis xeral de ‘grumo, coágulo’ (especialmente o que forma a fariña cando non se mestura ben coa auga). A acción de esmagar os terróns ou partilos cun legón ou similar para que se desfagan pode compararse sen demasiado problema coa de golpear o cadril, deixando unha ferida como resultado; sería un procedemento bastante semellante ó de *derborronada* (vid. 2.5.1.). Rivas Quintas (2003) recolle, aboada no Carballiño, un verbo *escadullar* “arrancar las mazorcas del tallo”.

3. Construcións sobre as bases *necia*, *nacha*

A proximidade fonética e semántica das diferentes formas que agrupamos a continuación fai que sexa tentador explicar en conxunto as voces *nacha*, *nacia*, *necia*, *esneciada*, *esnachada* ou *névega* que localizamos neste apartado. Con todo, tampouco hai tantos datos sobre a mesa como para aventurar unha hipótese nun sentido ou noutro.

A respecto do adxectivo *nacho*, DCECH, s.v. *chato*, observa que “en casi toda América y en parte de Asturias *chato*, en cuanto se aplica a la nariz, fué reemplazado por *ñato*, forma debida a un cruce con el leon. y gall. *nacho* íd. (en forma más dialectal **ñacho*), que a su vez parece resultar de una pronunciación hipocorística de *naso* ‘nariz’, lat. NASUS, vid. mi artículo en RFH VI, 15-22, que puede consultarse además para el exacto valor semántico y para el matiz afectivo de *chato* y de *ñato*”. A análise semántica casa ben: compárase o *nacho*, a persoa con nariz pequeno e como esmagado, coa vaca con cadril afundido; o verbo *esnachar* ‘desnarigar, deixar a un chato’ rende perfectamente tamén a idea de golpe, de accidente.

O dicionario Século XXI faise eco tamén da existencia dunha forma *necha* “1. Ferida ou corte na cabeza. 2. Depresión ou fenda producida nunha superficie por mor dun golpe”, voz aceptada no estándar definido no VOLGA, pero que, curiosamente, non aparece en ningún dos dicionarios clásicos do galego nin nos textos escritos incluídos no TILGA. A equipa redactora de Século XXI explica ben como variante do substantivo *mecha*, ben dun cruce entre *mecha* e *brecha* (que procede do fr. *brèche*, e este do xermánico *brekha* ‘fractura, rompedura’).

Non parece que as formas do tipo *necia* haxa que explicalas a través do étimo latino NESCIU ‘ignorante, que non sabe’, pois non teño referencias de que se empregase tamén esta forma para eivas físicas (quizais un transvase desde o dominio psicolóxico ó físico?). Otero (1957a) proponse a mesma orixe que para o verbo *nesgar* ‘cortar unha tea ou tecido en sentido oblicuo ós seus fíos’, probablemente dun latín *NEXICARE, creado sobre NEXI, perfecto de NECTERE ‘atar, amarrar, unir, xuntar’; así, corríxe o sinalado en Otero (1949), en que as facía vir dun xermánico *nef* ‘nariz, morro’.

A seguir, comentaranse por separado os grupos *necia* e *nacha*.

3.1. Base *necia*

3.1.1. Forma sen derivar: *necia*

No referente á fortuna lexicográfica, localízoa só en diferentes obras de Aníbal Otero, non só nas citadas no parágrafo anterior, senón tamén en Otero (1977), s.v. *necia*:

“jémara”. En GVGH, s.v. *necia*, podemos localizar diferentes variantes, referidas sempre ó significado que nos interesa neste apartado: *necia* úsase en Caaveiro, Cabalar, Feás, Ferreira do Valadouro e Cedofeita; *esneciada* recolleuse en Guitiriz; *néciga* é voz usada en Cedofeita e en Melide temos *nencia*. Nótese que esta repartición xeográfica casa á perfección co debuxado na nosa rede de puntos. Tamén estará relacionado, inda que con significados máis vagos para o fin que nos interesa, o adxectivo *necio*, recollido en Caaveiro como “estevado” e en Compostela como “[animal] que anda mal”.

3.1.2. Formas derivadas

3.1.2.1. Cun sufixo *-ega*: tipo *nécega*

O sufixo *-ego* é morfema pouco rendible na lingua actual; crea adxectivos, fundamentalmente sobre substantivos; a súa etimoloxía é controversa, pode suporse unha orixe ibérica, ou que continúe un lat. *-A/OECU* (< **-aiko*)¹⁶⁴. Nótese tamén a variación acentual que aparece nos nosos resultados: unha forma proparoxítona e dúas graves (mais un derivado).

Mentres que *nécega* só se documenta nos dicionarios clásicos do galego como “lanzadera” (Otero 1977), temos *néciga* “Se dice de una vaca que tiene el cadril hundido (Láncara). *Xena* en Lugo” no apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez.

3.1.2.2. Cun prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: tipo *esneciada*

Prefixo *es-* proveniente do latín *EX*. Procedemento de formación que veremos abundantemente en diferentes partes deste capítulo, especialmente no apartado 8.2. Recolleuse esta forma tamén en Guitiriz (GVGH, s.v. *necia*), aínda que o verbo *esneciarse* aparece tamén en Otero (1957a), localizado en Moimenta, “del mismo origen que *nesgar*”.

3.1.3. Cun modificador ‘do cadril’: *necia dun cadril*

Para *necia*, véxase arriba. Para *cadril*, véxase o ap. 1 da pregunta 6.

3.2. *nacha*

3.2.1. Forma sen derivar: *nacha*

¹⁶⁴ Ferreiro (2001²: §406).

Nacho aparece en varios dicionarios, desde o de Rodríguez, cun significado común en todos eles: ‘que ten o nariz aplanado’. Aníbal Otero (1977: s.v. *dejemado*) vai ser o único que conteña unha acepción explícita no sentido da designación que aquí nos ocupa hoxe: “Derrengado del cuadril”. En Novefontes e Melide (GVGH, s.v. *nacha*) documentouse como “vaca con un cuadril hundido a causa de un golpe”; como se pode apreciar na listaxe de formas, a nosa rede de puntos ocupa unha zona bastante máis ampla.

3.2.2. Con prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: *esnachada*

O dicionario de Eladio Rodríguez e o de Franco Grande recollen *esnachado*, pero só como “desnarigado”. Por contra, en Melide (GVGH, s.v. *nacha*), documentouse xa como “vaca con un cuadril hundido a causa de un golpe”.

A situación é ben distinta se acudimos a analizar as designacións do verbo *esnacharse*, que xa aparece no dicionario de Valladares, co detallado significado “Bajarse á un buey, ó vaca, el hueso, ó huesos salientes, del cuarto trasero, donde empieza el anca”, unha definición que foi copiada *ad pedem litterae* por varios dicionarios posteriores. Pola contra, é GVGH quen recolle, en abundancia, exemplos cun significado máis xeral: “[*esnacharse*] (Caa. Com. Sob. Fri. Gun. Mon. Pan.), *esfranarse* (Cod.), *esnacharse* (Cal.) romperse la cara, caer de narices”.

3.2.3. Con modificador ‘do cadril’: *nacha dun cadril*

Para *nacha*, véxase arriba. Para *cadril*, véxase o ap. 1 do capítulo 6.

4. Formas construídas sobre o adxectivo *nafa*, *nafra*

Esta é outra voz de orixe incerta. O máis lóxico é poñela en relación co verbo (*es*)*nafrar* ‘romper algo totalmente, magoarse na cara’, conservado nos romances ibéricos, occitano e francés antigo. DCECH (s.v. *nafrar*) supón que procede dun lat. NAUFRĀGĀRE ‘afundirse’ e detense con bastante detalle nesta cuestión. Tampouco falta quen conecte estas voces con *nacha-necia* do apartado 3 (faino C. García, por exemplo, na agrupación de respostas do seu GVGH).

4.1. Formas sen derivar

4.1.1. *nafa*

Aníbal Otero (1949) faise eco dunha entrada *nafó* do dicionario de Cândido de Figueiredo (tamén está presente no dicionario de Morais), aboada en T. do Ribatejo: “Diz-se do individuo, que tem um ombro descaído. CF” e explícaa a través do xermánico *nef*, ‘nariz, morro’. Non localizo esta forma no Houaiss, que si recolle un adxectivo *náfego* (véxase 3.1.2.1.) “1. diz-se da cavalgadura com um dos quadris menor que o outro. 2. *Derivação: por extensão de sentido.* diz-se do animal aleijado que coxeia” que tamén pode ser substantivo: “*Derivação: por metonímia.* Rubrica: veterinária. 3. fratura do osso ílaco dos equídeos, responsável pela desigualdade que se passa a notar em seus quadris”.

Para *nafó*, non atopo ningunha outra referencia, nin nos dicionarios nin nos textos incluídos no TILGA; tampouco no Tesouro, fóra desta enquisa de estudante que integra a nosa rede de puntos e que foi realizada en Ribadumia, preto dos dous puntos do ALGA que tamén rexistran esta forma.

4.1.2. *nafra*

Hai unha entrada *nafro* en Otero (1977), que remite á entrada *dejemado*. O filólogo de Ribeira de Piquín recolle nesa entrada toda unha lista de variantes (“*nacio*, en La Cañiza; *nacho*, en V. de Taboada; *nafro*, en Guillarei; *necio*, en Rizal; *esmaçoado*, en Moreira”), pero non aclara aquí se as considera da mesma orixe. Si que o fixo, como xa se sinalou, en Otero (1949), onde facía descender todas estas formas dunha voz xermánica *nef* ‘nariz, morro’... Nas fontes consultadas non atopo rexistros de *nanfra*, forma que se recolleu en P-12f (Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa) na nosa rede de puntos.

4.2. Con sufixo *-ada*: *nafrada*

Recollen o infinitivo *nafrar* os dicionarios de Leiras¹⁶⁵ (ms. de 1912, cf. TILGA) “desmochar”, Eladio Rodríguez e Franco Grande, mentres que *nafrado* foi recollido por Cuveiro e por Filgueira e non se rexistra nos textos do TILGA.

No que respecta a outras enquisas dialectais, o verbo *nafrar* foi recollido en Compostela, pero son máis frecuentes as formas con prefixo *es-* (cf. 4.3), como se pode apreciar en GVGH, s.v. *esnafrar*: “v.[*esnafrar*] (Fea. Com. Mel.), *esnachar* (Com.), *nafrar* (Com.)

¹⁶⁵ Non o Leiras (1906) que está citado na bibliografía, senón un manuscrito de 1912, ano da morte do autor, editado para o TILGA.

romper algo totalmente; *prnl.* [*esnafrarse*] (Caa. Com. Sob. Fri. Gun. Mon. Pan.), *esfranarse* (Cod.), *esnacharse* (Cal.) romperse la cara, caer de narices”.

4.3. Con sufixo *-ada* e prefixo *es-*: *esnafrada*

Para Cuveiro, *esnafrado* é “el romo, ó que tiene las narices aplastadas”, unha definición que se repite en varios dicionarios, sen que ningún deles faga referencia a un emprego máis xeral. O verbo *esnafrar* xa está antes, desde o dicionario de Rodríguez: “Aplastar las narices, despachurrarlas, estropearlas. Este verbo acaso se formó del lat. *nassus* y de la partícula, *es*”, pero non será ata Eladio Rodríguez que veremos unha acepción máis xeral, referida a outras partes e cousas: “Romper violentamente una cosa frágil”. No TILGA temos bastantes ocorrencias deste verbo en diferentes tempos e formas. Outras localizacións dialectais xa foron referidas na epígrafe anterior.

5. Formas do tipo *maniña*

Non é voz de fácil explicación. En galego temos a voz *maniño* ‘pequeno, de tacto suave, tenro,...’. O dicionario Século XXI faina derivar ben do lat. *MINIMINU, diminutivo de MINIMU ‘mínimo’, ben do lat. *MINUTINU, diminutivo de MINUTU ‘miúdo’. Non é a opinión de Corominas, que o vincula (DCECH, s.v. *amainar*) con este verbo, que significa ‘calmar, perder forza o vento’.

Pero tamén existe –e seguramente ten máis sentido relacionar con esta acepción as formas estudadas neste apartado– a voz *maniño* ‘estéril, [vaca] que non está preñada, pouco fecundo, improdutivo’, que se explicaría a través dun latín hispánico *MANNINU ‘estéril’, derivado de MANNU ‘cabalo novo, pequeno’. Podemos establecer un nexos semántico bastante aceptable: a vaca non produtiva sería “defectuosa”, como tamén o sería aquela cun cadril afundido por mor dun golpe.

Coloco estas formas en apartados diferenciados (independentemente de que os vaia cartografar en conxunto), pois a variedade de formas é grande e esta disposición permite apreciar toda esta riqueza. Xa se contempla esta diversidade, por exemplo, en GVGH, s.v. *maimiño*: “[*maimiño*] (Fea. Com. Gui. Fri. Ram.), *mainiño* (Cab. Sco. Gui.), *mamiño* (Com. Mel.), *maniño* (Com.), *masmudo* (Fri.), *meimiño* (Gun.), *meiniño* (Com.), *menoiño* (Gud. Mez.), *moimiño* (Sob.) fino, blando, delgado, pequeno; V. *baca mainiña, mamiña, maniña, meimiña y mendiña, casca maimiña, mainiña, mamiña, masmuda, meiniña y moimiña, corn maimiño, espiga maimiña, güeso maimiño y óso mamiño*”.

5.1. Formas sen modificación

5.1.1. *mainiña*

Cita esta forma *mainiña* Aníbal Otero, en dous lugares distintos. Dunha banda, témola en Otero (1959), recollida en Paredes (na Cañiza, Pontevedra) para a vaca á que lle falta unha costela (significado non moi afastado do que tratamos neste apartado, dito sexa de paso); propón considerar como étimo unha forma ibérica, *manna*. A mesma voz *mainiña* aparece en Otero (1977), coa acepción citada anteriormente, pero tamén para a vaca que deixa de dar leite.

5.1.2. *maniña*

Esta é a forma máis frecuente no portugués (cf. Houaiss, s.v. *maninho*), sempre cos significados de ‘non fecundo, estéril’ arriba comentados. Xa Sarmiento CVFLG a recolle: “En Pontevedra, lo mismo que en castellano mañera, toda hembra estéril e infecunda; acaso de *mannos*”.

No GVGH, s.v. *maniña*, podemos contemplar a existencia de dúas variantes: “[*maniña*] (Oir. Val. Ram. Gud.), *manía* (Ced. Bur. Sua. Ped.) dícese de la vaca no preñada”.

5.1.3. *meiniña*

Non atopo o adxectivo *meiniño* nos textos recollidos no TILGA nin nos dicionarios clásicos do galego incluídos en Santamarina 2003; si que existe, con todo, como substantivo, para nomear o dedo máis pequeno da man.

5.1.4. *meniña*

Nos dicionarios, a entrada *meniña* figura só para se referir á pupila ou a unha nena. *Meniño* é un neno e, como se sinalou na epígrafe anterior, tamén o dedo máis miúdo da man. A variante *memiña* é definida por F. J. Rodríguez como “Costilla meñique ó la más pequeña”, unha definición afortunada que pasou a nove dicionarios posteriores máis; mentres tanto, *memiño* aparece abundantemente nas obras lexicográficas, pero só para o dedo.

5.2. Formas con modificador ‘do cadril’: *mainiña dun cadril, maniña dun cadril, meiniña dun cadril, meniña do cadril.*

Para *cadril*, véxase o ap. 1 da pregunta 6.

6. Designacións formadas sobre unha raíz *moc-*, *mouc-*

6.1. Formas sen derivar: *mouca*; **6.2. Con prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*:** *esmochada, esmoucada*

Véxase o comentado no capítulo 16 (4) ou no capítulo 7 (6.2.).

7. Designacións que significan ‘saírse a articulación, escordada’

7.1. *descomposta*

Participio do verbo *descompoñer/por* ‘dislocar’ (na base está o lat. COMPOSITU ‘amañado, arranxado’), recollido en diferentes partes do territorio con este valor, como se constata en GVGH, s.v.: “2. (Caa. Cab. Cur. Raz. Dum. San. Com. Mon.) dislocar”. Como curiosidade, localizamos (non exactamente co significado que aquí tratamos, pero quizais relacionada) unha entrada *descompostas*, no dicionario de Acevedo: “Dícese de las vacas mal hechas y desgarbadas. A. (Serandinas)”.

7.2. Derivados sobre o substantivo *noca*

Para a etimoloxía do substantivo *noca* e a análise de determinadas variantes, véxase o comentado no capítulo 8 deste traballo, ap. 3.

7.2.1. Con sufixo *(d)es-* e terminación participial *-ada*: *desno(u)cada, esnucada*

O verbo *desnucar* ten como significado propio ‘desconxuntarse os ósos do pescozo’; evidentemente, aquí non está a se referir a estes ósos, senón a outros ben afastados, os do cadril. Hai dúas liñas de explicación posibles. Dunha banda, podemos estar ante a mesma forma *noca* que foi comentada na pregunta 8, que en orixe significa ‘caluga’, pero que alí aparece repetidas veces para dar nome á parte onde nace o rabo do animal; esta

proximidade explicaría o uso, e poríao en relación coas formas do apartado 9.1. deste mesmo capítulo.

Doutra banda, podemos pensar en que o verbo ampliase o seu significado, para se referir non só á desconxuntura da noca, senón tamén á de calquera articulación do corpo; nese sentido, Houaiss sinala un verbo *desnocar* “fazer sair das juntas, da articulação; luxar, deslocar”. O GVGH, s.v. *esnogar*, comenta un verbo *ennocar* “dislocarse un hueso”, recollido en Laxe; incluso os propios verbos *esnogar* e *desnogar* ‘desconxuntarse unha articulación’ poderían ser postos en relación con *noca*, cunha sonorización da velar por estar en posición intervocálica (con todo, non faltan interpretacións alternativas, facéndoos vir de *nó*, explicando o *g* como unha inserción consonántica).

7.2.3. Formas de 7.2.1. cun modificador que significa ‘do cadril’

Para *cadril*, véxase o ap. 1 da pregunta 6.

7.3. Formas *espiada* e *despiada*

Habería que acudir a unha formación sobre o substantivo *pé*, ben directamente sobre a forma romance, ben supoñendo un lat. *EXPEDARE / DESPEDARE, que está na base de verbos como o español *despearse*: “Dicho de una persona o de un animal: Maltratarse los pies por haber caminado mucho” (DRAE, s.v.) ou o asturiano *espear* (con diferentes variantes, véxase DGLA, s.v.).

No galego coexisten mostras deste significado primario (“Despeado e polvorento cheguei ó teu sarego”, escribía Cotarelo en 1926¹⁶⁶) con evidencias dunha ampliación semántica, como pode ser a entrada *despiada* de Franco Grande (“Óso *despiado*: hueso salido de su sitio”) ou *despiado* en GVGH (“aplicado al hueso, salido de su sitio”), localizado en Toba. Esta ampliación semántica non sorprende, especialmente no caso que aquí nos ocupa, pois tanto os pés coma o cadril son, en certo modo, os extremos da perna, e as súas alteracións comportan evidentes consecuencias para a mobilidade. X. L. Couceiro recolleu en Feás (GVGH, s.v.) o adxectivo *espiada* “dícese de la vaca con un cuadril más bajo que el otro”.

7.4. *escordada*

O verbo *escordar* fórmase sobre o substantivo *corda* (< lat. CHORDA) e significa ‘sacar ou saír do seu sitio un membro do corpo, unha articulación ou o tendón’. En GVGH, s.v.,

¹⁶⁶ Cotarelo Valledor (1926: 20).

aparece esta forma e un exemplo das súas moitas variantes: “[*escordar*] (Cur. Com. Gro. Goi. Ced. Gui. Fri. Gun. Ped.), *descorillar* (Sob.), *descordar* (Fea. Por.), *escordillar* (Com. Nov. Mel. Oir. Mon.) dislocar o torcer algún membro del cuerpo”.

7.5. *esnocellada*

Para o substantivo *nocello*, que está na base deste verbo, véxase o comentado no capítulo 11. A pesar de que o moi escaso número de rexistros desta forma na lingua non axuda a reconstruír a historia da palabra, é plausible supoñer que estamos diante dun proceso semellante ó de 7.2. ou 7.3. Dunha forma empregada en orixe para as dislocacións do artello ou dos cotobelos pasamos a un verbo que se usa para calquera desconxuntura. Nese sentido, pódese apuntar que Aníbal Otero (1967a) anotou en Aldeia do Bispo (Sabugal, Guarda) a forma *desnozēlhare* “descoyuntar”.

8. Derivados verbais sobre unha base empregada habitualmente para designar o cadril

8.1. Prefixo *des-* e terminación do participio

8.1.1. Substantivo *cadril*: *descadrilada*

Para o tipo *cadril*, véxase o ap. 1 da pregunta 6.

No dicionario de Valladares (posteriormente tamén en Filgueira) temos unha entrada *descadrilarse*: “Descuadrillarse, derrengarse las bestias por el cuadril. Salirse de la cuadrilla”. Temos tamén un exemplo literario do seu uso, neste simpático texto de 1876: “Din croques e lombeiradas pernas arriba e abaixo, en fin que cando salín, o cal teño por milagro, vinme feito un pirifol todo cheo de buratos, a cabeza como un bombo, dun cadril descadrilado do cal élle hoxe o día qu'aínda non estou sano”¹⁶⁷.

8.2. Prefixo *es-* e terminación do participio

8.2.1. Substantivo *cadril*: *escadriada*; *escadrilada*; *escadrillada*; *escuadrigada*

Para o tipo *cadril*, véxase o ap. 1 da pregunta 6.

¹⁶⁷ O *Tío Marcos da Portela*, 1ª época. Parrafeos 1-26, p. 72.

En GVGH, s.v. *escadriarse* podemos examinar algunhas variantes formadas mediante este procedemento: “[*escadriarse*] v. (Gui.), *escadrilarse* (San. Oir. Cod.), *escadrillarse* (Cab. Raz. Tob. Com.) descuadrillarse, aplicado también a personas”. Estas formas coinciden coas que atopamos na nosa rede de puntos, inda que con diferente vitalidade, como se pode apreciar.

Mentres que non localizo nos dicionarios un infinitivo *escadriar*, si que aparece *escadrilar(se)* no de Acevedo e Fernández: “Romper o dislocar los cadriles: El que non tén suerte, hasta na cama se escadrila. Ús. de Valdés al Eo. Ús. como reflexivo”. A forma con palatal ten máis éxito na lexicografía, pois temos *escadrillarse* xa en Valladares e *escadrillar* desde Carré1. Se atendemos á cronoloxía dos textos editados no TILGA, observamos unha distribución curiosa: dos 21 resultados obtidos consultando o lema *escadrilar*, os 11 primeiros resultados (en 2 obras, unha de 1861 e outra de 1876) son formas coa lateral simple [*escuadrilao*, *descadrilado*, *escadrilado*, *escuadrilou*], formas ausentes ata 1993, pois as 7 obras seguintes prefiren as voces con ele dobre [*escadrillado*, *escadrillar*, *escadrilladas*, *escoadrillaba*]; e, desde 1993, prodúcese outro punto de inflexión, pois só temos 2 rexistros, os dous con lateral simple (*descadrila* e *escadrila*), nunha publicación periódica e nun etnotexto de tese de doutoramento.

No que respecta a *escuadrugada*, que nos aparece en Friol, non a atopo nos dicionarios. Si que dá conta Otero (1968) dun verbo *escuadrirse* (que fai derivar do lat. QUADRU): “Descuadrillarse. También se dice de personas. Alterna con *escadrillarse*, porque en este lugar concurren formas asturianas y gallegas. Barcia”.

8.2.2. Substantivo *mazá*: formas do tipo *esmanzanada*

Para as formas do tipo *mazá*, véxase a pregunta 6, apartado 2. Temos diferentes variantes neste apartado: *esmazaiada*, *esmazanada*, *esmazoada* e *esmazuada*, en boa parte motivadas pola variación formal de *mazá*, que tamén se comenta no apartado ó que remitimos.

Formas deste tipo foron comentadas por Otero (1953b), s.v. *esmazanarse*: “Derrengarse la vaca por el cuadril, en Liñeiras; *esmazoarse*, en Moreira; *esmanzanarse*, en Piedrafita del Cebrero. De lat. *matiana*”. Aparece nun par de dicionarios posteriores, pero conteñen simplemente unha refacción desta entrada.

9. Construcións sobre unha base referida a unha parte da anatomía da vaca, xeralmente próxima ó cadril

9.1. Formas referentes habitualmente á parte onde nace o rabo

9.1.1. Sobre o substantivo *croca*: *escrocada*

Para o substantivo *croca*, véxase o capítulo 8, ap. 1.

Escrocada é recollida por Aníbal Otero (1977), s.v. *escarocar*: “vaca que tiene hundida la rabadilla”; Elixio Rivas *Frampas III* inclúe unha voz *escrocar-se* recollida no Bierzo, en Dragonte: “*v. t. p.* Romper-se, aplastar-se”. Non aparece no resto de obras lexicográficas incluídas no DdD e tampouco nos textos que conforman o TILGA.

En GVGH, s.v. *escrocarse*, documentamos numerosos exemplos deste verbo, con non poucas variantes: “[*escrocarse*] (Caa. Cab. Fea. Raz. Lax. Com. Mel. Nov. Val. Ced. Gui.), *descrocarse* (Com.), *encrocarse* (Com.), *escroucarse* (Dum.) descoyuntarse la *croca* de la vaca”.

9.1.2. Sobre o substantivo *pombela*: *espombelada*

Para o substantivo *pombela*, véxase o capítulo 8, ap. 4.

O significado habitual do verbo *espombelarse* está relacionado, como era de esperar, co rabo, tal e como se aprecia en GVGH, s.v.: “*v.* (Cod. Bur. Sua. Ped. Mez.) romperse a las vacas los huesos del nacimiento del rabo de modo que se les queden torcidos”. Con ese sentido aparece en Otero (1977), a única obra lexicográfica que recolle o verbo *espombelar*.

9.1.3. Sobre o substantivo *xema*

9.1.3.1. *dexemada*

Para o substantivo *xema*, véxase o capítulo 8, ap. 6.2.

Se acudimos ó GVGH, s.v. *dexemarse*, observaremos que hai bastantes respostas para este concepto, cunha continuidade xeográfica que se corresponde bastante ben coa debuxada na nosa rede de puntos; así, coa acepción “hundirse el hueso de la cadera a la vaca” temos resultados en Sobrado, Pereiramá, Burón e Suarna; existe tamén unha acepción máis primaria “partírsele el rabo a las vacas”, documentada en Santaia e en Melide. Definida como “Derrengarse una res por el cuadril” aparece tamén en Otero (1977).

9.1.3.2. *xemara*

Documentamos no GVGH unha entrada *xémara*: “*adj.* (Bur. Sua.) dícese de la vaca con un cadril hundido”. Ademais de neses puntos, tamén a localiza Otero (1957a) en Barcia, sinalando a variante *xena* e proponendo unha orixe do latín GEMMARE.

9.1.3.3. *xena*

Xeno aparece por vez primeira en Cuveiro, co significado “Retoño ó renuevo que sale del pié de los repollos y colos despues que se cortan los cogollos de estos. V. *germolo*”. Eladio Rodríguez, s.v. *xeno* (*a*) mantén esa acepción, pero engade unha información que nos interesa: “*adj.* Dícese de todo semoviente que tiene una cadera o un hombro más bajo que el otro. También se dice de la res que le falta un cuerpo. *s. m.* Brote, yema o cogollo de una planta”. Máis especificamente, no apéndice a este dicionario de Eladio Rodríguez, s.v. *néciga*, lemos: “*adj.* Se dice de una vaca que tiene el cadril hundido (Láncara). En Lugo, *xena*”.

Atopamos en Otero (1977, s.v. *dejearse*) unha voz *xenar* “derrengarse una res por el cadril”, aboada en Hospital (O Corgo, Lugo).

9.1.3.4. Derivación con sufixo participial: *xenada*

Non rexistro *xenada* nas fontes consultadas, inda que o verbo *xenar* ten abundante presenza nos dicionarios, como ‘brotar, retoñar’.

9.2. Outras partes da anatomía

9.2.1. Posiblemente sobre o substantivo *coxa*: *escoxada*

Estamos posiblemente diante dunha creación sobre a voz *coxa* ‘parte da perna entre os xeonllos e o tronco’, cun prefixo negativo que indica que esta vaca accidentada quedou sen esa parte ou a ten danada. Aínda que non se recolleu *coxa* para dar nome ó cadril si que había nesa pregunta 6 formas como *pernas de atrás* ou *cachas*. Para a etimoloxía da forma *coxa*, véxase o comentado no capítulo 11, ap. 7). Recolleuse tamén *escoxada* para a vaca cun corno só (vid. capítulo 16, ap. 30.14.).

Pero tamén coñecemos a forma *escoxada* para a vaca que deixa de dar leite, que non tería sentido explicar a través de *coxa*, senón a través de continuadores dun étimo latino EXCŪRSA ‘escorrida, escoada’. Por razóns semánticas, non parece que sexa este o caso da nosa resposta (inda que se poida supor unha cadea do tipo ‘vaca que non dá leite’ = ‘vaca

defectuosa' = 'vaca cun cadril afundido'), ten máis sentido a formación sobre unha zona anatómica próxima, como podemos apreciar en respostas similares neste apartado.

Non atopo nos dicionarios ningún verbo *escoxar* (nin forma de participio) relacionado co cadril da vaca; tampouco se rexistra este verbo nos textos recollidos no TILGA. Con outro significado, xa máis diferente, no dicionario de Pintos temos *escoxa* "Desfalco, falta que hace perder la linea recta", definida tamén por Carré⁴ como "s. f. Falta, defecto en los materiales para obra".

9.2.2. Substantivo *cruz: crus das crocas*

Cruz foi recollida para dar nome á parte onde nace o rabo (cf. pregunta 8), pero tamén para os cadrís (cf. capítulo 6, ap. 6.6.). O seu significado máis corrente é o de 'parte máis alta do lombo dalgúns animais' e é habitual encontrala como formante de diferentes lexías referentes á anatomía do gando, como ben se pode constatar en GVGH: a) *cruz das agullas*: "(Raz.) cruz formada por los huesos de la cadera y el espinazo"; b) *cruz dos cadrís*: "(Caa. Cab. Cur. Raz. Sco. San. Com. Sob. Val. Ced. Cre. Gui. Inc.), *cruz dos coadrís* (Mon.), *cruz dos cuadrís* (Bur. Sua. Ped. Mra. Cal.) especie de cruz formada por los huesos de la cadera y el espinazo"; c) *cruz do lombo*: "(Cod.) parte central del lomo"; d) *cruz dos ombros*: "(Lax. Dum. Mel.) parte superior central de la espalda"; e) *cruz do pé*: "(Tob. Dum.) empeine;"

A voz *croca* foi estudada con detalle no capítulo 8, ap. 1.

9.2.3. Substantivo *lacón: esclacoada*

É certo que existe tamén un verbo *eslazar*, emparellado cunha variante máis numerosa *escalazar* 'romper, estropear', que, desde Pintos, aparece en practicamente todos os dicionarios. Ese verbo explícase como unha formación sobre o substantivo *calaza* 'carne podre, farrapo', que algúns explican (por exemplo, o dicionario Século XXI) como continuador dunha forma grega que significaría 'excrecencia que aparece na carne do porco'. De ser adecuada esta interpretación e se se pode relacionar coa nosa voz, en certo modo pechamos un círculo, pois o substantivo *lacón* faise derivar dunha forma LACCA que significa precisamente 'tumor, excrecencia' (para máis detalles sobre o substantivo, véxase o capítulo 11, ap. 7.1.2.).

En calquera caso, parece perfectamente xustificable explicar a nosa forma como un verbo creado a partir do substantivo *lacón*, que designa unha zona anatómica próxima ós cadrís, un tipo de designación do que vemos varios exemplos nesta epígrafe.

Acudindo ás obras lexicográficas, vemos que os dicionarios de Carré e Ibáñez recollen un verbo *eslacoar* ‘esnaquizar’, pero o adxectivo *eslacoado* ten bastante máis fortuna, pois xa o recolle Cuveiro –“roto, descosido”– e aparece en máis dicionarios. Eladio Rodríguez e Franco Grande recollen un verbo *eslacoarse* “*v. r.* Echarse o tenderse en el suelo a la bartola, panza arriba, con las piernas dobladas, y estar indolentemente así una o más horas”. O TILGA é menos prolixo en resultados, pois só hai unha ocorrencia de *eslacoado*, nun glosario incluído na gramática de F. Mirás: “*Eslacoado* - roto, descosido”¹⁶⁸. Tampouco é allea ós vocabularios a voz *eslacomar* que, entre outros, recolle Aníbal Otero (1967a): “Poner en carne viva, en Vilela, r. Producirse desolladuras una persona o animal, a consecuencia de una caída u otro accidente, en Vilela, Rod. Del Lat. LACCA” e que tamén aboou na fala viva Rivas Quintas (2003), en Santalla de Bóveda de Mera (Lugo): “Golpear y dañar a persona o animal, deslomar”.

9.2.4. Substantivo *lombo*: *eslombada*

Para a voz *lombo*, véxase o capítulo 5, apartado 6.

A construción sobre *lombo* é frecuente nas linguas da volta, non hai máis que ver o asturiano *esllombar*, o portugués *delombar* ou o español *deslomar*. A voz *eslombado* ten nove ocorrencias no TILGA, desde 1886: “e cando car'a Madril, alá polo vrau, saían en carros acugulados diñeiro, graus e fariñas, os probes dos levadores que naqueles carros vían ir-se as mizquiñas ganancias con que seus fillos mantiñan, de traballar eslombados, mentres os carretos s'iban, quedaban pra si dicindo: -¡Que de solimán che sirvan!”¹⁶⁹. O adxectivo *eslombado* rexístrao Valladares “Encorvado de cuerpo. Dícese de las personas”, aínda que o seu equivalente *alombado* xa está en Pintos. En GVGH temos como entrada o verbo *eslombarse* ‘encorvarse’, recollido só en Toba e en Compostela.

9.2.5. Substantivo *espádoa*: *espadoada*

O verbo *espadoar* significa ‘dislocar a espádoa, mancarse nas costas’, sendo *espádoa* un sinónimo de *omoplata*, descendente dun latín SPATHŪLA, diminutivo de SPATHA ‘espada’.

Mentres que a presenza nos textos recollidos no TILGA é anecdótica, *espadoar* si que tivo un gran éxito nos dicionarios, pois está incluído desde F. J. Rodríguez, s.v.: “Lastimar ó imposibilitar de las espaldas, hombros etc. En port. *espaldear*”; non é moi correcta esa afirmación, pois o *espaldear* portugués non significa iso, senón que o equivalente portugués sería *espaduar* (sobre *espádua*), unha variante que tamén se inclúe en dicionarios galegos.

¹⁶⁸ Mirás (1864: 43).

¹⁶⁹ Curros Enríquez (1886: 12).

Sinalemos, por último, un rexistro de *espadoarse* en GVGH, s.v., localizado en Ferreira de Valadouro: “hundirse un omóplato”.

9.2.6. Substantivo *fío*: *desfiada*

Para a voz *fío*, referente á columna vertebral, véxase o comentado na pregunta 5, apartado 1.2. Nos dicionarios atopo *desfiado* só aplicado ó fío téxtil; case o mesmo para *desfiar*, se ben Otero (1977), s.v., engade unha acepción que nos interesa: “*tr.* Deshilar. Desconjuntar”.

10. Outras respostas

10.1. *esmirriñada*

O participio *esmirrado* significa ‘moi fraco, débil, consumido’. Tanto Houaiss (s.v. *mirr-*) coma DCECH (s.v. *desmirriado*) supoñen unha base *mirra* ‘resina vermella empregada en perfumes e para substituír o incenso’; ambos os dous recollen a explicación que deu Nascentes para a deriva semántica, á que non se lle poden apoñer moitas chatas: a mirra era empregada para embalsamar cadáveres, e como os cadáveres así embalsamados ficaban enxoiados, de aí o salto a ‘que perdeu a frescura, gastado, consumido’.

Nese sentido, é bastante claro o seguinte de texto de 1886: “Aquelas mans de rosa outra coor tomaran, a carne xa fuxira, do seu corpo qu’ismirradiño estaba”¹⁷⁰. O participio *esmirrado* é voz incluída en Cuveiro (“flaquísimo”) e, desde entón, aparece na maioría dos dicionarios, inda que ten máis éxito a forma sen prefixación: *mirrado*. Inda que non aparece en GVGH co significado que aquí nos ocupa, nin sequera cunha acepción referida a animais, é evidente a relación: “[*mirrado*] (Mel. Xun.), *esmirrado* (Vil.) grano poco desarrollado”.

10.2. *lunanca*

Voz posiblemente tomada do español, “1. adj. Dicho de un caballo y de otro cuadrúpedo: Que tienen un anca más alta que la otra.” (DRAE, s.v. *lunanco*), bastante máis viva en Hispanoamérica ca na Península. Segundo DCECH (s.v. *lunanco*) é un derivado de **lun* ‘anca’, variante dialectal do antigo *llun*, procedente de CLŪNE ‘nádega, cadeira’.

Non rexistro esta voz en galego, en ningunha das diferentes fontes consultadas.

¹⁷⁰ O Galiciano. Paróla Gallega publicada todol-os días 1, 8, 15 e 23. Número 69, 8 de xaneiro de 1886, p. 2.

10.3. *retorta*

O adxectivo *retorto* (< lat. RETORTU, participio perfecto de RETORQUERE ‘torcer, retorcer’) significa en orixe ‘que ten moitas voltas, retorcida’, pero é facilmente explicable unha deriva semántica cara ó valor ‘mal feito, que ten algunha eiva’.

Aparece nos dicionarios desde Pintos, coa definición “retorcido”, pero en ningún caso localizo nestas obras lexicográficas referencia ó seu uso para unha lesión física.

11. Formas problemáticas

11.1. *derbolada*

Non atopo esta forma (que seguramente é *desbolada*, con rotacismo) nos dicionarios modernos nin clásicos do galego; tampouco a recollo no TILGA e no resto de fontes consultadas. En portugués existe un composto sobre *bóla*: *desbolado* “sem juízo; que não está bem da bola; desmiolado” (Houaiss); quizais esteamos nesta epígrafe diante dunha extensión de significado, desde unha eiva psíquica a unha eiva física.

11.2. *desnoviada*

Non localizo a forma *desnoviar* nas fontes consultadas, nin é fácil asociala con outras palabras existentes na lingua. Non parece que *desnoivar* ‘facer que dous noivos rompan relacións’ teña un significado facilmente relacionable coa voz recollida en Laracha. Dá máis xeito achegala a un verbo *desnev(i)ar* ‘derreterse [a neve]’, unha comparación aceptable para un cadril afundido ou danado. Tamén existe *esnobiar* “cavar y preparar un trozo de monte para producir” (GVGH, s.v.), que podería explicarse polas “feridas” que o proceso de roturación fai no terreo, os golpes dados coas ferramentas, etc. (véxase tamén, a este respecto, a forma *escadullada*, ap. 2.5.3.).

11.3. Tipo *escarrillado*

11.3.1. *escarrillado*

Poderíase tratar dunha confusión fonética, sendo en realidade formas do tipo *escadrillar* (cf. 8.2.1.3.). De non ser así, cabería pensar tamén nun derivado (cun procedemento que vimos repetidas veces neste capítulo) sobre a voz castelá *carrillo*

‘meixela’, pero é dificilmente xustificable a referencia a unha parte do corpo tan afastada da articulación que aquí se pregunta.

Eladio Rodríguez inclúe o verbo *escarrillarse* co significado “Extenuarse, quedarse una persona en los huesos”, pero foi recollido en Friol (GVGH, s.v.) cun significado lixeiramente diferente e que aquí nos interesa máis: ‘dislocar un óso’. Hai diferentes variantes na lingua, como a que observamos neste texto de 1888: “dend'o escuro é triste día que se empoleirou no barco, dormindo cheo de frío, en brea e fume emporcado, comendo pan ruín e podre, levando catro estacazos e dempois chegar despido, marelo e descarrillado”¹⁷¹.

11.3.2. Con modificador: *escarrilada dun cuadril*

Esta forma podería ser unha variante do verbo anterior, pero tamén un erro de transcripción, ó non se anotar no cuestionario o diacrítico que sinalaría unha lateral palatal no canto dunha alveolar. Non atopo mostras do seu uso na lingua. O máis probable é que haxa que relacionala co verbo *descarrilar*.

11.4. *estiada*

É indubidable que existe un verbo *estiar* ‘deterse’ (Cuveiro, s.v.) ou ‘facer recuar o carro ou os animais’ (GVGH, s.v.), e que non falta nos dicionarios un verbo *estear*, principalmente con tres significados: ‘apuntalar’, ‘escampar’ e como sinónimo de *estiar*. Pero ningún destes significados cadra ben co concepto que nos ocupa neste capítulo, polo que é plausible pensar que a enquisadora (unha estudante de Lingüística Románica, non adestrada especificamente no traballo de campo) interpretou mal a resposta do informante. Hai dúas posibilidades principais. Dunha banda, a forma *espiada* (recollida neste traballo, en 7.3., inda que ningunha das ocorrencias está próxima a este punto), doutra, un adxectivo *hostiada* (‘que levou unha hostia, un choque ou golpe brusco’).

11.5. *fraga*

Temos *fraga* en galego para, entre outras moitas cousas, dar nome a un terreo escarpado, accidentado e con desniveis. Esta palabra descendería posiblemente dun latín vulgar *FRAGA (plural de *FRAGU, cf. catalán *fran*) creado a partir de FRAGOSU ‘escarpado, estrepitoso’, familia do coñecido verbo FRANGO ‘romper, facer pedazos’. A comparación da zona ferida con este bosque de pedras parece plausible. *Fraga* pode ser incluso (recollida

¹⁷¹ Pintos (1888: 2).

na Mezquita con ese significado, vid. GVGH, s.v.) “piedra dura y enterrada que asoma su superficie”, algo que podería aplicarse a un óso que se deixa ver tras unha ferida que lesiona a pel e a carne. Incluso podemos supoñer que se trate dun participio dun verbo que continuase algún membro desta familia, cun significado ‘romper, lesionar’.

Non recollo nos dicionarios galegos consultados ningún adxectivo *frago*, pero si que temos en Filgueira un verbo *fragar* ‘arder’ que tamén podería axudar para explicar esta designación (comparación da zona ferida coas lesións que produciría unha queimadura). Tampouco hai rastros de tal adxectivo nos textos incluídos no TILGA nin no *Tesouro*.

11.6. *vaca con un cadril meixao*

Non atopo referencias desta forma nin nos dicionarios clásicos nin nos actuais do galego ou dos dominios veciños; as dúas voces que máis se lle semellan non parece que teñan moito que ver, nin o *meixón* ‘montón, cousas revoltas’ nin, moito menos, o *meixón* ‘angula’.

Hai outras posibilidades máis plausibles. No concello pontevedrés de Crecente recolleuse, nunha enquisa de estudantes, a forma *meixarigo* ‘furúnculo’ (que tamén recollera Schneider na Limia como ‘bocio’), variante dun *neixarigo*, forma moito máis difundida. Outra posibilidade para un cadril ferido, quizais manchado de sangue e con costras, é a comparación con excrementos, ou co verbo *mexar-mixar* ou con *meixeira*, excremento da galiña. Semanticamente, cadra mellor unha terceira opción, pensar nun paralelo do español *mellar* (facer *mella*, definida por DRAE como “f. Rotura o hendidura en el filo de un arma o herramienta, o en el borde o en cualquier ángulo saliente de otro objeto, por un golpe o por otra causa”; para a complicada etimoloxía, véxase DCECH, s.v. *mellar*).

11.7. *renga*

O adxectivo *rengo* (ou *renco*) significa ‘coxo por lesión das cadeiras’. DCECH, s.v. *renco*, supón un adxectivo gótico *WRANKS, derivado do verbo WRANKJAN ‘torcer’, explicando o *e* e o *g* a través do influxo de *derrengar* (cf. ap. 2.3.2. deste capítulo); alí discute abundantemente unha posible orixe do adxectivo *RENICU, derivado de RENE ‘ril’. Meier1984 disinte desas afirmacións: “Se puede renunciar al cruce improbable partiendo de una base lat. *R(E)AMBICARE / *RE(A)MBICARE que explica la variación entre *a* y *e*, y con síncopa divergente entre *-mb(i)c-* y *-mbic-* que explicaría la divergencia entre *-nc-* y *-ng-* (cfr. RF 77, 1965, 252 ss.)”. Voz existente tamén en catalán ou occitano (*ranc*) e tamén no

italiano *ranco* (cf. DELI, s.v. *ranco*). O Houaiss recolle a voz *rengo*, caracterizándoa como rexionalismo brasileiro e asegurando que entrou a través do español.

Aparece no dicionario de F. J. Rodríguez a voz *renco* “marranito” e xa en Cuveiro a definición que nos interesa: “Marranito. El cojo por lesion de las caderas”. O caso de *rengo* é similar, pois Rodríguez sinala “Lechoncillo” e Cuveiro amplía: “Lechoncillo. Derrengado ó lisiado de las caderas”. Temos testemuños nos textos escritos recollidos no TILGA (desde 1886 para *renco* e 1919 para *rengo*), cunha vitalidade similar.

11.8. *respaldada*

O *respaldo* é a parte de determinados asentos que serve de apoio ó lombo (forma tomada do español, que a creou sobre *espalda*); non se explica facilmente esta designación, nin tampouco atopei nos dicionarios ou textos galegos ningunha acepción ou uso desta forma que a apoiase. Si que se recolleu nunha enquisa de estudantes, para se referir á vaca que ten as articulacións resentidas polo moito traballo, unha definición que non estaría tan lonxe da vaca ferida no cadril.

8. Parte onde nace o rabo da vaca

Listaxe de formas

As fontes empregadas para a elaboración desta pregunta son un pouco “anómalas”. Dunha banda, as enquisas de estudantes teñen no seu cuestionario só unha pregunta ó respecto, a número 41, *buesos del nacimiento del rabo (pombela, croca)*. Doutra, no cuestionario do ALGa contémplanse dúas cuestións diferentes:

- 1541 *croca da vaca*.
- 1545 *pombela (parte onde nace o rabo)*.

Non hai ningún tipo de información acerca do referente exacto de cada unha desas preguntas, e tanto *croca* como *pombela* son formas empregadas para se referir ós ósos de nacemento do rabo na lexicografía, en datos dialectais, etc.; é certo que *croca* tamén se emprega para a carne desa parte da anatomía, moi apreciada na gastronomía, pero sorprendería unha pregunta dese tipo no cuestionario do ALGa, que non fai en ningún sitio disección carniceira do noso ruminante. Doutra banda, a maioría das respostas que recollemos son comúns ás dúas preguntas, e non faltan casos en que unha mesma forma aparece como resposta só á c. 1541 e, nun punto próximo, figura como resposta só a c. 1545 (p.ex. *noca do rabo* aparece en P-31 como resposta só a 1545 e en P-33 como resposta só á c. 1541), polo que non parece que esteamos aquí diante de realidades ben diferenciadas. Por último, cabe sinalar que, mentres que só un 2'40% dos puntos da rede do ALGa non ofrece resposta á c. 1541, a porcentaxe sobe espectacularmente ata o 22'75% cando se trata da c. 1545 (hai que sumar un 4'19% de casos en que non hai resposta a ningunha das dúas).

De consecuencia, optei por agrupar todo nun mesmo capítulo; claramente, cando a resposta só aparece nunha das dúas preguntas, indico esta circunstancia en nota (se non houber indicación en contrario, entenderase que figura nas dúas).

1. Tipo *croca*

1.1. *croca*¹⁷²

¹⁷² En L-37 aparece esta forma, pero cun significado distinto: “vaca que vai vella e forma moito burato”.

ALGa

A-01, A-02¹, A-03, A-04, A-05, A-06; C-01, C-02, C-03¹, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08¹, C-09¹, C-10, C-11, C-12, C-13, C-14, C-15¹, C-16, C-17¹, C-18, C-19, C-20⁸, C-22, C-23, C-24, C-25, C-26, C-27, C-28, C-29¹, C-31¹, C-32¹, C-33², C-34, C-36, C-37⁸, C-39¹, C-40, C-41, C-42^{1,3}, C-43¹, C-45, C-46, C-47, C-48, C-49; L-01¹, L-02, L-03, L-04, L-05, L-06, L-07, L-08¹, L-09, L-11¹, L-12^{1,4}, L-14¹, L-15, L-16¹, L-17, L-18¹, L-19, L-20, L-22, L-24, L-25¹, L-26¹, L-27¹, L-28, L-30¹, L-31¹, L-32⁵, L-33¹, L-35¹, L-36¹, L-38¹, L-39¹; Le-02^{1,6}, Le-04¹; O-01¹, O-02¹, O-03¹, O-04¹, O-05, O-06¹, O-08, O-09¹, O-10⁷, O-11, O-13, O-15⁸, O-27¹, O-30; P-01⁹, P-02, P-03¹, P-04¹, P-05¹, P-06, P-07¹, P-08, P-09, P-11, P-12, P-13, P-14¹, P-15, P-16, P-17¹, P-18¹⁰, P-20, P-22¹.

¹ Resposta só para a c. 1541.

² Na pregunta 1545 figura como información adicional: “*ancas*: os lados de onde nace o rabo da vaca”.

³ Recóllese na c. 1541 a seguinte información adicional: “*escrocada*: ten a croca fundida”.

⁴ Recóllese na c. 1541 a seguinte información adicional: “*carrola*: óso do ombro da vaca”.

⁵ Na resposta á c. 1545 anótase que é resposta infrecuente, na c. 1541 non hai restrición de uso.

⁶ Defínese nesta pregunta como “toda a conca onde nace o rabo”.

⁷ Recóllese na c. 1541 a seguinte información adicional: “*escrocar*: rabo para adentro”.

⁸ Resposta á c. 1545.

⁹ Resposta ás dúas preguntas, pero en c. 1545 vai seguido dun interrogante.

¹⁰ Transcríbese *c(o)roca*; isto é, alternan *croca* e *coroca* neste punto.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06c, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09d, C-09e, C-13b, C-13c, C-13d, C-13f, C-15b, C-18b, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18h, C-19b, C-19c, C-20b, C-20c, C-20d, C-21b, C-22b, C-23b, C-24b, C-25b, C-25d, C-28b, C-28c, C-28d, C-28e, C-28f, C-30b, C-30c, C-30d, C-31c, C-32b, C-35b, C-35c, C-35d, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-35i, C-36b, C-36c, C-36d, C-39b, C-39c, C-39d, C-39e, C-39f, C-39h, C-39k, C-40b, C-40c, C-40d, C-40e, C-40f, C-40g, C-41d, C-42b, C-42d, C-42e, C-43b, C-44b, C-48b, C-49b, C-49d, C-49e, L-01b, L-02b, L-04b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-09d, L-12b, L-13b, L-14b, L-14c, L-15b, L-17b, L-21b, L-21c, L-24b, L-24c, L-26b, L-26c, L-28b, L-28c, L-31b, L-33b, L-33c, L-34b, L-34c, L-36b, L-37b, L-39b, L-39c, L-39e, Le-05b, O-01b, O-01c, O-06b, O-06c, O-07c, O-14b, O-15b, O-16d, P-03b, P-03c, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06c, P-06d, P-07b, P-07c, P-09b, P-09d, P-10b, P-11b, P-12b, P-12c, P-12d, P-12e, P-12f, P-14c, P-15b, P-15c, P-15d, P-15e, P-16b, P-17c, P-17d, P-24d, P-27b, P-29c.

1.2. Outras variantes

1.2.1.1. *caroca*

ALGa

L-21¹

¹ Resposta á c. 1541.

1.2.1.2. *coroca*

ALGa

C-44¹; L-10¹, L-13¹, L-34¹; P-10, P-18².

¹ Resposta á c. 1541.

² Transcríbese *c(o)roca*; isto é, alternan *croca* e *coroca* neste punto. Como información adicional recolleuse o verbo *amolecer* “ceder pola croca”.

Enquisas de estudantes

P-14d.

1.2.2. *crouca*

Enquisas de estudantes

C-29b, C-37b.

1.2.3. *coca*

1.2.3.1. *coca*

ALGa

P-19¹

¹ Resposta á cuestión 1541.

1.2.3.2. cun modificador: *coca do rabo*

ALGa

P-17¹

¹ Resposta á c. 1545.

1.3. Formas derivadas: *corqueiro*

ALGa

P-21.

1.4. Con modificador: *croca do rabo*

ALGa

C-08¹, C-21², C-31¹, C-37², C-38²; O-15².

¹ Resposta á c. 1545.

² Resposta á c. 1541.

Enquisas de estudantes

C-06b, C-18g, C-20c, C-25c, C-27b, C-31b, C-39i, C-42c, C-49c; O-16c; P-09c.

1.5. En combinación co substantivo *óso*: *ósos da croca*

Enquisas de estudantes

C-39g.

2. Construcións sobre unha palabra que habitualmente significa ‘rabo’

2.1. Sobre *rabo*

2.1.1. Forma simple: *rabo*

ALGa

O-25¹

¹ Resposta á c. 1545. Sinálase en nota que o *rabo* ten un referente máis amplo cá *cola*, pero non se detalla.

Enquisas de estudantes

C-30e; O-15d.

2.1.2. Con sufixo

2.1.2.1. *rabeira*

Enquisas de estudantes

O-20c.

2.1.2.2. *rabela*

Enquisas de estudantes

P-08b.

2.1.2.3. *rabicha*

Enquisas de estudantes

P-14b

2.1.2.4. *rabuxa*

Enquisas de estudantes

O-21b.

2.1.3. Construcións sobre a forma sufixada *rabada*

2.1.3.1. *derrabada*

Enquisas de estudantes

P-21c, P-27b¹.

2.1.3.2. *rabadilla*

ALGa

O-02¹.

¹ Resposta á c. 1545.

Enquisas de estudantes

A-02b; Le-05c

2.2. Construcións sobre *cola*

2.2.1. Forma simple *cola*

ALGa

O-07¹, O-12, O-14^{1,2}, O-16³, O-17¹, O-22⁴, O-23⁵, O-25^{1,6}, O-28^{4,7}, O-31.

¹ Resposta á cuestión 1545.

² Sinálase como información adicional que “O rabo vai na cola”.

³ Na pregunta 1541 declárase que *cola* e *rabo* son cousas distintas, pero non se especifica en que consiste a diferenza.

⁴ Resposta á cuestión 1541.

⁵ A resposta é *cola da vaca* para a c. 1541; en 1545, hai unha resposta *cola* que está ligada cunha frecha á palabra *rabo* do enunciado da pregunta, polo que non queda claro se realmente *cola* responde a todo o concepto ou é só un sinónimo de *rabo*.

⁶ Sinálase en nota que o *rabo* ten un referente máis amplo cá *cola*, pero non se detalla.

⁷ Especificase que é “onde lle nace o rabo”.

Enquisas de estudantes

C-19d; P-15e.

2.2.2. Co modificador *do rabo: cola do rabo*

ALGa

O-31.

3. Construcións sobre *noca*

3.1. Forma simple *noca*

ALGa

O-19¹; P-23¹, P-25², P-26, P-27¹, P-28³, P-29, P-30³, P-31³, P-32, P-33³.

¹ Resposta á c. 1541.

² Hai unha frecha no cuestionario que parece enviar a resposta a 1541 para 1545.

³ Resposta á c. 1545.

Enquisas de estudantes

P-17b, P-19b, P-19c, P-24e, P-26b, P-29b.

3.2. Variante *nuca*

Enquisas de estudantes

P-28d.

3.3. Cun modificador *do rabo*

3.3.1. *noca do rabo*

ALGa

O-19¹; P-31¹, P-33².

¹ Resposta á c. 1545.

² Resposta á c. 1541.

Enquisas de estudantes

P-28b.

3.3.2. *nouca do rabo*

Enquisas de estudantes

C-41c.

4. *pombela*

ALGa

A-07; L-11¹, L-14¹, L-16¹, L-21¹, L-23, L-25¹, L-26¹, L-27¹, L-29, L-30¹; Le-03, Le-04¹; O-18, O-21¹, O-22¹, O-24²; Z-02, Z-03.

¹ Resposta á c. 1545.

² Como información adicional na c. 1541 sinálase: “*espombelada*: coa pombela fundida”.

Enquisas de estudantes

C-13d; L-16b, L-22b, L-23b; O-15c, O-17b, O-20d; P-25b.

5. Construcións sobre unha zona do corpo próxima ó lugar de nacemento do rabo ou que o comprende

5.1. *cadeira*

ALGa

Z-01¹

¹ Resposta á c. 1545. Como información adicional figura o adxectivo *escadeirada*: “cando lle baixa o rabo”.

5.2. *coxote*

ALGa

O-07¹.

¹ Resposta para a c. 1541.

5.3. *a cru(z)*

ALGa

O-25¹, O-27²

¹ Só na c. 1541. A forma transcrita é *A cru(z)*.

² Resposta á c. 1545. Marcada como infrecuente.

5.4. Construcións sobre *cu*

5.4.1. Forma simple *cu*

ALGa

Le-01¹.

¹ Na c. 1541 sinálase que alterna co castelanismo *culo*, sinalado como forma menos frecuente. Como resposta á c. 1545, alterna con *conca*.

5.4.2. Con sufixo: *cuada*

Enquisas de estudantes

O-16d.

5.5. *cuadrís*

ALGa

L-18¹

¹ Resposta á c. 1545.

5.6. *entrecostos*

Enquisas de estudantes

C-18d.

5.7. Coa forma *lombo*

5.7.1. *lombelo*

Enquisas de estudantes

C-41b.

5.7.2. fío do lombo

ALGa

C-28¹

¹ Resposta á c. 1541.

5.8. polpa

Enquisas de estudantes

C-39d.

5.9. solomo

ALGa

L-38¹.

¹ Resposta á c. 1545.

5.10. traseira

ALGa

L-37¹; O-14².

¹ Como información adicional, na resposta á c. 1541 recóllese *croca* “vaca que vai vella e forma moito burato”.

² Resposta á c. 1541 (*traseira da vaca*)

5.11. xoá

Enquisas de estudantes

P-07c.

5.12. zancas

ALGa

O-21¹.

¹ Resposta á c. 1541.

6. Outras respostas

6.1. alcatra

Enquisas de estudantes

O-25b.

6.2. xema

ALGa

C-32¹.

¹ Resposta á c. 1545.

7. Formas problemáticas

7.1. airoa

Enquisas de estudantes

P-20b.

7.2. alte da cola

ALGa

Le-02¹

¹ Resposta á cuestión 1545.

7.3. anelos do rabo

Enquisas de estudantes

O-27b.

7.4. conca

ALGa

Le-01¹

¹ Resposta para a c. 1545.

7.5. combela

ALGa

L-18¹.

¹ Resposta á pregunta 1545. A propia anotación é dubidosa: no cuestionario recollíase orixinalmente *pombela*, escribíndose un *æ* por riba da primeira consoante.

7.6. empolmera

ALGa

L-34¹.

¹ Resposta á c. 1545.

7.7. ósos mamiños

Enquisas de estudantes

C-45b.

7.8. Posible referencia ó modo de preparación culinaria da carne desa zona

7.8.1. redondal

ALGa

O-17¹.

¹ Resposta á c. 1541.

7.8.2. rodela

Enquisas de estudantes

P-25c.

7.9. retranca

ALGa

P-28¹.

¹ Resposta á c. 1541.

8. Puntos sen resposta

8.1. Sen resposta ás c. 1541 e 1545 (ALGa)

C-30, C-35; Le-05; O-20, O-26, O-29; P-24.

8.2. Sen resposta á c. 1541 (ALGa)

C-20; P-30, P-31; Z-01.

8.3. Sen resposta á c. 1545 (ALGa)

A-02; C-03, C-09, C-15, C-17, C-21, C-29, C-38, C-39, C-42, C-43, C-44; L-01, L-08, L-10, L-12, L-13, L-31, L-33, L-35, L-36, L-39; O-01, O-03, O-04, O-06, O-09, O-23, O-28; P-03, P-04, P-05, P-07, P-14, P-19, P-22, P-23, P-27.

8.4. Sen resposta á c. 41 (enquisas de estudantes)

C-13e, C-24c; L-27b, L-30b, L-39d; O-07b, O-16b, O-20b, O-26b, O-29b; P-03d, P-21b, P-24b, P-24c, P-28c, P-29d, P-32b.

Distribución xeográfica das respostas

Como se pode observar, o tipo *croca* é, con moito, o maioritario, presente con forza en case todo o territorio, agás no terzo sur de Pontevedra e metade sur de Ourense, onde a densidade é bastante menor. Dentro da súa zona, observamos respostas con variante no radical e respostas con modificador, sen que ningunha delas teña un reparto zonal específico (pode pensarse que hai maior prevalencia no centro da Coruña, pero é un efecto motivado pola maior densidade de puntos na rede das enquisas de estudantes).

A forma *rabo* e os seus derivados non gardan ningunha distribución xeográfica apreciable, ó contrario do que acontece coa voz *cola*, que está cinguida á provincia de Ourense, especialmente no sur, excepto un rexistro no Salnés e outro en Cambre. A forma *noca*, nalgúns casos con modificador *do rabo*, conta cunha densidade territorial maior, copando practicamente todo o terzo sur da provincia pontevedresa, sobre todo a comarca do Baixo Miño; hai un rexistro esporádico no sur da Coruña, en Lousame. Polo que respecta a *pombela*, aparecen dúas áreas compactas próximas entre si. Dun lado, unha forte concentración na zona de Viana do Bolo, prolongada cara ó oeste en tres puntos: Sandiás, Ramirás e Pontearreas; doutro lado, unha ampla banda, desde Carracedo (León) ata Goiriz (Vilalba); queda fóra desta división bipartita un punto en Laracha, inda que non está tan lonxe da segunda zona sinalada, quizais unha cata noutros puntos desvelaría algunha forma intermedia.


O último mapa non é moi visible en canto a reparto territorial por unha razón evidente, cada unha das súas categorías agrupa respostas moi distintas entre si, tanto formal coma semanticamente: este capítulo caracterízase pola diversidade de respostas que só aparecen nun punto (moi excepcionalmente en dous) e que foron agrupadas en dúas macrocategorías, o apartado cinco (cun significado básico común: parte próxima ó rabo) e o apartado sétimo, de formas problemáticas. Para a explicación das diferentes categorías de “sen resposta”, véxase o comentado ó inicio deste capítulo.

MAPAS DE CONXUNTO

8. Parte onde nace o rabo da vaca. Todas as fontes

- Tipo *croca*
 - Construcións sobre *rabo*
 - Construcións sobre *cola*
 - Construcións sobre *noca*
- Forma *pombela*
 - + Zona do corpo próxima ó lugar de nacemento do rabo ou que o comprende
 - ◆ Outras respostas
 - * Formas problemáticas


+ Puntos sen resposta (inclúe aqueles puntos da rede do ALGa en que só hai resposta para unha das dúas preguntas; máis detalles no mapa específico)



8. Parte onde nace o rabo da vaca. ALGa


- Tipo croca
- Construcións sobre rabo
- Construcións sobre cola
- Construcións sobre noca
- Forma pombela
- + Zona do corpo próxima ó lugar de nacemento do rabo ou que o comprende
- ◆ Outras respostas
- * Formas problemáticas

+ Puntos sen resposta (inclúe aqueles puntos da rede do ALGa en que só hai resposta para unha das dúas preguntas; máis detalles no mapa específico)



8. Parte onde nace o rabo da vaca. Enquisas de estudantes

- Tipo *croca*
 - Construcións sobre *rabo*
 - Construcións sobre *cola*
 - Construcións sobre *noca*
 - Forma *pombela*
 - + Zona do corpo próxima ó lugar de nacemento do rabo ou que o comprende
 - ◆ Outras respostas
 - * Formas problemáticas
- + Puntos sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Tipo *croca*

8. Parte onde nace o rabo da vaca . Todas as fontes

Tipo *croca*


- Forma *croca*
- ⊠ Outras variantes radicais
- Forma derivada *corqueiro*
- ⊠ Forma *croca* con modificador: *croca do rabo*
- ⊠ En combinación co substantivo óso: *ósos da croca*



8. Parte onde nasce o rabo da vaca. ALGa

Tipo croca


- Forma croca
- ⊠ Outras variantes radicais
- Forma derivada *corqueiro*
- ⊠ Forma croca con modificador: *croca do rabo*



8. Parte onde nace o rabo da vaca. Enquisas de estudantes

Tipo croca

- Forma croca
- ⊠ Outras variantes radicais
- ▣ Forma croca con modificador: *croca do rabo*
- ◻ En combinación co substantivo óso: *ósos da croca*



MAPAS DE DETALLE


b) Formas que habitualmente significan 'rabo'. Construcións sobre o tipo *noca*.

Forma *pombela*

8. Parte onde nace o rabo da vaca. Todas as fontes

Formas que habitualmente significan 'rabo'. Construcións sobre o tipo *noca*. Forma *pombela*


- | | |
|--|--|
| ● Forma <i>rabo</i> | ● Forma <i>noca</i> |
| ● Derivados sobre <i>rabo</i> | ● Forma <i>noca</i> cun modificador <i>do rabo</i> |
| ● Derivados da forma sufixada <i>rabada</i> | ● Forma <i>pombela</i> |
| ● Forma <i>cola</i> , con ou sen modificador | |



8. Parte onde nace o rabo da vaca. ALGA

Formas que habitualmente significan 'rabo'. Construcións sobre o tipo *noca*. Forma *pombela*


- Forma *rabo*
 - Derivados da forma sufixada *rabada*
 - Forma *cola*, con ou sen modificador
- Forma *noca*
 - Forma *noca* cun modificador *do rabo*
 - Forma *pombela*



8. Parte onde nace o rabo da vaca. Enquisas de estudantes

Formas que habitualmente significan 'rabo'. Construcións sobre o tipo *noca*. Forma *pombela*

- Forma *rabo*
 - Derivados sobre *rabo*
 - Derivados da forma sufixada *rabada*
 - Forma *cola*, con ou sen modificador
- Forma *noca*
 - Forma *noca* cun modificador *do rabo*
 - Forma *pombela*




MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas e pontos sen resposta

8. Parte onde nace o rabo da vaca. Todas as fontes

Outras respostas e pontos sen resposta

- Zona do corpo próxima ó lugar de nascimento do rabo
 - + Formas *alcatra* e *xema*
 - * Formas problemáticas
- Pontos sen resposta às c. 1541 e 1545 (ALGa)
 - Pontos sen resposta á c. 1541 (ALGa)
 - Pontos sen resposta á c. 1545 (ALGa)
 - Pontos sen resposta á c. 41 (enquisas de estudantes)



Comentario de formas

1. Tipo *croca*

Estamos diante dunha forma problemática no que respecta á etimoloxía e á determinación da motivación. A voz *croca* existe no galego con diferentes significados (‘oco’, ‘cabeza [festivamente]’, ‘castaña sen cortar’, etc.), posiblemente relacionados entre si (o paso de ‘oco’ a ‘cabeza’ non require demasiadas explicacións motivacionais), pero nin sequera é fácil poñer en relación a referencia ó rabo da vaca con estas designacións. Os dicionarios etimolóxicos e obras consultadas non mencionan nada a respecto deste significado “gandeiro”.

Para a parte onde nace o rabo da vaca vainos ben pensar na idea de gancho: pódese comparar a cola cunha corda que se une a través desta peza curva (precisamente, é curvo o rabo deste ruminante no seu nacemento) co corpo da vaca. Existe unha forma fránica **krok*, procedente das linguas xermánicas do norte, que está na orixe do francés *croc* ‘instrumento curvo’ ou de *crochet* ‘instrumento curvo, gancho, agulla’, pero tamén ‘parte da anatomía (especialmente os caeiros dalgunhas serpentes ou peixes)’. Documentamos *croccu* tamén en dialectos do sur da Itallorromania. Para máis datos e algunhas referencias pódense ver as entradas no TLFi correspondentes ás dúas voces francesas citadas anteriormente.

Para os outros conceptos baralláronse diferentes hipóteses, e varias delas poden ter algunha aplicación para o caso que nos ocupa, inda que ningunha parece máis aplicable cá etimoloxía comentada no parágrafo anterior. FEW II, 1397, chamaba en causa un gálico **KROUKA* ‘cima’, pois a cabeza está na cima do corpo. A isto, Krüger (1952) facía dúas obxeccións: dunha banda que o ditongo *ou* era secundario en formas como *crounca*, doutra, que o significado ‘cabeza’ non era o primixenio, senón un desenvolvemento secundario a partir de ‘oco’. Para o miñoto *croco* ‘oco’, REW 201 postula como hipótese un lat. **COCULA*, do lat. clásico *COCHLEA* ‘caracol’.

1.1. *croca*

Localizo por primeira vez esta forma nos textos literarios en 1853, referido á carne da zona do nacemento do rabo e facendo parte dun completo despece do noso animal:

“-Eso será na cortaduría donde a dan da roda, do peito, da perna, do lombo, da croca, da falda, da agulla, do oído, pescozo e xarrete, costelas e ubre, miolos e barbos e morros e boches, o fígado e riles, corazón e bazo, raigada e tripas e patas, librilla, antafollos, calleira e mais verde”¹⁷³.

Aparece en portugués, pero non con co significado que nos ocupa neste apartado; lemos en Houaiss: *croca*¹ “1. peça de madeira das charruas. 2. jogo dianteiro de charrua. 3. buraco ou escavação na madeira. 4. *Uso: tabuísmo*. o ânus” e *croca*² “Regionalismo: Trás-os-Montes. Castanha que se põe a assar no forno sem o corte que se lhe costuma dar para que não estale”.

Sarmiento CVFLG trata xa desta forma, aventurando incluso un étimo: “Es lo que está sobre la rabadilla del buey, carnero, etc. Creo es de *cruce*, pues a lo mismo llaman a *cruzas das rens* (o riñones)”. É así tamén en Sobreira “Croca do rabo. La rabadilla”, pero o dicionario de Valladares, s.v. *cròca* vaino restrinxir á carne situada nesta zona: “Carne de las ancas del buey, ó vaca, en la parte que cae á los lados del espinazo, cerca de la cola, carne que, dicen, ser la mejor para el puchero”; será este o significado, no que á vaca se refire, desta forma nos textos lexicográficos posteriores.

O GVGH, s.v., recolle *croca* como “huesos del nacimiento del rabo” en 17 puntos diferentes do territorio (Caa. Cab. Cur. Fea. Raz. Lax. Sco. Com. Nov. Mel. Cod. Val. Ced. Gui. Gun. Per. Mon.); só en dous lugares (Compostela e Novefontes) aparece como “carne de las ancas del ganado vacuno”.

1.2. Outras variantes

1.2.1.1. *caroca*

Lemos no dicionario de Acevedo e Fernández: “Carne de la parte superior del muslo de la res vacuna”. Con todo, non é un significado maioritario, pois nos textos do TILGA e nos dicionarios adoitan aparecer sobre todo as acepcións ‘cabeza’, ‘nó dunha árbore’ ou ‘persoa, animal ou árbore vella e consumida’.

1.2.1.2. *coroca*

Non atopo nas fontes consultadas ningunha referencia desta forma con este significado.

¹⁷³ Pintos (1853: 201).

1.2.2. *crouca*

Aparece nos textos como ‘cabeza’. Con todo, o GVGH, s.v. *croca*¹, sinala dous puntos do territorio en que se recolleu como “huesos del nacimiento del rabo”: Dumbria e Compostela; mentres que a capital galega queda un pouco máis afastada, o concello de Dumbria sitúase precisamente entre os dous puntos da nosa rede en que se recolleu *crouca*.

1.2.3. *coca*

1.2.3.1. *coca*; 1.2.3.2. Cun modificador: *coca do rabo*

Só se recolle esta forma *coca* en dous puntos do sur de Pontevedra. O máis plausible é que sexan variantes do tipo *croca* que comentamos nesta epígrafe, inda que é certo que non puideron atopar testemuños dun significado ‘parte onde nace o rabo’ entre a mancha de significados con que conta esta voz (si que localicei, con todo, o de ‘cabeza’, unha das acepcións de *croca*), tal e como podemos constatar, p.ex., na entrada *coca* do GVGH: “*f.* 1. (Car. Are.) cormorán menudo; 2. (Com.) cúpula de la bellota; 3. (Xun.) lombriz intestinal; 4. (Ram. Ver.) veneno para pescar en río; 5. (Por.) verrugas que salen a las vacas en la lengua; 6. (Com.) *fest.* cabeza”.

1.3. Formas derivadas: *corqueiro*

Atopo *croqueiro* só unha vez nas obras lexicográficas manexadas, en Otero (1963a): “*Dícese del buey que tiene abultada la rabadilla por efecto de una fractura. V. de Taboada. DEL LAT. COCCUM*”

1.4. Con modificador: *croca do rabo*

Esta lexía composta está ben representada na nosa rede de puntos, pero hai tamén exemplos en textos escritos. Concretamente, lémoslos no TILGA en dúas obras que recollen fontes orais; vemos que non só se aplica á vaca, senón tamén a animais de morfoloxía semellante: “Fun ó monte cas ovellas comeum'lo raposo un año velaquí trai'as orellas e máila *croca do rabo*”¹⁷⁴ e “en Labrada morreu unha besta, en Romariz comérola fresca; os de Mondoñedo mandaron recado que lles deixaran a *croca do rabo*”¹⁷⁵.

¹⁷⁴ Schubarth e Santamarina (1984: 72).

¹⁷⁵ Alumnos do Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo (1999: 35).

1.5. En combinación co substantivo *óso*: *ósos da croca*

Como xa se referiu en diferentes ocasións ó longo deste traballo, o substantivo *óso* provén do lat. vulgar ÖSSU (lat. clásico ÖS, OSSIS). Non atopo nas fontes consultadas ningún exemplo desta construción.

2. Construcións sobre unha palabra que habitualmente significa ‘rabo’

2.1. Sobre *rabo*

Esta forma é unha voz común, procedente dun lat. RAPU ‘nabo’, e ben difundida no territorio, como se pode comprobar en GVGH, s.v., que recolle esta forma en diferentes puntos: Cab. Fea. San. Com. Sob. Oir. Cod. Gro. Val. Ced. Cre. Gui. Per. Mon. Pan. Ram. Xun. Mra. Cal. Vil.

Algunhas das designacións que atoparemos nesta epígrafe son “sospeitosas”, xa que, polo xeral, nomean, máis ben, a unha vaca que non ten rabo ou o lesionou gravemente; as sospeitas agrávanse polo feito de viren os resultados de enquisas de estudantes, que xa vimos ó longo desta tese que son máis proclives a confundir os referentes ou a facer malas interpretacións da información proporcionada polo falante.

2.1.2. Con sufixo

2.1.2.1. *rabeira*

O sufixo *-eira*, tan habitual en galego e comentado repetidas veces neste traballo, procede do lat. *-ARIA*.

Rexístrase en asturiano ou en español a forma *rabera* “Parte posterior de algo” (DRAE, s.v.), algo semellante á *rabeira* do portugués, onde tamén hai *rabeiro* “que se cria junto à cauda; que se forma no fim, no rabo” (Morais, s.v. *rabeiro*¹). Documentamos *rabeira* tamén en Cuveiro, e, a partir de aí, en diferentes dicionarios.

Refírese explicitamente ó noso animal este texto galego de 1917: “A vaca velaiquí está, ben posta, valent'e sana, dous netos si algún tiver outra millor axeitada, I esto dicindo, turrou pola rabeira da vaca... Cal sería o seu asombro i o de Pedro das Regadas, ó ver qu'a vaca fuxía e qu'o rabo lle quedaba nas maus ó probe Manoel que gruaba cheo de rabia: «Ou, Marela, centelluda, tíña-la ben somellada»¹⁷⁶.”

¹⁷⁶ O Tío Marcos da Portela. 3ª época. Parrafeo 5º, 21 de abril, p. 3.

2.1.2.2. *rabela*

O sufixo *-ela* provén do lat. *-ELLA*.

Polo xeral, *rabelo* ou *rabeno* son das designacións máis comúns para a vaca sen rabo (véxase o capítulo 9 deste traballo). Con todo, non hai que explicar necesariamente a nosa forma a través dese significado, pois existen acepcións semellantes á comentada na epígrafe anterior.

Lemos en Morais unha entrada *rabela* “*Provinc. tras.* Parte posterior do arado, desde a relha à rabiça” que atopamos tamén en dicionarios galegos, como en Valladares, s.v. *rabèla*: “Mancera, esteva, la parte trasera, ó posterior, del arado, por donde el hombre, ó la mujer, le coge para arar. Cosa que no tiene rabo, ó le tiene corto”. No mesmo sentido, ampliando inda máis os referentes, está a entrada *rabela* do GVGH: “[*rabela*] f. 1. (v.c.), *arabela* (Tob.), *rabelo* (Lax. Ver.) mancera, esteva del arado; 2. (Cab.) mango de la guadaña; 3. (Com.) esteva de la sachadora; 4. (Gro.) trozo de un aparejo de pesca”.

2.1.2.3. *rabicha*

Este sufixo *-icha* é de orixe problemática. Para Ferreiro (1999: §473) trátase dunha variante de *-echo*, que explica por cruzamento entre o sufixo pexorativo *-ucho* e o diminutivo *-elo*. En Houaiss, s.v. *-icho*, lese “de baixa freqüência em port., de um suf. lat. *-cùla*, *-cùlu*- dim. (*pedicùlu-*, *peduncùlu-*, *manicùla*); aparece em *cachicho*, *carrapicho*, *galricho*, *governicho*, *literaticho*, *paparicho*, *rabicho*, diminutivo com conotação pejorativa”.

A entrada *rabicha* en Morais dá unha información semellante á das voces dos dous apartados anteriores, trataríase dunha parte do carro ou do arado; Houaiss engade un dato que nos interesa xa máis: “cauda pequena”. Hai *rabicho*² en Morais: “Dise do touro que não tem pêlo na extremidade da cauda”.

En Pintos rexistramos dúas entradas *rabicho*, unha delas coa definición “Rabito” e outra redactada como “Recorte, sobrante”. Hai tamén un verbo *rabichar* “Cortar lo que cuelga, despuntar, ({Gassols}:quitar poco a poco), cercenar”.

2.1.2.4. *rabuxa*

Este sufixo ten valores diminutivos, pero tamén despectivos (Ferreiro 1999: §488-490). Sarmiento CVFLG comenta a voz *rabuxo*: “Es el rabito malo con que nacen los gatos, y que si no se les quita no crecen; y así de un mal gato se dice que es rabuxento, y se aplica a los chicos ridículos”. Non é moi diferente do que se escribe no dicionario de Rodríguez, s.v. *rabuja*: “1. Enfermedad, especie de sarna que aparece en la punta del rabo de los gatos,

que se parece proviene de miseria más bien, porque he visto gatos hermosos y bien rabudos, por cuya razón creo es una necesidad y crueldad mutilarles una parte que no debió darles inútilmente la naturaleza. En port. *rabuxen*”.

Non atopo outra documentación que lle acaia mellor ó significado que nos ocupa nesta epígrafe.

2.1.3. Construcións sobre a forma sufixada *rabada*

2.1.3.1. *derrabada*

Trátase dunha designación habitual para a vaca que non ten rabo, polo que o máis probable é que se trate dalgún tipo de confusión. Con todo, véxase a segunda acepción de *derrabada* en Houaiss: “1. que teve o rabo cortado (diz-se de animal). 2. pendente à maneira de rabo”

2.1.3.2. *rabadilla*

Tanto en galego coma en portugués alternan *rabadela* e *rabadilla*, creada esta última cun sufixo *-illa* (< lat. -ICULA), que non poucas veces penetra nesas linguas por influxo do castelán. *Rabada* recóllese nos dicionarios habitualmente para falar da porción de cola do peixe, pero tamén significa ‘parte traseira do tronco do gando’; en galego, recolleuse na Mezquita (vid. GVGH, s.v.) para denominar o “extremo del rabo”. A definición existente de *rabadilha* en Morais é a seguinte: “ s.f. (de *rabada*). O mesmo que *rabadela* e mais usado [...] || *Provinc. beir.* Nádegas [...] || *Anat. ant.* O mesmo que cóccix || Os quartos posteriores da rês, limitado em baixo pelo chambão e ganso, em cima pela alcatra e lombo, à frente pela aba descarregada e atrás pelo pojadouro e chã de fora”.

No que respecta ós textos galegos, documéntase *rabadela* só nun texto de 1888, e *rabadilla* conta con máis frecuencia, inda que hai que agardar ata 1921: a) “A fe, que nunc'olvida quen ten dos milagreiros lembranza, puxoll'a ialma enchida, (jogalá que tamén ll'encher'a panza!) e cos ollos cerrados facendo forz'atrás, na rabadela dous pasos arredados do parrulo, brincou na poz'aquela”¹⁷⁷ e b) “Mediciñas, desconxuros, ansulla de pita negra, herba rata, pan de sapo, rogativas e novenas, emplastos na rabadilla e cocimentos de xesta... todo foi de balde. A forza de remedios, a princesa quedou pior que denantes, máis molida e máis enferma”¹⁷⁸.

¹⁷⁷ *A Fuliada*, nº 3, 15 de febreiro, p. 4.

¹⁷⁸ Cabanillas (1921: 160).

Como é de supoñer, a forma *rabadilla* non ten demasiado éxito nos dicionarios pola súa coincidencia co castelán, e, de feito, só a localizo na obra de Pintos. En GVGH foi recollida en dous puntos: Toba e A Mezquita.

2.2. Construcións sobre *cola*

2.2.1. Forma simple *cola*

Segundo DCECH (s.v. *cola* I), provén do lat. vulgar CŌDA (lat. clásico CAUDA), indicando que a orixe do *l* é incerta, pero que se trata, en todo caso, dunha variante moi antiga. Trátanse varias hipóteses, entre elas a de Bartoli, que supuña unha base lat. dialectal *CŌLA (a mesma alternancia que deu o it. *cicala* a partir do lat. CICADA ‘cigarra’ ou a que se ve no par latino OLOR – ODOR, variación que inda se aprecia hoxe nas linguas romances). Meier (1984) mostra o seu acordo coa hipótese do lingüista istriano. Outras explicacións chaman en causa un diminutivo CAUDULA.

Forma ben presente na lingua, da que xa existen testemuños no s. XIV, na tradución da *General Estoria* de Afonso X e que conta con centenaes de rexistros no TILGA. Como era de agardar, nos dicionarios está case desaparecida, pois coincide coa voz castelá. En GVGH, s.v., recolleuse en diferentes sitios, por todo o territorio: (Car. Raz. Tob. Com. Oir. Val. Per. Bur. Inc.).

2.2.2. Co modificador *do rabo*: *cola do rabo*

Para a forma *rabo* véxase a epígrafe 2.1.

3. Construcións sobre *noca*

3.1. Forma simple *noca* e variante *nuca*; 3.3. Cun modificador *do rabo*: *noca do rabo* e *nouca do rabo*

Ben que a forma *noca* signifique habitualmente ‘caluga’, hai que ter presentes outros significados, como o de ‘cotobelo’ (cf. Xerais2000, s.v. *noca*¹: “*Prominencia ou nó que forman as articulacións dos dedos da man*; está presente tamén este significado en varios traballos de Aníbal Otero), que cadran perfectamente coa idea de zona anatómica protuberante, articulación que sobresa, como o fai efectivamente a zona de nacemento do rabo.

Se aceptamos que teñen a mesma orixe estas dúas formas, podemos acudir para a etimoloxía a DCECH, s.v. *nuca*, que supón unha orixe do baixo latín NUCHA ‘espiñazo’, proveniente dun termo árabe introducido polos médicos medievais italianos e cun sentido alterado probablemente por confusión co ár. *núqra* ‘hoyo, cogote’. É tamén a opinión de TLFi (s.v. *nuque*) ou de DELI (s.v. *nuca*).

Lemos en Otero (1963b) da existencia da forma *noca do dedo*: “Nudillo. Camposancos. Cp. con otras voces del m. o. cit. en mi *Contr. al léx. gall. y ast., I, Archivum, III. DEL LAT. "NODUS"*”; tamén comenta a forma *noca*: “Nuca, en Bueu ; *nonca*, en C[ândido] de F[igueiredo]; *añuca*, en Labacolla. Llamaríase así por la forma de nudo que tiene la protuberancia occipital externa. DEL LAT. "NODUS"”.

Fóra destas formas comentadas para o dedo, que poderían ser xustificadas semanticamente sen demasiadas dificultades, non atopo nas fontes consultadas ningún exemplo para o rabo da vaca.

4. *pombela*

Forma de difícil explicación. En primeiro lugar, ningún dos dicionarios etimolóxicos consultados se fai eco desta forma; as únicas explicacións que se apuntan lémolos en Otero (detállanse máis adiante) e en Xerais1986, postulando un derivado sobre o substantivo *pomba*, dun lat. PALUMBA (lat. clásico PALUMBES).

A verdade é que esta hipótese parece ter máis visos de realidade dando unha ollada para os datos do dominio asturiano, onde existe o verbo *espalombar*, coa variante *espalumbar*, como se pode constatar en DGLA, s.v.: “1. Romper la cola de la vaca por su punto de arranque [As (Cruce). Colinas, Pr (Cv)]. 2. Separarse dos o más huesos articulados entre sí [Ri]. Frases hechas y locuciones: *-se* ‘romper una vaca los huesos del nacimiento del rabo, quedando éste aplastado por esa parte’ [Pr. Oc]: *La mia Gallarda caíu a vueltas ya espalumbóuse [Oc]*. ‘desarticularse’ [Ac]. ‘romper la vaca los huesos donde nace el rabo o la persona la parte terminal de la columna’ [PSil]”. Véxase tamén a entrada *espalombáu* nese mesmo dicionario. Cómpre sinalar tamén que Morais ten unha voz *pombela* “*provinc. tras.* ‘Travessa entre a abertura das varas do carro rural’”. Por último, se analizamos a entrada *palomilla* do DRAE, comprobamos diferentes acepcións que nos interesan, pois ofrecen un significado que se pode relacionar facilmente coa nosa forma: “6. f. Parte anterior de la grupa de las caballerías. *Este caballo es alto de palomilla*. 8. f. Punta que sobresale en el remate de algunas albardas. 9. f. Armazón de tres piezas en forma de triángulo rectángulo, que sirve para

sostener tablas, estantes u outras cosas. 15. f. *Cuba*. Corte de carne de vacuno que se saca del cuarto trasero del animal”.

No que respecta á motivación, Otero (1977) pode estarnos dando unha pista cando define *pombela* como “Raíz del rabo del vacuno, que suele ser levantada”. A comparación viría, pois, por acercar a morfoloxía desa zona do corpo co talle dunha pomba, pero é certo que non é unha semellanza evidente e que dea tanto na vista como outras lexías que estivemos vendo ó longo deste traballo.

Pombela aparece só nun dos textos incluídos no TILGA (de 1995), pero para se referir á ave e non aparece nos dicionarios clásicos do galego incluídos no *Diccionario de Dicionarios*, coa excepción da obra de Otero arriba sinalada. É distinta a situación do GVGH, pois aí hai unha entrada *pombela*, que conta con catro rexistros: Burón, Suarna, A Gudiña e A Mezquita, localidades coherentes cos resultados observados na nosa rede de puntos, inda que esta é bastante máis ampla.

5. Construcións sobre unha zona do corpo próxima ó lugar de nacemento do rabo ou que o comprende

Algunhas destas respostas terán que ser vistas con precaución, pois posiblemente esteamos diante dunha confusión de referente.

5.1. cadeira

Forma comentada na pregunta número 6 *óso da cadeira*, apartado 4.

5.2. coxote

Derivado sobre o substantivo *coxa* (< lat. COXA ‘coxa’), con sufixo *-ote* que en última instancia provén dun lat. *-OTTU* (variante de *-ITTU*), pero posiblemente a través do francés *-ot*. Non parece que esteamos aquí diante do *coxote* ‘peza de armadura que protexe as coxas’, vindo do fr. *cuissot*.

Valladares ten unha entrada *cajòte* (hai variantes: *cajòte*, *cojòte*, *jacòte*, etc.), definida como “Zancajo, particularmente de carnero y puerco” e podemos ver un lema *coxote* no GVGH: “[*coxote*] (Fri. Inc. Mra. Cal.), *cuxote* (Tob. Com. Ped.) muslo”.

5.3. *a cru(z)*

Sobre o substantivo *cru(z)*, do lat. CRUCE, que, segundo a definición de Elixio Rivas (1978: s.v.) é a “parte del espinazo donde termina y se le unen las piernas, es decir donde se ejerce el juego y movimiento”. A figura que fan alí os ósos sería a que xustificaría esa designación.

Xa citamos anteriormente, neste mesmo capítulo, un treito de Sarmiento CVFLG: “Es lo que está sobre la rabadilla del buey, carnero, etc. Creo es de *cruce*, pues a lo mismo llaman a *cru(z) das rens* (o riñones)”. GVGH, s.v. *cru(z)*, é unha boa fonte para constatar que este substantivo (e lexías de que forma parte) nomea diferentes partes da anatomía: “2. [*cru(z)*] (Fea. Tob. Cod. Xun.), *cru(z)eta* (Lax.) punto de unión entre el espinazo y la cadera; -*cru(z) dos cadrís* (Caa. Cab. Cur. Raz. Sco. San. Com. Sob. Val. Ced. Cre. Gui. Inc.), *cru(z) dos coadrís* (Mon.), *cru(z) dos cuadrís* (Bur. Sua. Ped. Mra. Cal.) especie de cruz formada por los huesos de la cadera y el espinazo; -*cru(z) do lombo* (Cod.) parte central del lomo; -*cru(z) dos ombros* (Lax. Dum. Mel.) parte superior central de la espalda;”

5.4. Construcións sobre *cu*

5.4.1. Forma simple *cu*

Voz totalmente común en galego, procedente dun lat. CŪLU.

5.4.2. Con sufixo: *cuada*

O significado habitual desta forma é o de ‘golpe dado co cu’ ou ‘golpe dado contra o chan’, afectando a esa parte da anatomía, e así aparece nos textos desde 1877, de modo que non rexistramos ata 1920 o significado de ‘zona próxima ó cu’: “Si che fago falta, asobías por min, qu'eu, cando te precise, tamén asobiarei por ti... -¿Com'os cans? -O mesmo. -Estonces, cando nos xuntemos, será preciso que lle cheiremos un o outro a cuada das calzas...”¹⁷⁹.

Esta é a acepción que nos proporciona Pintos, s.v. *cuada*: “Hueco de los calzones para el culo”. Máis concreto é Elixio Rivas *Frampas III*, s.v. *cuada*: “Parte en torno al cu del cerdo, que se corta en la matanza. Sabariz, Our”.

¹⁷⁹ Rivero (1920: 55).

5.5. *cuadrís*

O tipo *cuadril* coméntase abundantemente na pregunta 6, ap. 1, deste traballo.

5.6. *entrecostos*

Seguindo o dicionario de Século XXI, existen dúas acepcións básicas: “1. Conxunto das costelas coa febra correspondente. 2. Vértebras que forman a columna vertebral”.

Como orixe última está o lat. CŎSTA ‘costela, lado, flanco’, pero seguramente intermediou o fr. *entrecôte* (a restitución do ese poderíase explicar pola forma *costas*).

O dicionario de Cuveiro coñece a forma *entrecostas*, definida como “espinazo”, como se referiu arriba, pero a acepción maioritaria da forma é outra, como ben se ve en GVGH, s.v. *entrecosto*: “*m.* [*entrecosto*] (Caa. Cab. Cur. Lax. Com. Sob. Val. Ced. Gui. Gun. Per. Bur. Sua. Pan. Xun. Mra. Cal. Mez.), *entrecostro* (Fea. Inc.) carne que hay entre las costillas”.

5.7. Coa forma *lombo*

5.7.1. *lombelo*; 5.7.2. *fio do lombo*

Véxase o sinalado no capítulo 5, ap. 6.1.

5.8. *polpa*

Este substantivo continúa o lat. PŪLPA e, como o seu étimo, a súa acepción primaria é a de ‘carne desosada sen graxa’. En palabras de Cuveiro, s.v. *polpa*: “Pulpa ó pulpejo, la parte mollar de las carnes, ó la carne pura sin ternilla ni nervios. La parte mollar de las frutas y la médula de las plantas leñosas”.

Con este sentido, é voz corrente para diferentes partes do corpo; só cos significados recollidos por GVGH, s.v. *polpa*, aparecen “pantorrilla”, “parte blanda de la planta del pie”, “parte blanda de la pierna” e “muslo”. O máis probable é que sexa este último significado co que batemos aquí, inda que, visto que a pombela sobresaes coa aparencia dunha masa de carne, non se pode descartar taxativamente que sexa unha referencia directa á croca.

5.9. *solomo*

Castelanismo por *solombo*, composto de *so-* e de *lombo* (cf. a pregunta 5, apartado 6.1.), designación habitual para a carne situada entre as costelas e o lombo da res. O uso deste castelanismo é bastante corrente, como se testemuña en GVGH, s.v., que o rexistra en tres puntos do oriente lugués: Cedofeita, Burón e Pedrafita (o punto da nosa rede en que se rexistra, Ribas de Sil, tamén é do leste desta provincia, pero máis ó sur, case no límite con Ourense)

5.10. *traseira*

Xa comentada no capítulo 5, ap. 6.9.

5.11. *soá*

Véxase o capítulo 5, ap. 8.1.

5.12. *zancas*

Para a etimoloxía e para ver formas similares, complétese co sinalado para *zancos* no capítulo 6, ap. 5.3.

Xa ten Valladares unha entrada *zanca*: “*com.* Pierna larga de ave. Pierna delgada del hombre, ú otro animal. *Anda mòito; dall'à zanca, que bèn mozo eres.* Anda mucho; da á las piernas, que bastante jóven eres. Palo, ó machon, en que apoyan los peldaños de una escalera”.

6. Outras respostas

6.1. *alcatra*

A *alcatra* é, en definición de Houaiss, s.v., “No gado vacún, ponto onde finda o lombo, à altura dos rins e que ten por base os ossos ilíacos; o cuarto traseiro das reses” ou, se preferimos a definición de Xerais2000, os “Ósos da parte inferior da columna vertebral ou o espiñazo dos bóvidos; croca¹”. Por tanto, podemos considerar que responde perfectamente ó concepto enquisado nesta pregunta. Con todo, é certo que existen acepcións máis xerais, por exemplo “Carne que se encuentra al lado de la pierna” (recollida por Taboada Cid na Mezquita) ou “Anca, cada una de las dos mitades de la parte posterior

de los animales, donde termina el espinazo” (Carré4, s.v. *alcatría*). Recolleuse tamén en Ramirás como “rabadilla” (GVGH, s.v. *alcatría*).

Con respecto á etimoloxía, tanto Machado como Houaiss (s.v.) pensan nun árabe *al-qatra* ‘parcela, pedazo’, documentado desde o s. XVI en portugués.

6.2. *xema*

O GVGH conta cunha entrada *xema*, definida como “parte viva del rabo” e documentada en cinco puntos do territorio: Cabalar, Toba, Novefontes, Guitiriz e Pereiramá. Na nosa rede documéntase só nun punto, C-32 (Toques).

Polo que respecta á etimoloxía, podemos pensar nun lat. GEMMA, no seu significado de ‘gromo’, atendendo a que o rabo pode verse como un brote no corpo da vaca.

Non rexistro nos dicionarios ningún valor relacionado co rabo, inda que seguramente si que estea ligada a acepción “Parte del extremo del dedo opuesta a la uña” que se documenta desde Carré1.

7. Formas problemáticas

7.1. *airoa*

Resposta documentada unicamente nunha enquisa de estudante en Covelo (Pontevedra). O significado habitual de *airoa* é o de ‘anguía’, estaremos diante dunha comparación co espiñazo da vaca ou, máis posiblemente, co rabo?

7.2. *alte da cola*

É de supoñer que a forma que está no fondo é *alto da cola*, en referencia a que é unha parte que resalta sobre o tronco e, en calquera caso, cando o rabo da vaca está en repouso, é tamén a parte deste que está nunha posición superior.

7.3. *anelos do rabo*

Só localizamos esta forma nunha enquisa de estudante de Baltar (Ourense). Pode que o que haxa aquí sexa un continuador de ANĒLLU, diminutivo de ANŪLU ‘anel’, facendo referencia ós pequenos ósos que compoñen o rabo.

7.4. *conca*

Esta forma pode ser unha variante da voz *cunca*, que ten, ademais do máis coñecido significado ‘recipiente’, algunhas aplicacións á anatomía; así, Carré1, s.v. *conca* comenta “s. f. Cuenco. Taza. V. *cunca*. Concha de la oreja” e o GVGH, s.v., sinala que se recolleu en Burón, Suarna, Pedrafita e Vilardevós coa acepción “cuenca del ojo”. A distribución xeográfica aquí presente é coherente coa nosa forma (localizada unicamente nun punto leonés), pero falla a semántica, pois, en todo caso, a parte onde nace o rabo non é cóncava, senón convexa.

Ten máis xeito unha definición “parte que sujeta la bellota al roble” (GVGH, s.v. *cunca*), pero segue fallando a conexión semántica.

7.5. *combela*

Designación problemática xa no propio caderno de enquisa, pois a forma que figuraba orixinalmente era *pombela* e alguén corrixiu a primeira consoante por riba, converténdoa en *combela*.

Se aceptamos a validez desta corrección, existen dúas posibilidades de interpretación. Dunha banda, pode ser unha alternancia consonántica, pasando a oclusiva bilabial de posición inicial, que está en contacto cunha vogal velar, a pronunciarse como oclusiva velar. Doutra banda, podemos poñela en relación coa famosa raíz *comb-* e de aí con verbos como *combar* ‘curvar’.

7.6. *empolmera*

Forma enigmática. Non parece que teña que ver co *polmo* ‘palla miúda do millo’ recollido en Otero (1967a) e seguramente conte con máis posibilidades conectalo co *pulmoeira*, nome para diferentes enfermidades da vaca.

7.7. *ósos mamiños*

Forma recollida en Noal (Porto do Son). A forma *maniña* comentouse no apartado 5 da pregunta 7 deste traballo. Aquí, parece claro o significado ‘pequeno, mínimo, delgado’, perfectamente aplicable ós ósos do rabo, que non teñen, nin de lonxe, o tamaño dos do espiñazo.

7.8. Posible referencia ó modo de preparación culinaria da carne desa zona

A agrupación destas dúas formas nunha mesma epígrafe, relacionada coa preparación da carne desta zona en talladas arredondadas, non deixa de ser unha hipótese preliminar.

7.8.1. *redondal*

Non localizo esta forma nas fontes consultadas, a non ser unha detallada entrada *redondal* en Otero (1977), referente a un tipo de pera. Podería ser unha construción sobre o adxectivo *redondo*, se se aceptar a hipótese desta epígrafe de explicar estas designacións pola preparación culinaria da carne.

7.8.2. *rodela*

Está ben documentado o uso de *rodela* para o xeonllo, pero quizais sexa unha zona anatómica demasiado afastada do rabo como para ser viable esa interpretación (con todo, non faltan casos no noso traballo onde se constata o uso do nome dunha articulación para outra. Outra hipótese tiraría máis polo diminutivo de *roda*, atendendo á forma arredondada.

7.9. *retranca*

Posiblemente esteamos diante dunha designación metonímica, pois entre os significados de *retranca* están “garrote o arco de madeira sujetos a la albarda que, puestos tras las ancas de la caballería, servían para impedir que el aparejo se corriera hacia delante” e mais “correa ancha que hace un oficio semejante”. Lemos en diferentes papeletas do Tesouro conservado no ILGa: 1. “madeira do potro de ferrar, onde se apoian as dúas patas traseiras do gado”. 2. “freno para el carro”. 3. “yugada en la parte posterior del carro”. 4. “aparejo para la parte posterior del cuerpo del animal; pasado por debajo de la cola del mismo “hebilla” en el sillón, etc. Algunha parte de varios destes apeiros e utensilios pode estar facilmente en contacto coa zona de nacemento do rabo da vaca.

É discutida a etimoloxía. Mentres que DCECH, s.v., opta por un composto do substantivo *tranca* + *redro-* ‘detrás’ (do lat. RETRO-), o DRAE defende *retro* ‘detrás’ + *anca* ‘cadeira’.

Nos dicionarios galegos está xa en Pintos, cunha impagable entrada *retranca* que é definida como “retranca”; en anos posteriores (fundamentalmente a partir de Otero, pois antes a maioría das definicións que había eran de tipo psicolóxico-moral) os dicionarios irán recollendo algunhas das acepcións que xa se examinaron, e outras máis (p.ex. ‘travesa’,

'tranca', etc.). Con todo, a hipótese da transferencia de significado por contacto físico é a que ten máis posibilidades de dar no certo.

9. Vaca sen rabo

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1548 *vaca sin rabo, raboa*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 43 *vaca sin rabo (raboa, rabuca)*.

1. Construcións sobre o substantivo *rabo*

1.1. Derivados cun sufixo

1.1.1. Con sufixo *-ela*: *rabela*

ALGa

C-11, C-12, C-13, C-16, C-17, C-22, C-23, C-27, C-29, C-33, C-34, C-36, C-37, C-38, C-39, C-40, C-41, C-42, C-43, C-44, C-45, C-46, C-47, C-48; L-09, L-16, L-20, L-21, L-24, L-25, L-26¹, L-28, L-29, L-34, L-35, L-36; O-01, O-02, O-05, O-20, O-24; P-01, P-02, P-03, P-04, P-05, P-08, P-09, P-10, P-11, P-13, P-14, P-15, P-16, P-17, P-18, P-19, P-20, P-22, P-23, P-25, P-27.

¹ Alterna con *raboca*, que é a forma máis frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

C-13b, C-13c, C-13d, C-13e, C-13f, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18g, C-18h, C-21b, C-22b, C-23b, C-24b, C-27b, C-28b, C-28e, C-29b, C-30b, C-30c, C-30d, C-30e, C-31c, C-35c, C-35g, C-35h, C-36b, C-36c, C-36d, C-37b, C-39b, C-39c, C-39d, C-39e, C-39f, C-39g, C-39h, C-39i, C-39k, C-40f, C-40g, C-41b, C-41c, C-41d, C-42b, C-42c, C-42d, C-42e, C-43b, C-48b, C-49b, C-49d, C-49e; L-04b, L-06b, L-14b, L-14c, L-17b, L-21b, L-21c, L-23b, L-24b, L-24c, L-28c, L-34b, L-34c; O-01b, O-01c, O-06c, O-16b, O-16c, O-16d, O-21b; P-03b, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06c, P-06d, P-07b, P-07c, P-09b, P-09c, P-09d, P-11b, P-12b, P-12c, P-12d, P-12e, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-15e, P-16b, P-17b, P-17c, P-17d, P-20b, P-24d, P-25c, P-32b.

1.1.2. Con sufixo *-ena*: *rabena*

ALGa

C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08, C-09, C-10, C-14, C-15, C-20, C-25, C-26, C-28, C-31, C-32; L-01, L-02, L-03, L-04, L-05, L-07, L-10, L-14, L-17, L-31, L-39.

Enquisas de estudantes

C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06c, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09d, C-09e, C-15b, C-18b, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b, C-20c, C-20d, C-25b, C-25c, C-25d, C-28b, C-28c, C-28d, C-28f, C-31b,

C-32b, C-35d, C-35e, C-35f, C-40b, C-40c, C-40d, C-40e, C-40g, C-45b; L-02b, L-05b, L-05c, L-09c, L-09d, L-14c, L-26b, L-28b, L-28c, L-34c, L-36b, L-39b; O-07b, O-07c; P-08b.

1.1.3. Con sufixo *-ica: rabica*

Enquisas de estudantes

P-15b.

1.1.4. Con sufixo *-oca: raboca*

ALGa

L-12, L-15, L-18, L-26¹.

¹ Alterna con *rabela*, que é a forma menos frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

L-12b, L-15b, L-31b.

1.1.5. Cun sufixo que continúa o latín *-ONA*¹⁸⁰

1.1.5.1. Sufixo *-oa: raboa*

ALGa

A-03, A-07; L-13; Le-01.

Enquisas de estudantes

L-16b, L-22b.

1.1.5.2. Sufixo *-ona: rabona*

ALGa

A-03; C-21; L-38; Le-02, Le-03, Le-04, Le-05; O-02, O-03, O-06, O-07, O-08, O-09, O-10, O-11, O-12, O-13, O-14, O-16, O-17, O-18, O-21, O-22¹, O-23, O-25, O-26, O-28, O-29; P-06, P-07, P-24, P-26², P-27, P-28, P-29, P-30, P-31, P-33; Z-02.

¹ Alterna coa forma *derrabada*, que é máis frecuente.

² Alterna coa forma *rabucha*, que é máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-03b; L-37b, L-39d; Le-05b, Le-05c; O-06b, O-14b, O-15b, O-15d, O-20d, O-21b, O-25b, O-26b, O-27b; P-16b, P-19b, P-19c, P-21c, P-24b, P-24c, P-24e, P-25b, P-26b, P-27b, P-28b, P-28c, P-28d, P-29b, P-29d.

1.1.5.3. Sufixo *-úa: rabúa*

ALGa

A-05¹.

¹⁸⁰ Ver tamén o apartado 1.2.2.

¹ Alterna con *vaca sin rabo*; sinálase que *rabúa* emprégana os novos. Recolléronse *rabón* e *rabúa* tamén para o gato ou o cocho.

Enquisas de estudantes

L-13b.

1.1.6. Con sufixo *-ota*: *rabota*

ALGa

O-15, O-27; Z-03.

Enquisas de estudantes

O-15c, O-17b.

1.1.7. Con sufixo *-uca*: *rabuca*

ALGa

A-01, A-02, A-04, A-06; L-19, L-27, L-30, L-32, L-33; O-04.

Enquisas de estudantes

A-02b; L-26c, L-27b, L-33b, L-33c, L-39c; P-10b, P-16b.

1.1.8. Con sufixo *-ucha*: *rabucha*

ALGa

L-37; P-26¹, P-32.

¹ Alterna coa forma *rabona*, que é menos frecuente.

Enquisas de estudantes

L-39e; P-29c.

1.1.9. Con sufixo *-uda*: *rabuda*

ALGa

O-31.

Enquisas de estudantes

C-28b.

1.2. Derivados a través da combinación de dous sufixos

1.2.1. Sufixos *-ella* e *-eira*: *rabelleira*

Enquisas de estudantes

O-16b.

1.2.2. Formas de 1.1.5. con engadido dun sufixo *-ada*: *raboadada*

ALGa

L-23.

1.3. Combinación do prefixo *de(s)-* e o sufixo participial *-ada*: *derrabada*

ALGa

L-06, L-08; O-22¹; P-18, P-21; Z-01.

¹ Alterna con *rabona*, que é menos frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

L-01b², L-09b.

² Recóllese a forma *desrabada*.

1.4. Procedementos analíticos: frase preposicional *sin rabo*

ALGa

A-05¹; C-19.

¹ Alterna con *rabúa*, forma empregada polos novos; tamén se usan *rabón* e *rabúa* para o gato ou o cocho.

2. Construcións sobre outra designación para o rabo ou zona onde nace o rabo

2.1. Formas construídas sobre o substantivo *cola* mediante o prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: *escolada*

ALGa

L-22, L-32.

2.2. Formas construídas sobre o substantivo *croca* mediante un prefixo *-es*

Enquisas de estudantes

C-35b¹, C-35i².

¹ Recóllese *escrocarse*.

² Recóllese *escrocada*.

3. Referencia ó toco que queda na vez do rabo

3.1. Forma *cota* e derivados

3.1.1. Sen derivar: *cota*

ALGa

C-18, C-49.

Enquisas de estudantes

C-24c.

3.1.2. Con sufixos

3.1.2.1. Co sufixo *-ela*: *cotela*

ALGa

C-24; P-12, P-13.

Enquisas de estudantes

C-49c; P-12f.

3.1.2.2. Co sufixo *-ena*: *cotena*

ALGa

C-20.

Enquisas de estudantes

L-26b.

3.2. *toquena do rabo*

ALGa

L-11.

3.3. Forma *zuro* e derivados

3.3.1. Sen derivar: *zura*

Enquisas de estudantes

O-16d, O-20b, O-20c.

3.3.2. Co sufixo *-eta*: *zoreta* e *zureta*

ALGa

Z-03¹.

¹ *Zureta*.

Enquisas de estudantes

O-29b².

² *Zoreta*.

4. *fanada*

Enquisas de estudantes

L-30b; O-01c.

5. Outras respostas

5.1. *manota*

ALGa

O-19.

5.2. *mona do rabo*

ALGa

C-47.

5.3. *zocha*

ALGa

O-30.

6. Formas problemáticas

6.1. *lota*

Enquisas de estudantes

O-29b.

6.2. *cuca*

Enquisas de estudantes

C-49c, C-49e.

7. Sem resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-09c, C-44b; P-21b.

Distribución xeográfica das respostas

Como se pode observar nos mapas de conxunto, as construcións sobre *rabo*, cadrados con dúas tonalidades de verde, son practicamente as únicas: só un 7'35% dos puntos da rede teñen outra designación (e, en varios casos, coexistindo con outra resposta baseada en *rabo*). O gran número de formas deste tipo aconsellou facer dous mapas distintos das construcións sobre *rabo*, deixando só outro máis para o resto de formas (ademais, neste último caso non pareceu oportuno, polo escaso número de respostas, subdividir a rede do ALGa e a das enquisas de estudantes).

O primeiro mapa conságrase ás dúas respostas maioritarias, os derivados *rabela* e *rabena*. Aquel é o máis numeroso, inda que non por moito: concéntrase no terzo occidental de Galicia e tamén se rexistra, pero con menos forza, no centro da Comunidade, límite oriental de Lugo e sur de Ourense. A forma *rabena*, por contra, vai desde a Mariña luguesa ata Oroso. Mentres que no ALGa só hai dous tímidos puntos que se estenden no interior de Galicia, fóra desa zona, nas enquisas de estudantes a vitalidade de *rabena* é maior, e conta con núcleos importantes en Compostela e en Touro e no territorio comprendido entre Antas de Ulla (Lugo) e Nogueira de Ramuín (Ourense); localizamos, incluso, dous puntos máis afastados: no Son e en Carballo. Como noutros casos apuntados ó longo deste traballo, poderíase pensar nun problema sociolingüístico de base, ó seren os falantes das enquisas de estudantes normalmente máis novos cós do ALGa, e máis afastados do modelo de “informante ideal” da dialectoloxía clásica, que privilexia formas arcaizantes.

No segundo mapa analizamos outros procedementos formativos a partir de *rabo*. Destacan, sobre todo, os derivados que continúan un sufixo latino –ONA, especialmente a voz *rabona*, que é a maioritaria nos puntos leoneses, en toda a provincia de Ourense e nas bisbarras do Baixo Miño, o Condado e Vigo (hai uns poucos puntos fóra desta área). Por contra, *raboa* e *rabúa* están restrinxidas a puntos asturianos, leoneses e Lugo (especialmente a zona oriental, que limita coas outras dúas áreas). *Rabuca* ten tamén unha presenza significativa, sobre todo no leste do galego de Asturias e no sur de Lugo, desde Becerreá ata Bóveda; a forma *rabucha*, estreitamente ligada, conta con dos puntos no sur desta última área e outros tres no extremo sur da provincia de Pontevedra. Outra área máis ou menos


compacta é a de *raboca*, con cinco rexistros entre Abadín e Castro de Rei, e outros dous algo máis ó sur da provincia. Por último, é curioso o caso de *de(s)rabada*, que ten catro rexistros nas Mariñas central e occidental, pero que conta tamén con dúas parellas en dous extremos do territorio: no sueste (Castrelo do Val e Porto) e no suroeste, no Morrazo.

Como xa se sinalou, o terceiro mapa é do das respostas minoritarias, que non chegan nin ó 10% das rexistradas. A forma *cotela* distribúese nas dúas ribeiras da ría da Arousa, cun rexistro máis, para un total de cinco, en Muxía. A voz sen derivar, *cota*, é propia da Coruña, pero as tres ocorrencias non son contiguas: unha está en Ribeira e as outras máis ó norte, en dous puntos afastados case 50 km (Carballo e Senande, Muxía). Unha distancia similar é a que separa a *cotena* de Aranga (A Coruña) do Corgo (Lugo). Por contra, *zura* e os seus derivados si que se distribúen nunha área: *zoreta* e *zureta* conforman un triángulo na zona de Xínzo de Limia e *zura* rexístrase en dúas ocasións máis ó sueste, en Vilardevós e Hermisende. Inda máis próximos están as dúas formas creadas sobre *croca* (en Compostela) e os dous rexistros de *cuca* en Ribeira.

MAPAS DE CONXUNTO


9. Vaca sen rabo. Todas as fontes

- Forma *rabo* co sufixo *-ela*: *rabela*
- ☑ Forma *rabo* co sufixo *-ena*: *rabena*
- ▣ Forma *rabo* con outros sufixos e procedementos de creación de designacións
- ◆ Construcións sobre outra designación para o rabo ou zona onde nace o rabo
- Referencia ó toco que queda na vez do rabo
- ▲ *fanada*
- ⊕ Outras respostas
- ★ Formas problemáticas




9. Vaca sen rabo. ALGa

- Forma *rabo* co sufixo *-ela*: *rabela*
- ☑ Forma *rabo* co sufixo *-ena*: *rabena*
- ▣ Forma *rabo* con outros sufixos e procedementos de creación de designacións
- ◆ Construcións sobre outra designación para o rabo ou zona onde nace o rabo
- Referencia ó toco que queda na vez do rabo
- ⊕ Outras respostas



9. Vaca sen rabo. Enquisas de estudantes

- Forma *rabo* co sufixo *-ela*: *rabela*
- ☑ Forma *rabo* co sufixo *-ena*: *rabena*
- ▣ Forma *rabo* con outros sufixos e procedementos de creación de designacións
- ◆ Construcións sobre outra designación para o rabo ou zona onde nace o rabo
- Referencia ó toco que queda na vez do rabo
- ▲ *fanada*
- ✳ Formas problemáticas




MAPAS DE DETALLE

a) *rabela e rabena*

9. Vaca sen rabo. Todas as fontes


- *rabela*
- *rabena*



9. Vaca sen rabo. ALGa

■ *rabela*


● *rabena*



9. Vaca sen rabo. Enquisas de estudantes

■ *rabela*

● *rabena*




MAPAS DE DETALLE

b) Outras construcións a partir de *рабо*

13. Vaca sen rabo. Todas as fontes

Outros procedementos de formación a partir de *рабо*


- | | |
|--|--|
| ● Sufixo <i>-oa</i> : <i>raboa</i> | ■ Sufixo <i>-ota</i> : <i>rabota</i> |
| ⊗ Sufixo <i>-ona</i> : <i>rabona</i> | ■ Sufixo <i>-oca</i> : <i>raboca</i> |
| ⊙ Sufixo <i>-úa</i> : <i>rabúa</i> | ▲ Sufixo <i>-ica</i> : <i>rabica</i> |
| ◆ Sufixo <i>-uca</i> : <i>rabuca</i> | ● Sufixo <i>-uda</i> : <i>rabuda</i> |
| ◆ Sufixo <i>-ucha</i> : <i>rabucha</i> | ◆ Derivados con dous sufixos: <i>rabelleira</i> e <i>raboadada</i> |
| | ★ Prefixo <i>de(s)</i> -e sufixo <i>-ada</i> |
| | ✚ Frase preposicional <i>sin rabo</i> |



13. Vaca sen rabo. ALGa

Outros procedementos de formación a partir de rabo


- Sufixo *-oa*: *raboa*
- ⊗ Sufixo *-ona*: *rabona*
- ⊙ Sufixo *-úa*: *rabúa*
- Sufixo *-ota*: *rabota*
- Sufixo *-oca*: *raboca*
- Sufixo *-uda*: *rabuda*
- ◆ Sufixo *-uca*: *rabuca*
- ◆ Sufixo *-ucha*: *rabucha*
- ◆ Derivados con dous sufixos: *rabelleira* e *raboadá*
- ★ Prefixo *de(s)-* e sufixo *-ada*
- ✚ Frase preposicional *sin rabo*



13. Vaca sen rabo. Enquisas de estudantes

Outros procedementos de formación a partir de *rabo*

- Sufixo *-oa*: *raboa*
- ⊗ Sufixo *-ona*: *rabona*
- ⊙ Sufixo *-úa*: *rabúa*
- Sufixo *-ota*: *rabota*
- Sufixo *-oca*: *raboca*
- ▲ Sufixo *-ica*: *rabica*
- Sufixo *-uda*: *rabuda*
- ◆ Sufixo *-uca*: *rabuca*
- ◆ Sufixo *-ucha*: *rabucha*
- ◆ Derivados con dous sufixos: *rabelleira* e *raboadá*
- ★ Prefixo *de(s)-* e sufixo *-ada*




MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas

9. Vaca sen rabo. Todas as fontes

Outras respostas

- | | |
|--|---|
| ■ <i>escolada</i> | ● Forma sen derivar: <i>cota</i> |
| ■ Sobre <i>croca</i> | ● Forma co sufixo <i>-ela</i> : <i>cotela</i> |
| ● <i>fanada</i> | ● Forma co sufixo <i>-ena</i> : <i>cotena</i> |
| + Outras respostas | ● <i>toquena do rabo</i> |
| * Formas problemáticas | ● Forma sen derivar: <i>zura</i> |
| | ● Formas co sufixo <i>-eta</i> : <i>zoreta</i> e <i>zureta</i> |
| | + Sen resposta |



Comentario de formas

1. Construcións sobre o substantivo *рабо*

Este substantivo procede do lat. RAPH ‘nabo’, que desde esa acepción primaria sufriu un proceso de deriva semántica cara a diferentes significados: ‘peciolo’, ‘cola dos cuadrúpedes’, etc. En DCECH, s.v., pódense consultar algúns datos a respecto da ampliación semántica.

1.1. Derivados cun sufixo

1.1.1. Con sufixo *-ela*: *rabela*

O sufixo *-ela* provén dun latín *-ELLA*, que en orixe era sufixo diminutivo, inda que son numerosas as formas que, sincronicamente, non expresan este matiz (*coitelo*, *costela*, etc.). Hai que sinalar a relación especial que mantén co sufixo *-ena* (cf. apartado 1.1.2.), pois existen diferentes pares de voces en que alternan un ou outro sufixo: *cacheno-cachelo*, *coteno-cotelo*, *repeno-repelo*, etc.).

Como se constata na nosa rede de puntos, é unha forma moi empregada, e esa vitalidade maniféstase tamén nos textos escritos, pois contamos con rexistros desde o ano 1790: “Xaneco rabelo mordeume nun dedo, figueiro, figueiro”¹⁸¹. Nos dicionarios, rexistro *rabelo* por vez primeira en Cuveiro, s.v.: “Rabon, ó sin rabo”.

A comentada alternancia con *rabeno* apréciase ben no GVGH, s.v. *rabelo*: “*adj.* [*rabelo*] (Raz. Lax. Tob. Dum. San. Com. Nov. Sob. Oir. Ced. Per. Ped.), *rabeno* (Caa. Cab. Fea. Com. Nov. Mel. Gun. Mon. Pan.) sin rabo; V. tb. *rabón*”.

1.1.2. Con sufixo *-ena*: *rabena*

Véxase o apartado anterior para máis detalles sobre a alternancia entre os sufixos *-ela* e *-ena*. O sufixo *-eno* funciona sobre todo como indicador de orixe (*chileno*, *romeno*, *nazareno*,...) e remonta a unha forma latina *-ENU*, unha das variantes da terminación latina *-NUS*, *-NA*, *-NUM* (cf. *MAGNU*, *FRATERNU*,...), que nos legou diferentes resultados en galego

¹⁸¹ Blanco Pérez (1992: 142).

segundo a vogal anterior: *-ano* (< lat. -ANU), *-eno* (< lat. -ENU), *-ino/iño* (< lat. -INU), ou *-uno* (< lat. -UNU).

Nos dicionarios rexístrase *rabeno* desde Filgueira (“*adx.* Corto, recortado, mocho”). Aínda que non estea referido especificamente á vaca, xa aparece en textos do TILGA desde 1888: “Vese nel montado un neno, E ó lado, en faco rabeno, O avó de guedellas brancas”¹⁸². Véxase a epígrafe anterior para os rexistros no GVGH.

1.1.3. Con sufixo *-ica: rabica*

O sufixo *-ico* continúa un latín *-ICCU*, de orixe dubidosa, céltica ou xermánica¹⁸³. En asturiano documentamos *rabicu* ‘sen rabo’ (cf. DGLA, s.v.), pero non aparece este valor nos dicionarios clásicos do galego, que só coñecen o significado ‘nabo que comeza a asomar a cabeza’. No que respecta ó TILGA, aparece só unha vez, pero como diminutivo de *rabo*.

1.1.4. Con sufixo *-oca: raboca*

O sufixo *-oca* continuaría un latín hispánico *-ÖCCA*, de valor diminutivo en orixe¹⁸⁴. Non localizo esta forma nas fontes consultadas.

1.1.5. Cun sufixo que continúa o latín *-ONA*¹⁸⁵

Atopamos tres formas diferentes deste tipo, con diferente vitalidade. Para máis información sobre esta terminación, pódense ver os mapas 251 e 252 do vol. III do ALGa.

Á hora de recoller información sobre estas voces, batemos cun problema significativo: o lema correspondente, o masculino *rabón*, non ten moito éxito nos dicionarios, pois coincide co castelán. Con todo, aparece en Pintos (s.v. *rabon*) e tamén no Valladares *Inédito* e mais no Eladio (s.v. *rabón*). Onde si aparece, en abundancia, é no GVGH, s.v.: “[*rabón*] (Goi. Bur. Sua. Mra. Cal. Gud. Mez. Ver. Vil.), *raboto* (Ram.), *rabuco* (Sua. Inc.) sin rabo; V. tb. *rabelo*”.

1.1.5.1. Sufixo *-oa: raboa*

Rexistramos esta forma en Otero (1977), s.v.: “*adj.* Recula. *rabena*, en Rizal; *rabucha*, en Guillarei”.

¹⁸² Pérez Ballesteros (1888: 33).

¹⁸³ Iordan/Manoliu: (1972: § 435). Tamén Alonso Núñez (2000: 164-165).

¹⁸⁴ Iordan/Manoliu (1972: § 435).

¹⁸⁵ Ver tamén o apartado 1.2.2.

Non é que tivese moito éxito nos textos escritos, pois no TILGA só aparece en dúas obras (1928 e 1987), pero sempre referida explicitamente a vacas: “Estuvolle ben empreiado, pra que veña alabandose sempre de que compra máis barato cós máis; deixamo ver a min mañá, que me hei de rir un pouco con el; e pra amocá-lo máis, heille de preguntar a cómo valeron as vacas raboas”¹⁸⁶.

1.1.5.2. Sufixo *-ona*: *rabona*

A pesar de ser a forma deste grupo que máis aparece na nosa rede, non destaca pola súa presenza nos textos escritos, xa que só aparece en tres ocasións no TILGA, dúas veces falando de ferramentas agrícolas e unha dun animal sen rabo, nun texto popular: “O abade de Leirado vendeu a burra rabona i ahora vai ós enterros a cabalo da Catona”¹⁸⁷.

1.1.5.3. Sufixo *-úa*: *rabúa*

O dicionario de Acevedo e Fernández recolle *rabúa* como entrada: “Animal hembra que carece de rabo; fem. de *rabón*: *Teño ua vaca rabúa*, tengo una vaca sin rabo. F.”. Non a atopo no TILGA.

1.1.6. Con sufixo *-ota*: *rabota*

Para Ferreiro (2001: §479), este sufixo é de influencia francesa, mediante un *-ot(te)* de orixe incerta; o sufixo francés *-ot(te)* seguramente teremos que remontalo a un latín *-OTTU*, formado a partir do máis clásico *-ITTU* (vid. TLFi, s.v. *-ot*, *-ot(te)*). Normalmente, este sufixo transmite un matiz diminutivo.

O único testemuño desta forma que podo localizar é *raboto*, no GVGH, s.v. *rabón*, recollido en Ramirás.

1.1.7. Con sufixo *-uca*: *rabuca*

-Uco/a é un sufixo de orixe incerta, que posiblemente tivese un valor inicial de diminutivo; quizais deba ser relacionado co sufixo *-oca* (cf. 1.1.4.), que nesta pregunta se localiza nunha área similar (inda que máis limitada)

En asturiano existe a voz *rabucu* “sin rabo”, con bastante presenza no territorio (cf. DGLA, s.v.). Inclúe *rabuco* o *Apéndice* ó dicionario de Eladio Rodríguez, localizándoa en Láncara e definíndoa como “rabón”.

¹⁸⁶ López (1928: 127)

¹⁸⁷ Schubarth / Santamarina (1988: 182).

No que respecta ó GVGH, os puntos onde se recolle esta voz son totalmente consistentes cos resultados da nosa rede, pois foi aboada no Incio e en Suarna.

1.1.8. Con sufixo *-ucha*: *rabucha*

O sufixo *-ucha* normalmente comporta na lingua ben un valor pexorativo (fundamentalmente) ben diminutivo. Para Ferreiro (2001: §488) é variante do sufixo *-acho*, aínda que tamén se explicou a partir dun lat. *-ŪSCŪLU; véxase tamén Alonso Núñez (2000: 149-150).

Non é voz de éxito nos dicionarios, pois unicamente se recolle *rabucha* en Otero (1977) que a aboa en Guillarei (s.v. *raboa*); de feito, un dos puntos da nosa rede con esta resposta (P-29c) está tamén nunha parroquia de Tui, e outro (P-32) en Tomiño, a unha distancia de quilómetros, mentres que o terceiro punto pontevedrés (P-26, Torneiros) sitúase a unha distancia similar. En Elixio Rivas *Frampas III* hai un adxectivo *rabucheiro* “corto, recortado”, recollido en Paradela, Lugo, uns cincuenta quilómetros ó norte dos dous puntos lugueses da nosa rede que teñen *rabucha*.

1.1.9. Con sufixo *-uda*: *rabuda*

Do sufixo *-UTA*, terminación participial de pretérito. É curioso que se empregue este sufixo, xa que normalmente a terminación *-udo/uda* introduce o significado ‘provisto de’ (incluso con matiz abundancial: *barrigudo*, *peludo*,...). Probablemente esta resposta esporádica (só aparece en dous puntos) sexa irónica, favorecida quizais porque tamén existe na lingua o termo *rabuda* ‘que ten mal xenio’.

Nas fontes consultadas hai algún rexistro co valor ‘que ten un rabo longo’, pero non co contrario.

1.2. Derivados a través da combinación de dous sufixos

1.2.1. Sufixos *-ella* e *-eira*: *rabelleira*

Aparentemente estamos diante dunha forma que combina dous sufixos (ou un sufixo e un interfixo): o sufixo *-ello* provén dun lat. *-ICULU*; o sufixo *-eira*, que xa foi comentado numerosas veces neste traballo, do lat. *-ARIA*.

Non atopo máis referencias desta forma nas fontes consultadas, unicamente *rabella*, que dá nome a unha peza do arado.

1.2.2. Formas de 1.1.7.1.1. con engadido dun sufixo *-ada*: *raboada*

Este sufixo provén dun lat. *-ATA*, terminación participial. Non localizo outros rexistros nas fontes consultadas, pero si que existe *rabonar* ‘cortar’, aboada en Viana do Bolo por Laureano Prieto e incorporada ó Apéndice do dicionario de Eladio Rodríguez.

1.3. Combinación do prefixo *de(s)-* e o sufixo participial *-ada*: *derrabada* e *desrabada*

Para ver procedementos de formación similares, consúltese tamén o apartado 2 deste mesmo capítulo.

Indicando negación, oposición, falta, aparecen tanto o prefixo *de-* coma *des-*. Sería posible supoñer que aquí están presentes estes dous prefixos, un en *derrabada* e outro en *desrabada*, pero tamén se pode pensar nun único sufixo *des-*, que se asimilaría á consoante seguinte (xa en latín a partícula *DĪS* –unha das orixes reclamadas para *des*, xunto con *DE EX-* presentaba *DĪ* ante certas consoantes); visto que *desrabada* só ten un rexistro, tamén se pode tratar dunha reconstrución particular do informante, que “recupera” o ese inspirándose nas numerosas formas creadas con *des-* presentes na lingua en multitude de verbos. O portugués ten tanto *derrabar* coma *desrabar*, aínda que a primeira é máis frecuente, como tamén acontece no español.

Xa Pintos inclúe a voz *derrabar* (e o adxectivo *derrabado*), cunha definición que non nos axuda moito (“derrabar”), aínda que seguramente se inspiraría na que daba o DRAE na altura: “cortar, arrancar, quitar la cola á algún animal” (DRAE 1853). No GVGH aparece a entrada *derrabada*, recollida en Cedofeita e en Porto, localizacións consistentes cos rexistros da nosa rede de puntos.

O verbo *desrabar* aparece como entrada só nos dicionarios de Eladio Rodríguez e Franco Grande; non a localizo nas outras fontes consultadas.

1.4. Procedementos analíticos: frase preposicional *sin rabo*

Designación moi minoritaria en confronto ás outras deste mesmo apartado. Formada coa preposición castelá *sin* (< lat. *SINE*, galego *sen*), que indica carencia ou falta, mais o substantivo *rabo*.

2. Construcións sobre outra designación para o rabo ou zona onde nace o rabo

2.1. Formas construídas sobre o substantivo *cola* mediante o prefixo *es-* e sufixo participial *-ada*: *escolada*

O substantivo *cola* provén en última instancia dun lat. CAUDA, forma clásica para esta parte da anatomía, pero discútese os pasos intermedios; pénsase nun latín vulgar *COLA, formado a partir do diminutivo CAUDULA ou por cruce con CAULIS ‘talo da col’. Pódense ver máis detalles e referencias en DCECH e en Meier (1984), s.v. *cola I*.

O prefixo *es-* provén do prefixo latino formado coa preposición EX-. O valor de negación e privación é moi habitual, como xa puidemos ver varias veces neste traballo, nomeadamente en diferentes apartados da pregunta 7.

Recolleuse *escolada* en Castro Caldelas para a vaca sen rabo (vid. GVGH, s.v.), inda que non é o único significado coñecido, pois no Incio hai *escolar*, definido como “torcésele la "croca" a la vaca a consecuencia de un golpe”.

2.2. Formas verbais construídas sobre o substantivo *croca* mediante un prefixo *-es*

Sorprende o uso da forma *croca*, pois esta forma úsase para falar da parte en que nace o rabo, non do seu conxunto; trátase, ademais, de dúas enquisas de estudantes, máis proclives, en principio, a erros de interpretación ou de interrogación.

3. Referencia ó toco que queda na vez do rabo

3.1. Forma *cota* e derivados; 3.2. *toquena do rabo*

Estas formas recolléronse tamén para a vaca que perdeu un corno, ou os dous. Coméntanse no capítulo 16, ap. 8, deste traballo.

3.3. Forma *zuro* e derivados

Parece poñer estas formas en relación coa voz *zurullo*, que aínda que se usa fundamentalmente para se referir a excrementos humanos, ten como significado primario ‘anaco longo e arredondado dunha masa’, que casaría moi ben co que podería quedar de resto de rabo, a modo de toco.

DCECH (s.v. *zurullo*) pensa nun derivado de *cera*, unha explicación que parece vir confirmada por variantes tan estendidas coma *cerullo* (sempre que esta non sexa unha remotivación doutra forma sobre *cera*, claro está); o sufixo estaría tomado de formas coma *gurullo*. Meier (1984) disinte, pensando nun latín SUBROTULU, que faría referencia á redondez.

3.3.1. Sen derivar: *zura*

Zuro, co significado de ‘rabón’, foi recollido por Pereda e incorporouse ó *Apéndice* do dicionario de Eladio Rodríguez publicado por Galaxia, onde figura como sinónimo de *rabón* e se especifica que é forma rexistrada en Verín. Aparece esta forma tamén en Rivas Quintas (1978), quen comenta, na voz *mono*: “*adj* Recortado (Fondo de Vila): *O can ten as orellas monas*. Tamén se usa, con la misma acepción, *zuro*, V. El cast. *mondar*, tiene también la significación de cortar”. Por contra, na entrada *zuro* comenta: “*adj* Rabón (dicc.). En Estevesiños se usa con una acepción figurada: *Quedei zuro ó oílo*, me quedé de una pieza, sin saber qué hacer. Viene a significar, por tanto, asombrado”.

3.3.2. Co sufixo *-eta*: *zoreta* e *zureta*

O sufixo *-eta*, xa comentado repetidas veces ó longo deste traballo, ten normalmente un valor diminutivo.

Zureto e *zoreto* foron recollidos en Viana por Pereda e, máis tarde, incorporados ó *Apéndice* preparado polo grupo Galaxia ó dicionario de Eladio Rodríguez, sempre co valor de ‘rabón’.

Unha acepción próxima aparece en Carré, s.v. *zoreta*: “Dícese de la oreja que tiene la punta cortada: *orella zoreta*. Suele cortarse a una oveja, cabra, etc., como marca distintiva”. X. Lorenzo explica mellor este procedemento: “coma non é fácil distinguir unha ovella ou unha cabra doutra cando son moitas, adoitan sinalalas pra coñecer cada un as súas. As sinais fanse polo xeral nas orellas e poden ser: orella rachada, cun corte lonxitudinal; orella zoreta, coa punta cortada; bouquelos, que son anaquiños cortados nos bordes da orella, atrás ou adiante, etc”¹⁸⁸.

No GVGH, s.v. *zorrete*, baixo a definición “dícese del caballo o cerdo que no tiene rabo”, rexistramos as forma *zorrete* (na Mezquita) e *zorete* (en Verín).

¹⁸⁸ Lorenzo Fernández (1962: 318).

4. *fanada*

Xa se recolleu esta resposta para se referir a aquela vaca á que lle falta un corno e incluso para a que ten o cadril afundido por mor dun golpe (pregunta 7, ap. 2.2.3). Para máis detalles sobre a etimoloxía e a distribución, véxase o comentado no apartado 30.16 do capítulo 16 desta tese.

5. Outras respostas

5.1. *manota*

Este adxectivo creado sobre *man* recolleuse tamén nun punto do sur da provincia de Pontevedra, para se referir á vaca que só ten un corno; véxase o comentado no ap. 21.2. do capítulo 16.

5.2. *mona do rabo*

A voz *mona* documéntase en numerosos puntos da nosa xeografía para diferentes morfoloxías dos cornos da vaca, especialmente cando só hai un ou ningún. Véxase o comentado no ap. 5 do capítulo 16.

5.3. *zocha*

A voz *zocha* é habitual para a persoa á que lle falta unha orella, e tamén é común co significado de ‘toco’ (vid. apartado 3), como o avultamento que teñen no pé plantas do tipo da uz ou o nabo.

A etimoloxía é complexa. Para DCECH (s.v. *zueco*), compartiría etimoloxía con *zoco*, isto é, do lat. SOCCU ‘pantufla empregada por mulleres e comediantes’ (nótese que, segundo DRAE, existe *zueca* ‘tocón’ en diferentes partes do dominio lingüístico español). Con todo, non é unha hipótese aceptada, nin sequera maioritariamente; pódese seguir a discusión na propia entrada de DCECH ou no TLFi, s.v. *souche*, que prefire a hipótese de Hubschmid dun étimo céltico (galo) **tsūkka* ‘bastón’.

En ningunha das fontes consultadas localizo un significado referente ó rabo da vaca. Si que aparece *zocha* como “romo, embotado” no Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez (aboado en Quiroga) e tamén no GVGH, en dúas ocasións: ‘persoa vella, incapaz de facer nada’ (A Gudiña) e ‘persoa á que lle falta unha orella’ (Cedofeita).

6. Formas problemáticas

6.1. *lota*

Non se entende esta forma. O máis plausible é que o estudante realizara un borrador da enquisa e que, ó copialo á versión definitiva, confundise un *cota* cun *lota*, pero aínda así, a grafía da inicial de *lota* non casa para as que ten para o *l* e o *c* no resto do traballo.

6.2. *cuca*

Como adxectivo, existe *cuco* co valor de ‘astuto, pillo’, pero non parece posible atopar relación coa nosa forma. Podería tratarse dun nome propio do animal, pero o feito de que se localice en dous puntos diferentes pero moi próximos entre si (6 km) tira un pouco para atrás á hora de pensar nun erro de enquisa simultáneo. Tería máis rifas o verbo *acucar*, enfermidade das vacas, pero trátase dunha doenza localizada no ubre (xeralmente por exceso de leite), non na zona anatómica que nos interesa. A pesar de que queda no outro extremo do territorio, pódese sinalar tamén que no dicionario de Acevedo e Fernández hai unha entrada *cuca*: “Conjunto de *gavellas* de *meizga*, amontonadas en forma cónica como los *maragouzos* de trigo, llamados *fajinas* en León. Ús. desde Valdés al Eo. F.”; morfoloxicamente cadra ben que se fale dun “saínte do terreo”, polos restos do rabo, como vimos en diferentes apartados.

10. A vulva

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1551 *Vulva da vaca, nacencia*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 62 *Vulva de la vaca (natura, nacencia)*

1. Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor

1.1. Forma *natura* e derivados

1.1.1. Forma sen derivar: tipo *natura*

ALGa

A-01, A-02, A-03, A-04, A-05, A-06, A-07; C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08¹, C-09, C-13, C-14, C-15, C-16, C-17, C-18, C-19, C-20, C-21, C-22, C-23, C-24, C-25, C-27, C-28, C-29, C-31, C-33, C-34, C-36, C-37, C-38, C-39, C-40, C-41, C-42, C-43, C-44, C-46, C-48; L-01, L-02, L-03, L-04, L-05, L-06, L-07, L-08², L-09, L-10, L-11, L-12, L-13², L-14, L-15, L-16, L-17, L-18, L-19, L-20, L-21, L-22, L-23, L-24, L-25, L-26, L-27, L-28, L-29, L-30, L-31, L-32, L-33², L-35, L-36, L-38, L-39; Le-02, Le-03, Le-04, Le-05³; O-02, O-03⁴, O-04, O-05, O-06, O-07, O-11, O-12, O-13, O-14, O-15, O-16, O-17, O-18, O-21, O-22, O-24⁵, O-25, O-29; P-01, P-02, P-03, P-04, P-05, P-06, P-07, P-08, P-09, P-10, P-11, P-12, P-14, P-15, P-17, P-18, P-19, P-20, P-23, P-27; Z-02.

¹ Alterna con *naturaleza*, que é a forma menos frecuente neste punto.

² Recóllese a variante *netura*.

³ En nota á marxe figura a seguinte información adicional: “*angueiro*: por onde saen os mexos”.

⁴ Cando a vaca vai parir dise *estar naturada*.

⁵ Recóllese a variante *nadura*.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-03b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06d, C-09c, C-09d, C-09e, C-13b, C-13c, C-13e, C-13f, C-15b⁶, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18g, C-18h, C-19c, C-19d, C-20b, C-20d, C-21b, C-22b, C-24b⁷, C-25b, C-25c, C-27b, C-28b, C-28c, C-28d, C-28e, C-28f, C-29b, C-30b, C-30c, C-30d, C-30e, C-31b, C-31c, C-32b, C-35b, C-35c, C-35d, C-35e, C-35g, C-35h, C-35i, C-36b, C-36d, C-37b, C-39b, C-39c, C-39e, C-39f, C-39g⁶, C-39h, C-39i, C-39k, C-40b, C-40c, C-40d, C-40f, C-40g, C-41b, C-41d, C-42b⁶, C-42c, C-42d, C-42e, C-43b, C-45b, C-49b⁶, C-49c, C-49e; L-01b⁶, L-04b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-09d, L-13b, L-14c, L-15b⁶, L-16b, L-17b, L-21c, L-22b, L-23b⁶, L-24b, L-24c, L-26b, L-26c, L-27b, L-28b, L-28c, L-30b, L-31b, L-33b, L-33c, L-34b, L-34c, L-36b, L-37b, L-39b, L-39c, L-39d, L-39e; O-01b⁶, O-06b, O-06c⁶, O-07b, O-07c, O-14b, O-15b, O-15c, O-16c, O-16d⁶, O-17b, O-20c, O-20d, O-21b, O-25b, O-27b; P-03b, P-03c, P-04c⁶, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06d, P-07b⁶, P-07c, P-08b, P-09b, P-09c, P-10b, P-11b, P-12c, P-12d, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-16b, P-17b, P-17c, P-17d, P-19b, P-19c, P-20b⁶.

⁶ Recóllese a variante *netura*.

⁷ Recóllese a variante *matura*.

1.1.2. Formas derivadas

1.1.2.1.1. *natureza*

ALGa

O-30.

1.1.2.1.2. Forma *naturaleza*

ALGa

C-08¹, C-11, C-12², C-47; O-09, O-23, O-27, O-28, O-31; P-13, P-21³, P-25, P-32, P-33.

¹ Alterna con *natura*, a forma máis frecuente neste punto.

² Recóllese a variante *neturaleza*.

³ Alterna con *vagina*, sendo *naturaleza* a forma máis frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

C-08b, C-08c, C-19b, C-48b; Le-05b; O-15d, O-20b; P-12f, P-25b, P-29b.

1.1.2.2. *naturadas*¹⁸⁹

Enquisas de estudantes

C-06c.

1.2. Sobre o verbo *nacer*

1.2.1. Probable forma protética: *anaser*

ALGa

P-28.

1.2.2. Cun sufixo *-encia/-enza*

1.2.2.1. *nacencia*

ALGa

C-09, C-10, C-26, C-32, C-45; Le-01; P-24, P-29.

Enquisas de estudantes

C-20c, C-23b, C-25d, C-28b, C-28d, C-28e, C-32b, C-35h, C-36c, C-36d, C-40e, C-49e; L-17b, L-21b, L-28c; O-01c; P-06c, P-09d, P-12b, P-12c, P-12e, P-15b, P-16b, P-21c, P-25c.

1.2.2.2. *nacenza*

¹⁸⁹ En O-03 sinálase como información adicional: “*estar naturada*: cando vai parir”.

ALGa

C-33; O-02.

Enquisas de estudantes

C-18g.

1.2.3. Cun sufixo –doiro/-douro

1.2.3.1. *nacedoiro*

ALGa

O-19, O-26¹; P-31.

¹ Recóllese a forma en feminino: *nacedoira*.

1.2.3.2. *nacedouro*

Enquisas de estudantes

P-24b, P-24c, P-26b, P-28d, P-29d.

1.2.4. Cun sufixo –ción

1.2.4.1. *nación*

ALGa

Z-01.

Enquisas de estudantes

Le-05c.

1.3.1. *cría*

Enquisas de estudantes

P-15e.

1.4.1. *empreñar*

Enquisas de estudantes

L-12b.

2. Construción sobre o substantivo *cona*

2.1. Forma sen derivar: *cona*

ALGa

O-22; P-13, P-32; Z-03

Enquisas de estudantes

P-06b.

2.2. Formas con sufixos

2.2.1. *conacha*

ALGa

C-49; O-08; P-13.

2.2.2. *conicha*

ALGa

P-30.

2.3. Forma *cona* con modificador: *cona da vaca*

ALGa

O-20.

Enquisas de estudantes

P-32b¹.

¹ Recóllese tamén o núcleo en masculino: *cono da vaca*.

3. Creacións sobre o nome dun animal

3.1. Sobre *paxaro*

3.1.1. Formas femininas sen derivar: *paxara*

ALGa

P-16, P-22, P-26.

Enquisas de estudantes

P-06b.

3.1.2. Formas con sufixos

3.1.2.1. Sufixo *-ela*: *paxarela*

Enquisas de estudantes

P-24e, P-29c.

3.1.2.2. Sufixo *-eta*: *paxareta*

Enquisas de estudantes

P-32b.

3.2. Sobre *rata*

3.2.1. Forma sen derivar: *rata*

Enquisas de estudantes

C-19d, C-28b.

3.2.2. Forma con sufixo *-uxa*: *ratuxa*

Enquisas de estudantes

C-28b.

4. Tipo *perrecha*

4.1. *perecha*

ALGa

O-10.

4.2. *perracha*

ALGa

Z-03.

Enquisas de estudantes

C-18b.

4.3. *ferrecha*

Enquisas de estudantes

O-29b.

4.4. *purrasca*

ALGa

O-01.

5. (Outras) referencias á morfoloxía da vulva

5.1. Derivado de *coiro*: *coiracha*

ALGa

O-15.

5.2. *cortadas*

Enquisas de estudantes

C-06c.

5.3. *figa*

ALGa

L-37.

6. Outras respostas

6.1 *as súas partes*

ALGa

O-15.

6.2. *mexadeira*

Enquisas de estudantes

P-04b.

6.3. *vagina*

ALGa

P-21¹.

¹ Alterna con *naturalaleza*, sendo *vagina* a forma menos frecuente neste punto.

7. Formas problemáticas

7.1. *culleira*

Enquisas de estudantes

P-29c.

7.2. *limo*

Enquisas de estudantes

P-03d.

7.3. *mascusia*

Enquisas de estudantes

C-41c.

7.4. vexiga

Enquisas de estudantes

C-04b.

8. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35; L-34.

Enquisas de estudantes

C-09b, C-13d, C-24c, C-35f, C-39d, C-44b, C-49d; L-02b, L-14b; O-16b, O-26b; P-21b, P-24d, P-27b, P-28b, P-28c.

Distribución xeográfica das respostas

A case totalidade das formas recollidas ten a ver co carácter de órgano reprodutor da vulva: só un 9'86% dos puntos con resposta ten unha designación motivada noutra circunstancia e algúns dos incluídos nesa porcentaxe teñen respostas dos dous tipos. Realizamos, por tanto, mapas para cada un destes dous procedementos (no último non se considerou oportuno dividir as redes do ALGa e das enquisas de estudantes, xa que realmente o número de respostas é pequeno).


No primeiro mapa observamos a predominancia radical da forma *natura*, que se coñece practicamente en todo o territorio, coa curiosa excepción do suroeste das provincias de Ourense e Pontevedra, dúas áreas que partillan moitos fenómenos. Os seus derivados concéntranse nas zonas periféricas do territorio: *naturaleza* é forte nas dúas áreas antes citadas, nas dúas ribeiras da Arousa, en puntos das rías medias e só en dous lugares do extremo oriental do dominio lingüístico; *natureza* e *naturadas* aparecen nun único punto. A segunda resposta en predominancia, sobre todo se incorporamos as respostas da rede das enquisas de estudantes, é a voz *nacencia* (*nacenza* só se rexistra en tres puntos, sen continuidade xeográfica). Esta forma é eminentemente occidental, con maior número de respostas (inflúe, con todo, a densidade da rede nesas zonas) no centro da Coruña, comarcas do Salnés e Caldas e sur de Pontevedra. Hai outras respostas minoritarias, pero con maior concreción xeográfica. Este é o caso das sufixacións con *-doiro/-douro*, que están restrinxidos ó xa comentado suroeste de Pontevedra e Ourense: *nacedoiro* en Padrenda, Entrimo e Oia, mentres que *nacedouro* cinguese a cinco puntos da comarca de Vigo, indo xa para o Baixo Miño; documentamos tamén *nación*, en dúas localidades do galego exterior, e unha probable forma protética con seseo *anaser*, en Belesar (Baiona). Por último, sinalamos as respostas *cría* e *empreñar*, limitadas a un único punto cada unha delas.

O segundo mapa agrupa o resto de respostas. A maioritaria é a forma *cona*, localizada no sur do territorio, tanto sen derivar coma con diferentes sufixos. As creacións sobre nomes de animais gardan un reparto territorial máis compacto: *rata* e *ratuxa* en dous puntos da provincia da Coruña e *paxara* e derivados en Pontevedra, especialmente no terzo sur. O resto de formas non merece comentario neste apartado, pois ou son respostas únicas, ou non gardan continuidade xeográfica.

MAPAS DE CONXUNTO


10. A vulva da vaca. Todas as fontes

- | | |
|-------------------------------------|--|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● Tipo <i>perrecha</i> |
| □ Derivados de <i>natura</i> | ▲ Outras referencias á morfoloxía da vulva |
| ■ Sobre o verbo <i>nacer</i> | ⊕ Outras respostas |
| ● <i>cona</i> | ✱ Formas problemáticas |
| ● Derivados de <i>cona</i> | + Puntos sen resposta |
| ◆ Creacións sobre o nome dun animal | |




10. A vulva da vaca. ALGa

- | | |
|-------------------------------------|--|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● Tipo <i>perrecha</i> |
| ▣ Derivados de <i>natura</i> | ▲ Outras referencias á morfoloxía da vulva |
| ▤ Sobre o verbo <i>nacer</i> | ⊕ Outras respostas |
| ● <i>cona</i> | ⊕ Puntos sen resposta |
| ● Derivados de <i>cona</i> | |
| ◆ Creacións sobre o nome dun animal | |



10. A vulva da vaca. Enquisas de estudantes

- | | |
|---|--|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● Tipo <i>perrecha</i> |
| ▣ Derivados de <i>natura</i> | ▲ Outras referencias á morfoloxía da vulva |
| ▤ Sobre o verbo <i>nacer</i> | ⊕ Outras respostas |
| ▥ Outras respostas: <i>cría, empreñar</i> | ✱ Formas problemáticas |
| ● Derivados de <i>cona</i> | + Puntos sen resposta |
| ◆ Creacións sobre o nome dun animal | |




MAPAS DE DETALLE

a) Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor

10. A vulva da vaca. Todas as fontes

Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor


- | | |
|--|---|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● Probable forma protética <i>anaser</i> |
| ■ <i>natureza</i> | ● <i>nacencia</i> |
| ■ <i>naturaleza</i> | ● <i>nacenza</i> |
| ■ <i>naturadas</i> | ● <i>nacedoiro</i> |
| | ● <i>nacedouro</i> |
| | ● <i>nación</i> |
| ◆ <i>cría</i> | |
| ● <i>empañar</i> | |



10. A vulva da vaca. ALGa

Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor


- | | |
|---|---|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● Probable forma protética <i>anaser</i> |
| ■ <i>natureza</i> | ● <i>nacencia</i> |
| ■ <i>naturaleza</i> | ● <i>nacenza</i> |
| | ● <i>nacedoiro</i> |
| | ● <i>nación</i> |



10. A vulva da vaca. Enquisas de estudantes

Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor

- | | |
|---|---|
| ■ Tipo <i>natura</i> | ● <i>nacencia</i> |
| ■ <i>naturaleza</i> | ● <i>nacenza</i> |
| ■ <i>naturadas</i> | ● <i>nacedouro</i> |
| | ● <i>nación</i> |
| ◆ <i>cría</i> | |
| ● <i>empañar</i> | |



MAPAS DE DETALLE

b) Outras designacións

10. Vulva da vaca. Todas as fontes

Outras designacións

Sobre *cona*

- *cona*
- ▣ *conacha*
- *conicha*
- *cona da vaca*

Tipo *perrecha*

- *perrecha*
- *perracha*
- ◆ *ferrecha*
- *purrasca*

+ Outras respostas

* Formas problemáticas


+ Sen resposta

Sobre nomes de animais

- ◆ *paxara*
- ◆ Derivados de *paxara*
- ◆ *rata*
- ◆ *ratuxa*

Outras referencias á morfoloxía da vulva

- ▲ *coiracha*
- ▲ *figa*
- ▲ *cortadas*



Comentario de formas

Os mapas 80a, 80b e 80c do vol. V do ALGa refírense á vulva da muller. Hai varias formas que coinciden coas tratadas no noso capítulo (ap. 2, 3, 4 e 5).

1. Designacións referentes ó nacemento e ó carácter de órgano reprodutor

1.1. Forma *natura* e derivados

Todas estas formas proveñen en última instancia do lat. NATŪRA ‘natureza, nacemento’, que xa no latín podía designar tamén os órganos sexuais; este substantivo creouse sobre o verbo NASCOR ‘nacer’.

Como se pode ver, *natura* é, con moito, a resposta maioritaria para o concepto estudado neste capítulo.

1.1.1. Forma sen derivar: tipo *natura*

Cómpre sinalar que a variante vocálica *netura* ten un peso significativo no conxunto de respostas, especialmente na rede das enquisas de estudantes.

Existe este valor con vitalidade en asturiano, como se aprecia en DGLA, s.v. *natura* (hai tamén unha variante *ñatura*): “3. Órgano genital de la hembra [Lln. Md (= *rucu* = *queixela* = *queisu* = *clica* = *quelica*)]. Partes genitales [JH]. Vagina [Vd]. 4. Vagina de la vaca [Cl. Pa. Ri. Qu. Tb. An. Pr. Tox]. Órgano genital de la vaca [Sm. Oc]. Genitales externos de la vaca [/Eo/]. Genitales femeninos y matriz del animal hembra, especialmente de la vaca [PSil.]”

Pola natureza do termo, non sorprende a súa ausencia nos textos envorcados no TILGA, cando menos ata un autor de léxico potente e explícito, como Eduardo Blanco Amor: “O can era o palleirento, con cara de mal xenio e o rabo tronzado. A Tula somellou como que me fitaba, cun áer avellado e tristeiro, sin me conecer. Cheirou pra o áer queréndome conecer e aínda xemeu algo, pro non me coneceu; e si cadra xemía porque lle doía a natura de tanto iren apegados, digo eu”¹⁹⁰.

¹⁹⁰ Blanco Amor (1972: 103).

Acevedo ten unha entrada *natura* para “Genitales externos de la vaca” (recollida en Coaña); por contra, Eladio Rodríguez e Franco Grande son menos explícitos e falan só de xenitais, en xeral. GVGH, s.v. *natura*, dá unha boa mostra da súa fortuna ó longo do territorio: “*f. [natura]* 1. (Caa. Cab. Fea. Raz. Lax. Tob. Dum. Com. Sob. Oir. Val. Gui. Fri. Gun. Bur. Sua. Ped. Inc. Mra. Gud. Mez. Vil.), *netura* (Cod. Ced. Cre.) Vulva de la vaca; V. tb.*nacencia* 1; 2. (Gro.) órgano genital femenino y masculino”

1.1.2. Formas derivadas

1.1.2.1.1. *natureza*

O sufixo *-eza* (< lat. -ITIE, -ITIA) é creador de substantivos abstractos a partir de adxectivos; neste sentido, sería unha formación anómala, polo que *natureza* posiblemente continuaría un latín vulgar *NATURITĪA.

O dicionario Houaiss (s.v.) faise eco da referencia ós xenitais, pero do ser humano, non dun animal: “a genitália, do homem ou da mulher”. Esta designación tamén foi recollida por Eladio Rodríguez (s.v.), na acepción “partes sexuales del hombre o de la mujer”, un nivel de detalle ó que non descenden os outros dicionarios que inclúen este termo (normalmente limítanse a dar como definición o termo castelán *naturaleza*, que tamén conta entre as súas acepcións cunha referencia ós xenitais).

1.1.2.1.2. Forma *naturaleza*

A voz *naturaleza* documéntase tanto en portugués coma en galego xa desde o s. XIV; inda que o seu procedemento de formación casa co sistema galego, tratarase seguramente dun castelanismo.

Mentres que os dicionarios incluídos no DdD non sinalan esta voz (sexa porque a consideran allea ó galego, sexa porque coincide formalmente co español), si que se recolle no TILGA, aínda que moito menos cá similar *natureza* (110 rexistros fronte a 2687).

1.1.2.2. *naturadas*

Forma recollida só unha vez, nunha enquisa de estudante. Seguramente é unha confusión, pois [*estar*] *naturada* é unha denominación habitual para a vaca (ou a porca) que está en celo, como podemos constatar no GVGH, s.v. *naturada*, con rexistros en Compostela, Pedrafita e A Mezquita.

1.2. Sobre o verbo *nacer*

Este verbo continúa un lat. vulgar NASCERE, a partir do clásico NASCI ‘nacer, orixinarse, saír, provir, etc.’.

1.2.1. Probable forma protética: *anaser*

O máis plausible é que esteamos diante dun verbo *nacer*, con seseo explosivo¹⁹¹ e un elemento protético; con todo, non atopo outras referencias desta forma nas fontes consultadas.

1.2.2. Cun sufixo *-encia/-enza*

Este sufixo *ncia/nza* tan numeroso e produtivo interprétase como produto da aglutinación do sufixo de presente latino co sufixo *-ĪA*. A alternancia entre a forma patrimonial e a culta é frecuente, e, nos últimos anos, volveu cobrar intensidade o debate no caso do galego a raíz da revisión da normativa; no caso que nos ocupa, a forma culta é a máis estendida, como se pode constatar na rede de puntos. O seu valor semántico é amplo; normalmente serve para crear substantivos abstractos a partir de verbos, coa noción ‘resultado da acción, estado,...’¹⁹².

1.2.2.1. *nacencia*

Nos textos escritos aparecen numerosos rexistros, pero non como ‘órgano xenital’, senón normalmente co valor abstracto arriba sinalado: ‘condición dunha persoa segundo a súa orixe’ ou similares; no que respecta ós dicionarios, é esta tamén a acepción maioritaria, xunto coa de ‘tumor, excrecencia’.

O GVGH, s.v., xa sinala un significado máis próximo ó que aquí nos interesa: “*f.* 1. [*nacencia*] (Fea. Com. Mel. Sob. Mon.), *nación* (Por.) vulva de la vaca; V. tb. *natura* 1; 2. var. de nacemento; 3. (Cur.) *fest.* órgano genital femenino”.

1.2.2.2. *nacenza*

Mentres que para *nacencia* o TILGA conta cun centenar de ocorrencias, os rexistros de *nacenza* son só 16, e en ningún dos casos para se referir a órganos xenitais. O Houaiss inclúe *nascença* no seu corpus, pero tamén con valor abstracto: “1. O ato de nacer;

¹⁹¹ Característico deste punto, P-28, Belesar (Baiona); cf. Fernández Rei (1991: 54-56 e 189-215).

¹⁹² Pódense ver máis detalles en Alvar/Pottier (1983: §301), e no traballo de Malkiel alí citado; aparecen tamén numerosos exemplos, con diferentes matices, en Ferreiro (2001: §390).

nascimento; 2 começo de algo; nascimento, principio”, como acontece tamén cos dous dicionarios galegos en que aparece, Valladares e Rivas (1988).

1.2.3. Cun sufixo *-doiro/-douro: nacedoiro e nacedouro*

Estes sufixos proveñen dunha forma latina -TŌRĪU especializada en formar adxectivos e substantivos sobre bases verbais (mantense a vogal temática do verbo). O significado básico do sufixo é o locativo (nalgúns casos con matiz tamén instrumental: *lavadoiro*), aínda que outros usos denuncian que esta forma en certo modo continúa o valor semántico do participio latino de futuro (en -TURU), como p. ex. *casadoiro*. No noso caso, é o primeiro o valor básico. A alternancia entre estas dúas variantes ten hoxe unha especial relevancia en portugués.

Ningunha destas formas ten especial fortuna nas obras lexicográficas. *Nacedouro* directamente non aparece e *nacedoiro* rexístrase só unha vez, en Rivas *Frampas III*, co significado “s. m. Embrión de planta, por ej. la castaña, patata, etc.”. Pola contra, o dicionario Houaiss ou o Morais si que recollen *nacedoiro* ou *nacedouro*, “orificio do útero” (Houaiss, s.v. *nacedoiro*).

A forma en feminino, *nacedoira*, recollida en Entrimo, está ausente das fontes consultadas (si que aparece, moi esporadicamente, *nacedeira*).

1.2.4. Cun sufixo *-ción: nación*

Procede o sufixo do suf. lat. -TĪŌNE¹⁹³.

O vocabulario de Acevedo e Fernández e o de Aníbal Otero emprégana como sinónimo de *cría* dos animais, e Rivas Quintas (1978), tamén s.v., dá unha definición críptica que quizais comprenda algunha referencia ós xenitais: “nacimiento, naturaleza”.

Máis claro é GVGH, s.v. *nacencia*, que sinala que se recolleu en Porto (Zamora), zona moi próxima ós dous puntos da nosa rede, co valor específico de “vulva de la vaca”. Esta acepción tamén está presente en asturiano, como se observa en DGLA, s.v., que a documenta en Los Argüeyos e en Oseya de Sayambre (norte de León).

1.3.1. *cría*

Alusión ó carácter de órgano reprodutor acuñada mediante formación regresiva a partir do verbo *criar* (< lat. CREARE).

Non atopo, nas fontes consultadas, evidencias do seu uso para nomear a vulva.

¹⁹³ Véxase Ferreiro (2001: §395) para máis detalles.

1.4.1. *empreñar*

O verbo *empreñar* provén do lat. IMPRAEGNARE ‘fecundar’. Teoricamente aquí estaría empregado como substantivo, pero non atopo na lingua mostras de tal uso, polo que quizais sexa máis realista pensar nun erro de interpretación nesta enquisa de estudante verificada en Abadín.

2. Construción sobre o substantivo *cona*

2.1. Forma sen derivar: *cona*

De CŪNNA, feminino do lat. CŪNNU ‘vulva’, denominación habitual para a vulva da muller. Pola súa natureza, claramente non é voz moi citada nas obras lexicográficas, inda que non deixa de haber excepcións curiosas, como esta eufemística anotación de Sarmiento CVFLG a respecto dos mexillóns: “En Santiago llaman en estilo baixo *conas*, aludindo al *labrum Veneris* que representa su pulpa en la figura y de la cual salen también barbas”. Nos textos escritos acontece algo semellante, pois só se rexistra no TILGA a partir de 1977, cunha única excepción, realmente un dicionario: “{Aparato genital} As partes, caralla, pixa, cono (m), cona (f)”¹⁹⁴.

2.2. Formas con sufixos

2.2.1. *conacha*

O sufixo *-acha* ten, esencialmente, un valor pexorativo. A súa etimoloxía é discutida, con diferentes propostas, que van desde a deformación do suf. *-aço* á continuación de *-ACŪLU* (cruzado con outros sufixos)¹⁹⁵.

Non aparece nos dicionarios ata Franco Grande “*s. f. cona*. Tacaño, avaro”. En GVGH sinalase que foi recollida *-co* valor “órgano genital femenino”– en Compostela, Razo e O Incio, sitios non excesivamente próximos á nosa rede de puntos.

2.2.2. *conicha*

A orixe de *-icho* tampouco é certa, aínda que estará intimamente relacionada co sufixo anterior, e máis aínda con *-echo*¹⁹⁶.

¹⁹⁴ Risco (1926: 10).

¹⁹⁵ Véxanse máis detalles en Alvar/Pottier (1983: §277) ou Ferreiro (2001: §488). Tamén Alonso Núñez (2000: 155-156).

Esta forma rexístrase nun único punto, en Oleiros (Salvaterra de Miño), da rede do ALGa. Nese mesmo sitio, e mais en P-22 (Lougares, Mondariz, a uns 20 km), documentamos *conicho* e *conicha*, respectivamente, como resposta á c. 2172 *cono*, *cona*. *Voces familiares*, publicada no vol. V do ALGa.

Non aparece esta voz nos dicionarios consultados, pero si que ten dous rexistros no TILGA, nun texto literario de 1999 e nunha obra de 1993 que bebe moito da oralidade e do folclore: “Unha vella dixo a outra polo burato da porta: malo raio parta a vella que tén a conicha torta”¹⁹⁷.

2.3. Forma *cona* con modificador: *cona (cono) da vaca*

Xa que a voz *cona* se emprega fundamentalmente para as mulleres, é lóxico que se sinta a necesidade de especificar nesta referencia ó bovino.

En Tomiño recolleuse *cona da vaca*, pero tamén *cono*. Ben que noutras áreas lingüísticas do noso entorno sexan maioría os descendentes do lat. CUNNU, en masculino, non é o caso do territorio galego, que só os ten esporadicamente (e na maioría dos casos, o que se rexistra é o castelanismo *coño*, mormente en interxeccións e apelacións). De feito, nos mapas arriba citados do vol. V do ALGA só aparece *cono* en dúas ocasións. Nos textos do TILGA aparece en 15 ocasións (varias delas no cancionero de Schubarth e Santamarina citado no parágrafo anterior), mentres que só ten un rexistro (Acevedo e Fernández) no DdD.

3. Creacións sobre o nome dun animal

Seguramente esteamos diante de designacións baseadas na morfoloxía da vulva, non necesariamente a da vaca, senón tamén a da muller. O pelo abundante, así como o pequeno saínte no relevo do corpo, poden levar á imaxe dun paxaro, dun rato, etc.

3.1. Sobre *paxaro*

Curiosamente, na nosa rede de puntos estas denominacións están moito máis agrupadas xeograficamente do que as súas equivalentes para a anatomía da muller (vid. mapa 80c, vol. V do ALGa).

¹⁹⁶ Atópase información adicional en Houaiss (s.v. *-icho* e *-icha*), en Ferreiro (2001: §473) ou en Machado (s.v. *-icho*). Tamén en Núñez Alonso (2000: 159).

¹⁹⁷ Schubarth / Santamarina (1993: §1310d).

A voz *paxaro* provén dun lat. vulgar *PASSARU, refacción do clásico PASSERE para acomodalo a un esquema de declinación máis usual.

3.1.1. Formas femininas sen derivar: *paxara*

Non atopamos esta forma, referida a xenitais, nas obras lexicográficas incluídas no DdD. Si que aparece unha decena escasa de rexistros nos textos do TILGA, en obras modernas, de 1989 en diante, nalgúns casos pertencentes ó cancionero citado anteriormente: “A miña nai deum' unha tunda porque dei a paxariña si a dei fixen moi ben a paxara era miña”¹⁹⁸.

Aboada en Novefontes, Compostela, Sobrado, Codeseda e Guitiriz, recolle GVGH esta voz, co significado “órgano genital femenino”.

3.1.2. Formas con sufixos

3.1.2.1. Sufixo *-ela*: *paxarela*

Este sufixo, comentado xa repetidas veces ó longo deste traballo, provén dun lat. – ÉLLA.

Non atopo este valor nas fontes consultadas, aínda que xa se viu na cita do apartado anterior que non é estraño o uso dun diminutivo (*paxariña*). No mapa 80c do vol. V do ALGA só aparece unha vez, pero lonxe de aquí, no Barbanza.

3.1.2.2. Sufixo *-eta*: *paxareta*

O sufixo seguramente procede dun diminutivo latino –ITTA, probablemente a través do francés (Ferreiro 2001: §475a).

Non aparece nos dicionarios, inda que si no GVGH, s.v., documentada en Pereiramá: “orificio de saída de la orina”. No que respecta ó TILGA, só aparece unha vez, nun texto de 1999 de Cid Cabido.

3.2. Sobre *rata*

3.2.1. Forma sen derivar: *rata*

O substantivo *rata* é de orixe problemática, probablemente onomatopeica a partir do ruído que o animal fai ó comer (cf. DCECH, s.v.).

¹⁹⁸ Schubarth/Santamarina (1993: §1400).

Esta referencia ó órgano xenital feminino aparece en GVGH, s.v., recollida en Feás e Razo, zonas próximas ós dous puntos da nosa rede que rexistran esta designación. Este uso tamén está vivo en portugués (“órgão sexual feminino; vulva”, en Houaiss, s.v.) ou en asturiano (DGLA, s.v.).

3.2.2. Forma con sufixo *-uxa*: *ratuxa*

O sufixo *-uxo* ten normalmente un carácter diminutivo/pexorativo (cf. Ferreiro 2001: §490).

Aparece no vol. V do ALGa para designar a vulva da muller, nun punto moi próximo ó da nosa rede; non o localizo no resto das formas consultadas.

4. Tipo *perrecha*

É complicada a etimoloxía destas formas, que seguramente habería que poñer en relación tamén coa voz *parrocha* ‘xouba, vulva’. Hai opinións dispares, pero pouco convincentes en conxunto.

A. Santamarina sinala, en Rios Panisse (1977, s.v. *perrecha*), a propósito da anémona que ten como nome *Actinia equina* (L.), a etimoloxía seguinte: “Del gall. *perrecha* 'coño' y ésta, a su vez, denom. humorística con un deriv. de *perra* 'moneda chica’”. Para a voz *parrocha* propón (s.v.) unha orixe distinta: “Etim. Origen ignorado. Es posible que se trate de una palabra de la misma familia que el gall. *parròlo*, *parrèlo*, *parramèlo*, adjetivos aplicados a árboles (e incluso a personas) achaparrados, de poca altura. En este caso sería un derivado de la palabra *parra*. Para los problemáticos orígenes de *parra* v. Corominas s. v. *parra* I. Hay en gallego otra palabra que fonéticamente presenta ciertas semejanzas con la que nos ocupa: *parrolo*, *parrulo* 'pato'; creo que semánticamente es más inverosímil la relación que en el caso anterior. Téngase en cuenta, finalmente, que el nombre de *parrocha*, propiamente, se aplica a la sardina pequeña”.

Elixio Rivas (1988, s.v. *perrecha*) ten unha hipótese distinta que agrupa as dúas formas antes citadas: “s. f. Órgano genital femenino (Fondo de Vila). En Os Blancos, *perrecha* (cf. también Glos. C. Glez.); en dics. *parrocha*. En Lubián, Zam. *perragacha* / *farragacha* y *aparragacharse* "ponerse en cuclillas". Debe de ser evolución fonética, expresiva, de *pernacha*, de *perna*. V. siguiente (*dar perro*).”

DCECH prefire acudir a unha voz *parro* ‘pato’, que explica como formación onomatopeica sobre a voz do animal (ou tamén voz de chamada para que o animal acuda).

4.1. *perecha*

O sistema de transcripción dos cuestionarios do ALGa está baseado no alfabeto fonético da *Revista de Filología Española*, o que causa non poucos problemas, entre eles o feito de que hai varios pares de representacións de sons que se distinguen non por dous símbolos distintos, senón por presenza/ausencia dun diacrítico (no caso da vibrante múltiple, unha raia por riba da letra *r*, símbolo da vibrante simple). Non é habitual, pero de cando en vez acontece que o enquisador esquece marcar o diacrítico; cando así sucede, as *perrech*as transfórmanse en *perechas*, como parece que é o caso, pois non atopo ningún rexistro de *perecha* como ‘órgano xenital’ nas fontes consultadas.

4.2. *perracha*

Perracha aparece nos dicionarios por vez primeira en Franco Grande (“s. f. Vulva.”) e en Carré. Tamén aparece con este significado en Abuín Soto (1971: 197).

4.3. *ferrecha*

Recolleuse tamén coa acepción ‘vulva’ nunha enquisa de estudante en Cervás. Posiblemente se trate dun erro de transcripción (de *perrecha*) a partir de notas previas.

4.4. *purrasca*

Non se pode afirmar con seguridade que pertenza ó mesmo grupo cás formas anteriores, inda que o feito de comezar por *purr-* é suxerinte nese sentido. Tampouco sabemos moito dela, pois non a localizo nas fontes consultadas; unicamente en Otero (1956), que comenta a expresión *andar ó purriasco* “Andar en celo las cabras o las ovejas” (supón como étimo un lat. VERRES ‘porco’).

5. (Outras) referencias á morfoloxía da vulva

5.1. Derivado de *coiro*: *coiracha*

Propiamente, *coiracho* é un anaco de coiro vello e engurrado; de aí pasou a empregarse para patacas ou fabas tamén secas e engurradas. Non parece raro que, por comparación morfolóxica, pasase a se empregar para a vulva da vaca (reforzado, ademais, pola existencia da voz *conacha*, xa comentada en 2.2.1.). Tamén rexistramos *coiracha* nalgunhas fontes para se referir á pel da barriga, ou á pel do porco.

Coiro provén dun latín CORĪU ‘coiro’ e o sufixo *xa* foi comentado con detalle no apartado 2.2. deste mesmo capítulo. Non atopo, nas fontes consultadas, ningunha referencia á vulva.

5.2. *cortadas*

Plural dun substantivo *cortada* ‘tallada, corte’, en referencia á morfoloxía da vulva, que pode dar a impresión dun corte, dunha ferida; construído co participio do verbo *cortar* (< lat. CURTĀRE). Non atopo, nas fontes consultadas, mostras do seu uso para dar nome ós xenitais.

5.3. *figa*

Seguramente, comparación co figo (lat. FICU). Voz común para a vulva noutras áreas romances, especialmente en Italia. Véxase DCECH (s.v. *higo*) para máis detalles.

Non aparecen nos dicionarios evidencias do seu uso en galego para os xenitais femininos, aínda que si se recolleu con ese valor no Incio (vid. GVGH, s.v.) e nas enquisas do Atlas (cf. mapa 80c do vol. V do ALGa).

6. Outras respostas

6.1 *as súas partes*

Forma eufemística moi habitual para se referir ós xenitais, tanto masculinos coma femininos.

6.2. *mexadeira*

No vestíbulo da vulva está a uretra, por onde se expulsan os ouriños. Non é estraña, por tanto, unha designación referente a este labor excretor. É curiosa a adiviña recollida en Melide polo Seminario de Estudos Galegos: “1. Que é unha cousiña cousa: Dous dereitiños, un dalle_dalle, catro mexafontes e un regamontes? (A vaca: os cornos, o rabo, os tetos e o mexadeiro)”¹⁹⁹.

¹⁹⁹ Risco / Rodríguez (1933: 528).

6.3. *vagina*

Uso da voz castelá *vagina* (por *vaxina*), descendente do lat. VAGINA ‘vaíña’; tampouco sorprende, por tanto, esta designación, xa que se trata dun órgano do aparato xenital que comeza na vulva.

7. Formas problemáticas

7.1. *culleira*

Só atopo *culleiro* unha vez, en Rivas Quintas (2003), co valor “troncho de berza”, ademais de aparecer nos textos *culleira* como sinónimo de *culler*. Inda que aparece máis na lingua, tampouco nos aclara nada *colleira*, pois normalmente significa ‘colar que protexe o pescozo dos animais’. Seguramente o máis plausible sexa pensar nunha formación sobre o verbo *coller* na súa acepción de ‘copular o touro e a vaca’. Tamén se pode pensar nunha derivación desde a forma *coello* (sería variante fonética de *coelleira*), unha voz que se emprega con frecuencia para se referir ós xenitais femininos

7.2. *limo*

Propiamente, o *limo* é a “secreción mucosa que echan los animales por los órganos genitales cuando están en celo o a punto de parir” (GVGH, s.v., que inclúe numerosos rexistros). Non sorprende, por tanto, que se aplique esa designación á vulva, pois é por onde saen estes mocos.

Polo que respecta á etimoloxía, provén dun lat. LĪMU ‘lama’. Non atopo referencias do seu uso para os xenitais en ningunha das fontes consultadas.

7.3. *mascusía*

Non atopo rexistros desta forma en ningunha das fontes consultadas; téñase presente que é un punto dunha enquisa de estudantes, máis proclive a erros, por tanto. O máis probable é que se trate dunha mala transcripción de *nasencia* a partir de notas previas que logo verteu ó exemplar definitivo.

7.4. *vexiga*

Sorprende esta designación, pois a vexiga é un órgano interno que non está conectado directamente coa vulva (só a través da uretra). Pode que o parecido con *vaxina*

tivese algo que ver e o falante estivese pensando nesa realidade, ou quizais o que prima é o feito de que saian por aí os ouriños (cf. o ap. 6.2.).

Outra posibilidade diferente é pensar no significado de *vexiga* como ‘bocha, ampola’, facendo referencia ó carácter prominente da vulva, que sobresaí.

11. Bestra, xarrete das patas traseiras

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1544 *Bestra, lazada (corvejón patas traseras)*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 32 *Corvejón de las patas traseras*.

1. Formas creadas sobre unha raíz *corv-* *curv-* ‘curvo’

1.1. Sen derivación

1.1.1. *corva*

ALGa

Z-03.

Enquisas de estudantes

C-25c; O-15c, O-17b, O-21b.

1.1.2. *curva*

ALGa

O-13, O-21¹, O-24².

¹ Recolleuse en plural: *curvas*.

² Recóllese unha forma con vogal prostética: *acurva*.

Enquisas de estudantes

C-35c³.

³ Recóllese unha forma con vogal prostética: *acurva*.

1.2. Con sufixos

1.2.1. Posibles sufixos *-ajón/axón* ou *-ejón/exón*

1.2.1.1.1. Forma castelá: *corvajón*

ALGa

L-04, L-06, L-08, L-33; O-03¹

¹ Recóllese *curvajón*.

Enquisas de estudantes

L-06b, L-13b².

² Recóllese *covajón*.

1.2.1.1.2. Forma castelá: *corvejón*

ALGa

L-16.

Enquisas de estudantes

L-16b, L-23b; Le-05b.

1.2.1.2.1. Forma galeguizada: *corvaxón*

ALGa

C-05, C-19; L-18¹, L-21, L-37²; O-12; P-15³.

¹ Recóllese en nota a seguinte información adicional: “*xamón* (pernas atrás) / *espalda* (adiante)”.

² Alterna coa forma *abespa*; sinálase que *corvaxón* é “por dediante”.

³ Alterna neste punto coa forma *tendón*, que é máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-06b; L-05c, L-09c, L-09d, L-14c, L-17b.

1.2.1.2.2. Forma galeguizada: *corvexón*

ALGa

O-04; P-33; Z-01.

Enquisas de estudantes

C-36d, C-49e; L-04b, L-05b, L-09b, L-21c, L-34b; O-14b; P-12b, P-17d.

1.2.2. –ellón/illón

1.2.2.1. *corvellón*

ALGa

A-04; L-13, L-25; O-17.

Enquisas de estudantes

P-09d.

1.2.2.2. *corvillón*

ALGa

A-02; Le-04; Z-02.

Enquisas de estudantes

A-02b¹, C-04d; O-20d; P-03c².

¹ A forma recollida é *curvillón*.

² Esta forma proporcionouna un parente – de 90 anos - do informante principal.

1.2.3. Outras terminacións

1.2.3.1. *corvión*

Enquisas de estudantes

Le-05c.

1.2.3.2. *covillo*

Enquisas de estudantes

P-29b.

1.2.3.3. *curvina*

Enquisas de estudantes

C-19c.

1.2.3.4. *escorvaxao*

Enquisas de estudantes

L-33b.

1.2.4. Posible forma con algún tipo de inserción: *corcevellón*

ALGa

Le-05.

1.3. Formas de 1.1. con modificadores que indican localización

1.3.1. *curva da zanca*

Enquisas de estudantes

P-09b.

1.3.2. *curva das patas de atrás*

Enquisas de estudantes

C-31c.

2. Designacións creadas sobre a voz *xarrete*

2.1. Formas sen modificador: *xarrete*

ALGa

C-03, C-11, C-17¹, C-20, C-25, C-26, C-41²; L-17; P-12.

¹ Recóllese *sarreta*.

² Alterna coa forma *lagartos*, sendo esta última a máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-13d³, C-13f, C-18c, C-18e, C-18f, C-18g³, C-20d, C-25b, C-28c³, C-28d, C-39e, C-40d, C-49b; P-10b⁴, P-12e.

³ Recóllese en plural: *xarretes*.

⁴ Recóllese a forma *xerrete*.

2.2. Formas con modificador indicando a localización: *xarrete da pata*

ALGa

C-10.

3. Continuadores dun lat. BALLISTA ‘bésta’, facendo alusión á forma e á capacidade de flexión

3.1. *ballesta*

ALGa

L-38¹.

¹ Alternan neste punto as formas *lazada* e *ballesta*, a máis frecuente.

3.2. *(a)bespa*

ALGa

L-37; P-02¹, P-08.

¹ *bespa*.

3.3. *bésta*

ALGa

L-15, L-27, L-30, L-32¹, L-33, L-34, L-35; Le-03; O-11, O-29.

¹ Recollido en plural: *bestas*.

Enquisas de estudantes

L-24b², L-26b², L-30b, L-37b, L-39d.

² Recollido en plural: *bestas*.

3.4. *bestia*

ALGa

O-16¹, O-23, O-28.

¹ *abestia*.

Enquisas de estudantes

L-28b; O-25b.

3.5. *bestra*

ALGa

A-03; C-32; L-05, L-09, L-13, L-14¹, L-28, L-31; O-14², O-20, O-25, O-27.

¹ Alternan neste punto a forma *lazada* e *bestra*, a máis frecuente.

² Recóllese a forma con ditongación: *biestra*.

4. Comparación cunha peza do arado: *abeaca*

ALGa

C-44; P-01, P-04, P-05, P-07, P-11.

Enquisas de estudantes

C-28f¹, C-32b¹, C-35e, C-36b¹, C-40g²; O-01b, O-06c; P-03d³, P-04b, P-07b⁴.

¹ Recóllese a forma en plural: *abeacas*.

² Recóllese a forma en plural: *abiacas*.

³ Recóllese *beaca*.

⁴ Sinálase que tamén é resposta para a pregunta seguinte: *rodilla de la pata trasera, lazada*.

5. Comparación coa función do lazo e a figura do nó: construcións sobre *lazo*

5.1. Forma con sufixo *-ada*: *lazada*

ALGa

A-01, A-05, A-06; L-14¹, L-16, L-29, L-38².

¹ Alterna coa forma *bestra*, que é máis frecuente ca *lazada* neste punto.

² Alterna coa forma *ballesta*, que é máis frecuente ca *lazada* neste punto.

5.2. Formas de 5.1. con sufixo: *lazedón*

ALGa

L-19, L-27; Le-01, Le-02¹.

¹ Recóllese unha variante *lazarón*.

6. Designacións que fan referencia ó seu carácter de articulación

6.1. Construcións sobre o verbo *xogar* ‘moverse un mecanismo, unha articulación’

6.1.1.1. *xoga*

Enquisas de estudantes

C-41d; P-04c, P-04d.

6.1.1.2. Forma con sufixo: *xugadeira*

Enquisas de estudantes

L-33c.

6.1.2. Formas con modificadores que indican a localización

6.1.2.1. *xoga da rodilla*

Enquisas de estudantes

C-39d.

6.1.2.2. *xoga de atrás*

Enquisas de estudantes

C-06d¹, C-20b.

¹ Recóllese a designación en plural: *as xogas de atrás*.

6.2. Designacións habituais de pasadores e bisagras

6.2.1. *caravilla*

ALGa

C-40.

Enquisas de estudantes

C-40b.

6.2.2. *gonzo*

Enquisas de estudantes

C-31b.

6.2.3. gorróns

ALGa

C-45¹.

¹ Os *ghorróns* é máis frecuente ca *músculo*.

6.3. ‘xeonllo’

6.3.1. Forma castelá *rodilla*

ALGa

L-04.

Enquisas de estudantes

C-04c, C-35h; P-04e¹.

¹ Recóllese en plural: *rodillas*.

6.3.2. Forma de 6.3.1. con sufixo: *rodilleira*

Enquisas de estudantes

C-35h.

6.4. Designacións creadas sobre unha forma castelá *codo*

6.4.1. Sen derivación nin modificación: *codo*

ALGa

P-31.

6.4.2. Cun sufixo *-illo*

6.4.2.1. Forma en plural: *codillos*

Enquisas de estudantes

C-35b.

6.4.2.2. Cun sufixo aumentativo: *codillón*

ALGa

A-07.

6.4.3. Cun modificador que especifica a situación: *codo das pernas de atrás*

Enquisas de estudantes

C-42e.

6.5. Designacións habituais para o nocello, a zona en que se articula a perna co pé

6.5.1. *nocelos*

ALGa

C-13.

6.5.2. *nortellos*

ALGa

P-03¹.

¹ Aparece entre parénteses e marcada como infrecuente.

6.5.3. *todillo, tudillo*

Enquisas de estudantes

C-06c¹; L-36b²; P-04e³, P-16b², P-17c².

¹ Recóllese *todillos*.

² Recóllese *tudillo*.

³ Recóllese *todillo*.

6.5.4. *tocelo*

Enquisas de estudantes

C-39i.

6.6. *óso do gancho*

Enquisas de estudantes

C-03b.

7. Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal

7.1. ‘coxa, parte da perna desde a cadeira ata o xeonllo’

7.1.1. Designacións formadas sobre a voz *coxa*

7.1.1.1. Formas sen derivar

ALGa

C-24¹.

¹ Recóllese *cuxa*.

Enquisas de estudantes

L-34c².

² Recóllese *coxas*.

7.1.1.2. Formas sufixadas

7.1.1.2.1. Cun sufixo *-ón*: *cuxón*.

ALGa

C-18¹, C-34².

¹ Recóllese *conxóns*.

² Recóllese *cuxóns*.

Enquisas de estudantes

P-28b³.

³ Recóllese *conxón*

7.1.1.2.2. Cun sufixo diminutivo *-ote*: *cuxote*

ALGa

C-36.

7.1.1.2.3. Cun sufixo diminutivo *-ete*: *coxetes*

ALGa

O-09.

7.1.1.2.4. Cun sufixo *-ego* e un sufixo *-ón*: *cuxigón*

ALGa

L-01¹, L-07¹, L-12².

¹ Recóllese *cuxigón*.

² Recóllese *coxegón*.

Enquisas de estudantes

L-01b³.

³ Transcríbese *coxijón*, que seguramente sexa unha representación gráfica da gheada, aínda que tampouco se pode excluír de modo taxativo que este son se deba ó influxo do castelán *corvejón* ou semellantes.

7.1.1.2.5. Cun sufixo *-ego* e un sufixo *-ote*: *cuxigote*

ALGa

C-02.

7.1.1.3. *queixote*

Enquisas de estudantes

O-16d, O-27b.

7.1.2. *lacón de atrás*

ALGa

C-07.

7.1.3. *muslo*

ALGa

L-26¹; O-18².

¹ Sinálase que a forma é infrecuente e engádese un signo de dubidosa.

² Recóllese unha forma con rotacismo: *murlo*.

Enquisas de estudantes

C-37b; L-02b.

7.1.4. *pernil da cadera*

ALGa

C-49.

7.1.5. *xamón*

ALGa

L-02.

7.1.6. *zanco*

ALGa

C-28; P-10, P-17, P-25¹.

¹ Rexístranse tanto *zanco* coma *zango*.

7.2. ‘nádegas’

7.2.1. *cachas*

Enquisas de estudantes

C-24b, C-28b.

7.2.2. Continuadores dun lat. vulgar *NATICA ‘nádega’

7.2.2.1. *nádiga*

Enquisas de estudantes

C-35g.

7.2.2.2. *nalga*

ALGa

O-08.

Enquisas de estudantes

L-12b¹.

¹ Recóllese a forma plural *nalgas*

7.3. ‘perna’

7.3.1. *candieira*

ALGa

C-09.

7.4. ‘papo da perna’

7.4.1. Construcións sobre a forma *polpa*

7.4.1.1. Formas sen derivación: *polpa*

Enquisas de estudantes

P-12d.

7.4.1.2. Formas con variación no radical e sufixo *-illo*

7.4.1.2.1. *puepillos*

Enquisas de estudantes

C-36c.

7.4.1.2.2. Forma con sufixo aumentativo: *poupillón*

ALGa

L-10.

7.4.1.3. Forma con sufixo *-ada*: *polpada*

ALGa

C-31.

7.4.2. Forma castelá *panterrilla*

ALGa

L-20.

7.4.3. *gordura da perna de atrás*

ALGa

C-31.

7.5. ‘canela’

7.5.1. *canela*

Enquisas de estudantes

L-26c.

7.5.2. Forma castelá *canilla*

Enquisas de estudantes

C-39f; P-28c.

8. Designacións xenéricas que significan ‘músculo’

8.1. Construcións sobre a forma *lagarto*

8.1.1. Sen derivación nin modificación: *lagarto*²⁰⁰

ALGa

C-12, C-16, C-22, C-33, C-38, C-41¹.

¹ Recollida en plural: *lagartos*. Alterna neste punto coa forma *xarrete*, menos frecuente.

Enquisas de estudantes

C-21b, C-22b², C-30c, C-30d, C-30d, C-39c, C-40c, C-48b², C-49d.

² Recollida en plural: *lagartos*.

8.1.2. Con sufixo *-ón*: *lagartón*

ALGa

C-01, C-04.

8.1.3. Con modificador indicando localización: *lagarto da pata*

ALGa

C-48.

8.2. *maza*

Enquisas de estudantes

O-16b.

8.3. *morcillo*

²⁰⁰ Recóllese tamén en C-37, pero especificando que *lagarto* é a “pantorrilla da vaca”.

Enquisas de estudantes

L-39b.

8.4. músculo

ALGa

C-45¹

¹ Alterna coa forma *gorróns*, sendo esta última máis frecuente neste punto.

9. Designacións xenéricas que significan ‘tendón, nervio’

9.1. Construcións sobre a forma *tendón*

9.1.1. Forma sen derivar: *tendón*

ALGa

C-27, C-47; L-11; P-06¹, P-15².

¹ Recóllese en plural: *tendós*.

² Alterna con *corvasón*, que é a forma menos frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

C-29b, C-35f³, C-41c⁴; L-01b³; O-07c; P-12f⁴.

³ Recóllese en plural: *tendós*.

⁴ Recóllese en plural: *tendóns*.

9.1.2. Forma sen derivar: *toldón*

ALGa

P-16.

Enquisas de estudantes

C-30e; P-05b.

9.1.3. Forma con modificadores que indican localización

9.1.3.1. *tendón da pata*

Enquisas de estudantes

C-13b.

9.1.3.2. *tendón do cuarto*

ALGa

O-31.

9.2. Construcións sobre a forma *nervio*

9.2.1. Forma sen derivar: *nervio*

ALGa

C-37¹

¹ Recóllese como información adicional a forma *lagarto*, para nomear a pantorrilla da vaca.

9.2.2. Forma con modificador que indica localización: *nervio da pata*

ALGa

P-13.

9.3. *cordas*

ALGa

C-39, C-46¹; P-27.

¹ Recollido en singular: *corda*.

9.4. *balastón*

Enquisas de estudantes

L-16b.

10. Designacións problemáticas

10.1. Designacións anatómicas de difícil aplicación para o xarrete

10.1.1. *almohadillas*

Enquisas de estudantes

P-03b.

10.1.2. *cadril*

Enquisas de estudantes

C-39b, C-40f; O-20c¹.

¹ *cuadrís*.

10.1.3. *carto de atrás*

Enquisas de estudantes

C-43b.

10.1.4. *falda*

ALGa

P-28.

10.1.5. *illarga*

Enquisas de estudantes

C-08b¹, C-08c.

¹ Recóllese a forma en plural: *illargas*

10.1.6. *lado*

ALGa

C-49.

10.1.7. *raxo*

ALGa

P-29.

10.2. Outras respostas

10.2.1. Sobre *uña*

10.2.1.1. Forma en plural sen derivar: *uñas*

Enquisas de estudantes

C-35d.

10.2.1.2. Formas con modificadores que indican localización

10.2.1.2.1. *uñas de arriba*

Enquisas de estudantes

P-20b¹.

¹ É a mesma forma que se emprega para dar nome ós pezuños da vaca (pregunta 45 das enquisas dos estudantes).

10.2.1.2.2. *uñas de atrás*

Enquisas de estudantes

P-11b.

10.3.1. *acertón*

ALGa

L-23.

10.4. *atafales*

ALGa

L-36.

10.5. *bellaca*

Enquisas de estudantes

C-35i.

10.6. *canal*

Enquisas de estudantes

C-04b.

10.7. *cancaxo*²⁰¹

ALGa

L-03

10.8. *dereito*

Enquisas de estudantes

C-19c.

10.9 *espolós*

Enquisas de estudantes

L-28c.

10.10. *patuxa*

Enquisas de estudantes

C-37b.

10.11. *soltadoiro e saltadoiro*

ALGa

C-22.

Enquisas de estudantes

C-04b; O-16c¹.

¹ Recóllese *saltadoiro*.

10.12. *vides*

Enquisas de estudantes

P-20b.

10.13. *xostrá*

ALGa

²⁰¹ A forma aparece marcada como dubidosa no propio cuestionario.

O-22.

11. Sen resposta

ALGa

C-06, C-08, C-14, C-15, C-21, C-23, C-29, C-42, C-43; L-22, L-24, L-39; O-01, O-02¹, O-05, O-06, O-07, O-10, O-15, O-19, O-26, O-30; P-09, P-14, P-18, P-19, P-20, P-21, P-22, P-23, P-24, P-26, P-30, P-32.

¹ Figuran en nota á marxe unha serie de indicacións adicionais referidas a diferentes partes da vaca.

Enquisas de estudantes

C-09b, C-09c, C-09d, C-09e, C-13c, C-13e, C-15b, C-18b, C-18d, C-18h, C-19b, C-19d, C-20c, C-23b, C-24c, C-25d, C-27b, C-28e, C-30b, C-39g, C-39h, C-39k, C-40e, C-41b, C-42b, C-42c, C-42d, C-44b, C-45b, C-49c; L-14b, L-15b, L-21b, L-22b, L-24c, L-27b, L-31b, L-39c, L-39e; O-01c, O-06b, O-07b, O-15b, O-15d, O-20b, O-26b, O-29b; P-04f, P-06b, P-06c, P-06d, P-07c, P-08b, P-09c, P-12c, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-15e, P-17b, P-19b, P-19c, P-21b, P-21c, P-24b, P-24c, P-24d, P-24e, P-25b, P-25c, P-26b, P-27b, P-28d, P-29c, P-29d, P-32b.

Distribución xeográfica das respostas

A pesar de que case un 30% dos puntos da nosa rede non rexistrou ningunha resposta para este concepto, a variedade de formas coa que batemos é moi grande, o que xustifica que dividamos o mapa de conxunto noutros cinco mapas de detalle (tres deles están, ademais, subdivididos segundo a fonte do material primario: puntos do *Atlas Lingüístico Galego* ou das enquisas de estudantes).

No primeiro mapa de detalle podemos observar os substantivos creados a partir das raíces *corr-* e *curv-*, facendo referencia á curvatura do xarrete. É moi interesante a diverxencia entre as dúas fontes manexadas: a rede do ALGa é eminentemente oriental, nunha banda que inclúe o galego exterior e que no seu extremo occidental chega ata Castro de Rei e Chandrexa de Queixa (só quedan 4 puntos fóra desta zona, moi repartidos); por contra, nas enquisas de estudantes este grupo chega practicamente a todo o territorio (agás o noroeste da Coruña). Boa parte desa “ampliación” débese á voz galeguizada *corvexón* (cf. castelán *corvejón*), inda que non só, pois as voces *corva* e *curva* conseguen catro rexistros no centro-sur da Coruña e norte de Pontevedra, mentres que na rede do ALGa estaban confinadas ó ángulo inferior dereito do mapa. Aínda que sería tentadora unha explicación sociolingüística, o certo é que a enquisada máis nova nestes puntos occidentais contaba con 48 anos, pero o resto superaba xa os cincuenta e un par deles estaban ben próximos ós setenta, polo que non difire grandemente da idade dos informantes do ALGa.

O segundo mapa presenta tamén unha discrepancia curiosa entre unha e outra fonte: mentres que a rede do ALGa conta con 11 rexistros de construcións sobre o substantivo *lazo*, na rede das enquisas non hai nin un só dese tipo (é certo, con todo, que estas formas están circunscritas ó galego exterior e puntos próximos de Lugo, zonas en que a densidade da rede de enquisas estudantís é bastante baixa). Distinguimos neste mapa catro designacións diferentes, con cadanseu territorio, ben delimitado e con fronteiras impermeables. No extremo oriental, a xa comentada formación sobre *lazo*, desde Asturias ata o sur da provincia de Lugo. As formas que continúan o latín BALLISTA son as máis numerosas: hainas no nordés da provincia luguesa, copan practicamente a metade sur desa división administrativa (entrando incluso nas provincias lindeiras) e continúan no centro e sur de Ourense; a parte central desta área que debuxamos é para *bésta*, mentres que o norte

é de *bestra*, que comparte o predomínio tamén no sur coa variante *bestia*. O terceiro grupo é o do tipo *abeaca*, moi compacto e situado no sueste da Coruña e nordeste de Pontevedra, xunto con dous puntos limítrofes de Ourense. Por último, temos unha forma *xarrete*, que se estende polo cuarto noroccidental do territorio galego, especialmente ó redor das comarcas da Coruña, Betanzos e Terra de Melide.

O terceiro mapa representa as designacións que fan referencia ó carácter de articulación do *xarrete*. Tratándose dun grupo tan heteroxéneo, é totalmente comprensible a carencia de continuidade xeográfica. Por haber tan poucas respostas, ofrezco un único mapa, pero hai que sinalar que neste grupo a maioría dos rexistros provén das enquisas de estudantes, o que explica que haxa tal concentración entre A Estrada e Santiago, xa que é a zona de maior densidade da rede.


O cuarto mapa presenta moitas máis resposta, pero segue sendo unha carta con grupos de formas moi heteroxéneas entre si. Con todo, pódense establecer algunhas zonas. A máis clara é a de *lagarto*, que domina no extremo oeste da Coruña, estendéndose un pouco cara ó interior, na zona de Ames e chegando incluso ata o Pino; por contra, o derivado *lagartón* sitúase en dous puntos do norte coruñés. Ocupa aproximadamente a mesma zona –inda que desprazada un pouco cara abaixo, ata o Salnés, e con varios puntos fóra deste territorio– o substantivo *tendón*. Son maioría as designacións que significan ‘coxa’, que atopamos por toda Galicia, mentres que as outras teñen unha fortuna menor.

Con respecto ó último mapa, pouco hai que dicir. Por se tratar dun conxunto bastante grande de formas, distinguín dentro das voces problemáticas un grupo numeroso de designacións referentes á anatomía da vaca, pero unha zona anatómica afastada do *xarrete* e difícil de relacionar con el. Nótese, como quedou dito ó inicio, o gran número de puntos sen resposta.

MAPAS DE CONXUNTO


11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes

- Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-* 'curvo'
 - *xarrete*
 - ◆ Continuadores dun lat. BALLISTA 'bésta'
 - ▲ *abeaca*
 - Construcións sobre *lazo*
 - Designacións referentes ó seu carácter de articulación
 - + Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal
 - ◆ Designacións xenéricas que significan 'músculo'
 - ★ Designacións xenéricas que significan 'tendón, nervio'
 - ✱ Designacións problemáticas
- + Puntos sen resposta




11. Bestra, xarrete das patas traseiras. ALGa

- Formas creadas sobre unha raíz *curv-*, *curv-* 'curvo'
- *xarrete*
- ◆ Continuadores dun lat. BALLISTA 'bésta'
- ▲ *abeaca*
- Construcións sobre *lazo*
- Designacións referentes ó seu carácter de articulación
- + Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal
- ◆ Designacións xenéricas que significan 'músculo'
- ★ Designacións xenéricas que significan 'tendón, nervio'
- ✱ Designacións problemáticas
- + Puntos sen resposta



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Enquisas de estudantes

- Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-* 'curvo'
- *xarrete*
- Continuadores dun lat. BALLISTA 'bésta'
- ▲ *abeaca*
- Designacións referentes ó seu carácter de articulación
- + Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal
- ◇ Designacións xenéricas que significan 'músculo'
- ★ Designacións xenéricas que significan 'tendón, nervio'
- ✱ Designacións problemáticas
- + Puntos sen resposta



MAPAS DE DETALLE

a) Formas creadas sobre unha raíz *corv-* ou *curv-*

11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes


Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-*, '*curvo*'

Formas sen derivación

- *corva*
- curva*
- Forma *curva* cun modificador que indica localización

Formas derivadas

- ◆ *corvajón*
- *corvejón*
- *corvaxón*
- *corvexón*
- *corvellón*
- *corvillón*
- Outras terminacións



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. ALGa

Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-*, 'curvo'

Formas sen derivación


- *corva*
- *curva*

Formas derivadas

- ◆ *corvajón*
- *corvejón*
- *corvaxón*
- *corvexón*

- *corvellón*
- *corvillón*

- Outras terminacións



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Enquisas de estudantes


Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-*, 'curvo'

Formas sen derivación

- *corva*
- *curva*
- Forma *curva* cun modificador que indica localización

Formas derivadas

- ◆ *corvajón*
- *corvejón*
- *corvaxón*
- *corvexón*
- *corvellón*
- *corvillón*
- Outras terminacións




MAPAS DE DETALLE

b) Designacións creadas sobre a voz *xarrete*. Continuadores dun lat. BALLISTA ‘bésta’. *Abeaca*. Construción sobre *lazo*

11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes

Xarrete: continuadores do lat. BALLISTA; tipo *abeaca*; construcións sobre *lazo*


- | | |
|---|---------------------------------|
| ● Forma <i>xarrete</i> , con ou sen modificador | Continuadores dun lat. BALLISTA |
| ● Tipo <i>abeaca</i> | ● <i>ballesta</i> |
| ■ <i>lazada</i> | ● <i>abespa</i> |
| ■ <i>lazadón</i> | ● <i>bésta</i> |
| | ● <i>bestia</i> |
| | ● <i>bestra</i> |



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. ALGa

Xarrete: continuadores do lat. BALLISTA; tipo abeaca; construcións sobre lazo


- | | |
|---|---------------------------------|
| ● Forma <i>xarrete</i> , con ou sen modificador | Continuadores dun lat. BALLISTA |
| ● Tipo <i>abeaca</i> | ● <i>ballesta</i> |
| ■ <i>lazada</i> | ● <i>abespa</i> |
| ■ <i>lazadón</i> | ● <i>bésta</i> |
| | ● <i>bestia</i> |
| | ● <i>bestra</i> |



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Enquisas de estudantes

Xarrete; continuadores do lat. BALLISTA; tipo *abeaca*

- Forma *xarrete*, con ou sen modificador
- Tipo *abeaca*
- *bésta*
- *bestia*




MAPAS DE DETALLE

c) Designacións referentes ó seu carácter de articulación

11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes

Designacións que fan referencia ó seu carácter de articulación

- | | |
|--|---|
| ■ Construcións sobre o verbo <i>xogar</i> | ■ Forma castelá <i>codo</i> |
| ■ Designacións habituais de pasadores e bisagras | ■ Forma castelá <i>codo</i> , cun sufixo <i>-illo</i> |
| ■ Construcións sobre <i>rodilla</i> | ■ Designacións habituais para o nocello |
| | ■ <i>óso do gancho</i> |




MAPAS DE DETALLE

d) Designacións doutras partes da pata ou o pé do animal

11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes


Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. ALGa

Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal


- | | |
|-------------------|---|
| ● 'coxa' | 'músculo' |
| ● 'nádegas' | ■ <i>lagarto</i> |
| ● 'perna' | ■ Outras designacións que significan 'músculo' |
| ● 'papo da perna' | 'tendón, nervio' |
| | ▲ Construcións sobre a forma <i>tendón</i> |
| | ▲ Outras designacións que significan 'nervio, tendón' |



11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Enquisas de estudantes

Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal

- | | |
|-------------------|---|
| ● 'coxa' | 'músculo' |
| ● 'nádegas' | ■ <i>lagarto</i> |
| ● 'papo da perna' | ■ Outras designacións que significan 'músculo' |
| ● 'canela' | 'tendón, nervio' |
| | ▲ Construcións sobre a forma <i>tendón</i> |
| | ▲ Outras designacións que significan 'nervio, tendón' |




MAPAS DE DETALLE

e) Designacións problemáticas e puntos sen resposta

11. Bestra, xarrete das patas traseiras. Todas as fontes

- ⊕ Designacións anatómicas de difícil aplicación para o xarrete
- * Outras designacións problemáticas
- + Sen resposta



Comentario de formas

1. Formas creadas sobre unha raíz *corv-*, *curv-* ‘curvo’

A base destas designacións é o adxectivo *corvo* ‘curvo’ (< lat. CURVU) , facendo unha evidente referencia á morfoloxía desa zona do animal. Nesta sección poderemos apreciar unha gran variedade de procedementos formativos, desde unha forma sen derivación (*corva*) ata o procedemento maioritario, compartido por un bo número de designacións: a derivación mediante unha parella de sufixos, un pexorativo e un aumentativo. No apartado 1.2.2. pódese ver unha entrada do dglá en que se pon de manifesto a diversidade formal.

1.1. Sen derivación

1.1.1. *corva*

Substantivo creado a partir do adxectivo arriba comentado.

Aparece como entrada no dicionario de Valladares, s.v. *còrva*: “Parte opuesta á la rodilla”. Nos textos incluídos no TILGA temos que agardar máis, ata 1926, nunha obra de Antón Goy Díaz. Con todo, pouco máis tarde (1935) atopamos esta forma para se referir especificamente á bestra da vaca, nun treito que se insire nunha pasaxe sen desperdicio en que dous labradores comparan as belezaas físicas, e “morais”, das respectivas vacas: “¡A miña «Cereiña» -incrinouse Valdoviño presentándoa- si, que é boa vaca! ¡Qué fina, qué señorita é a miña filla máis querida, a joya da miña yalma, o folgo do meu peito, o sangue do meu curazón! ¡Hai que ver o fachendosa que vos vai a miña vaquiña ca rabada pola corba! Ninguha raíña arrastrou a cola con tanto aire, coma a miña moza! ¡Tén uns ubres máis brancos, repretos e millor levantados que dona do mundo!”²⁰².

1.1.2. *curva*

Como era de agardar, é unha palabra practicamente ausente dos dicionarios, dada a súa coincidencia formal coa voz castelá; só a localizo en dúas obras, que en ningún momento dan conta do seu emprego para a anatomía da vaca.

²⁰² García Paz, M. (1935: 167); con carácter excepcional, esta cita reproducése segundo a ortografía orixinal, non a adaptada para o TILGA.

1.2. Con sufixos

En principio, o valor habitual do sufixo *-ón* (< lat. *-ONE*) na lingua moderna é o de aumentativo, pero sinala Alonso Núñez (2000:152) que no medieval usábase como diminutivo, unha posibilidade que acae mellor neste capítulo, pois algunhas formas das que aquí atopamos con este sufixo *-ón* teñen tamén outro sufixo, claramente diminutivo. Non debera sorprender esta dupla posibilidade se pensamos en que orixinariamente o lat. *-ONE* tiña carácter “individualizador”, polo que de aí poden saír os dous valores, aumentativo e diminutivo.

1.2.1. Posibles sufixos *-ajón/axón* ou *-ejón/exón*

É certo que, morfoloxicamente, podería pensarse na combinación de dous sufixos, un morfema *-exo* (adaptación fonética para o galego do castelán *-ej-*, basicamente despectivo) e o popular sufixo *-on*, do lat. *-ONE*, unha construción similar á que temos no apartado 1.2.2. Pero quizais teña máis posibilidades pensar en que se trata de voces tomadas directamente do castelán, sufrindo algunha delas unha adaptación, a partir da coñecida equivalencia “j =x”.

1.2.1.1.1. Forma castelá: *corvajón*

Non documento esta variante nin nas fontes galegas nin nas castelás consultadas.

1.2.1.1.2. Forma castelá: *corvejón*

O DRAE contén unha entrada *corvejón*, que fai vir de *corva*: “Articulación situada entre la parte inferior de la pierna y superior de la caña, y a la cual se deben los principales movimientos de flexión y extensión de las extremidades posteriores en los cuadrúpedos”.

1.2.1.2.1. Forma galeguizada: *corvaxón*

É moi interesante este enunciado recollido en Seteventos, coas vacilacións e incoherencias propias do rexistro oral (véxase tamén o apartado terceiro deste traballo, para a forma *bespa*): “unha vexiga é na bespa arriba na pata de tras, a bespa vén ser coma no codo arriba, a curva que ten enriba no corvaxón na pata de tras é donde pode ser a vexiga a peor”²⁰³.

Constatamos diferentes variantes anotadas en GVGH, s.v. *corbaxón*, algunhas das cales non se rexistraron na nosa rede de puntos: “*m.[corbaxón]* (Caa. Cab. Val. Cre. Ped.),

²⁰³ Sánchez Rodríguez (1983: 174).

corbexón (Ced. Por.), *cordobaxón* (Cab. Gui. Per.), *curbaxón* (Ced. Gud.) corvejón de las patas traseras”. Adicionalmente, é interesante anotar que esta mesma obra recolle, na Gudiña, un verbo *corbaxear* “caminar la vaca juntando y rozando los jarretes”.

1.2.1.2.2. Forma galeguizada: *corvexón*

Lemos no dicionario de Acevedo e Fernández unha entrada *corvexón*: “Corvejón. Ús. desde Valdés al Eo, haciendo el plur. *corvexoís*, en port., *corvejão*. En Boal, *corviyón*. A. F.”. No apartado 1.2.2. falarase un pouco máis sobre as voces localizadas no dominio asturiano. Non hai outro rexistro na lexicografía consultada.

Xa se sinalou na epígrafe anterior que foi recollida en dous puntos, Cedofeita e Porto (Zamora), en investigacións dialectais.

1.2.2. –*ellón/illón*: *corvellón*, *corvillón*

Podemos supoñer que estamos diante dunha construción sobre *corva* co sufixo –*ell-* (< do lat. –ICULU)²⁰⁴ e o comentado sufixo –*ón*, construción á que posiblemente o castelán non sexa alleo; a alternancia entre estas dúas vogais palatais non é estraña, como se pode comprobar con pares como *concellón-concellón*.

Corveyón é a forma escollida como lema por García Arias no seu DGLA, pero pódese apreciar a grande variación nas voces recollidas, moitas delas coincidentes con palabras incluídas neste capítulo para o dominio galego: *curveichón*, *curvichón*, *corvechón*, *corviyón*, *corveón*, *corvión*, *curveón*, *curvión*, *corvexón* “1. Corvejón [Lln. Pa. Cg. Ac. Ca. Mi. Ay. Ll. Tb. Sm, An (= llazarón). Md. Bab. PSil. Pr. Tox. /Eo/. JH. R. Vgl]. Corvejón de los cuadrúpedos [Cv. Oc]. Tobillo de los animales [Lln]. Doblez o ángulo de la pata de un animal [Cb. Ac]. Juego o articulación de la pata de la vaca que sobresale por la parte trasera [Sb]. Corva de la pierna [Vbable]. 2. Cadera de la res vacuna [Cl]. Frases hechas y locuciones: Dar los corviyones ‘tropezar con los tobillos al caminar’ [Sb]. //Los corviones ‘nervios, tendones’ [Pr]. //Metela hasta los corvichones ‘meter mucho la pata’ [Tb]. //Tirar los corviyones ‘dar malas contestaciones’ [Lln]”. O dicionario Houaiss recolle *curvejão*, como sinónimo de *jarrete*.

En Cuveiro atopamos unha entrada *corvilla* y *corvura*, coa definición “(ant.) Encorvadura”; máis tarde, recollerana tamén Porto e Filgueira, inda que non a localizo nas bases de datos de textos escritos. O primeiro en empregar a forma con –*ón* foi Valladares (s.v. *corvellon*): “corvejon, (n'os animales) la parte donde se encorva la pierna (n'as aves)

²⁰⁴ Cf. Iordan / Manoliu (1972: §421).

Espolon”. Por contra, non atopo *curvillón* no DdD nin nos textos incluídos no TILGA; tampouco *corvillón*, co significado que aquí nos ocupa.

1.2.3. Outras terminacións

Nótese que todas estas formas proveñen das enquisas realizadas polos estudantes de Lingüística Románica, que, como puidemos comprobar en diferentes ocasións ó longo deste traballo, son proclives a cometer erros de transcripción e de comprensión da forma efectivamente pronunciada polo informante.

1.2.3.1. *corvión*

Non localizo esta forma nin no DdD nin nos textos incluídos no TILGA.

1.2.3.2. *covillo*

Normalmente, o (*a*)*cobillo* ou *acubillo* é un refuxio, un abrigo, forma proveniente do lat. CUBICULU ‘dormitorio’. Non parece que isto teña relación coa nosa forma, que máis probablemente sexa unha mala interpretación de *corvillo*, ou quizais unha síncope.

1.2.3.3. *curvina*

Non atopo, como substantivo, esta forma na fala para algo que non sexa o peixe acantopterixio; de aí tamén o seu uso como modificador no sintagma *pedra corvina*, para designar un óso supostamente obtido da cabeza dese peixe e que conta con propiedades milagrosas. Si que atopamos *curvino* como adxectivo que significa ‘curvo’ (cf. GVGH, s.v. *curbo*, recollido en Compostela).

1.2.3.4. *escorvaxao*

Non localizo esta forma nos dicionarios consultados. Pola súa estrutura, parece un participio dun verbo *escorvaxar* que posiblemente significase algo así como ‘ferido no corvellón, que ten o corvellón danado’, un procedemento habitual que vimos en diferentes partes deste traballo, especialmente na pregunta sétima, consagrada á vaca cun cadril afundido por mor dun golpe.

1.2.4. Posible forma con algún tipo de inserción: *corcevellón*

Forma ausente dos dicionarios e textos consultados.

1.3. Con modificadores que indican localización

1.3.1. *curva da zanca*

Para o substantivo *zanca*, que tamén aparece nalgunha das designacións deste apartado, véxase o comentado na pregunta 6, referente ós ósos da cadeira, apartado 5.3.

1.3.2. *curva das patas de atrás*

O substantivo *pata* é de orixe problemática. DCECH, s.v., apunta unha orixe onomatopeica, pola acción de dar golpes co pé. Meier (1984) sinala a posibilidade de que a forma básica *PATTÁ proveña do verbo PEDITARE ‘ir a pé’, con abertura da vogal do radical; en Meier (1987) amplía as súas observacións sinalando unha proposta etimolóxica de Pisani, dun latín *ADPACTA, de ADPINGERE ‘pintar por riba, engadir’. A proposta onomatopeica é compartida polo TLFi (s.v. *pattè*), que sinala o seguinte: “D'un rad. onomatopéique *patt-*, imitant le bruit que font deux objets qui se heurtent, et qui est bien répandu dans les lang. romanes (roum., ital., cat., esp., port., v. *FEW* t.8, p.46b). L'a. fr. utilisait plus fréq. *poe, pote* «patte», issu d'un préceltique **pauta* (cf. *empotè*).”.

2. Designacións creadas sobre a voz *xarrete*

2.1. Formas sen modificador: *xarrete*

Proven do francés *jarret*, voz proveniente do galo **garra* ‘perna’ (cf. TLFi, s.v.); presente tamén en portugués e español (*jarrete*).

Recóllo en 1853, nun minucioso despece: “Eso será na cortaduría donde a dan da roda, do peito, da perna, do lombo, da croca, da falda, da agulla, do oído, pescozo e xarrete, costelas e ubre, miolos e barbos e morros e boches, o fígado e riles, corazón e bazo, raigada e tripas e patas, librillo, antafollos, calleira e mais verde”²⁰⁵. No que respecta ós dicionarios, aparece desde Cuveiro, s.v. *jarrete*: “La parte alta y carnuda de la corva opuesta á la rodilla”.

Acudindo ó GVGH, s.v. *xarrete*, constatamos unha área xeográfica maior cá nosa rede de puntos:“ (Caa. Cab. Raz. Com. Gro. Ced. Fri. Ram.), *xarreta* (Gro.), *xerrete* (Fea.) *jarrete*”.

²⁰⁵ Pintos (1853: 201).

2.2. Formas con modificador indicando a localización: *xarrete da pata*

Para *pata*, véxase o apartado 1.3.2. deste mesmo capítulo.

3. Continuadores dun lat. BALLISTA ‘bésta’, facendo alusión á forma e á capacidade de flexión

Como se pode observar, contamos con diferentes formas, que remiten todas para o latín BALLISTA ‘máquina de guerra para lanzar proxectís’, seguramente a través dunha variante coa xeminada simplificada, *BALĪSTA, que explica o galego *bésta*. A forma arqueada que ten este instrumento sería o elemento de enlace para esa designación. Non é un procedemento inusual, como se podería pensar: a andoriña das vilas, ou de cu branco (*Delichon urbica*) en italiano chámase *balestruccio*, precisamente pola súa semellanza coa bésta. Téñanse presentes tamén voces como *balastrón* ou *ballestón* ‘tendón’ (cf. o apartado 9.4).

3.1. *ballesta*

Ademais dalgunha mención á herba lesta, atopamos en Sobreira esta forma definida como “El arco que forma la vid rodrigada cuando la vuelven de punta contra su propia estaca”, unha boa mostra dunha designación creada con esta motivación morfolóxica. Non atopo rexistros referentes á anatomía.

3.2. *(a)bespa*

É certo que puidera ser esta unha forma *vespa*, a designación para o himenóptero, motivada posiblemente pola forma curva do abdome, bastante acentuada nalgunhas especies. Pero parece acaerlle mellor tratarse dunha voz que continúa o lat. BALLISTA (o cambio de dental a bilabial podería explicarse, iso si, por un cruce léxico co insecto, inda que pode ser, simplemente, unha asimilación).

Inda que Xerais2000 inclúa unha entrada *vespa* “cóbado das patas traseiras das bestas”, o certo é que non atopo referenciado este significado nos dicionarios clásicos do galego incluídos no DdD; tampouco nos dicionarios das linguas veciñas.

Localízoo dúas veces no Tesouro, unha vez nunha enquisa de estudante realizada en Rodeiro (definido como “rodilla de la pata trasera”) e outra na memoria de licenciatura de Helena Sánchez sobre a fala de Seteventos²⁰⁶, que xa se comentou no ap. 1.2.1.2.1. deste mesmo capítulo.

²⁰⁶ Sánchez Rodríguez (1983).

3.3. *bésta*

Xa lemos en Sobreira unha entrada *bésta* “El codo que hacia fuera hace la pierna del animal, contraria a la rodilla humana”. Pódense ver máis puntos, e unha variante *abesta*, en GVGH, s.v. *besta*: “3. (Gun. Xun.), abesta (Mra.) corvejón de las patas traseras de la vaca”.

3.4. *bestia*

Non atopo referencias desta forma con este significado.

3.5. *bestra, biestra*

As formas con inserción de vibrante poden explicarse a partir dun latín BALLISTRA; véxase unha explicación máis detallada en DELI (s.v. *balèstra*) e na bibliografía á que remite.

É *bestra* a forma desta familia máis frecuente nos dicionarios. Lemos en Otero (1977) unha entrada *bestra*: “*f.* Corvejón. En Riucabo dícese que *ten as bestas* el ganado (cerdos, vacas, bestias, etc.) que tiene tiosos los corvejones”. Tamén a atopamos en Carré4, Franco Grande e Elixio Rivas (1978).

4. Comparación cunha peza do arado: *abeaca*

Ademais de ser o artello das patas traseiras dos cuadrúpedes, o significado máis habitual para esta forma é o de ‘peza do arado de pau que sae oblicuamente desde a rella para virar a terra e anhear o suco’.

A súa etimoloxía é complicada. Xerais1986 mantén, con dúbidas, a hipótese orixinal de Meyer-Lübke: dun lat. ALAPA ‘sopapo’, co percorrido semántico ‘bofetada’ > ‘movemento do brazo’ > ‘obxecto que garda a forma dese movemento’; non parece moi sostible. DCECH pon esta forma en relación con *álabe* (s.v.), sostendo a seguinte cadea evolutiva, con metátese: **alebacas* > **aebacas* > *abeacas*; para *álabe* aventura unha orixe do lat. ALIPES ‘veloz, con ás nos pés’, que semella cadrar mellor para estas pezas que saen da rella do arado.

Ben que *abeacas* apareza xa nos primeiros dicionarios do galego, non atopo en ningún deles o valor que aquí nos interesa, referido ás patas traseiras da vaca. Si que aparece no GVGH, s.v. *abeacas*, documentada en Novefontes e Melide, existindo tamén, en Compostela, as variantes *beacas* e *biacas* “corvejones de las patas traseras de un animal.

5. Comparación coa función do lazo e a figura do nó: construcións sobre *lazo*

5.1. Forma con sufixo *-ada*: *lazada*

Derivado da forma *lazo* (< lat. *LACIU, variante do latín clásico LAQUEU ‘lazo’), comparando esta zona, en que normalmente se aprecian ben os músculos e os puntos de unión entre si e coa articulación, cun lazo.

Non atopo referencias deste significado anatómico no DRAE ou en Houaiss, tampouco en Morais. DGLA inclúe a forma *llazada*, con numerosas variantes, pero sempre falando de ataduras. O mesmo acontece no TILGA e nos dicionarios galegos.

Se acudimos a GVGH, s.v. *lazada*, dá a impresión de que é unha forma usada exclusivamente para unha parte inferior da pata: “[*lazada*] (Bur. Sua.), *lazar* (Lax.) calcañar de la vaca”; pero esta entrada é errónea, pois A. Santamarina, o dialectólogo que enquisou o Val de Suarna, realmente recolleuna co valor de “*rodilla d’atrás*, corvejón de la pata trasera”, como tamén Morandeira Lourés en Laxe documentou *lazar* “rodilla de la pata trasera”.

5.2. Formas de 5.1. con aumentativo: *lazarón*, *llazarón*

No DGLA recóllese, s.v., a forma *llazarón* (variantes *chazarón*, *charazón*), co significado de “corvejón”. Tamén aparece esta forma no diccionario de Acevedo: “Corvejón del buey. A. (Serandinas)”. Temos no TILGA esta mesma voz *llazarón* nun texto dun autor da Roda (Asturias), referíndose explicitamente á vaca: “A vaca ten un recayo. Hai que darye úas frotaciois nel remoyo con manteiga caliente i outras nas pernas asta el llazarón, de ron i xabón, sempre contrapelo”²⁰⁷. Por contra, non atopo rexistros destas formas no territorio administrativo galego.

6. Designacións que fan referencia ó seu carácter de articulación

6.1. Construcións sobre o verbo *xogar* ‘moverse un mecanismo, unha articulación’

Estamos aquí diante dun verbo *xogar*, (< lat. IOCĀRI ‘falar bromeando’ e lat. IOCU ‘broma, xogo’), entendido no sentido de ‘moverse un mecanismo’, ‘facer que algún membro do corpo efectúe un movemento’, ‘combinación de elementos que forman un conxunto e permiten desenvolver certo movemento’, etc.

²⁰⁷ García Sánchez, M. (1993: 92).

6.1.1.1. *xoga*

Aparece este derivado regresivo xa en Reguera (s.v. *joga*) como “La corva de la pierna. El juego de la rodilla” e desde entón son varios os dicionarios que a inclúen, tanto nesa acepción coma noutras (especialmente ‘pedriña redondeada empregada para xogar’). Por contra, non é voz que tivese demasiado éxito nos textos escritos, pois o *corpus* do TILGA só a recolle en 4 ocasións co significado que nos interesa: 1895, 1912, 1993 e 1995.

GVGH informa, s.v., dalgunhas variantes: “1. [*xoga*] (Cab. Fea. Com. Nov. Cod. Gro. Cre. Mra. Mez.), *xógara* (Ced.), *xogo* (Caa. Lax. Com. Mel. Sob. Ced. Fri. Mez.), *xugadeira* (Per. Inc.) articulación”

6.1.1.2. Forma con sufixo: *xugadeira*

Non a localizo con este significado nos dicionarios consultados. Nos textos incluídos no TILGA só aparece unha vez, nun texto oral rexistrado na vila luguesa de Sarria no ano 1990: “E pós traballos todos e todo. E tiñ'on pelo largo, todo, porque ..., de quitado, de quitado nar maus, en desd'a xugadeira esta da mau deic'a, deic'a punta dor dedos tiña mui pouco pelo, pero o resto s'ó ves sin camisa, era coma quen vei un teixo”²⁰⁸.

En GVGH, s.v. *xoga*, aparece aboada en Pereiramá e no Incio, dúas zonas lugueas próximas ó noso punto.

6.1.2. Formas con modificadores que indican a localización

6.1.2.1. *xoga da rodilla*

Para a etimoloxía de *rodilla* e outros comentarios adicionais, véxase este mesmo capítulo, apartado 6.3.1.

6.1.2.2. *xoga de atrás*

Modificador que indica a posición, moi repetido ó longo desta tese. Do lat. AD TRANS ‘para alén’.

²⁰⁸ López Castro (1990: 200).

6.2. Designacións habituais de pasadores e bisagras

6.2.1. *caravilla*

Esta forma provén do lat. CLAVICŪLA, diminutivo de CLAVE ‘chave’; o significado que temos hoxe en día como máis estendido é precisamente o de ‘anaco de ferro con gancho que se introduce nun buraco para pechar portas ou ventás’; desa forma ganchuda vén a comparación co xarrete que dá orixe a esta designación localizada na zona de Touro dentro da nosa rede.

É abondosa esta forma no que respecta á súa presenza nos textos, se ben case nunca co significado que nos interesa, que non rexistro ata o 2001: “A muller da fenda encara a estaca e o home. Levou tres e pode aínda levar vinte. Ten a blusa rota e a caravilla esquerda deixa ver a insinuación dun lombo ancho e capaz”²⁰⁹.

O dicionario da Academia na 4ª acepción de *caravilla* remite para *abeacas* “orejeras del arado” (véxase o apartado 4 deste mesmo capítulo), pero en ningún caso atopo esta forma para falar de articulacións de persoa ou animal.

6.2.2. *gonzo*

A acepción máis coñecida de *gonzo* é ‘peza sobre a que xiran as portas e ventás que se colgan nela’, proveniente en última instancia dun lat. GOMPHU, que á súa vez se tomou dunha voz grega que significaba ‘cravo, articulación’. Mentres que Século XXI o fai vir directamente desa voz latina, tanto Houaiss (s.v. *gonzo*) coma DCECH (s.v. *gonce*), prefiren postular un elo intermedio francés, o francés antigo *gons*, correspondente ó actual *gond*.

Non atopo referencias do seu uso para designar articulación nin no DdD nin nos textos recollidos no TILGA, entre outras fontes consultadas.

6.2.3. *gorróns*

Só se recolle nun punto, alternando coa forma *músculo*, que é menos frecuente. A acepción máis usual para *gorrón* é a de “peza de ferro ou doutro material que serve para trancar portas, ventás, etc; pasador” (tomada de Xerais2000); con este significado, a forma e función da ferramenta non casa tan ben coa parte do corpo enquisada como as voces doutras epígrafes deste apartado.

Para a etimoloxía, véxase DCECH (s.v. *guarro*), que defende unha orixe onomatopeica.

²⁰⁹ Vázquez Pintor (2001: 154).

Na base de datos do TILGa aparecen 6 rexistros, dos cales 5 son insultos ('aproveitado') e 1 é a descrición da peza arriba citada; en ningún caso –e tampouco no DdD– atopo referencias para o xarrete, e moito menos da vaca.

6.3. 'xeonllo'

6.3.1. Forma castelá *rodilla*

A forma castelá *rodilla* provén do latín ROTELLA, diminutivo de ROTA 'roda'.

O GVGH dános (s.v. *rodilla*) unha boa mostra da fortuna que tivo na lingua este castelanismo, ó recollelo en 16 puntos, arredor dun terzo dos puntos enquisados. Esta penetración vén de antigo, pois xa hai textos de 1810 que a recollen (nos primeiros tempos empregábase sobre todo en construcións do tipo *poñerse de rodillas*).

6.3.2. Forma de 6.3.1. con sufixo: *rodilleira*

Forma con sufixo *-eira* (< lat. *-ARIA*) que designa unha protección para o xeonllo ou tamén a parte da roupa que está en contacto con esta articulación. Con todo – e non estrañaría que fose isto o que motivou o seu emprego para este concepto – é tamén voz moi común para se referir a un vulto que aparece nos xeonllos de cabalos ou vacas, como se sinala (s.v.) no GVGH: “ [*rodilleira*] f. (Lax. Com. Xun. Mra. Gud. Mez. Vil.), *rodillera* (Dum. Val.) bulto que sale en la rodilla a vacas y caballos”.

6.4. Designacións creadas sobre unha forma castelá *codo*

Tanto esta forma *codo* coma a galega normativa *cóbado* proveñen dun latín CUBĪTU 'cúbito, cóbado'. En principio, o seu significado primeiro refírese á parte posterior e prominente da articulación do brazo co antebrazo.

6.4.1. Sen derivación nin modificación: *codo*

Este castelanismo non aparece nos dicionarios (sexa por non o consideraren galego, sexa, o máis probable, por coincidencia co español); o *GlosGarcía* (s.v. *codo*) dá unha boa mostra da súa extensión na lingua, pois rexístrase este castelanismo en 12 dos puntos da súa rede; nos textos galegos localízoo desde 1859.

6.4.2. Cun sufixo *-illo*

6.4.2.1. Forma en plural: *codillos*

En galego existe a forma *codelo*, que normalmente se refire ó pan, pero non sempre, como podemos ver en Otero (1949): “Nudillo, en Celas de Peiro; *cotramelo*, en Villaquinte. Del lat. CAUTES o COTES” ou en GVGH “*m.* 1. (Com.) corvejón de la vaca”.

A forma castelá *codillo* conta cun sufixo *illo* continuador de *-ell-* (< do lat. *-ICULU*)²¹⁰. Esta palabra ten varios significados referentes á anatomía, todos moi próximos entre si. Collendo a definición de DRAE: “1. *m.* En los animales cuadrúpedos, coyuntura del brazo próxima al pecho. 2. *m.* Parte comprendida desde esta coyuntura hasta la rodilla. [...] 4. *m.* Entre cazadores, parte de la res que está debajo del brazuelo izquierdo”.

Mentres que non atopamos nos textos referencias de *codillo* para este uso anatómico (aparece noutras acepcións desde 1889), si que aparece en GVGH, s.v., recollido en Compostela como castelanismo por *codelo*.

6.4.2.2. Cun sufixo: *codillón*

Non atopo esta forma nin no DdD nin no TILGA. O sufixo *-ón* foi comentado na epígrafe 1.2. deste mesmo capítulo.

6.4.3. Cun modificador que especifica a situación: *codo das pernas de atrás*

Modificador que indica a posición, moi repetido ó longo desta tese. *Atrás* provén do lat. AD TRANS ‘para alén’.

6.5. Designacións habituais para o nocello, a zona en que se articula a perna co pé

6.5.1. *nocelos*

No fondo está sempre o latín NUCE ‘noz’; *nocelo* trataríase ben dun derivado sobre a voz romance e sufixo diminutivo *-elo*, ben dunha forma xa derivada en orixe, do tipo *NUCELLU. Como o que está na base da designación é a existencia do avultamento, a través da imaxe da noz, esta voz designa diferentes articulacións (da perna co pé, do brazo coa man, nos dedos, etc-), polo que non sorprende que se use tamén para esta articulación saínte.

Aparece por vez primeira no dicionario de Carré1, pero non recollen os lexicógrafos o seu uso para a articulación do xeonllo, como tampouco se aprecia nos textos incluídos no TILGA, onde se documenta desde 1862, alternando con *nocello*.

²¹⁰ Cf. Iordan / Manoliu (1972: §421).

6.5.2. *nortellos*

No único punto en que se recolle, clasifícase como infrecuente.

Pola forma e polo significado, o máis probable é pensar nun cruce entre a xa comentada forma *nocello* e *artello*, continuador de ARTICULU ‘articulación’, que segue designando hoxe en día o lugar en que se unen os dedos dos ósos entre si, os da man e o brazo e os da perna e o pé.

Nos textos incluídos no TILGA temos un *artello* en 1917, pero para a forma *nortello* hai que agardar ata o 1965. A fortuna nos dicionarios é moito maior, xa que está incluído desde o dicionario de Rodríguez “(V. *artello*) Será voz composta de nó (v.) y artello. (V.)”, sendo *artello* “Artejo, nudo de articulacion, de manos y piés. En port. id.”. Con todo, non atopo acepcións que o ubiquen na zona do xeonllo, como tampouco no GVGH: “[*nortello*] 1. (Com. Nov.), *nartello* (Cod.), *ortelo* (Mon.), *ortello* (Pan. Ram.) tobillo; 2. (Com.) articulación de la muñeca o de los dedos;”

6.5.3. *todillo, tudillo*

Estas formas remiten á voz castelá *tobillo*, do lat. TUBELLU, diminutivo de TUBER ‘protuberancia’, con asimilación ó trazo dental do primeiro elemento. A semellanza morfolóxica, ó ser tamén o xarrete unha zona saínte, explica esta designación, aínda que esta zona non sexa o *nocello*.

Calquera desas dúas formas ten notable presenza nos dicionarios, xa desde Cuveiro (*tôdillo* e *tudillo*, respectivamente), sempre co significado de ‘zona da perna onde esta se articula co pé’. GVGH mostra varios rexistros, pero non para o xarrete, senón zonas próximas:

- s.v. *todillo*: “2. [*todillo*] (Cab. San. Com.), *tudillo* (Mon. Ver.) uña pequena de la parte de atrás del pie de la vaca o del cerdo”.

- s.v. *tudillo*: “1. [*tudillo*] (Tob. Com. Nov. Sob. Cre. Gui. Gun. Mra.), *todillo* (Com. Gro. Cre. Fri. Cal.), *tudullo* (Gun.) cast. por noelo; 2. var. de *todillo* 2”.

Polo que respecta ós textos incluídos no TILGA, a forma con máis fortuna, especialmente nos primeiros tempos, é a voz *tobelo*. Ata o 1917 non localizo *tudillo*: “dempois de todo, non entenden máis que da mís'a médeas, e que xa teñen por costume meter o tudillo astra na mesma terra qu'esgaravell'o probe labrego”²¹¹.

²¹¹ O Tío Marcos da Portela. 3ª época. Parrafeo 13º, 21 de agosto de 1917. P. 5.

6.5.4. *tocelo*

DRAE recolle unha voz *tozuelo* “1. m. Cerviz gruesa, carnosa y crasa de un animal.”, que fai descender de *tozo* “Árbol de la familia de las Fagáceas, semejante al roble albar, con raíces profundas y acompañadas de otras superficiales, de que nacen muchos brotes, tronco irregular y bajo, copa ancha, hojas aovadas, unidas al pecíolo por su parte más estrecha, vellosas en el envés y con pelos en el haz, y bellota solitaria o en grupos de dos a cuatro. Se cría en España”.

Non atopo *tocelo* nos dicionarios galegos incluídos no DdD nin nos textos do TILGA. No *Tesouro* temos: *toselo*: “tobillo” (en 2 enquisas de estudantes, en Cobas e Vimianzo) e mais *toselos*: “muñón” (nunha enquisa de estudante, en Abelleira). No GVGH, s.v. *tuselos*, lemos “*m.* (Sco.) uñas pequenas situadas en la parte posterior del pie de la vaca”.

6.6. *óso do gancho*

Designación recollida só nun punto, nunha enquisa de estudantes. A motivación desta lexía composta radicaría na forma curva do gancho, que permite a comparación cunha parte da perna curvada. A voz *óso* (< lat. OSSU) xa apareceu varias veces ó longo deste traballo. A forma *gancho* é de etimoloxía problemática, posiblemente dun céltico **ganskio* ‘galla’ ou quizais dun grego *gampsós* ‘curvo’; véxanse os diferentes comentarios e opcións de DCECH, Meier (1984), Houaiss (sempre s.v. *gancho*), García de Diego (s.v. *ganchudo*) ou DELI (s.v. *gancio*). Véxase tamén o sinalado no ap. 1.8.1.1. do capítulo 16, relativo ós cornos da vaca.

Non atopo referencias do seu uso para se referir ó xarrete.

7. Designacións habituais doutras partes da pata ou o pé do animal

7.1. ‘coxa, parte da perna desde a cadeira ata o xeonllo’

7.1.1. Designacións formadas sobre a voz *coxa*

Dun lat. COXA ‘coxa’.

7.1.1.1. Formas sen derivar

A forma *coxa* está nos dicionarios desde Rodríguez. Porto (1900) engade unha definición que nos interesa para este apartado: “2. Parte de la pierna, opuesta a la rodilla, por donde se encorva o dobla”, acepción que, con todo, está ausente do resto dos

dicionarios. Aparece unha definición semellante no GVGH (s.v. *coxa*):“ 2. (Pan.) el hueco de detrás de la rodilla”; precisamente, un dos dous puntos da nosa rede en que rexistramos esta forma sitúase no Saviñao, ben próximo a Ferreira de Pantón.

7.1.1.2. Formas sufixadas

7.1.1.2.1. Cun sufixo *-ón*

Temos tres diferentes variantes radicais: *conxóns*, *couxón*, *cuxón*. O sufixo *-ón* foi comentado na epígrafe 1.2. deste mesmo capítulo.

Na lingua atopamos diferentes casos de inserción de nasal²¹² en formas desta familia; ademais da *conxa* ou do *conxote* que aparecen con abundancia nos dicionarios temos no Tesouro, cun significado que xa nos interesa máis, un *conxijón* “corvejón de las patas traseras” (recollida por Dobarro en Cabalar) ou un *conxón* “rodilla de la pata trasera” (enquisa de estudante na Ramallosa).

Inda que *couxa* e *couxo* aparecen nos dicionarios con frecuencia, non localizo *couxón* neles.

7.1.1.2.4. Cun sufixo diminutivo *-ote*: *cuxote*

O sufixo *-ote* en última instancia provén dun lat. *-OTTU* (variante de *-ITTU*), pero posiblemente a través do francés *-ot* (véxase TLFi, s.v.).

No Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez aparece, recollido no Caurel, en Lemos e en Láncara, co significado “muslo”, ó que Franco Grande engadirá na súa obra “zanco de cualquier animal”. GVGH sinala (s.v. *coxote*) a existencia de dúas variantes, repartidas máis ou menos equitativamente e sempre definidas como “muslo”: *coxote* (Fri. Inc. Mra. Cal.) e *cuxote* (Tob. Com. Ped.).

7.1.1.2.5. Cun sufixo diminutivo *-ete*: *coxetes*

A procedencia última deste sufixo é o diminutivo latino-vulgar *-ITTU*, que entrou por vía do francés *-et*, *-ette* (para máis detalles, véxase TLFi, s.v.). Non son poucos os casos en que entra no galego xa lexicalizado e fai parte de palabras coma *banquete* ou o *xarrete* (apartado 2), pois é un sufixo de escasa produtividade; o valor que posúe pode ir desde o simplemente diminutivo ata o apreciativo.

²¹² Véxase, por exemplo, Aebischer (1978).

Non a localizo nin nos dicionarios clásicos do galego nin nas obras recollidas no TILGA; si que aparece no Tesouro, nunha enquisa de estudante efectuada en Ponferrada (non moi lonxe do punto da nosa rede, por tanto), co significado “zanco de las aves”.

7.1.1.2.4. Cun sufixo *-ego* e un sufixo *-ón*: *cuxigón, coxigón, coxegón*

Para o sufixo *-ón*, véxase o comentado no apartado 1.2. desta mesma pregunta. Posiblemente o outro sufixo sexa *-ego*, de orixe discutida, que algúns remontan a un étimo ibero e outros asocian a unha forma latina *-OECU*²¹³.

Hai unha entrada *coxegón* en Rivas Quintas (1988): “*s. m.* Pl. *coxigós*. Muslos (Viveiro, Lu.) en P. Sarmiento (Catál. 145). *coxegón* “zanco de ave grande”, se dice en Salgueiros, Dumbría”.

En GVGH, s.v. *coxigón*, recollemos precisamente as tres variantes presentes na nosa rede: “[*coxigón*] (Sua.), *coxegón* (Dum.), *cuxigón* (Bur.) zanco de ave”, aínda que a súa distribución xeográfica non coincide.

7.1.1.2.5. Cun sufixo *-ego* e un sufixo *-ote*: *cuxigote*

O sufixo é variante do *-ego* comentado na epígrafe anterior. Para *-ote*, véxase 7.1.1.2.2.

Recollo algúns testemuños no Tesouro, sempre en enquisas de estudantes: *coxigote* “zancos de las aves” (Castroverde), *coxijote* “muslo” (Pantín), *coxigoto* “zancos de las aves” (Encrobas, Cerceda).

7.1.1.3. *queixote*

Non atopo esta forma (que rexistramos só en dous puntos, de enquisas de estudantes) nas fontes consultadas. Máis que pensar nun substantivo *queixo*, que é certo que designa algunhas partes da anatomía (entre elas o labio inferior da vaca), haberá que relacionala cunha forma *caxote* (e *coxote*), que non localizamos na nosa rede, pero si en dicionarios como o de Valladares (s.v. *cajòte* e *cojòte*) “zancajo, particularmente de carnero y puerco”.

7.1.2. *lacón de atrás*

O lacón é o nome que recibe cada unha das patas dianteiras do porco, unha vez morto e despezado. Neste caso, aplícase a outro animal e a outra perna, a través dun

²¹³ Véxase Ferreiro (2001: §406a).

modificador que altera o significado primixenio. Atopamos *lacón* tamén para o ser humano, como se constata en Eladio Rodríguez, s.v. “En el hombre, muslo, parte de la pierna desde el cuadril hasta la rodilla”.

A forma *lacón* provén dun lat. LACCA ‘tumor nas patas dalgúns animais, especialmente as bestas de carga’ cun sufixo aumentativo *-ón* (< lat. *-ONE*).

7.1.3. *muslo*

Palabra que conta con dous grandes significados na lingua, como se especificará máis abaixo: a) ‘músculo’ b) ‘parte da perna que vai da cadeira ó xeonllo’; neste último caso, é forma non admitida pola normativa, que prefere a voz *coxa*, xa comentada nesta epígrafe 7.1.

Etimoloxicamente é un continuador de MUSCULU (véxase o comentado no apartado 8); a designación especialízase nos músculos da coxa, que destacan sobre os outros pola súa carnosidade.

En GVGH podemos apreciar moi ben as dúas acepcións arriba sinaladas:

- a) ‘músculo’ (s.v. *músculo*): “*muslo* (Sco. Per. Ped. Inc.)”.
- b) ‘coxa’ (s.v. *muslo*): “[*muslo*] (Com. Gro.), *mulro* (Tob. Com.), *murgo* (Oir. Cod. Gro. Ram.), *murlo* (Com. Gro. Gun.)”

7.1.4. *pernil da cadera*

Derivado de *perna* cun sufixo *-il* (< *-ĪLE*), que en latín formaba adxectivos a partir de substantivos; esta formación sufriu un proceso de substantivación. Complementese co comentado no apartado 5.2. do apartado 6.

7.1.5. *xamón*

Do francés *jambon*, derivado de *jambe* ‘perna’, que procede do latín GAMBA (véxanse máis detalles no TLFi, s.v. *jambe*). En propiedade, o xamón é a perna traseira do porco, especialmente a carne, xa curada e salgada, aínda que pode estenderse o significado para designar unha perna gorda; seguramente neste caso houbo un paso intermedio para designar a coxa da vaca e de aí para o xarrete, en liña coas abundantes designacións que significan ‘coxa’ que vemos nesta epígrafe.

7.1.6. *zanco*

Véxase o capítulo 6, ap. 5.3.

7.2. ‘nádegas’

7.2.1. *cachas*

Non atopo datos referentes ó seu emprego para o xarrete. Para máis detalles sobre esta forma, véxase o comentado no capítulo 6, ap. 6.2.

7.2.2. Continuadores dun lat. vulgar *NATICA ‘nádega’: *nádiga, nalga*

Proveñen ambas as dúas formas deste apartado dun latín vulgar *NATICA, variante do clásico NATIS ‘nádega, cacha’ (voz que era superada en éxito polo plural NATES). Pódense ver máis detalles sobre esta evolución en DCECH (s.v. *nalga*).

Aínda que as dúas variantes que temos aquí empréganse abundantemente na lingua, é a primeira a máis abondosa (existen dúas formas deste tipo: *nádiga* e, sobre todo, *nádega*); ademais, a segunda é considerada castelanismo pola norma estándar. En GVGH podemos ver a distribución destas variantes:

- s.v. *nádega*: “[*nádega*] (Cur. Sco. San. Com. Nov. Gui. Ram. Mra.), *nádiga* (Com. Sob. Oir. Fri. Gun. Mon. Pan. Cal.)”.

- s.v. *nalga*: “(Sco. Com. Goi. Inc. Gud. Por.)”.

7.3. ‘perna’

7.3.1. *candieira*

No capítulo 6, ap. 5.1. xa se comentou a forma *candieiro*, que pode designar tanto unha perna moi longa coma as patas traseiras das cabalerías.

7.4. ‘papo da perna’

7.4.1. Construcións sobre a forma *polpa*

Do latín PULPA. No que se refire á anatomía, a voz *polpa* designa normalmente a ‘carne desosada sen graxa’ e o ‘papo da perna’, unha parte carnosa veciña á zona que se estuda nesta pregunta.

7.4.1.1. Formas sen derivación: *polpa*

Rexístrase por primeira vez no 1853²¹⁴ e alterna continuamente nos textos con *pulpa*. Tal e como se comenta no parágrafo anterior, en GVGH, s.v., pódense ver os diferentes significados que atesoura esa voz, ningún deles relacionado directamente co xarrete, mais si con diferentes zonas que o arrodean: “ [*polpa*] 1. (Dum. Com. Mel. Sob.), *pulpa* (Com.) pantorrilla; 2. (Nov. Mon.) parte blanda de la planta del pie; 3. (Com.), *pulpa* (Com.) parte blanda de la pierna; 4. (Com.), *pulpa* (Com.) muslo; 5. (Tob. Ced.) pulpa, carne”.

7.4.1.2. Formas con variación no radical e sufixo *-illo*

Véxase o ap. 6.4.2. para o sufixo.

7.4.1.2.1. *puepillos*

Non a atopo nos dicionarios incluídos no DdD ou no TILGA. Só aparece no *Tesouro* conservado no Instituto da Lingua Galega, en dúas enquisas de estudantes, definida sempre como “corvejón de las patas traseras”.

7.4.1.2.2. Forma con sufixo aumentativo: *poupillón*

Forma con vocalización (velarización) da consoante lateral. No *Tesouro* hai unha enquisa de estudante aboada na Capela (tamén na parte oriental da Coruña, por tanto): “*poupillo*: pulpejo”.

7.4.1.3. Forma *polpada*

Non atopo esta voz nos dicionarios consultados.

7.4.2. Forma castelá *panterrilla*

Variante da voz castelá *pantorrilla*, que designa o papo da perna, parte carnosa e avultada situada na parte posterior da perna.

DCECH (s.v. *pantorrilla*) fai provir esta palabra dun latín PANTEX, ICIS, ‘barriga’, explicando o cambio de terminación por un cruce coa forma lat. PANDORIU (‘laúde’, instrumento musical ventrudo); por vía do castelán penetrou no portugués, que o adoptou como *panurrilha* (de onde sairía un regresivo *panturra* ‘panza grande’). DGLA recolle unha entrada *pantorria*.

²¹⁴ Pintos (1853: 89).

Localizo esta forma por vez primeira no ano 1861, nos textos do TILGA: “E, feito dunhas senaguas viste tonelete blanco hasta as pantorrillas, posto sobre dun pantalón ancho”²¹⁵. Pintos é o único dicionario en recoller a forma *pantorrilla*, aínda que no Valladares *Inédito* lemos *pantorrilludo* “com. Que tiene mucha pantorrilla”. A voz *pantorra* recolleuna Elixio Rivas (1978) en Ardán (Marín), co significado “pantorrilla”.

En GVGH, s.v. *pantorrilla*, constátase que é un termo de éxito na lingua: “(Lax. Com. Nov. Cod. Goi. Inc.), pantorra (Goi.), panturrilla (Nov.) cast. por barriga da perna o papo da perna”.

7.4.3. *gordura da perna de atrás*

O dicionario promovido por Filgueira recolle unha entrada *gordura* “Grosura, tejido adiposo”, confirmada polo “graxa” de Carré!

7.5. ‘canela’: *canela, canilla*

Propiamente, a canela é o óso máis longo e goso dos dous que unen o pé co xeonllo; tamén, por extensión, nomea a parte da perna que está en contacto con ese óso. Trátase, por tanto, dunha zona próxima ó xarrete, pero non é exactamente esa parte da anatomía, e non atopo nos dicionarios nin nas linguas veciñas referencias da súa utilización para denominar esta zona.

En plural, pódese empregar *canelas* como sinónimo de ‘pernas’, especialmente se son delgadas, tal e como se sinala no GVGH, s.v. *canela*: “(Caa. Raz. Com. Mon. Xun. Vil.) *piernas*”.

Provéen dun lat. *CANNELLA, diminutivo de CANNA ‘cana’, designación que lle acae ben a un óso. A voz *canilla* considérase castelanismo.

8. Designacións xenéricas que significan ‘músculo’

8.1. Construcións sobre a forma *lagarto*

Procede do lat. *LACARTU, variante de LACERTU, que significaba ‘lagarto’, pero tamén ‘músculo, especialmente do brazo’. Para certas cuestións que a nós só nos interesan tanxencialmente (a etimoloxía da forma latina, a acepción *primixenia*, etc.), véxase DCECH, s.v. *lagarto*.

²¹⁵ Fernández Morales (1861: 287).

8.1.1. Sen derivación nin modificación: *lagarto*

Lemos no Houaiss dúas acepcións referentes á anatomía. Interesa especialmente a acepción número 7, referente ós bóvidos: “6. *Regionalismo: Portugal. Estatística: pouco usado.* Uso: informal. m.q. *bíceps* ('músculos do brazo') Ex.: o l. do brazo. 7. *Rubrica: alimentação. Regionalismo: Brasil.* corte de açougue (carne dura entre a chã-de-dentro e a chã-de-fora, retirada da parte posterior da coxa do boi), próprio para assar; *lombo-paulista*”. No DRAE (tamén s.v. *lagarto*) é a segunda acepción: “músculo grande del brazo, entre el hombro y el codo”. Xa non hai aquí ningunha referencia ós bóvidos.

Polo que respecta ós dicionarios galegos, mentres que xa Valladares recollía un plural *lagartos*, definido como “Cierta parte del cerdo que se halla á los lados del espinazo y cerca del medio de este”, para o singular hai que agardar bastante máis, ata o *Apéndice* ó dicionario de Eladio Rodríguez, que ten unha entrada *lagarto*: “s. m. Trozo de carne magra que tiene el cerdo y que se ve al sacarle los *lacós* (Limia)”. Sempre con ese lema temos entradas en Rivas (1978) “Músculo mayor en la parte superior de la pata delantera del animal (Fondo de Vila)” e en Rivas (1988): “s. f. (sic) Asadura, músculo debajo de las patas delanteras del cerdo que se asa como bocado delicado (O Souto, Maceda). En Arnui de, a 7 kms., es [la'xarto]. Más general es el dictado de *asadura*”.

Tal e como se observa no GVGH, esta forma *lagarto* conta cunha grande pluralidade de acepcións, entre as que destaco as dúas que máis nos interesan: “2. (Raz. Com.) corvejón de las patas traseras de la vaca; 3. (Com. Pan.) trozo de carne magra que tiene el cerdo y que se va al sacarle los lacones;”. Os dous puntos sinalados na acepción segunda están dentro da zona debuxada para esta designación na nosa rede.

8.1.2. Con sufixo *-ór*: *lagartón*

Este sufixo xa se comentou no ap. 1.2. Non documento esta forma derivada (que, polo demais, só se recolleu en dous puntos, inda que separados da zona de *lagarto*) nos dicionarios nin nos textos galegos incluídos no TILG. Tampouco nos dicionarios dos dominios veciños que cito habitualmente.

8.1.3. Con modificador indicando localización: *lagarto da pata*

Como se comentou arriba, normalmente *lagarto* emprégase para o músculo do brazo, polo que é normal que o falante sinta a necesidade de especificar a localización

cando se refire á perna do animal. Para a etimoloxía de *pata*, véxase o comentado no apartado 1.3.2. deste mesmo capítulo.

8.2. maza

En primeiro lugar, habería que delimitar con total fiabilidade se aquí está representado o vocábulo *maza* ou se a forma oxítonea *mazá*, omitindo o estudante a indicación do acento, un feito que acontece con bastante frecuencia, inda que non precisamente nesta enquisa en concreto. A forma *mazá* xa foi comentada en diferentes capítulos deste traballo (véxase, por exemplo, o apartado 2 da pregunta 6); *maza*, inda que menos, tamén serve para designar partes da anatomía, como constatamos en GVGH, s.v.: “4. (Mra.) músculo de brazos y piernas”. Obsérvase que esta acepción que figura no GVGH recolleuse en Montederramo (Ourense), apenas a corenta quilómetros de Taboadela, o noso punto de enquisa, polo que o máis factible é que a resposta correcta sexa, precisamente, *mazá*.

8.3. morcillo

Esta forma *morcillo* propiamente significa ‘músculo’. En orixe era un diminutivo, procedente do lat. MUS, MURIS ‘rato’ e a motivación viría dada pola coñecida comparación entre o movemento dun músculo baixo a pel (especialmente en accións que requiren esforzo físico) co dun rato que escapa.

Con este significado, non aparece nos dicionarios ou textos galegos consultados, pero si que o temos en DRAE, s.v.: “1. m. Parte carnosa del brazo, desde el hombro hasta cerca del codo. 2. m. Parte alta, carnosa, de las patas de los bovinos”. Significado semellante foi recollido por Taboada Cid na Mezquita (cf. GVGH, s.v.): “carne de entre las patas de atrás de la ternera”

8.4. músculo

Do lat. MUSCULU, diminutivo formado sobre o lat. MUS, MURIS ‘rato’, pola citada comparación – presente xa no grego clásico – entre o movemento baixo a pel dun músculo que se axite velozmente coa dun rato que escapa.

9. Designacións xenéricas que significan ‘tendón, nervio’

Como se constata na análise das designacións deste capítulo, é frecuente o uso dunha designación para este tecido conectivo que permite a inserción do músculo nun óso,

posiblemente pola grande profusión desas fibras na estrutura do xeonllo e pola maior visibilidade ó estar máis próximos á pel; tamén porque a función dos tendóns (que se poden confundir na aparencia cos nervios) e a das articulacións é semellante, asegurar a mobilidade dos membros.

Non é un recurso específico do galego, pois podemos constatalo tamén en linguas do entorno. Temos en TLFi, s.v. *tendon*, a seguinte explicación, con cita: “partie postérieure de la patte du cheval entre le genou et le boulet dans le membre antérieur, entre la pointe du jarret et le boulet dans le membre postérieur. *La netteté, la largeur, la dureté du tendon, son isolement, sa direction sont les conditions qui (...) révèlent l'énergie d'un cheval* (Pearson, 1872)”.

9.1. Construcións sobre a forma *tendón*

9.1.1. Forma sen derivar: *tendón*

Provéen dun termo latino para o campo médico *TENDŌNE, variante do lat. clásico TĒNONTE (adaptado do grego *ténon*) ‘tendón, nervio’, posiblemente por influencia do lat. TENDERE. Pódense ver máis detalles e exemplos concretos en Houaiss (s.v. *tendão*), TLFi (s.v. *tendon*) ou DCECH (s.v. *tender*).

Non atopo nos textos recollidos no TILGA ningún caso de referencia expresa a esta parte traseira da pata dun animal; tampouco nos dicionarios, que en xeral non a recollen (pola circunstancia, tantas veces comentada, da súa coincidencia co castelán).

9.1.2. Forma sen derivar: *toldón*

Variante da anterior con gran presenza na lingua, xunto con *tondón*, como se pode apreciar en GVGH, s.v. *tendón*: “[*tendón*] (Cur. Lax. Sco. San. Com. Per. Xun. Mra. Gud. Vil. Por.), *toldón* (Com. Cod.), *tondón* (Raz. Com. Ram.) *tendón*”.

9.1.3. Forma con modificadores que indican localización: *tendón da pata*, *tendón do cuarto*

É normal que se sinta a necesidade de especificar a localización, pois hai moitos tendóns no corpo. Para a forma *pata*, véxase o comentado no apartado 1.3.2. Para *cuarto*, o sinalado no apartado 6.7. da pregunta 6.

9.2. Construcións sobre a forma *nervio*

9.2.1. Forma sen derivar: *nervio*

De NERVIU, variante do latín clásico NERVU ‘nervio, corda’.

Como se pode comprobar no material recollido no *Glosario*, é frecuente o seu uso para denominar un músculo: “*m.* 1. (Com. Cod. Gro.) nervio; 2. (Cab. Sob. Bur. Sua. Mra. Cal.) músculo; 3. (Com. Gud.) tendón;”

9.2.2. Forma con modificador que indica localización: *nervio da pata*

Para a forma *pata*, véxase o comentado no apartado 1.3.2.

9.3. *cordas*

É evidente a motivación para se referir a estruturas nerviosas ou fibrosas da anatomía animal ou humana; como quedou dito antes, esas cordas, especialmente os tendóns, poden observarse ben nesa zona. Provéen da forma latina, tomada do grego, CHORDA ‘intestino, corda de instrumento musical, cordel’.

O *Glosario* (s.v. *corda*) dá mostras do seu emprego abundante para se referir ó tendón: “. (Caa. Cab. Fea. Cur. Tob. Com. Gui. Gun.) tendón”. No caso específico das vacas, é moi numeroso tamén o uso para os condutos que levan o leite no ubre: “*cordas do leite* (Caa. Cab. Fea. Cur. Raz. Lax. Com. Sob. Ced. Gui. Mon. Ram.) conductos venosos que levan la leche a la ubre”.

9.4. *balastón*

Xerais2000 recolle a forma *balastrón* co significado ‘tendón’, o que podería sosterse semanticamente; tamén a temos en Otero (1949): “Tendón, 2 acep., en Barcia; *balestón*, en Maderne; *ballestón*, en Liñeiras. Del lat. BALLISTA”. Véxase coas formas do tipo *bésta* comentadas na epígrafe 3 deste capítulo.

10. Designacións problemáticas

10.1. Designacións anatómicas de difícil aplicación para o xarrete

A gran maioría destas formas, se non todas, explícanse por seren erros de enquisa.

10.1.1. *almohadillas*

Non é forma xenuína galega, senón castelanismo (nesa lingua provén do árabe hispánico *al-mukbadda* ‘coxín, traveseiro’). A palabra en cuestión nomea aquel tecido esponxoso que teñen certos animais na planta do pé ou en certas falanxes para as

protexeren de golpes ou rozamentos; menos usada, é tamén unha carnosidade que se marca nos cabalos polo emprego continuado da sela de montar. A primeira acepción tamén a temos no portugués mediante unha forma desta familia (*almofada*).

Hai outras dúas alternativas “anatómicas” para esta forma. Dunha banda, temos en Sobreira *almoadilla* “Cada una de las que se ponen a los caballos sobre la cruz del lomo” (máis claramente no dicionario da Academia, s.v. *almobadilla*: “5. El relleno que se les pone a las caballerías sobre la cruz del lomo para que no les salgan mataduras”), pero non parece que se poida aplicar ben ó xarrete (quizais ó lombo, ós cadrís, etc.).

Máis posibilidades tería a acepción presente en GVGH, s.v. *almoadilla* “*pl.* (San. Com.) bultos que salen a las vacas en la cara externa de las patas”; se o vulto está na zona do xarrete, pode que o informante deste único punto entendese que se estaba preguntando por esta realidade, e non pola articulación.

10.1.2. *cadriil*

En principio, é unha designación anatómica que non se corresponde con esta zona, senón cos ósos da cadeira. Non atopo datos referentes ó seu emprego para o xarrete. Para máis detalles sobre esta forma –etimoloxía, variantes e fortuna nos textos e dicionarios–, véxase o comentado na pregunta 6, ap. 1.

10.1.3. *carto de atrás*

Neste caso, é unha definición ampla que abrangue toda a zona. Xa foi comentada na pregunta 6, apartado 6.7.

10.1.4. *falda*

Procede do xermánico **falda* ‘dobra, pregadura’, con posterior epéntese.

Non se entende moi ben esta designación, pois *falda* (ou *faldra*, como prefire a normativa) é o nome da carne do ventre da vaca, colgando das agullas. Podería explicarse se pensamos que a *faldra* ‘saia’ vai colocada entre a cintura e unha parte indefinida da perna, que pode ser o pé, pero tamén o xeonllo ou algunha zona das coxas, co cal se xustificaría que poida pasar a nomear esa parte do corpo. Unha interpretación (inda) máis forzada podería acudir ó significado ‘aba, parte inferior dun monte’, comparando as dúas curvaturas.

No Tesouro hai varios rexistros, en enquisas de estudantes, de *falda* referida a dúas partes da anatomía: a) “parte del cuerpo de la vaca comprendida entre las patas (medios)”

(Antas de Ulla, Dozón, Ribeira, Cariño) e b) “rodilla de la pata trasera” (Berducido, Pontecaldelas, Sanxenxo).

10.1.5. *illarga*

Propiamente, a *illarga* é o espazo do corpo situado entre as costelas e os ósos das cadeiras. Provéen dun latín ILIARICA, derivado de ILIA ou ILIU ‘tripas, entrañas’.

Pero hai outros usos para diferentes partes da anatomía. Algúns dicionarios recollen o valor ‘ingua’ e algúns dos significados recollidos por Houaiss, s.v. *ilbargas*, son máis amplos: “1. no homem, cada um dos lados do corpo, dos quadris aos ombros. 2. Derivação: por extensão de sentido. qualquer dos lados do corpo humano. 3. Derivação: por extensão de sentido. lado ou flanco de diversos animais e coisas”. Con todo, tamén subsisten nesa lingua acepcións máis restrinxidas.

Para máis detalles, véxase o comentado para *illó*, no apartado 7.1. da pregunta 6.

10.1.6. *lado*

Esta forma provén do latín LATU ‘lado, costado’.

Normalmente, tanto no home coma nos animais, refírese ó costado, á parte comprendida entre o brazo e a cadeira, algo que non lle acae ben ó xarrete. Habería que poñerse na situación da enquisa para explicala. Hai dúas grandes posibilidades, ben que sexa unha designación xenérica, do tipo ‘sitio, lugar’, ben que o falante estivese a se referir ó anverso e ó reverso do xarrete, isto é, a un e outro lado.

10.1.7. *raxo*

Raxo é designación habitual para a carne do lombo do porco, polo que non é de fácil explicación o emprego nunha zona diferente dun animal distinto. É certo que, esporadicamente, se emprega tamén para nomear o ubre da vaca, pero segue sendo unha parte ben diferente da que estamos analizando aquí. O GVGH recolle (s.v.) diferentes acepcións, non casando ningunha delas co concepto estudado neste apartado: “1. [*raxo*] (Caa. Cab. Cur. Fea. Lax. Tob. Dum. Sco. San. Com. Nov. Mel. Sob. Oir. Cod. Gro. Mar. Val. Ced. Gui. Fri. Gun. Xun. Mra. Cal. Mez. Ver.) lomo de cerdo; 2. (Bur.) pedazo de cerdo fresco; 3. (Mel.) ubre; 4. (Mon.) endurecimiento de la ubre de la vaca; 5. (Gro.) tentáculo del pulpo”.

Como mera hipótese, moi aventurada, poderíase establecer un nexa a través da acepción “nervios de la película interior de la castaña”, que se recolleu nunha enquisa de estudante en Cervo.

10.2. Outras respostas

10.2.1. Sobre *uña*

10.2.1.1. Forma en plural sen derivar: *uñas*

Do lat. UNGŪLA ‘uña’.

Seguramente é máis plausible explicar esta designación non á través da parte dura que hai no extremo do dedo ou o pezuño, senón pola designación da ferramenta, que remata nunha punta curva, ou tamén polas espiñas e follas curvas dalgúns plantas, que reciben tamén ese nome por mor da curva.

Non atopo nas fontes consultadas ningunha referencia ó xarrete.

10.2.1.2. Formas con modificadores que indican localización

10.2.1.2.1. *uñas de arriba*

Este modificador é necesario para especificar que non se trata do pezuño da vaca (coñecido tamén como *uña*), senón do xarrete. Do latín AD RIPAM ‘cara á beira’.

10.2.1.2.2. *uñas de atrás*

Modificador que indica a posición, moi repetido ó longo desta tese. Do lat. AD TRANS ‘para alén’.

10.3.1. *acertón*

Non atopo esta forma (nin unha hipotética variante *azartón*) en ningunha das fontes consultadas. Pode que teña que ser posta en relación coas voces do tipo *lagarto* explicadas no apartado 8. A partir dunha forma LACERTU teríamos unha forma *el lacertón*, que, por mala segmentación do artigo, daría *el acertón*.

10.4. *atafales*

O *atafal* é unha correa que terma da sela ou dos aparellos das cabalarías; normalmente a correa pasa pola cola do animal, en contacto coas ancas, quizais o seu uso para o xarrete se explique por ese contacto coas partes traseiras. Provéen do árabe

magrebino *at-tafar* (de idéntico significado) e hai formas desta familia nas nosas linguas veciñas: en español, *atabarre*; en portugués, *atafal*; en asturiano, *altafarra* e *altafarrilla*.

Nos dicionarios galegos xa en Sobreira: “Orense. La retranca de cáñamo de las bestas. Viene a ser el ataharre” e atopamos moitas variantes: *atafarre*, *atafarra*, *atafarriga*, *atafarrilla*, etc. Con todo, non acho trazas do seu emprego para se referir a ningunha parte da anatomía.

10.5. *bellaca*

Os dous significados que atopo para esta forma nas fontes consultadas (‘tipo de herba’ e ‘porca en celo’) non son aplicables.

10.6. *canal*

Non parece moi claro a qué se refire esta designación, pois o único uso para a anatomía que coñezo é o de ‘conduto’ (do lat. CANĀLE); no caso das vacas hai incluso unha acepción máis específica, a de conduto que leva o leite ó ubre das vacas. Quizais poida relacionarse con algunha designación para o nervio ou tendón, que teñen forma de conduto, de tubo.

10.7. *cancaxo*

A forma aparece marcada como dubidosa no propio cuestionario. Non a rexistro nas fontes consultadas.

10.8. *dereito*

Sorprende esta designación se temos en conta a grande cantidade de lexías estudadas neste capítulo que se baseaban no contrario, na forma curva do xarrete. Quizais sexa un erro de enquisa e o informante estaba a se referir a “dereito” fronte a “esquerdo”, indicando a posición.

10.9 *espolós*

Variante (posiblemente vinda do español) da voz *esporón*, que conta con dous significados principais: ‘apófise ósea en forma de corno ou uña que teñen na pata certas galiñáceas’ e ‘punta en que remata a proa da nave’. Pode que sexa precisamente esta forma curva a que explique a designación.

Segundo DCECH, s.v. *espuela*, na base da familia no castelán, galego e portugués está o gótico *SPAÚRA (para outras formas romances, o fránico *SPORO, cf. TLFi, s.v. *éperon*). O

emprego dunha forma con / alá onde a grande maioría dos romances ten *r* (it. *sprone*, fr. *éperon*,...) é explicado polo etimólogo catalán ben como influencia do diminutivo –ÖLA, ben como adaptación do *r* xermánico, que non se correspondía exactamente co *r* das linguas ibéricas; en todo caso, a alternancia xa vén de vello. Meier sinala (s.v. *espuela*) a posibilidade dunha procedencia do latín ASPER ou ASPERARE ‘áspero, poñer rugosa, afiar,...’

No TILGA, os primeiros rexistros son de *espolón* e témolos desde o 1884; as formas con vibrante non aparecen ata o 1911 (é *asparón* a primeira). Pintos recolle a voz *espolon* cun significado que lle acae perfectamente á nosa forma (“Corvejon, espolon”). En GVGH, s.v. *espolón*, anótanse diferentes variantes: “[*espolón*](Caa. Cab. Com. Gro. Goi. Val. Gun. Xun. Gud. Por.), *asparón* (Val.), *asperón* (Lax.), *esparón* (Sob. Ced. Bur. Sua. Mra.), *esporón* (Nov.), *espuela* (Inc. Ram.), *espuelón* (Ver.), *porón* (Oir.) formas castellanas, algunhas de ellas deturpadas, por *espunllo*”.

10.10. *patuxa*

Patuxo é un adxectivo que se aplica normalmente ás persoas coas pernas abertas cara a fóra e moi xuntas nos xeonllos (*pateño* ou *patexo* son variantes con máis éxito). Ó tratarse dun adxectivo referente a unha característica que afecta os xeonllos, é posible pensar en que o enquisado estaba a se referir a esa circunstancia cando foi preguntado. Cabería pensar tamén nunha derivación de *pata*, pero parece menos probable.

10.11. Formas *saltadoiro* e *soltadoiro*

A forma *soltadoiro* está formada sobre o substantivo *solta* (derivado do verbo *soltar*) ‘corda ou cadea con que se traban as patas dun animal para que non fuxa’, pois o artello das patas é o lugar onde habitualmente se coloca esta pexa. O sufixo –*doiro* (< lat. –TÖRĪU) indica normalmente ‘sitio, lugar para’. Non ten maior fortuna nos dicionarios, pois só o recolle Carré4, como variante de *solta* e co significado “maniota”. No GVGH temos a entrada *soltadoira*: “[*soltadoira*] (Raz.), *soltiaduro* (Tob.) corvejón de las patas traseras” e tamén *soltadoiro*: “1. (Com.) corva”.

En Allariz a forma que rexistramos é *saltadoiro*. Podería tratarse dunha voz con asimilación; en calquera caso, hai que notar que GVGH coñece unha entrada *saltadoiro* “*m.* (Com.) *fest.* tobillo”, pero non é fácil atopar unha explicación motivacional que a vincule coa acción de saltar.

10.12. *vides*

Documento para a forma *vide* o significado ‘planta das vitáceas’ e tamén o de ‘póla delgada dunha cepa’, ou incluso o de ‘cordón umbilical’, pero non me aparece nas fontes consultadas ningunha referencia á anatomía. Quizais a motivación veña dada polas curvas que adoita presentar a esta planta.

No *Tesouro* hai máis detalles, sempre en enquisas de estudantes: temos *vide* como “rodilla de la pata trasera” en Folgoso e Covelo; o plural *vides* é recollido como “rodilla de la pata trasera” en Covelo e, por último, como “corvejón de las traseras”, no mesmo Covelo e en Gaxate. Nós só o localizamos nun punto da nosa rede... en Covelo.

10.13. *xostrá*

A *xostrá* é, principalmente, unha vara delgada e flexible empregada para estimular o gando, que posiblemente provén dun latín tardío FUSTIGARE ‘azoutar cun bastón’. A comparación da curva das pernas cunha vara dobrada podería estar na base desta designación.

Hai, tamén, outra posibilidade interpretativa, conectada co verbo *xostrear*, na súa acepción de ‘camiñar [a vaca] xuntando os xarretes’, recollida por Díaz Carnero en Castro Caldelas (cf. GVGH, s.v.), que habería que explicar probablemente por vía dun latín *JUXTARE ‘xuntar, colocar ó lado’, con posible paso por outra lingua románica (cf. o italiano *giostra* ‘xusta’).

Nos dicionarios galegos rexístro *xostrá* por vez primeira en Pintos, coa definición “tunda”. Filgueira engade o de “justa, torneo” (cf., con ese mesmo significado, o italiano *giostra*). Dinos Elixio Rivas (1978) que a *xostrá* é unha “Enfermedad, especie de reuma, que hace que los animales arrastren las patas al andar. (Fondo de Vila). Es sinónimo de *cambrá*: *Peghoulle a xostrá ou peghoulle a cambrá*”.

12. O ubre

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1593 *ubre (xén)*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 75 *ubre de la vaca*.

1. Tipo *ubre*

1.1. *úbere*

Enquisas de estudantes

O-16d.

1.2. *ubre*

1.2.1. Especificase que é de xénero masculino: *o ubre*

ALGa

A-01¹, A-03¹, A-07¹; C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08, C-09, C-10, C-11, C-12, C-13, C-14, C-15, C-16, C-17, C-18, C-19, C-20, C-21, C-22, C-23, C-24, C-25, C-26, C-27, C-28, C-29, C-31, C-33, C-34, C-36, C-37, C-38, C-39, C-40, C-41, C-42, C-43, C-44, C-45, C-46, C-47, C-48, C-49; L-01, L-02, L-03, L-04, L-05, L-06, L-07, L-08, L-09, L-10, L-11, L-12, L-14, L-15, L-17, L-18, L-20, L-21, L-22, L-23, L-24, L-25, L-26, L-28, L-29, L-30, L-31, L-32, L-33², L-34, L-35, L-36, L-37, L-38, L-39; Le-03, Le-05¹; O-01, O-02, O-03, O-04, O-05, O-06, O-07, O-08, O-09, O-10, O-12³, O-13, O-14, O-15, O-16, O-17, O-18, O-19, O-20, O-21, O-22, O-23, O-24, O-25, O-26, O-27, O-28, O-29, O-30, O-31; P-01, P-02⁴, P-03, P-04, P-05, P-06, P-07, P-08, P-09, P-10, P-11, P-12, P-13, P-14, P-15, P-16, P-17, P-18, P-19, P-20, P-21, P-22, P-23, P-24, P-25, P-26, P-27, P-28, P-29, P-30, P-31, P-32.

¹ A resposta que figura é *el ubre*.

² Sinálase como información adicional que se usa *pulmoeira* cando a vaca ten o ubre duro.

³ Alterna coa forma *cocho*, que é a máis frecuente nese punto.

⁴ Alterna coa forma *o curreallo*, que é a máis frecuente nese punto.

Enquisas de estudantes

C-18g, C-23b, C-25d, C-39e, C-39f, C-40b, C-42b, C-49d; L-04b, L-09d, L-24c, L-30b; O-01b, O-16b, O-25b; P-04d, P-05b, P-06c, P-07b, P-14b, P-19b.

1.2.2. Especificase que é de xénero feminino

ALGa

Le-04; O-13.

Enquisas de estudantes

C-06c, C-31c; L-33c; O-20c; P-11b, P-21b¹.

¹ Recóllese en plural: *as ubres*.

1.2.3. Non se especifica o xénero

ALGa

L-27; P-33.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09d, C-09e, C-13b, C-13c, C-13d, C-13e, C-13f, C-15b, C-18b, C-18c, C-18d¹, C-18e, C-18f, C-18h, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b, C-20c, C-20d, C-21b, C-22b, C-24b, C-25b, C-25c, C-27b, C-28b, C-28c, C-28d, C-28e, C-29b, C-30b, C-30c, C-30d, C-30e², C-31b³, C-35b, C-35c, C-35d, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-35i, C-36c, C-37b, C-39b, C-39c, C-39d, C-39g, C-39h, C-39i, C-39k, C-40c, C-40d, C-40e, C-40f, C-40g, C-41b, C-41c, C-41d, C-42c, C-42d, C-42e, C-43b, C-45b, C-48b, C-49b, C-49c, C-49e, L-01b, L-02b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-12b, L-14b, L-14c, L-15b, L-17b, L-21b, L-21c, L-22b, L-23b, L-24b, L-26b, L-26c, L-27b, L-31b, L-33b, L-34b, L-36b, L-39b, L-39c, L-39e, Le-05b, Le-05c, O-01c, O-06b, O-06c, O-07b, O-07c, O-14b, O-15b, O-15c, O-15d, O-16c, O-17b, O-20b, O-21b, O-27b, P-03b, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04e, P-04f, P-06b, P-06d, P-09b, P-09c, P-09d, P-10b, P-12b, P-12c, P-12d, P-12e, P-12f, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-15e, P-16b, P-17b, P-17c, P-17d, P-19c, P-20b, P-21c, P-24b, P-24c, P-24d, P-24e, P-25b, P-26b, P-27b, P-28b, P-28c, P-28d, P-29b, P-29c, P-29d, P-32b.

¹ Indícase como información adicional: “*taleijo* (si tiene buena ubre)”.

² Recóllese *ubre da vaca*.

³ Como información adicional apúntase “*correal* (la parte que va hacia el rabo)”.

2. Sobre o verbo *mollar*: *remollo*

ALGa

A-01¹, A-02¹, A-03², A-04¹, A-05¹, A-06²; L-13³, L-16², L-19², L-27².

¹ A resposta que se indica é *el remollo*.

² A resposta que se indica é *remollo*.

³ A resposta que se indica é *o remollo*.

Enquisas de estudantes

A-02b⁴; L-04b⁴, L-13b⁴, L-16b⁴; O-16d⁴.

⁴ A resposta que se indica é *remollo*.

3. ‘cova, lugar abrigado, recipiente’

3.1.1. cocho

ALGa

C-32, C-36; L-28; P-02¹.

¹ Alternan *o ubre* e *cocho*, sendo esta última a máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-28e, C-28f, C-36b, C-36d; L-28b, L-28c; P-07c, P-08b.

3.1.2. cochorro

ALGa

O-11.

Enquisas de estudantes

L-34c, L-39d.

3.2. faltriqueira

ALGa

C-46.

3.3. odre

Enquisas de estudantes

P-08b.

4. Designacións sobre *teta*

4.1. En feminino: *teta*

Enquisas de estudantes

O-29b; P-25c.

4.2. En masculino: *teto*

Enquisas de estudantes

O-16d, C-24c¹, C-32b.

¹ *tetos*.

5. ‘tira de coiro, arreo’

5.1. *aparello*

Enquisas de estudantes

P-17b.

5.2. *curreallo*

ALGa

O-12¹.

¹ Alterna coa forma *ubre*, que é menos frecuente.

6. Formas problemáticas

6.1. *aleixo*

ALGa

Le-01, Le-02.

6.2. *amoxo*

ALGa

Z-01, Z-02, Z-03.

7. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-44b; L-37b; O-20d, O-26b.

Distribución xeográfica das respostas

Este concepto presenta áreas xeográficas moi ben diferenciadas, cunhas creacións sobre *ubre* que abranguen practicamente todo o territorio e unhas designacións de menor vitalidade que se localizan, a grandes trazos, en zonas concretas, especialmente no centro de Galicia e no galego exterior.


Como se pode apreciar no primeiro grupo de mapas, a forma *ubre* coñécese en case toda Galicia, e na gran maioría dos casos con xénero masculino testemuñado; non chegan a unha decena os puntos en que se recolleu con xénero feminino (boa parte deles, ou todos, poderían explicarse polo influxo do castelán) e, sobre todo na rede de enquisas de estudantes, hai un bo número de puntos en que non se identificou o xénero da resposta, inda que é de supoñer que case todos serán masculinos. Cómpre sinalar tamén o *úbere* que se recolleu no lugar alaricano de Vilar de Flores.

No que respecta ás outras respostas, identificamos catro zonas principais dentro do territorio lingüístico galego, tres delas na periferia ou directamente fóra dos límites administrativos de Galicia. A forma *cocho* sitúase no centro, no límite entre as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, desde Boimorto ata Rodeiro; *cochorro* ubícase algo máis ó sur, tres puntos case en liña recta, desde O Saviñao ata Montederramo. De similar vitalidade é a forma *remollo*, que localizamos no extremo nordés de Lugo, continuando no territorio asturiano; nesa zona hai moi poucos rexistros de *ubre* e fóra desta área está o *remollo* que aparece en Allariz. No galego oriental, en terras xa de Castela e León, hai dúas zonas de pequena extensión, pero con forza, xa que neses puntos son resposta única, non se coñece *ubre*. Hai dous puntos de *aleixo* en Candín e Vilafranca do Bierzo e tres puntos de *amoxo* na provincia de Zamora, en Porto, Lubián e Hermisende.

MAPAS DE CONXUNTO


12. O ubre. Todas as fontes

- Tipo ubre
- ◆ *remollo*
- 'cova, lugar abrigado, recipiente'
- Designacións sobre *teta*
- 'tira de coiro, arreo'
- ✱ Formas problemáticas
- + Sen resposta




12. O ubre. ALGa

- Tipo ubre
- 'tira de coiro, arreo'
- ◆ remollo
- ✱ Formas problemáticas
- 'cova, lugar abrigado, recipiente'
- + Sen resposta



12. O ubre. Enquisas de estudantes

- Tipo ubre
- Designacións sobre *teta*
- *remollo*
- 'tira de coiro, arreo'
- 'cova, lugar abrigado, recipiente'
- + Sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Designacións formadas sobre o substantivo *ubre*

12. O ubre. Todas as fontes

Designacións formadas sobre o substantivo *ubre*


- ⊕ *úbere*
- Forma *ubre* con xénero masculino
- Forma *ubre* con xénero feminino
- Forma *ubre*, sen especificar xénero



12. O ubre. ALGa

Designacións formadas sobre o substantivo *ubre*


- Forma *ubre* con xénero masculino
- Forma *ubre* con xénero feminino
- Forma *ubre*, sen especificar xénero



12. O ubre. Enquisas de estudantes

Designacións formadas sobre o substantivo *ubre*

- ⊕ *úbere*
- Forma *ubre* con xénero masculino
- Forma *ubre* con xénero feminino
- Forma *ubre*, sen especificar xénero




MAPAS DE DETALLE

b) Outras respostas

12. O ubre. Todas as fontes

Outras respostas



12. O ubre. ALGa

Outras respostas

■ *remollo*

'tira de coiro, arreo'

▲ *curreallo*

'cova, lugar abrigado, recipiente'

● *cocho*

Formas problemáticas


✱ *aleixo*

● *cochorro*

✱ *amoxo*

⊗ *faltriqueira*

+ Sen resposta



12. O ubre. Enquisas de estudantes

Outras respostas

■ *remollo*

Designacións sobre *teta*

◆ *teta*

◆ *teto*

'cova, lugar abrigado, recipiente'

● *cocho*


'tira de coiro, arreo'

● *cochorro*

▲ *aparelo*

● *odre*

+ Sen resposta



O concepto ‘ubre’ foi estudado por Dubert e Sousa (2002: 199-201), que se basean unicamente nos datos do ALGa e confrontan estas informacións con investigacións de Cintra sobre o portugués.

1. Tipo *ubre*

As designacións agrupadas neste apartado continúan un lat. UBĒRE ‘mama, peito (tamén ‘riqueza, fecundidade’), de xénero neutro.

1.1. *úbere*

Forma recollida en Vilar de Flores (Allariz) que mantén a acentuación orixinal proparoxítona latina e a que é habitual no veciño dominio lingüístico portugués.

Varios dicionarios recollen esta variante, sexa como *úbere* (Ibáñez, Eladio Rodríguez e Franco Grande), sexa como *ubere* (Carrél e Carré4), sempre remitindo a *ubre*. Non é forma de presenza destacada na literatura, pois localizo unha decena escasa de rexistros, e sempre en textos modernos, por exemplo este de 1968 da autoría do político e escritor lerezán Valentín Paz-Andrade: “Rústicas nais de entranas repartidas antre os fillos e os eidos, cal si nos hemisferios da crianza tamén zugaran os meniños leite das úberes da Terra”²¹⁶.

1.2. *ubre*

Esta forma é, con moito, a resposta máis habitual para este concepto no territorio galego. Tal e como se detalla a continuación, existen os dous xéneros no territorio galego, inda que o masculino é moito máis frecuente (como en portugués) e boa parte das respostas en feminino poderán explicarse pola interferencia do castelán *la ubre*; case ningunha das enquisas de estudantes marca o xénero, pois non era unha información solicitada no seu cuestionario.

Como é habitual, por ser idéntica ó castelán, non hai moitos testemuños nos dicionarios. O primeiro lexicógrafo que a rexistra é Pintos, s.v. *ubre*, sen especificar o xénero, como tampouco o fai o Valladares *Inédito* “*com.* Carnosidad glandulosa o parte de la hembra del cuadrúpedo, donde están las tetas o mamas”. Por contra, Porto si que indica o xénero na súa definición: “*f.* Teta de algunos cuadrúpedos”.

²¹⁶ Paz-Andrade (1968: 31).

1.2.1. Especificase que é de xénero masculino: *o ubre*

O primeiro rexistro no galego moderno de *ubre* é de 1853, nun mesmo treito que xa se citou neste traballo: “Eso será na cortaduría donde a dan da roda, do peito, da perna, do lombo, da croca, da falda, da agulla, do oído, pescozo e xarrete, costelas e ubre, miolos e barbos e morros e boches, o fígado e riles, corazón e bazo, raigada e tripas e patas, librilla, antafollos, calleira e mais verde”²¹⁷. Con todo, o uso en plural constátase xa uns anos antes, nunha obra do mesmo autor: “Nunha aldea como as máis que cai debaixo do ceo, nunha esquina deste mundo que está de petoutos cheo; tirando frente ó narís indo para alá en dereito, terra mui ben conocida por ter os ubres recheos que cobizan e que monxen máis cóns nados os alleos (ubres que non se escurrichan que si non xa estaban secos) había un cura xa andado”²¹⁸.

O GVGH non especifica os lugares en que se documenta esta forma, pois considéraa voz común.

1.2.2. Especificase que é de xénero feminino

Tal e como se sinalou anteriormente, o dicionario de Porto indica que o lema *ubre* é de xénero feminino. Os testemuños deste xénero na literatura non se fan agardar demasiado, pois localizamos exemplos xa no 1872: “Eu cha dera [a teta], miña xoia, con mil amores cha dera, hastra rebotar, meu santo, hastra que máis non quixeras, hastra verte dormidiño con esa boca tan feita, sorrindo todo fartiño, cal ubre de vaca cheia”²¹⁹. Máis inequívoco é este coñecido texto de 1889: “P.- ¿Quen son os que choran? R.- Os que saben pedir a tempo e baixarse a todo o mundo pra lograr o que cobizan. P.- ¿Onde mamarán? R.- Na ubre do persupuesto”²²⁰.

2. Sobre o verbo *mollar*: *remollo*

Tamén existe a forma *remollo* para denominar a cantidade de comida que ten na boca a vaca cando rumia (designación relacionada con *remoer*), pero non é esta a base da nosa resposta, que tería que ser posta en relación co verbo *mollar* (se o ubre crece, é porque acumula líquido), dun latín vulgar MOLLIARE, formado a partir do clásico MOLLIRE ‘abrandar, amolentar’, pois a humidade adoita facer as cousas máis brandas.

²¹⁷ Pintos (1853: 201).

²¹⁸ Pintos (1840: 46).

²¹⁹ Castro (1872: 101).

²²⁰ Lamas Carvajal (1967: 41).

Tal e como se aprecia na relación de respostas, trátase dunha forma esencialmente do extremo oriental do territorio (GVGH, s.v., documentaa en Cedofeita, Burón e Suarna; nesas mesmas localidades hai *arremollar* “crecer la ubre de la vaca algún tiempo antes de parir”), índa que hai un punto afastado desa área, localizado en Ourense. Sorprende a entrada *remollada* “cantidad de leche que la vaca alberga en la ubre” do GVGH, que a documenta nos tres lugares arriba citados, pero tamén en dúas localidades situadas ben lonxe: Laxe e Compostela. Esta área continúa na lingua asturiana, como se constata no DGLA, entrada *remueyu*. “<*remuechu* [Pzu. PSil. Vg]. *remuoyu* [Tox]. +*remuiyu* [Llg. Ay]. *remoyu* [y Lln]. //*remoyo* [Eo. Mánt].> 1. Remojo [Lln. Pa. Cg. Llg. Ay. Pzu. PSil. An. Cv. Vg. JH]: *Ichar en remueyu dalgún negociu* [JH]. 2. Ubre [Vf (Cv). Oc. /Eo. Mánt/]. Ubre de la vaca [Tox]. 3. Abundancia de leche que tiene la ubre de una res [Cv*]. Frases hechas y locuciones: *A remuoyu* ‘a remojo’ [Tox (= *a muoyu*). /Eo/]. //*En remuiyu* ‘a remojo’ [Llg]. //*Poner a remueyu* ‘poner a remojo’ [An]. //*Tener bon (o mal) remueyu* ‘ser (la hembra) abundante (o no) en leche’ [Cv]”.

Ademais de incorporala expresamente como entrada, Otero (1977) comenta esta forma baixo *arremollar* “Aumentar de tamaño el *remollo* o ubre de las vacas cuando están próximas a parir” e, máis indirectamente, en *escoirar*: “*arremollar*, desplegarse la ubre de la vaca primeriza”. Tamén se farán eco dela o Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez e obras posteriores.

A vitalidade nos textos literarios é menor, cun rexistro en 1913 e outros que xa pertencen ós anos noventa do século pasado. O texto que citamos pertence, precisamente, a unha revista da Fonsagrada – ubicada na zona en que rexistramos esta resposta na nosa rede– que está comentando o léxico local: “¿Por qué non publican un *Diccionario galego*? Estando composta esa Corporación de tantos sábeos ¿por qué non nos piden aquí térmenos qu'aposto non saben? S'acertan o que chaman aquí "Vidallas", "subfraxes" "butelo", "cantelo", "Remollo", "Redrollo", e outra porción de térmenos qu'hai nesta rexión, págolle unha suscripción a *O Tío Pepe* por un ano. Esto chamase saber; o demais son léndas”²²¹.

²²¹ *O Tío Pepe* nº 9, 5 de xuño de 1913.

3. ‘cova, lugar abrigado, recipiente’

3.1.1. *cocho*

A forma *cocho* en galego designa, sobre todo, o porco, inda que outro significado de destacada presenza en todo o territorio é ‘cova ou cama dos animais’ ou, por extensión, ‘lugar abrigado’. A aplicación ó ubre viría dada pola imaxe dos becerriños acubillados baixo a súa nai para beber no remollo dela. Se aceptamos esta liña explicativa, a etimoloxía debería conectarse a formas do tipo *acocho*, substantivo creado sobre o verbo *acochar* (do lat. AD COACTARE ‘comprimir, apertar’). Dubert e Sousa (2002: 200) comentan, timidamente, a posibilidade de relacionar *cocho* e o *coxo* que sinalan varios dicionarios (p.ex. Eladio Rodríguez: “nombre que se da en algunas comarcas orensanas a una erupción granular cutánea”), pero non parece viable. Outra hipótese ligaría esta voz *cocho* a un valor ‘recipiente, depósito’ que non atopo nas fontes galegas consultadas, pero que si aparece sinalado no Houaiss, s.v. *cocho*, xa desde tempos moi antigos: “recipiente de madeira ou outro material, de varios formatos e tamanhos e us. para diversos fins. 1. (1364) tabuleiro para transportar a cal amassada; *cocha, coche, cocharro*. 2. (1364) caixa, no aparelho dos amoladores, onde gira a mó de afiar. 3. (1364) bebedouro ou comedouro para o gado, de material vario e formato semelhante ao tronco escavado [...] 9. Regionalismo: Madeira. vaso de madeira de uma só peça para guardar cereais”.

Non se trata dunha forma de moito éxito nos dicionarios clásicos, pois só a localizo co significado que aquí nos ocupa no manuscrito de Rodríguez, s.v. *côchô*: “El nido, cama ó cubil de cerdos ú otros animales. Tambien significa ubre de baca, yegua, cabra, oveja, &”. Os testemuños localizados no GVGH, s.v. *cocho*, confirman a distribución xeográfica anotada na nosa rede de puntos: Melide, Sobrado, Oirós e Monterroso.

3.1.2. *cochorro*

Trátase dunha forma derivada da anterior, cun sufixo de orixe escura, posiblemente ibérica²²².

Elixio Rivas (1978), s.v., recolle esta forma, sempre co valor de ‘ubre’, en Taimende (Ourense) e na mesma provincia, concretamente en Castro Caldelas, foi recollida tamén por Díaz Carnero (GVGH, s.v.). A vitalidade nos textos escritos non é moita, pois só o localizo unha vez no TILGA, e non se refire ás mamas, senón a unha cría (variante, por

²²² Jordan/Manoliu (1972: §435).

tanto, de *cachorro*): “era o lobo, marchara cunha cabra e só tiñan dúas, e foi polo rastro, polos fentos, e no Castiñeiro Neto atopouse con el, xa lle comera o cochorro, e subía en busca da outra”²²³.

3.2. *faltriqueira*

Faltriqueira, ou faldriqueira, designa un peto, especialmente unha bolsa de tea que levaban as mulleres atada á cintura baixo a faldra, e de aí o seu nome. O uso metafórico para o ubre, almacén do leite, non ofrece dificultades.

Non atopo, nas fontes consultadas, ningunha referencia explícita ó uso desta forma para designar o ubre.

3.3. *odre*

O odre é un recipiente feito de coiro (normalmente de cabuxa) que almacena líquidos, sobre todo aceite e viño. Continúa un lat. UTERE ‘cavidade, ventre’.

Non atopo, nas fontes consultadas, ningunha referencia explícita ó uso desta forma para designar o ubre.

4. Designacións sobre *teta*

4.1. En feminino: *teta*; 4.2. En masculino: *teto*

A forma *teta* designa, en xeral, as mamas da femia calquera animal mamífero (e, nalgúns casos, por extensión, tamén se aplica ós machos); seguramente é voz de tipo expresivo (cf. xermánico **titta*), véxanse máis detalles no ap. 1.1.5. do capítulo 14 (‘dentes de leite’). Inda que se crea a partir desta forma, *teto* designa case exclusivamente as mamilas do ubre dalgúns animais, especialmente da vaca; máis que diante dun caso de metonimia – parte por un todo- o máis probable é que se trate dun erro de enquisa (e como confirma que nun dos tres puntos se recolla a forma en plural: *tetos*).

5. ‘tira de coiro, arreo’

Agrupamos neste apartado dúas designacións documentadas unicamente nun punto do territorio e que aparentemente fan referencia a arreos e correaxes. Tal e como se verá,

²²³ Araúxo (1996: 177).

sobre todo en 6.2., son habituais as formas que continúan unha designación *correa* para dar nome ó ubre seco ou, máis exactamente, ós pregues que se forman no ubre cando está seco. Por tanto, non se trataría propiamente de respostas ó concepto enquisado neste punto, senón a un ubre baixo circunstancias especiais.

5.1. *aparello*

Trataríase dunha forma creada a partir do verbo *aparellar*, do lat. *APPARICULARE, derivado dun latín clásico APPARARE ‘preparar’. Non atopo, nas fontes consultadas, ningunha evidencia do seu uso para se referir ó ubre.

5.2. *curreallo*

Como sinaléi na introdución ó apartado sexto, son moitas as designacións conformadas sobre *correa* (< lat. CORRIGIA), neste caso cun sufixo *-allo*, significante no que converxen dous sufixos latinos diferentes (cf. Ferreiro 2001: §365).

Aínda que non se rexistra *correallo*, si que aparecen no GVGH (s.v. *correa*) as formas *correa* (Cabalar, Dumbría e Santa Comba) e *correacho* (A Mezquita) para se referir ó “pliegue que forma la ubre de la vaca al estar seca”. Do mesmo modo, documentamos *correal* e *currial* recollidos como “ubre seca” (GVGH, s.v. *correal*) e outra vez *currial* (GVGH, s.v.), pero esta vez para o “conducto venoso que lleva la leche a la ubre”.

Non atopo, nas fontes consultadas, ningunha evidencia de *curreallo* para se referir ó ubre.

6. Formas problemáticas

6.1. *aleixo*

A voz *aleixo*, localizada en dous puntos leoneses, é de etimoloxía discutida. Aníbal Otero cita esta forma (aboada en Suertes, Candín, León) en Otero (1964), facéndoa vir dun latín LACTE ‘leite’, unha evolución fonética que non parece posible no galego; a relación co verbo latino LAXARE ‘deixar, diminuír, facer baixar, etc.’ ten máis sentido desde o punto de vista formal, inda que non hai unha motivación semántica tan clara (habería, quizais, que conectalo con voces do tipo *sopeixar* ‘dar golpes o cuxo no ubre para que baixe o leite?’). Tamén existe, por suposto, o verbo *aleixar* ‘mancar, lesionar’, pero neste caso é inda máis

difícil establecer o vencello semántico (a través do ubre ferido ou seco, como con *correallo*, ap. 6?).

Se acudimos ós dominios lingüísticos veciños, documentamos unha entrada *allexar* (variantes *alleixar*, *alleisar* e *ayeixar*) no asturiano (DGLA, s.v.): “1. Endurecerse o aumentar el pecho o ubre de las hembras por estar próximas a parir [Cb. Cp. Ac. Ll. Tb. Sm. Md. Sl. Pr (Cv)] [JH]: *Allexha lla vaca, lluego pare [JH]*. Presentar el ganado síntomas de preñez [Ll (VB)]. Venirle la leche a las vacas y ovejas cuando se les nota la preñez [Bab]. Dar la señal de la preñez (las vacas) [Pzu]. 2. Manifestarse externamente, en personas o animales, los atributos del sexo [Md]. 3. Despuntar, destacar, sobresalir [Md]. 4. Mocerar o tontear las niñas cuando llegan a la pubertad [Md]. Frases hechas y locuciones: -se ‘endurecérsese la ubre a la vaca lo que indica que está próximo el parto’ [PSil]”.

Aínda que non aparece esta forma nos dicionarios clásicos do galego, si que localizo un testemuño nun texto de 1995 da autoría do profesor ancarés Aquilino Poncelas e editado en Ponferrada, o que nos sitúa dentro da zona debuxada pola nosa rede de enquisas: “A pacencia do mestro iba cada vez a menos, como o aleixo das vacas con xatos, e tan presto se amostraba zalameiro como, sen motivo ningún, sacaba o sou carácter escombreado”²²⁴.

6.2. amoxo

Para Dubert e Sousa (2002: 196-198 e 201), esta voz *amoxo*, que se recolle nos tres puntos zamoranos da rede do ALGA, sería un substantivo derivado dalgunha variante protética do verbo *muxir* (cf. GVGH, s.v. *muxir*, para unha nota das variantes), posiblemente dunha voz **amoxir*; sobre este substantivo crearíase posteriormente o verbo *amoxar*. Pero non é a única posibilidade. No galego aparecen numerosos exemplos dun verbo *amoxegar/amoxetar*, con múltiples significados (en orixe, ‘cortar un anaco da castaña, para que non salte cando se ase’²²⁵, pero tamén ‘cortarse’, ‘beliscar’, etc.), que poderían conectarse semanticamente sen moita dificultade ós golpes que dá o becerro contra o ubre da vaca, e incluso a propia acción de succionar podería compararse cun belisco.

No DGLA recóllese unha entrada *moxal* (tamén existe a variante *muxal*): “1. Ubre (de la cabra, vaca u oveja) [Llv. Ca]: *Tien el muxal que paez que-y va a reventar de llechi que trae [Ca]*.

²²⁴ Poncelas (1995: 82).

²²⁵ Xa en Sarmiento *Colección*, s.v. *amoxegar*: “El verbo gallego *moxegare*, que significa lo mismo que moscar las castañas, tiene el mismo origen en *mordeo*. De *morsicare*, perdida la R, *mosicare*, y mudadas la I en E y la C en G, *mosegare*, y sibilando la S a la gallega, como los franceses sibilan su CH, resulta con todo el rigor de analogía, *moxegare*, y con la A, *amoxegare*, que es morder las castañas u otra cosa, y hacer en ella o sulco o muesca”.

Ubre de la vaca [Sb] ”. O portugués coñece *amojo*, que conta cunha entrada no Houaiss : “Derivação: por metonímia. Regionalismo: Portugal (dialetismo). teta, úbere”; para este dicionario, contra a explicación sinalada no parágrafo anterior, a forma primaria é *amojar*.

No que respecta ós dicionarios galegos, unicamente Franco Grande e Carré⁴ se fan eco desta forma *amoxo*; inda que non é resposta galega, Otero (1965) comenta *amojo* “Ubre. Flor del olivo: *tem muito amojo a olivera*. Reguengo. DEL LAT. "MULGERE"”, documentada en Reguengo (Portalegre, Portugal). Cómpre comentar, así mesmo, que existe unha entrada *amoxo* no GVGH, localizada en dous puntos próximos á zona delimitada na nosa rede: A Mezquita e Porto (Zamora).

Nos textos incluídos no TILGA só aparece nunha ocasión, nun texto moderno: “E miraballes para a farta turxidez dos ubres e, con interese vagamente sensual, deixaba recrearse a súa ollada nos amoxos inchados e opulentos, cos seus tetos que parecían dedos e as protuberantes veas que se insinuaban baixo a pel”²²⁶.

²²⁶ Rei Ballesteros (1992: 299).

13. A barriga

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1547 *panza da vaca*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 37 *panza de la vaca (vongo, bandonga)*.

1. Radical *band-* con diferentes terminacións

1.1. Terminación *-ullo*

1.1.1. Sen derivación: *bandullo*

ALGa

C-08, C-38; L-08, L-26, L-33, L-34, L-38; O-05, O-10, O-13, O-22, O-27, O-29, O-30; P-08, P-14, P-19, P-22, P-27; Z-01.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06d, C-09b, C-09d, C-18b, C-18d, C-18g, C-18h, C-19b, C-19d, C-20b, C-20d, C-21b¹, C-23b, C-24b, C-25b, C-25c, C-25d, C-27b, C-30c, C-30d, C-31b, C-31c, C-35c, C-35e, C-35g, C-36b, C-36c, C-37b, C-39g, C-39i, C-39k, C-40d, C-40f, C-41d, C-42c, C-43b; L-01b, L-02b, L-05b, L-06b, L-09c, L-09d, L-12b, L-14b, L-17b, L-21b, L-21c, L-24c, L-28c, L-31b², L-33b, L-33c, L-34b, L-36b, L-39c, L-39d, L-39e; Le-05b, Le-05c; O-06c, O-07b, O-15b, O-15c, O-15d, O-16c, O-16d, O-17b, O-20c, O-27b; P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04e, P-04f, P-06b, P-06c, P-06d, P-07c, P-09b, P-09c, P-09d, P-10b, P-11b, P-12d, P-12e, P-15c, P-15d, P-15e, P-17b, P-17c, P-17d, P-19b, P-19c, P-20b, P-21b, P-21c, P-24d, P-25b, P-25c, P-26b, P-27b, P-28d, P-29c, P-32b.

¹ Recóllese *bendullo*.

² Recóllese *bandouullo*.

1.1.2. Forma feminina: *bandulla*

Enquisas de estudantes

C-49c.

1.1.3. Forma de 1.1.2. con sufixos

1.1.3.1. Con sufixo *-ada*: *bandullada*

Enquisas de estudantes

O-21b.

1.1.3.2. Con sufixo *-eira*: *bandulleira*

ALGa

P-08.

Enquisas de estudantes

C-35d.

1.1.4. Con alteración da consoante inicial

1.1.4.1. *gandullo*

Enquisas de estudantes

C-39b.

1.1.4.2. *tampullo*

Enquisas de estudantes

C-48b.

1.2. Terminación *-allo*: *bandallo*

Enquisas de estudantes

C-36d.

1.3. Terminación *-olfo*: *bandolfo*

Enquisas de estudantes

C-41c.

1.4. Terminación *-ogo* e alteración da consoante inicial: *mondogo*

Enquisas de estudantes

P-03b¹.

¹ A forma que se transcribe é *mondojo*; é presumible que sexa a representación gráfica da gheada.

1.5. Terminación *-ongo* e alteración da consoante inicial: *mandongo* (e *mondongo*)

ALGa

L-16.

Enquisas de estudantes

C-09e, C-13d¹.

¹ A forma que se recolle é *mondongo*.

1.6. Terminación *-ougo*

1.6.1. En feminino: *bandouga*

ALGa

A-07.

Enquisas de estudantes

L-05c, L-16b; P-15b, P-24d.

1.6.2. En masculino: *bandougo*

Enquisas de estudantes

O-16d.

1.6.3. Con alteración da consoante inicial: *mandougo*

Enquisas de estudantes

C-04b.

2. *barriga*

ALGa

A-01, A-03, A-04, A-05, A-06; C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-10, C-11, C-12, C-13, C-14, C-15, C-17, C-18, C-19, C-20, C-21, C-22, C-24, C-25, C-26, C-28, C-29, C-29, C-31, C-32, C-33, C-36, C-37, C-39, C-40, C-41, C-42, C-44, C-46, C-47, C-48; L-01, L-02, L-05, L-06, L-07, L-09, L-10, L-12, L-13, L-15, L-16, L-17, L-19, L-24, L-26, L-27, L-28, L-29, L-30, L-32, L-33, L-35, L-36, L-37; Le-01, Le-02, Le-03, Le-05; O-01, O-03, O-04, O-06, O-07, O-08, O-09, O-11, O-12, O-13, O-14, O-16, O-18, O-19, O-20, O-21, O-23, O-25, O-28, O-31; P-01, P-02, P-03, P-05, P-06, P-07, P-09, P-10, P-11, P-13, P-16, P-17, P-18, P-19, P-21, P-23, P-24, P-25, P-26, P-28, P-29, P-30, P-31, P-32; Z-02, Z-03.

Enquisas de estudantes

C-06c, C-13b, C-13c, C-13e, C-13f, C-18b, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-20c, C-20d, C-28b, C-28e, C-28f, C-32b, C-35b, C-35f, C-35i, C-36d, C-41b, C-45b, C-49b, C-49e; L-01b, L-15b, L-17b, L-26c, L-34c, L-39b; O-01b, O-01c, O-06b, O-07c, O-14b, O-16b, O-20b, O-25b, O-29b; P-05b, P-07b, P-12b, P-12c, P-12f, P-14c, P-14d, P-17c, P-24e, P-28b, P-28c.

3. Tipo *panza*

3.1. *panza*

ALGa

A-02; C-01, C-09, C-16, C-45, C-49; L-04, L-08, L-09, L-11, L-12, L-13, L-14, L-15, L-17, L-22, L-23, L-25, L-39; Le-04; O-10, O-15, O-17; P-15, P-18, P-20, P-21¹, P-25.

¹ Alterna coa forma *barriga*, que é a máis frecuente nese punto.

Enquisas de estudantes

C-20c, C-22b, C-28b, C-28d, C-29b, C-39d, C-40c, C-40f; L-04b, L-13b, L-37b; P-04e, P-15b, P-16b, P-17b, P-24b.

3.2. *pancha*

ALGa

L-03.

4. Tipo *ventre*

4.1. Forma castelá *vientre*

ALGa

C-31, C-34; P-12; O-26.

Enquisas de estudantes

C-20c, C-28c, C-31b, C-39b, C-42b, C-42e, C-49d; L-22b; P-04d, P-14b, P-24c.

4.2. Forma sufixada ou cruce de *ventre* con *bandullo*: *ventrullo*

ALGa

L-18, L-25.

Enquisas de estudantes

L-24b.

5. Referencias a partes do sistema dixestivo da vaca

5.1. Tipo *buche*

5.1.1.1. *buche*

Enquisas de estudantes

C-08b, C-08c; L-14b, L-30b, L-34b.

5.1.1.2. *bucho*

ALGa

P-33.

5.2. *estómago*

ALGa

L-20.

Enquisas de estudantes

C-35h.

5.3. Tipo *calleiro*

5.3.1. *calleiro*

ALGa

C-23, C-27.

Enquisas de estudantes

C-30e, C-39e.

5.3.2. *calleira*

Enquisas de estudantes

C-39c.

5.3.3. *callos*

Enquisas de estudantes

C-13d.

5.4. *libro*

Enquisas de estudantes

C-35g.

5.5. Referencia ás tripas

5.5.1. *tripas*

Enquisas de estudantes

L-23b; P-29b.

5.5.2. *tripón*

ALGa

L-35.

6. Referencias a outras partes da anatomía próximas ó ventre

6.1. *fontes*

Enquisas de estudantes

L-14c.

6.2. *lombo*

Enquisas de estudantes

L-28b.

6.3. peito

Enquisas de estudantes

C-19c, C-39f, C-40e, C-40g.

6.4. polpa

Enquisas de estudantes

C-39h, C-42d.

6.5. ubre

ALGa

P-02.

6.6. ‘vacíos’

6.6.1.1. vacío

ALGa

C-43; O-24¹.

¹ Recóllese *vacía*.

6.6.2.1. vogo

ALGa

L-21.

6.6.2.2. voubo

Enquisas de estudantes

L-26b, L-27b.

7. Referencia ó caracter curvo da zona: adxectivo *panda*

ALGa

L-31; P-04.

8. Designacións problemáticas: *costela moumiña* e *falda*

ALGa

O-02¹.

¹ Indícase na resposta “costela moumiña e falda (na panza)”.

9. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-09c, C-15b, C-24c, C-30b, C-40b, C-44b; L-09b; O-20d, O-26b; P-08b, P-29d.

Distribución xeográfica das respostas

Esta pregunta é das que mostran máis discrepancia entre os datos procedentes da rede do ALGa e da rede das enquisas de estudantes. Así, nas enquisas destaca sobre maneira a forma *bandullo*, que se coñecería por todo o territorio galego; por contra, no ALGa as respostas do tipo *bandullo* están practicamente restrinxidas ó sueste de Pontevedra, sur de Ourense e Lugo e tres puntos no linde oriental desta última provincia. Por contra, se acudimos ós resultados de *barriga*, vemos que a situación é a inversa, inda que sen tanta forza: *barriga* é resposta maioritaria no ALGa, rexistrada case en toda Galicia, mentres que na rede das enquisas de estudantes ten moita forza, pero hai zonas de ausencia (practicamente toda a provincia de Lugo, por exemplo). É unha circunstancia que non se pode imputar á redacción do cuestionario dos estudantes, xa que a palabra *bandullo* non aparece na pregunta: “panza de la vaca (vougo, bandouga)”; quizais haxa consideracións sociolingüísticas en xogo, pola menor idade, en xeral, dos informantes das enquisas de estudantes.

Polo demais, non se trata dun capítulo que presente moita diversidade en canto ás respostas, polo que tampouco houbo necesidade de presentar moitos mapas de detalle. As respostas principais xa se comentaron na epígrafe anterior, así que agora pasarei en revista rapidamente estes diferentes grupos de respostas.

O primeiro mapa conságrase ó estudo das formas creadas sobre un radical *band-* (pódense ver moitos máis detalles, que explican esta peculiar designación do grupo, no comentario). *Bandullo* é a forma máis coñecida, practicamente en toda Galicia –falando sempre da nosa rede no seu conxunto– mentres que as outras respostas a penas teñen presenza e tampouco se distribúen por zonas; a que máis se aproxima é *bandougo/a*, que ten unha certa agrupación no extremo leste da provincia de Lugo (concentra 4 puntos dos 10 totais) e na costa coruñesa, entre Arteixo e Valdoviño (outros tres puntos).

O segundo mapa representa a distribución xeográfica da forma *barriga*, separando as respostas da rede do ALGa (cadrados verdes) e as das enquisas de estudantes (círculos vermellos), coa distribución que xa se sinalou no primeiro parágrafo.

O terceiro mapa reúne todo o resto de respostas, algunhas delas moi minoritarias, detallando case todas as que no mapa de conxunto aparecen como denominacións heteroxéneas do tipo *Partes da anatomía próximas ó ventre*. A resposta maioritaria é a forma


panza, distribuída por todo o territorio, con maior forza no nordés de Lugo e Sur de Pontevedra (hai varias tamén no centro da Coruña, pero hai que ter en conta que esa é a parte de maior densidade de puntos da nosa rede). A voz *ventre* ocupa, sobre todo, o centro-sur da Coruña e norte de Pontevedra, mentres que o seu derivado (latino ou romance) *ventrullo* está presente en tres puntos, relativamente próximos, do centro da provincia luguesa. Existen diferentes designacións baseadas en partes do aparato dixestivo da vaca, e de entre todas elas, só os derivados de *callo* están presentes nunha zona compacta e ben delimitada, entre Ames e Arteixo, na Coruña.

MAPAS DE CONXUNTO

13. A barriga. Todas as fontes

- Radical *band-* con diferentes terminacións
 - *barriga*
 - ◆ Tipo *panza*
 - ▲ Tipo *ventre*
- Referencia a partes do sistema dixestivo da vaca
 - + Referencia a outras partes da anatomía, próximas ó ventre
 - ★ *panda*
 - ✳ Designacións problemáticas


+ Puntos sen resposta



13. A barriga. ALGa


- Radical *band-* con diferentes terminacións
- *barriga*
- ◆ Tipo *panza*
- ▲ Tipo *ventre*
- Referencia a partes do sistema dixestivo da vaca
- ⊕ Referencia a outras partes da anatomía, próximas ó ventre
- ★ *panda*
- ✱ Designacións problemáticas

+ Puntos sen resposta



13. A barriga. Enquisas de estudantes

- Radical *band-* con diferentes terminacións
- *barriga*
- ◆ Tipo *panza*
- ▲ Tipo *ventre*
- Referencia a partes do sistema dixestivo da vaca
- ⊕ Referencia a outras partes da anatomía, próximas ó ventre
- + Puntos sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Radical *band-* con diferentes terminaciones

13. A barriga. Todas as fontes

Radical *band-*, con diferentes terminaciones


- Terminación *-ullo*
- Terminación *-ullo* con sufixos
- Terminación *-ullo* con alteración da consoante inicial
- Terminación *-allo*
- Terminación *-ougo*
- Terminación *-ogo* con alteración da consoante inicial
- Terminación *-ongo* con alteración da consoante inicial
- ◆ Terminación *-olfo*



13. A barriga. ALGa

Radical *band-*, con diferentes terminaciones


- Terminación *-ullo*
- Terminación *-ullo* con sufijos
- Terminación *-ougo*
- Terminación *-ongo* con alteración da consoante inicial



13. A barriga. Enquisas de estudantes

Radical *band-*, con diferentes terminacións

- Terminación *-ullo*
 - Terminación *-ullo* con sufixos
 - Terminación *-ullo* con alteración da consoante inicial
 - Terminación *-allo*
- Terminación *-ougo*
 - Terminación *-ogo* con alteración da consoante inicial
 - Terminación *-ongo* con alteración da consoante inicial
 - ◆ Terminación *-olfo*




MAPAS DE DETALLE

b) Forma *barriga*

13. A barriga

Forma barriga





MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas: 1. Tipo *panza*. 2. Tipo *ventre*. 3. Referencias a partes do sistema dixestivo da vaca. 4. Referencias a outras partes da anatomía. 5. Tipo *panda*. 6. Designacións problemáticas. 7. Puntos sen resposta

13. A barriga. Todas as fontes


Outras respostas



13. A barriga. ALGa

Outras respostas


- | | | |
|-------------|------------------------|---|
| ■ panza | ◆ Tipo buche | ● ubre |
| ■ pancha | ◆ estómago | ● Outras partes da anatomía próximas ó ventre |
| ● vientre | ◆ Tipo calleiro | ● panda |
| ● ventrullo | ◆ Referencia ás tripas | ● Forma problemática |
| | | ● Puntos sen resposta |



13. A barriga. Enquisas de estudantes

Outras respostas

- | | | |
|--------------------|------------------------|---|
| ■ <i>panza</i> | ◆ Tipo <i>buche</i> | ● <i>lombo</i> |
| ● <i>ventre</i> | ◆ <i>estómago</i> | ● <i>peito</i> |
| ● <i>ventrullo</i> | ◆ Tipo <i>calleiro</i> | ● <i>ubre</i> |
| | ◆ Tipo <i>libro</i> | ● Outras partes da anatomía próximas ó ventre |
| | ◆ Referencia ás tripas | |
| | | + Puntos sen resposta |



Comentario de formas

1. Radical *band-* con diferentes terminacións

Falo de “radical *band-*” porque, como se verá a continuación, non se pode establecer con certeza a súa etimoloxía. Do mesmo modo, é máis correcto falar de terminacións, pois dentro da enorme variedade de formas que recollemos dentro deste apartado, hai algunhas que non se corresponden con ningún sufixo coñecido, e outras que, inda que coincidan formalmente con algún, poden non selo, dependendo do étimo de partida (p.ex. *-allo* e *-ullo*).

Foron moitas as hipóteses baralladas para explicar este grupo de designacións, das cales podemos salientar dúas: DCECH (s.v. *bandullo*) chama en causa, inspirándose en Dozy, unha voz árabe *baṭn*, que significaría tanto ‘barriga’ coma ‘tripa de porco rechea’. Para García de Diego (s.v. *bandullo*), hai que acudir a un latín VENTRICULU (ou VENTRUCULU, de onde teríamos, p.ex., *ventrullo*) ‘ventre pequeno’, que xa en latín documentamos co significado ‘estómago’. A esta hipótese, DCECH reprochalle que non explique a perda de *r* nin o paso de *t* a *d*, ademais de sinalar que *ventrullo* está moito menos estendido ca *bandullo*.

Na entrada de DCECH pódense consultar outras hipóteses para este grupo de formas: a) MANDUCARE ‘comer’ (coa idea de ‘partes comestibles dunha res’) b) VERTUBULU (polo lat. clás. VERTIBULU ‘vértebra’, de onde se pasaría a significar ‘rede’ e, de aí, ‘intestino’) c) PANTUCULU (diminutivo de PANTICE ‘panza’) d) PANDU ‘curvo’, e) de *banda* ‘faixa, cinta’, etc.

Non é o galego a única lingua en coñecer tal variedade formal dentro deste grupo de palabras. Le Men sinala (s.v. *bandrullo*) un bo número de voces para o leonés: *bandullo*, *bandrullo*, *banzullo*, *bandul*, *bandulio*, *banduchxu*, *bandoga*, *bandonga*, *bandouga*, etc.

Véxase tamén, para *mondongo* e formas similares, o comentado no apartado 1.4.

1.1. Terminación *-ullo*

Poderíase tratar dun sufixo *-ullo*, que se adoita relacionar con morfemas semellantes (*-allo*, *-ello*, etc.), continuando un lat. -UCŪLU²²⁷, cun valor normal entre diminutivo e pexorativo.

²²⁷ Véxanse máis detalles e unha explicación alternativa en Ferreiro (2001: §491).

1.1.1. Sen derivación: *bandullo*

Existe esta forma nas linguas veciñas, tanto en portugués coma en español ou en asturiano. Xa a localizamos en galego en 1671: “Que deiten lance por lance e, se non queren, lanzadas lle han de redar o bandullo espetandolle as entranas”²²⁸. Nótese que esta forma ten máis de trescentas entradas no TILGA, o que dá unha mostra da súa vitalidade.

A voz foi definida xa en Sobreira (s.v. *bandujo y bandullo*): “Se toman por el volumen o bulto que manifiestan los intestinos hacia fuera; y es el vientre considerado en su estado y volumen natural. Tómase especialmente por el vientre demasiado crecido”.

GVGH, s.v. *bandullo*, corrobora o seu uso abundante e preséntanos dúas variantes que comentaremos nas epígrafes seguintes: “*m.* 1. [*bandullo*] (Fea. San. Com. Nov. Oir. Gro. Mar. Val. Gui. Gun. Ped. Inc. Pan. Ram. Xun. Mra. Cal. Gud. Mez. Ver. Vil. Por.), *bandullada* (Com. Gui.), *bandulleira* (Com.) panza del cerdo o de la vaca; 2. (Caa. Cab. Cur. Raz. Lax. Tob. Dum. Com. Sob. Goi. Val. Ced. Gun. Inc. Ram. Cal. Gud.) conjunto de las tripas de estos animales”.

1.1.2. Forma feminina: *bandulla*

Só se rexistra nun punto da nosa rede, San Paio de Carreira (Ribeira), nunha enquisa de estudante. Non localizo outros testemuños nas fontes consultadas.

1.1.3. Forma de 1.1.2. con sufixos

1.1.3.1. Con sufixo *-ada*: *bandullada*

Con este significado témola en Otero (1977), que a define como “Nombre que se da a las tripas en conjunto”, acepción da que tamén se fai eco Carré⁴. Esta mesma definición está en Otero (1958), que remite a un traballo de F. de B. Moll²²⁹ para supoñer un étimo árabe *bondoka*.

En GVGH, s.v. *bandullo*, sinalase que foi recollida en Compostela e Guitiriz co significado de ‘panza do porco ou da vaca’; calquera destes dous puntos está ben afastado do único lugar da nosa rede en que se recolleu *bandullada* (A Gudiña).

²²⁸ Feixoo de Araújo (1953: 9).

²²⁹ Na *Revista de Filología Española*, XXV, 1941, p. 115.

1.1.3.2. Con sufixo *-eira*: *bandulleira*

Non a rexistro nos textos escritos nin nos dicionarios consultados como substantivo, mais si como adxectivo, p. ex. en Eladio Rodríguez, s.v. *bandulleiro*: “*adj.* Barrigudo, ventrudo, que tiene mucho bandullo”.

Por contra, si que aparece como substantivo no GVGH, s.v. *bandullo*, recollida en Compostela como “panza del cerdo o de la vaca”. Na nosa rede recollémolo en dous puntos, un na propia Compostela (enquisas de estudantes) e outro a uns setenta quilómetros, en Rodeiro.

1.1.4. Con alteración da consoante inicial: *gandullo*, *tampullo*

Estas formas aparecen só unha vez na nosa rede, nunha enquisa de estudante e non localizo outros rexistros nas fontes consultadas (agás, para *tampullo*, o apoio doutra enquisa de estudantes, recollida no Tesouro conservado no ILGa). Pódese pensar nun erro de interpretación á hora de realizar a enquisa, pola inexperiencia dos entrevistadores.

1.2. Terminación *-allo*: *bandallo*

O substantivo *bandallo* aparece abundantemente nos dicionarios, pero co seu significado habitual de ‘persoa desaseada’. Non localizo, no material consultado, a acepción ‘barriga’ coa que se rexistrou nesta enquisa de estudante en Santiso. Pode que se trate dun cruce léxico, de tal modo que *bandullo* pasase a *bandallo* por influencia desta última forma, ben difundida no galego; pero tamén podemos estar, como nas epígrafes anteriores, diante dun erro do enquisador.

1.3. Terminación *-olfo*: *bandolfo*

Non recollen os dicionarios esta voz *bandolfo*, documentada nunha enquisa de estudante en Lousame. Sorprende esta terminación, visto que non é nada frecuente no galego, que só coñece *golfo*, que nin sequera ten un significado que puidese explicar un cruce. Por tanto, o máis plausible é pensar, de novo, nun erro de interpretación e/ou de transcripción, seguramente por *bandullo*..

1.4. Terminación *-ogo* e alteración da consoante inicial: *mondogo*

A decisión de incluír as formas do tipo *mondogo* ou *mondongo* dentro da epígrafe de *bandullo* non está exenta de problemas. É certo que, foneticamente, non presenta problemas

o paso de [b] (do radical *band-* comentado ó inicio do apartado 1)a [m], por asimilación á nasal seguinte, pero existen explicacións alternativas que cómpre, cando menos, sinalar, como a posibilidade de descendencia dun verbo latino MANDUCARE ‘comer’ (cf. DCECH, s.v. *bandullo*).

A forma que aparece na enquisa de estudante realizada na Estrada é *mondojo*, que seguramente quere representar unha voz *mondogo* realizada con gheada. O feito é que *mondogo* non aparece nas fontes consultadas (tampouco *mondojo* no que respecta ó castelán), polo que quizais haxa que pensar nun erro de transcrición/interpretación por *mondongo* (véxase o seguinte apartado) ou, máis posiblemente, nunha forma monotongada de *mondougo*, que sería variante da *mandougo*, comentada en 1.6.3.

1.5. Terminación *-ongo* e alteración da consoante inicial: *mandongo* e *mondongo*

A vitalidade das dúas formas na lingua é ben distinta, como o proba o feito de que no TILGA aparezan 19 entradas para *mondongo* e só unha para *mandongo*, nun texto de 1996. O Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez recolleu esta forma (abóaa en Cangas) e sinalouna como variante de *mondongo*; só aparece, ademais, no dicionario de Franco Grande.

Por contra, *mondongo* está moito máis presente nos dicionarios, xa desde Pintos, s.v., cunha pouco práctica definición “mondongo”. Valladares será máis explícito: “*com.* La panza del animal // Los chorizos, longanizas etc., cuando se estan haciendo // La faena de esta operacion y hasta la carne misma, picada y adobada, que se envasa en las tripas”. Con este último significado é moi empregada en galego, como se constata en GVGH, s.v.: “*m.* [*mondongo*] (Cab. Ced. Bur. Mon. Xun. Mez. Gud.), *mendongada* (Oir.), *mondongada* (Cab. Com. Gui. Sua.) conjunto de embutidos de una matanza”

Aínda que xa en 1858 hai rexistros de *mondongo* nos textos, é para se referir ós embutidos da matanza (véxase o apartado anterior), e non será ata 1899 que apareza a acepción ‘panza’, nunha lixeira variante formal: “Despois levantouse Heleogábalo, e agarrándose ás paredes, pois pesáballe moito o mondondo, co que comera, e a cabeza, co que bebera, foi andando prá cama a roncar de cheo, mentras outros asubiaban de fame”²³⁰.

Véxase tamén a epígrafe 1.6.3. (*mondougo*).

²³⁰ Masma (1899: 30).

1.6. Terminación *-ougo*

1.6.1. En feminino: *bandouga*

Non a rexistro nos dicionarios clásicos do galego²³¹, pero si que aparece unha vez no TILGA, nunha obra que recolle testemuños da fala viva: “Tiñ'onha cabra marela / Dios non ma quixo guardar / deull'unha patada a iegua que lle fixo rebentar / pasoull'as tripas a Coria i a bandouga a Gibraltar / i a cabeza foi a Astorga e morrer a Portugal”²³².

Outra fonte de léxico dialectal é o GVGH, que, s.v., indica que foi recollida co significado ‘panza’ en Burón e mais Suarna, zonas próximas a algúns dos puntos da nosa rede.

Aínda que o portugués tamén coñece *bandouga*, prefírese a forma monotongada *bandoga*, definida por Houaiss, s.v., do seguinte modo: “*Regionalismo: Beira, Cabo Verde*. barriga ou intestinos; *bandulbo*”.

1.6.2. En masculino: *bandougo*

Aníbal Otero (1977) recolle esta voz, que marca como adxectivo, inda que a definición que se fai é de substantivo: “Persona o animal de barriga grande”; por contra, en Otero (1958) si que se dá como sinónimo de ‘bandullo’: “Bandullo. *Fig.* Persona o animal de barriga grande. Barcia. *Del Ar. Bondoka*”. Nos textos incluídos no TILGA só a documento unha vez, nun texto recente, de zona asturiana: “Tampouco quero ser un nobre desos con gran bandougo que asisten ás festas del rei”²³³.

1.6.3. Con alteración da consoante inicial: *mandougo*

Ademais das dúas epígrafes anteriores, véxase tamén o comentado para *mondogo* no apartado 1.4. deste traballo.

Non atopo esta forma nos dicionarios consultados nin tampouco nos textos incluídos no TILGA. Aínda que o paso de [b] a [m] iniciais non presente dificultades, pódese pensar tamén nun erro de transcripción ou interpretación da enquisa de estudante da nosa rede.

²³¹ Aínda que non apareza como tal, Otero (1977) sinalou as voces *bandougada* e *bandoubada* “nombre que se da a las tripas en conjunto”, que pasaron a dous dicionarios.

²³² Schubarth e Santamarina (1984: 68)

²³³ Frías Conde (1991: 47).

2. *barriga*

Posiblemente de *barrica* ‘barril’, motivándose a comparación pola forma curva da barriga, que pode lembrar a figura dun bocoí, e tamén porque, en certo modo, a barriga é un barril que almacena as bebidas e comidas do corpo. Pódense ver máis detalles en DCECH, s.v. *barriga*.

Lémolo en textos xa do 1812: “Pero ¿qué importa si os probes nunca sacaremos a albarda de debaixo da barriga coa caristía tan grande que nun tempo coma este sufrimos e vemos nos frutos?”²³⁴. Aparece sinalada en Sobreira, e máis tarde no dicionario da Academia; algúns dicionarios non a sinalan pola coincidencia formal coa voz castelá, inda que si inclúen algúns derivados (p.ex. *barrigán*, en Valladares).

3. Tipo *panza*

Procede en última instancia do lat. clásico PANTEX, -ĪCIS ‘barriga’, substantivo masculino en latín, xénero que aínda conserva o romanés. O cambio de xénero levou consigo un cambio de vogal final, nalgúns sitios xa en latín vulgar (*PANTĪCA) e noutros, posteriormente.

A carón da forma máis habitual *panza*, rexístrase tamén a variante *pancha*, que tamén significa ‘abundante inxestión de comida e bebida’ (é evidente o vencello semántico), mentres que *pancho* é ‘barriga’ e, ademais, a designación dun peixe pequeno, semellante ó besugo, pero caracterizado por ter unha barriga ancha.

3.1. *panza*

Voz ben presente nas linguas do noso entorno (cf. DGLA e DRAE *panza* e Houaiss *pança*).

Documentada nos dicionarios galegos desde Pintos e presente a partir de 1836 nos textos incluídos no TILGA: “Santiago é, como sabedes, pueblo de cregos e frades: e viven uns con outros (así como eu teño que vivir con todos): por tanto non debía haber aquí en ningún tempo (vou a un decir) un que quixese a Constitución, porque por ela baixalles o bolso e a panza a aquela xente: na Cruña é o rovés; hai poucos de croa, e viven do tráfico e comercio, a quen protexe aquel sagrado Código: por tanto non é virtú (acho eu) o ser alí amante da libertá, e éo si, o sé-lo en Santiago”²³⁵.

²³⁴ Xan Mingucho, *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, 29 de setembro de 1812.

²³⁵ *La Tertulia de Picaños* (31 de outubro de 1836) e *2ª Tertulia de Picaños* (15 de decembro de 1836). Santiago: Imp. Campaña y Aguayo.

3.2. *pancha*

Otero (1968) recolle unha locución *pancha arriba* “panza arriba”, localizada en Xerdiz (Lugo) por este filólogo, que a fai derivar do lat. PANTEX arriba citado. Rexistramos *pancho* en Valladares cunha acepción ‘panza’, de uso familiar; figura tamén a locución *pancho (face-l-o)* “Llenar la panza. Satisfacer la necesidad del hambre”. Polo que se refire ós textos, non atopo ningunha *pancha* que se refira explicitamente ó ventre, inda que si á comida abundante: “Quixo volver á cuberta e perdeu o rumbo. Onde xa non poido ter-se de pé caeu como un croio. A pancha de callos e viño do Ribeiro que comera antes d'embarcar saleu pra fóra, e alí quedou, poñendo no chan unha mancha vermella”²³⁶.

4. Tipo *ventre*

4.1. Forma castelá *viente*

Do lat. VENTRE ‘cavidade que contén o estómago e os intestinos’. Forma panrománica. Neste caso, non se está empregando a forma lexítima galega (*ventre*), senón un castelanismo.

Aparece *ventre* nos dicionarios galegos xa en Sobreira (ss.vv. *aldropio* e *barriga*), mentres que non hai rexistros de *viente* nesas obras (non é significativo, pois pode deberse simplemente, como é usual, á súa coincidencia co castelán). Nos textos galegos incluídos no TILGA o predominio de *ventre* sobre *viente* é absoluto: 834 rexistros, fronte a 13. Por contra, a forma castelá vence nos traballos dialectais recollidos no GVGH:

- s.v. *bentre*, seis puntos: Curtis, Compostela, Cedofeita, A Gudiña, Ramirás e Porto (Zamora).
- s.v. *biente*, nove puntos: Feás, Curtis, Santa Comba, Compostela, O Grove, Xunqueira de Ambía, A Gudiña, Verín e Porto.

4.2. Forma sufixada ou cruce de *ventre* con *bandullo*: *ventrullo*

Como xa se comentou no apartado 1., hai dúas explicacións básicas para esta forma, ben un cruce entre *ventre* e *bandullo* (DCECH), ben a través dun derivado romance de *ventre* ou, mellor, dun lat. VENTRUCULU (García de Diego).

²³⁶ Lesta Meis (1927: 151).

Valladares recolle *ventrullo*, remitindo a *bandullo* para a explicación; en Eladio aparece, s.v. *bandullo*, definido como “El vientre, y por ext. el conjunto de las tripas”; dicionarios posteriores xa a inclúen como entrada.

Ten moi pouca presenza nos textos recollidos no TILGA, pois unicamente aparecen 4 rexistros, en 3 textos modernos (1972, 1986 e 1994): “Toda a terra traballaba o seu, abría as portas e bafaba, chuchaba aos durmentes, entraba nas casas arrastando o ventrullo informe. A terra devoraba os corazóns sin esperanza”²³⁷.

5. Referencias a partes do sistema dixestivo da vaca

Non sorprende este procedemento de extensión semántica, da parte ó todo, un procedemento moi habitual para acuñar designacións: empréganse as denominacións de partes específicas do complexo sistema dixestivo do ruminante (con maior ou menor grao de amplitude, desde un xenérico *estómago* ata partes máis específicas) para se referir a toda a barriga, que é a parte da anatomía que alberga o estómago e outros órganos dixestivos da vaca.

5.1. Tipo *buche*

Ademais de se referir a esa bolsa que teñen as aves para amolecer a comida antes de entrar no estómago, *buche* é designación habitual para se referir ó estómago dun animal, como se pode apreciar no propio GVGH, s.v.: “*m. [buche]* (Cab. Sad. Fea. Lax. Com. Gui. Gun. Inc. Mez.), *bochelo* (Ced.), *buchelo* (Ced.), *bucho* (Com. Goi.) estómago de los animales”.

A respecto deste grupo de formas, sinala o DCECH, s.v. *buche*, que son voces de tipo expresivo, comúns a diferentes linguas, que teñen en común a estrutura *b* + vogal (normalmente *u*) + africada, e cita diferentes exemplos: balear *butza* ‘barriga’, neerlandés *butse* ‘vulto’, etc. Nas súas propias palabras: “Es inútil buscar un étimo en una lengua determinada para esta clase de palabras: pertenecen en principio a todos los idiomas”. Por contra, no dicionario Século XXI, s.v. *boche*, proponse, con dúbidas, outra posibilidade: “do ant. fr. *bouche*, ‘morea, feixe, avultamento’, que pola súa vez quizais proceda do prerrom. *bulga*, ‘bolsa’”.

²³⁷ Moreiras (1972: 44).

5.1.1.1. *buche*

Nos dicionarios desde Cuveiro. Aparece desde 1886 nos textos recollidos no TILGA, sendo moito máis numerosa cá forma canonizada pola normativa, *bucho* (35 resultados fronte a só 4): “Correuse pola comarca o meigallo de Carmela, e asustada foi a vé-la tod'a xente do lugar; i ó mirar cal lle medraba o buche, de día en día, Ademirada decía: «¡Esto, en que virá a parar?»»²³⁸.

5.1.1.2. *bucho*

Forma ignorada nas obras lexicográficas incluídas no DdD ata Ríos Panisse, que ten unha entrada *bucho*, definida como “Estómago de los peces” e recollida en Bouzas, Ézaro, Lira, Abelleira, Cesantes, Panxón e a A Guarda”. A eses puntos hai que engadir os dous rexistros que aparecen no GVGH, s.v. *buche*, en Compostela e Goián, definidos como “estómago de los animales”.

5.2. *estómago*

Do latín STOMACHU, tomado do grego.

Pola súa coincidencia co castelán, non foi voz de moito éxito nos dicionarios, aínda que si ten unha forte presenza no territorio, como se pode constatar en GVGH, s.v.: “[*estómago*] *m.* (Caa. Cab. Fea. Cur. Raz. Lax. Dum. San. Com. Sob. Oir. Cod. Gro. Mar. Val. Pan. Ram. Xun. Gud. Mez. Vil.), *estámago* (Com. Sob. Per.), *estamo* (Goi.), *estógamo* (Gro.), *estómao* (Por.) estómago; V. *boca do estómago*”. No TILGA conta con case 900 rexistros, datados desde o 1820.

5.3. Tipo *calleiro*

Propiamente, o calleiro sería unha das partes do sistema estomacal dos ruminantes, pero non faltan exemplos de uso como xenérico, para se referir ó estómago no seu conxunto, como xa se pode ver no GVGH, s.v.: “*m.* 1. (Fea. Raz. Lax. Tob. Dum. Sco. San. Com. Gro.) estómago de un animal”.

Calleiro/a son derivados de *callo* co sufixo *-eiro/a* (<lat. ARIU/A).

Esta voz *callo* procede do lat. COAGULU ‘coallo’, unha denominación que fai referencia ó feito de que durante a lactancia dos ruminantes a mucosa do calleiro contén unha substancia que coalla o leite.

²³⁸ O Galiciano. Paróla Gallega publicada todol-os días 1, 8, 15 e 23. 8 de setembro de 1886, p. 2.

5.3.1. *calleiro*

Desde o dicionario de Rodríguez: “Estómago, buche, depósito primero de la comida”; noutras obras falarase, máis ben, da cuarta cavidade do estómago. Nos textos hai *calleiro* desde o 1899: “E o porco estivo á pique de caer emocionado por unha desas qu'os teólogos chaman «tentaciós invencibles». Revolveusell'o calleiro e sinón fora por Antón houberas' abalanzado a ela, pro contentouse con decir: -Bos días, Pepiña”²³⁹. Non falta, con todo, algún *coalleiro* para o mesmo concepto: “Se non pensara, decíame eu pra o meu chaleque, sería coma ises, que están eí emborcallados, a topeñar, co coalleiro cheo de comida e de bebida, adormentandose igoal que nenos entre unha tarabelada e outra”²⁴⁰.

Véxase no preámbulo desta epígrafe 5.3. a distribución desta forma nas obras incluídas no GVGH.

5.3.2. *calleira*

Aparece por primeira vez en Cuveiro, s.v. *callejra*: “Tripa de la vaca, estómago, buche, depósito primero de la comida”. GVGH non o sinala como variante de *calleiro* ‘estómago’, pero si de *calleiro* ‘coágulo’. No TILGA rexístrase moi pouco, e con diferentes significados.

5.3.3. *callos*

Normalmente, os callos son un guiso feito con pedazos do estómago e pata do porco ou da vaca, pero aparentemente nesta enquisa de estudante realizada en Arteixo o significado sería o de ‘estómago’. No atopo referencias deste valor nas fontes consultadas, fóra dunha breve alusión de Ibáñez (s.v. *cento-follas*): “*s. m.* Túnica que contiene las tripas de la vaca o ternero (callos)”.

5.4. *libro*

O libro sería, propiamente, a terceira parte en que se divide o estómago dos ruminantes e procedería dun lat. LIBRU ‘membrana, cortiza’. Lemos no GVGH, s.v.: “2. (Fea. Ram.) parte del estómago de la vaca”; calquera deses dous puntos está afastado de onde se levou a cabo a enquisa de estudantes da nosa rede, aboada na periferia de Compostela. Seguramente esteamos diante do mesmo proceso comentado para os outros puntos, a extensión da parte para o todo.

²³⁹ Masma (1899: 79).

²⁴⁰ Blanco Amor (1959: 46).

5.5. Referencia ás tripas

5.5.1. *tripas*

A orixe é incerta. García de Diego (s.v. *tripa*) suxire partir do verbo latino EXSTIRPARE ‘arrincar de raíz, destruír’, formándose un substantivo mediante derivación retrógrada: *estripar* > *tripa*. DCECH considéraa a hipótese máis razoable das emitidas ata o momento, e factible *a priori* pola cronoloxía das palabras.

Voz moi frecuente en galego, que conta con medio milleiro de entradas no TILGA (desde 1843); nos dicionarios aparece menos, polo consabido problema da coincidencia co castelán.

5.5.2. *tripón*

Derivado de *tripa* con sufixo *-ón* (< lat. *-ONE*), recollido xa por Sobreira como substantivo, s.v. *bandullo*: “Lemos. *Bispo*, ibi. *Tripon*. El ventrículo o estómago del cerdo, el cual se rellena”. Nótese que Monforte de Lemos e A Pobra do Brollón, o punto da nosa rede en que se rexistra *tripón*, están separados só por unha ducia de quilómetros.

6. Referencias a outras partes da anatomía próximas ó ventre

Agrupo nun mesmo capítulo todas estas formas, que non é difícil explicar a causa dunha confusión de referente.

6.1. *fontes*

No léxico da vaca, as fontes son ocos situados xunta ós ubres, e con ese significado foi recollido o termo amplamente pola xeografía galega, como se pode apreciar no GVGH, s.v. *fontes* “*pl.* (Cab. Fea. Raz. Lax. Com. Nov. Mel. Sob. Val. Ced. Gui. Inc. Ram.) oquedades junto a la ubre de la vaca donde se mira si va a ser lechera o no”. Obviamente, tamén existe o valor ‘sen, tempa’, que inda está máis afastado desta parte da anatomía. Aínda que próximos, o ubre e a barriga son entidades ben diferenciadas, polo que é incluso difícil pensar nunha confusión de referente.

6.2. *lombo*

Pode que a designación veña porque no momento de preguntar se sinalou unha zona baixa do lombo, xa no costado, que podía ser considerado como o comezo da barriga. Para máis detalles sobre esta forma, véxase a pregunta 5, apartado 6.1.1.

6.3. *peito*

Do latín PECTU ‘peito’.

Seguramente cando se realizou a enquisa o que se sinalou foi a parte alta da barriga, polo que o falante puido acudir á designación *peito*.

6.4. *polpa*

No referente á anatomía, a voz *polpa* designa normalmente a ‘carne desosada sen graxa’ e o ‘papo da perna’. Queda a dúbida de se a designación se colleu da designación dalgunha parte da pata do animal ou se, pola contra, pesou máis o valor de ‘masa branda de carne’, que se lle aplicaríase á barriga. Véxase máis información sobre este continuador do lat. PULPA na pregunta 11, apartado 7.4.1.

6.5. *ubre*

Véxase o comentado no capítulo 12, ap. 1, deste traballo.

6.6. ‘vacíos’

Normalmente, os vacíos son unha depresión que ten o gando entre as costelas e a cadeira, que resalta especialmente cando leva un tempo sen comer. A súa situación anatómica explica perfectamente que se empregue esta designación. Véxanse máis detalles no capítulo 6 deste mesmo traballo, ap. 6.10.

6.6.1.1. *vacío*

A forma *vacío* foi comentada no apartado 6.10.1. da pregunta 6. A voz *vacía* deixa unha incógnita; o máis probable é que se trate dun uso adxectivo (véxase o apartado seguinte, 6.6.2.), pero non se pode descartar por completo unha referencia á *vacía* ‘artesa, pía onde come o porco’; nas fontes consultadas, non rexistro *vacía* como substantivo que designe nocións anatómicas.

6.6.2.

Do adxectivo latino VACUU ‘baleiro, desocupado, libre’, cun matiz seguramente de ‘amplo, espazoso’.

6.6.2.1. *vogo*

No Apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez figura a entrada *bogo* “s. m. Hoyo Iglesia Alvariño, *Lanza de Soledá*”, que se incorporará tamén ó dicionario de Franco Grande; con todo, a maioría dos dicionarios adopta esta palabra para se referir a un tipo de peixe, semellante ó salmón. Non ten moito éxito na escrita, pois só aparece recollido en tres ocasións no TILGA, dúas delas na obra citada anteriormente, e sempre co valor ‘burato’: “E escacharrúa bogos cheos de area nos seus infernos vougos sen esperanza”²⁴¹.

Véxase tamén o apartado seguinte.

6.6.2.2. *voubo*

Otero (1977) recóllea, s.v., co significado “bandullo”. Bastante máis detallado será Elixio Rivas (1988), tamén s.v.: “Hueco, vacío, sin grano (Pantón). Así *espiga vouba* "sin grano". *Unba vouba* "mentira jocosa" y *unba vouga* "rumor público" tienen el mismo origen; *voubo* / *vougo* son equivalencia acústica, del l. *vacuus-a-um*”

A forma *voubo* aparece só en tres textos recollidos no TILGA, sempre no universo do poeta de Parada de Moreda, Uxío Novoneyra: “2 Bois burdiois trasmontois! Grosa outa xugueira testa lombo combo afocados do voubo i afilados da traseira. Bois burdiois pelexois!”²⁴².

Aínda que non queda claro se hai unha relación, hai que sinalar que Sarmiento CVFLG sinala que a *vouba* é unha enfermidade do gando: “Otra enfermedad del ganado, que así llaman hacia el Seixo. No es contagiosa y es remediable, pues es de menor malignidad que el teo”.

7. Referencia ó caracter curvo da zona: adxectivo *panda*

Véxase tamén o comentado para *pandela* na pregunta 7, apartado 1.5.

En orixe, continuadora dun adxectivo latino PANDA ‘curva, arqueada’- que significa que algo está curvado ou tamén que cedeu por mor do peso ou outros factores (idade, circunstancias atmosféricas,...). De aquí, formouse un substantivo *panda* ‘lomba, inclinación’

²⁴¹ Iglesia Alvariño (1961: 59).

²⁴² Novoneyra (1974: 35).

(e tamén o coñecido xogo dos nenos consistente en saltar por riba de alguén que está anicado). A semellanza coa forma da barriga, especialmente se é prominente, é obvia.

8. Designacións problemáticas: *costela moumiña e falda*

No cuestionario do ALGa correspondente ó punto O-02 (Boborás), figura unha enigmática anotación *costela moumiña e falda (na panza)*. Os elementos individuais pódense explicar aceptablemente ben, como se verá nos parágrafos seguintes, pero queda incerta aínda a explicación do conxunto, pois fáltanos o contexto en que inserila.

Precisamente, foi non moi lonxe de aí, a uns 25 quilómetros, en Vilamarín, onde Laureano Prieto recolleu a expresión *costela moumiña* para se referir á “costela mais pequeniña do corpo”, segundo consta na entrada *moumiña* de Franco Grande. Poderíase explicar a primeira parte da construción pola confusión de referente, entre esta costela e o ventre, situado nas proximidades e moito máis amplo.

A *falda* é a carne do ventre da vaca, como podemos ler no gvgh, s.v.: “2. [*falda*] (Cab. Fea. Cur. Lax. Dum. Sco. Com. Val. Ced. Gui. Ped. Inc. Ram. Xun. Cal. Gud. Por.), *faldra* (Raz. Nov. Oir. Goi. Mra. Ver. Vil.) carne del vientre de la vaca”, polo que, desta banda, non habería maior dificultade.

14. Dentes de leite

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1558 *dentes de leite, mamóns*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 92 *dientes de la leche (mamóis)*

1. Designacións relacionadas co acto da lactancia

1.1. Designacións referidas á acción de mamar

1.1.1. Construción sobre o substantivo *mama*: *dente da mama*

ALGa

C-33¹; L-31¹, L-32¹, L-33¹, L-35; O-05, O-19; P-22, P-24², P-27, P-28, P-32.

¹ Recóllese sen artigo: *dentes de mama*.

² A resposta que se recolle é *os da mama*.

Enquisas de estudantes

L-30b, L-33c, L-34b³, L-39b, L-39e; O-14b, O-15d; P-20b, P-24c⁴, P-26b, P-28b, P-28d, P-29d.

³ Sen substantivo: *da mama*.

⁴ A resposta que se recolle é *dentes de mama*.

1.1.2. Construción sobre o verbo *mamar* cun aumentativo continuador do sufixo latino **-ONE**

1.1.2.1. En singular: *(de) mamón*

ALGa

A-05¹; L-35; O-21; P-26².

¹ A resposta que se transcribe é *de mamón*.

² Recolléronse as formas *está mamón* e mais *mamóns*; sinálase tamén a seguinte información adicional: “está a 4/6 dentes, *cabeiros* (os oito dentes)”.

Enquisas de estudantes

L-01b.

1.1.2.2. En plural, con diferentes terminacións

1.1.2.2.1. *mamois*

ALGa

A-01¹, A-03², A-07; L-16, L-19, L-23³, L-29, L-30, L-37; Le-01³, Le-02, Le-03, Le-04; O-03, O-04, O-09, O-12³, O-17, O-18; Z-01, Z-02, Z-03.

¹ Como información adicional sinálase o seguinte: *palas* “cando despechan, ós dous anos”. Véxase a nota seguinte e o apartado 3 deste capítulo.

² Recóllese a seguinte información adicional para o proceso de conformación da dentición: *estar de palas, despechar*.

³ Co substantivo *dente*: *dentes mamois*.

Enquisas de estudantes

C-18f, C-28c, C-28d³, C-36c, C-39h⁴, C-42d⁴; L-16b, L-23b, L-27b⁴, L-37b; O-21b; P-24b.

³ Marcado como dubidoso.

⁴ A forma que se transcribe é *mamois*.

1.1.2.2.2. *mamones*

ALGa

Le-05.

Enquisas de estudantes

P-06c¹, P-25c; Le-05b.

¹ Con todo, como resposta á cuestión *primeros dientes que le salen a la vaca (palas)* sinálase *mamotas* e indícase tamén a expresión *tá de mamotas*.

1.1.2.2.3. *mamóns*

ALGa

C-16, C-17, C-21, C-22¹, C-24, C-27, C-28, C-29, C-34, C-37, C-38, C-41, C-43, C-45, C-46, C-47, C-48, C-49; P-06, P-20², P-26³, P-29⁴, P-30, P-33.

¹ Para estados posteriores fálase de *tar de 2, 4 dentes*.

² A resposta que se recolle é *estar de mamóns*.

³ Recolléronse *está mamón* e mais *mamóns*. Sinálase a seguinte información adicional: “está a 4/6 dentes, *cabeiros* (os oito dentes)”.

⁴ Como información adicional indícase que os últimos dentes en saír son os *cabeiros*.

Enquisas de estudantes

C-18b, C-18c, C-21b, C-22b, C-24b, C-27b, C-29b, C-30c, C-30d, C-30e, C-31b, C-37b, C-39b, C-39c, C-39g, C-39i, C-39k, C-41b, C-41c, C-41d, C-42e, C-43b, C-48b, C-49b, C-49c, C-49d, C-49e; P-12b, P-21b, P-21c, P-24d, P-24e, P-25b, P-27b, P-28c, P-29b, P-29c.

1.1.2.2.4. *mamós*

ALGa

C-01, C-36, C-40; L-01, L-02, L-04, L-05, L-06, L-08, L-09, L-13, L-14¹, L-15, L-18, L-21, L-25, L-26, L-27, L-34, L-38; O-11, O-13², O-14, O-15, O-20, O-23, O-25, O-27, O-29, O-30.

¹ Recóllese a seguinte información adicional: “*pás* (2 anos), *medios* (lados das pás), *canteiros*”.

² Co substantivo *dentes*: *dentes mamós*.

Enquisas de estudantes

C-09b; L-05b, L-05c, L-06b, L-09c, L-09d, L-12b, L-13b, L-14c, L-15b, L-21c, L-26b, L-26c, L-34c, L-39d; O-07b, O-07c, O-15c, O-17b, O-20b, O-20c, O-25b, O-27b; P-07b.

1.1.3. Construción sobre *mamar* cun sufixo –*ote/ota*

1.1.3.1. En singular

1.1.3.1.1. *mamota*²⁴³

ALGa

C-14.

1.1.3.1.2. *mamote*

ALGa

C-04, C-28; O-10; P-08, P-10, P-12, P-15¹, P-16, P-18², P-31.

¹ Para fases posteriores utilízase a construción “ponse da dous, 4”.

² Sinálase a seguinte progresión: “*mamote*: 2 dentes; *cabeiro*: 4 dentes; *serrada*: 6 dentes”.

1.1.3.2. En plural

1.1.3.2.1. *mamotas*

ALGa

L-11.

1.1.3.2.2. (*de*) *mamotes*

ALGa

C-02¹, C-03, C-05², C-06, C-07², C-08³, C-09, C-10, C-11, C-12⁴, C-13, C-15, C-18, C-19⁵, C-20, C-21, C-23⁶, C-25⁷, C-26⁸, C-27, C-31, C-32, C-34, C-39, C-42, C-44; L-07⁹, L-10, L-17, L-20, L-22, L-24, L-28¹⁰, L-36; O-02, O-05, O-06, O-07, O-16¹¹; P-01, P-02, P-03, P-04, P-05, P-07, P-09, P-11, P-13², P-14, P-17, P-19, P-21¹¹, P-23, P-30.

¹ Figura en nota á marxe no cuestionario a forma *mamota* coa seguinte definición: “que aínda ten os mamós”.

² A construción que se recolle é *de mamotes*; *estar de mamotes* en C-05.

³ Forma recollida en Cervás; noutras zonas dise *mazotes*. Como información adicional sinálase: “*canteiros* (caen ós catro anos); *tercios* (un a cada lado dos mamotes)”. Cando nace con dentada, dise que *a pucha fala polo dente*.

⁴ A forma que se transcribe é *memotes*.

⁵ Información adicional: “*palletas* (ó ano), *canteiros* (ó ano e medio)”.

⁶ Información adicional: “*poñerse de palleta* (2 dentes), *poñerse de mediodente* (4 dentes); *poñerse de 6 dentes*; *poñerse cerrada* (8 dentes)”.

⁷ Recóllese en nota que *mamota* é distinto que *cerrada*.

²⁴³ Recóllese *mamota* “que aínda ten os mamós” en C-02; en C-25 indícase que *mamota* é distinto de *cerrada*.

⁸ Sinálase a seguinte información adicional: *cerrar* “caer (sic) todos os dentes”.

⁹ Sinálase a seguinte información adicional: *pechar*, *cerrar*: “cando bota todos”; *despechar*: “cando lle caen as palas”.

¹⁰ Recolleuse abundante información adicional: *pás* “os dous primeiros dentes que lle saen”; *cerrar* “acabar de botar os dentes”; *gharfios* (ou *pacedeiras*) “que medraron con exceso. Hai que cortarillos. Son dos lados”.

¹¹ Co substantivo *dentes*: *dentes mamotes*.

¹² En nota aparecen as designacións para todo o proceso de dentición: a) *mamote* b) *de dous novos* c) *de catro* d) *de seis* e) *sarrada*.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06c, C-06d, C-08b, C-08c, C-09b, C-09c, C-09d, C-09e, C-13b, C-13c, C-13d, C-13e, C-13f, C-15b, C-18d, C-18e, C-18h, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b, C-20c, C-20d, C-23b, C-25b, C-25c, C-25d, C-28e¹³, C-28f, C-30b, C-31b, C-31c, C-32b, C-35b, C-35c, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-35i, C-36b, C-36d, C-39d, C-39e, C-39f, C-40b, C-40d, C-40e, C-40f, C-40g, C-42b, C-42c, C-44b, L-14b, L-17b, L-21b, L-22b, L-24c, L-28b, L-28c, L-31b, L-33b, L-36b, L-39c, O-01b, O-01c, O-06c, O-15b, O-16b, O-16c, P-03b¹³, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06d, P-07c, P-09b, P-09c, P-10b, P-12d, P-12f, P-14b, P-14c, P-14d, P-15b, P-15c, P-15d, P-16b, P-17b, P-17c, P-17d, P-19b, P-19c.

¹³ Recóllese a forma *momotes*.

1.1.3.2.4. Formas con alteración da raíz: *marmotes*

Enquisas de estudantes

C-35d.

1.1.4. Outros sufixos

1.1.4.1. *mameiros*

ALGa

O-01.

1.1.4.2. *mamiños*

Enquisas de estudantes

C-45b; P-11b.

1.1.5. Referencia ó órgano: *tetas*

Enquisas de estudantes

P-15e.

1.2. Designacións referidas ó leite

1.2.1. *dente do leite*

ALGa

L-03¹; O-01², O-08, O-10³, O-22, O-24, O-26, O-28, O-31; P-12, P-20, P-25².

¹ Cando lle caen os dentes de leite úsase o verbo *despechar*.

² Recóllese unha construción sen artigo: *dente(s) de leite*.

³ Sen o substantivo: *do leite*.

Enquisas de estudantes

A-02b⁴; C-18g; L-02b⁵, L-21c, L-24c; O-06b, O-07b⁶, O-16d; P-32b.

⁴ A resposta que se recolle é *dentes de leite*.

⁵ Recóllese unha construción sen artigo: *de leite*.

⁶ A resposta recollida cambia o xénero do substantivo: *dentes da leite*.

1.2.2. leiteiros

Enquisas de estudantes

P-08b.

1.2.3. leitós

ALGa

L-12.

2. Designacións creadas sobre *dente*

2.1. dentes

Enquisas de estudantes

C-40c; Le-05c¹; P-09d, P-12c.

¹ A forma que se recolle é *dientes*. Na seguinte pregunta do cuestionario –*primeros dientes que le salen a la vaca, (palas)–* emprega *mamones*.

2.2. (de) dentíus

ALGa

A-04¹, A-06².

¹ A resposta é *dentius*.

² A resposta é *de dentius*. Recolleuse como información adicional a designación da dentición en fases posteriores: “palas (2, 4, 6)”.

3. Designacións baseadas na comparación cunha pa

3.1. palas

ALGa

A-02.

Enquisas de estudantes

C-06b.

3.2. palletas

Enquisas de estudantes

L-24b.

4. Referencia ó lugar que ocupan estes dentes na secuencia de desenvolvemento da dentición

4.1. novicios

Enquisas de estudantes

P-29b.

4.2. primeiros

ALGa

L-39¹; P-29².

¹ Recóllese *primeiros dentes*. Cando os ten todos, dise *cerrar*.

² Recóllese *dentes primeiros*. Como información adicional indícase que os últimos dentes son os *cabeiros*.

5. Outras designacións

5.1. do lume

Enquisas de estudantes

O-20d.

5.2. mazotes

ALGa

C-08¹.

¹ En Cervás recóllese *mamotes*. Como información adicional sinálase: “*canteiros* (caen ós catro anos); *tercios* (un a cada lado dos mamotes)”. Cando nace con dentada, dise que *a pucha fala polo dente*.

6. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-24c, C-28b; L-04b, L-09b; O-26b, O-29b; P-12e.

Distribución xeográfica das respostas

Tal e como se aprecia no mapa de conxunto, as designacións emparentadas con *mama* son, de longo, as maioritarias, e coñecidas practicamente por todo o territorio.

O primeiro grupo de mapas analiza a distribución das construcións a partir do verbo *mamar*. Esencialmente, observamos tres procedementos formativos con vitalidade. As menos presentes son as respostas cun derivado de *mamar*, do tipo *dentes de mama*, propias da metade sur do territorio, que se distribúen *grosso modo* (hai tamén un rexistro en Mazaricos) nunha banda duns vinte quilómetros de largo que comeza en terras baionenses e chega ata Folgoso do Caurel. Con importancia similar, pero distribución xeográfica diferente, están as formas derivadas. As respostas do tipo *mamón* recóllense sobre todo en plural; tal e como sinalamos no comentario, non as dividimos no mapa segundo a morfoloxía da terminación (*-óns, -ós, -ois,...*), pois non queremos complicar innecesariamente a representación cartográfica. Coñécense practicamente en todo o territorio, inda que os rexistros nas áreas centrais, en que compite con *mamotes*, son moito menos densos e incluso inexistentes no centro e no interior das provincias de Pontevedra e A Coruña; por contra, será resposta practicamente hexemónica no noroeste da Coruña (ata a ribeira norte da Arousa), no terzo oriental de Galicia e no sur de Ourense. As voces do tipo *mamotes* ubícanse polo xeral no centro do territorio, sobre todo na franxa que delimitan lonxitudinalmente Ames e a capital lucense, mais o centro e norte da provincia de Pontevedra.

Os procedementos que se recollen no segundo mapa, outras respostas, non teñen especial interese desde o punto de vista da distribución xeográfica. Unicamente cabe sinalar *dentes do leite*, que ten moita máis presenza no sur de Galicia (15 puntos fronte a 6), con algunhas áreas máis ou menos compactas (nas que aparecen outras respostas do tipo *mamotes/mamóns*, en todo caso), sobre todo na Baixa Limia e no linde de Pontevedra con Ourense.

MAPAS DE CONXUNTO

14. Dentes de leite. Todas as fontes

Designacións formadas sobre *mama*

- Tipo *dentes da mama*
- Cun sufixo *-ón*
- Cun sufixo *-ote/a*
- Con outros sufixos
- Uso do sinónimo *teta*

● *dentes do leite*


● Sobre *dente*, sen especificador

● Comparación *cunha pa*

● Referencia ó lugar que ocupan na dentición

⊕ Outras designacións

+ Puntos sen resposta



14. Dentes de leite. ALGa


Designacións formadas sobre *mama*

- Tipo *dentes da mama*
- Cun sufixo *-ón*
- ⊗ Cun sufixo *-ote/a*
- ▣ Con outros sufixos

● *dentes do leite*

- Sobre *dente*, sen especificador
- Comparación cunha pa
- Referencia ó lugar que ocupan na dentición
- ⊕ Outras designacións

+ Puntos sen resposta



14. Dentes de leite. Enquisas de estudantes


Designacións formadas sobre *mama*

- Tipo dentes da mama
- Cun sufixo *-ón*
- Cun sufixo *-ote/a*
- Con outros sufixos
- Uso do sinónimo *teta*

● dentes do leite

- Sobre *dente*, sen especificador
- Comparación cunha pa
- Referencia ó lugar que ocupan na dentición
- Outras designacións

+ Puntos sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Creacións sobre *mama*


14. Dentes de leite. Todas as fontes

Designacións sobre *mama*



14. Dentes de leite. ALGa


Designacións sobre *mama*



14. Dentes de leite. Enquisas de estudantes

Designacións sobre *mama*

- | | |
|-----------------------|-----------------------|
| ◆ Tipo dentes da mama | Cun sufixo -ote, -ota |
| Cun sufixo -on | ⊗ mamote(s) |
| ● En singular | ⊙ marmotes |
| ⊙ En plural | ■ mamiños |




MAPAS DE DETALLE

b) Outras respostas

14. Dentes de leite. Todas as fontes

Outras respostas

- | | |
|--|--------------------|
| ● Sinónimo de <i>mama</i> : <i>tetas</i> | ● <i>palas</i> |
| ● <i>dentes do leite</i> | ● <i>palletas</i> |
| ● <i>leiteiros</i> | ● <i>novicios</i> |
| ● <i>leitós</i> | ● <i>primeiros</i> |
| ■ <i>dentes</i> | ■ <i>do lume</i> |
| ■ <i>(de) dentius</i> | ■ <i>mazotes</i> |
| + Puntos sen resposta | |



Comentario das respostas

Nos bovinos, a dentición de leite aparece no momento do nacemento ou moi pouco despois; non é raro, con todo, que as vacas nazan contando xa con algún dente da vintena que vai conformar o seu dentame de leite, constituído por incisivos e premolares (os molares son exclusivos da dentición adulta). Aínda que os tempos son moi relativos, segundo as razas e circunstancias externas, a cronoloxía habitual sinala que os becerros nacen (ou aparécenlles moi axiña) con dous incisivos centrais –a erupción comeza pola parte central da arcada– e durante o primeiro e segundo mes vaise completando a dentadura. Estes dentes *de leite* duran bastante máis tempo có período de lactación da cría e o momento de caída e erupción da dentadura permanente, que acontece polo xeral entre o primeiro e segundo ano, pódese considerar o comezo da etapa de preadultez; tal e como se aprecia nas designacións referentes á cría (capítulo 2), a saída da dentición adoita ser un dos fitos externos elixidos polo falante para marcar o cambio de etapas vitais.

Non hai enquisa específica para os dentes de leite do ser humano; pódense consultar, con todo, diversos mapas do volume 5 do ALGa: 20 ‘dente’, 21 ‘dentadura’, 22 ‘dentes incisivos’, 23 ‘dentes caninos’.

1. Designacións relacionadas co acto da lactancia

1.1. Designacións referidas á acción de mamar

A maioría das designacións existentes están asociadas a unha forma *mamar*, procedente dun latín MAMMARE ‘aleitar, dar de mamar’, especialmente as creacións que parten dun deverbais *mama* ‘lactancia’.

Só unha forma (1.1.5.) fai referencia ó órgano da lactancia, a voz *teta*, que alterna na lingua co substantivo *mama*, que ten moita menos presenza na lingua, ademais dun rexistro máis elevado, e seguramente foi termo adoptado por vía culta. Se comparamos os testemuños presentes no galego moderno, observamos que o primeiro rexistro de *mama* non é antes de 1921, contando cun número de rexistros cativo: unha vintena de formas, case todas en textos modernos e/ou médico-veterinarios. Por contra, documentamos máis de trescentos rexistros para a forma *teta*, xa no s. XVII. É cando menos curioso que, xa que

as designacións xerais para a glándula mamaria da vaca son *ubre* ou *remollo*, non teñamos ningunha forma para os dentes de leite do tipo *dentes do ubre*.

Lamentablemente, o concepto ‘mama, teta’ referido á muller non foi enquisado no ALGa, inda que si se poden observar algunhas denominacións nos mapas 283 e 284 do vol. V, referentes a ‘dar o peito’ e a ‘destetar’, respectivamente.

1.1.1. Construción sobre o substantivo *mama*: *dente da mama*

Non atopo a construción *dentes da mama* nos dicionarios, inda que si se fai eco dela C. García no GVGH, s.v. *dente*, sinalando que se recolleu no Incio e en Xunqueira de Ambía, co valor ‘dentes de leite’ (sen especificar se para animal humano ou non).

1.1.2. Construción sobre o verbo *mamar* cun aumentativo continuador do sufixo latino –ONE.

Xunto con *mamote*, as formas do tipo *mamón* son as que demostraron máis vitalidade nas teses de licenciatura e doutoramento “de fala”, tal e como testemuña o GVGH, s.v. *mamón*: “ [*mamón*] *m.* 1. (Raz. Lax. Dum. Sco. Com. Goi. Val. Ced. Gun. Per. Bur. Sua. Ped. Ram. Xun. Mra. Gud. Mez. Vil. Por.), *mameiro* (Ram.), *mamote* (Caa. Cab. Raz. San. Com. Nov. Mel. Sob. Oir. Cod. Gui. Fri. Gun. Mon. Cal. Ver.), *mamudo* (Com.), *marmote* (Com.) diente de leche; 2. var. de *mamadeira* 2.”

1.1.2.1. En singular: (de) *mamón*

O feito de ser forma coincidente co castelán prívaa de destacada presenza nos dicionarios; para os nosos fins só nos interesa sinalar a entrada *mamón* no dicionario de Eladio Rodríguez: “*adj. y s.* Que está todavía mamando. Que mama mucho o más tiempo del regular. Persona que anda como atontada y parece no enterarse de las cosas, por torpeza o distracción.”. É este tamén o único dicionario que recolle a lexía *Dente mamón*, definida, s.v. *dente*, como “cada uno de los que tienen los niños mientras maman”.

A referencia á lactancia non se documenta nos textos incluídos no TILGA, pois estes só se fan eco do uso de *mamón* como insulto, e sempre en obras modernas, desde 1972.

1.1.2.2. En plural, con diferentes realizacións da terminación

1.1.2.2.1. *mamoís*; 1.1.2.2.2. *mamones*; 1.1.2.2.3. *mamóns*; 1.1.2.2.4. *mamós*

O galego presenta diferentes posibilidades de realización para esta terminación, con cadansúa área xeográfica ben delimitada. Pódese consultar o mapa 253 do vol. III do ALGA para máis información sobre o reparto territorial, xa que no noso mapa optamos por agrupar todos estes resultados baixo un mesmo símbolo.

1.1.3. Construción sobre *mamar* cun sufixo *-ote/ota*

Para este sufixo, véxase o sinalado no apartado 1.1.6 do capítulo 9, dedicado á vaca sen rabo (*rabota*).

1.1.3.1.1. *mamota* / 1.1.3.2.2. *mamotas*

É o Padre Sarmiento *Colección* o primeiro lexicógrafo en comentar e etimoloxizar esta forma, coa seguinte reflexión a propósito das castañas mamotas:

A las castañas cocidas con cáscara llaman los gallegos *castañas mamotas*, o porque al comerse parece que se chupan y maman, o porque en su figura representan una teta pequeñita. Así su raíz es el latín *mamma*, y porque también es raíz de la voz *membrillo*, propondré mi etimología de ella, que no he visto en autor alguno. De la voz *mamma* por teta, se derivó el diminutivo *mammula* en el latín puro, y en el latín medio *mammulella*. Una y otra voz significan en los antiguos instrumentos latinos de apeos un montezuelo alto y casi redondo, separado, y colocado en alguna llanura.

Eladio Rodríguez tamén recollerá esta referencia á lactancia, escribindo unha acepción específica ó respecto dentro da entrada *mamota*: “Cerde, ternera, res que todavía está mamando”.

A forma *mamota* foi recollida polo propio Constantino García en Compostela, como se pode observar no GVGH, s.v.: “[*mamota*] (Com.), *marmota* (Com.) dícese de la vaca que tiene aún dientes de leche”.

1.1.3.1.2. *mamote* / 1.1.3.2.1. *de mamotes* / 1.1.3.2.3. *mamotes*

Forma de gran presenza no territorio, e tamén nos dicionarios, que se fan eco dela xa en tempos temperáns, como demostran, s.v., Pintos “mamón” ou o máis explícito Cuveiro “Animal que aun mama, como el becerrillo, etc”. Xa se sinalou no comentario a 1.1.2. que é unha palabra moi presente nas teses e tesañas dialectais, como non podería ser doutro modo, dada a súa enorme difusión tamén na nosa rede de puntos.

1.1.3.2.4. Formas con alteración da raíz: *marmotes*

Esta voz aparece unha única vez, nun punto compostelán; precisamente, sinala C. García (GVGH, s.v.) a existencia en Compostela das formas *marmota* e *marmote* para a vaca que inda ten dentes de leite e para o propio dente de leite, respectivamente. Non é fácil

explicar a incorporación da consoante líquida (non existe un contexto fonético idóneo, como nos casos de *congostra* ou *faldra*), tratarase dunha influencia de *barbela* ou similar? Tamén pode tratarse dun erro de transcripción a partir de versións previas, confundindo un pau do eme cun erre.

1.1.4. Outros sufixos

1.1.4.1. *mameiros*

Esta forma con sufixo *-eiro* (< lat. *-ARIU*) documentouse tamén na localidade ourensá de Ramirás (GVGH, s.v. *mameiro*) para o dente de leite; non o atopo nas outras fontes consultadas.

1.1.4.2. *mamiños*

Non se documenta nos dicionarios con este significado, si co de ‘débil, fraco’, que tivemos ocasión de comentar noutras partes deste traballo (véxase, por exemplo, o apartado 5 da pregunta 7 deste traballo, referente á vaca co cadril afundido por mor dun golpe).

1.1.5. Referencia ó órgano: *tetas*

A forma *teta* é de etimoloxía discutida. Hai quen postulou un étimo latino vulgar *TĪTTA, pero ademais de varias linguas romances, coñécena linguas xermánicas ou célticas, ademais do grego, polo que parecería máis correcto supoñer unha voz de creación expresiva, bebendo quizais da linguaxe infantil. Como xa se sinalou, é unha forma de grande presenza na lingua falada; tamén nos dicionarios (xa en Pintos), a pesar de ser forma coincidente co español.

1.2. Designacións referidas ó leite

1.2.1. *do leite*

O substantivo *leite* provén dun latín *LACTE*, de orixe grega e xénero neutro; en galego, o xénero maioritario é masculino, tal e como acontece na nosa rede, pois da vintena de respostas que inclúen este termo hai 16 puntos masculinos, 1 feminino e 3 sen artigo, polo que non sabemos o xénero gramatical do substantivo nese punto.

Documentamos no dicionario de Eladio Rodríguez (s.v. *dente*) a lexía *dentes de leite*, pero só para se referir ó ser humano.

1.2.2. leiteiros

Derivado de *leite* cun sufixo *eiro* (< lat. ARIU) que xa foi comentado repetidas veces ó longo deste traballo. Non atopo esta forma con este valor nas fontes consultadas.

1.2.3. leitós

Plural de *leitón* (cf. 1.1.2.1.), forma que se refire normalmente ó cocho pequeno, pero que tamén se rexistrou en tres puntos do territorio (GVGH, s.v.) definido como “espiga de maíz aún verde que suelta un líquido lechoso”.

2. Designacións creadas sobre *dente*

2.1. dentes

Tal e como se indicou na introdución, a nosa transcripción non respecta a distinción da abertura da vogal tónica, unha información que pode consultarse no mapa 20 do vol. V do ALGa. A forma *dente* non presenta maior complicación etimolóxica, pois provén do lat. DENTE.

2.2. (de) dentíus

Para a realización do sufixo diminutivo *-iño*, véxanse os mapas 91 e 92 do volume II do ALGa.

3. Designacións baseadas na comparación cunha pa

Inda que aquí se recolleran co valor de dentes de leite, é certo que tamén se empregan estas formas para se referir ós primeiros dentes permanentes da vaca, que se manifestan no primeiro ou segundo anos.

3.1. palas

Trátase dunha comparación co utensilio (nomeado coa forma castelá), motivada por compartiren unha forma rectangular e tamén a curva interior propia deses dentes. Foi recollida en Guntín e Pereiramá para nomear os primeiros dentes que lles saen ás vacas (GVGH, s.v. *pá*). Non atopo outros rexistros nas fontes consultadas.

3.2. *palletas*

Coméntase esta forma no ap. 1.10. do capítulo 16, referido á morfoloxía dos cornos da vaca.

En asturiano rexístranse varios exemplos do diminutivo *paleta* para se referir ós dentes incisivos (vid. DGLA, s.v.) e tamén no galego (vid. GVGH, s.v.).

Valladares recólleo no seu dicionario (s.v. *palletas (estar de)*): “Dícese de los animales que echaron ya los dientes llamados palas, ó puntas; dientes que en los Caballos salen á los dos años y medio y á los diez meses en el Buey, ó algo mas tarde segun los países”. O mesmo significado en Carré⁴, “dientes permanentes del ganado”. Na entrada *palleta*, o dicionario de Filgueira e outros anota “*Estar de palletas*, dícese de los animales que echaron ya los dientes llamados palas”. Como vemos, todas estas definicións se refiren ó dentame permanente do animal, non ós dentes de leite.

4. Referencia ó lugar que ocupan estes dentes na secuencia de desenvolvemento da dentición

4.1. *novicios*

Do latín NOVICIU ‘novo, recente’. En ningunha das fontes consultadas se documentou o uso para se referir ós dentes do animal.

4.2. *primeiros*

En referencia a que son os primeiros dentes que aparecen. Do lat. PRIMARIU ‘principal, da primeira categoría’.

5. Outras designacións

5.1. *do lume*

O lume da boca, segundo corroboran as enquisas realizadas por J. L. Couceiro en Feás, é o maxilar superior, padal duro e encía superior (GVGH, s.v. *lume*). Posiblemente a designación empregada polo informante faga referencia a algún dente de leite concreto

situado nesa zona. Tamén pode tratarse dunha mención a algún ritual supersticioso – botando os dentes que caen ó lume–, xa que estas pezas fan parte a miúdo de actividades deste estilo (véxase, por exemplo, a entrada *dente* en Eladio Rodríguez).

Non atopo mencións desta construción nas fontes consultadas.

5.2. mazotes

Habitualmente, o *mazote* designa unha peza empregada para bater o liño. O uso desta designación seguramente vai motivado por semellanza con partes do mazote de forma rectangular, ou incluso por un procedemento máis elaborado, considerar que, do mesmo modo que esa ferramenta espadela o liño, o dente bate o alimento. Trátase dun derivado de *mazo* que provén de *maza*, á súa vez de orixe latina. Non atopo outras referencias do seu uso para se referir ó dente.

15. A corna

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1598 *cornamenta, corna*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 13 *cornamenta, corna*.

1. Non existe unha forma específica para o conxunto dos cornos: úsase *cornos*, en plural

1.1. Sen especificadores

1.1.1. *cornos*²⁴⁴

ALGa

A-02, A-03; C-01, C-02, C-04, C-05, C-06, C-08, C-09, C-11¹, C-13², C-14, C-15, C-16, C-17, C-18³, C-19, C-20, C-21, C-22, C-23, C-24, C-25, C-26⁴, C-27, C-29, C-31, C-33, C-37, C-38, C-39, C-40, C-41, C-42, C-43, C-44, C-46, C-47⁵, C-48, C-49; L-01, L-02, L-03, L-04, L-05, L-07⁶, L-10, L-12, L-14⁷, L-15, L-16, L-17, L-18⁸, L-20, L-22, L-23, L-24, L-25, L-26, L-28⁹, L-30, L-31, L-32, L-33, L-34, L-35, L-36, L-39; Le-01, Le-02, Le-03¹⁰, Le-04; O-01, O-02, O-04, O-05, O-06, O-07, O-8, O-10, O-11, O-12, O-13, O-14, O-17, O-19, O-20, O-21, O-22, O-23, O-27, O-28, O-30, O-31; P-01, P-02, P-05, P-06, P-07, P-11, P-13, P-14, P-15, P-16, P-17, P-18, P-19, P-20, P-21, P-22, P-23, P-24, P-25, P-26, P-28, P-30, P-31, P-32¹¹, P-33; Z-01.

¹ Utilízase *corna* para os grandes e *cornos* para os pequenos.

² Alterna con *cornada* e con *cornas*; esta última é normalmente unha designación que se aplica ós cornos das cabras, carneiros, etc.

³ *Cornadura* e *cornada* son sinónimos; indícase que estas formas son infrecuentes.

⁴ Indícase en nota: “ó turrar dise *cornada*”.

⁵ Alterna con *bastas*, pero *cornos* é a forma máis frecuente.

⁶ Alterna con *corna*, pero *cornos* é a forma máis frecuente.

⁷ Como información adicional recóllese o seguinte: “*mola*: oco antre os cornos”.

⁸ Úsase *cornos* para os bois e *cornas* para as vacas.

⁹ Recóllese tamén *cornas*, pero só para as ovellas ou carneiros.

¹⁰ Alterna con *cornas*; a voz *cornos* é infrecuente.

¹¹ Indícase en nota que *cornas* é a forma máis frecuente neste punto, e que *cornos* se aplica para os pequenos.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-08b, C-08c, C-09d, C-13b, C-13d, C-13e, C-13f, C-18c, C-18d, C-18g, C-18h, C-20b, C-20c, C-22b, C-24b, C-24c, C-25b, C-25c, C-28b, C-28d, C-28e,

²⁴⁴ Aparece en C-28e, pero indícase á marxe “se dice las de las cabras”.

C-29b, C-30d, C-30e, C-31b, C-31c, C-35c, C-35e, C-35f, C-35g, C-35h, C-35i, C-37b, C-39b, C-39d, C-39e, C-39f, C-39g, C-39i, C-39k, C-40b, C-40d, C-40e, C-40f, C-40g, C-41c, C-41d, C-42b, C-42c, C-42e, C-43b, C-49e; L-01b, L-02b, L-05c, L-13b, L-14c, L-16b, L-23b, L-28c, L-30b, L-39e; O-01b, O-06b, O-07c, O-15b, O-15c, O-16b, O-16c, O-17b, O-20c, O-20d, O-21b, O-25b, O-27b, O-29b; P-03c, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-04f, P-05b, P-06b, P-06c, P-06d, P-07c, P-08b, P-09c, P-11b, P-12b, P-12c, P-12f, P-14c, P-15c, P-15d, P-15e, P-16b, P-19c, P-20b, P-24b, P-24c, P-24d, P-24e, P-25b, P-25c, P-26b, P-27b, P-28c, P-29b, P-29d, P-32b.

1.1.2. Forma leonesa *cuernos*

Enquisas de estudantes

Le-05b, Le-05c.

1.2. Co especificador ‘dous’: *dous cornos*

ALGa

C-32.

Enquisas de estudantes

P-28b.

2. Creacións sobre *cornu*

2.1. Formas sen derivar

2.1.1. Tipo *cornu*

2.1.1.1. En singular: *cornu*

ALGa

C-10, C-11¹, C-12, C-33; L-07², L-27, L-37; Le-03³; P-04.

¹ Indícase en nota que *cornu* son os grandes e *cornos* os pequenos.

² Alterna coa forma *cornos*, máis frecuente neste punto.

³ Alterna coa forma *cornos*, menos frecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

C-09b, C-13f, C-15b, C-19d, C-20d, C-25d, C-30c, C-36c, C-39h, C-42d, C-49b; L-05b, L-15b, L-17b, L-24c, L-26b, L-27b, L-28b, L-30b, L-31b, L-33b, L-34b, L-34c, L-36b, L-39c; O-16d, O-20b, O-26b; P-03d, P-07b, P-09d, P-10b, P-21b.

2.1.1.2. En plural: *cornas*²⁴⁵

ALGa

C-13¹, C-24, C-28, C-32, C-34, C-36, C-45; L-18², L-21, L-26, L-38, L-39; O-29; P-08, P-32³.

¹ *Cornas* aplícase normalmente ós cornos do carneiro, da cabra, etc.

² *Os cornos* utilízase para o boi e *as cornas* para a vaca.

²⁴⁵ En L-28 recóllese *cornas*, pero só para ovellas ou carneiros.

³ Indícase en nota que *cornas* é a forma máis frecuente neste punto, e que *cornos* se aplica para os pequenos.

Enquisas de estudantes

C-09c, C-09d, C-13c, C-13d, C-18b, C-18e, C-18f, C-19b, C-19c, C-23b, C-28c, C-28f, C-32b, C-35b, C-36b, C-40c, C-45b, C-49d; L-21b, L-21c, L-22b, L-24b, L-26c, L-33c, L-37b; O-01c, O-06c, O-07b, O-15d; P-08b.

2.1.2. corno

Enquisas de estudantes

C-36d, C-39b, C-39c, C-41b; L-12b, L-39d; P-17d, P-19b.

2.2. Formas sufixadas

2.2.1. cornada

ALGa

C-13, C-18¹, C-38; P-32².

¹ Indícase que *cornadura* e *cornada* son sinónimos, pero ambos os dous son infrecuentes (fronte a *cornos* e *dianteira*).

² Alterna con *cornos* e *cornas*, que é a máis frecuente.

Enquisas de estudantes

C-09e, C-40f; P-06d.

2.2.2. cornadura

ALGa

A-06; C-18; L-06.

Enquisas de estudantes

O-16d.

2.2.3. cornama

Enquisas de estudantes

P-21c.

2.2.4. Tipo cornamenta

2.2.4.1. cornamenta

ALGa

A-01, A-04; C-08; L-26, L-33; Le-05; O-18, O-22; P-10.

Enquisas de estudantes

C-41d; P-06d, P-09d, P-17b.

2.2.4.2. cornamento

ALGa

Z-02.

2.2.5. *cornaveira*

ALGa

Z-03.

2.2.6. *cornaxe*

ALGa

C-03, C-44; L-09; O-15, O-16, O-24, O-28; P-03, P-04, P-09, P-12, P-19, P-23, P-27, P-29.

Enquisas de estudantes

O-14b; P-04b, P-09b, P-14b, P-14d, P-15b¹, P-17b, P-17c, P-29c.

¹ A forma que se transcribe é *cornaxa*.

2.3. Formas con prefixo e sufixo

2.3.1. *encornadura*

ALGa

A-02, A-05, A-07; C-07, C-45, C-48; L-08, L-11, L-13, L-19, L-29; O-03, O-09, O-25.

Enquisas de estudantes

C-04b, C-04c, C-06c, C-48b; L-02b, L-06b, L-09d.

2.3.2. *escornadura*

Enquisas de estudantes

P-28d.

3. Designacións formadas sobre unha palabra que significa ‘cabeza’

3.1. Tipo *cabeza*

3.1.1. Sen derivar: *cabeza*

ALGa

O-03.

3.1.2. *cabezada*

Enquisas de estudantes

P-03b.

3.2. Tipo *testa*

3.2.1. En feminino: *testa*

Enquisas de estudantes

C-06d.

3.2.2. En masculino: *testo*

Enquisas de estudantes

C-41c¹, C-48b.

¹ A forma que se transcribe é *texto*.

4. Referencia a unha póla de árbore ou instrumento similar

4.1. *estacas*

Enquisas de estudantes

C-45b.

4.2. Sobre *galla*

4.2.1. Sen derivar: *gallas*

Enquisas de estudantes

C-19b.

4.2.2. Formas derivadas: *gallaxe*

Enquisas de estudantes

O-27b¹; P-12d.

¹ A forma que se transcribe é *gallás*, seguramente unha mala audición de *gallaxe*.

4.3. *madeira*

ALGa

O-26.

4.4. *pugas*

ALGa

C-26¹.

¹ Indícase en nota: “ó turrar dise *cornada*”.

Enquisas de estudantes

C-20c².

² Transcríbese en singular: *puga*.

5. *Hasta* e derivados

5.1. *hastas*

ALGa

C-27¹, C-47²; L-22; P-03².

¹ A forma que se transcribe é *astes*.

² Alterna coa forma *cornos*, que é a máis frecuente neste punto.

5.2. *hestadura*

ALGa

C-45.

6. Outras respostas

6.1. *dianteira*

ALGa

C-18¹.

¹ Alterna con *cornos* e tamén con *cornada* e *cornadura*, que se indican como formas sinónimas e pouco frecuentes.

6.2. *gaitas*

Enquisas de estudantes

O-01c.

7. Formas problemáticas

7.1. *postura*

Enquisas de estudantes

C-21b.

7.2. *tes*

Enquisas de estudantes

C-49c.

8. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35.

Enquisas de estudantes

C-27b, C-28e¹, C-30b, C-35d, C-44b; L-04b, L-09b, L-09c, L-14b, L-39b; P-12e.

¹ Neste punto dáse *cornos* como resposta, pero indícase á marxe que “se dice de las cabras”.

Distribución xeográfica das respostas

Aproximadamente, teñen igual fortuna no galego as designacións formadas sobre *cornu/a* (*cornaxe, cornamenta*, etc.) para nomear a cornadura no seu conxunto –representadas nos mapas globais cun círculo vermello– e aquelas respostas que non son propiamente un termo para este referente, senón que se valen do plural de *cornu*, que represento nestes mapas cun cadrado verde. Os outros procedementos son moi minoritarios, pero merecen un mapa específico para poder apreciar a súa distribución sen estaren sepultados polos outros dous procedementos.

O primeiro grupo de mapas dedícase ó plural de *cornu*. Case todos os puntos deste tipo ofrecen *cornos* como resposta, agás o *cuernos* de dous puntos leoneses (os máis orientais dos sete que abrangue a nosa rede) e dúas localidades illadas –Lamea (Toques) e A Ramallosa (Nigrán)– en que se considerou necesario engadir un especificador: *dous cornos*.

O segundo grupo de mapas, por contra, é moito máis complexo, polo gran número de procedementos existentes que se valeron de *cornu* para designar a corna da vaca. As áreas da rede do ALGa e da rede de enquisas de estudantes discrepan en non poucos casos na delimitación das zonas. Un exemplo pode ser a forma *cornu*, que na primeira das redes non chega á decena de respostas (sobre todo en puntos costeiros da Coruña e no extremo oriental de Lugo), mentres que nas enquisas de estudantes son 35 as localidades que dan esta forma (especialmente nos tres quintos setentrionais de Galicia, pero tamén en puntos ourensáns); posiblemente, o feito de que no enunciado da pregunta do cuestionario destas enquisas aparece de forma expresa *cornu* produciu un certo “efecto-rebote” e influenciou o entrevistado.

Tanto a forma *cornu*, comentada no parágrafo anterior, coma o seu plural *cornos* teñen presenza sobre todo no centro e norte de Galicia, inda que o sur non é alleo e hai algúns puntos deste tipo; as áreas destas dúas están mesturadas. Recollemos tamén un curioso *cornu* que só aparece nas enquisas de estudantes, espaxado polo territorio; como se sinala no comentario, cumpriría examinar se se trata dun erro ou se estamos diante dun procedemento de uso de singular por plural ó que non é allea a lingua (podería estrañar que, en tal caso, non haxa testemuños na rede do ALGa, pero xa se constatou ó longo deste traballo que hai moitas respostas *lexítimas* que non aparecen alí, e si nas enquisas de


estudantes). As sete formas sufixadas (*cornada, cornadura, cornama, cornamenta, cornamento, cornaveira* e *cornaxe*) son moi desiguais en canto a fortuna e interese para este comentario de distribución xeográfica. *Cornama, cornamento* e *cornaveira* son respostas únicas e, das outras catro, só *cornaxe* presenta un reparto areal máis ou menos compacto, por case toda a provincia de Pontevedra e, máis esporadicamente, en Ourense (fóra desta zona están dous rexistros en Ortigueira e Mondoñedo). Por último, *encornadura* ten tamén unha distribución curiosa: norte da Coruña (4 puntos), norte de Lugo (6 puntos), galego do extremo oriental (8 puntos practicamente en liña recta desde Coaña ata Lubián) e tres puntos da beira norte da ría da Arousa; fóra desta área queda un único rexistro en Cualedro (Ourense).

O último mapa non se subdivide segundo a orixe dos datos, pois realmente engloba moi poucas respostas, todas aquelas que non teñen que ver con *cornu*. Pola súa propia natureza, o material é moi heteroxéneo e practicamente non hai nada que sinalar deste o punto de vista da distribución territorial, salvo os dous rexistros de *testo* (os dous a uns poucos quilómetros, na mesma península do Barbanza) e os tres casos de formación sobre *galla*, unha liña recta de Abegondo a Vilasantar.

MAPAS DE CONXUNTO


15. Corna. Todas as fontes

- Tipo como en plural
- Creacións sobre como
- ◆ 'cabeza'
- 'póla de árbore, madeira'
- ▲ hasta e derivados
- ⊕ Outras respostas
- ✱ Formas problemáticas
- + Sen resposta




15. Corna. Todas as fontes

- Tipo *como* en plural
- ▲ *hasta* e derivados
- Creacións sobre *como*
- ⊕ Outras respostas
- ◆ 'cabeza'
- + Sen resposta
- 'póla de árbore, madeira'



15. Corna. Enquisas de estudantes

- Tipo *como* en plural
 - Creações sobre *como*
 - ◆ 'cabeza'
 - 'póla de árbore, madeira'
- + Outras respostas
 - ✱ Formas problemáticas
 - + Sen resposta




MAPAS DE DETALLE

a) Forma *cornu* en plural

15. Corna. Todas as fontes

Tipo *cornu*, en plural

- *cornos*
- Con especificador: *dous cornos*
- cuernos*




15. Corna. ALGA

Tipo como, en plural

■ *comos*


■ Con especificador: *dous comos*



15. Corna. Enquisas de estudantes

Tipo como, en plural

- *comos*
- Con especificador: *dous comos*
- *cuernos*



MAPAS DE DETALLE

b) Construcións sobre *corno*

15. Corna. Todas as fontes

Construcións sobre *corno*

Formas sen derivar


- *corna*
- *cornas*
- *corno*

Formas sufixadas

- *cornada*
- ⊕ *cornadura*
- *cornama*
- *cornamenta*
- *cornamento*
- *cornaveira*
- ⊕ *cornaxe*

Formas con prefixo e sufixo

- *encornadura*
- *escornadura*



15. Corna. ALGa

Construções sobre *como*

Formas sen derivar


- *coma*
- *comas*

Formas sufixadas

- *comada*
- ⊕ *comadura*
- ⊙ *comamenta*
- *comamento*
- ⊖ *comaveira*
- ⊕ *comaxe*

Formas con prefixo e sufixo

- *encornadura*



15. Corna. Enquisas de estudantes

Construcións sobre *cornu*

Formas sen derivar


- *cornu*
- *cornas*
- *cornu*

Formas sufixadas

- *cornada*
- ⊕ *cornadura*
- *cornama*
- ⊕ *cornamenta*
- ⊕ *cornaxe*

Formas con prefixo e sufixo

- *encornadura*
- *escornadura*



MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas

15. Corna. Todas as fontes

Outras respostas


'cabeza'

- cabeza
- cabezada
- ⊠ testa
- ☑ testo

'póla de árbore, madeira, etc.'

- estacas
- gallas
- gallaxe
- madeira
- pugas

- hastas
- hestadura
- + Outras respostas
- ✱ Formas problemáticas
- + Puntos sen resposta



Comentario das respostas

1. Non existe unha forma específica para o conxunto dos cornos: úsase *cornos*, en plural

1.1. Sen especificadores

1.1.1. *cornos* 1.1.2. Forma leonesa *cuernos*

Do lat. CÖRNU ‘corno’.

1.2. Co especificador ‘dous’: *dous cornos*

Como podemos constatar, na maioría dos puntos enquisados non hai unha resposta que designe especificamente a cornamenta da vaca, senón que se emprega o plural de *corno* (lat. CORNU). Nuns poucos casos, aparece unha forma con especificador: [os] *dous cornos*.

2. Creacións sobre *corno*

Véxase a relación de formas do GVGH que se copia dous parágrafos máis abaixo, na explicación á epígrafe 2.1.1.1.

2.1. Formas sen derivar

2.1.1. Tipo *corna*

O propio latín CORNU era de xénero neutro e contaba cun plural CORNA, que chega ata os nosos días neste *corna*, interpretado como un substantivo feminino singular no que respecta á forma (o que explica as construcións plurais de 2.1.1.2., pois xa se perdeu a noción de plural), pero que contén un valor semántico de colectivo (é o mesmo caso de *froita*, *gra*, *leña*, etc.).

2.1.1.1. En singular: *corna*; 2.1.1.2. En plural: *cornas*

Corna aparece nas obras lexicográficas desde antigo para dar nome á bucina, a cuncha dun caracol mariño, e non é ata Porto, no ano 1900, que documentamos a acepción “Corno, asta, cuerno”, que figurará xa na maioría dos dicionarios posteriores. Aparece tamén esta forma no GVGH, s.v. *corna*, con abundante presenza no territorio: “f. 1. [*corna*] (Fea. Lax. Sco. Com. Mel. Sob. Gui. Fri. Gun. Xun. Vil.), cornaxe (Xun.), *encorna* (Val.), *encornadura* (Inc.) *cornamenta*”.

Lemos en 1876: “Meu amigo: élle ben certo aquil refrán que diz «O home pola corna, e o boi pola palabra»²⁴⁶. Aínda que hai algún exemplo uns anos anterior do uso en plural, pero aplicado á cabuxa, non tardan en aparecer outros casos en que se refire ó boi, na mesma revista, en 1884: “Os rapaces e mozos colleron tamén o boi pola súa conta e dempois de l'atar unha corda ás cornas andiveron tres días pola vila trouleando. As malas costumes teñen máis acollida que as boas. Inda hoxe o día de Corpus faltará canto se queira, pero non falta un boi que levado por un fato de mozos e azuzado dende as portas por toda-las xentes convirta a vila d'Allariz en praza de touros”²⁴⁷.

2.1.2. *cornu*

Sorprende esta forma singular *cornu* para un concepto plural. Pode tratarse dun erro de enquisa, por suposto, e con bastantes visos de que así sexa, tendo en conta que os oito rexistros apareceron na rede de enquisas de estudantes. Con todo, tampouco se pode excluír que esteamos diante dun *cornu* con valor de plural (construcións do tipo *o cornu da vaca pode ter formas moi raras*).

2.2. Formas sufixadas

2.2.1. *cornada*

É certo que *cornada* adoita significar ‘golpe dado/recibido co corno’, pero este sufixo *-ada* (procedente da terminación participial *-ATA*) ten tamén o valor de colectividade, de conxunto, tal e como se aprecia en voces do tipo de *rapazada* ou *ramallada*.

Os rexistros desta forma nos dicionarios son escasos (lémbrese que coincide co español), e en ningún caso aparece o significado que aquí nos ocupa. Pola contra, si que

²⁴⁶ O *Tío Marcos da Portela*, 1ª época. Parrafeos 1-26 (1876). Véxase tamén Benavente/Ferro (1995), para máis refráns deste tipo.

²⁴⁷ O *tío Marcos da Portela*, 2ª época. Parrafeo 29. 1 de xunio de 1884.

atopo un caso claro (hai algún outro dubidoso) nun texto de 1935, referido a cáparos: “Os cáparos -sentenciou Xulián de San Cibrau, o terceiro home do noso triunvirato cinexético-aos catro anos botan os cornos; e cada ano prende o seu galliño en cada corno. Ao pasaren outros catro anos, esmoucanse, nascendolle outra cornada nova con tantos gallos coma anos teen”²⁴⁸.

2.2.2. *cornadura*

O sufixo *-dura* sería resultado da combinación dunha desinencia de participio pasado TU co sufixo latino *-ŪRA*²⁴⁹.

Co significado que nos ocupa aparece unicamente nos dicionarios de Ibáñez e de Eladio Rodríguez; por contra, non a recollo nos textos incluídos no TILGA.

2.2.3. *cornama*

A resposta transcrita neste punto pontevedrés da rede de enquisas de estudante é *cornama*, forma que non atopo en ningunha das fontes consultadas; posiblemente a voz que subxace é *corname* (erro de transcripción ou de audición), inda que tampouco aparece no material que puiden examinar. Aseméllase a palabra *cornamias* que aparece unha única vez no TILGA, nun texto relativamente recente: “Alzado no cabalo saúda a todos, a dereita e a esquerda, como gusta de facer na festa das touradas, co sangue das bestas na praza e os matachíns atafegados a serrar nas cornamias”²⁵⁰.

2.2.4. Tipo *cornamenta*

Creación sobre o substantivo *corna* (< lat. de xénero neutro CORNA, cf. 2.1.1.) cun sufixo *-menta* ‘conxunto de’; a alternancia de xénero non é rara, como se pode comprobar no par portugués *ossamenta-ossamento*²⁵¹.

2.2.4.1. *cornamenta*

Só hai un rexistro nos dicionarios, en concreto na obra de Eladio Rodríguez: “*s. f.* Cornamenta, cuerno de buey, toro, vaca, ciervo, venado u otro cuadrúpedo. *corná*”. Nos textos escritos conto unha vintena de rexistros, desde 1886: “O cervo salvaxe entonces, que

²⁴⁸ García Paz (1935: 130).

²⁴⁹ Para máis información, vid. Ferreiro (2001: §378).

²⁵⁰ Fernández Freixanes (1988: 105).

²⁵¹ Máis información en Ferreiro (2001:§388).

no escuro mato está, amedrentado levanta, en vixilante ademán, a alta e xentil cornamenta eponse atento a escoitar túa salvaxe harmonía cun doce e secreto afán”²⁵².

2.2.4.2. *cornamento*

Non atopo referencias desta forma nas fontes consultadas.

2.2.5. *cornaveira*

Como a resposta da epígrafe anterior, só aparece nun punto zamorano da rede do ALGa, e non a localizo nas fontes consultadas. Tendo en conta a existencia da forma *canaveira* ‘cana’, que é posible asemellar semanticamente ó corno, pódese pensar nun cruce destas dúas designacións para crear esta resposta, quizais de rexistro humorístico ou festivo.

2.2.6. *cornaxe*

Este sufixo, comentado varias veces ó longo deste traballo, provén do latín –ATICU con paso intermedio polo galorromance (cf. fr. –*age* ou provenzal –*atge*)²⁵³. Non o localizo nos dicionarios clásicos consultados, pero si que está presente, s.v. *corná*, no GVGH, recollido en Xunqueira de Ambía. Tampouco aparece na base de datos do TILGA.

2.3. Formas con prefixo e sufixo

2.3.1. *encornadura*

Forma *cornadura* (véxase o sinalado na epígrafe 2.2.2.) cun prefixo *en-* (< lat. IN-); existe tamén o verbo *encornar*.

No que respecta ós dicionarios, esta forma *encornadura* aparece unicamente no de Eladio Rodríguez: “*s. f.* Encornadura, forma o disposición de los cuernos en los animales astados”. Foi recollida tamén por M. González no Incio (cf. GVGH, s.v. *corná*). Só a atopo unha vez no TILGA, nunha obra recente de ámbito científico-veterinario²⁵⁴.

²⁵² Pondal (1886: 77).

²⁵³ Pódense consultar máis detalles en Ferreiro (2001: §371).

²⁵⁴ Sánchez García *et alii* (1992).

2.3.2. *escornadura*

Resposta esporádica que aparece só nun punto pontevedrés da rede das enquisas de estudantes. Seguramente se trate ou dunha confusión do enquisador ou dunha refacción da forma do apartado anterior (*encornadura*) por cruce co verbo *escornar* ‘romper un ou dous cornos, atacar cos cornos’ (cf. capítulo 16, apartado 3.2.1.3.).

Non a localizo nas fontes consultadas co significado que aquí nos ocupa.

3. Designacións formadas sobre unha palabra que significa ‘cabeza’

Só aparecen cinco rexistros deste tipo, catro deles en enquisas de estudantes; o máis plausible é que se trate dun erro de enquisa (preguntarían polos cornos e o falante respondería polo lugar onde nacen, a cabeza).

3.1. Tipo *cabeza*

No caso de *cabezada*, con todo, tampouco se podería descartar un influxo das diversas ferramentas e apeiros que levan ese nome (p.ex. a denominación para a peza do arado; vid. o dicionario de Acevedo, s.v.), comparando metaforicamente o corno cun guiador ou cunha parte que sobresa.

3.2. Tipo *testa*

3.2.1. En feminino: *testa*; 3.2.2. En masculino: *testo*

A forma *testo* deriva de *testa* (< lat. TESTA ‘ladrillo, cranio’) e, entre os seus múltiples significados, o que máis se achegaría ó referente que nos ocupa sería o de ‘tapadeira’, de indubidable vencello semántico con *testa* ‘cabeza’. En calquera caso, tampouco se pode explicar facilmente un uso para os cornos, polo que habería que pensar, como explicación primaria, nunha confusión, como se mencionaba no inicio do apartado terceiro.

4. Referencia a unha póla de árbore ou instrumento similar

Pódese constatar no capítulo 16 deste traballo (concretamente, no apartado 1.6.), que o uso de denominacións de pólas de árbores para se referir ós cornos é un procedemento habitual.

4.1. *estacas*

A estaca é unha peza alongada, normalmente de madeira, que se crava no chan para diversas finalidades; a súa morfoloxía fai evidente a comparación co corno. Provéen dunha forma xermánica **stakka*, de idéntico significado. Aínda que non teña nada que ver co referente que aquí nos ocupa, pódese sinalar que se utiliza esta forma para outro aspecto do campo léxico vacún, como indica Eladio Rodríguez, s.v. *estaca*: “En algunas comarcas gallegas llámase *estaca* o *plantón* al intermediario que interviene en la compra del ganado vacuno. Estos intermediarios aparecían en todas las ferias de Galicia, impidiendo la libre contratación de reses, ejerciendo una visible coacción sobre los vendedores, encareciendo los precios para los mismos criadores del ganado, y perjudicando a los consumidores de carnes. Afortunadamente los vulgarmente llamados *estacas* o *plantós* han sido prohibidos hace pocos años”.

No que respecta ó seu uso para os cornos, non atopo ningunha evidencia nas fontes consultadas.

4.2. Sobre *galla*

4.2.1. Sen derivar: *gallas*

Véxase o comentado no ap. 1.6. do capítulo 16.

4.2.2. Formas derivadas: *gallaxe*

Para o sufixo, véxase o indicado no ap. 2.2.6. deste mesmo capítulo.

Non atopo esta forma nos dicionarios consultados, nin tampouco nos textos incluídos no TILGA.

4.3. *madeira*

A comparación con esta substancia (< lat. MATERIA) viría dada ben por ser o material que compón as gallas ou pugas deste mesmo apartado, ben pola comparación entre dous elementos de dureza considerable, como o corno e a madeira; seguramente a segunda razón é a primordial, como parecen denunciar acepcións do tipo “Materia de que se compone el casco de las caballerías” (Eladio Rodríguez, s.v. *madeira*).

Non atopo nos dicionarios consultados ningún exemplo de aplicación a cornos.

4.4. *pugas*

O significado amplo de *puga* é ‘corpo delgado, ríxido e agudo’, con acepcións máis específicas do tipo ‘dente dun peite’ ou ‘póla dunha árbore que se enxerta noutra’. Para a súa etimoloxía, normalmente acódese ou ó lat. *PUGA (emparentado co verbo PUNGERE ‘picar, punzar’) ou ó tamén lat. PUGIO ‘puñal’ (véxase DCECH, s.v. *púa*). É evidente o vencello semántico con *cornu*.

O valor ‘cornu’ aparece recollido só no dicionario de Carré4, s.v. *puga*.

5. *Hasta e derivados*

5.1. *hastas*

Forma procedente do lat. HASTA ‘lanza, pica’.

Non ten moito éxito nos dicionarios, pero si que atopamos algún rexistro co valor de ‘cornu’ nos textos galegos, por exemplo nesta obra que xa comentamos varias veces ó longo deste traballo: “¡Peínase íla máis pantaseosa ca peínetá meiga dos seus cornos, que por riba da cabeza lle arborean airosos, abondantes de hasta, ben puntados e finos!... ¡Ningunha virxe foi máis fecunda que íla: en cinco anos alumeou sete xatiños coma sete_estrelos!”²⁵⁵.

5.2. *hestadura*

Aínda que se transcribe *hestadura*, seguramente sexa unha forma disimilada de *bastadura*, cun sufixo que xa se comentou na epígrafe 2.2.2. deste capítulo. En calquera caso, non localizo ningunha destas voces nas fontes consultadas.

6. Outras respostas

6.1. *dianteira*

Este substantivo que significa ‘parte anterior dunha cousa’ fórmase sobre o adverbio *diante* (< lat. DE IN ANTE) e fai referencia a que os cornos son uns apéndices que sobresaen na cabeza da vaca e, en certo modo, caracterizan esa parte frontal.

²⁵⁵ García Paz (1935: 168).

Non atopo referencias de *dianteira* coa acepción ‘corno’ nos dicionarios consultados.

6.2. *gaitas*

Recollemos un valor similar no capítulo seguinte, o 16, concretamente no apartado 2.1.1. de 16B, a vaca cos cornos cara abaixo (que se denomina *gaiteira* en seis puntos do territorio). A comparación dos cornos da vaca cos canos da gaita é o procedemento que está na base desta comparación (téñase presente tamén o coñecido *gaita* ‘pene’, introducindo o fol na comparación, cf. volume V do ALGa ou GVGH, s.v. *gaita*); pódense ver algunhas anotacións a propósito da súa problemática etimoloxía no apartado 28.1. do comentario das respostas do capítulo 16.

Este procedemento formativo aparece comentado xa en Sarmiento CVFLG, s.v. *gaita*, quen escribe “Llaman así hacia el Seixo al cuerno o asta, v. g.: las dos gaitas del carnero”, pero non o localizo en obras lexicográficas posteriores.

7. Formas problemáticas

7.1. *postura*

Esta forma recóllese unicamente nun punto coruñés da rede de enquisas de estudantes, situado en Camariñas. Non atopo entre os múltiples significados desta palabra ningún que case ben co referente que aquí nos ocupa (quizais o de ‘rixidez dalgunha parte do corpo’, posto que os cornos son duros?), polo que o máis probable é pensar nunha confusión, pode que da propia estudante á hora de pasar a limpo o caderno de enquisa.

7.2. *tes*

Recolleuse esta forma unicamente en Laxes (Ribeira), nun punto da rede das enquisas de estudantes que está bastante próximo a C-41c e C-48b, as dúas localidades en que aparece *testo* para este concepto (cf. ap. 3.2.2.); por tanto, unha das liñas de explicación sería que a estudante só cubriu parcialmente unha resposta *testo*, pode que por distracción cando pasaba a limpo o material de enquisa.

Outra posibilidade é que esteamos diante do castelanismo *tez* con seseo; xa que esta forma significa “superficie, especialmente la del rostro humano” (DRAE), poderíamos estar diante dunha comparación similar á do apartado 3: os cornos nacen na cabeza, preto do

rostro, polo que se colle esa designación; tamén, evidentemente, un erro de enquisa, designando mal o referente.

16A. Vaca cos cornos cara abaixo

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- *ALGA*: pregunta nº 1560 *Vaca cos cornos cara abaixo, broca*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 104 *Vaca con los cuernos hacia abajo (broca)*.

1. Tipo lexical *broca*

1.1. Formas sen derivar

1.1.1. *broca*

ALGa

A-01, A-02, A-03, A-04, A-05, A-06, A-07; C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-08¹, C-11, C-12, C-13, C-14, C-16, C-17, C-18, C-19, C-20, C-21, C-22, C-23, C-24², C-25, C-26³, C-31, C-32⁴, C-33, C-36, C-37, C-44, C-46; L-01, L-02, L-04, L-05, L-06, L-07, L-08, L-09, L-10, L-12, L-13, L-14⁵, L-15, L-16, L-17, L-19, L-21, L-22, L-23, L-24⁶, L-25, L-26, L-27, L-28, L-29, L-30, L-31, L-32, L-33, L-34, L-37; Le-02, Le-03, Le-04; O-01, O-02, O-03, O-04, O-08⁷, O-10, O-12, O-17, O-18, O-21, O-22, O-25; P-01, P-02, P-03, P-04, P-07, P-08, P-09, P-10, P-16, P-19, P-21, P-22, P-23, P-24, P-25, P-26, P-27, P-29, P-30, P-32.

¹ Indícase en nota: “cornos pequenos e para adiante”.

² Indícase en nota: “[cornos] pequenos”.

³ Indícase en nota: “cornos cara adiante, que logo xuntan”.

⁴ Como información adicional sinalase que se a forma dos cornos é curva, son *virados*. Pola contra, se están en espiral, chámanse *retortos*.

⁵ Existe tamén a forma *biçca* “vaca cun corno máis alto có outro”

⁶ Existe tamén *chota* “cos cornos curtos”.

⁷ Recóllese *broco*, en singular, pois nese sitio só hai bois; é forma infrecuente neste punto.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06c, C-06d, C-08b, C-09b, C-09d, C-13b, C-13c, C-13e, C-15b, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18h, C-19b, C-19c, C-19d, C-20b, C-20d, C-21b, C-22b, C-23b, C-24b, C-25c, C-25d, C-28c, C-28d, C-28e, C-30b, C-30c, C-31c, C-32b, C-35b, C-35c, C-35f, C-35g, C-35i, C-36b, C-36c, C-36d, C-39b, C-39c, C-39h, C-40b, C-40c, C-40d, C-40g, C-42c, C-42e, C-43b, C-49b; L-01b, L-04b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09b, L-09c, L-12b, L-13b, L-14c, L-15b, L-16b, L-17b, L-21b, L-21c, L-23b, L-24b, L-24c, L-26b, L-26c, L-27b, L-28b, L-28c, L-30b, L-31b, L-33b, L-33c, L-34c, L-36b, L-37b, L-39c, L-39e; O-01b, O-07c, O-15c; P-03b, P-03c, P-03d, P-04b, P-04c, P-04d, P-04e, P-05b, P-06c, P-07c, P-09b, P-09d, P-11b, P-12d, P-15b, P-15c, P-15d, P-19b, P-19c, P-21c, P-24d, P-24e, P-25b, P-25c, P-26b, P-27b, P-29c, P-29d, P-32b.

1.1.2. boroca

ALGa

L-18.

1.1.3. bronca

ALGa

O-24.

Enquisas de estudantes

C-25b.

1.1.4. brouca

ALGa

P-05.

Enquisas de estudantes

C-39k; O-01c.

1.2. Formas derivadas

1.2.1 brocada

Enquisas de estudantes

P-12b, P-12e.

1.2.2. brocudá

Enquisas de estudantes

C-20c.

1.3. Construcións con *cornø*: *cornø broco*

Enquisas de estudantes

O-15b.

2. *cabana*

ALGa

C-41, C-45¹; L-36; O-05, O-06; P-06, P-08, P-14, P-15; Z-03.

¹ Sinálase en nota “Que ten as cornas reviradas para abaixo ou para arriba”.

Enquisas de estudantes

C-40f, C-42b², C-49c, C-49d, C-49e; O-06c, O-15d; P-05b, P-06b³, P-14b, P-17b, P-17c, P-20b, P-21b, P-26b, P-28d, P-29b.

² Indícase en nota “cuernos gruesos”.

³ Recóllese con modificador: *cabana dos dous*.

3. Designacións construídas sobre *corno*²⁵⁶

3.1. Con sufixos

3.1.1. *cornecha*

ALGa

L-15.

3.1.2. *cornella*

Enquisas de estudantes

C-37b.

3.2. Lexías que significan ‘cornos baixos, orientados cara abaixo’²⁵⁷

3.2.1. *cornos baixos*

ALGa

C-47; O-28¹; P-18, P-20.

¹ Recóllese *que ten os cornos baixos*.

Enquisas de estudantes

C-41b².

² Recóllese *de cornos baixos*.

3.2.2. *cos cornos pra baixo*

Enquisas de estudantes

C-39i; O-16d.

3.2.3. *cos cornos prá terra*

Enquisas de estudantes

O-27b.

3.3. Lexías que significan ‘cornos torcidos’

3.3.1. *cornos torcidos*²⁵⁸

²⁵⁶ Véxanse tamén o apartado 1.3. (*corno broco*), o apartado 4.1.3. (*cornigacha* e *cornos gacheiros*) e o apartado 5.1. (*cornos de espicho*).

²⁵⁷ Véxase tamén o apartado 4.

²⁵⁸ Véxase tamén o apartado 4.5. (*torcida*).

ALGa

P-31.

3.3.2. *cos cornos retorneaos*

Enquisas de estudantes

C-31b.

3.3.3. *cos/de cornos revirados*

Enquisas de estudantes

C-48b¹; L-02b².

¹ Recóllese *de cornos revirados*.

² Recóllese *cos cornos revirados*.

3.4. Outras denominacións: *de mala encornadura*

Enquisas de estudantes

C-48b.

4. ‘dobrada cara abaixo, inclinada’²⁵⁹

4.1. Tipo *gacha*

4.1.1. Sen derivar: *gacha*

ALGa

L-38; O-11, O-13, O-29, O-30; P-33; Z-01, Z-02.

Enquisas de estudantes

A-02b; L-39d; O-20d, O-25b.

4.1.2. *gachuela*

Enquisas de estudantes

Le-05c.

4.1.3. Co substantivo *corno*

4.1.3.1. *cornigacha*

Enquisas de estudantes

C-13f.

4.1.3.2. *de cornos gacheiros*

²⁵⁹ Véxase tamén o apartado 3.2.

Enquisas de estudantes

O-16c.

4.2. penza

ALGa

C-28.

4.3. piñeira

ALGa

O-31.

4.4. reviraganchos

Enquisas de estudantes

C-39d.

4.5. torcida²⁶⁰

Enquisas de estudantes

C-24c.

5. Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos

5.1. cornos de espicho

ALGa

L-11.

5.2. gabucha

ALGa

L-29.

5.3. gadaña

ALGa

L-35, L-39¹.

¹ Sinálase en nota “cornos xuntos e pra diante”.

Enquisas de estudantes

L-34b.

²⁶⁰ Véxase tamén o ap. 3.3. ‘cornos torcidos’.

5.4. *galluda*

Enquisas de estudantes

L-09d.

5.5. Sobre a forma *gancho*²⁶¹

5.5.1. Formas sen derivar

5.5.1.1. *gancha*

ALGa

O-16, O-25.

Enquisas de estudantes

Le-05b; O-16d, O-20c, O-29b; P-08b.

5.5.1.2. *gaucha*

Enquisas de estudantes

O-14b.

5.5.2. Con sufixos

5.5.2.1. *ganchela*

ALGa

P-13.

5.5.2.2. *ganchola*

ALGa

L-35.

Enquisas de estudantes

L-39b.

5.6. Sobre a forma *guicha*

5.6.1. Formas sen derivar

5.6.1.1. *guicha*

Enquisas de estudantes

C-30d, C-30e.

²⁶¹ Véxase tamén o ap. 4.4. (*reviraganchos*).

5.6.1.2. *guincha*

ALGa

O-09.

5.6.2. Forma derivada: *guinchona*

ALGa

L-20.

Enquisas de estudiantes

C-28f.

5.7. Derivados de *pico*

5.7.1. *picaña*

Enquisas de estudiantes

P-14d.

5.7.2. *picocha*

Enquisas de estudiantes

P-12e.

5.8. Derivados de *pincho*

5.8.1. *pinchona*

Enquisas de estudiantes

L-14b, L-17b, L-24c.

5.8.2. *pinchorla*

Enquisas de estudiantes

L-22b.

6. Sobre a raíz *moc-*, *mouc-*, etc.

6.1. *mocha*

ALGa

O-20.

6.2. *moguela*

Enquisas de estudiantes

C-29b¹.

¹ A forma que se transcribe é *mojela*, seguramente representación gráfica da gheada existente nese punto.

6.3. *mouchos*

ALGa

P-28.

6.4. *mouca*

ALGa

Le-01.

6.5. *mouquela*

ALGa

C-40.

7. Derivados de *cacho*

7.1. *cachela*

ALGa

O-14.

7.2. *cachena*

ALGa

O-19.

8. Designación de oficio

8.1. *notaria*

ALGa

C-49.

Enquisas de estudantes

P-06b, P-12c.

8.2. *filadora*

ALGa

L-11.

9. Comparación con animais que destacan polos seus cornos

9.1. Comparación coa cabuxa: *chota*

ALGa

P-11.

9.2. Comparación co escaravello: *cornos de escaravello*

Enquisas de estudantes

P-17d.

10. Outras designacións

10.1. *comunista*

ALGa

C-26¹.

¹ Rara, de broma.

10.2. Designación xeográfica: *mirandés*

ALGa

O-08¹.

¹ Como información adicional sinálase que neste punto non hai vacas, só 20 bois, o que explicaría a forma en masculino.

10.3. Designación habitual para a vaca que ten os cornos orientados cara arriba: *gallarda*²⁶²

Enquisas de estudantes

P-09c.

10.4. Designación habitual para a vaca sen cornos: *mona*

Enquisas de estudantes

P-28b.

10.5. Designación habitual para o animal novo: *xuvenca*

ALGa

O-15¹.

²⁶² En C-34 hai unha anotación marxinal “*gallarda*, nome dado polo garbosa”.

¹ Recóllese tamén (cf. ap. 10.6.) a forma *pisca* “de cornaxe ben presentada”.

10.6. *pisca*

ALGa

O-15¹.

¹ Sinálase en nota: “De cornaxe ben presentada”. Recóllese tamén *xuvenca*, sen especificar significado.

11. Designacións problemáticas

11.1. *barroquella*

Enquisas de estudantes

C-13d.

11.2. *catoa*

Enquisas de estudantes

C-39k.

11.3. *univesa*

ALGa

O-07.

12. Puntos sen resposta

ALGa

C-09, C-10, C-15, C-27, C-29, C-30, C-34¹, C-35, C-38, C-39, C-42, C-43, C-48; L-03; Le-05; O-23, O-26, O-27; P-12, P-17.

¹ Hai unha anotación marxinal: “*gallarda*, nome dado polo garbosa”. Véxase o apartado 9.4.

Enquisas de estudantes

C-08c, C-09c, C-09e, C-18b, C-18g, C-27b, C-28b, C-35d, C-35e, C-35h, C-39e, C-39f, C-39g, C-40e, C-41c, C-41d, C-42d, C-44b, C-45b; O-06b, O-07b, O-16b, O-17b, O-20b, O-21b, O-26b; P-04f, P-06d, P-07b, P-10b, P-12f, P-14c, P-15e, P-16b, P-24b, P-24c, P-28c.

Distribución xeográfica das respostas

A forma hexemónica en todo o territorio, con excepción do centro e suroeste da provincia de Ourense, é *broca*; esporadicamente localizamos tamén algún derivado e incluso formas con alteracións na raíz, pero sen continuidade xeográfica (con excepción de *brocada*, documentada en dous puntos contiguos no Salnés). Ademais dos mapas de conxunto, ofrecemos tres grupos de mapas de detalle, dividido o primeiro deles para a rede de puntos do ALGa e das enquisas de estudantes.

O primeiro grupo de mapas trata o tipo *broca*, comentado no parágrafo anterior, e mais a voz *cabana*, a segunda en importancia. Agás un rexistro esporádico en Zamora, esta palabra concéntrase no cuartel inferior esquerdo da imaxe de Galicia; se nos atemos só ós datos da rede de puntos do ALGa, a súa franxa é máis cativa, case unha liña recta entre Noia e Beariz (con dous puntos ó NE desta localidade ourensá e o citado rexistro en Zamora).


O segundo mapa analiza tres procedementos de formación. En primeiro lugar, está a creación sobre a forma *cornu*, con diferentes sufixos e modificadores, un mecanismo que aparece en diferentes zonas de Galicia, especialmente no sur da provincia da Coruña (tamén é certo que nese lugar a rede de puntos é máis mesta). O segundo procedemento son as construcións que significan ‘dobrada cara abaixo, inclinada’, un caixón que engloba moitas formas distintas. Sobresae a forma *gacha* e diferentes derivados, concentrados especialmente no leste da provincia de Ourense e puntos de Zamora (inda que hai outros tres rexistros, considerablemente afastados desta área); o resto de formas é pouco relevante cuantitativamente (varios son resposta única), e moi dispersos no territorio. Por último, no que respecta ó terceiro procedemento de formación, a área máis compacta ocúpana os derivados de *pincho*, catro puntos lugueses orbitando ó redor de Friol, e tamén a forma *gadaña*, en tres puntos do sur desa mesma provincia; no que respecta ó resto das voces, sinalamos que son os derivados de *gancho* os máis difundidos, ocupando, sobre todo, o centro-sur da provincia de Ourense.

O terceiro mapa concentra respostas moi minoritarias. Temos diferentes formas con raíz do tipo *mouc-* ou *moc-*, cinco puntos espaxados por todo o territorio. Pola contra, a forma *notaria* ten unha área xeográfica moi concreta, ambas as dúas marxes da ría da Arousa. Os derivados de *cacho* aparecen só en dous puntos de Ourense. Pode chamar a atención que a maioría dos puntos sen resposta se concentren no sur da Coruña e norte de Pontevedra, pero cómpre ter presente que esa é a zona máis densa da rede de puntos, polo que en termos relativos non hai tal acumulación.

MAPAS DE CONXUNTO


16a. Vaca cos cornos cara abaixo. Todas as fontes

- | | | |
|------------------------------------|--|--|
| ■ Tipo lexical <i>broca</i> | ● Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos | ▲ Comparación con animais que destacan polos seus cornos |
| ● <i>cabana</i> | ● Sobre a raíz <i>mouc-, moch-, etc.</i> | ⊕ Outras designacións |
| ● Construcións sobre <i>como</i> | ● Derivados de <i>cacho</i> | ✱ Designacións problemáticas |
| ● 'Dobrada cara abaixo, inclinada' | ◇ Designacións de oficio | + Puntos sen resposta |




16a. Vaca cos cornos cara abaixo. ALGa

- | | | |
|------------------------------------|--|--|
| ■ Tipo lexical <i>broca</i> | ● Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos | 🚩 Comparación con animais que destacan polos seus cornos |
| ● <i>cabana</i> | ● Sobre a raíz <i>mouc-</i> , <i>moch-</i> , etc. | ⊕ Outras designacións |
| ● Construcións sobre <i>cornu</i> | ● Derivados de <i>cacho</i> | ⚡ Designacións problemáticas |
| ● 'Dobrada cara abaixo, inclinada' | ◇ Designacións de oficio | + Puntos sen resposta |



16a. Vaca cos cornos cara abaixo. Enquisas de estudantes

- | | | |
|------------------------------------|--|------------------------------|
| ■ Tipo lexical <i>broca</i> | ● Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos | ⊕ Outras designacións |
| ● <i>cabana</i> | ● Sobre a raíz <i>mouc-, moch-, etc.</i> | ⊛ Designacións problemáticas |
| ● Construcións sobre <i>como</i> | ◇ Designacións de oficio | + Puntos sen resposta |
| ● 'Dobrada cara abaixo, inclinada' | ⚡ Comparación con animais que destacan polos seus cornos | |




MAPAS DE DETALLE

a) Tipos *broca* e *cabana*


16a. Vaca cos cornos cara abaixo. Todas as fontes

- *broca*
- *cabana*
- Tipo *broca* con alteración da raíz
- Derivados de *broca*




16a. Vaca cos cornos cara abaixo. ALGa

- broca
- cabana
- Tipo broca con alteración da raíz



16a. Vaca cos cornos cara abaixo. Enquisas de estudantes

- *broca*
- *cabana*
- Tipo *broca* con alteración da raíz
- Derivados de *broca*




MAPAS DE DETALLE

b) Designacións construídas sobre *como*; 'dobrada cara abaixo, inclinada'; comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos

16a. Vaca cos cornos cara abaixo. Todas as fontes


<u>Designacións construídas sobre <i>como</i></u>	<u>'Dobrada cara abaixo, inclinada'</u>	<u>Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos</u>
■ Con sufixos	● Tipo <i>gacha</i> , sen derivar	● <i>cornos de espicho</i>
■ 'Cornos baixos, cara abaixo'	● Derivado <i>gachuela</i>	● <i>gabucha</i>
■ 'Cornos torcidos'	● Co substantivo <i>como</i>	● <i>gadaña</i>
■ <i>De mala encomadura</i>	● <i>penza</i>	● <i>galluda</i>
	● <i>piñeira</i>	● Sobre a forma <i>gancho</i>
	● <i>reviraganchos</i>	● Sobre a forma <i>guicha</i>
	● <i>torcida</i>	● Derivados de <i>pico</i>
		● Derivados de <i>pincho</i>



c) Outras respostas

16. Vaca cos cornos cara abaixo . Todas as fontes

- Formas con raíz *mouc-, moch-, etc.*
 - Derivados de *cacho*
 - Designación de oficio
 - *notaria*
 - *filadora*
- Comparación con animais que destacan polos seus cornos
 - Comparación coa cabuxa: *chota*
 - Comparación coa escaravella: *cornos de escaravello*
 - ⊕ Outras designacións
 - ⊛ Formas problemáticas
 - + Puntos sen resposta



Pregunta 16B. Vaca cos cornos cara arriba

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1561 *Vaca cos cornos cara arriba, garouta.*
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 105 *Vaca con los cuernos hacia arriba (garouta).*

1. Designacións de instrumentos agrícolas ou domésticos

1.1. Sobre a forma *galla*

1.1.1. Derivado *gallada*

1.1.1.1. *gallada*

Enquisas de estudantes

C-09d.

1.1.1.2. Formas con prefixación adicional

1.1.1.2.1. *degallada*

ALGa

O-07.

1.1.1.2.2. *engallada*

ALGa

O-24.

1.1.2. Derivado *galleira*

1.1.2.1. *galleira*

ALGa

C-08, C-36, C-37, C-45¹; L-24, L-28, L-31, L-34; O-01, O-02, O-06, O-11, O-13, O-21, O-28; P-02; Z-02.

¹ Indícase en nota: “Que ten as cornas reviradas para arriba”.

Enquisas de estudantes

C-35e, C-36d, C-37b; L-17b, L-24b, L-26c, L-28c, L-33b, L-33c, L-36b, L-39c; O-20b, O-20c, O-29b.

1.1.3. Derivado *galluda*

ALGa

C-01, C-02, C-03, C-04, C-08, C-12¹, C-13, C-16, C-17, C-18, C-21, C-22, C-24², C-25, C-27.

¹ Rexístrase tamén a variante *guelluda*.

² Sinálase en nota: “de cornos grandes”.

Enquisas de estudantes

C-04b, C-06d, C-13b, C-18c, C-18d, C-18e, C-18f, C-21b, C-22b; L-01b, L-05b, L-05c, L-09c; P-12b, P-12e, P-24c.

1.1.4. Creación dun verbo *gallear*: *gallea pa arriba*

Enquisas de estudantes

C-24b.

1.2. Sobre a forma *galleira*

1.2.1. Derivado *galleirada*

Enquisas de estudantes

P-12d.

1.3. Sobre a forma *galleta*

1.3.1. Derivado *galleteira*

ALGa

L-20.

Enquisas de estudantes

C-20d, C-28c, C-28f.

1.4. Sobre a forma *gancho*

1.4.1. *gancha*

ALGa

O-03, O-20.

1.4.2. *ganchola*

Enquisas de estudantes

L-39b.

1.5. Sobre *guicha*

1.5.1. Formas sen derivar

1.5.1.1. *guicha*

ALGa

C-40; P-19.

Enquisas de estudantes

C-30e, C-39c, C-39k, C-40c; P-15e, P-17b, P-17c.

1.5.1.2. *guincha*

ALGa

C-28.

1.5.2. Forma sufixada: *guinchona*

ALGa

C-20.

1.6. Derivados da forma *pico*

1.6.1. *picola*

ALGa

L-32, L-35, L-37.

1.6.2. *piquela*

ALGa

L-29, L-33; Le-01, Le-02.

1.7. Sobre a forma *pincho*²⁶³

1.7.1. *repincha*

ALGa

Z-01.

2. Comparación con outros obxectos, pola semellanza morfolóxica

2.1. Designacións que remiten á gaita

2.1.1. *gaiteira*

ALGa

²⁶³ Véxase tamén o apartado 15.9., para designacións do tipo *apichonada* que poderían ser postas en relación con *pincho*.

C-49; P-13, P-22.

Enquisas de estudantes

C-35i; O-06c; P-24e.

2.1.2. gaita afilada

ALGa

C-49.

2.2. Comparación cun guiador

2.2.1. manillar

ALGa

L-18¹.

¹ Sinálase que é forma pouco frecuente.

2.2.2. cornos de manillar

Enquisas de estudantes

L-14b.

3. gallarda

ALGa

C-11, C-14, C-38, C-41, C-42, C-43; L-17¹; O-10, O-26; P-05, P-06, P-09, P-27.

¹ Sinálase en nota “Un abaixo e outro máis arriba”.

Enquisas de estudantes

C-06b, C-15b, C-19c, C-20b, C-23b, C-25b, C-25c, C-25d, C-35b, C-35f, C-35g, C-40f, C-40g, C-42c, C-49b, C-49d, C-49e; L-26b; P-03d, P-06c, P-10b, P-17d, P-21b, P-21c, P-26b, P-27b, P-28d.

4. Designacións cunha raíz *gar-*

4.1. garoucha

Enquisas de estudantes

L-09d, L-39d; P-03b.

4.2. garouta

ALGa

A-01; L-05, L-16, L-19, L-27, L-38; O-01, O-18.

Enquisas de estudantes

C-13d, C-18h, C-19b, C-19d, C-25b, C-39b, C-44b; L-16b, L-23b, L-27b, L-28b; O-21b; P-04f, P-09b, P-09d, P-11b, P-15b.

4.3. *garrota*

Enquisas de estudantes

L-21b.

4.4. *garrouta*

Enquisas de estudantes

C-08c; P-25b.

4.5. Tipo *garrucha*²⁶⁴

ALGa

A-02, A-04, A-07; L-08, L-09, L-13¹, L-21²; Le-01³; O-09.

¹ Recóllese *cornos garruchos*, coa especificación “cornos que zarran”.

² A forma que se transcribe é *garucha*.

³ Indícase en nota: “Cornos para arriba que van cerrando na punta”.

Enquisas de estudantes

C-32b; L-12b, L-13b⁴; Le-05b.

⁴ A forma que se anota é *garuxa*.

4.6. *garuta*

Enquisas de estudantes

P-03c.

5. Forma *pisca*

ALGa

C-40; O-16, O-19; P-25, P-26, P-29, P-30, P-32.

Enquisas de estudantes

C-35c; O-15c, O-17b; P-04b, P-12f, P-16b, P-19b, P-19c, P-24b, P-24d, P-26b, P-28b, P-29b, P-29d, P-32b.

6. Forma *piñeira*

ALGa

²⁶⁴ Na c. 1562, referida á vaca cos cornos cara atrás, aparece a resposta *garrucha*, indicando en nota “para arriba e xunta adiante”.

C-19; O-01, O-23, O-25, O-27, O-29; P-08.

Enquisas de estudantes

C-28e, C-36b; L-31b, L-34c; O-01b: P-05b.

7. Construcións sobre *cornu*²⁶⁵

7.1. Derivados

7.1.1. *cornana*

ALGa

L-12.

7.1.2. *cornecha*

ALGa

L-14; P-14¹.

¹ Recóllese *cornicha*.

Enquisas de estudantes

C-42e.

7.1.3. *cornella*

Enquisas de estudantes

C-45b.

7.1.4.1 *corneta*

ALGa

P-11.

7.1.4.2. *corneteira*

Enquisas de estudantes

C-39k.

7.1.5. *cornuda*²⁶⁶

ALGa

L-15.

²⁶⁵ Véxanse tamén *cornos de manillar* (ap. 2.2.), *cornos garruchos* (ap. 4.5), *escornacabras* e *cornos de cabra* (ap. 8.1.1.3.) , *cornos ó perico* (ap. 8.1.4.2.), *cornos de cervo* (ap. 8.2.) e os tipos *cornos cara arriba* e *cornos que miran o ceo* (ap. 10).

²⁶⁶ Véxase o ap. 10.1. ‘cornos cara arriba’.

Enquisas de estudantes

C-30c, C-39e.

7.2. Engadido dun modificador referido ó aspecto ou posición dos cornos

7.2.1. *boa cornaxe*

ALGa

O-15.

7.2.2 *cornos afilados*

ALGa

L-06.

7.2.3. *(cos) cornos altos*

Enquisas de estudantes

O-25b.

7.2.4. *(de) cornos ben feitos*

Enquisas de estudantes

O-16c.

7.2.5. *cornos como agullas*

ALGa

P-10.

7.2.6. *cornos dereitos*

ALGa

C-23; P-20.

Enquisas de estudantes

L-15b¹.

¹ Recóllese *de cornos dreitos*

7.2.7. *cornos espetados*

ALGa

P-31.

7.2.8. *cornos levantados*

ALGa

C-34¹.

¹ Como información adicional sinálase en nota: “*gallarda*: nome dado polo garbosa”.

8. Referencias ó touro ou a un animal que destaca polos seus cornos

8.1. ‘cabra’

8.1.1. Forma *cabra*

8.1.1.1. Sen derivar: *cabra*

ALGa

A-03; L-26; P-07, P-11.

Enquisas de estudantes

C-13e; P-07c.

8.1.1.2. Formas derivadas

8.1.1.2.1. *cabrita*

ALGa

L-22.

8.1.1.2.2. *cabritada*

Enquisas de estudantes

A-02b.

8.1.1.3. Acompañado dun substantivo *cornos* ou un verbo creado sobre el

8.1.1.3.1. *escornacabras*

Enquisas de estudantes

L-34b.

8.1.1.3.2. *cornos de cabra*

ALGa

A-03¹; P-04, P-17.

¹ En singular: “corno de cabra”.

8.1.2. Forma *cabuxa*

Enquisas de estudantes

P-12c.

8.1.3. Forma *chiva*

Enquisas de estudantes

C-40b.

8.1.4. Forma *perica*

8.1.4.1. Sen derivar nin modificador: *perica*

ALGa

C-33; P-15.

Enquisas de estudantes

C-35d, C-49c; P-06b, P-12e.

8.1.4.2. Acompañado dun substantivo *cornu* ou un verbo creado sobre el: *cornos ó perico*

ALGa

P-16.

8.2. ‘cervo’

8.2.1. Acompañado dun substantivo *cornu* ou un verbo creado sobre el: *cornos de cervo*

ALGa

O-22.

8.3. ‘touro’

8.3.1. *estilo toro*

ALGa

P-12.

8.3.2. *tora*

ALGa

C-46.

8.3.3. *toureira*

ALGa

O-10.

9. Designacións referentes á raza e/ou procedencia xeográfica

9.1. *carballiña*

ALGa

C-44.

Enquisas de estudantes

C-40d.

9.2. do Suído

Enquisas de estudantes

O-06b.

9.3. galega

ALGa

Le-03.

9.4. mirandesa

ALGa

Z-03.

9.5. portuguesa

ALGa

L-36¹; Le-04.

¹ Indícase en nota: “cornos grandes e pra arriba”.

Enquisas de estudantes

O-15d.

9.6. xañeira

Enquisas de estudantes

C-36c.

10. ‘cornos cara arriba, que mira(n) para o ceo’

10.1. ‘cornos cara arriba’

ALGa

C-30d¹, C-39i²; L-02b³; O-16d⁴.

¹ Recóllese *cornuda pra riba*.

² Recóllese *cornos pra riba*.

³ Recóllese *pra enriba*.

⁴ Recóllese *cornos pra enriba*.

10.2. ‘que mira(n) para o ceo’

ALGa

P-33¹.

¹ Recóllese *miracielos*.

Enquisas de estudantes

C-20c²; O-27b³; P-11b⁴.

² Recóllese *vaca que os cornos miran o ceo*.

³ Recóllese *con os cornos mirando pra o ceo*.

⁴ Recóllese *miracielos*.

11. Forma *calva* e derivados

11.1. *calva*

ALGa

C-06c, C-13f.

11.2. *calvela*

ALGa

A-05.

Enquisas de estudantes

L-06b.

11.3. *calviña*

ALGa

P-04e.

12. Forma *cabana*

ALGa

P-18, P-21, P-24.

Enquisas de estudantes

P-09c, P-19b, P-19c.

13. Comparación co bispo, seguramente a través da mitra

13.1. *obispa*

ALGa

O-04¹, O-30.

¹ En masculino: “obispo”.

14. Outras designacións

14.1. *altina*

ALGa

O-12.

14.2. *cabeza boa*

ALGa

O-20.

14.3. Sobre *cacho*: *escachados*

ALGa

P-28.

14.4. *de memoria*

ALGa

L-02.

14.5. *en punta*

Enquisas de estudantes

Le-05c.

14.6. *mala*

Enquisas de estudantes

C-39e.

14.7. *trompeta*

ALGa

C-08.

15. Designacións problemáticas

15.1. Designacións habituais para a cor da vaca

15.1.1. *cereixa*

ALGa

P-01.

15.1.2. *loura*

ALGa

L-25.

15.1.3. *teixa*

ALGa

L-01.

15.2. *cachorra*

ALGa

C-26.

15.3. *cascabela*

ALGa

P-03.

15.4. *cuquesa*

ALGa

Z-03.

15.5. *galancheira*

ALGa

O-17.

15.6. *gabecha*

Enquisas de estudantes

L-37b.

15.7. Designación habitual para a vaca nova: *novela*

Enquisas de estudantes

O-20d.

15.8. Sobre *pichón* ou *pincho*

15.8.1. *apichonada*

ALGa

P-23.

15.8.2. *pichola*

Enquisas de estudantes

O-01c, O-14b.

15.8.3. *pichona*

ALGa

O-19; P-23.

15.9. *preira*

Enquisas de estudantes

P-20b.

16. Sen resposta

ALGa

A-06¹; C-05, C-06, C-07, C-09, C-10, C-15, C-29, C-30, C-31, C-32², C-35, C-39, C-47, C-48; L-03, L-04, L-07, L-10, L-11, L-23, L-30, L-39; Le-05; O-05, O-08, O-14, O-31.

¹ Na c. 1562, referida á vaca cos cornos cara atrás, aparece a resposta *garrucha*, indicando en nota “para arriba e xunta adiante”.

² Como información adicional sinálase en nota: “Cornos: *virados* (= para abaixo, para arriba... curvos); *retortos* (= en caracol)”.

Enquisas de estudantes

C-03b, C-04c, C-04d, C-08b, C-09b, C-09c, C-09e, C-13c, C-18b, C-18g, C-24c, C-27b, C-28b, C-28d, C-29b, C-30b, C-31b, C-31c, C-35h, C-39d, C-39f, C-39g, C-39h C-40e, C-41b, C-41c, C-41d, C-42b, C-42d, C-43b, C-48b; L-04b, L-09b, L-14c, L-21c, L-22b, L-24c, L-30b, L-39e; O-07b, O-07c, O-15b, O-16b, O-26b; P-04c, P-04d, P-06d, P-07b, P-08b, P-14b, P-14c, P-14d, P-15c, P-15d, P-25c, P-28c, P-29c.

Distribución xeográfica das respostas

Agrupamos as respostas para este concepto en dezaseis apartados: ademais dos tres mapas de conxunto, hai nove mapas de detalle (tres grupos divididos, como é habitual, segundo a procedencia das informacións).

O primeiro mapa analiza as construcións sobre designacións de instrumentos agrícolas e domésticos. As creacións sobre *galla* son, con moito, as máis numerosas. *Galluda* concéntrase na proximidade da costa, desde Muxía ata o Valadouro; hai tamén un par de rexistros no Salnés e en Zamáns (Vigo), documentados no ALGa. Pola contra, *galleira* é fundamentalmente de interior: descartados tres rexistros en Ares e Carnota, a súa área é o suroeste da provincia de Lugo (e puntos veciños da Coruña e Pontevedra), estendéndose cara a Ourense e chegando á fronteira con Portugal. O verbo *gallear* e mais *gallada* case non teñen rexistros (catro en total). Como complemento, véxase a distribución destas formas no capítulo 16d (referido ós cornos ós lados).

As construcións sobre outros instrumentos agrícolas son moito menos frecuentes e desiguais no que respecta á difusión polo territorio. As formas do tipo *guicha* son as máis estendidas, no sur da Coruña e centro de Pontevedra; *galleiteira* ten moitos menos rexistros, pero unha área compacta, un triángulo con vértices en Friol, Boimorto e Cuntis. Por último, teñen tamén interese no que respecta ó reparto territorial os derivados de *pico*, propios do galego oriental, rexistrados en cinco puntos do leste de Lugo e dous de León. No que respecta a outros obxectos, non de labranza, temos *manillar* en dous puntos de Lugo e un no centro da Coruña e, máis numerosas e con maior continuidade xeográfica, construcións a partir de *gaita*, en dous puntos de diferentes ribeiras da ría da Arousa, dous no sur de Pontevedra e un punto ourensán bastante próximo, O Carballiño.

O segundo grupo de mapas conságrase ás formas *gallarda*, *pisca*, *piñeira* e ó extenso grupo de voces que comparten unha raíz *gar-*. A primeira destas palabras é un termo localizado case exclusivamente na metade occidental do territorio (só hai un punto que se afasta, no Corgo, nunha enquisa de estudante; nótese que está ausente do noroeste da provincia da Coruña), con maior densidade no territorio coruñés. *Pisca* é tamén occidental (inda que hai un punto no Bolo), pero concéntrase sobre todo no sur, especialmente no terzo inferior de Pontevedra, con especial relevancia ó longo da fronteira con Portugal. A voz *piñeira* é menos frecuente; localízase en dúas zonas diferenciadas: no centro de Galicia (límites fronteirizos entre provincias) e no extremo sur de Ourense. As formas de raíz *gar-*


están moito máis dispersas. *Garouta* atópase un pouco por toda Galicia, mentres que *garrucha*, a segunda en frecuencia, concéntrase sobre todo, na zona oriental, tanto dentro coma fóra do territorio administrativo de Galicia. As outras respostas deste tipo son moito máis esporádicas, e documentadas só no ALGa (non se pode descartar que, incluso, algunha delas sexa erro de interpretación ou de transcripción).

16e. Vaca sen cornos. Todas as fontes

- | | | |
|-------------------------------|--------------------|--------------------|
| ● Formas de raíz <i>moc-</i> | ■ <i>comecha</i> | ● Tipo <i>cota</i> |
| ⊗ Formas de raíz <i>moch-</i> | ■ <i>comuda</i> | ● Tipo <i>toca</i> |
| ⊙ Formas de raíz <i>mouc-</i> | ■ <i>escornada</i> | ● <i>nacha</i> |
| ● <i>moucha</i> | | ⊕ <i>cachena</i> |
| ⊕ <i>muxena</i> | | + Sen resposta |




16e. Vaca sen cornos. ALGA

- | | | | | | |
|---|-----------------------------|---|------------------|---|------------------|
| ● | Formas de raíz <i>moc-</i> | ■ | <i>comecha</i> | ◆ | Tipo <i>cota</i> |
| ⊗ | Formas de raíz <i>moch-</i> | ■ | <i>escornada</i> | ◆ | Tipo <i>toca</i> |
| ● | Formas de raíz <i>mouc-</i> | | | ● | <i>nacha</i> |
| ● | <i>moucha</i> | | | + | Sen resposta |



16e. Vaca sen cornos. Enquisas de estudantes

- | | | | | | |
|---|-----------------------------|---|------------------|---|------------------|
| ● | Formas de raíz <i>moc-</i> | ■ | <i>comecha</i> | ◆ | Tipo <i>cota</i> |
| ⊗ | Formas de raíz <i>moch-</i> | ■ | <i>comuda</i> | ◆ | Tipo <i>toca</i> |
| ⊙ | Formas de raíz <i>mouc-</i> | ■ | <i>escornada</i> | ● | <i>nacha</i> |
| ⊙ | <i>moucha</i> | | | + | <i>cachena</i> |
| + | <i>muxena</i> | | | | + Sen resposta |



16F. Vaca cun corno só

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- ALGa: pregunta nº 1565 *Vaca con un corno, mojela*.
- Enquisas de estudantes: pregunta nº 109 *Vaca a la que falta un cuerno (mojela)*.

1. Construcións sobre a forma *mona*

1.1. *mona*

ALGa

C-07, C-13, C-17, C-18, C-28, C-34, C-36, C-37¹, C-40, C-46; L-16, L-19, L-28; P-01, P-29, P-30.

¹ Recóllese como resposta a esta pregunta, e á anterior, a forma *mona*, pero figura tamén como anotación marxinal: “*mona*: un corno para adiante e outro para atrás”.

Enquisas de estudantes

C-13c, C-18c, C-18e, C-18g, C-25d, C-28e, C-32b, C-40d, C-40e; L-17b; P-03b, P-04b, P-04d, P-09c, P-17b, P-24d, P-28b², P-32b.

² Recóllese a expresión *quedar mona*.

1.2. Formas derivadas²⁷³

1.2.1. *remona*

Enquisas de estudantes

O-07b.

1.2.2. Tipo *semimona*

Enquisas de estudantes

C-35d¹; P-12d.

¹ A forma que se transcribe é *simemona*

1.3. Con modificadores que indican que só perdeu un corno

1.3.1. *mona dun corno*

ALGa

C-12, C-19, C-23, C-29, C-31, C-44, C-47, C-48; O-02, O-05, O-10, O-23, O-31; P-04, P-06, P-08, P-15, P-16, P-18, P-20, P-21, P-22, P-24, P-32.

²⁷³ Véxase tamén o apartado 1.3.4. *esmonada dun lado*.

Enquisas de estudiantes

C-13b, C-13d, C-13e, C-31c, C-35b, C-35c, C-35h, C-36d, C-37b; L-28b; O-01c, O-15d; P-12c, P-20b, P-26b.

1.3.2. mona dun lado

ALGa

C-11, C-16, C-26, C-27, C-33, C-38; L-24, L-31; P-03, P-28.

Enquisas de estudiantes

C-13e, C-18d, C-27b, C-28d; P-03d, P-05b.

1.3.3. media mona

ALGa

O-15.

Enquisas de estudiantes

P-15c.

1.3.4. Forma derivada *esmonada* con modificador: *esmonada dun lado*

ALGa

C-24.

2. Formas de raíz *mouc-*, *moc-*

2.1. Forma *moca* e derivados

2.1.1. Sen derivar: *moca*

ALGa

L-18.

Enquisas de estudiantes

L-24b, L-30b.

2.1.2. Derivado *moquena*

ALGa

C-15.

Enquisas de estudiantes

C-09e, C-19c, C-20d, C-31b, C-40b, C-40g ; P-29c.

2.2. Forma *mocha* e derivados

2.2.1. *mocha*

ALGa

C-41; L-22, L-26; O-09¹.

¹ Cando é de nacemento. Recóllese tamén a expresión *que se ermouca*.

Enquisas de estudantes

L-15b, L-26c, L-36b; O-15c, O-17b; P-14d.

2.2.2. Con sufixos

2.2.2.1. *mochela*

ALGa

C-45.

2.2.2.2. *mochena*

Enquisas de estudantes

L-14c.

2.2.3. Con modificador: *mocha dun lado*

ALGa

P-09.

2.3. Forma *moguela*

ALGa

C-22.

Enquisas de estudantes

C-24b, C-29b, C-35f ; P-24b, P-25c.

2.4. Forma *mouca* e derivados

2.4.1. Forma sen derivar: *mouca*

ALGa

A-03, A-06; L-30, L-32, L-33, L-34, L-36, L-37; Le-03; O-03, O-09¹, O-11, O-14, O-16, O-21, O-22, O-24, O-25, O-29; Z-01, Z-02, Z-03.

¹ Cando non é de nacemento.

Enquisas de estudantes

A-02b; C-25b; L-33b, L-33c, L-34b, L-39b, L-39d; Le-05b; O-20d, O-21b, O-27b.

2.4.2. Forma sufixada: *mouquela*

Enquisas de estudantes

L-30b.

2.4.3. Con prefixos e sufixos: *esmoucada*²⁷⁴

ALGa

A-04; L-35, L-38; O-07, O-12, O-13, O-17¹, O-20, O-25, O-27.

¹ Alterna coa variante fonética *emoucada*.

Enquisas de estudantes

O-07c, O-14b, O-16b², O-16c, O-20c, O-25b, O-29b.

² Cando non é de nacemento.

2.4.4. Con modificadores

2.4.4.1. *mouca dun corno*

ALGa

A-05; Le-05¹; O-04, O-18.

¹ Recóllese *mouca dun cuerno*.

2.4.4.2. *mouca dun lau*

ALGa

A-02.

2.4.4.3. *demoucada dun lado*

ALGa

A-01.

2.5. Forma *moucha*

ALGa

O-26.

Enquisas de estudantes

L-21c, L-24c.

2.6. Derivados a partir doutras formas base

2.6.1. *moxela*

²⁷⁴ Véxase tamén 2.4.4.3. *demoucada dun lado*.

Enquisas de estudantes

L-21b.

2.6.2. esmoncada

Enquisas de estudantes

L-37b.

3. Construcións sobre *cornu*²⁷⁵

3.1. Con prefixos e sufixos

3.1.1. alicórneo

Enquisas de estudantes

O-15b.

3.1.2. cornacha

Enquisas de estudantes

P-16b.

3.1.3. córnea

ALGa

L-17.

3.1.4. corneira

ALGa

C-21.

3.1.5. cornela

ALGa

L-03; O-30.

3.1.6. corneta

Enquisas de estudantes

L-28c.

3.1.7. cornicha

ALGa

²⁷⁵ Véxanse tamén os apartados 1.3. (*mona dun cornu*), 2.4. (*mouca dun cornu*), 4.4.2. (*torta dun cornu*), 5.1.2. (*cota dun cornu*), 9.7. (*nafa dun cornu*) e 9.8. (*necia dun cornu*).

P-14.

3.1.8. cornuda

ALGa

P-31, P-33.

Enquisas de estudiantes

P-24e, P-29b.

3.1.9. descornada

Enquisas de estudiantes

Le-05c; P-09b.

3.1.10. escornada

ALGa

A-07; C-01, C-02, C-03, C-04, C-05, C-06, C-07, C-09, C-42; L-01, L-02, L-03, L-04, L-05, L-06, L-07, L-08, L-09, L-10, L-11, L-12, L-19, L-21, L-23, L-27, L-29; Le-01, Le-02, Le-04; P-10, P-33.

Enquisas de estudiantes

C-03b, C-04b, C-04c, C-04d, C-06b, C-06c, C-06d, C-08b, C-09b, C-09d, C-15b, C-40f, C-49b; L-01b, L-02b, L-04b, L-05b, L-05c, L-09b, L-09c, L-09d, L-12b, L-13b¹, L-16b, L-21c, L-23b; O-14b; P-03c.

3.2. Cun modificador ‘dun corno, dun lado’

3.2.1.1. escornada dun corno

ALGa

C-08, C-14.

Enquisas de estudiantes

L-06b.

3.2.1.2. escornada dun lado

ALGa

L-13.

3.2.2. cornuda dun lado

ALGa

L-15.

3.3. ‘vaca que só ten un corno’

3.3.1. *cun corno solo*

ALGa

P-29.

Enquisas de estudantes

P-19b.

3.3.2. Tipo *sin un corno*²⁷⁶

ALGa

C-39, C-45; L-17; P-11¹, P-12².

Enquisas de estudantes

C-18h¹, C-22b², C-35i, C-39i, C-41b¹; L-14b; O-01b¹.

¹ Recóllese *sin corno*.

² Recóllese *ta sin corno*.

3.3.3. *fáltalle un corno*

ALGa

C-20; P-02.

Enquisas de estudantes

C-42c, C-42e; P-14b.

3.3.4. *vaca cun corno*

ALGa

P-25.

3.3.5. *vaca dun corno*

ALGa

P-19.

Enquisas de estudantes

O-16d.

3.4. ‘vaca á que lle caeu un corno’

3.4.1. *caeulle un corno*

ALGa

L-20.

²⁷⁶ Se non se especifica o contrario, a forma que se recolle é *sin un corno*.

3.4.2.1. *partiulle un corno*

ALGa

O-19.

3.4.2.2. *corno partido*

ALGa

P-20.

Enquisas de estudantes

C-35g, C-40c¹.

¹ Recóllese *do corno partido*.

3.4.3. *que perdeu un corno*

ALGa

C-10.

3.5. ‘baixa dun corno’

3.5.1. *baixa dun corno*

Enquisas de estudantes

L-34c.

4. ‘que lle falta unha man ou un ollo’

4.1. Forma *manca* e derivados

4.1.1. *manca*

Enquisas de estudantes

C-30c.

4.1.2. *manquesa*

Enquisas de estudantes

C-39g.

4.2. Forma *manota*

ALGa

P-26.

4.3. Forma *pitoña*

Enquisas de estudantes

C-49e; P-12b, P-12e.

4.4. Forma *torta*

4.4.1. Sen especificador: *torta*

Enquisas de estudantes

P-09d, P-25b.

4.4.2. Con especificador: *torta dun corno*

Enquisas de estudantes

C-21b.

5. Formas *cota* e *toca* e derivados

5.1. Tipo *cota*

5.1.1. Forma sen derivar nin especificar: *cota*

ALGa

C-49; O-06, O-28.

Enquisas de estudantes

C-39c, C-39k.

5.1.2. Forma con modificador: *cota dun corno*

Enquisas de estudantes

C-39c.

5.2. Tipo *toca*

5.2.1. Forma sen derivar: *toca*

ALGa

C-32; L-18.

Enquisas de estudantes

C-25c, C-42b¹; P-03b.

¹ A forma que se anota é *toja*, que posiblemente sexa unha realización con gheada dunha forma que sufriu sonorización da velar (*toga*).

5.2.2. Derivado *toquela*

Enquisas de estudantes

C-49d.

6. fanada

ALGa

P-05.

Enquisas de estudantes

C-18d, C-28c, C-39d; L-26b, L-39c; P-04e, P-10b, P-11b, P-17b, P-17c.

7. cachena

Enquisas de estudantes

C-19b, C-19d, C-20b; P-15e.

8. roma

Enquisas de estudantes

C-41d; P-11b.

9. Outras designacións

9.1. Denominación habitual para a vaca cos cornos cara abaixo: forma *broca*

Enquisas de estudantes

C-24b; L-31b.

9.2. cañota

ALGa

P-26.

9.3. chavela

ALGa

P-27.

9.4. escoxada

Enquisas de estudantes

O-06b.

9.5. esmorrada

Enquisas de estudantes

C-19c.

9.6. *nacha*

Enquisas de estudantes

O-06c.

9.7. *nafa dun corno*

ALGa

P-13.

9.8. *necia dun corno*

ALGa

C-25.

10. Designacións problemáticas: *torda*

ALGa

C-43¹.

¹ Sinálase que é forma infrecuente neste punto.

11. Sen resposta

ALGa

C-30, C-35; L-14, L-25, L-39; O-01, O-08; P-07, P-17, P-23.

Enquisas de estudantes

C-08c, C-09c, C-13f, C-18b, C-18f, C-20c, C-23b, C-24c, C-28b, C-28f, C-30b, C-30d, C-30e, C-35e, C-36b, C-36c, C-39b, C-39e, C-39f, C-39h, C-41c, C-42d, C-43b, C-44b, C-45b, C-48b, C-49c; L-22b, L-27b, L-39e; O-20b, O-26b; P-04c, P-04f, P-06b, P-06c, P-06d, P-07b, P-07c, P-08b, P-12f, P-14c, P-15b, P-15d, P-17d, P-19c, P-21b, P-21c, P-24c, P-27b, P-28c, P-28d, P-29d.

Distribución xeográfica das respostas

Ofrecemos para este concepto tres grupos de mapas de detalle, ademais dos habituais mapas de conxunto.

O primeiro grupo conságrase ás formas de tipo *mona* e ás de tipo *mouca*. En grandes liñas, ás primeiras corresponde a metade occidental de Galicia, mentres que as segundas se instalan principalmente na zona oriental, pero non é unha división tallante, pois hai dous rexistros de *mona* no extremo leste de Lugo e, sobre todo, porque temos unha vintena de casos de *moca*, *moghela* ou derivados de *mocha* na metade occidental.

A forma *mona* convive coas construcións que lle engaden algún tipo de modificador, que son a maioría, especialmente *mona dun lado* (sobre todo no noroeste) e *mona dun corno* (en todo o occidente). A familia *moc-* ten un reparto complicado, pero, a diferenza do subcapítulo anterior, distinguimos diferentes áreas. *Moca* e derivados concéntranse no oriente da Coruña, no linde con Lugo, onde hai tres rexistros máis (hai outro adicional, pero moito máis afastado, no sur de Pontevedra). *Mouca* e derivados son as formas hexemónicas na Asturias de fala galega e no cuarto sueste de Galicia. Por contra, *moghela* é un resultado occidental: tres puntos entre terras de Soneira e Fisterra, dous na comarca de Vigo e outro, o máis interior, no concello de Santiago de Compostela. A forma *mocha* e os seus derivados sufixados serán, quizais, os máis dispersos, pois temos seis rexistros no centro de Lugo, dous na marxe sur da ría de Muros-Noia, outros dous no norte de Pontevedra e un último rexistro en Carballeda, Ourense (pero só para a vaca á que lle falta un corno de nacemento).

O segundo grupo de mapas dedícase ás construcións sobre *corno* e ás designacións do tipo ‘que perdeu unha man, un ollo’. A diferenza doutros conceptos, nos que se vía que os derivados de *corno* estaban dispersos por todo o territorio, sen unha densidade especial en ningún punto, aquí hai unha zona onde este tipo de voces (fundamentalmente *escornada*) ten unha presenza moi forte e, de feito, será resposta case hexemónica nunha ampla franxa que vai das bisbarras de Ferrol e Ortegá ata puntos de Ponferrada. Por suposto, temos respostas deste tipo noutras partes do territorio (sobre todo a través das enquisas de estudantes), pero con menos forza e menos concentradas. No que se refire a lexías compostas do tipo ‘vaca que perdeu un corno’ e ‘vaca que só ten un corno’, a distribución é moito máis desigual, como é esperable ó agrupar construcións heteroxéneas desde o punto


de vista formal, inda que están sempre radicadas no territorio occidental. Polo que respecta ó outro grupo de formas ‘sen unha man, sen un ollo’, chamarei a atención só para un fenómeno que xa se observou en mapas anteriores: a presenza en ambas as dúas marxes da ría de Arousa dunha mesma forma, ausente no resto do territorio ou en lugares adxacentes; neste caso trátase de *pitoña*, aboada en Ribeira, Cambados e Vilanova de Arousa.

O terceiro grupo de mapas (en realidade só hai un mapa, pois os poucos puntos representados aconsellaban non dividilo) dedícase ás designacións minoritarias. Sinalemos a extensión territorial de *toca/cota*, bastante maior que no concepto anterior (‘vaca sen cornos’) e pouco homoxénea. Tamén están bastante dispersos os resultados de *fanada*, no centro de Galicia, de Carballo a Monforte de Lemos. Sinalemos, por último, a voz *cachena*, que conta con tres resultados na Coruña, entre Cambre e Aranga e un cuarto nas proximidades de Pontevedra.

MAPAS DE CONXUNTO


16f. Vaca cun corno só. Todas as fontes

- | | |
|---|---------------------------------|
| ■ Sobre mona | ● Formas cota, toca e derivados |
| ● Formas de raíz <i>moc-</i> , <i>mouc-</i> | ◆ <i>fanada</i> |
| ◆ Construcións sobre <i>cornu</i> | ▲ <i>cachena</i> |
| ● 'que lle falta unha man ou un ollo' | ★ <i>roma</i> |
| | ⊕ Outras designacións |
| | ⊛ Formas problemáticas |
| | + Sen resposta |




16f. Vaca cun corno só. ALGa

- | | |
|---------------------------------------|--|
| ■ Sobre <i>mona</i> | ● Formas <i>cota, toca</i> e derivados |
| ● Formas de raíz <i>moc-, mouc-</i> | ◆ <i>fanada</i> |
| ◆ Construcións sobre <i>cornu</i> | ⊕ Outras designacións |
| ● 'que lle falta unha man ou un ollo' | ⊛ Formas problemáticas |
| | + Sen resposta |



16f. Vaca cun corno só. Enquisas de estudantes

- | | |
|---------------------------------------|--|
| ■ Sobre <i>mona</i> | ● Formas <i>cota, toca</i> e derivados |
| ● Formas de raíz <i>moc-, mouc-</i> | ◆ <i>fanada</i> |
| ◆ Construcións sobre <i>cornu</i> | ▲ <i>cachena</i> |
| ● 'que lle falta unha man ou un ollo' | ★ <i>roma</i> |
| | ⊕ Outras designacións |
| | + Sen resposta |




MAPAS DE DETALLE


a) Construcións sobre *mona*; formas de raíz *moc-*, *mouc-*, etc.

16f. Vaca cun corno só. Todas as fontes

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ■ <i>mona</i> ▣ Derivados de <i>mona</i> <p>Con modificadores que indican que só perdeu un corno</p> <ul style="list-style-type: none"> ▣ <i>mona dun corno</i> ▣ <i>mona dun lado</i> ▣ <i>media mona</i> ▣ <i>esmonada dun lado</i> | <ul style="list-style-type: none"> ● Forma <i>moca</i> e derivados ⊗ Forma <i>mocha</i> e derivados ⊕ <i>moguela</i> ⊗ Forma <i>mouca</i> e derivados ● Forma <i>moucha</i> ● Derivados a partir doutras formas base: <i>moxela</i> e <i>esmoncada</i> |
|--|--|




16f. Vaca cun corno só. ALGa



16f. Vaca cun corno só. Enquisas de estudantes

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ■ <i>mona</i> ■ Derivados de <i>mona</i> <p>Con modificadores que indican que só perdeu un corno</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ <i>mona dun corno</i> ■ <i>mona dun lado</i> ■ <i>media mona</i> | <ul style="list-style-type: none"> ● Forma <i>moca</i> e derivados ● Forma <i>mocha</i> e derivados ⊕ <i>moguela</i> ⊗ Forma <i>mouca</i> e derivados ● Forma <i>moucha</i> ● Derivados a partir doutras formas base: <i>moxela</i> e <i>esmoncada</i> |
|---|--|




MAPAS DE DETALLE


b) Construcións sobre *cornu*; 'que lle falta unha man ou un ollo'

16f. Vaca cun corno só. Todas as fontes

- | | |
|---|----------------------------------|
| ● Sobre <i>cornu</i> con prefixos e sufixos | ■ Forma <i>manca</i> e derivados |
| ● Cun modificador 'dun corno, dun lado' | ■ Forma <i>manota</i> |
| ● 'vaca que só ten un corno' | ■ Forma <i>pitoña</i> |
| ● 'vaca á que lle caeu un corno' | ■ Forma <i>torta</i> |
| ● 'baixa dun corno' | |




16f. Vaca cun corno só. ALGa



16f. Vaca cun corno só


- Sobre *corno* con prefixos e sufixos
 - Cun modificador 'dun corno, dun lado'
 - 'vaca que só ten un corno'
 - 'vaca á que lle caeu un corno'
 - 'baixa dun corno'
- Forma *manca* e derivados
 - Forma *pitoña*
 - Forma *torta*



MAPAS DE DETALLE

c) Outras respostas

16f. Vaca cun corno só. Todas as fontes



16G. Vaca cos cornos cara adiante

Listaxe de formas

Para a elaboración desta listaxe traballouse co seguinte material:

- Enquisas de estudantes: pregunta nº 110 *Vaca con los cuernos hacia delante (garrucha)*.

Nuns poucos casos, recollemos tamén material na rede do ALGa, procedente de anotacións marxinais a outras preguntas. Estas formas anótanse nesta listaxe, pero non se representan cartograficamente.

1. Formas con raíz *gar-*

1.1. *carrucha*

P-27b.

1.2. *garoucha*

L-39d.

1.3. *garroucha*

L-21c; P-04c.

1.4. *garrouta*

O-21b.

1.5. *garrucha*

ALGa

A-05¹.

¹ Na pregunta 1560 (*Vaca cos cornos cara abaixo*) do ALGa sinálase en nota que cando ten os cornos para adiante, é *garrucha*.

Enquisas de estudantes

C-09d, C-04d, C-13d, C-15b, C-19c, C-21b, C-24b, C-25b, C-28c, C-28f, C-30b, C-31c, C-32b, C-39b, C-40b, C-40f, C-49b; L-04b, L-05b, L-05c, L-06b, L-09d, L-13b, L-15b, L-16b, L-21b, L-23b, L-26b, L-26c, L-37b, L-39c; Le-05b; O-06c, O-15b, O-15c, O-29b; P-03b, P-03c, P-04f, P-09d, P-10b, P-14b, P-14d, P-15b, P-17b, P-17c, P-21c, P-24c, P-25b, P-25c.

2. Forma *broca* e derivados

2.1. Formas sen derivar

2.1.1. *broca*

ALGa

C-08¹, C-26².

¹ Na pregunta 1560 (*Vaca cos cornos cara abaixo*) do ALGa sinalase que *broca* é designación para os “cornos pequenos e para adiante”.

² Na pregunta 1560 (*Vaca cos cornos cara abaixo*) do ALGa sinalase o seguinte: “*broca*: cara adiante e xuntan”.

Enquisas de estudantes

C-04c, C-06b, C-08b, C-08c, C-13b, C-13c, C-18d, C-18e, C-18f, C-18g, C-19b, C-30c, C-31b, C-35d, C-35i, C-37b, C-40e, C-42b, C-42c, C-42e; L-09b, L-12b; P-05b, P-12d.

2.1.2. *abroca*

C-06c, C-22b.

2.1.3. *brouca*

O-01c.

2.2. Derivados: *brocuda*

C-20c.

3. Forma *cabana*

L-31b, L-34c; O-15d; P-06b, P-09b, P-17d, P-19b, P-19c, P-20b, P-28b, P-29d.

4. Designacións sobre *cornos*²⁷⁷

4.1. Con sufixos

4.1.1. *cornecha*

C-35f.

4.1.2. *cornella*

C-43b.

²⁷⁷ Véxanse tamén os apartados 6.2.2. (*cornos de touro*), 7.2.1. (*cerrada de cornos*) e 7.2.2. (*cornos cerrados*).

4.1.3. *cornixa*

C-39k¹, C-41b.

¹ A forma que se transcribe é *cornisa*.

4.1.4. *cornuda*

C-35e.

4.2. Con modificador

4.2.1. *cornio malino*

C-40c.

4.2.2. (*cos*) *cornos de punta*

P-04b, P-11b.

5. Designacións de instrumentos agrícolas e obxectos domésticos

5.1. *corcheta*

C-35b, C-36d.

5.2. *gadaña*

L-34b, L-39b.

5.3. *galluda*

C-18d, C-29b.

5.4. Sobre *gancho*

5.4.1. Forma sen derivar: *ganča*²⁷⁸

O-16b, O-16bc, O-20c.

5.4.2. Derivados

5.4.2.1. *ganchela*

L-33b, L-33c.

5.4.2.2. *ganchena*

C-20d; L-17b.

²⁷⁸ Como información adicional, recóllese en O-27 “*ganča*: cos cornos hacia adiante en forma de paréntesis”.

5.5. Sobre *guicho*

5.5.1. Formas sen derivar

5.5.1.1. *guicha*

C-30e.

5.5.1.2. *guincha*

O-25b.

5.5.2. Derivado *guichuda*

C-27b.

5.6. *parece unha forcada*

C-42e.

5.7. Sobre *picaña*

5.7.1. Forma sen especificador: *picaña*

P-04e, P-15c, P-15d.

5.7.2. Con modificador: *picañas malinas*

P-04b.

5.8. *pinchona*²⁷⁹

C-09b; L-14b, L-28b.

6. Designacións do touro ou doutro animal que destaca polos seus cornos

6.1. ‘cabuxa’

6.1.1. *perica*

C-48b.

6.2. ‘touro’

6.2.1. *toura*

C-19d; P-15e.

²⁷⁹ Véxase tamén a forma *pichona* (ap. 11.5.).

6.2.2. *cornos de touro*

ALGa

P-24¹.

¹ Na pregunta 1561 do ALGa (*vaca cos cornos cara arriba, garouta*), sinálase “*cornos de touro* = cornos arqueados pra adiante”.

6.3. ‘escaravello’

6.3.1. *cornos de escaravello*

C-39c.

7. Sobre o adxectivo *cerrada*

7.1. Sen modificador: *cerrada*

L-24b; Le-05c.

7.2. Co substantivo *cornos*

7.2.1. *cerrada de cornos*

C-39i; O-16d¹, O-27b.

¹ Recóllese a variante vocálica *zerrada de cornos*.

7.2.2. *cos cornos cerrados*

C-39f.

8. Designacións de procedencia xeográfica

8.1. *portuguesa*

P-28d.

8.2. *suíza*

O-06b.

9. Derivados de *chave*: *chavuca*

ALGa

L-07¹.

¹ Na pregunta 1560 (‘cornos cara abaixo’) do ALGa sinálase en nota o seguinte: “*Chavuca*: cos cornos virados para adiante, que pechan case na testa”.

Enquisas de estudantes

L-01b.

10. Outras designacións

10.1. *calva*

C-23b.

10.2. *cascuda*

C-35g.

10.3. *chata*

P-28b.

10.4.1. *cotas*

O-20d.

10.4.2. *cotena*

ALGa

O-02¹.

¹ Na pregunta 1564 do ALGa (*Vaca sin cornos, mona, cornecha*) indícase en nota que *cotena* aplícase para os cornos “cara adiante e pequenos”.

10.5. *gacha*

A-02b.

10.6. *garrida*

C-06d.

10.7. *peleona*

C-39e.

10.8. *pisca*

O-07b.

11. Designacións problemáticas

11.1. *cachorra*

C-40d.

11.2. *corucha*

C-35c.

11.3. *gurricha*

C-25d.

11.4. *morocha*

L-06b.

11.5. *pichona*

L-28c; O-01b.

12. Sen resposta

C-03b, C-04b, C-09c, C-09e, C-13e, C-13f, C-18b, C-18c, C-18h, C-20b, C-24c, C-25c, C-28b, C-28d, C-28e, C-30d, C-35h, C-36b, C-36c, C-39d, C-39g, C-39h, C-40g, C-41c, C-41d, C-42d, C-44b, C-45b, C-49c, C-49d, C-49e; L-02b, L-09c, L-14c, L-22b, L-24c, L-27b, L-30b, L-36b, L-39e; O-07c, O-14b, O-17b, O-20b, O-26b; P-03d, P-04d, P-06c, P-06d, P-07b, P-07c, P-08b, P-09c, P-12b, P-12c, P-12e, P-12f, P-14c, P-16b, P-21b, P-24b, P-24d, P-24e, P-26b, P-28c, P-29b, P-29c, P-32b.

Distribución xeográfica das respostas

Para este concepto só contamos cos datos que proveñen da rede das enquisas de estudantes; ofrezco unicamente dous mapas de detalle, ademais do habitual mapa de conxunto.


A forma *garrucha* é a maioritaria para este concepto, presente por todo o territorio (no oriente de Lugo é, ademais, a forma hexemónica, pois non aparecen outras respostas); moito máis minoritarios e dispersos ademais por todo o territorio, son as outras formas da familia: *carrucha*, *garoucha*, *garroucha* e *garrouta*. O maior “contrincante” de *garrucha* é a forma *broca*, pero esta aparece só –con moita presenza, iso si– no noroeste do territorio (afástanse un pouco dous puntos de Lugo, entre a Mariña Central e a Terra Chá). Como é habitual, a voz *cabana* sitúase, sobre todo, na provincia de Pontevedra e en puntos limítrofes; no mapa semántico correspondente poderase afinar un pouco máis a distribución xeográfica e de significados. Chama a atención que as construcións sobre *cornu* estean tan concentradas xeograficamente, confinadas no sur da provincia da Coruña (e dous puntos próximos do norte de Pontevedra), cando se constatou, para os outros conceptos, que se trata dun procedemento de formación difundido por todo o territorio; como só son oito rexistros, e precisamente na zona máis mesta da rede, tampouco é algo tan relevante.

No segundo mapa son maioría as construcións a partir do nome de ferramentas agrícolas, moi dispersas por toda Galicia, agás *picaña* (catro puntos na metade norte de Pontevedra) e *gadaña* (dous puntos no sur de Lugo). O resto de formas non ten relevancia para o comentario xeográfico.

MAPA DE CONXUNTO

16g. Vaca cos cornos cara adiante

- | | |
|--|--|
| ■ Formas con raíz <i>gar-</i> | ★ Sobre o adxectivo <i>cerrada</i> |
| ● Forma <i>broca</i> e derivados | ■ Designacións de procedencia xeográfica |
| ◆ <i>cabana</i> | ● <i>chavuca</i> |
| ● Sobre <i>cornu</i> | ⊕ Outras designacións |
| ● Designacións de instrumentos agrícolas e obxectos domésticos | ⊛ Formas problemáticas |
| ◆ Designacións dun animal que destaca polos seus cornos | + Puntos sen resposta |



MAPAS DE DETALLE

a)

16g. Vaca cos cornos cara adiante

Formas de raíz *gar-*

■ *garrucha*

■ Outras formas

◆ *cabana*


● *broca*

● Variantes radicais de *broca*

● Derivados: *brocoda*

● Creacións sobre *como* con sufixos

● Creacións sobre *como* con modificadores



MAPAS DE DETALLE

b)

16g. Vaca cos cornos cara adiante


Designacións de instrumentos agrícolas

- corcheta
- gadaña
- ⊕ galluda
- ⊗ Sobre gancho
- ⊕ Sobre guicho
- ⊗ parece unha forcada
- ⊕ Sobre picaña
- ⊗ pinchona

Designacións dun animal que destaca polos seus cornos

- perica
- 'touro'
- 'escaravello'
- ◆ Sobre o adxectivo *cerrada*
- Designacións de procedencia xeográfica

- *chavuca*
- ⊕ Outras designacións
- ⊗ Formas problemáticas
- ⊕ Sen resposta



Comentario de formas

Tal e como se sinalou, as frecuentes confusións ó se tratar de conceptos tan próximos e non ben delimitados, p.ex. 16B e 16C, 3 o feito de que a maioría das formas se rexistre en dúas ou máis preguntas referentes á posición dos cornos aconsella que se traten todas estas designacións en conxunto, para poder observar mellor a riqueza de cada familia e aforrar continuas remisións dun capítulo a outro. Con todo, e para non perder información, á dereita do título de cada epígrafe sinalo, entre corchetes, en cal(es) dos subcapítulos aparece cada unha das respostas, segundo a numeración adoptada no inicio desta tese, engadindo o número do apartado:

- Pregunta 16A. Vaca cos cornos cara abaixo.
- Pregunta 16B. Vaca cos cornos cara arriba.
- Pregunta 16C. Vaca cos cornos cara atrás.
- Pregunta 16D. Vaca cos cornos ós lados.
- Pregunta 16E. Vaca sen cornos.
- Pregunta 16F. Vaca cun corno só.
- Pregunta 16G. Vaca cos cornos cara adiante.

Exemplo: **Forma *cabana* e derivados** [16A(2); 16B(12); 16C(6); 16D(4); 16G(3)]

Para localizar rapidamente cada unha das respostas, e xa que a numeración deste comentario conxunto non ten por que coincidir coa adoptada para cada unha das listaxes de formas, consúltese o índice final do traballo.

Ó final deste apartado ofrecemos unha serie de *mapas semánticos*: representamos a difusión espacial de varios destes termos e cal é o significado que teñen en cada un dos puntos.

1. Comparación coa forma de instrumentos agrícolas e domésticos [16A(5); 16B(1); 16C(4); 16D(1); 16G(5)]

Este grupo de formas é dos máis numerosos para os conceptos relacionados coa posición dos cornos; non se rexistra para o caso da vaca que perdeu unha, ou as dúas, prolongacións óseas. Na grande maioría dos casos, a comparación vén dada polos dentes das ferramentas (especialmente se son dous e máis ou menos paralelos, como no caso da galla), inda que tamén pode ter máis, como no caso da galleta ou da forcada. Téñase en conta, como é natural, que un determinado nome pode designar diferentes ferramentas agrícolas, segundo a zona.

1.1. Sobre a forma *corchete*: *corcheta* [16G(5.1.)]

Valladares define *corchete* como “Pieza dentada de hierro, para sujetar maderos en los bancos de carpintería”, inda que tamén é unha especie de broche. Procedería esta forma do fr. *crochet* ‘ganchiño’, diminutivo de *croc* ‘gancho’, que continúa un fránico *KRÔK, co mesmo significado.

En Novefontes, non moi lonxe dos puntos da nosa rede, existe *corcheto* ‘que torce os pés cara adentro cando anda’ (GVGH, s.v.) e no centro da mesma provincia, en Santaia, Varela González recolleu *corcheta* precisamente para a vaca cos cornos torcidos cara adiante (GVGH, s.v.).

1.2. Sobre a forma *espicho*: *cornos de espicho* [16A(5.1.)]

Normalmente, un *espicho* é un pau aguzado nun dos extremos, empregado para cravalo no chan, un sinónimo de *espeto*, por tanto; especializouse, con moita fortuna, para denominar un pau que se introduce nun barril para tapalo, ou para extraer líquido. Calquera destas acepcións xustificaría a asociación cun corno, pero hai outra, ‘forcada’, que explica o seu uso para os cornos orientados cara abaixo; así, Rivas Quintas (1978), s.v. *espicho*, define así esta entrada: “*m* Horca (Faramontaos). En Illa de Arousa *espicho* es la estaquilla clavada en tierra para sujetar a ella un animal. Cf. lat. *spiculum*, punta de saeta, flecha, clavo...”. Como sinala don Elixio, esta forma procede dun lat. SPĪCŪLU ‘aguillón’, diminutivo de SPĪCU ‘espiga’.

1.3. Sobre a forma *forcada: cornos de forcada* [16D(1.1.); *parece unha forcada* [16G(5.6.)]

Derivado de *forca*, resultado dun lat. FURCA ‘forca, forcada, galleta’, a forcada é unha ferramenta normalmente de tres gallos na punta que serve para cargar e aventar a herba, inda que tamén reciben este nome mangos con dous ou con catro puntas lígneas ou metálicas. Non atopo nos dicionarios mención ningunha á vaca.

1.4. Sobre a forma *gabucho: gabucha* [16A(5.2.); 16C(4.2.)]

Véxase tamén o sinalado a propósito de *gabecha* (apartado 31.12.), onde se comenta un posible étimo.

Aníbal Otero (1977) recolleu *gabucho* en Piquín para dar nome a unha ferramenta agrícola con dúas púas empregada para sachar; noutro dos seus estudos, Otero (1949), puxo en relación esta forma cun verbo xermánico *harfen* ‘agarrar’, inda que non parece unha etimoloxía moi atinada. Existe tamén como adxectivo, como se aprecia na primeira das entradas de Aníbal citadas: “En Villaquinte aplícase al toro o vaca que tiene los cuernos cerrados uno contra otro. *gabiacho*, persona o animal delgado y corvo, en Maderne”. Tamén aparece en textos literarios, nunha obra de Fuco Gómez de 1937: “flexou as canchas pra diante, insinou a un petorreí as súas gareas ou gabunchas unllas e, acaroandose a iste, aboquexou: -¡Abonda xa de sedier á revengueita!...”²⁸⁰.

1.5. Sobre a forma *gadaño: gadaña* [16A(5.3.); 16D(1.2.); 16G(5.2.)]

É certo que existe tamén un substantivo *gadaña* ‘instrumento para segar herba’, pero casa moito mellor con estas designacións a morfoloxía do *gadaño*, unha especie de picaña ou aixada, con dúas ou tres púas, usada normalmente para levantar o esterco ou arrastrar o estrume.

Trátase dunha forma de etimoloxía discutida. O DCECH (s.v. *gadaña*) supón a procedencia dunha raíz xermánica WAITH- ‘cultivar a terra’, proveniente dun gótico *WAITHÔ ‘prado, pasteiro’.

Aníbal Otero, en varios traballos, por exemplo Otero (1967a), recolle o adxectivo *gadaño*, -a como “res que tiene los cuernos cerrados uno contra otro”, definición que pasará ó dicionario de Franco Grande. Un significado lixeiramente distinto é o de GVGH, s.v. *gadaña*, que a aboa en Pedrafita e Porto (Zamora) baixo o significado “vaca con los cuernos curvos hacia delante”.

²⁸⁰ Gómez (1937: 35).

1.6. Sobre a forma *galla*

A voz *galla* ten dous significados intimamente relacionados. A acepción primaria que nos interesa é a de ‘póla bifurcada dunha árbore’ e, polo uso destas ramas como ferramentas, pasou a designar as puntas das forcadadas ou algún tipo de utensilio con esta forma; existe tamén *gallo*. Seguramente ambas as dúas definicións xoguen como base motivacional para as formas deste apartado.

Polo que respecta á etimoloxía, seguramente podemos remontar a un adxectivo latino *GALLĒU ‘con aspecto de coca, bugallo’, formado sobre GALLA ‘bugallo’ (cf. DCECH, s.v. *agalla* I). A partir deste significado de excrecencia, pasará ó de ‘póla bifurcada’, logo ‘póla en forma de forca que se desprende do tronco dunha árbore’, que podía ser empregado para fins agrícolas, e de aí o nome para a ferramenta. A primeira documentación que dá DCECH (s.v. *gajo*) para o castelán remonta ó 1423, e en Nebrija xa aparece coa acepción de ferramenta. En portugués haberá que agardar ata 1562 para primeiro rexistro de *galbo*.

Ademais dos múltiples adxectivos derivados sobre *galla* que veremos a continuación, cómpre sinalar que tamén se usa esta forma como substantivo para se referir ós cornos, como testemuña a entrada *gallas* de Eladio Rodríguez: “Los cuernos del buey, grandes, que se dirigen a lo alto, de donde viene el nombre de *galludo* que se aplica a ese animal”. Carré4 recolle *gallada* con este mesmo valor: “el par de cuernos del ganado vacuno”.

1.6.1. Formas só con sufixo

1.6.1.1. *cornos gallados* [16D(1.3.1.3.); *gallada* [16B(1.1.1.1.); 16D(1.3.1.1.)]

Formas co sufixo *-ado* (< lat. -ATU).

Álvarez Blanco aboou en Ramirás o adxectivo *gallado*: “dícese de la vaca que tiene los cuernos pequeños y curvos hacia delante” (GVGH, s.v.).

1.6.1.2. *galladura aberta* [16D(1.3.4.)]

O núcleo desta frase substantiva é forma derivada, cun sufixo *-dura* que é resultado da combinación dunha desinencia de participio pasado co sufixo latino *-ŪRA*; para máis información, vid. Ferreiro (2001: §378). Nos dicionarios, desde Leiras, s.v., que define *galladura* como “horcadura” ou “horcajadura”.

1.6.1.3. *galleira* [16B(1.1.2.1.); 16D(1.3.2.)]

Forma derivada co sufixo *eira* (< lat. *-ARIA*), repetido tantas veces ó longo deste traballo; tamén pode tratarse do nome dunha ferramenta (véxase a epígrafe 1.6.1.4.).

Temos varios exemplos nos dicionarios referidos a cornos, especialmente ós cornos que se abren. Otero (1963c) ten unha entrada *galleiro*, aboada en Berres, A Estrada e definida como “corniabierto”. Eladio Rodríguez explicarao como “buey que tiene galludos los cuernos”; cun adxectivo *galludo* que conta con entrada propia neste dicionario, como se sinalará oportunamente en 1.6.1.5. No GVGH ten catro rexistros, en Melide, Compostela, Guitiriz e Montederramo: “dícese del buey o de la vaca con los cuernos grandes y abiertos”. No que respecta á forma en feminino, *galleira*, Otero (1977) defínea como “vaca que abre los cuernos”, mentres que Eladio Rodríguez dá unha explicación moi similar á de galleiro: “Denominación que se da a la vaca que tiene los cuernos galludos”.

1.6.1.4. *galleirada* [16B(1.2.1.)]

Segundo Rivas Quintas (2003), existe unha ferramenta chamada *galleira*, que sería unha “Horca de tres gallos planos y uno superior, de hierro, para cargar hierba. Prado de Castrelo de Miño, Our.”; é máis coñecida co xénero masculino: *galleiro*. A forma que aquí nos ocupa podería tratarse, pois, dun derivado desta voz, pero tamén podería ser analizada como unha construción sobre *galla*, con dobre sufixación, ou do adxectivo *galleira*.

Non atopo máis testemuños desta forma nas fontes consultadas.

1.6.1.5. *galluda* [16A(5.4.); 16B(1.1.3.); 16C(4.1.2.); 16D(1.3.3.); 16G(5.3.)]

Forma derivada con *-uda*, do lat. *-ŪTA*, antiga desinencia participial hoxe especializada en formar, a partir de substantivos, adxectivos que significan ‘provisto de’: *peludo*, *barrigudo*, etc. Nesta liña, en varios dos puntos da nosa rede aparece como resposta á pregunta respectiva, pero cunha precisión indicada en nota, ‘de cornos grandes’; vézolo tamén en Pintos, o primeiro dicionarista que inclúe *galleiro*, definido como “Gajoso, con puntas que se hacen al desgajar, con grandes cuernos”.

Localizamos diferentes testemuños que confirman o uso deste adxectivo para a morfoloxía dos cornos, especialmente para indicar os trazos ‘grande’ e ‘orientado cara arriba’. Temos *galludo* en Eladio Rodríguez: “1. Aplícase al buey o a la vaca de cuernos grandes y muy abiertos hacia lo alto”; lixeiramente distinta é a definición de Otero (1963c): “Aplícase a la res vacuna que tiene los cuernos puntiagudos hacia arriba”. Sinalemos tamén que o GVGH, s.v. *gallardo*, documenta esta forma en Razo, Laxe, Dumbría, O Grove e O Valadouro, para o boi ou vaca cos cornos grandes e abertos, conformando unha zona coherente coa que se debuxa na nosa rede de puntos.

1.6.2. Formas con prefixo e sufixo

Con tres prefixos procedentes de preposicións latinas (DE, IN e EX).

1.6.2.1. *degallada* [16B(1.1.2.1.)]

Aínda que *degallar* é normalmente ‘sacar as ramas dunha árbore’, existe o adxectivo *degallado*, recollido no GVGH na Gudiña e en Vilardevós como “alto y esbelto” (rexístrase tamén en textos literarios), que casa mellor co significado que nos ocupa aquí; o único punto en que rexistro esta resposta, ben que ourensán, está a un cento de quilómetros destas dúas localidades. Outro significado de *degallar* é ‘abrirse os gallos ou as gallas’, polo que pode ser de aplicación sen problemas a un animal cos cornos abertos.

Por suposto, sempre se podería pensar, sobre todo no caso dunha resposta única, que o falante quixo dicir unha frase do tipo [*vaca*] *de gallada* (cf. 1.6.1.1.)

1.6.2.2. *engallada* [16B(1.1.2.2.)]

Case antónimo do anterior, o verbo *engallar* significa “*v. n.* Echar los árboles sus gajos o *gallos*” (Eladio Rodríguez) e a comparación dunha árbore gallada coa vaca cos cornos orientados cara arriba non presenta dificultades semánticas.

1.6.2.3. *esgallada* [16C(4.1.1.); 16D(1.3.1.2.)]

Xa máis difuso na lingua, este adxectivo significa normalmente ‘que lle quitaron as gallas, coa punta rota, etc.’, pero hai referencias dun uso que nos interesa máis: ‘boi ou vaca cos cornos grandes e abertos’, en Ramirás (GVGH, s.v. *gallardo*), baseándose no valor que tamén ten *esgallar* de ‘abrirse os gallos ou as gallas’.

1.6.3. Outras construcións: *gallea pa arriba* [16B(1.1.4.)]

O verbo *gallear* significa ‘abrirse en forma de galla’, polo que non presenta problemas a súa aplicación a uns cornos que presenten tal morfoloxía.

1.7. Sobre a forma *galleta*: *galleteira* [16B(1.3.1.); 16D(1.4.1.)]

Aínda que en última instancia tamén está formada sobre *galla*, a *galleta* é unha ferramenta lixeiramente distinta, normalmente de tres ou máis dentes; tamén pode ser sinónimo de *forcada*. Non localizo, nas fontes consultadas, ningún rexistro de *galleteiro/a* cos valores que aquí nos interesan.

1.8. Sobre a forma *gancho*

Como xa se sinalou no capítulo 11, apartado 6.6., esta forma é de orixe problemática, barallándose diferentes posibilidades, entre as cales quizais son máis verosímiles un céltico **ganskio* ‘galla, póla’ ou quizais un grego *gampsós* ‘curvo’; véxanse os diferentes comentarios e opcións de DCECH, Meier (1984) e Houaiss (sempre s.v. *gancho*), e tamén García de Diego (s.v. *ganchudo*) ou DELI (s.v. *gancio*).

A entrada *ganchela* do GVGH documenta, para se referir á vaca cos cornos curvos cara adiante, tres das cinco formas incluídas nesta epígrafe: *gancho* (Xunqueira de Ambía e Montederramo), *ganchela* (O Incio) e *ganchola* (Ramirás).

1.8.1. Formas sen derivar

1.8.1.1. *gancho* [16A(5.5.1.1.); 16B(1.4.1.); 16D(1.5.); 16G(5.4.1.)]

Aníbal Otero (1977) aboa, s.v. *garrucho*, o adxectivo *gancho* para se referir á “res vacuna que cierra los cuernos”; un valor semellante anótao Elixio Rivas (1978), s.v. *gancho*: “*adj* Curvo, enganchado (Fondo de Vila): *O boi ten os cornos ganchos*, cerrados hacia adentro”.

1.8.1.2. *gaucha* [16A(5.5.1.2.)]

Forma que só aparece nun punto, nunha enquisa de estudantes. A grafía da folla de respostas deixa poucas dúbidas sobre o feito de que se trata dun *n*, pero isto non significa que teñamos que pensar necesariamente nunha vocalización, pois pode tratarse dun erro de transcripción a partir de versións previas ou incluso de percepción; a hipótese dunha confusión é a máis probable, visto que non rexistro *gaucha* en ningunha das fontes consultadas.

1.8.2. Derivados

Os sufixos *-ela* e *-ola* xa foron comentados repetidas veces ó longo deste traballo: son sufixos diminutivos procedentes respectivamente dun *-ĒLLA* e dun *-ŌLA* latinos. Para o sufixo *-ena*, e a súa alternancia con *-ela*, véxase o comentado no apartado 1.1. do capítulo 9 (vaca sen rabo).

1.8.2.1. *ganchela* [16A(5.5.2.1.); 16G(5.4.2.1.)]

Recollida no Incio para designar a vaca cos cornos curvos cara adiante (GVGH, s.v.).

1.8.2.2. *ganchena* [16G(5.4.2.2.)]

Non atopo esta forma nas fontes consultadas. Na nosa rede aparece en dous puntos das enquisas de estudantes, moi próximos (inda que adscritos a diferentes provincias).

1.8.2.3. *ganchola* [16A(5.5.2.2.); 16B(1.4.2.); 16C(4.3.)]

Recollida en Ramirás para designar a vaca cos cornos curvos cara adiante (GVGH, s.v. *ganchela*).

1.9. Sobre a forma *gui(n)cho*

Guicho, ou *guincho*, pode designar diferentes utensilios, como unha punta aguda, especialmente de madeira, un gancho ou un apeiro de labranza (equivalente á picaña). A súa etimoloxía é discutida. Segundo DCECH (s.v. *gancho*), a súa orixe vén dada por un cruce entre *gancho* e *pincho*, pero tamén se sinala unha forma inglesa *winch* ‘cabrestante’, documentada xa no s. XII (cf. Houaiss, s.v. *guicho*²). Sen ter clara a etimoloxía é máis difícil explicar a alternancia entre formas con nasal e sen ela; se se tratase de casos de inserción de nasal, cómpre sinalar que non son os primeiros casos que documentamos neste traballo, como a forma *conxón* (ap. 7.1.1., capítulo 11) ou o tipo lexical *cancha* (neste mesmo capítulo, ap. 23.2.).

1.9.1. Formas sen derivar

1.9.1.1. *guicha* [16A(5.6.1.1.) ; 16B(1.5.1.1.); 16G(5.5.1.1.)]

Aníbal Otero (1977) recolle a forma *guecho* (“dícese de los cuernos en punta hacia arriba, de las orejas tiesas y de un sombrero de ala recogida”); en Otero (1959b), o filólogo de Ribeira de Piquín comenta tamén *guicho*: “Puntiagudo hacia arriba; dícese especialmente de las orejas y los cuernos. DEL LAT. CRISPARE”.

Se acudimos a outros datos dialectais, os do GVGH, atopamos referencias que nos interesan especialmente:

- s.v. *guicha* temos, recollido en Castro Caldelas, o significado ‘[vaca] cos cornos cara arriba’ (e, en Melide, o de ‘orella moi pegada á cabeza’).
- s.v. *guicho* localizamos en Guitiriz unha definición “dícese del cordero capado a navaja y al que quedan los cuernos pequeños”.

1.9.1.2. *guincha* [16A(5.6.1.2.) ; 16B(1.5.1.2.); 16G(5.5.1.2.)]

As formas con nasal teñen menor presenza dentro da nosa rede e das fontes consultadas, pero rexístranse tamén datos interesantes. Otero (1959b) comenta a entrada *guincha*: “Dícese de la oreja puntiaguda. Del lat. CRISPARE”.

Non se recolle no GVGH esta forma en concreto, pero si que aparece, s.v., o derivado *guinchena*, para se referir á vaca cos cornos orientados cara abaixo, en Compostela e Guitiriz.

1.9.2. Formas derivadas

1.9.2.1. *guinchona* [16A(5.6.2.) ; 16B(1.5.2.)]

Temos un sufixo (en principio aumentativo) *-ona*, procedente da terminación latina *-ONE*. Mentres que *guinchena* si que aparece na lingua (vid. supra), non localizo esta forma nas fontes consultadas.

1.9.2.2. *guichuda* [16G(5.5.2.)]

Esta forma conta cun sufixo *-udo*, descendente da desinencia de participio pasado dos verbos latinos da segunda conxugación, *-ŪTU*. Como se sinalou anteriormente, esta terminación está hoxe especializada en formar, a partir de substantivos, adxectivos que significan ‘provisto de’ (*peludo*, *barrigudo*, etc.).

Non localizo esta forma nas fontes consultadas.

1.10. *paleta – palleta*

1.10.1. *paleta* [16D(1.7.)] ; 1.10.2. *palleta* [16D(1.8.)]

Véxase tamén o ap. 3.2. do capítulo 14, referido ós dentes de leite.

Estas dúas formas aparecen en localidades próximas, menos de 20 km entre si, da rede do ALGa: Negueira de Muñiz (*paleta*) e San Antolín de Ibias (*palleta*). Resulta tentador, especialmente pola proximidade, tratalas como se fosen dúas variantes, pero interpóñense graves dificultades fonéticas.

Unha liña de explicación remitiría, en última instancia, para o lat. PALA ‘pa’. Téñase presente que existe, con moita presenza na lingua, o substantivo *palletas*, para os primeiros dentes que lles saen ás vacas, concepto para o que tamén temos a forma *pas* no galego e incluso *paleta*. *Paleta* é tamén unha designación para unha pa pequena, usada normalmente para a cociña ou a albanelería. No Houaiss (s.v. *palbeta*) podemos comprobar que non é rara a alternancia destas dúas voces.

Por contra, *palleta* pode ser tamén interpretada como descendente dun lat. PALĒA ‘palla’; inda que a acepción habitual é a de ‘lámina da embocadura de determinados instrumentos musicais que produce o son’, o certo é que nos interesa máis a definición “Lengüeta, horquilla de madeira que se ata a un cordel y forma parte de la *gaiola*, cuando ésta se arma para cazar mirlos” (Eladio Rodríguez, s.v.), que evidencia mellor o carácter bifurcado.

Non atopo, nas fontes galegas consultadas, referencias ós cornos da vaca ou doutro animal, pero si que hai material, abondoso, no DGLA, s.v. *paletur*. 2. De cuernos divergentes (la res vacuna) [Cl]. De cuernos planos y abiertos (la vaca) [Mi. Ll. Tb]. De cuernos muy abiertos (la res vacuna) [Ar. Cd]. De cuernos muy abiertos a derecha e izquierda, casi horizontales (la res vacuna) [Sm]. De cuernos muy abiertos, casi horizontales [Qu (Oc)]. De cuernos levantados y ligeramente abiertos (una vaca) [Ri. Qu]. De cuernos horizontales (una vaca) [As]. De cuernos vueltos hacia atrás (la vaca) [Md]”. No DRAE, s.v., especificase que no léxico da tauromaquia *paleta* é a “parte anterior externa del asta del toro”.

1.11. Sobre *palanca*

A forma *palanca* non é admitida pola norma estándar, que prefire *panca* no seu lugar. Esta ferramenta é un pau, unha barra ríxida que serve como punto de apoio ou para levar unha carga; este carácter rectilíneo é o que explica que case todas as súas ocorrencias sexan para nomear unha vaca cos cornos ós lados. Para a etimoloxía, temos que remontarnos a

un lat. vulgar *PALANCA, variante do clásico PALANGA (ou PHALANGA) ‘palanca, pértega’, de orixe grega.

1.11.1. Forma sen derivar: *palanca* [16C(4.4.); 16D(1.6.1.)]

Como se sinalou no parágrafo anterior, esta forma é considerada castelanismo, por *panca*. Aníbal Otero (1977, s.v. *traveso*) aboa *palanca* en Vilaquinte para dar nome á “vaca que abre los cuernos”.

1.11.2. Derivados

1.11.2.1. *apalancada* [16D(1.6.2.1.)]

O verbo *apalancar* significa ‘atrarcar’, pero tamén “Colocar palancas debaixo de alguna cosa para levantarla” (Valladares). Non atopo para el, nin para *apalancado*, usos referidos á corna do noso animal.

1.11.2.2. Con sufixo que continúa un lat. –ONA.

Para a distribución xeográfica desta terminación, véxase o mapa 251 e seguintes do vol. III do ALGa. Existe *palancón* para denominar unha panca especial, a peza de ferro do muíño en que se introduce o fuso (parafraseando a definición de GVGH).

1.11.2.2.1. *palancoa* [16D(1.6.2.2.1.)]

Esta forma non aparece nos dicionarios, pero si no GVGH, s.v., que informa de que é forma recollida en Burón e Suarna para a vaca ‘cos cornos longos e moi abertos’. É curiosa a súa distribución na nosa rede de puntos: mentres que só aparece unha vez nas pescudas no ALGa (Candín, León), nas enquisas de estudantes aparece ata en 13 puntos, dispersos por todo o territorio; probablemente axude o feito de que *palancoa* estaba presente no enunciado da pregunta, o que puido incitar o informante se a pregunta era demasiado directa.

1.11.2.2.2. *palancona* [16D(1.6.2.2.2.); 1.11.2.2.3. *palancúa* [16D(1.6.2.2.3.)]

Non localizo estas respostas nas fontes consultadas.

1.11.2.3. *palancuda* [16D(1.6.3.)]

Sufixo *-uda*, procedente da antiga terminación participial latina *-UTA* (cf. ap. 1.6.1.5.). Non localizo esta forma nas fontes consultadas.

1.11.2.4. *palanquera* [16D(1.6.4.)]

Esta forma adopta un moi produtivo sufixo *-era*, neste caso, castelanismo por *-eira* (< lat. *-ARIA*). Non aparece nas fontes examinadas.

1.11.2.5. *palanqueta* [16D(1.6.5.)]

Cun sufixo diminutivo *-eta* (< *-ĭTTU*), temos este substantivo que designa unha panca pequena, xeralmente de ferro, que serve para forzar portas, mover pedras, etc.; o galego normativo prefire *panferro*.

Aparece nalgún dicionario, pero non en moitos, xa que coincide coa forma castelá para o mesmo concepto, e o GVGH recóllea en seis puntos do territorio. Con todo, non localizo exemplos referidos á cornamenta nas fontes examinadas.

1.12. *patela* [16C(4.5.); 16D(1.9.)]

A base será o adxectivo *pato* ‘plano, de forma baixa e aplanada’, presente en denominacións como *piollo-pato*. Ademais do seu valor adxectivo, *patela* é tamén substantivo, unha cesta plana de bordos baixos, usada especialmente por peixeiras e vendedoras de castañas (tamén ‘espiga á que falta unha fila de gran’ e ‘punta das uñas do rizon’).

En latín existía *PATELLA* como diminutivo de *PĀTĒRA* ‘copa, taza’, significando *Prato pequeno que se utilizaba nos sacrificios*, seguramente formado sobre un verbo *PĀTĒO* ‘estar aberto, ser accesible,...’

Non atopo mencións nos dicionarios referentes á vaca, pero si no GVGH, que recolle datos do Valadouro, Pedrafita e O Incio: “dícese de la vaca con los cuernos largos y abiertos hacia atrás”.

1.13. Sobre a forma *pico*

Todas estas formas sufixadas agrupadas neste apartado son realmente designacións de ferramentas, semellantes ó *pico*, aínda que de menores dimensións e algunhas modificacións morfolóxicas.

Normalmente explícase esta forma *pico* como un regresivo do verbo *picar*, de creación expresiva (xa sería onomatopeico o propio lat. PĪCU ‘bico do paxaro’), como sinalan DCECH (s.v. *picar*), DELI (s.v. *picco*) e Petit Robert (s.v. *piquer*).

1.13.1. *picaña* [16A(5.7.1.); 16G(5.7.1.)]; *picañas malinas* [16G(5.7.2.)]

A *picaña* normalmente ten dous gallos, longos e duros. En Novefontes recolleuse (GVGH, s.v.) a forma *picañeira* ‘vaca cos cornos botados cara a dentro’.

1.13.2. *picocha* [16A(5.7.2.)]

Pode que se trate dun galicismo. Rivas (1978) defínea como “azada de tres dentes (Cuntis)”. Non atopo nas fontes consultadas ningunha referencia á cornadura da vaca.

1.13.3. *picola* [16B(1.6.1.); 16C(4.6.)]

Segundo Rivas (2003), *picola* é “Azadilla para cavar menudencias de huerta. Prado de Castrelo de Miño y S^a Cruz de Arrabaldo, Trasalba, Our.”. Interésanos sinalar que se recolleu esta forma en Pedrafita para a ‘vaca cos cornos cara arriba’ (GVGH, s.v.), como se confirma na nosa rede de puntos, que contén tres rexistros de *picola* no sueste de Lugo; tamén aparece, con só un resultado (na mesma zona, na Pobra do Brollón), para o valor ‘vaca cos cornos cara atrás’.

1.13.4. *piquela* [16B(1.6.2.)]

Aínda que non rexistro na lingua *piquelo* ou *piquela* como nomes de ferramenta; seguramente é unha derivación de *pico* con sufixo diminutivo *-elo*; cf. Alonso Núñez (2000: 146-147); non parece que teña que ver co *piquelo* ‘picapao’. No que nos interesa, podemos sinalar que en GVGH, s.v., aparece a forma *piquela* para se referir á vaca cos cornos cara arriba; documéntase no Incio, resultado consistente coa nosa rede de puntos, que ten catro respostas deste tipo.

1.14. Sobre a forma *pincho*²⁸¹

No que respecta á motivación desta designación, pode que esteamos só diante dunha construción sobre *pincho* na súa acepción de ‘pau con punta’, pero seguramente tamén pesan, polos cornos, as intencións de expresar que se trata dunha ‘vaca que pincha’.

²⁸¹ Véxanse tamén as designacións do tipo *apichonada* (ap. 31.18.).

As formas 1.14.2. e 1.14.3. son de adscrición dubidosa a este apartado, tal e como se explica nas subepígrafes correspondentes.

O substantivo formárase sobre o verbo *pinchar*, de orixe problemática. Mentres que DCECH (s.v.) pensa nun cruce de *punchar* (variante de *punzar*) con *picar*, Meier (1984) chama en causa un lat. *SPINARE (cf. FEW 12, 177a/b) ou, mellor, * SPIN(I)C(U)LARE; tampouco exclúe o filólogo alemán un *SPIC(I)C(U)LARE, que estaría na base de *espichar* e, sufixado con -ĪNARE, daría un resultado *pinchar*.

1.14.1. *pinchona* [16A(5.8.1.); 16G(5.8.)]

Pinchona presenta un sufixo aumentativo *-ona*, feminino de *-ón* (< lat. -ŌNE). Pode que o significado orixinal fose algo do tipo ‘cos cornos ameazantes coma un pincho’.

En Franco Grande temos a forma *pinchón* “Buey o vaca que tiene los cuernos caídos”; paradoxalmente, para Carré4 a mesma palabra será “Buey o vaca que tiene los cuernos enhiestos”.

En Compostela e Guitiriz recolleuse (GVGH, s.v.) *pinchona* co significado ‘cos cornos cara abaixo’.

1.14.2. *pinchorla* [16A(5.8.2.)]

Esta forma é máis complexa. En galego existe *pinchorla*, pero normalmente é a designación da píntega. Non parece que teña moito sentido que esteamos aquí diante dun simil explícito; forzando bastante, podería ser unha comparación dos ollos botados cara a fóra do anfibio cos cornos do bovino, pero nin sequera casa ben, posto que *pinchorla* recolleuse en San Vicente do Burgo (Lugo) para a vaca cos cornos cara abaixo. Ten máis papeletas que se usase *pinchorla* para se referir ás pintas dunha vaca (cf. a entrada *pinchorla* en Carré4: “*adj.* Pintado, que tiene pintas. Troitas pinchorladas, truchas de pintas rojizas”) e que aquí esteamos diante dunha confusión de designación, como outras deste capítulo (*loura* en 31.15. ou *teixa* en 31.20.).

Por suposto, tamén cabe a posibilidade (e isto foi o que nos levou a mantela en última instancia dentro do apartado dedicado ós derivados sobre *pincho*) de que esteamos diante dunha forma *pinchola*, alterada cun r parásito ou polo propio cruce con *pinchorla* ‘píntega’. A favor está o feito de que se sitúa esta resposta na mesma área cós (outros) derivados de *pincho*; en contra, que non documentemos *pinchola* nos dicionarios nin nos textos.

1.14.3. *repincha* [16B(1.7.1.)]

Tratarase dunha construción sobre un adxectivo *pincha*, formado sobre o substantivo que nos ocupa nesta epígrafe. En galego existen tamén os verbos *requichar* e *repichar* ‘erguer o rabo os animais, botar as orellas cara atrás’. En calquera caso, non localizo esta forma con ningún valor referente ós cornos da vaca.

2. Forma *gallarda* [16A(10.3.); 16B(3); 16C(14); 16D(2)]

Resposta de interpretación variable. Anótanse dúas posibilidades de interpretación, sen vontade de esgotar a análise de cada liña, pois tampouco é a misión deste traballo.

O adxectivo *gallardo* significa ‘de boa presenza e comportamento’. Este significado casa ben co concepto que aquí nos ocupa, pois a posición dos cornos pode determinar que unha vaca sexa cualificada como máis ou menos fermosa, segundo os cánones. Galicismo proveniente do francés *gaillard* ou do occitano antigo *galbart*, de orixe incerta, que posiblemente estivese conectado co lat. GALLEU (véxase o apartado 1.6. deste mesmo capítulo), pasando de significar ‘gromo, excrecencia’ a ‘que ten vitalidade, forza’, e así o sinalan FEW IV, 35-36, e REW 3657. Para DELI (s.v. *gagliardo*), sería unha base gala **gallia* ‘forza’.

Non parece que esteamos diante unha construción directa sobre *galla* (non sobre a ferramenta, senón a póla bifurcada), comparando a rama coa forma dos cornos. A terminación *-arda* non é infrecuente en galego, pero non abundan os casos en que se poida discutir a existencia dun sufixo nesas formas. É certo que nos territorios galo e italo-románicos ten bastante presenza un sufixo *-ardo* xermánico (cf. italiano *bugiardo*)²⁸², pero discútese que sexa produtivo nas linguas ibéricas, senón que entraría xa lexicalizado dentro da palabra en cuestión (como no caso do adxectivo *gallardo* citado no primeiro parágrafo); determinados casos son explicados tamén como alteracións de sufixos xa existentes, como por exemplo *buharda*, sobre a que comenta DCECH, s.v., que “En esta palabra el sufijo no es de origen germánico sino variante de *-arra* con la conocida diferenciación de *rr* en *rd*”. Ademais, este adxectivo *gallardo* referido a vacas xa se coñece noutras linguas, como as sinaladas no parágrafo precedente.

2.1. Formas sen derivar: *gallarda* [16A(10.3.); 16B(3); 16C(14); 16D(2.1.)]

Existen numerosos testemuños, nos que alternan basicamente dous significados: ‘cos cornos abertos’ e ‘cos cornos cara arriba’.

²⁸² Iordan/Manoliu (1972: §433).

O primeiro dicionarista que a recolleu foi Pintos, que daba (s.v. *gallardo*) a definición “Que tiene los cuernos largos o a lo alto”. Aníbal Otero (1977, s.v. *gallarda*) aboa en Rizal o significado ‘que abre los cuernos’. Eladio Rodríguez e Franco Grande só contemplan un dos dous trazos que daba Pintos: “buey que tiene los cuernos hacia lo alto”.

A forma *gallarda* rexístrase tamén como nome propio da vaca. Temos un texto de 1912 a ese respecto: “<PETRICIO> (Ó púbreco). Desimulen. (Como mirando prá veiga). ¡Cundanadas! (Saíndo). ¡To, vaca, to! ¡Ei marela! ¡To, vaca, to! ¡Ei gallarda! (O último verso debe dicirse antre decoracións, o máis lexos do púbreco, ó tempo que baixa mainiño o talón)”²⁸³. Máis explicativo é o seguinte texto de 1962: “O campesiño dá tamén un nome propio a cada un dos seus animás, derivados case sempre das súas características externas, cór, forma dos cornos, etc.: Castaña, Vermella, Moura, Marela, Pisca, Gallarda, Galleira, Redonda, Gacha, Mouca, Negra...”²⁸⁴.

No GVGH temos a voz *gallardo*, co significado ‘de cornos grandes e abertos’, documentada en Caaveiro, Cabalar, Feás, Santaia, Compostela, Novefontes, Melide e Codeseda; en Compostela recolleuse tamén a variante *gallardeiro*.

2.2. Derivados: *agallardada* [16D(2.2.1)]; *gallardada* [16D(2.2.2.)]

Ningunha destas formas aparece nos dicionarios ou nos textos escritos incluídos no TILGA.

3. Designacións construídas sobre *cornu*, con sufixos e modificadores²⁸⁵ [16A(3); 16B(7); 16C(9); 16D(6); 16E(3); 16F(3); 16G(4)]

Como se podería agardar xa nun principio, son multitude as designacións construídas ben mediante a sufixación da palabra *cornu*, esencialmente mediante dous procedementos: a derivación e a inclusión como núcleo dunha frase substantiva. Tal e como se indica na nota ó título desta epígrafe, aquí comentaremos as diferentes voces derivadas e unhas poucas frases substantivas, que normalmente estarán noutros apartados, segundo o diferente valor semántico dos modificadores.

²⁸³ Fernández Gastañaduy, H. (1912: 10).

²⁸⁴ Lorenzo Fernández (1962: 299).

²⁸⁵ Lémbrese que, adicionalmente, hai diferentes construcións con *cornu* noutros apartados. Non se agruparon todas aquí, xa que pareceu máis oportuno unificar nunha mesma epígrafe lexías cun valor semántico ben definido, en lugar de atender unicamente a se a construción continúa *cornu* ou non. Isto é, parece mellor que *espallado* e *cornos espallados* estean xuntos, e non que estea *cornos espallados* con *cornos baixos*, só polo feito de teren o mesmo núcleo. Por suposto, na listaxe de formas de cada pregunta fanse as remisións oportunas, de modo que o lector pode localizar rapidamente todos os apartados que conteñen a voz *cornos*.

Provéen do lat. CÖRNU, esencialmente ‘corno’, pero que tamén adquiriu ó longo do tempo os valores de ‘recipiente, bucina, etc.’, que aparecen frecuentemente nos documentos e textos.

3.1. Con prefixos e sufixos

3.1.1. Só con sufixos

3.1.1.1. *cornacha* [16F(3.1.2.)]

Este sufixo é de orixe discutida. Ferreiro (2001: §488) faiño vir dunha deformación do sufixo *-aço* (do lat. *-ACĔU*) e Houaiss (s.v. *-acho*) indica que “de baixa freqüência em port., para o qual, sem a vogal inicial, se postula o étimo lat. *-cūla-*, *-cūlu-*, de dim. [...]; em certos casos, há estrangeirismo original (*bombacho*, *borracho*, [...]), mas em maioria há suf. com noção diminutiva, agravada por conotação pejorativa ou minorada por conotação expressiva (*barbicacho*, *cambalacho*, *capacho*, *corvacho*, [...]); incide no valor despectivo Alonso Núñez (2000: 155-156).

A voz *cornacha* está difundísima nos dicionarios galegos para dar nome ó caracol, pero non atopo nas fontes consultadas ningunha referencia directa ós cornos da vaca.

3.1.1.2. *cornán* [16D(6.1.1.)]; *cornana* [16B(7.1.1.)]

Para esta parella de sufixos *-án/ana*, Ferreiro (§401a) pensa que estamos diante dunha variante do sufixo *-ón*, cunha modificación fonética que estaría impulsada, en boa medida, pola abundancia na lingua da terminación *-án* (<do lat. *-ĀNE*).

Normalmente, esta forma significa “Cornudo. Animal de grandes cuernos” (Valladares Inédito) e con ese valor foi recollido tamén polo GVGH (s.v. *cornán*) en Compostela. Con todo, Otero (1977), s.v. *cornán*, escribe “*cornana*, la vaca *broca*, en Riucabo”; nesta obra non aparece a entrada *broca*, que si aparecía en Otero (1953c) – “Aplicase a la vaca que tiene dos cuernos cerrados uno contra otro, en Berres. En Moreira, es la que tiene las astas inclinadas hacia abajo”.

3.1.1.3. *cornanta* [16D(6.1.2.)]

Aparece só unha vez, nunha enquisa de estudantes na provincia da Coruña. Aparentemente, a terminación *-anta* sería a forma feminina esperable de *-ante*, descendente da forma latina de participio de presente, segundo o paradigma regular do galego.

Non localizo esta forma en ningunha das fontes consultadas.

3.1.1.4. *cornatáns* [16D(6.1.3.)]

Para o sufixo *-án*, véxase o comentado na voz *cornán* (ap. 3.1.1.2.). Pode ser que esteamos diante dunha variante de *cornetáns* ‘vacaloura’, con alteración da pretónica (por asimilación á vogal tónica e/ou por influencia de *corná*). Outra hipótese é pensar nunha construción sobre *cornó* cun sufixo medial *-ata-*, que nalgúns vocábulos alterna coa forma patrimonial *-ada* (provenientes ambas as dúas dun latín *-ĀTU*).

Non localizo esta forma nos dicionarios, que si teñen *cornato*: “*m* Cuerno de segador o colodra en que se lleva la piedra de afilar, metida siempre en agua”[Rivas Quintas (1978)]; tampouco nos textos literarios.

3.1.1.5. *córnea* [16F(3.1.3.)]

Cun sufixo átono, aquí co significado ‘con forma de, dotado de’, e proveniente dun sufixo latino *-EA* (xa temos un adxectivo latino *CORNĒU* ‘referente ó corno’).

Nos dicionarios só rexistro, unha vez, *córneo*, pero co valor ‘que é de corno’.

3.1.1.6. *cornecha* [16A(3.1.1.); 16B(7.1.2.); 16E(3.1.); 16G(4.1.1.); *cornicha* [16B(7.1.2.); 16F(3.1.7.); *cornixa/sa* [16G(4.1.3.)]

Segundo Ferreiro (§473), o sufixo *-echo* proviría posiblemente dun cruzamento entre *-ucho*, basicamente pexorativo, e *-elo*. É distinta a opinión de Houaiss, s.v. *-acho*: “de baixa ocorrência em port., com sentido dim. e, por vezes, pejorativo: *bolacha, laracha*; o suf. tem projeções das f. em *-acho, -echa, -echo, -icha, -icho, -ocha, -ocho, -ucha* e *-ucho*, para os quais (sem a vogal inicial) se postula o étimo lat. *-cūlu-, -cūla-*, de dim. (como em *tubercūlum, canicūla* etc.)”²⁸⁶. A. Alonso Núñez comenta con detalle, sinalando opinións diferentes ás referidas anteriormente, o sufixo *-echo* (2000: 168-170) e mais *-icho* (2000: 159-160).

Con respecto ás formas *cornisa* e *cornixa* que aparecen en enquisas de estudantes, o primeiro problema é que non podemos estar certos da súa verdadeira realización, pois non se emprega ningún sistema de transcripción fonética, senón que é adaptación á grafía oficial; con todo, tampouco sería exacto ó cen por cen, con estes enquisadores inexpertos. Poderíase tratar simplemente de dúas variantes fonéticas, pero tamén estarmos ante dous

²⁸⁶ Para máis detalles, véxanse Alvar/Pottier (1983: §277) ou Ferreiro (2001: §488). Os sufixos *-icha* e *-echa* alternan frecuentemente na lingua; neste traballo pode constatarase no capítulo 10, ap.

sufijos diferentes, *-esa* (< lat. ĒNSE, que posteriormente crea un feminino analóxico) e pode que *-exa* (crese que adapta o español *-ejo*, proveniente de *-ĪCŪLU* e apoiado por derivados regresivos de verbos en *-exar*), aínda que é moi raro que forme adxectivos. Tampouco se podería descartar por completo unha confusión cos sufixos do tipo *-ixa* e, evidentemente, sempre está aberta a posibilidade de que estas formas non remitan a *cornu*, senón ó substantivo *cornixa* ‘corpo voadizo que serve de remate a outro’.

Nos dicionarios, normalmente *cornecho* é un ‘recuncho, ángulo dunha cousa’, pero xa en Cuveiro aparece a definición “Cuerno ó caracol de mar”. Elixio Rivas (1988) ten unha entrada *cornecho* aboada en Negradas (Lugo): “*adj.* Se dice del animal cornúpeta que no tiene cuernos, sin cuernos [...]. En Lubián, *cornecha* "oveja con cuernecillos””. Franco Grande recólleo tamén como substantivo, sinónimo de *cornos* nunha acepción moi específica, *cornechos*: “*s. m. pl.* Los dos cuernos que forma la luna al principio o al final de los cuartos creciente y menguante”. Pola contra, non atopo casos de *cornicho/a* en obras lexicográficas, para falar dos cornos da vaca (sí para o pan, por suposto).

No GVGH temos unha entrada *cornecha*, que se refire dunha banda á ovella que ten cornos, pero tamén, e sobre todo (cinco resultados: Cabalar, Santaia, Melide, Sobrado e Guitiriz), á vaca “con los cuernos pequeños y retorcidos”.

3.1.1.7. *corneira* [16D(6.1.4.); 16F(3.1.4.)]

Cun sufixo *-eira* (< lat. *-ARIA*).

En acepcións que nos interesan, temos *corneira* en Carré1 (“*s. f.* Cornejo. Arbol con las ramas derechas encarnadas y lisas”) ou en Eladio Rodríguez (“*s. f.* Cornal, correa con que se prenden y atan los bueyes al yugo por los cuernos”). Aínda que nos primeiros dicionarios *corneiro* é a persoa que traballa o corno, en Eladio Rodríguez temos unha definición máis relevante para este comentario: “*adj.* Dícese del buey o de la vaca que tiene los cuernos largos y grandes, aunque en su dirección natural. *Cornán*”.

3.1.1.8. *cornela* [16F(3.1.5.)]

Cun sufixo diminutivo *-ela* (< lat. *-ĒLLA*); pódense ver máis detalles en Alonso Núñez (2000: 146-147).

En Carré4 temos *cornelán* “*s. m.* Cornudo, el hombre cuya mujer comete adulterio”. Si que atopo *cornela* cun valor que nos interesa nun texto de 1981: “detiñanse no traballo, fumaban un pitelo, e facían seu comento: «O boi manso crece en cornos»... «Ninguén morre da cornada de burro», co que querían decir que Xácome fórase moito da man no seu

propio castigo. Ou cecais outra cousa, pero con cachaza, coa saxeira dos que saben que «na terra allea a vaca fai ao boi cornela»... A vida é así, e non hai que darlle voltas, nin andarse con cirigaitas nin andrómenas morais cas sofaldras e os calzóns...²⁸⁷.

3.1.1.9.1. *cornella* [16A(3.1.2.); 16B(7.1.3.); 16G(4.1.2.)]

O sufixo *-ella* provén dun diminutivo latino *-ICŪLU*²⁸⁸; coméntao brevemente Alonso Núñez (2000: 153-154).

Aparece *cornello* nalgúns dicionarios como sinónimo de *cornecho* ‘caracol’(vid. 3.1.1.6.), e tamén como ‘cornizó’ ou para denominar o pan con forma de corno. En troques, non o localizo para falar da morfoloxía dos cornos de ningún animal grande (tampouco *cornella*). Interésanos moito máis esta composición popular relativa ós costumes sexuais do clero: “Señor abade abadiño comedor dos meus touçiños e pai dos meus meniños usté chamoull’ó meu home corna ma non é corna qu’è de cornella que ja lle torçisen por detrás da orella e por iste burriño que me troudo e o que m’ha de levar cale señor abade qu’osté hama de pagar”²⁸⁹.

3.1.1.9.2. *cornellana* [16D(6.1.5.)]

Para o segundo sufixo, véxase o comentado en 3.1.1.2. Atopo *cornellán* en dous dicionarios, como “*s. m.* Cornezuelo del centeno”, pero non atopo nas fontes consultadas outro valor que nos interese máis.

3.1.1.10.1. *corneta* [16B(7.1.4.1.); 16D(6.1.6.); 16F(3.1.6.)]

Aínda que se puidera pensar tamén na adopción do nome do instrumento de vento, o máis plausible é pensar tamén nunha construción sobre *cornu*, cun sufixo *-ete* procedente dun lat. *-ĪTTU*, seguramente por intermediación francesa; esta forma crea unha flexión feminina *-eta*, como sería de regra no sistema.

O GVGH, s.v. *cornecha*, sinala que se recolleu *corneta* en Guitiriz para a ovella con cornos.

3.1.1.10.2. *corneteira* [16B(7.1.4.2.)]

Corneteira recóllea Elixio Rivas (1978) como sinónimo de *cornetán* ‘cervo voante’ (vid. 3.1.1.4.). Non atopo referencias ó corno da vaca.

²⁸⁷ Cortezón Álvarez (1981: 255).

²⁸⁸ Véxanse máis datos en Houaiss, s.v. *-elbo* e, sobre todo, en Alonso Núñez (2000: 153-154).

²⁸⁹ Schubarth/Santamarina (1988: 58).

3.1.1.11. *cornuda* [16B(7.1.5.); 16C(9.1.1.); 16D(6.1.7.); 16E(3.2.); 16F(3.1.8.); 16G(4.1.4.)]

Para o sufixo *-uda*, véxase o sinalado no ap. 1.6.1.5. (*galluda*).

Como é evidente, o significado principal de *cornuda* é ‘dotada de grandes cornos’ e, de feito, non atopo nos dicionarios entradas que acheguen outro matiz de significado para a morfoloxía córnea.

3.1.2. Con prefixos e sufixos

3.1.2.1. *alicórneo* [16F(3.1.1.)]

Forma problemática que se recolle nun único punto, en Cartelle, nunha enquisa de estudante, para designar a vaca que só ten un corno. A designación que vén primeiro á cabeza é, evidentemente, ‘cos cornos en forma de ás’, e, de feito, *alicórneo* e *alicorno* son denominacións correntes para a vacaloura; o problema é que este significado non casa demasiado co concepto estudado, pois o particular desta vaca sería que só ten un corno. Quizais sexa máis probable que o informante quixese facer alusión ó unicornio e cambiase o primeiro morfema da palabra; de feito, se acudimos ó dicionario Houaiss, vemos que contén unha entrada *alicórnio* que remite para *unicórnio*.

Hai que indicar tamén que se recolleu *alicorno* non lonxe de Cartelle, en Ramirás, para o “cuerno del ciervo” (GVGH, s.v.)

3.1.2.2. *descornada* [16F(3.1.9.)] ; **3.1.2.3. *escornada*** [16E(3.3.); 16F(3.1.10.)]

Formas participais semellantes, co mesmo significado, pero con alternancia de sufixo, unha situación moi común xa no galego medieval, variando entre un *des-* (do lat. DĪS-, aínda que tamén se pensou en DĒ+ĒX) e un *es-* (< lat. ĒX). Este tipo de construción aparece repetidas veces no curso deste traballo (véxase, por exemplo, a epígrafe 8 do capítulo 7, dedicado á vaca cun cadril afundido por mor dun golpe).

Xa en Cuveiro temos *descornado* “sin cuernos” e *escornada* conta con catro rexistros no GVGH.

3.1.2.4. *escorneada* [16D(6.2.)]

Aparece esta forma só unha vez, nunha enquisa de estudante en Ames. É curiosa, porque *escornear* normalmente significa ‘pelexar dúas vacas entre si’; podería aplicarse tamén

á vaca sen cornos ou sen algún corno (é unha construción do tipo das do apartado anterior), pero sorprende que se refira á vaca cos cornos para os lados.

3.2. Formas derivadas acompañadas dun modificador que significa ‘dun corno, dun lado’

Corno provén do lat. CŎRNU ‘corno’. *Lado* vén de LATU ‘flanco, parte lateral’.

3.2.1. *escornada dun corno* [16F(3.2.1.1.)]

Vid. ap. 3.1.2.3.

3.2.2. *escornada dun lado* [16F(3.2.1.2.)]

Vid. ap. 3.1.2.3.

3.2.3. *cornuda dun lado* [16F(3.2.2.)]

Vid. ap. 3.1.1.11.

3.3. Construción que significa ‘vaca que só ten un corno’: 3.3.1. *cun corno solo* [16F(3.3.1.)]; *vaca cun corno* [16F(3.3.4.)]. 3.3.2. *vaca dun corno* [16F(3.3.5.)]. 3.3.3. *Tipo sin un corno* [16F(3.3.2.)] 3.3.4. *fáltalle un corno* [16F(3.3.3.)]

Construcións que non teñen ningún tipo de particularidade que sinalar, pois son procedementos ben habituais; como é sabido, a forma *sin* é un dos castelanismos máis estendidos no galego.

3.4. ‘vaca á que lle caeu un corno’

3.4.1. *caeuille un corno* [16F(3.4.1.)]

Verbo *caer*, continuador do lat. CADĒRE.

3.4.2. *partiulle un corno* [16F(3.4.2.1.)]; *corno partido* [16F(3.4.2.2.)]

Verbo *partir*, do lat. PARTIRE ‘dividir, distribuír’ (as acepcións relativas ó movemento son secundarias).

3.4.3. *que perdeu un corno* [16F(3.4.3.)]

Verbo *perder*, do lat. PERDĒRE ‘perder’.

3.5. ‘Cornos ben feitos, cornos bos’²⁹⁰

3.5.1. *ben feitos* [16C(9.2.); (*de*) *cornos ben feitos* [16B(7.2.4.); 16D(6.3.2.)]

Aínda que o adxectivo-participio *feito* en solitario xa ten o valor de ‘fermoso, xeitoso’, o máis habitual é que se reforce a expresión cun adverbio *ben*. Procede do lat. FACTU.

3.5.2. *boa cornaxe* [16B(7.2.1.)]

O sufixo *-axe* procede do lat. –ATICU por vía do francés *-age*, con apoio tamén do occitano (Ferreiro 2001: §371).

Recóllese *cornaxe* (GVGH, s.v. *corná*) para se referir á corna en Xunqueira de Ambía, a uns corenta quilómetros de Ramirás, o único punto da nosa rede que rexistra esta expresión; pola contra, non o localizo nas obras lexicográficas e nos textos consultados.

3.5.3. (*con*) *boa encornadura* [16D(6.3.)]

O sufixo *-dura* coméntase en 1.6.1.2. (*galladura*).

Aparece *encornadura* no Incio (GVGH, s.v. *corná*) para se referir á corna. Localizamos tamén este derivado como entrada de Eladio Rodríguez: “s. f. Encornadura, forma o disposición de los cuernos en los animales astados”.

3.6. Outros modificadores

3.6.1. *cornó malino* [16G(4.2.1.)]

Seguramente estamos diante dunha realización de *maligno* (cf. lat. MALIGNU), nunha construción semellante á que atopamos no apartado seguinte. Con todo, son maioría as frases positivas, do tipo ‘cornos ben feitos’ (ap. 3.5.).

3.6.2. *de mala encornadura* [16A(3.4.)]

Para *encornadura*, véxase o sinalado en 3.5.3.

3.6.3. *cornos afilados* [16B(7.2.2.)]

O modificador é participio do verbo *afilar*, castelanismo citado neste punto (é certo que non estamos lonxe da área de conservación do –l– latino, cf. mapas 272 e seguintes do

²⁹⁰ Véxase tamén *ben feita*, no apartado 30.4.

vol. III do ALGa, pero en principio este punto non está incluído). Creado sobre *afiar*, verbo formado, á súa vez, de *fízo* (< lat. FILU).

3.6.4. **(cos) cornos altos** [16B(7.2.3.)]

Continúa un adxectivo lat. ALTU.

3.6.5. **cornos como agullas** [16B(7.2.5.)]

O substantivo *co* que se establece a comparación procede do lat. ACUCULA, un diminutivo de ACUS ‘agulla’. Non queda claro se se refire a que os cornos están moi afiados (vid. 3.6.3.), a que a súa forma é rectilínea ou a que son máis fracos do normal.

3.6.6. **cornos dereitos** [16B(7.2.6.)]

O modificador provén dun lat. vulgar DĒRĒCTU (clas. DĪRĒCTU).

3.6.7. **(cos) cornos de punta** [16G(4.2.2.)] ; **en punta** [16B(14.5.)]

Dun lat. PŪNCTA, en orixe participio do verbo PUNGO ‘picar’, que se substantivizou.

3.6.8. **cornos espetados** [16B(7.2.7.)]

O modificador é o participio de *espetar*, verbo creado sobre *espeto* ‘pau, barra de ferro rematada en punta’ (dun gótico **spītu* ‘asador’)²⁹¹. Aínda que o significado habitual deste verbo é ‘chantar(se), cravar, etc.’, seguramente aquí o que quere transmitir é ‘con forma de espeto’, véxase a definición de *espetado* que ofrece Eladio Rodríguez: “Dícese del que anda muy tieso, muy finchado y muy poseído de sí mismo”.

4. Formas de raíz *mouc-*, *moc-*, etc. [16A(6); 16C(12); 16E(2); 16F(2)]

Inda que na nosa rede aparece esporadicamente para a vaca cos cornos cara abaixo e incluso para a que ten os cornos orientados ós lados, esencialmente designa a vaca á que lle falta un dos cornos, ou os dous (inda que nese último caso prefírese *mona*, con moita máis forza).

Esta familia tan numerosa é problemática no que respecta ás súas orixes. Vista a semellanza formal e de significado (‘sen corno, sen punta, etc.’), parece factible agrupar todas estas formas nunha mesma familia, que conta tamén con diferentes paralelos nas

²⁹¹ Véxanse algunhas designacións similares no apartado 1.

linguas romances: cat. *motxo* (tamén *mus* e *esmussat*), ast. *demozar/esmozar*, occ. moderno *mout*, *mouto*, it. *mozzò*, fr. *mousse*, *émoussé...*; e tamén en linguas xermánicas (véxase o neerlandés *mots*, *motsen*), cronoloxicamente posteriores ás formas romances. En portugués temos *mocho* esencialmente (hai un adxectivo *mouco*, pero que se adoita aplicar a quen non oe ben; véxase o sinalado un pouco máis abaixo, a propósito de *Malchus*).

O DCECH (s.v. *mocho*) trata abundantemente esta forma e conclúe que, vista a pluralidade de formas, sería inverosímil pensar nun único étimo común, sendo todas elas creacións fonosimbólicas que transmitirían un sentimento de redondez e achataemento debido á súa estrutura silábica: consoante labial, vocal labial e oclusiva ou africada. REW (5791-3) propuxera admitir conxuntamente catro étimos ou raíces para estas formas: BOTT-, MUTT-, MUTIU e MUTILU ‘mutilado’ (forma do latín clásico que coexistía con MUTICU). Para o italiano *mozzò* e o francés *mousse*, tanto DELI coma Petit Robert pensan na base MUTIU, inda que o TLFi (s.v. *mousse*) prefire a forma con duplicación de dental: “Mot très vivant dans les parlers au sud de la Loire, d'où il a pénétré en fr. Il est issu du lat. pop. **muttius* « tronqué » dér. du rad. prérom. *utt-* (*motte**), cf. a. prov. *mos*, de même sens (XII^e-XIII^e s. ds RAYN.)”. Non escaparon estas formas dunha etimoloxía máis creativa, e así, houbo incluso quen postulou que *mouco* proviría do nome bíblico *Malchus* (xudeu a quen San Pedro cortou a orella protexendo a Xesús)²⁹².

4.1. Formas sen derivar

Se acudimos ó DGLA, s.v. *mocu*, observamos que esa lingua tamén coñece diferentes variantes (*moucu*, *moicu/a*, *mucu*, *moca*, *moco*, *mouco*, *moga*) e os valores que alí se comentan son os mesmos que tratamos neste capítulo: “1. Sin cuernos [Os. Cl. Cp. Ay. Pr. Tox]. Desmochado (un vacuno) [Sm. Md. Cv]. (Res) mocha [Cb. Sb. Mi. Ay (vaca). Ll]. 2. Que carece de algún cuerno [Am. Cg. Ay. Qu. Tb. Sm. Cd. /Eo/]: *Nun viendas la vaca mouca; la que nun ta mouca val pa carne [Tb]*. Que le falta uno de sus cuernos (la vaca) [Ca]. Mocho, que ha perdido un cuerno [An]. Sin un cuerno [Lln. Pa. Ri. Bab. Pzu. PSil. Cn (MG). R]. Sin un cuerno o dos (un vacuno) [Pr]. Que ha perdido un cuerno [Oc]. Con un cuerno disminuido [Tb]. Con un cuerno más alto que otro (la vaca) [Ar]. 3. Duro de oído [As]. 4. Sin pendientes (una mujer) [Pr]. 5. Idiota, imbécil [Lln]. “Persona de poco fuste o categoría” [Lln (S)= mocarru]”.

²⁹² Teoría de Carolina Michaëlis e o REW. Véxanse as referencias concretas e unha refutación na nota número nove da entrada *mocho* de DCECH. O episodio bíblico nárrese en Xoán, 18, 10; os outros evanxelistas comentan o episodio (Mateo 26:51; Marcos 14:47; Lucas 22:50), pero non citan o nome desta persoa, que é servo do Sumo Sacerdote, non de Xesús, como afirma Corominas.

4.1.1. *moca* [16F(2.1.1.)]

Moca, como substantivo, aparece nos dicionarios definida case sempre como “cachiporra”; visto que o remate desta porra é arredondado, avultado, non parece que se afaste moito do significado primario ‘sen punta’ que observamos en toda esta familia; un valor semellante atópase para *moco*, inda que este conta con bastantes máis significados.

Na nosa rede, aparece só en tres puntos, todos eles en Lugo, para a vaca que só ten un corno; no parágrafo anterior puidemos ver varios casos, referidos ó dominio lingüístico ástur.

4.1.2. *mocha* [16A(6.1.); 16E(2.2.1.); 16F(2.2.1.)]

Xa temos *mocho* con este valor en Valladares: “Animal cornudo sin astas. Pelado”. O dicionario de Acevedo e Fernández (s.v. *mouco*) indica algo a propósito do reparto xeográfico: “Se dice del buey o de la vaca que ha perdido un cuerno o los dos: descornado. Ús. del Navia al Eo; en algunos otros concejos de dice *mocho*, como en port. En la parte central, *vaca mocá*”.

4.1.3. *mouca* [16A(6.4.); 16E(2.3.1.); 16F(2.4.1.)]

Aínda que posúe nas obras lexicográficas diferentes significados (‘persoa tosca; sen ánimos, escuro; xordo; obeso, etc.’), a acepción principal de *mouco* nos dicionarios é a de ‘boi ou vaca que perdeu un ou dous cornos’. Nese sentido, no GVGH (s.v. *mouca*) recóllense, sempre para a vaca ou cabuxa á que lle falta un corno, as seguintes formas:

- *Mouca*: Pedrafita, O Incio, Xunqueira de Ambía, Montederramo, Castro Caldelas, A Gudiña, A Mezquita, Verín e Vilardevós.
- *Mouga*: Porto (Zamora).

Véxase tamén o sinalado na epígrafe 4.2.1.7. (*moucar*, *moucada*).

4.1.4. *moucha* [16C(12.1.); 16E(2.4.); 16F(2.5.)]; *mouchos* [16A(6.3.)]

A única entrada de *moucho* nas obras lexicográficas cun valor que nos interesa está en Elixio Rivas (2003): “*adx*. Desmochado, recortado: galo moucho, sin cresta. As Frieiras, Our.”. Nesa liña, pero referido a un burro que carece de orellas, hai un rexistro nun texto

de 1861: “Nun burro moucho d'orellas, coxitranco de dúas patas, amataduras no lombo i escuadrilao das arcas, montaron, cu pra os fociños da bestia, o Diaño de palla”²⁹³.

Aínda que non se refira ós cornos, é interesante a entrada *moucha* de diferentes dicionarios, pois normalmente designa a cabeza, ou unha mata de pelo, algo que cadra co valor primario de ‘sen punta’ que estamos repetindo continuamente nestes parágrafos.

4.2. Derivados

4.2.1. Formas sen prefixo

Para o sufixo *-ena*, véxase o sinalado no apartado 1.1.2. do capítulo 9, consagrado á vaca sen rabo. Esa epígrafe e a anterior, dedicada ó sufixo *-ela*, son especialmente interesantes para analizar o fenómeno de alternancia destes dous sufixos dentro da lingua.

4.2.1.1. *mocena* [16E(2.1.3.)]

Esta forma sospeitosa só aparece unha vez na nosa rede, nun punto das enquisas de estudantes, no norte da provincia da Coruña; é posible que se trate dun erro. Non a localizo nos dicionarios consultados nin nos textos incluídos no TILGA.

4.2.1.2. *mochela* [16F(2.2.2.1.)]

Na nosa rede aparece unicamente unha vez, nun punto do ALGA (Porto do Son); non a rexistro nas fontes consultadas.

4.2.1.3. *mochena* [16E(2.2.2.); 16F(2.2.2.2.)]

Aníbal (1977), s.v. *esmochenar*, aboa esta voz *mochena* en Riucabo (Meira, Lugo), pero cunha acepción lixeiramente distinta ás dúas presentes na nosa rede: ‘vaca pechada de cornos’. No que se refire ós textos, aparece unicamente en dúas obras, e só unha delas, que recolle textos populares, se refire á vaca: “Á vaca mochena tembraball'o rabo en cas d'Angarella {sucedió un milagro} Liopoldo Méndez sacud'as mantelas Benito Labraba {la quiere de veras}”²⁹⁴.

4.2.1.4. *moguela* [16A(6.2.); 16F(2.3.)]

Moguela rexístrase en Toba e Dumbría para a vaca sen un corno (GVGH, s.v.), o mesmo valor co que aparece (GVGH, s.v.) a variante *muguela*, só que en Toba e mais en

²⁹³ Fernández Morales (1861: 279).

²⁹⁴ Schubarth/Santamarina (1993: 265).

Laxe. Esta é a área en que se concentra o maior número de rexistros dentro da nosa rede. O GVGH tamén inclúe *moguelo*, pero cun significado lixeiramente distinto: “cuerno que va por dentro del que se ve exteriormente” (rexistrado en Razo).

4.2.1.5. *moquena* [16E(2.1.1.); 16F(2.1.2.)]

O adxectivo *moqueno* aparece en Eladio Rodríguez: “Dícese de la vasija de barro falta de un trozo en la parte superior”; a definición de Carré4 é máis ampla: “Faltoso; que tiene roto algún extremo remate o adorno saliente. V. *Esmoquenado*”.

Mentres que o GVGH, s.v. *esmoconada*, recolle en Compostela esta forma *moquena* co significado ‘vaca á que lle falta un corno’, a acepción de *moqueno* (s.v.) en Monterroso é máis ampla, pero segue casando ben co concepto que nos ocupa neste capítulo: “parte cortada de un miembro que está pegado al cuerpo”.

4.2.1.6. *moqueta* [16E(2.1.2.)]

Sufixo diminutivo *-eta* (cf. ap. 3.1.1.10.1. deste mesmo capítulo).

Só aparece nun punto da nosa rede, o L-19 da grella do ALGa (Negueira de Muñiz). Non a localizo nas fontes consultadas.

4.2.1.7. *moucada* [16E(2.3.2.1.)]

Forma co sufixo *-ada* (< lat. -ATA), que aparece nun único punto da nosa rede, nas enquisas de estudantes.

En Vilaquinte recolleu Otero (1967a) un verbo *moucar*: “podar un árbol de la mitad para arriba”, pero non atopo *moucada* nos dicionarios nin nas outras fontes consultadas.

4.2.1.8. *mouquela* [16A(6.5.); 16E(2.3.2.2.); 16F(2.4.2.)]

Aníbal Otero (1967a) inclúe unha entrada *mouquelo*: “Como *moucelo*²⁹⁵. Aplícase a la res pequeña, de ganado vacuno o lanar”; aparecerá en máis dicionarios, pero cun significado lixeiramente distinto: ‘pelado, tosquiado, que ten a cabeza descuberta, etc’.

²⁹⁵ A definición de *moucelo* que aparece nese mesmo vocabulario é a seguinte: “Punta o pezón que ofrece cualquier cosa. Cacho saltado de los bordes de una vasija, Barcia. Del Lat. MUTICUS. Variantes: boucelo, bouquelo”.

4.2.1.9. *moxela* [16F(2.6.1.)]

Aparece esta forma nun único punto, correspondente á rede das enquisas de estudantes. Nos dicionarios hai *moxela*, pero con significados que non teñen nada que ver co noso concepto, por exemplo ‘meixela’.

4.2.1.10. *muxena* [16E(2.5.)]

O significado habitual desta forma na lingua, que non ten que ver co noso concepto, é “chispa, partícula de fuego” (Eladio Rodríguez, s.v.) e con ese valor ten unha gran vitalidade nos textos, xa desde mediados do s. XVIII (especialmente a variante *muxena*), pero non localizo outras acepcións que nos interesen para este estudo.

4.2.2. Formas con prefixo

Véxase o apartado 4.2.1.7. para o sufixo, e mais para o verbo *moucar*.

4.2.2.1. *amoucada* [16E(2.3.3.1.)]

Aparece nun único punto, da rede de enquisas de estudantes.

Habitualmente, o adxectivo *amoucado* emprégase para a persoa que está molesta, amolada, como participio que é do verbo *amoucar(se)* “Ponerse triste la persona o el tiempo” (Sobreira, s.v.), a partir dun valor primario que sería ‘coa cabeza para abaixo’. Nas fontes consultadas non atopo ningunha referencia ós cornos.

4.2.2.2. *demoucada* [16E(2.3.3.2.)]

O verbo *demoucar* aparece frecuentemente nos dicionarios, co valor de ‘podar’, máis especificamente, ‘podar, deixando só a cepa’. Non sería estraño, por tanto, un uso analóxico para a amputación de membros ou a perda de partes do corpo, en xeral, inda que hai que dicir que non atopo ese valor sinalado explicitamente nas obras lexicográficas consultadas. Si que aparece unha referencia interesante nun texto de 1992: “Nun hai que pensar que as vacas taban soltas del todo, como tan agora nus campos, pacían cabicornadas, porque xa dixen antes que as vacas se llevaban mal úas coas outras i si se amarraban podían demoucar ou abortar, inda nun existía a lei del aborto i el que tía cornos nun ye quedaba más camín que aguantá-yos”²⁹⁶.

²⁹⁶ Álvarez Valdés (1992: 115).

4.2.2.3. *esmoncada* [16F(2.6.2.)]

Forma localizada nun único punto de enquisas de estudantes, no sur de Lugo. Posiblemente se trate dun erro do enquisador, que leu mal un *esmoncada* que había nalgún borrador previo á hora de transcribir a versión definitiva.

Aparece *esmoncar* en Eladio Rodríguez: “*v. a.* Hacer trizas de un cuerpo capaz de quebrarse o deshacerse”; cun significado semellante fala Otero (1963: s.v. *esmodricar*) dun verbo *esmoncelar*: “[*esmodricar.*] Modificar violentamente, alterar la forma de un objeto haciéndole perder su buen aspecto. [...] Igual sentido tiene, en Barcia, *esmoncelar* (cit. en mi art. III. Archivum, VI) "partir el pan con las manos, desfigurándolo". Non esmonceles o pan. Las dos palabras tienen el mismo origen. DEL LAT. MUTICUS”.

4.2.2.4. *esmoucada* [16E(2.3.3.3.); 16F(2.4.3.)]

Sempre coa acepción ‘vaca á que lle falta un corno’, aparece *esmoucada* no GVGH (s.v. *esmoconada*), recollida en diferentes puntos do territorio ourensán: Ramirás, Xunqueira de Ambía, Montederramo, Verín e Vilardevós.

Como en casos anteriores (vid. p.ex. 4.2.2.2.), aparece nos dicionarios un verbo *esmoucar* ‘podar unha árbore’, pero coa diferenza de que neste caso localizamos algunhas obras que inclúen explicitamente o significado ‘escornar’ que aquí nos ocupa. Xa Sobreira inclúe nas súas papeletas un refrán interesante: *Quen co o Demo ara o Boy se lle esmouca*; Pintos xa recolle como entrada *esmoucar*: “Descornar”, e aparece en moitos dicionarios posteriores, tamén como pronominal, *esmoucarse*.

4.3. Forma *mocha* e *mouca* (e derivados) con modificadores

Para a forma *mouca*, véxase o sinalado en 4.1.3; para *mocha*, en 4.1.2.

4.3.1. *mouca dun corno* [16F(2.4.4.1.)]; **4.3.2. *mouca dun lau*** [16F(2.4.4.2.);
mocha dun lado [16F(2.2.3.)]

Atópanse construcións con estes modificadores no apartado 3.2.

4.3.3. *mouca da feito* [16E(2.3.4.1.)]

No que respecta ó modificador, seguramente temos que pensar que a forma presente aquí é *de a feito*, cunha locución adverbial sinónima de *a eito*, co significado ‘sen excepción, por completo’ (lémbrese que é designación para a vaca sen os dous cornos).

4.3.4. *media mouca* [16C(12.2.)]

É curioso que esta forma, recollida nun único punto ourensán da rede do ALGa, se refira á vaca cos cornos cara atrás, pero puidemos ver máis casos ó longo deste apartado. Sen observar o referente concreto do momento da enquisa, é difícil supoñer nada, inda que é certo que o uso do adverbio *medio* ‘un pouco, non de todo’ axuda a xustificar este uso, quizais porque algún corno estaba medio roto, ou porque daba a impresión, por estar tan botado para atrás, de que ía caer.

4.3.5. *demoucada dun lado* [16F(2.4.4.3.)]

Para a forma *demoucada*, véxase o sinalado en 4.2.2.2. Atópanse construcións con estes modificadores no apartado 3.2.

5. Forma *mona* e derivados [16A(10.4.); 16C(11); 16E(1); 16F(1)]

DCECH comenta (s.v. *moño*) que esta forma *mona* procedería dunha raíz prerromana MŪNN- ‘vulto, protuberancia’, que parece ser variante de BŪNN- (cf. español *boñiga*), con representantes en todos os romances ibéricos e gálicos, tamén en vasco e nos idiomas neocélticos; a primeira documentación española remontaría a 1438. Antón Santamarina (en Rios Panisse, s.v. *móna*) explica deste modo a evolución semántica: no sentido orixinario aplicaríase ó animal que non tiña desenvolvidos os cornos, senón que só apuntaban como protuberancia. Posteriormente pasaría a ser o animal que non os tiña, ou que tiña unicamente un.

5.1. Formas sen derivar

5.1.1. *mona* [16A(10.4.); 16C(11); 16E(1.1.); 16F(1.1.)]

Mono aparece nos dicionarios desde Pintos. Na fala ten unha presenza constante, como se pode apreciar na entrada *mono* do GVGH, que a recolle en Caaveiro, Cabalar-Capela, Feás, Razo, Laxe, Toba, Dumbría, Santa Comba, Santaia, Compostela, Novefontes, Melide, Sobrado, Oirós, Codeseda, Goián, Valadouro, Cedofeita, Guitiriz, Friol, Guntín, Pereiramá, Burón, Suarna, Pedrafita, Incio, Monterroso, Xunqueira de Ambía, Montederramo, Castro Caldelas, A Gudiña, Mezquita, Verín e Vilardevós, con algún ou varios dos seguintes significados: ‘animal sen un ou dous cornos, sen unha orella’ (lamentablemente, non divide as diferentes acepcións).

Algunhas obras lexicográficas dan tamén a entrada en feminino, *mona*, como é o caso de Aníbal Otero (quen propón o étimo árabe *maimun*, sen dúbida influenciado pola hipótese máis común para *mona* ‘simio’). Elixio Rivas (1978) recolle incluso un verbo *monar* en Fondo de Vila (A Limia, Ourense): “tr Cortar el penacho al maíz, despuntar”.

5.1.2. *moña* [16E(1.2.)]

Nos dicionarios aparece *moño* “Atado del cabello” (Valladares) e tamén como ferramenta agrícola, Rivas Quintas (1988 e 2003), pero non para se referir ós cornos de ningún animal. Por contra, atopamos esta forma nunha composición popular datada en 1884: “Fun á feira das Travesas e comprei unha vaca moña; á que se casa cun cego nunca lle falta zanfoña”²⁹⁷.

5.2. Formas derivadas

5.2.1. *esmonada* [16E(1.3.)]

Esmonado aparece só unha vez nos dicionarios, no emprendido por Filgueira Valverde, coa seguinte definición: “*adx.* Dícese del plato o vasija un poco roto, e o verbo *esmonar* non se rexistra ata máis tarde, en Eladio Rodríguez: “*v. a.* Quitar o cortar la punta de una cosa, como la de un dedo, una planta, etc”.

Máis específico é o GVGH, que indica, s.v. *esmonar*: “*v.* (Tob. Ver.) quebrarse la punta de una cosa, como por ejemplo un cuerno”.

5.2.2. *remona* [16F(1.2.1.)]

Forma que aparece nun único punto da rede de enquisas de estudantes. Inda que o prefixo *re-* (da partícula latina *RĔ-*) apareza normalmente cos verbos, para indicar repetición da acción, pódese considerar que está presente aquí cun valor intensificador do adxectivo.

Non a localizo nos dicionarios nin nos textos; con todo, para este mesmo concepto hai voces con procedementos formativos semellantes, como é o caso de *remoucar* ‘podar’ (cf. Otero (1977), por exemplo).

5.2.3. *semimona* [16F(1.2.2.)]

Prefixo procedente do latín *SEMI-*, cun valor etimolóxico de ‘medio, metade’, pero que tamén significa ‘un pouco’; neste caso, referido á vaca sen cornos, o valor ‘metade’ funciona perfectamente. Véxase tamén *media mona* (5.3.2.).

²⁹⁷ Blanco Pérez (1992: 469).

Non a localizo nas fontes consultadas.

5.3. Formas con modificadores

5.3.1. *esmonada dun lado* [16F(1.3.4.)]

Véxase o apartado 5.2.1. (*esmonada*) Atópanse construcións con este modificador no ap. 3.2.

5.3.2. *media mona* [16F(1.3.3.)]

Véxase tamén *semimona* (5.2.3.); este procedemento formativo é moito máis habitual na lingua có prefixo *semi-*

5.3.3. *mona dun corno* [16F(1.3.1.)]

Atópanse construcións con estes modificadores no ap. 3.2.

5.3.4. *mona dun lado* [16F(1.3.2.)]

Atópanse construcións con estes modificadores no ap. 3.2.

6. Tipo lexical *broca* e derivados [16A(1); 16C(17.1.); 16D(14); 16F(9.1.); 16G(2)]

Familia léxica bastante numerosa e con significados ben diferentes dentro da nosa rede, aínda que é certo que só ten unha vitalidade importante para designar a vaca cos cornos cara abaixo e –moito menos, e atópase sobre todo nas enquisas de estudantes– cos cornos cara adiante.

No latín había unha forma BROCCU (tamén escrita BROCHU ou BRONCU) ‘[dente] que sae para fóra’ (xa en Plauto); para o DCECH (s.v. *broca*) trátase dunha forma de orixe céltica, cun valor de ‘saínte, puntiagudo’; a primeira documentación que localiza, co significado de ‘punta’, é de 1350, en textos aragoneses. En Agolada hai un San Miguel de Brocos, que posiblemente teña que ver con esta forma, que atopamos documentada para un topónimo xa no ano 955: “in ripa Ulie uillam uocitatam Brocos”²⁹⁸; como alcume, no 1251 e tamén nun texto en veste galega, do 1262: a) “Petrus Iohannis de Porta, Petrus

²⁹⁸ Loscertales (1976: 23-26; o documento en que se atopa corresponde ós folios 1v-3r do Tombo de Sobrado).

Broco, laici, testes et confirmant”²⁹⁹ b) “E Pedro Eanes dito Broco, home dos frades, jurado e preguntado [...]”³⁰⁰. Pódese ver tamén Houaiss, s.v. *broch*-.

6.1. Formas sen derivar

6.1.1. *abroca* [16G(2.1.2.)]

Forma con vogal protética, fenómeno moi corrente en galego. Aínda que si temos bastantes ocorrencias dun verbo *abrocar*, non localizo formas deste tipo referentes a cornos, nas fontes consultadas.

6.1.2. *broca* [16A(1.1.1.); 16C(17.1.); 16D(14.1.); 16F(9.1.); 16G(2.1.1.)]

O adxectivo *broco* conta cunha abondosa presenza nos dicionarios, e non só para se referir ó brócoli. Xa Sobreira incluíra distintas entradas nas súas *Papeletas*, non sempre co valor referido ós cornos que aquí nos ocupa:

- s.v. *broco*: “(en Amandi) Buey cuyas astas se van a juntar por la punta. // Persona de cara bronca // El hosco y de cabeza baja, que no habla por genio, bozalidad, enojo o bozalidad”.

- s.v. *bròco*: “(Ribadavia) Tòco. El hombre taciturno, de poco esplendor. // (Ribasil e Ribadavia) La postura de boca abajo // (Ribadavia) El amorroado, cabizbajo, que tiene pesadumbre o nojo”.

Carrél indica na primeira edición: “Dícese del buey o vaca que tiene las astas inclinadas hacia delante y algo caídas” e Acevedo abóaa en Serandinas, co significado “cornicaído”. Este mesmo valor aparece, recollido en Lán cara, no dicionario de Eladio Rodríguez, acepción da que se fai eco Franco Grande, quen, con todo, engade un valor distinto: “Corno broco: cuerno que nace hacia atrás”.

Algúns vocabularios recollen tamén unha entrada en feminino, *broca*, con acepcións referidas ós cornos xa en Valladares: “Dícese de la vaca que tiene las astas inclinadas hácia delante”. É interesante a de Otero (1953c), xa que se inclúen dous valores distintos na mesma entrada: “Aplicase a la vaca que tiene dos cuernos cerrados uno contra otro, en Berres. En Moreira, es la que tiene las astas inclinadas hacia abajo. Del lat. BROCCHUS”.

Aínda que non se refira ós cornos, cómpre sinalar unha curiosa entrada que fala dos bois, é a voz *brocos*, que aparece por primeira vez no dicionario da Academia e despois en

²⁹⁹ Romani (1990-93: 622-623).

³⁰⁰ Ferro Couselo (1967: 22; é o texto 11).

varios máis (Filgueira, Carré, Eladio,...), coa definición “Dícese de los ojos que son grandes y salientes como los de los bueyes”.

No que respecta a outros testemuños na fala viva, o GVGH ten unha entrada *broco* “Curvado, hacia abajo, aplicado sobre todo a los cuernos de la vaca”, que se recolleu en moi diferentes puntos da nosa xeografía: (Caa. Cab. Fea. Raz. Lax. Sco. San. Com. Nov. Mel. Gro. Val. Ced. Gui. Gun. Bur. Sua. Ped. Inc. Mon. Mra. Gud. Mez.); en Compostela documenta tamén as variantes *brocho* e *bruco*, que, pola contra, non aparecen na nosa rede.

6.1.3. *borooca* [16A(1.1.2.)]

Forma que aparece nun único punto da rede do ALGa. Non localizo testemuños nas fontes consultadas, posiblemente haberá que explicala como unha forma *broca* con anaptixe vocálica.

6.1.4. *bronca* [16A(1.1.3.)]

Xa se comentou na introdución a este apartado no propio latín había formas con inserción de nasal³⁰¹. É unha voz común nos dicionarios e nos textos, cunha pluralidade de significados: “Bronco. Tosco, áspero, escabroso, sin desbastar” (Academia, s.v. *bronco*), inda que non atopo mencións á corna.

6.1.5. *brouca* [16A(1.1.4.); 16G(2.1.3.)]

Non localizo esta forma referida ós cornos da vaca, inda que si con diferentes valores, especialmente o verbo *broucar* ‘golpear’. No GVGH recolleuse, en Novefontes, o adxectivo *brouco* “se dice del que anda siempre mirando hacia abajo”, un dos valores comentados continuamente ó longo deste apartado.

6.2. Formas derivadas

Brocada e *brocada* teñen sufixos continuadores dos sufixos latinos de participio pasado (respectivamente, -ĀTA e -ŪTU); *broqueira* tampouco presenta complicacións, trátase dun sufixo -eira (< lat. -ARIA). Todos estes procedementos formativos comentáronse con abundancia en apartados anteriores.

³⁰¹ Explicadas por DCECH, s.v. *bronco*, como cruces con TRŮNCU ‘tronco’. Véxase Menéndez Pidal (1968: § 69) para casos de inserción de nasal non etimolóxica; tamén o estudo de Aebischer.

6.2.1. *brocada* [16A(1.2.1.)]

O verbo *brocar* aparece xa nas *Papeletas* de Sobreira: “Ribadavia. Embrocar. Tumbiar algún continente, torcerlo. También es neutro”. Non atopo, nas fontes consultadas, ningún exemplo deste participio en referencia ós cornos.

6.2.2. *broqueira* [16D(14.2.)]

Aparece só nun punto da nosa rede, nunha enquisa de estudantes. Non a localizo nas fontes consultadas.

6.2.3. *brocoda* [16A(1.2.2.); 16G(2.2.)]

Recóllese esta resposta só en C-20c (Curtis), pero para dous conceptos distintos. Non a localizo nos textos consultados.

6.3. Acompañando substantivos

6.3.1. *cornu broco* [16A(1.3)]

Para *broco*, véxase o ap. 6.1.2. Para *cornu*, o apartado 3.

7. Formas de raíz *gar-* [16B(4); 16C(7); 16G(1)]

DCECH (s.v. *garra*) estuda varias destas formas, postulando distintos étimos e influencias mutuas; o que tería máis posibilidades sería un céltico **garra* ‘perna’. Meier (1984), dentro da súa tendencia habitual, propón unha etimoloxía latina alternativa para *garra*, ben de CORRADĚRE / *CORRADARE ‘quitar algo raspando, rañando’, ben dunha formación deverbal *DISQUADRARE ‘desgarrar’. As dificultades para establecer a base da familia escurecen a cuestión da terminación.

7.1. *garoucha* [16B(4.1.); 16G(1.2.)]; *garroucha* [16G(1.3.)]

É curioso o caso do adxectivo *garoucho*; mentres que Otero (1957b) aboa en Santa Cecilia (Foz, Lugo) a acepción ‘cos cornos en punta cara abaixo’ para esta forma, o significado co que o recolle M. Prado Fernández en Ferreira do Valadouro (a algo máis de vinte quilómetros soamente) será ‘cos cornos curvos cara arriba’ (GVGH, s.v. *garoucha*).

A forma *garroucha* non aparece nos dicionarios consultados, nin nos textos incluídos no TILGA; na nosa rede documéntase en dous puntos de enquisas de estudantes, ben afastados entre si.

7.2. *garouta* [16B(4.2.); 16C(7.1.);] *garrouta* [16B(4.4.); 16G(1.4.)]

A respecto de *garouto*, Aníbal Otero (1977) comenta que se aplica á vaca cos cornos orientados cara arriba, inda que en Martín (Baleira, Lugo) é tamén “res vacuna mal hecha y con los cuernos grandes”. O GVGH ten unha entrada *garouta* ‘vaca cos cornos curvos cara arriba’, documentada no Val de Burón e en Suarna. Por contra, *garrouta* non aparece nos dicionarios nin nos textos consultados.

7.3. *garrota* [16B(4.3.)]

Aparece esta forma nun único punto, da rede das enquisas de estudantes. Non atopo outros testemuños nas fontes manexadas.

7.4. *garrucha* [16B(4.5.); 16C(7.2.); 16G(1.5.);] *carrucha* [16G(1.1.);] *garuxa* [16B(4.5.)]

A forma de máis vitalidade é, con moito, *garrucho*, que existe tamén para se referir a un instrumento agrícola con dentes, para cavar na terra (cf. as designacións da epígrafe 1). Otero (1961), s.v. *garrucho*, sinala que “Aplicase a la res vacuna que tiene los cuernos cerrados uno contra otro, en Barcia. En A Pena, es la que tiene los cuernos retorcidos. Del celt., "GARRA"”. Pero os valores maioritarios na fala son outros, como testemuñan as teses e tesañas do GVGH; alí aparece a entrada *garrucho*, recollida en oito puntos, co significado “curvo hacia delante o hacia arriba. Se dice, por ejemplo, de los cuernos de una vaca o del hocico de un cerdo o de los ganchos de algunos aparejos, etc”.

Non atopo referencias de *carrucha* nas fontes consultadas; esta variante aparece unha soa vez, nun punto das enquisas de estudantes do sur da provincia de Pontevedra. Tampouco para *garuxa*. Aparece con outro significado, pero é curiosa a entrada *garouxa* en Rivas (1978): “Vaca en sentido algo informal (Fondo de Vila): *As miñas gharouxcas andan acolá*. Es lo que en el Sur de Orense se dice *garbosa*”.

7.5. *garuta* [16B(4.6.)]

Aparece só unha vez, na rede de enquisas de estudantes, no norte da provincia de Pontevedra. Non a localizo nas fontes consultadas co valor que nos interesa.

8. Formas *cota/toca* e derivados ³⁰² [16E(4); 16F(5); 16G(10.4.)]

Esta forma recolleuse tamén en varios puntos para denominar a vaca que perdeu o rabo (cf. capítulo 9, apartado 3).

8.1. Tipo *cota*

Forma de moi problemática etimoloxización, non só no que respecta a encontrar a forma de procedencia, senón tamén a ver se os múltiples significados con que aparece na lingua ('elevación do terreo', 'cotovelo',...) están todos relacionados e, nese caso, cal foi o primixenio; é tamén difícil moitas veces separar as formas desta palabra dos numerosos continuadores do lat. CAUTU 'coutho'.

Pola semellanza formal e a identidade de significados, pódese afirmar sen ningunha dúbida que as voces do tipo *coto* e as do tipo *toco* (vid. *infra*) están conectadas. O DCECH (s.v. *cueto*) ofrece unha detallada entrada, que se pode complementar con Meier (1984), que dá un par de referencias máis. Pola contra, Houaiss, s.v. *coto /ô/*, é bastante máis taxativo no que respecta á etimoloxía: "lat. CŪBĪTUS,I 'cotovelo' (< *cobto < *cotto < coto /ô/)"³⁰³.

8.1.1. Formas sen derivar

8.1.1.1. *cota* [16E(4.1.1.); 16F(5.1.1.)]

Inda que *cota* e *coto* aparecen moitas veces nos dicionarios, en ningún caso hai referencias explícitas ós cornos. Interésannos sobre todo as acepcións do tipo 'tocón, resto dun membro amputado', pois seguramente é o valor que motivou as designacións desta epígrafe; témolo xa en Filgueira, s.v. *coto*, "manco, sin dedos", e con máis detalle en Carré1, con ese mesmo lema: "Muñón. Resto de brazo al que fué amputada una parte".

Con este sentido temos unha entrada *toco* no GVGH: "1. [*toco*] (Fea. Com. Mel. Fri. Ped. Mon. Pan. Xun. Cal.), *coto* (Tob. Dum. Gud. Mez.), *toqueno* (Com.) manco; 2. [*toco*] (Lax. San. Com. Mra.) se dice del dedo sin alguna de las falanges".

8.1.1.2. *cota dun corno* [16F(5.1.2.)]

Atópanse construcións con estes modificadores no ap. 3.2.

³⁰² Véxase tamén *cañota*, apartado 30.6.

³⁰³ Inda que non tiveron oportunidade de consultalo, hai que sinalar o traballo de Hubschmid (1979), que aborda diferentes membros desta familia.

8.1.1.3. *cotas* [16G(10.4.1.)]

Seguramente se trate dunha forma de plural; recóllese só nun punto ourensán, da rede de enquisas de estudantes.

8.1.2. Derivados

Para unha explicación da orixe e funcionalidade destes sufixos, así como varias notas sobre a súa alternancia, véxase o comentado no capítulo 9, apartado 1.1. (a propósito de *rabena* e *rabela*).

8.1.2.1. *cotela* [16E(4.1.2.); 16C(17.4.)]

No apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez vemos unha entrada *cotela* (*man*): “Mano a la que faltan uno o varios dedos (Riveira)”. Non localizo referencias ós cornos.

8.1.2.2. *cotena* [16G(10.4.2.)]

Eladio Rodríguez ten unha entrada *coteno*: “*adj.* Aplícase a lo que está falto de algo en alguno de sus extremos, o es más pequeño de lo que corresponde: *dedo coteno; tèn unha perna cotena*”. Tamén temos rexistros no GVGH: “*adj.* (Fea. San. Nov. Gun.), *cotano* (Sob.) dícese de algo a lo que le falta un extremo”.

8.2. Tipo *toca*

As dúas acepcións básicas desta forma son ‘base do tronco dunha árbore’ e ‘resto dun membro amputado’. Para o DCECH (s.v. *tocón*) é de orixe incerta, posiblemente prerromana; sería palabra limitada ó ámbito peninsular, aínda que hai algúns exemplos dubidosos en occitano (e máis dubidosos aínda en dialectos itálicos). Unha das hipóteses baralladas, que Corominas sinala como moi aceptable, é a de Hubschmied, que remite ó galo *TSUCCA, irmán do xermánico STOKK ‘bastón, cepa’. Meier (1984) preferirá un lat. TUNDERE / *TUNDICARE ‘golpear, dar moitos e repetidos golpes’.

8.2.1. Forma sen derivar: *toca* [16E(4.2.1.); 16F(5.2.1.)]

Xa o dicionario de F.J. Rodríguez define *toco* como “Manco, el que carece de mano ó brazo ó no puede usar de ellos con libertad”. Co mesmo valor tamén no GVGH (vid. o sinalado en 8.1.1.1.).

8.2.2. Forma derivada: *toquela* [16F(5.2.2.)]

Non a atopo nos dicionarios, inda que si está a súa variante *toquena*.

9. Derivados sobre a forma *cacho* [16A(7); 16B(14.3.); 16C(10); 16D(5); 16E(6.1.) ; 16F(7)]

A forma *cacho* é outra das de difícil etimoloxización; probablemente veña do lat. *CACCŪLU, variante dun lat. CACCĀBU ‘caldeiro, cazola’, con cambio de sufixo; pódense ver máis detalles en DCECH, s.v. *cacho* I. Meier (1984) recupera outras teorías alternativas para *(es)cachar*: *QUASSICULARE (Bork) e *QUASSIARE (Piel).

Para a alternancia sufixal entre *-ena* e *-ela*, véxase o sinalado no capítulo 9, apartado 1.1. (a propósito de *rabena* e *rabela*).

Véxase tamén o comentado no apartado 23.2. (*cancha*).

9.1. *cachela* [16A(7.1.); 16C(10.1.); 16D(5.1.)]

O GVGH conta cunha entrada *cachela*, documentada só nun punto, Xunqueira de Ambía, coa definición “[vaca] con los cuernos largos y abiertos hacia los lados”.

9.2. *cachena* [16A(7.2.); 16E(6.1.); 16F(7)]

En varias fontes aparece un verbo *cachenar* ‘escachizar’ (máis frecuente con prefixo: *escachenar*) e tamén existe *cacheno* como substantivo ‘anaco dunha cousa’. Atopamos este adxectivo en Rivas Quintas (1988), s.v. *cachena*, non para se referir explicitamente ós cornos da vaca, inda que si a unha raza de vaca que os ten como unha das características máis salientables: “Raza de vacas de pequena alzada y cuernos en forma de lira, de las sierras de Santa Eufemia y O Quinxo, Entrimo (Raia Seca)”.

9.3. *escachada* [16C(10.2.); 16D(5.2.1.)]; *cabeza escachada* [16D(5.2.2.)]; 9.4.

escachados [16B(14.3.)]; *cos cornos escachados* [16D(5.2.3.)]

Co significado que nos interesa, temos *escachado* como entrada en Carré4: “Dícese del buey o vaca que tiene los cuernos muy abiertos”. O GVGH ten unha entrada *escachada*, documentándoa na Mezquita e Vilardevós coa definición “dícese de la vaca que tiene los cuernos largos y abiertos hacia los lados”; a distribución na nosa rede é máis ampla, non se limita ó sueste de Ourense.

10. Formas de raíz *parr-* [16B(15.8.); 16C(17.7.); 16D(7)]

Son todas formas de etimoloxía complicada. O DCECH (s.v. *parra*) dedícalles bastante espazo, sen chegar a concluír nada; apunta a posibilidade de que procedan dun gótico *PARRA, -ANS ‘cercado, enreixado, glorieta’ e relaciónao coa forma latina medieval PARRĪCU ‘celeiro, cerrume, curro’, tamén de procedencia incerta. Meier (1980) dá outras posibles interpretacións, pensando tanto nunha relación co lat. PARIETE ‘paredes, muro’ coma nun derivado de *PER-RAMARE. Rivas Quintas (1982: §159) sinala directamente unha raíz pre-indoeuropea *(s)par(r) ‘estender’, que estaría presente en diferentes verbos: lat. SPARGĒRE, esp. *desparramar*... Véxase tamén o sinalado no apartado 16 deste capítulo (a propósito de *esparaván*).

Ademais das formas que se comentarán a continuación, hai na lingua un bo número de ocorrencias doutras variantes, que sinalo aquí brevemente, e sen pretensións de exhaustividade:

- *parramela*: En Otero (1977): “Vaca que abre los cuernos”.

- *parramelo*, *esparramelado*: En Otero (1957 e 1977, s.v. *parramelo*): “Aplicase a la res vacuna que tiene los cuernos cerrados uno contra otro. Bulto”; na mesma entrada do *Vocabulario*, Otero engade: “*aparragachado*, dícese de la persona o animal que anda encogido a consecuencia de alguna lesión en el espinazo o en los lomos, en La Gudiña”.

- *parrón* (Acevedo): *Dícese del buey abierto de cuernos*.

10.1. *parrata* [16C(17.8.)]

Esta forma, que aparece nun único punto da rede do ALGa, presenta un sufixo *-ata*, continuador do morfema de participio pasado latino *-ĀTA*. Non localizo referencias ós cornos nas fontes consultadas.

10.2. *parrela* [16D(7.1.)]

Sufixo diminutivo *-ela* (< lat. *-ĒLLA*)

Recollida no GVGH, aboada no Incio: “dícese de la vaca con los cuernos largos y abiertos hacia los lados”. Como se pode observar, na nosa rede de puntos documéntase máis ou menos nesta mesma zona, inda que algo máis cara ó sur.

10.3. *parrúa* [16D(7.2.)]

Aparece en dous puntos asturianos da rede do ALGa. Para este sufixo e a súa distribución xeográfica, véxase o comentado máis arriba, no apartado 1.11.2.2. deste mesmo capítulo. Non localizo esta forma nas fontes consultadas.

10.4. *esparrada dos cornos* [16D(7.3.1.)]

Forma participial (con *-ada* < -ATA) dun verbo *esparrar*, creado polo engadido do sufixo *-es* (<ĒX); é posible que a existencia dun verbo *espallar* servise como coadxuvante para a creación desta forma. Comentamos varias formas con estes modificadores no apartado 3.2. deste mesmo capítulo.

10.5. *de cornos parró* [16D(7.3.2.)]

Forma localizada nun único punto da rede asturiana do ALGa. Podería tratarse dalgunha alteración vocálica a partir dalgunha das formas desta epígrafe, dun erro de audición ou de transcripción e, incluso, dunha remotivación hiperbólica do tipo ‘cornos cara a Ro(o)’, formado sobre este topónimo de orixe discutida.

11. Forma *cabana* e derivados [16A(2); 16B(12); 16C(6); 16D(4) ; 16G(3)]

Trátase dunha voz de orixe problemática. Non parece que proveña do lat. tardío CĀPANNA ‘cabana, choza’, porque non se aprecia unha motivación semántica para tal extensión de significado. Tamén é certo que existe en portugués *cabano* para se referir a un sombreiro de ás baixas e caídas (Houaiss), e tamén para un cesto alongado (Morais), pero non é claro se se trata dunha extensión de significado a partir da referencia ó bóvido ou se son acepcións independentes aínda que relacionadas entre si... Na entrada *cabano* de Houaiss podemos apreciar toda esta gama de significados: “ 1. diz-se de bovino cujos chifres são abertos e horizontais ou ligeiramente voltados para baixo Ex.: *gado c.* 2. *Derivação: por metonímia.* diz-se de animal, esp. eqüino, que tem orelhas pendentes. 3. diz-se de montaria ('animal que se monta') vagarosa porém resistente. 4. *Regionalismo: Rio Grande do Sul.* diz-se de cavalo ou burro que tem uma das orelhas caída □ *adjetivo e substantivo masculino. Derivação: por analogia.* 5. diz-se de ou [sic] chapéu de palha de abas largas e caídas”.

11.1. Forma sen derivar: *cabana* [16A(2); 16B(12); 16C(6.1.); 16D(4.1.); 16G(3)]

É Pintos (s.v. *cabana*) o primeiro dicionarista en facer mención ó animal: “Se aplica a la vaca que tiene las hastas (sic) horizontales hacia delante en forma de tenazas”. A acepción que aparece no dicionario de Eladio Rodríguez (s.v. *cabano*) é lixeiramente distinta: “Gacho, dicese del buey o de la vaca que tienen los cuernos caídos o inclinados hacia abajo”. Aníbal Otero (1967b) aboa en Barcia a voz *cabana* para a “vaca que se distingue por la buena hechura de sus cuernos”, avogando por unha proveniencia do lat. CAPANNA.

No GVGH aparece, s.v. *cabana*, e esta vez con outro significado diferente: “[vaca] que tiene los cuernos retorcidos”, aboada en Compostela, Melide e A Mezquita.

11.2. Derivados

Estas dúas voces son formas únicas na rede de puntos; quizais influíse na aparición destes derivados o feito de que hai na lingua *cabaneira* e *cabanesa* para se referir á persoa que vive nunha cabana e a coida.

11.2.1. *cabaneira* [16D(4.2.)]

Cun sufixo *-eira* (< lat. *-ARIA*). Non atopo esta forma nas fontes consultadas para falar de cornos.

11.2.2. *cabanesa* [16C(6.2.)]

Cun sufixo *-esa*, con flexión feminina moderna (en orixe era *-és*, como corresponde á proveniencia do lat. *-ENSE*). Non atopo esta forma nas fontes consultadas para falar de cornos.

12. Formas de raíz *pin-*, *piñ-* [16A(4.3.); 16B(6); 16C(5); 16D(12)]

Non é fácil explicar as formas incluídas neste apartado. O máis probable é que estas designacións teñan que ser conectadas coa familia do adxectivo *pino* ‘en costa’, tratado abundantemente por DCECH, s.v. *empinar* (véxase tamén a matización de Meier (1984), inda que a existencia de formas coa nasal palatal complica esta atribución (refacción sobre *piñeiro*?). Discútese sobre o étimo deste adxectivo *pino*, e un dos comentados foi o propio lat. PINU ‘piñeiro’, que se axustaría semanticamente ben, pola verticalidade da árbore, casando perfectamente coa imaxe dun corno cara arriba (este é o valor maioritario na nosa

rede de puntos), pero que presenta graves dificultades desde o punto de vista fonético; quizais sexa tamén esta árbore a base das denominacións deste apartado.

12.1. *pinela* [16C(5.1)]; *piñela* [16C(5.1.)]

O diminutivo *-ela* procede dun lat. *-ĒLLA*; véxase tamén Alonso Núñez (2000: 146-147). A forma con nasal alveolar recolleuse nun punto do galego exterior (Hermisende); documéntase tamén cerca dese punto, pero xa en territorio galego, na Mezquita, pero non como vaca cos cornos cara atrás, senón vaca cos cornos cara arriba (cf. GVGH, s.v.).

12.2. *piñeira* [16A(4.3.); 16B(6); 16C(5.2.); 16D(12)]

O sufixo *-eira* provén dun lat. *-ARIA*.

O dicionario Houaiss sinala, como rexionalismo brasileiro, unha forma *pinheiro* “cujos cornos são retos (diz-se de rês)”. Non aparece referida directamente ós cornos nos dicionarios galegos, pero si que atopamos un *piñeiro* cun valor semellante, en Otero (1963c): “Dícese del pollo que tarda en echar la pluma, y la primera que echa es torcida hacia arriba. Rizal. DEL LAT. PINNA” (é unha designación que tamén se aplicará ó galo que non ten crista).

En Melide e Vilardevós aboóuse a forma *piñeira* co significado ‘vaca cos cornos cara arriba’ (cf. GVGH, s.v.).

13. Forma *pisca* [16A(10.6.); 16B(5); 16C(13); 16D(10); 16G(10.8.)]

O verbo *pisca* existe na lingua para a acción ‘chiscar os ollos’, posiblemente unha formación fonosimbólica sobre unha base *p/b-skē*, expresando esa idea de movemento rápido (cf. DCECH, s.v. *bizco*). Desde aí produciríase unha deriva semántica cara a significados do tipo ‘estar cego, chosco’ ou a ‘birollo’, que explica ben unha posible aplicación ós cornos cunha dirección particular.

Documéntase en Ramirás co significado ‘con cornos grandes e separados’ (cf. GVGH, s.v. *pisca*), unha acepción que non aparece nos dicionarios, inda que Franco Grande inclúe un valor moi distinto, pero referido ós bóvidos, finalmente: “se llama así al buey que es más oscuro que el marelo”.

14. Forma *nacha* [16E(5) ; 16F(9.6.)] ; ***nafa dun corno*** [16F(9.7.)] ; ***necia dun corno*** [16F(9.8.)]

Véxase o apartado 3 do capítulo 7, dedicado á vaca cun cadril fundido por mor dun golpe.

15. Tipo *travesa* [16D(11)]

O étimo deste forma é TRĀNSVĚRSA. Na base está un verbo VERSARE, intensivo de VĚRTERE ‘voltar, xirar’; posteriormente, pero xa no mesmo latín, a familia foi derivada cun prefixo TRANS-. Aínda que orixinariamente fose un adxectivo, logo se substantivizou, pasando a nomear, entre outros, unha trabe; seguramente sexa esta a forma que está na base da comparación, pois os cornos botados para os lados semellarán unha viga, unha travesa.

15.1. *travesa* [16D(11.1.)]; **15.2. *cornos travesos*** [16D(11.2.)]

Aníbal Otero (1977) recolle *traveso* co significado ‘vaca que abre os cornos’. No GVGH, s.v. *travesa*, lemos: “*adj.* (Caa. Cab. Bur. Por.) dícese de la vaca con los cuernos hacia afuera”.

16. Sobre *esparaván* [16D(13)]

En principio, un *esparaván* é unha enfermidade tumerosa que pode rematar causándolle coxeira ó animal. É difícil comprender a motivación dunha tal designación para unha vaca cos cornos botados para os lados... Descartado o erro de referente, visto que aparece en tres puntos distintos, moi próximos entre si (Beariz, O Carballiño e Pereira de Aguiar), hai que profundar na historia e etimoloxía desta forma, para ver se hai algo que se lle poida aplicar, ou se cómpre acudir a outra orixe.

Da consulta dos dicionarios resulta que *esparavonado* aplícase como adxectivo a persoas ou animais escuálidos, de aspecto físico pouco agradable e, por extensión, para un terreo ruín, de pouca calidade; a forma da corna pode dar lugar a designacións referentes á beleza ou á non beleza do animal (cf. apartados 3.5., 3.6.1. e 3.6.2. deste mesmo capítulo).

Como verbo, existe a forma *esparavan(i)ar*, que significa ‘moverse sen orde, axitadamente’, un significado que lle acae ben ó que Schuchardt³⁰⁴ postulara como base desta familia, o gótico SPARWA ‘pardal, gorrión’, comparando os movementos convulsivos

³⁰⁴ *An Mussafia*, 1915, apud DCECH, s.v. *esparaván*.

que terían os animais afectados desa enfermidade coa axitación inqueda dese paxaro, que está continuamente dando saltos e movéndose. É certo que Elixio Rivas (1978) recolle a voz *esparavanar*, co significado ‘esparexer, diseminar’, pero non está claro que teña que ver coa nosa forma, máis ben habería que remitirse ás formas de raíz *parr-* que comentamos no apartado 10.

Máis relación tería o que comenta o mesmo autor na entrada *desparavanar*:

tr Dejar sin protección un lugar privándolle de lo que cortaba el viento, quitando, por ejemplo, el arbolado (Fondo de Vila). A veces r.: *Aquello desparavanouse de todo; quemaron os piñeiros e desparavanaron o monte*. También aquí se usa *paroueo*, lugar alto abierto a todos los vientos y persona muy alta. El dicc. trae *paraván*, casa grande destartada. Cf. *esparvel* (Navarra), persona alta y desgarbada; fr. *paravent* (biombo).

Unha zona sen vexetación, aberta ó vento, pode ser facilmente comparable á vaca con cabeza despexada, por estaren os cornos botados para o lado. En calquera caso, isto non nos soluciona o problema de identificar a forma base. Tamén se podería pensar na designación *esparavel*, a ferramenta para alisar a masa, no sentido de que unha vaca cos cornos para os lados tería a cabeza lisa; pero tampouco convence plenamente nin a motivación nin o cambio de sufixo. Parece que a conexión con *parr-* é a mellor hipótese polo momento.

16.1. *esparaván* [16D(13.1.)]; **16.2. *esparavanada*** [16D(13.2.1.)]; ***cornos esparavanados*** [16D(13.2.2.)]

Non atopo referencias a cornos nas fontes consultadas.

17. Comparación co touro ou cun animal que destaca polo tamaño ou a forma dos seus cornos³⁰⁵ [16A(9); 16B(8); 16C(2); 16D(9); 16G(6)]

Agrupamos aquí designacións referidas a cinco animais (sobre todo á cabra), en atención á particularidade dos cornos deses animais, sexa polas dimensións, sexa pola forma, sexa por unha combinación dos dous factores. O comentario de cada unha das voces será mínimo, pois o que nos interesa sobre todo é verificar noutras fontes se se aplicou a designación á vaca cun determinado tipo de cornos, o que non adoita ser o caso.

³⁰⁵ As formas *corneteira* (3.1.1.10.2.) e *cornatán* (3.1.1.4.) poden ser interpretadas tamén como designacións habituais da vacaloura, polo que poderían entrar, de ser o caso, neste apartado. Véxase tamén *alicórneo* (3.1.2.1.), co mesmo sentido.

17.1. ‘cabra’

Esta é a comparación máis difundida, contando ademais con cinco tipos lexicais distintos; na grande maioría dos casos, por razóns obvias, trátase de designacións referentes ós cornos orientados cara atrás ou cara arriba.

17.1.1. Tipo lexical *cabra*

Do lat. CAPRA ‘cabuxa’.

17.1.1.1. Forma sen derivar: *cabra* [16B(8.1.1.1.); 16C(2.1.1.1.)]

Non atopo nas fontes consultadas ningunha comparación explícita coa corna da vaca.

17.1.1.2. Derivados

17.1.1.2.1. *cabrenta* [16C(2.1.2.1.)]

Recibe un sufixo *-enta*, especializado en formar adxectivos sobre bases substantivas, cun significado ‘semellar a’ e procedente dun lat. *-ĒNTU* (que alternaba con *-LĒNTU*, hoxe xa non produtivo).

17.1.1.2.2. *cabrita* [16B(8.1.2.1.)]

Forma diminutiva, cun sufixo *-ita* (cf. lat. *-ITTU/A*).

17.1.1.2.3. *cabritada* [16B(8.1.2.2.)]

Sobre a voz anterior, e co sufixo adxectivo *-ada* (<lat. *ĀTA*), créase a forma *cabritada*.

17.1.1.2.4. *encabrada* [16C(2.1.2.2.)]

Seguramente houbo unha derivación parasintética que deu orixe a un verbo *encabrar*, do que naceu esta forma cun sufixo participial.

17.1.1.3. Coa familia léxica de *cornu*

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

17.1.1.3.1. *escornacabras* [16B(8.1.3.1.)]; **17.1.1.3.2. *cornaxe de cabra*** [16C(2.1.3.4.)]; **17.1.1.3.3. *cornos de cabra*** [16B(8.1.1.3.2.); 16C(2.1.3.1.)]

O *escornacabras* é tamén a designación dunha planta (*Pistacia Terebintus*); a motivación que dá orixe a esta motivación podería ter que ver coa da forma recollida na nosa rede (por comparación coa morfoloxía das vaíñas dos froitos).

17.1.2. Tipo lexical *cabuxa*

17.1.2.1. *cabuxa* [16B(8.1.2.)]

Proven de *cabra*, posiblemente a través dunha forma *cabruxa*, cun sufixo que posiblemente sería un cruce de *-uco* e *-exo*.

17.1.2.2. *cornos de cabuxa* [16C(2.1.3.2.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

17.1.3. Tipo lexical *chiva*

17.1.3.1. *chiva* [16B(8.1.3.); 16C(2.1.1.2.)]

Segundo o DCECH, s.v. *chivo*, é palabra de creación expresiva, a partir dunha voz de chamada para que o animal acuda.

17.1.3.2. *cornos de chiva* [16C(2.1.3.3.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

17.1.4. Tipo lexical *chota* [16A(9.1.)]

Choto é tanto a cría da cabra coma o tenreiro (ou, en xeral, cría que aínda mama), pero pode ser tamén un pau pequeno e goso ou tamén un punzón, e nese caso habería que asociar estas designacións coas comentadas na epígrafe 1 deste capítulo.

Segundo DCECH (s.v. *choto*), a referencia ó animal é forma onomatopéica, por imitación do ruído que fai o animal ó chupar os ubres, como xa se comentou ó falar da voz *xato* (cf. apartado 2.2. do capítulo 2). Non obstante, Meier (1984) defende unha orixe de *PUTTULARE - *PLUTTARE, proveniente dun lat. PŪTU / PŪTTU (cf. REW 6703: **potta* ‘labio goso’).

17.1.5. Tipo lexical *perico*

17.1.5.1. *perica* [16B(8.1.4.1.); 16D(6.1.1.)]

Forma diminutiva en orixe (cun sufixo diminutivo *-ico* que continúa un *-ICCU* de procedencia dubidosa, céltica ou xermánica³⁰⁶) do nome propio *Pero*, variante de *Pedro* (< lat. PETRU), que xa se documenta no século XIII: “Petrus Petri dictus Periquinus ts.”³⁰⁷.

En GVGH atopamos (con datos de Feás e Melide) a voz *perico*, co significado ‘becerro que tenta cubrir as vacas’.

17.1.5.2. *cornos ó perico* [16B(8.1.4.2.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

17.2. ‘carneiro’

17.2.1. *carneira* [16C(2.2.1.)]

Esta forma descende dun lat. CARNARIU, formado sobre *carne*, porque a función principal deste macho é servir de alimento. Non se testemuñan referencias a ningún tipo de vaca nos dicionarios.

17.2.2. *acarneirada* [16C(2.2.2.)]

Eladio Rodríguez é o único dicionarista que recolle este adxectivo (s.v. *acarneirado*): “Acarnerado, parecido o semejante al carnero. Aplícase a la cabeza y al rostro humano, y más comúnmente a los irracionales”.

17.2.3. *cornos de carneiro* [16C(2.2.3.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

17.3. ‘cervo’

17.3.1. *cerva* [16D(9.1.)]

Do lat. CĒRVU ‘cervo’.

³⁰⁶ Jordan/Manoliu (1972: §435). Véxase tamén Alonso Núñez (2000: 164-165).

³⁰⁷ Duro Peña (1996: 106).

17.3.2. *cornos de cervo* [16B(8.2.1.)]; **17.3.3. *do ciervo*** [16C(2.3.1.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo. A forma *ciervo* é un castelanismo.

17.4. ‘escaravello’³⁰⁸

17.4.1. *cornos de escaravello* [16A(9.2.); 16G(6.3.1.)]

Véxase a nota que abre o apartado 17, onde se indican outras designacións que poderían estar conectadas tamén co escaravello. O modificador *escaravello* provén do lat. *SCARAFAIU (lat. clas. SCARABAEU), designación dese mesmo animal.

17.5. ‘touro’

17.5.1. Formas do tipo *toura* e derivados

17.5.1.1. *toro* [16D(9.2.1.)]; ***tora*** [16B(8.3.2.); 16D(9.2.2.)]; **17.5.1.2. *toura*** [16G(6.2.1.)]; **17.5.1.3. *toureira*** [16B(8.3.3.)]

Referencias ó macho, que se ve como máis representativo, máis prototípico no que respecta ós cornos. Lémbrese que estas formas foron comentadas con detalle no capítulo primeiro desta tese.

17.5.2. Combinación, explícita ou non, co substantivo *corno*

17.5.2.1. *estilo toro* [16B(8.3.1.)]; **17.5.2.2. *corno de boi*** [16D(9.2.3.)]; **17.5.2.3. *cornos de touro*** [16G(6.2.2.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo traballo.

18. Designacións de procedencia xeográfica [16A(10.2.); 16B(9); 16C(8); 16D(8); 16G(8)]

Todas as designacións deste apartado son indicacións de procedencia, bastante heteroxéneas e de ámbitos xeográficos distintos, dentro e fóra de Galicia. Non é a intención deste traballo establecer unha tipoloxía das diferentes razas presentes en Galicia nin dos fluxos de mercado (dous factores necesarios para a contextualización dalgunha destas denominacións), polo que as notas desta epígrafe serán moi breves.

³⁰⁸ Na epígrafe 30.7. temos a forma *cascuda*, que podería ser interpretada como unha forma deste tipo.

18.1. andaluza [16D(8.1.)]

Xentilicio formado sobre un topónimo *Andalus* de orixe árabe, nome que recibía a Península Ibérica.

18.2. arzuana [16D(8.2.)]

Xentilicio construído sobre o topónimo *Arzúa* (concello da provincia da Coruña), de procedencia descoñecida.

18.3. cabreíresa [16C(8.3.)]

Aparece nun único punto leonés, no antigo concello de San Esteban de Valdueza (integrado en Ponferrada en 1974). Debido a esa localización xeográfica, parece máis normal que o xentilicio non se refira á Cabreira ourensá (preto de Oseira), senón á comarca da Cabrera, no sur da provincia de León.

18.4. carballiña [16B(9.1.); 16C(8.1.1.)]; **do Carballiño** [16C(8.1.2.)]

Designacións xeográficas localizadas no extremo sur da provincia da Coruña. Seguramente é a vila ourensá do Carballiño a que está na base, tanto pola segunda designación –que cita o topónimo– como polo feito de que nesa vila se celebre un dos certames de gando máis antigos de Galicia.

18.5. da terra [16D(8.3.)]

Construción habitual, semellante a *do país*, que expresa a orixe autóctona deste tipo de vacas.

18.6. do Suído [16B(9.2.)]

Referente á Serra do Suído, fronteira entre Pontevedra e Ourense.

18.7. ferrolana [16D(8.4.)]

Xentilicio da vila galega de *Ferrol*, documentada xa no século X, que Cabeza Quiles (1992) propón explicar desde un apelativo latino FERRIOLU, nome de posuidor ou invocación ó santo dese mesmo nome.

18.8. *galega* [16B(9.3.)]

Designación de procedencia xeográfica aboada en León e proveniente do lat. GALLAECU³⁰⁹.

18.9. *mirandés/esa* [16A(10.2.); 16B(9.4.)]

Resulta cando menos curioso que, mentres que nun punto do leste ourensán (Larouco) o significado sexa ‘cos cornos cara abaixo’, en Zamora se empregue para o contrario, ‘cos cornos cara arriba’, especialmente cando se constata que GVGH ten unha entrada *mirandesa* recollida en Vilardevós e en Porto (Zamora) co significado de ‘[vaca] cos cornos cara atrás’. Esta variedade xustifícase, obviamente, polo feito de seren conceptos continuos, non delimitables facilmente, e próximos entre si (especialmente a vaca cos cornos cara arriba e a vaca cos cornos cara atrás)

Pola localización xeográfica dos puntos de enquisa, claramente o xentilicio fai referencia á vila portuguesa de Miranda do Douro. A súa etimoloxía é problemática e hai opinións para todos os gustos; evidentemente, non é este o lugar para discutir esta cuestión, así que me limitarei a dar unha pequena mostra.

Leite de Vasconcelos (citado no DCECH s.v. *mirar*) propón facela derivar do verbo latino MIRARI ‘admirar’, na forma do xerundivo, significando ‘a que ten que ser admirada, que merece admiración’. Corominas recea desta última afirmación e comenta a opinión de Lebel (*Romania* LXIII, 166), que suxire unha forma céltica *miro-randa*, cun elemento inicial presente en topónimos como MIROBRIGA e un segundo elemento que significaría ‘fronteira’. Para o primeiro elemento, Machado DOELP (s.v. *Miranda*) pensa máis ben nunha forma prerromana ou precéltica *mir-, mil-, mill-* ‘outeiro, monte’ e Rivas (1982: 132-133) propondrá unha base indoeuropea **mir* ‘auga, auga estancada’, que estaría relacionada cos hidrónimos *Meira, Mieres,...* Polo que respecta ó segundo elemento, hai máis opcións. Llorente Maldonado (1962: 331) apunta a unha filiación prerromana, relacionando o topónimo co hidrónimo Aranda; Bascuas (2002: § 20.1.) afonda na cuestión, comentando o tema *Ar-* (da raíz IE **er* ‘moverse’), moi frecuente en hidrónimos.

18.10. *portuguesa* [16B(9.5.); 16C(8.2.); 16D(8.5.); 16G(8.1.)]

O xentilicio *portugués* descende de PORTUCALENSE, construído sobre o topónimo PORTUCALE, documentado xa en textos de Galicia datados no s. VI.

³⁰⁹ Para máis información sobre este xentilicio e a orixe de *Galicia-Galiza*, véxase Moralejo Álvarez (2002) e a bibliografía alí citada.

18.11. *santiaguesa* [16D(8.6.)]

Formada sobre o topónimo *Santiago*; pode que se refira a Santiago de Compostela, pois recolleuse nun punto do norte da provincia da Coruña, non tan afastado.

18.12. *suíza* [16G(8.2.)]

Referencia a Suíza.

18.13. *xañeira* [16B(9.6.)]

Seguramente, variante fonética de *xalleira* (do Xallas).

19. ‘brava, do monte’ [16C(15)]

19.1. *brava* [16C(15.1.); **19.2. *do monte*** [16C(15.2.)]

O adxectivo *bravo* aparece constantemente no léxico vexetal para dar nome a plantas silvestres ou sen enxertar, pero tamén se aplica a animais (p.ex. *porco bravo* para o *xabari*), expresando o carácter fero, salvaxe, etc. (cf. *Boi bravo*. “El toro de las dehesas”, diccionario da Academia, s.v. *boi*). A lexía *do monte* tamén aparece, p.ex. na entrada *besta do monte* de Leiras “yegua campera”.

Neste caso, non son designacións moi frecuentes, pois só aparecen nun único punto, que casualmente é o mesmo para as dúas, en San Pedro de Sárdoma (Vigo).

20. Forma *calva* e derivados [16B(11); 16C(1); 16D(15); 16G(10.1.)]

Feminino do lat. CALVU ‘que non ten pelo, liso’, e tamén nome familiar. Aparece xa nun texto datado no 572: “rectalinea ad Castro Temondi, transiens super monte Calvo, veniens ad illas Cruces qui extant inter Ulliola”³¹⁰; máis tarde, no 956, lemos: “in casa de Sendon de omne ipsa clusa cum suo calvo et suos fructuarios et suos ortales octava integra vobis vendo”³¹¹. Seguramente este documento refírese a unha herdade na que non se planta nada ou na que o plantado dura pouco, terreo ermo; ou máis xeral: parte espida, despexada, terra que carece de árbores.

O paralelo coa vaca que ten a fronte máis libre, porque os cornos apuntan cara atrás, parece claro. Con todo, non atopo referencias á vaca nas fontes consultadas, nin en *calva* nin nos derivados.

³¹⁰ Risco (1796/1798: 344-349).

³¹¹ Andrade Cernadas (1995: 554-555).

20.1. Forma sen derivar: *calva* [16B(11.1.); 16C(1.1.); 16D(15); 16G(10.1.)]

Vid. supra.

20.2. Derivados

20.2.1. *calveira* [16C(1.2.1.)]

Cun sufixo *-eira* (< lat. *-ARIA*) que xa foi comentado varias veces ó longo deste traballo.

20.2.2. *calvela* [16B(11.2.); 16C(1.2.2.); 20.2.3. *calvella* [16C(1.2.3.)]

Formas con sufixos diminutivos continuadores de *-ĒLLA*.

20.2.4. *calviña* [16B(11.3.);

Sufixo diminutivo *-iño* (< lat. *-ĪNU*).

20.3. Forma *calva* con especificadores: *calva de cabeza* [16C(1.3.1.)]

A forma *cabeza* provén do lat. *CAPĪTĪA* ‘cabeza’ que substituíu o lat. clásico *CAPUT* no latín vulgar hispánico (tamén en corso e en sasarés). A primeira documentación de Corominas é do ano 957; véxase DCECH, s.v. *cabeza*, para un estudo detallado da creación desta forma e casos similares.

21. ‘que lle falta unha man ou un ollo’ [16F(4)]

Son todas designacións para a vaca á que lle falta un corno, polo que non sorprende en absoluto a existencia de comparacións deste tipo.

21.1. Tipo *manca* e derivados

Descende dun adxectivo latino *MANCU* ‘lisiado [de calquera parte do corpo]’, ‘sen man’, ‘incompleto’... Sobre este adxectivo formouse o verbo *mancar*, que ten normalmente un valor máis amplo, ‘ferir’.

21.1.1. *manca* [16F(4.1.1.)]

Vid. supra.

21.1.2. *manquesa* [16F(4.1.2.)]

Esta flexión feminina é moderna, en orixe era *-és*, como cabe agardar dun descendente do lat. *-ĒNSE*.

21.2. Sobre *mar: manota* [16F(4.2.)]

Propiamente, este adxectivo formado sobre *man* (< lat. MANU) é unha variante que alterna con *maneto* e significa ‘sen unha man’. Para o sufixo, véxase o comentado no capítulo 9, ap. 1.1.6., a propósito de *rabota*.

21.3. *pitoña* [16F(4.3.)]

Este adxectivo emprégase ás veces para a persoa que non ve ben, e ás veces para a persoa á que lle falta un ollo (non sorprende este tipo de variación semántica); cf. GVGH, s.v. *pitoño*.

21.4. Sobre *torta*

21.4.1. *torta* [16F(4.4.1.); 21.4.2. *torta dun corno* [16F(4.4.2.)]

Forma de participio forte do verbo *torcer*, que en latín se enunciaba TÖRQUĒRE, TORSI, TORSU/TORTU. Xa que se trata dunha designación para a vaca cun corno só, non teremos que atender aquí á acepción primixenia ‘torcida’ (cf. a epígrafe 24), senón a un paso máis avanzado da deriva semántica: ‘sen un ollo’ (a partir dun significado ‘cos ollos torcidos’); a carencia dun ollo é comparada á falta dun corno, tal e como se constatou no apartado anterior.

Para *cornu*, véxase o sinalado no capítulo 3 deste comentario.

22. ‘cerrada, cerrados’ [16G(7)]

22.1. *cerrada* [16G(7.1.); 22.2. *cerrada de cornos* [16G(7.2.1.)]; 22.3. *cos cornos cerrados* [16G(7.2.2.)]

Participio do verbo *cerrar*, que provén dun lat. tardío SERARE (derivado de SERA ‘cerrollo, peche’). O paso a *-rr-* explicariáse por confusión con SERRA e o C- sería por influxo de *cercar*, un cambio que asentaría na lingua para evitar a homonimia con (*a*)*serrar*.

Nos dicionarios si que hai referencias á vaca, con mencións ós *dentes de cerra* e mais a *cerrar*, os dentes que saen cando remata o período de crecemento da res.

23. ‘abertos, cara ós lados, estendidos’ [16C(16); 16D(3)]

23.1. Tipo lexical *aberta*

23.1.1. *aberta* [16D(3.1.1.)]

Adxectivo proveniente do lat. APERTA, presente desde os primeiros tempos na lingua.

23.1.2. *aberta dos cornos* [16D(3.1.2.1.)]; 23.1.3. *ca encornadura aberta* [16D(3.1.2.3.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo capítulo.

23.1.4. *cabeza aberta* [16D(3.1.3.)]

O núcleo destas frase provén do lat. CAPĪTĪA ‘cabeza’ que substituíu o lat. clásico CAPUT no latín vulgar hispánico. Véxase o DCECH, s.v. *cabeza*, para un estudo detallado da creación desta forma e casos similares; a primeira documentación de Corominas é do ano 957, pero podémolo retrotraer bastante, pois hai un testemuño xa do ano 714, no Tombo do mosteiro de Caaveiro: “de plano de Monte Alto, et inde quomodo descendit ad cabeza do rego de Pena de Transtao”³¹².

23.1.5. *cornos abertos* [16C(16.1.); 16D(3.1.2.2.)] *que ten as cornas moi abertas* [16D(3.1.2.4.)]

Véxase o apartado 3 deste mesmo capítulo.

23.2. Tipo lexical *cancha*

23.2.1. *cancha* [16D(3. 2.1.)]; *canchas, canchos* [16C(16.2.1.); 16C(16.2.2.)]

Forma problemática. O máis probable é que veña de *cacho* (cf. o apartado 9 deste mesmo capítulo), con inserción de –n- (DCECH, s.v. *cancha*, apunta que por influencia de

³¹² Fernández de Viana y Vieites, J.I. *et alii* (eds.) (1996-1997: 326-327).

ensanchar, recollendo unha idea de García de Diego³¹³); véxase a nota ó ap. 6.1.4. para máis referencias sobre a inserción de vogal non etimolóxica. Tamén podería tratarse dun cruce coa forma *gancha*, comentada anteriormente.

Non atopo nos dicionarios ningunha mención específica a esta forma para se referir a bovinos.

23.3. Outras designacións

23.3.1. *cornos escarranchados* [16D(3.2.2.)]

O DCECH (s.v. *cancha*) sinala que este adxectivo ‘de pernas abertas’ (que se aplica, por extensión, a outras realidades, e que non sorprende para a vaca cos cornos abertos para os lados) provirá de *cancha*, a partir dunha forma **escancharrar*; Meier (1984) opina que é unha solución moi pouco probable, e supón que provén da familia de RAMU ‘póla’, inda que tampouco parece que se sosteña demasiado esta teoría.

23.3.2.1. *cornos espallados* [16D(3.2.3.1.)]; 23.3.2.2. *espallada* [16D(3.2.3.2.)]

Participio dun verbo *espallar*, proveniente dun lat. *EXPALEARE, composto sobre PĀLĚA ‘palla’, no sentido de repartir como palla na eira.

En ningún dos dicionarios consultados atopo referencias á vaca.

24. ‘retorcidos, revirados, inclinados’ [16A(3.3., 4.4. e 4.5.); 16C(3)]

24.1. Sobre o tipo léxico *atrás*

24.1.1. *cara atrás* [16C(3.1.1.)] ; 24.1.2. Tipo *cornos para atrás* [16C(3.1.2.)] ;

24.1.3. *cornos doblados patrás* [16C(3.1.3.)]

O adverbio galego (*a*)*atrás* provén da preposición latina TRANS ‘da outra parte, a través de’. *Doblados*, castelanismo, procede de DUPLĀTU, participio dun verbo latino DŪPLARE, formado sobre DŪPLU ‘dobre’.

Para a forma *cornos*, véxase o comentado no punto 3.

³¹³ Véxase na voz 12. *broca* o comentado á respecto destas insercións de nasal.

24.2. Sobre *(re)torcido*

24.2.1. *torcida* [16A(4.5.); **24.2.2. *cornos torcidos*** [16A(3.3.1.); **24.2.3. *torcidos atrás*** [16C(3.7.)]; **24.2.4. *retorcidos*** [16C(3.2.)]

Para *atrás*, véxase o comentado na epígrafe anterior. Para *cornos*, véxase o apartado 3 deste mesmo capítulo.

Forma de participio do verbo *torcer* ‘encurvar, torcer’, procedente dun lat. vulgar *TORCERE (lat. clás. TÖRQUĒRE) ‘torcer, botar, tormentar,...’; temos tamén continuadores dunha forma derivada, *RETORCERE.

24.3. Sobre *revirar*

24.3.1. *revirada* [16C(3.5.1.)]; **24.3.2. *cornos revirados*** [16C(3.5.3.); ***cos/de cornos revirados*** [16A(3.3.3.)]

Para o verbo *revirar*, DCECH (s.v.) propón a procedencia dun celto-latino *VĪRARE; di que non parece voz antiga en castelán, senón que viría como termo náutico a partir do influxo converxente de francés e portugués. Meier (1984) recupera o étimo GYRARE que fora rexeitado por Diez. Para DELI (s.v. *virare*, con abundante bibliografía), é un francesismo recente que pode remontar a VIBRARE, ou a unha raíz gala **viro* ‘oblicuo, curvo’; a primeira hipótese é a que se apunta no *Petit Robert* (s.v. *vīrer*): VIBRARE > VIVARE.

24.3.3. *reviramontes* [16C(3.5.2.)]

Non atopo esta forma nas fontes consultadas, pero si que hai composicións semellantes: *reviraceos* (“s. m. Lllaman así en algunas partes de Galicia al intricante que parece gozarse en enredos, líos y embrollos”, en Eladio Rodríguez), *reviracielos* (“Bizco ó de vista torcida”, en Cuveiro), *reviratempas* (“Componedor de paraguas”, en Franco Grande, etc), e o propio *reviraganchos* da seguinte epígrafe. Tamén existe a posibilidade, pois aparece nun único punto, de que sexa unha alteración de *reviramento* (“s. m. Acción y efecto de REVIRAR o REVIRARSE. Vuelta del revés. Mudanza de opiniones”), seguramente por cruce co substantivo *monte*.

24.3.4. *reviraganchos* [16A(4.4.)]

Un *reviragancho* é un risco caprichoso feito coa man, pero tamén unha póla ou gancho dunha árbore moi torcidos. A definición de Eladio Rodríguez para *reviraganchos*

achéganos máis a unha forma do tipo das de 24.5.1.: “Retorcer mucho unas ramas flexibles, de modo que a fuerza de vueltas formen caprichosos retorcimientos”.

Para a forma *gancho*, véxase o apartado 1.8.

24.4. Sobre *(re)volto*

24.4.1. *revolta* [16C(3.6.1)]; 24.4.2. *cornos revoltos* [16C(3.6.2)]

De REVÖLUTA ‘xirada cara atrás, desenvolta’, participio do verbo latino REVOLVO. Casa perfectamente co feito de ser designación para os cornos botados cara atrás.

24.4.3. *vultos* [16C(3.6.3.)]

Nese punto leonés utilízase a forma española *vuelto*, sen a prefixación presente nas da epígrafe anterior: lat. VÖLŪTU, participio do verbo VOLVO ‘rodar, dar voltas’.

24.5. Outras designacións

24.5.1. *cornos retorneados* [16C(3.3.)]; *cos cornos retorneaos* [16A(3.3.2.)]

Adxectivo creado en última instancia sobre *torno* (do lat. TORNU ‘torno’, tomado á súa vez do grego), cun significado “Dícese también de lo que está o estuvo plagado de complicadas figuras y adornos” (Eladio Rodríguez, s.v.).

Recolleuse en Compostela (cf. GVGH, s.v. *retorneado*) para o corno que se torce cara arriba.

24.5.2. *cornos ó revés* [16C(3.4.)]

Dun lat. RĚVERSU, participio de presente do verbo RĚVERTOR ‘volver, regresar’, que adquiriu tamén o significado ‘dado a volta’.

24.5.3. *penza* [16A(4.2.)]

Feminino do adxectivo *penzo* ‘torcido, inclinado, desnivelado’, aplicado ós animais normalmente para designar aqueles que teñen un ombreiro máis alto ca outro. Corominas explícaa a partir da voz *penca* (DCECH, s.v.), que fai partir do adxectivo PEDENCA (sobre PEDE). Esta hipótese non convence, parece mellor partir dun verbo latino PENDĚO ‘estar suspendido, en pendente’.

25. ‘cara abaixo’ [16A(3.2. e 4.1.); 16C(17.6.); 16D(6.3.3.); 16F(3.5.1.); 16G(10.5.)]

25.1. Sobre o tipo lexical *gacha*

Participio do verbo *agachar*, que tería posiblemente como orixe un lat. *COACTULARE, unha das variantes de COACTARE, frecuentativo de CÔGERE ‘empuxar, reunir’.

25.1.1. *gacha* [16A(4.1.1.); 16C(17.7.); 16G(10.5.)]

DCECH, s.v. *agachar*, faise eco do emprego desta palabra para se referir ó animal vacún cos cornos baixos en Cespedosa (Salamanca); emprégase tamén en Asturias para a persoa que mira cara ó chan.

Esta é tamén a situación que reflicten os dicionarios galegos. En Acevedo (s.v. *gacho*) lemos: “Bajo, humilde. El que por cortedad o por mal intencionado no mira de frente, sino hacia el suelo”. Pero tanto Franco Grande coma Carré4 dan un significado que nos interesa máis: “buey o vaca que tiene un cuerno más abajo que otro. Bajo, pegado a la tierra”. Esta mesma acepción foi aboada por Rivas Quintas en diferentes localidades da provincia de Ourense: en Montederramo (1988, s.v. *gacha, gancha, -o*), A Gudiña e Frieiras (2003, s.v. *gacho, -a*).

25.1.2. *gachuela* [16A(4.1.2.)]

Forma leonesa recollida nun único punto desa provincia, cun sufixo diminutivo que continúa un latín -ĒLLA.

25.1.3. *cornigacha* [16A(4.1.3.1.); **25.1.4. *de cornos gacheiros*** [16A(4.1.3.2.)]

Para a forma *cornos*, véxase o sinalado no apartado 3 deste mesmo capítulo. A forma *gacheiro* recóllese na lingua, pero normalmente significa “persona o animal pequeno, que en cualquier sitio se acomoda”.

25.2. Coa forma *baixo*

25.2.1. *baixa dun corno* [16F(3.5.1.); **25.2.2. *cornos baixos*** [16A(3.2.1.); **25.2.3. *(cos) cornos pra baixo*** [16A(3.2.2.)]

O adxectivo provén dunha forma latina BASSU ‘gordo e pouco alto’, só documentado en glosas e antropónimos, que sofre a influencia do seu derivado, o verbo *BASSIARE.

Para a forma *cornu*, véxase o sinalado no apartado número 3.

25.3. Outras designacións

25.3.1. *cornos ó chau* [16D(6.3.3.)]

O substantivo provén dun lat. PLANU ‘chaira’ (en orixe, adxectivo ‘plano’). Para a forma *cornu*, véxase o sinalado no apartado número 3.

25.3.2. *(cos) cornos pra terra* [16A(3.2.3.)]

Do latín TERRA. Para a forma *cornu*, véxase o sinalado no apartado número 3.

26. ‘cara arriba, que miran o ceo’ [16B(10)]

26.1. ‘cornos cara arriba’

26.1.1. *cornos pra riba* [16B(10.1.)]; *cornos pra enriba* [16B(101.)]; *pra enriba* [16B(10.1.)]; 26.1.2. *cornuda pra riba* [16B(10.1.)]

Este adverbio procede dun lat. RĪPA ‘ribeira’, posiblemente a través dun significado ‘ribeira elevada’ ou en pendente. Para a forma *cornu*, véxase o sinalado no apartado número 3.

26.2. ‘que mira(n) para o ceo’

26.2.1. *con os cornos mirando pra o ceo* [16B(10.2.)]; 26.2.2. *vaca que os cornos miran o ceo* [16B(10.2.)]; 26.2.3. *miracielos* [16B(102.)]

Para a forma *cornu*, véxase o sinalado no apartado número 3.

O verbo *mirar* procede da forma latina MIRARI ‘admirar(se)’³¹⁴. O segundo (sexa o galego *ceo*, sexa o castelán *cielos*), vén do lat. CAELU. Recóllese *miraceos* en Dumbría (GVGH, s.v.), pero co significado ‘birollo’.

³¹⁴ Pódese ver DCECH ou Machado (1977), s.v., para unha análise do proceso de deriva semántica.

27. Derivados de *chave* [16F(9.3.)]

27.1. *chavela* [16F(9.3.)]

Este sufixo diminutivo *-ela* provén dun lat. –ĒLLA. Como substantivo, *chavela* aparece en Franco Grande (‘peza que serve de chave’); tamén se documenta no material do ALGa para se referir a unha peza do arado.

27.2. *chavuca* [16G(9)]

Para o sufixo, véxase o apartado 1.1.7. do capítulo 9 (a propósito de *rabuca*).

A forma *chavuca* aparece no GVGH (s.v. *chabuca*), coa seguinte definición: “dícese de la vaca con los cuernos hacia atrás”, procedente de enquisas realizadas en Caaveiro e Cabalar.

28. Comparación con obxectos: *gaita*, *manillar* [16B(2)]

28.1. ‘gaita’

Seguramente por comparación cos canos da gaita. A etimoloxía deste instrumento é controversa. Para DCECH (s.v. *gaita*) viría do gótico GAITS ‘cabuxa’, atendendo á fabricación do fol da gaita con pelexo dese animal; sería unha palabra penetrada por vía da aristocracia xermánica e documentada xa a mediados do s. XII. Meier (1984) vai dubidar desa interpretación e faina derivar, motivada pola voz queixosa do instrumento, do lat. VAGIRE (*VAGITARE) ‘chorar’. Sarmiento *Colección* ofrecerá unha hipótese diferente: “instrumento conocido en Galicia, viene de *gayete* alegría, y esta voz de *gandio*. Yo creo que viene del gótico *wacta*, que significa al que ronda”. Da aplicación desta palabra ó mundo da gandería xa daba conta Sarmiento CVFLG, s.v.: “Llaman así [gaita] hacia el Seixo al cuerno o asta, v. g.: *las dos gaitas del carnero*”.

Véxase tamén o apartado 6.2. do capítulo 15.

28.1.1. *gaiteira* [16B(2.1.1.)]

Carré4 (s.v. *gaiteiro*) define: “Buey o vaca que tiene los cuernos erguidos”. No GVGH (s.v. *gaiteira*) abóase en Dumbría a acepción “vaca con cuernos largos y finos”. Non son estas designacións do gando vacún a única forma metafórica documentada nos dicionarios, pois temos testemuños para nomear o peixe de forma alongada coñecido tamén como

agulla ou *chandarme* (véxanse no Apéndice de Eladio as entradas *agulla* e *gaitero*); Elixio Rivas (1978, s.v. *gaitero*) aboa en Frades a designación *gaitero do demo* para o cabaliño do demo, mentres que en Goián e Vilardevós tamén se emprega para a cadela de frade.

28.1.2. *gaita afilada* [16B(2.1.2.)]

Para *afilada*, véxase o sinalado na epígrafe 3.6.3. deste mesmo capítulo.

28.2. ‘guiador’

28.2.1. *manillar* [16B(2.2.1.)]; 28.2.2. *cornos de manillar* [16B(2.2.2.)]

Os cornos compáranse, pola súa morfoloxía, ó guiador dun apeiro, dunha bicicleta... Esta forma composta sobre *man* é de introdución recente no galego por vía do castelán (en concreto, o primeiro rexistro escrito que localizo no TILGa remonta ó ano 1961).

29. Designación de oficio [16A(8)]

29.1. *notaria* [16A(8.1.)]

A motivación da comparación virá do feito de que se os cornos están orientados para abaixo, achégase moito con eles á terra e pode dar a sensación de que escribe. Non é metáfora inédita: *Escribán* aparece en Rios Panisse como nome dun peixe (*Trachurus trachurus*), e no GVGH vemos as entradas *escribidor*, *escribiente* para dar nome a un paxaro (*Emberiza hortelana*). O animal que en galego se chama bogavante é denominado *escribano* en Madrid (DCECH, s.v. *lobagante*).

A denominación para este profesional do dereito provén do lat. NOTARIŪ. Non atopo nos dicionarios referencia a este uso metafórico.

29.2. *filadora* [16A(8.2.)]

Esta designación debe ser interpretada como ‘persoa que fía’, pola forma dos cornos cara abaixo, e posiblemente tamén pechados un contra o outro. En última instancia, tanto este significado coma o de ‘afiadora’ remiten para o mesmo lat. FILU ‘fío’, que adquiriu un significado translaticio ‘borde agudo dun instrumento cortante’, común a todas as linguas romances.

30. Outras designacións

30.1. *altina*³¹⁵ [16B(14.1.)]

Seguramente unha derivación do adxectivo *alto*³¹⁶ (< lat. ALTU). Para a forma do sufixo, véxase o mapa 89 do vol. II do ALGa.

30.2. *apaisada* [16D(16.1.)]

En última instancia temos que remontarnos ó latín PAGU ‘pobo, distrito’; esta forma deu en francés *pays* ‘territorio rural’ e, máis tarde, ‘país’, unha voz da que nacen *paisaxe*, *paisano*,... O paso ó adxectivo ‘rectangular, de maior base ca altura’ viría dado pola forma dos cadros nos que se pintaban paisaxes.

Non aparece referido á morfoloxía córnea nos dicionarios galegos (só o recollen o da Academia e o de Eladio Rodríguez, sempre para se referir á forma do libro).

30.3. *avión* [16D(16.2.)]

Refírese ós cornos ós lados, que serán comparados coas ás dun avión.

Derivado culto do lat. AVIS ‘ave’. Aparece no francés no 1875 (datación do Petit Robert), coa invención do aparello por Clément Ader e pódese dicir que substitúe completamente *aéroplane* no ano 1914. En 1925 entra en DRAE con este significado; en galego documéntoo por primeira vez en 1944:

O home, pois, progresa e os animaes, non. Un burro de hoxe, poño por caso, é idéntico a un burro de fai mil anos e tódo-los seus descendentes serán tan burros coma el. En troques un home de hoxe fai cousas que non facían os seus avós. ¿Víchedes algunha vez a un animal que voase sen ter azas? Pois ben, o home inventou o avión e voa mellor que ningún paxaro. Todo esto quer dicir que a nosa intelixencia vainos erguendo da miseria igoalitaria, e que imos ascendendo cara a perfeición por camiños que nós mesmos inventamos. Gracias á liberdade de pensar non ficaremos resiñados antramentras non cheguemos a sermos deuses³¹⁷.

Non hai nos dicionarios referencia de que se use para os cornos da vaca.

30.4. *ben feita*³¹⁸ [16D(16.3.)]

Véxase o apartado 3.5. deste mesmo traballo: ‘cornos ben feitos’.

³¹⁵ Véxase tamén o apartado 3.6.4. *cornos altos*.

³¹⁶ Para a forma do sufixo, véxase o mapa 89 do vol. II do ALGa.

³¹⁷ Rodríguez Castelao (1944: 243; outro rexistro tamén na p. 76)

³¹⁸ Véxanse tamén as designacións de 3.5. ‘cornos ben feitos’.

30.5. *cabeza boa* [16B(14.2.)]

O núcleo desta frase provén do lat. CAPĪTĪA ‘cabeza’ que substituíu o lat. clásico CAPUT no latín vulgar hispánico. A primeira documentación de Corominas é do ano 957; véxase o DCECH, s.v. *cabeza*, para un estudo detallado da creación desta forma e casos similares.

30.6. *cañota* [16F(9.2.)]

A definición que aparece na maioría dos dicionarios é ‘parte da árbore que queda en pé cando se corta’, pero non atopei referencia ningunha ós cornos das vacas. Neste sentido, cómpre poñela en relación coas formas do tipo *coto/toco* que comentamos no apartado 8.

DCECH (s.v. *caña*) apunta a que se trata dun castelanismo penetrado cedo en Galicia, que coexiste coas evolucións naturais de CANNA ‘cana’; non se mesture coas moitas *cañas* que atopamos nos textos, pois son referencias á cadela, provenientes dun latín vulgar *CANIA ‘cadela’ (cf. italiano *cagna*).

30.7. *cascuda* [16G(10.2.)]

Forma problemática que posiblemente teñamos que asociar ó tipo *cornos de escaravello* comentado na epígrafe 17.4.1. Seguramente se adopte a designación do insecto ortóptero (*Periplaneta orientalis*), quizais comparando as antenas filiformes que lle saen ós lados cos cornos do animal; aínda que tampouco é sempre claro o proceso de transferencia de formas entre animais pequenos e grandes.

Menos probable é que esteamos diante dun derivado de *casca*, un regresivo do verbo *cascar*, descendente do lat. *QUASSICARE, derivado do lat. QUASSARE ‘bater, sacudir’, frecuentativo de QUATĒRE ‘sacudir’. Tamén se podería supor unha base *casco*.

Cascuda é un adxectivo empregado por exemplo para as castañas que teñen a casca moi adherida, que é difícil de sacar; tamén existe con significado figurado: ‘desenfadado, respondón, fungón’. Non atopo referencias a vacas nas fontes consultadas.

30.8. *castela* [16C(17.2.)]

Sobre *castelo* (do lat. CASTĒLLU ‘campamento fortificado’, diminutivo de CASTRU). É normal esta comparación para nomear cousas que teñen un saínte, por comparación coas torres do castelo, as ameas, etc.

Non hai mención nos dicionarios a ningún uso relacionado coa vaca.

30.9. *chata* [16D(16.4); 16G(10.3.)]

A primeira opción sería pensar nun significado ‘aplanado, sen relevo’, que viría dun lat. *PLATTU, tomado á súa vez do grego. Como o significado que se recolleu non é para vacas de pouco corno, posiblemente a acepción subxacente sexa ‘que non sobresaia para arriba’.

Tamén é certo que podería tratarse dun substantivo, con significado ‘falta, defecto’, proveniente dun fr. *tache* ‘mancha’ (DCECH, s.v. *chata*), e este do lat. vulgar *TACCA, que parece ser unha latinización do xermánico *taikn*. Véxanse outros intentos de etimoloxización en Meier (1984, s.v. *tacha*). Con todo, parece máis probable a explicación adxectivo do parágrafo anterior.

30.10. *comunista* [16A(10.1.)]

Especificase en nota que é unha designación de broma, seguramente transmitindo un significado ‘desviado, fóra da norma’, comprensible dado o contexto sociopolítico do momento en que se fixeron as enquisas, baixo unha Dictadura duramente anticomunista. En calquera caso, non rexistro referencias de uso para a vaca, nin sequera para algo ‘desviado da norma’.

Esta designación creouse a partir da voz *común* (< lat. COMMŪNIS) cun moi produtivo sufixo *-ista* (<-ISTA). A primeira documentación que atopo en galego remonta ó ano 1924: “Soupen pouco despois que aquel home era un axitador comunista, que chegara de Asturias para organizare a asociación dos curtidores”³¹⁹.

30.11. *cruceira* [16C(17.5.); 16D(16.5.)]

Forma sufixada sobre *cruz* (< lat. CRUCE), cun sufixo *-eira* (< -ARIA). Non atopo nos dicionarios ningunha noticia de aplicación á vaca; si que aparece para se referir a partes do muíño e do tear en forma de cruz.

30.12. *de memoria* [16B(14.4.)]

Como ten a fronte despexada, pénsase que é un animal intelixente e que terá, por tanto, boa memoria. MEMORIA xa aparece en Cicerón co significado actual; é unha forma creada a partir do verbo latino MĒMŌRARE ‘mencionar, referir, lembrar’, derivado de MEMOR ‘de boa memoria’.

³¹⁹ Fernández Flórez (1924: 21).

30.13. *descuberta* [16C(17.6.)]

O adxectivo *coverta* procede do participio do verbo COOPERIRE ‘cubrir’ (derivado de OPERIRE ‘tapar’), cun prefixo *des-* (cf. 3.1.2.2.).

30.14. *escoxada* [16F(9.4.)]

Posiblemente un adxectivo formado sobre *coxo*, facendo a analoxía: ter mal ou carecer dunha perna é comparado a carecer dun corno. Con todo, tratándose dunha forma rexistrada só nun punto dunha das enquisas, tampouco se pode desbotar completamente a posibilidade de confusión, neste caso con *escoxada* ‘vaca que deixou de dar leite’

A forma *coxo* provén do lat. vulgar *COXU ‘coxo’ (no lat. clás. usábase CLAUDU para este concepto). En Pintos, *escoxa* é “Desfalco, falta que hace perder la línea recta”; no mesmo dicionario hai *escoxento*: “Defectuoso, faltoso. Se dice de los materiales, para alguna obra como madera, piedra, etc”.

30.15. *esmorrada* [16F(9.5.)]

Construción sobre *morro* do mesmo tipo cá anterior: prefixo *-es* (< lat. ĒX) e sufixo participial *-ada* (< lat. -ATA). O radical é unha voz problemática para DCECH (s.v.); de orixe incerta, o filólogo catalán opina que a acepción primaria designaría os labios botados para fóra da persoa enfadada, baseándose nunha onomatopea MURR-, son de quen está rosmando. Tampouco se pode descartar taxativamente unha relación con *roma*, como parece suxerir a entrada *esmorrar* de Cuveiro: “Aplastar la punta a una cosa, dejándola roma”. Máis tarde, o dicionario de Eladio Rodríguez engadirá o significado “Dar morradas, herir a uno en los morros, maltratándoselos sin compasión” e Franco Grande ofrecerá unha definición máis ampla: “herir en la cabeza”.

30.16. *fanada* [16F(6.)]

Sobre o verbo *fanar* ‘mutilar, cortar,...’. O DCECH sinala (s.v. *fanático*) que é unha voz difícil de explicar. Unha liña de explicación sería relacionala con *AFFANNARE ‘afanarse, traballar penosamente’, posiblemente coa deriva semántica ‘torturar’ > ‘mutilar’. Machado (s.v. *fanar*³) propón unha orixe do lat. FANARE ‘consagrar’, entrado por vía culta, con probable influencia hebraica para explicar a ligazón semántica ‘sagrar, consagrar, circuncidar’, e de aquí ás ideas de ‘amputar’.

Fanado está nos dicionarios desde Rodríguez (no dic. de 1863: “Animal faltoso de oreja ó cuerno si los tuvo”). Valladares amplía algo máis a definición: “Fañado, animal faltoso de oreja, ó cuerno, ó que tiene las orejas, ó los cuernos despuntados. Dícese tambien de cualquier objeto mocho, ó sin remate, y aun del hombre que, al cortarse el pelo, lo hizo casi á cercen”.

30.17. *garrida* [16G(10.6.)]

O significado habitual desta forma é ‘de aspecto feroso e agradable’. Trátase dun participio dun verbo continuador de GARRIRE ‘falar, charlar, gorraxear os paxaros’; deste significado etimolóxico, evolucionaría para un ‘airoso, gracioso, de boa presenza física’.

O problema é que non rexistramos nin nos dicionarios nin na fala ningún testemuño do seu emprego para os cornos da vaca, e si para a vaca de cor branca, branca-vermella, polo que este rexistro illado nunha enquisa dun alumno de Lingüística Románica ben puidera tratarse dunha confusión. Outra posibilidade é que estea asociada coas formas de raíz *gar-* que se comentaron no apartado 7.

30.18. *mala* [16B(14.6.)]

Do adxectivo latino MALA ‘malo, defectuoso’.

30.19. *obispa* [16B(13.1.)]

Compáranse os cornos elevados cara ó ceo coa mitra propia desa dignidade eclesiástica. Esta forma é descendente semiculto do lat. EPĪSCÖPU, tomado do grego; seguramente a vogal inicial do *obispa/obispo* que rexistramos nestes dous puntos ourensáns non se conserva desde o latín (coa pertinente labialización), senón que é un castelanismo.

Existe testemuño do seu emprego metafórico xa no primeiro dicionario da Academia (s.v. *bispo*): “En las aves, rabadilla, apéndice triangular donde nacen las plumas de la cola” e Ríos Panisse recolle evidencias de uso para designar varias especies do xénero *Scorpaena*.

30.20. *palmela* [16D(16.6.)]

Xa existía en latín a forma PALMA ‘palma [da man]’, que podería ser a base da comparación, no sentido de que está lisa, sen elevacións, plana, etc. (algo que lle acaea perfectamente á vaca cos cornos para os lados). Outras motivacións, secundarias, poderían

estar relacionadas cunha especie de bisagra ou cunha parte do arado, denominadas tamén *palma*.

Non atopo nos dicionarios referencias á vaca, pero nas enquisas dialectais incluídas no GVGH atópanse moitas variantes para denominar o animal de pés planos: *palmelo*, *palmesino*, *palmiego*, *palmiño*; tamén para o de cascos moi alongados: *empalmado*, *palmeado*, *palmeán* e *palmés*.

30.21. *peleona* [16G(10.7.)]

Como ten os cornos botados cara adiante, parecería que esta vaca estivese buscando pelexa; neste caso estaríamos ante un adxectivo, con sufixo aumentativo, creado sobre o substantivo castelán *pelea*. Segundo DCECH (s.v. *pelea*), para explicar a voz *pelear* habería que partir de *pelo* (< lat. PĪLU), pois o significado primeiro do verbo sería ‘agarrarse polo cabelo’ (a primeira documentación que ofrece é *peviare*, no ano 1131).

30.22. *rapada* [16C(17.9.)]

Participio do verbo *rapar*, procedente dun gótico *HRAPÔN ‘arrebatar, arrincar, tirar do cabelo’.

30.23. *roma* [16F(8)]

Forma de orixe incerta para o DCECH (s.v. *romo*), que propón, con moitas dúbidas, un lat. RHOMBUS ‘rombo’, por alusión ós dous ángulos obtusos desa figura xeométrica; outra das hipóteses comentada nesa entrada (barallada en orixe por Diez) parte dunha voz xermana, emparentada co alemán *rumpf* ‘torso, corpo sen brazos nin pernas’. En portugués, *rombo* e tamén *romo*.

Recolleuse en Dumbriá e Pedrafita (GVGH, s.v. *romo*) para o galo sen crista.

30.24. *topona* [16C(17.10.)]

Creada sobre *topar* ‘arremeter, trucar’, procedente dunha onomatopea *top* que expresa un choque brusco... Ó ter os cornos cara atrás, seguramente se compare o noso animal cunha cabuxa ou carneiro, máis proclives a acometer cá vaca; outra posibilidade para interpretar esta resposta illada é pensar nunha confusión: en lugar de responder pola morfoloxía dos cornos, contesta por unha característica de comportamento do animal.

En Pedrafita (GVGH, s.v. *topona*) e en Montederramo (GVGH, s.v. *tupona*) aparece baixo a definición “vaca que embiste con facilidad”.

30.25. *trompeta* [16B(14.7.)]

Construción sobre *trompa*, sexa pola acepción ‘apéndice do elefante ou dos insectos’ ou ‘instrumento musical’. En última instancia, é unha creación de tipo onomatopeico, pero non está claro se foi desenvolvemento independente nas linguas romances e nas xermánicas ou se hai algún tipo de dependencia, como opina DELI (s.v. *tromba*), que defende que foi esta última familia lingüística a expansora, polo destacado emprego dese instrumento nos exércitos xermánicos.

31. Designacións problemáticas

31.1. *barroquella* [16A(11.1.)]

Podería pensarse nunha forma base *barroco* ‘pena granítica, perla irregular’, de orixe descoñecida e tratada abundantemente en DCECH (s.v. *berrueco/barrueco*). Tamén se podería pensar nunha creación sobre *barro*, pero en calquera dos casos faltan as motivacións semánticas para se referir á corna da vaca.

31.2. *cachorra* [16B(15.2.); 16C(18.1.); 16D(17.1.); 16G(11.1.)]

Posiblemente se trate dun erro e se apliquen as designacións doutros conceptos, ben o referente ó animal pequeno (véxase o apartado 8 do capítulo 2), ben á vaca grande e lenta. Con todo, non deixa de sorprender que os puntos en que se recolleron estas respostas, en principio para catro conceptos diferentes, estean ben próximos entre si. Poderíase examinar tamén a relación coa familia de *cacho* (cf. apartado 9).

31.3 *carambela* [16D(17.2.)]

Designación problemática. Existe a forma *carambo/carambelo* tanto en galego coma en asturiano para se referir a depósitos de xeo, pero non parece que teña nada que ver con isto (se inda fose para un corno elevado para o alto, pero non para os cornos para os lados). Ríos Panisse recolleu *carambela* en Portonovo para se referir ó *Cultellus pellucidus* (Penn.) ‘longueirón’. Calquera das dúas acepcións remite a un latín vulgar *CALAMŪLU, diminutivo de CALĀMU ‘cana, frauta’, que tamén podía aplicarse a obxectos de forma similar ou que puidesen ser material para a elaboración destes instrumentos, como pode ser o corno.

Outra posibilidade máis incerta sería pensar nunha voz construída sobre *cámbaro* ‘especie de caranguexo, camarón’, que descendería dun lat. de orixe grega CAMMĀRU (‘ídem’); a motivación respondería á comparación coas pinzas do animal.

Máis posibilidades tería a asociación coa coñecida raíz céltica **kambos* ‘curvo’, mediante un derivado *cambela* con posterior engadido dun interfixo *-ar-*. Neste sentido, pódese citar o adxectivo *cambelo* ‘de pernas tortas’.

Non atopo nos dicionarios ningunha referencia á vaca que nos poida aclarar a cuestión.

31.4. *careta* [16C(18.2.)]

Seguramente unha construción sobre *cara*, unha voz de orixe incerta que DCECH dá como prerromana, aínda que tamén baralla a posibilidade, con dúbidas, de facela vir dun grego arcaico *χᾶρα* ‘cabeza’.

Nos dicionarios galegos a voz *careta* só aparece ou como substantivo feminino ‘máscara’ ou como adxectivo referente á cor, tamén da vaca. Así, Franco Grande e Carré4 inclúen esta entrada, como “el buey que tiene la cara a manchas”. No GVGH aparece a entrada *careto* “dícese del caballo o vaca con la cara blanca y el resto de la cabeza de color oscuro”; especifica que se trata dunha voz común (con boa presenza no territorio, por tanto).

31.5. *cascabela* [16B(15.3.)]

Designación problemática. Non está claro se o que se recolleu neste punto do norte de Pontevedra é confusión co nome propio do animal, ou se existe algún tipo de motivación, non evidente, para comparala co cascabel.

Este nome para o axóuxere é seguramente un occitanismo (*cascavel*), proveniente dunha forma latina CASCABELLU, diminutivo da forma CASCABU, variante da xa comentada CACCABU ‘ola’, que xa na Antigüidade se empregara para designar unha choca (vid. DCECH, s.v. *cascabel*); a primeira documentación de Machado (s.v. *cascavel*) remonta ó ano 1253.

Cascabela ou *cascabel(e)* aparecen con abundancia nos dicionarios, tanto para designar o axóuxere coma para unha ampla gama de realidades: unha variedade de ameixas, para unha persoa de escaso xuízo ou incluso para unha pequena planta (*Senecio vulgaris*); en calquera caso, non atopo referencias a vacas.

31.6. *catoa* [16A(11.2.)]

O máis probable é que sexa unha construción sobre o verbo *catar*, no sentido de que como ten os cornos botados cara abaixo, parece que está mirando para o chan, como se buscase algo.

31.7. *cereixa* [16B(15.1.1.)]

Do lat. vulgar CERĚSĪA (lat. clás. CERĀSĪA) ‘cereixa’, ou tamén de *cereixo*. Non se ve motivación para esta designación, pode que se trate dunha forma referida á cor do animal (cor próxima ó viño).

31.8. *corucha* [16G(11.2.)]

Forma de difícil explicación. O feito de que só se rexistre unha vez, nunha das enquisas realizadas polos alumnos de *Linguística Románica*, fai pensar máis ben nun erro de transcripción (quizais por *cornecha*?)

31.9. *cuquesa* [16B(15.4.)]

O máis probable é que sexa unha forma procedente dun nome propio *Cuca*, pero tampouco se pode descartar completamente a referencia á cor, pois esta forma recolleuse en Xunqueira de Ambía co significado “[gallina] con plumas blancas, negras y grises”.

31.10. *escalfada* [16C(18.3.)]

Esta forma, que só se rexistra nun punto, presenta problemas de interpretación: non está claro se é un adxectivo formado sobre o verbo *escalfar* (e, nese caso, cal sería a conexión coa vaca cos cornos cara atrás) ou se hai un erro de transcripción ou de enquisa.

Se se tratase do verbo *escalfar*, habería que partir dun lat. vulgar *EXCALFARE, variante dun lat. clásico CALEFACĚRE ‘quentar’, que se formou da fusión do lat. clás. CALĚRE ‘estar quente’ e de FACĚRE ‘facer’.

O primeiro dicionario que recolle *escalfado* é Cuveiro, coa acepción “Recalentado, estrellado” (no suplemento engade o significado familiar e figurado “desvergonzado”); o dicionario de Valladares remite a *escachado* (pero definido non como ‘feito anacos’, senón como “Desvergonzado, que no tiene sangre en la cara”). O verbo *escalfar* aparece nos dicionarios con dous significados: “1. Romper ó abrir la cáscara de los huevos. 2. Arrojar algo contra la pared”.

31.11. *espartelada* [16D(17.3.)]

Podería interpretarse como unha construción sobre *parte* (lat. PARTE), documentada desde as orixes do idioma, seguindo o esquema repetido varias veces ó longo deste capítulo: prefixo *-es* (< lat. ĒX) e sufixo participial *-ada* (< lat. -ATA), neste caso tamén con outro sufixo (*-ela?*). Neste sentido, existe na lingua o adxectivo *espartelado* ‘que lle falta un anaco’. Tamén podería tratarse dun erro de interpretación ou ser variante de *esparradelada* (cf. epígrafe 10).

31.12. *gabecha* [16B(15.6.)]

Posiblemente haxa que conectala cunha suposta raíz * *gab-* ‘forca, gancho’, basicamente xermánica. Para o DCECH (s.v. *gavilán*), sería unha base que terían en común formas como o ast. *gabitú* ‘gancho de pau ou de ferro’ ou os galegos *gabear*, *gavizo* ‘mollo de leña’...

Non atopo testemuños desta forma nos dicionarios clásicos galegos.

31.13. *galancheira* [16B(15.5.)]

Seguramente derivado de *galán*, con sufixo *-eiro*, facendo referencia ó bo aspecto físico que tería a vaca cos cornos cara arriba.

31.14. *gurricha* [16G(11.3.)]

O máis probable é relacionala coas formas en *gar-* (cf. ap. 7), aínda que tampouco se poida descartar a relación co verbo *gurrar* ‘pelexar, empurrar’, coa mesma explicación cá forma *peleona* (cf. ap. 30.21.): os cornos botados cara adiante parece como se incitasen á loita.

31.15. *loura* [16B(15.1.2.)]

Seguramente sexa unha confusión, atendendo á cor do animal e non á posición dos cornos. Provéen de LAURU ‘loureiro’ e inicialmente significaba ‘verde escuro’, aínda que posteriormente foise desprazando polo espectro cromático ata a cor castaña escura ou castaña clara, case dourada.

31.16. *morocha* [16G(11.4.)]

Designación referida á cor, formada sobre o adxectivo *moro* (< lat. MAURU), cun sufixo *-ocho* que é diminutivo e despectivo.

31.17. *novela* [16B(15.7.)]

Seguramente hai unha confusión, querendo transmitir o significado de ‘vaca nova’ (Véxase o apartado 4.2. do capítulo 2).

31.18 Sobre *pichón-pincho* (?)

31.18.1. *apichonada* [16B(15.9.1.)]; **31.18.2. *pichola*** [16B(15.9.2.)]; **31.18.3. *pichona*** [16B(15.9.3.); 16G(11.5.)]

Cabería pensar, e quizais sexa o máis factible, en que estas formas sexan derivados de *pincho* (cf. apartado 1.14.), cunha alternancia semellante a *guicho-guincho* (cf. epígrafe 1.9.)

Poderíase identificar como base no nome do pombiño, pero falta unha motivación semántica clara, quizais a través da identificación *pichona* = ‘animal novo’ (véxase tamén a entrada *pombela*, epígrafe 4 do capítulo 8). Tería máis sentido atender á voz *pichón* ‘remate en ángulo dunha parede lateral, outón’, cun sentido de ‘saínte’ que acaería ben a esta denominación para a vaca cos cornos cara arriba. Cun sentido similar podemos consultar dúas acepcións da entrada *pichón* do GVGH: “3. (Nov.) bulto externo en la carne de un animal; 4. (Sob.) horquilla sobre la que se apoya el carro”.

31.19. *preira* [16B(15.10.); 16C(18.4.)]

Denominación escura, pois o significado habitual para a palabra *preiro* é ‘amigo das cousas doces, lambón’. Podería tratarse dunha forma *preira* ‘que come preas’, pero segue sen haber un vencello semántico evidente.

31.20. *teixa* [16B(15.1.3.)]

Designación aboada unicamente nun punto de Lugo. Seguramente é unha confusión, pois esta forma normalmente se aplica á vaca de cor parda escura.

31.21. *torda* [16F(10)]

Esta forma ábrese a varias interpretacións. Por un lado, tratándose dunha forma recollida só nun punto e ademais marcada como infrecuente, sempre pode ser unha confusión coa cor (xa vimos outros casos), nunha acepción ‘[animal, sobre todo cabalo] con pelo mesturado branco e negro’. Outra posibilidade é que esteamos ante a mala audición dunha forma *torta* (cf. ap. 21.4.). Tamén se pode pensar nunha acepción figurada,

creada (como a da cor) sobre o nome de paxaro *tordo* (< lat. TŪRDU), cun significado ‘torpe, lento nos movementos’.

31.22. *univesa* [16A(11.3.)]

Forma recollida nun único punto ourensán do ALGa. Non se atopan outros rexistros desta forma e non estamos en condicións de ofrecer ningunha hipótese explicativa (quizais deformación de *onubense*, facendo mención a unha posible orixe da vaca?).

31.23. *xuvenca* [16A(10.5.)]

Seguramente unha confusión, por referencia ó animal novo. Véxase o apartado 4.4. do capítulo 2.

MAPAS SEMÁNTICOS

a) Comentario

Como xa se apuntou en diferentes ocasións e se puido observar ó longo deste capítulo, hai moitas formas que non teñen só un significado, senón que as recollemos con dous, tres ou ata cinco significados distintos, referidos todos á cornamenta da vaca. Ademais, hai casos en que a distribución xeográfica é máis ou menos a mesma, independentemente do significado, pero outros en que pode haber variacións substanciais.

Estando así as cousas, pareceu oportuno deseñar algúns mapas de significado, en que marcásemos os puntos en que aparece unha determinada forma e a carga semántica con que aparece en cada localidade. Para iso, escollín as voces que parecían máis significativas: 1. Tipo *broca* e derivados. 2. Tipo *cabana* e derivados. 3. Derivados de *cacho*. 4. Designacións formadas sobre *galla*. 5. Tipo *gallarda* e derivados. 6. Formas de raíz *gar-*. Para non alongar excesivamente este capítulo, non fixen mapas diferenciados para a rede do ALGa e das enquisas: a distinción faise por medio das cores e da morfoloxía do símbolo: cadrados de cor clara para o ALGa e círculos de cor escura para as enquisas de estudantes.

A situación salta á vista contemplando os mapas, polo que non me deterei en analizar individualmente cada un deles, darei aquí só unha anotación sobre o reparto xeográfico que me parece que cómpre ter en conta. A forma *cabana* abrangue unha zona determinada (basicamente, o cuadrante sur-oeste de Galicia), con independencia dos distintos significados que pode ter; o fenómeno contrario acontece cos derivados de *cacho*, pois están moi afastadas as áreas dos seus dous significados principais: ‘vaca cun corno só/sen cornos’ (norte da Coruña) e ‘vaca cos cornos ós lados’ (sobre todo no sur de Ourense). Un caso intermedio é o de *broca*, coñecida en todo o territorio para a vaca cos cornos cara abaixo, pero só na metade norte (e especialmente no noroeste) para a vaca cos cornos cara adiante.

b) *broca*


Tipo *broca* e derivados. Significados

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos ós lados
- Vaca cos cornos cara adiante

Rede das enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados
- Vaca cun corno só
- Vaca cos cornos cara adiante



c) *cabana*


Tipo *cabana* e derivados. Significados

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados

Rede das enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados
- Vaca cos cornos cara adiante



d) Derivados de *cacheo*


Derivados de *cacheo*. Significados

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados

Rede das enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados
- Vaca sen cornos
- Vaca cun corno só



e) *galla*


Designacións formadas sobre *galla*. Significados

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados

Rede das enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos ós lados
- Vaca cos cornos cara adiante



f) *gallarda*


Tipo *gallarda* e derivados. Significados

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos ós lados

Rede de enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara abaixo
- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos ós lados



g) Formas de raíz *gar-*


Formas con radical do tipo *-gar*. Significados

Rede das enquisas de estudantes

- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos cara adiante

Rede do ALGa

- Vaca cos cornos cara arriba
- Vaca cos cornos cara atrás
- Vaca cos cornos cara adiante



Conclusiones

É difícil sinalar unhas conclusións para un traballo deste tipo, xa que realmente os dous obxectivos principais desta tese que detallamos na introdución –definir un modelo de análise de campo léxico e estudar un conxunto homoxéneo de designacións referentes ó léxico vacún– están postos de manifesto no corpo do traballo que contén os diferentes capítulos; o índice final por palabras permite observar doadamente as estratexias e recursos de creación lexical, ás que aludirei, non obstante, máis abaixo. Con todo, farei algunhas anotacións a modo de recapitulación e análise global.

